


PRÓLOGO HERMINIO BARREIRO
TRADUCCIÓN HENRIQUE HARGUINDEY



JEAN-JACQUES
ROUSSEAU
EMILIO OU DA
EDUCACIÓN

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDAÇÃO BBVA

EMILIO OU DA
EDUCACIÓN

CLÁSICOS DO
PENSAMENTO UNIVERSAL

NÚM. 8

Colección dirixida por

DARÍO VILLANUEVA

Comité Científico

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

Facultade de Filosofía

LUIS CONCHEIRO CARRO

Facultade de Medicina

RAMÓN MÁIZ SUÁREZ

Facultade de Ciencias Políticas

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

Facultade de Filoloxía

JOSÉ SORDO RODRÍGUEZ

Facultade de Farmacia

PRÓLOGO HERMINIO BARREIRO
TRADUCCIÓN HENRIQUE HARGUINDEY

JEAN-JACQUES
ROUSSEAU
EMILIO OU
DA EDUCACIÓN

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDACIÓN BBVA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>

This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© DA PRESENTE EDICIÓN
Universidade de Santiago de Compostela, 2006
Fundación BBVA, 2006

DESEÑO DA COLECCIÓN
Barro, Salgado, Santana [Grupo Revisión Deseño]

MAQUETACIÓN
Imprenta Universitaria

EDICIÓN TÉCNICA
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
www.usc.es/publ

IMPRIME
Imprenta Universitaria
Campus universitario sur

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/pu.2022.27>

ÍNDICE

- 9 PRÓLOGO
por **Herminio Barreiro**
- 9 Unha edición oportuna
- 10 Sobre as orixes da educación pública
- 19 J. J. Rousseau, un pensador ilustrado singular
- 43 Esquema de *Emilio ou da educación*
-
- 49 EMILIO OU DA EDUCACIÓN
Tradución de **Henrique Harguindey**
- 51 Nota do tradutor
-
- 57 PREFACIO
-
- 60 LIBRO PRIMEIRO
-
- 120 LIBRO SEGUNDO
-
- 257 LIBRO TERCEIRO
-
- 327 LIBRO CUARTO
-
- 549 LIBRO QUINTO

Unha edición oportuna

Jean-Jacques Rousseau xa está por fin en galego! Velaí unha iniciativa da Universidade de Santiago de Compostela ao fío da súa propia historia. Recuperación dun clásico do pensamento contemporáneo, vencellado por moitas razóns á mesma historia institucional da minerva compostelá. Rousseau estivo presente, dende moi pronto, nas ricas instalacións bibliotecarias desta Universidade, con algunhas das súas publicacións como obrigada referencia «ilustrada». E estivo tamén presente, dalgunha maneira, na docencia máis innovadora e vangardista da nosa Universidade, tanto no ámbito histórico-filosófico, coma no xurídico-político ou no pedagóxico.

A partir de agora, con esta novidosa edición, dentro da colección de clásicos universais en galego, a grande estrela da educación ilustrada está xa en maior medida ao noso dispor. E con el, a súa obra máis emblemática, inconformista e revolucionaria: *Emilio*. Famosa novela pedagóxica, tratado sobre educación, historia antropolóxica, manual de puericultura, ensaio sociolóxico, relato histórico, libro de viaxes, en fin, un fresco abigarrado do seu tempo e daquel século ao que Ortega chamaría «o século educador» por excelencia en Francia e en boa parte de Europa.

Ler o *Emilio* hoxe é ler unha novela romántica sobre a infancia, ou un variado, pero tamén, ás veces, retórico e grandilocuente tratado de educación, como dalgún xeito se fai constar case como subtítulo da obra. Cinco partes, cinco libros, cinco perspectivas da infancia e da adolescencia que nos ofrece o fundador da psicopedagogía e da ciencia da infancia, en pleno

século XVIII, movéndose sempre entre a orixinalidade, a provocación e a polémica. Porque a publicación de Emilio, en 1762, pasou a ser case de inmediato un acto subversivo e revolucionario. O *Emilio* e Rousseau pasaron axiña a ser, respectivamente, un libro prohibido e un autor perseguido. Europa quedáballe pequena a Jean-Jacques.

E sobre ese libro mítico, ten o lector agora mesmo nas mans unha espléndida tradución ao galego de Henrique Harguindey. Un galego rexo e contundente o de Henrique, no que se decantan ademais todas as esencias e a vella substancia da lingua francesa na pluma dos seus clásicos e que o noso colega, profesor Harguindey, tan ben coñece.

Partindo das edicións de Garnier-Flammarion e Du Seuil e, particularmente, dos textos establecidos por Michel Launay, Harguindey levou a cabo un traballo denso e delicado a un tempo, sempre coas notas xustas no pé de páxina, nin tan poucas como para non entendermos axeitadamente o texto, nin tantas como para que poida parecer permanentemente comentado.

Sobre as orixes da educación pública

Un tempo noso

Todo comezara –apuntan os principais tratadistas da Ilustración francesa– arredor de 1730. Mesmo hai quen pensa que é arredor deste ano cando verdadeiramente comeza o século XVIII en Europa. E xusto ata esa mesma data parece que pode ter durado o século XVII, aquela centuria absolutista, arrogantemente monárquica e de acumulación de recursos en mans da burguesía –sobre todo, da burguesía inglesa. Para comprobalo, pode bastar coa simple lembranza dos esclarecedores textos de Marx n’*O Capital*.

Os historiadores que son capaces de velo todo –ou case todo–, os historiadores «águas», os grandes periodizadores e

visionarios da historia contemporánea, coidan que cómpre falar do século XVII como un verdadeiro século de moi *longue durée*, aproximadamente de 1600 a 1730. E que podemos contraponé-lo a outro de moi curta duración: o século XVIII –máis ou menos de 1730 a 1789–, coincidindo xustamente co movemento da Ilustración e que culmina coa Revolución de 1789 (que pasa a ser así un fenómeno histórico con consecuencias que se irán desenvolvendo ao longo de todo o XIX –e aínda máis adiante).

O XVIII viría a ser por tanto unha época curta, pero extraordinariamente intensa e modernizadora. De 1789, en que ten lugar a magna revolución –da que Jean-Jacques Rousseau será principal inspirador–, ao período 1914-18, no que asola Europa a I Guerra Mundial –e, no seu seo, a Revolución de Outubro de 1917 en Rusia–, chega outro século longo, o XIX, un tempo de loitas continuas e de pensamento denso e cargado de futuro, no que se desenvolven practicamente as grandes liñas teóricas abertas no XVIII ilustrado, sempre con Rousseau á cabeza.

Por último, un século XX curto –de 1918 a 1989, do final dunha guerra ao esfarelamento dunha revolución–, que sempre será susceptible aínda –nos procesos de reinterpretación histórica que se poden producir na súa análise– dos retoques que intente introducir retrospectivamente a globalización neoliberal que nestre intre domina o mundo e os movementos que se lle opoñen e que, de momento, se resumen na antiglobalización e no altermundismo.

Sobre a Ilustración Francesa

A Ilustración francesa é un referente imprescindible á hora de acometer unha periodización da educación contemporánea e en xeral á hora de comprender a esencia do pensamento pedagóxico dos nosos días. E no mesmo centro dese proceso está Rousseau. Está Rousseau como pensador e como pedagogo e está Rousseau como teórico da política e da educación pública.

A Ilustración foi a razón necesaria, pero non suficiente, da Revolución de 1789, dixo un día o inesquecible mestre de historiadores Pierre Vilar. Sen a teoría política e pedagóxica dos ilustrados, a Revolución non tería sido posible. Existe unha íntima relación dialéctica entre os textos de Montesquieu, Voltaire, Rousseau, Diderot, Helvétius ou D'Holbach e os acontecementos que se desenvolven entre 1789 e 1799. Dez anos que veñen sendo unha representación revolucionaria modélica para o acontecer político-social do noso tempo.

O 18 Brumario do ano VIII –novembro de 1799– inaugura a época napoleónica. Época que levaría consigo a consolidación definitiva do proceso revolucionario en Francia e a materialización da súa influencia en Europa e no mundo. Paralelamente, desenvólvese todo un proceso de estatalización, que culmina co establecemento dun verdadeiro monopolio de Estado. Todo o cal aparece combinado, naquelas especiais circunstancias, coa militarización e clericalización crecentes do sistema educativo. Conviría igualmente non deixar de citar a importante *mise en valeur* de Rousseau por parte do primeiro Napoleón.

O primeiro Bonaparte era un lector tan devoto do pensador de Xenebra coma o tiña sido o mesmo Maximilien Robespierre, quen asombraba ao propio Rousseau coas súas demostracións de coñecemento, por exemplo, do *Contrato social*, do que recitaba parágrafos enteiros de memoria. A todo iso deberíamos engadir os seguintes actos da Revolución, e que son, fundamentalmente, os procesos de 1830 (revolución de xullo), 1848 (revolucións «románticas» europeas) e 1871 (Comuna de París e primeiro ensaio de revolución socialista).

En realidade, a memoria da Revolución segue a estar presente en todas as celebracións políticas que se levan a cabo na Praza da Bastilla. Un bo exemplo pode ser a última celebración do «non» ao primeiro borrador de Constitución que se vai necesitar algún día para poñer plenamente en marcha a Unión Europea (29 de Maio de 2005). Ademais do euro como moeda

única, ademais da infraestrutura económica imprescindible para que todo ande, haberá que pensar tamén no trasfondo social insoslaible. Terá que ser agora a Europa do capital, é certo, pero tamén se quere que sexa a Europa dos pobos, a Europa social por excelencia, a Europa do capital humano.

Por tanto, ese grupo de intelectuais modernos que son os ilustrados franceses, en tanto que abandeirados dunha clase burguesa con poder económico e en ascenso social imparabile, van preparar un novo modelo teórico-práctico de Estado, un Estado de novo tipo: exactamente o Estado que precisaba a burguesía. E van facelo traballando dunha maneira incansable e moi polo miúdo.

Será Montesquieu o primeiro arquitecto que traballe na construción dese Estado. A el correspóndelle, a partir da teoría política de John Locke, a cimentación e o deseño da estrutura do gran edificio. *O espírito das leis* é a armazón dese novo Estado e o anuncio da caída do Estado esclerotizado do Antigo Réxime. Louis Althusser fai interesantísimas consideracións a ese respecto na súa obra clásica *Montesquieu: la politique et l'histoire*, publicada en 1959.

Parece probado que a Ilustración non é razón suficiente para esa revolución que abre a época contemporánea. No fondo, estaban as razóns económicas e sociais e estaban igualmente, por suposto, as condicións obxectivas que a propiciaron: a explosión demográfica do XVIII, o crecemento das cidades, a crise ideolóxica da Igrexa e as súas relacións corruptas co vello Estado, etc.

Albert Soboul, o gran investigador especializado na historia da Revolución de 1789, ten analizado todo isto con moitísimo detalle, ao longo da súa vida, en varios libros e, en particular, na súa obra clásica *A Revolución Francesa*. A tradución máis celebrada que se ten feito en español dese libro é a de Enrique Tierno Galván, para Tecnos, que aparece, na súa primeira edición, en Madrid en 1966. Compriría destacar tamén, por exemplo, unha

obra doutro grande da historiografía revolucionaria: Michel Vovelle. Trátase de *La chute de la Monarchie. 1787-1792*, de 1972 (hai tradución española en Ariel, Barcelona, 1979).

Pero son os ilustrados quen elaboran o deseño teórico dese proceso revolucionario, isto é, a teoría que se precisaba para a acción política desexada por todo o Terceiro Estado. Tratábase, pois, de perfilar un novo Estado, cousa á que van contribuír, entre outros, nun primeiro momento, Montesquieu, e algo máis tarde o propio Rousseau. Un novo Estado, cunha organización política de novo tipo, despois da tarefa previa de demolición crítica de Voltaire, de Diderot e, unha vez máis, de Rousseau. Un novo Estado, cunha educación e unha cultura novas, das que porán as máis sólidas primeiras pedras Diderot, Rousseau, Helvétius, D'Holbach e, máis tarde, xa en pleno proceso revolucionario, Condorcet e Talleyrand. En fin, un novo Estado no que se pensaba xurdiría con forza un novo tipo de cidadán e un home novo, sobre o que teorizan principalmente Diderot e Rousseau.

Con este esquema, os ilustrados xeran toda unha revolución teórica utilizando as armas da crítica filosófica, científica, política e ideolóxica. Crítica multiforme e polifacética baseada na teoría do progreso social e no uso da razón como método de análise da realidade. Esa crítica *omnia* dos ilustrados, a súa actitude de subversión radical da concepción do mundo dominante e o selo de *philosophes* que eles se impoñen a si mesmos, darán lugar ao nacemento dunha nova conciencia social, en determinados sectores da sociedade, que fará irreversible o proceso histórico que se aveciña. Como dicía Inmanuel Kant, cando os pobos viven a experiencia dunha revolución, xa non a esquecen nunca máis, xa nada volverá a ser nunca coma antes.

A educación pública contemporánea

Parece evidente que as orixes textuais do que poderíamos chamar educación pública contemporánea –concepto que hoxe

se pretende defender para preservar as conquistas do Estado do benestar, ou *bien-être*, (un concepto ilustrado, por certo, e que eles «traducían» como conquista da felicidade, *bonheur*)— están por suposto nos escritos dos ilustrados, así como nos documentos fundamentais da Revolución de 1789, particularmente nos famosos *Cahiers de doléances* (Cadernos de queixas), de maio-xuño dese ano e, sobre todo, nos esclarecedores e determinantes *Rapports* [Informes], que irían aparecendo sucesivamente ao compás dos principais acontecementos revolucionarios, sobre todo entre 1789 e 1794.

Pero as orixes teóricas —non o esquezamos— estaban xa en Platón. E estaban en Aristóteles. Ou, o que é o mesmo, estaban xa na cabeza dos dous grandes filósofos da Grecia clásica. A través da súa filosofía da *polis*, Platón descubre a importancia da educación para o bo funcionamento do Estado. Así, na *República*, bosqueixa un modelo de inserción do sistema educativo na estrutura estatal.

E vai ser el o primeiro en decatarse do carácter reprodutor da educación e o primeiro en concluír que a educación actúa como un elemento perpetuador de determinados valores e intereses sociais. A partir dese momento, poderá falarse xa da educación como unha cuestión de Estado. Todo iso, aínda tendo en conta que a estrutura moderna do Estado, ou o Estado tal e como hoxe o entendemos, non aparece ata moitos séculos despois. Pero, de calquera xeito, as bases teóricas quedaban xa botadas para o futuro.

Moitos anos máis tarde, xa no século XVIII, Jean-Jacques Rousseau, unha das estrelas máis rutilantes da Ilustración francesa, diría entusiasmado que *A República* é, para os que non só len os libros polos seus títulos, un dos máis fermosos tratados sobre educación que se teñan escrito nunca. Non olvidemos que Rousseau, como case todos os homes do XVIII, vivían sempre na evocación permanente do esplendor cultural de Grecia e Roma. Como moi agudamente sinalara Marx, coidaban que estaban a

vivir no deslumbrante mundo antigo, cando en realidade estaban a crear o seu mundo propio.

Así, pois, teñámolo en conta, con Platón, poderíamos dicir que empeza todo. Pendentes, por tanto, do que un día sería un novo contrato social, a sociedade civil selectiva botou a andar. Claro que, postos a «seleccionar», todo tiña comezado con Confucio, no Lonxano Oriente, aínda que non dunha maneira tan sofisticada. Confucio –aínda tan presente na conciencia social chinesa– puxo en pé un sistema de exames, precisamente, para escoller os funcionarios ou mandaríns da súa «monarquía» oriental. Pero sería Platón, na antiga Atenas, quen lle daría forma definitiva á selección dos mellores cidadáns para levaren os asuntos do Estado. Naturalmente, estamos a falar dos cidadáns libres, isto é, da parte máis pequena dunha sociedade baseada na escravitude.

Conviría insistir niso: as orixes teóricas de practicamente todos os sistemas educativos contemporáneos están claramente na Grecia clásica. E será alí onde teñamos que atopar o punto de partida de Jean-Jacques Rousseau, no que se refire á xénese do seu pensamento. Na *República* de Platón, pero tamén na *Política* de Aristóteles. En Grecia, pero tamén en Roma. En tanto que teórico, máis preto de Platón –como o propio Rousseau recoñece– ca dun Aristóteles sempre máis metido no real, sempre máis pragmático e sempre afinando moitísimo á hora de concretar a inserción do sistema educativo na estrutura do Estado ou á hora de deseñar un currículo para os homes libres.

Por outra banda, se as orixes teóricas estaban en Grecia, as orixes institucionais dos nosos sistemas educativos atópanse, como sabemos, nas prácticas escolares medievais e en todos e cada un dos distintos niveis do sistema educativo –escolas, colexios, universidades–, tal e como precisa Durkheim na súa obra *L'évolution pédagogique en France* (1938). Porque na Idade Media, a educación convértese nun sistema propiamente dito, aínda que non se trate dun sistema ao servizo do Estado,

senón dun sistema ao servizo da superestrutura dominante nise tempo: a Igrexa.

Ilustración, Cahiers, Rapports

Caben, pois, poucas dúbidas de que as orixes textuais –xa con case todos os seus detalles– poden atoparse nas publicacións iluministas que se inician en Europa a partir de 1730. Efectivamente, o movemento da Ilustración é o que vai construír a teoría textual do que será a educación pública contemporánea nas sociedades capitalistas. E detrás do pensamento pedagóxico que a conforma, aparece sempre a figura soñadora de Jean-Jacques Rousseau, coa súa xa mítica revolución pedagóxica copernicana, deixando en todo momento ben establecida a necesidade e a conveniencia política desa nova educación pública.

Pouco despois, os *Cahiers de Doléances*, redactados durante as sesións extraordinarias dos «Estados Xerais» de Francia –reunidos en Versalles en vísperas da Revolución– íanse converter na expresión máis esgazadora das necesidades populares que xa tiñan sido apuntadas polos ilustrados. Por último, e, en particular, entre 1789 e 1794, os *Rapports* e, particularmente o célebre *Rapport* de Condorcet (*Rapport et projet de décret sur l'organisation générale de l'instruction publique*, abril de 1792), virán sendo a síntese práctica máis rechamante que recolle esa teoría e esas necesidades.

Por tanto, Ilustración, *Cahiers, Rapports*... Velaí os textos clave para a máis completa e mellor explicación das orixes históricas dos sistemas educativos europeos contemporáneos. Non importa que, en moitos casos, os *Cahiers* pidan o imposible, ou que os *Rapports* poidan caer nas máis desaforadas utopías. O que interesa non é a mensaxe explícita senón o contido latente, a actitude, o *esprit*...

Pode verse claramente que, cos *Rapports*, a educación conságrase como un aparato ideolóxico do Estado de primeira catego-

ría, como un *poder* auténtico, que dirá Talleyrand. A educación xa era daquela un medio insubstituíble de reprodución das estruturas dos Estados contemporáneos, tal e como ten estudado, por exemplo, Louis Althusser no seu célebre e xa emblemático artigo de 1973 «El aparato ideológico escolar del Estado como aparato dominante».

A educación preséntase así cunha dobre dimensión: reproduce, certo, pero tamén produce, ao mesmo tempo. A educación é produción, saber, creación de cultura, capacidade transformadora. As teorías sociolóxicas reprodutoras dan conta de realidades importantes, pero son incapaces de explicar o movemento histórico no seu conxunto. É certo que a educación reproduce constantemente, pero tamén é verdade que non abandona o seu poder de creación, de produción e de crítica. A loita de clases está a actuar en todo momento, mesmo no interior do sistema educativo.

No fenómeno educativo, sempre está presente a súa dobre face: a) a educación como saber, como práctica técnica, como creación cultural –técnica e ciencia–, e b) a educación como práctica social, como sistema e como reprodución –ideoloxía. Ou, como diría o gran sociólogo da educación española Carlos Lerena, como liberación, por un lado –creación e crítica– e como represión, por outro –reprodución. A educación, paradoxalmente, reprime para liberar ou libera para reprimir (para entrar polo miúdo neste apaixonante tema, hai que remitir necesariamente á monumental obra do sociólogo de Berceo, publicada en 1983, *Reprimir y liberar. Crítica sociológica de la educación y la cultura contemporáneas*).

Coa Ilustración, asistimos sen dúbida ao nacemento da primeira conciencia contemporánea do que será a educación pública. Trataríase de construír un sistema educativo axeitado ás necesidades que se prevén para o novo Estado. Os ilustrados van tomando progresivamente conciencia da importancia capital da educación á hora de consolidar a implantación do Estado

burgués que eles querían poñer en pé. E chegarán mesmo a concluír que non hai revolución política posible se non vai acompañada dunha revolución educativa paralela. Consideran a educación como o grande alicerce para a transformación social.

J. J. Rousseau: un pensador ilustrado singular

Educación, nación, home, cidadán

No libro primeiro de *Emilio ou da educación*, cando Jean-Jaques Rousseau abre a complexa problemática do home e do cidadán e apela, unha vez máis, á historia e ás orixes –como no *Discurso sobre as orixes e os fundamentos da desigualdade entre os homes ou no Contrato Social*–, atopamos algunhas afirmacións, non se sabe se provocadoras ou enigmáticas, que nos lanzan de cabeza sobre unha das cuestións políticas máis quentes do XVIII europeo: estóu a referirme ás relacións condición humana-sociedade-nación/patria-Estado-educación.

É ben sabido que esta complexa cadea de correlacións ficaría simplificada de obviarmos no seu primeiro elemento (condición humana) o concepto metafísico rousseauiano de *ser natural*. Ser natural equivale en Rousseau a *alma humana* ou *esencia humana*; intercambiábles tamén por *natureza humana* ou *esencia universal*. Trátase, por tanto, da insalvable débeda rousseauiana co cristianismo e coa súa concepción dualista e espiritualista do mundo. Condicionamento, pois, de base, que alterará en boa medida o seu discurso político-pedagóxico sobre o home en tanto que “ser social”. Pero que non sempre o invalida. En troques, ás veces, mesmo resulta potenciado.

Para Rousseau, o home como ser social será sempre o referente do home como ser natural. E non á inversa. Cando o pensador de Xenebra fala das contradicións entre o home e o cidadán, está partindo da equivalencia home=ser natural e cidadán=ser social. Para Rousseau, o cidadán non poderá nin

deberá deixar de ser home. Pero, qué home? Un home natural, un home universal, un home eterno..., aínda que, ao mesmo tempo, chegue a ser un home bo, un home novo, un home renacido dos desastres incontrolables da historia e capaz de establecer un novo contrato social.

Atópase aquí –como se ve– a parte máis vulnerable e metafísica do seu discurso antropolóxico o esencialismo e o idealismo de partida que truncan ese seu discurso. Pero –e isto si que nos interesa– o home só poderá ser tal se é un bo cidadán. Porque se o home non chega a ser un cidadán libre e consciente, non será nada. Nin sequera será home. Debemos, por tanto, instalarnos na pura sociabilidade e na mera historicidade dos seres humanos. Debemos desnaturalizar o home –como el dicía. Esta desnaturalización do home fará del por forza un auténtico construtor revolucionario da súa propia historia.

Rememoremos a súa frase *todo o que non temos ao nacer e do que non debemos privarnos, foinos dado pola educación*. Subliñemos isto: *e do que non debemos privarnos* (porque deixaríamos de ser nós mesmos). Educación como sinónimo de circunstancias, medio ou entorno (referencia a John Locke). Máis tarde, Robert Owen insistirá nesa especie de inmersión nas circunstancias. E Marx, nunha das súas teses sobre Feuerbach, matizará: somos un produto das circunstancias, pero as circunstancias tamén son producidas por nosoutros. Os educadores tamén deberán ser educados.

En certo momento deste libro primeiro do *Emilio*, tratando de definir a educación, Rousseau formula a dicotomía home/cidadán no contexto específico e concreto do Antigo Réxime e da sociedade do seu tempo. A súa mensaxe parece clara: nesta sociedade –vén dicindo–, con tales características nacionais e estrutura estatal, non pode haber harmonía entre unha educación natural auténtica e unha educación cívica racional. Non perdamos de vista que Rousseau se compoórta sempre como un racionalista espiritualista. Non é un materialista, pero si é o que

chamaríamos un home «de esquerdas». En consecuencia, será preciso cambiar a sociedade, a forma de goberno e o Estado, para conseguir así mellores resultados na obra educativa. Ou o que é o mesmo: sen un novo contrato social que liquide todos os elementos corruptores do progreso (liquidación das desigualdades históricas orixinadas coa aparición da “propiedade privada” –*Discurso*–), non poderá implantarse un novo tipo de educación.

Jean-Jacques entende a educación como un acto creativo, como a forma *par excellence* de rehumanización dos homes, como a conquista das máis altas cotas de liberdade (aínda que só conseguirá meternos máis e máis no fondo do círculo maldito e recorrente da represión/liberación, como dirá Lerena), como un acto de produción cultural, como a quintaesencia do entorno e as circunstancias. Aparentemente, considera o cambio social –a revolución, para ser máis precisos– como primeira fase á hora de implantar un novo concepto de educación. Pero, como era un pensador decididamente dialéctico –lembramos as consideracións de Engels sobre o *Discurso* en tanto que precursor da dialéctica hegeliana–, sabe que non hai fases nidiamente diferenciadas no tempo e no espazo. Sabe que non hai transformación social nin política posible, se non vai acompañada dunha transformación educativa paralela. E viceversa.

Insensiblemente, pero tamén inexorablemente, Rousseau transita dende a súa concepción pedagóxica naturalista, humanista, etc. á cuestión capital da educación como aparato de Estado. O tema queda enigmáticamente enunciado no *Emilio* e no seu magnífico *Discurso sobre a economía política* –un artigo que lle encargaran para a *Enciclopedia*– e, por último, firmemente perfilado nun dos seus últimos escritos: *Consideracións sobre o goberno de Polonia*. E, para facelo, Rousseau acomete o estudo da cuestión nacional, do sentimento patriótico, en suma, da organización do novo Estado e, naturalmente, das relacións nación-Estado.

O filósofo de Xenebra ten, pois, cousas que dicir sobre a educación en tanto que instrución pública. El é o primeiro que trata a fondo, por exemplo, o asunto da educación e a construción nacional. Porque Helvétius non fai máis ca perfilar a proposta rousseauiana: isto é, considera á educación como un asunto constitucional dos Estados. A Revolución de 1789 faría o resto.

Neste libro primeiro –do que vimos falando–, detense Rousseau en todo tipo de disquisicións sobre a cuestión da educación pública como parte inseparable do proxecto de construción nacional. E todo iso, tomando sempre como referente algúns dos seus modelos favoritos: Esparta, Atenas, Roma. Eses son para el os modelos insustituibles para a correcta construción de Europa, a partir das súas reafirmadas realidades nacionais. Sen pobos-nacións de Europa non hai Europa posible. Sen ser un quén é, é imposible ser con todos.

Cando Rousseau escribe as *Consideracións sobre o goberno de Polonia* (en xuño-xullo de 1771, con algúns retoques en abril de 1772, tal e como afirma Michel Launay, no prólogo ás súas *Oeuvres Complètes*, Éditions du Seuil, París, 1967-71, 3 vols.), está xa nos anos finais da súa vida. Nesta pequena obra, tan madura, tan plena e tan matizada, Rousseau aquilata ao máximo case todo o que di. Vacila xa no mesmo título do escrito: goberno?, constitución?, república? E asómbrase de que os polacos, completamente arrinconados naquel momento nun pequeno territorio, sexan, moral e politicamente, tan ambiciosos e tan ousados como para pretenderen poñer en marcha un proceso constitucional e unha reestruturación do Estado que lle tiñan encargado a el mesmo con total determinación, con apremio e mesmo con ansiedade.

É nesa obra onde Rousseau reflexiona con calma sobre a cuestión educativa en tanto que cuestión de Estado. Faino nun breve capítulo do libro, pero con moitísimo coidado e moi a fondo. *C'est ici l'article important...*, emeza dicindo. A educa-

ción aparece como asunto principal para a transformación do Estado e para a reprodución dos sinais de identidade nacionais. *É a educación a que debe dar ás almas a forma nacional*, di Rousseau moi expresivamente.

Educación da sensibilidade, educación dos sentimentos, que Rousseau relaciona inmediatamente coas formas concretas e prácticas da existencia cívica e política. *Todo verdadeiro republicano mamou, co leite da súa nai, o amor pola súa patria, isto é, o amor polas leis e pola liberdade*. Así pois, a educación nacional –que será o gran tema da educación pública no século XIX– só corresponde aos homes libres, ou sexa, aos cidadáns dun Estado necesariamente novo.

Rousseau e a liberdade

Rousseau, no *Emilio*, elabora os principios da educación nova que o novo cidadán do Estado novo necesitaba. Con esa educación coidaba Rousseau que atopar por fin o home universal, ao home reconciliado coa súa verdadeira natureza e renacido da súa historia auténtica. O concepto clave que emprega Rousseau no seu traballo é o concepto de liberdade. Unha liberdade natural, civil e moral, tal e como el as define, en tres estadios progresivos nos que a liberdade se vai perfeccionando sucesivamente e que responden a unha concepción da historia e do Estado esbozados moi polo miúdo no *Discurso* e no *Contrato*.

Liberdade non en canto conciencia da necesidade, como dirá Engels, senón nun senso igualitarista e pequeno-burgués, tal e como afirma Galvano Della Volpe en *Rousseau y Marx* (a tradución española máis coñecida é a de Martínez Roca, Barcelona, 1975). Isto é, liberdade para facerse cunha propiedade. A partir de 1789: *liberté, égalité, fraternité*. Pero, pouco despois, cos socialistas utópicos, nesta outra orde: *égalité, liberté, fraternité*. Porque é difícil a liberdade sen unha certa

igualdade. E porque sen unha liberdade de iguais non cabe achegarse á fraternidade.

Marx ironizará máis tarde con todo isto. Afirmar que a consigna revolucionaria que figura no frontispicio da Asamblea Nacional Francesa (*liberté, égalité, fraternité*) é unha mera abstracción que ficaría convertida axiña nesta outra consigna, que se achega moito máis á realidade burguesa: *liberté, propriété, sûreté*. Ou sexa, liberdade para facerse cunha propiedade –só accesible ás clases realmente posuidoras. E máxima seguridade por parte do Estado e dos poderes públicos á hora de defenderen esa propiedade. Nunha palabra, garantía plena do home egoísta, separado do home social e da comunidade –*voilà l'homme des droits de l'homme*. Así nace a ideoloxía dos dereitos humanos.

A outra educación ilustrada

Xa máis preto da práctica, René de la Chalotais, un parlamentario de Bretaña preocupado polo papel do Estado no que respecta á educación, aborda con ousadía a necesidade de reforma do sistema educativo francés no seu coñecido *Essai d'éducation nationale et plan d'études pour la jeunesse*, obra que Voltaire saúda con alborozo e que aparece só un ano despois do *Emilio* –exactamente en 1763-. Publicación na que La Chalotais –sendo como era un político do Antigo Réxime– clama por unha educación pública controlada polo Estado. O título mesmo do seu ensaio xa é ben elocuente.

Pola súa banda, Helvétius chega máis lonxe ca Rousseau e La Chalotais á hora de considerar á educación como asunto de Estado. Para Helvétius (*De l'Esprit*), a educación non é unicamente unha cuestión fundamental do Estado, senón que debe figurar na Constitución. Para el, a educación era xa máis ca un privilexio –como no Antigo Réxime– e máis ca un servizo –como aínda o seguía a ser para moitos. É un dereito constitucional. E debe selo porque, para Helvétius (e tamén para Rousseau),

todo o que non recibimos ao nacer débémollos á educación. Afirmación que se remite tamén ao pensamento empirista inglés de John Locke, sempre un referente para Voltaire e Rousseau, por exemplo, así como tamén para outros ilustrados.

Nunha análise mecanicista típica de certo pensamento ilustrado, Helvétius considera á «educación» como sinónimo de «circunstancias». O seu punto de partida é maximalista e reducionista a un tempo, pero ten un efecto moi sano e liberador naquel momento: obxectivamente opoñíase á sacrosanta desigualdade consagrada pola Igrexa. A súa argumentación é a argumentación típica dun materialista, como ten apuntado Gueorgui Plejánov, no seu coñecido ensaio sobre o materialismo francés do XVIII.

Para Helvétius, *todos nacemos iguais*. Logo, as desigualdades sociais, nacionais, culturais, sexuais, etc., son produto dunha educación discriminatoria e inxusta. Por iso, como el mesmo di, nos inicios da súa reflexión sobre a educación, na célebre obra *De l'Esprit: a formación do home está tan estreitamente vencellada á forma de goberno, que non é posible facer ningún cambio importante na educación pública se non se cambia tamén a constitución mesma dos Estados* (cita recollida da famosa colección de grandes pensadores, publicada en París polas Éditions Sociales, en 1968).

Diderot, o gran traballador, o organizador, o home polifacético da Ilustración, é tamén o home das ciencias e das novas letras críticas. El é o teórico da cultura científica ilustrada, o gran animador da *Enciclopedia*. Denis Diderot é a síntese personificada do movemento iluminista. Porá o acento no carácter cívico e moral da nova educación pública e, sobre todo, no papel que esa nova educación desempeña en tanto que forxadora do novo espírito nacional que se precisaba.

Ese *esprit* que el diseña case con delectación en varios lugares das súas obras (*Le neveu de Rameau* é un fito na historia da literatura europea; *La religieuse* é unha formidable novela de

ideas; a *Lettre sur les aveugles* é unha maravillosa lección de dialéctica) estaba en franca oposición coa atmosfera sectaria, confesional e privada da *educación doméstica, relixiosa e particular*, como el di. No seu *Plan d'une université pour le gouvernement de la Russie*, obra que lle encarga a zarina Catalina II de Rusia, aparecen algunhas das ideas máis brillantes de Diderot en tanto que *chef de file* dos ilustrados.

Tanto Diderot como Helvétius tiveron unha relación moi estreita con Rousseau e os tres tratan, ás veces, temas idénticos, aínda que con cadanseu enfoque particular. Os tres tómanse moi en consideración entre si. En calquera caso –algo moi común entre os ilustrados–, as súas relacións intelectuais eles mestúranse coas relacións persoais dunha maneira difícil de desmontar. Como veremos máis adiante, a fonda amizade de Diderot con Rousseau remataría tan mal como practicamente todas as relacións de Jean-Jacques cos amigos comúns de ambos os dous (o profesor catalán Antoni Marí ten feito unha bonita versión novelada en clave moi moderna da relación de Rousseau con Diderot e do seu contexto de época en *El camino de Vincennes*, 1995).

En xeral, as achegas de Rousseau, Helvétius e Diderot á análise das características e funcións do fenómeno educativo, converten a educación nunha das grandes protagonistas do movemento das Luces. Para todos os ilustrados, o Estado será a máxima autoridade responsable en materia de educación. Segundo este criterio, o sistema educativo debe ser un sistema unificado e controlado polo Estado, o que vai implicar unha centralización da administración e da política educativa. Educación que deberá ter, ademais, un carácter público e oposto á privada. Por outro lado, dicir pública é o mesmo que dicir colectiva. E unha educación colectiva non poderá ser outra cousa, no novo Estado, senón nacional.

Por tanto, non hai ningunha dúbida: o século XVIII, o século de Jean-Jacques Rousseau, é o século en que se anuncia a edu-

cación pública estatal. Os principais Estados europeos toman conciencia de que a educación é unha cuestión capital para a boa marcha do Estado e da sociedade. As únicas dúbidas radicaban en como facelo. De calquera xeito, habería que agardar nada menos que ao século XX –proceso histórico lentísimo e de moi longa duración– para acadar os primeiros grandes obxectivos á hora da construción dos primeiros sistemas nacionais de educación pública estatal.

Rousseau vive

O enguedellamento da vida e o pensamento de Jean-Jacques Rousseau (1712-1778), intimamente entrelazados, non acaban nunca de desenlarse. Os acontecementos sociais, políticos e pedagóxicos que se abren en Francia coa Revolución de 1789, aínda non están pechados. Seguen planteadas moitas das preguntas fundamentais que suscitou aquel sismo sociopolítico, económico e cultural.

As grandes conquistas políticas do XIX non esgotaron o inmenso capital intelectual acumulado polo movemento da Ilustración, deseñado sobre todo polo enxeño satírico e a ampla visión do mundo de Voltaire, pola polivalencia e o talento organizativo de Diderot, pola audacia e as profundas calas de Helvétius e D'Holbach e pola orde implacable, o rigor case obsesivo e a capacidade crítica sistemática dun espírito paradoxalmente desordenado, rebelde e insumiso coma o de Jean-Jacques Rousseau. Tampouco a Revolución de Outubro, de 1917, en Rusia, nin ningunha outra revolución do século XX no resto do mundo, teñen conseguido levar ao límite as análises dos ilustrados e, dunha maneira especial, as achegas de Rousseau.

Porque Rousseau, que fique claro, segue vixente e segue vivo. El é a primeira conciencia crítica do noso tempo. A súa singular posición no seo do movemento ilustrado non é unicamente o produto dun capricho nin tampouco unha casualidade.

Verdadeiramente, Rousseau é un ilustrado atípico, un ilustrado que se adianta aos problemas que vai suscitar a nova concepción do mundo xerada por aquelas teorías revolucionarias.

A claridade das propostas rousseaunianas no *Discours sur l'origine et les fondements de l'inégalité parmi les hommes*, no *Contrat social* ou en *Émile ou de l'éducation* é o resultado da análise complexa dun mundo que se extinguíu (*Ancien Régime*) e da nova orde social que estaba a piques de nacer. E a súa produción literaria (*Julie ou la Nouvelle Héloïse*, *Les Confessions* ou *Les rêveries du promeneur solitaire*) é a expresión artística do nacemento da conciencia romántica e da primeira conciencia autocrítica da Ilustración.

Por iso Rousseau é un pensador que se sitúa entre o imaxinario ilustrado e o imaxinario romántico. «Existir é sentir», dicía. O sentimento é o freo, o control e as rendas da razón histórica. E, xunto ao sentimento en tanto que gardián da razón, hai que situar o método dialéctico –aínda sen forma e sen conciencia das súas auténticas posibilidades–. Porque Rousseau foi, sobre todo, un pensador dialéctico. Como en boa medida o foi tamén Diderot. Tanto un coma o outro rompen a ríxida estrutura mecanicista da metodoloxía científico-natural dos ilustrados.

Rousseau buscaba sempre *a análise concreta da realidade concreta*, como diría anos despois Vladimir Illich Lenin. De aí proviña sen dúbida o espírito dialecticamente contraditorio, aparentemente paradoxal, que se reforma e conforma constantemente, de todos os seus escritos. Dos seus escritos, do seu pensamento e da súa vida. En ningún dos ilustrados resulta tan determinante a peripecia vital coma en Rousseau. Hai unha relación estreitísima entre os fitos biográficos do «cidadán de Xenebra» e a xénese do seu pensamento.

Rousseau ten defendido sempre un modo de vida acorde coas súas ideas (por iso simboliza a primeira conciencia crítica e ética da nosa época e por iso a súa influencia en Kant é tan de principios) e sabía moi ben que era un artesano pobre que

trataba de utilizar esa realidade como arma crítica perfectamente congruente cos obxectivos da nova conciencia política do seu tempo.

Utilizando abusivamente a Marx para entrar en Rousseau, diríamos que o filósofo de Xenebra tiña xa unha conciencia moral de clase. Desprezaría sempre as riquezas do barón D'Holbach e o mecenádego de madame d'Épinay. Rexeitou unha pensión de Luis XV porque non quería hipotecar a liberdade da súa obra e da súa vida. Hai, en fin, probas dabondo da defensa a ultranza que facía da súa independencia económica e intelectual. Prefería pasar varias horas ao día copiando música para poder sobrevivir antes que aceptar dádivas, mercés e pensións que terían sido un freo para a súa liberdade.

Rousseau foi un *solitario solidario* que buscaba e precisaba esa soidade para poder crear. A súa posición no seo do movemento ilustrado foi sempre moi especial. E non foron un puro azar as súas relacións de amor-odio con case todos os seus amigos ilustrados. Nas súas grandes discusións, de notoriedade pública e con certos aires de escándalo moitas veces (as *Confesións* do propio Rousseau –o primeiro gran libro memorialista do noso tempo, no dicir de Louis Althusser– ou as *Contraconfesións* de madame D'Épinay son o exemplo máis soado), as razóns de fondo foron case sempre razóns con un trasfondo moral ou ¡de tipo relixioso!

Porque non debemos esquecer que, para Rousseau, a relixión era tamén un arma de combate, ademáis dun sedante social. E se é verdade que Diderot razoa alí onde Rousseau soña –como afirma Paulette Charbonnel no prólogo ás *Oeuvres choisies* de D'Holbach nas Éditions Sociales (1971)–, tamén é certo que unha razón sen imaxinación, sen bridas e sen freo conduce ao despotismo. Porque pode ser verdade que o soño da razón tenda a producir monstros. De aí a súa apelación constante ao corazón e aos sentimentos. De aí o recurso á imaxinación cordial. E de aí o chamamento angustiados á honestidade e á conciencia moral.

Un pensador dialéctico

Rousseau estaba permanentemente á espreita dos perigos polos que podía pasar a nova concepción do mundo que nacía. Está de acordo, no fundamental, cos principios que informaban a acción ilustrada. Sabía que o progreso social era o norte do nacente movemento filosófico, político, pedagóxico e cultural. E sabía tamén que a razón era o método irrenunciabile. Pero era igualmente consciente de que iso non bastaba para que, no novo Estado xurdise o home novo. Buscaba o home universal e atopouse co home burgués. O pensamento socialista do XIX profundizaría moito máis nesa liña. O home como ser histórico, a esencia humana como o conxunto das súas relacións sociais, serían algúns resultados (Marx). Pero, sen a pesquisa antropolóxica de Rousseau, non tería sido posible a de Marx. E sen Rousseau non tería existido a mellor parte da filosofía, nin do pensamento psicanalítico, nin tampouco da antroploxía francesa contemporánea. Nin Lévi-Strauss, nin Althusser, nin Lacan, nin Foucault.

Por outra banda, o «cidadán de Xenebra» estaba tamén en loita permanente consigo mesmo á hora de establecer a nova teoría social que debería servir de base á nova orde. De aí o seu paradoxismo, as súas vacilacións, as súas dúbidas. Rousseau é, ademáis dun creador misántropo, un rebelde con causa e un insubmisio. Católico entre os protestantes, protestante entre os católicos, relixioso entre os ateos, naturalista entre os relixiosos... Estamos a falar, en fin, dun pensador decididamente dialéctico.

A súa actitude diante do problema relixioso sintoniza coas posicións deístas clásicas de Voltaire, por exemplo, pero el vai máis lonxe. Voltaire reserva para a relixión o papel de gardiana da moral e dos bos costumes. Rousseau, en cambio, sospeita que o sentimento relixioso ten raíces moito máis fondas. A nos os dous, neste terreo da crítica das ideas, están moi lonxe das

posicións de Diderot, D'Holbach ou Helvétius, materialistas consecuentes que non se resignan á mera reforma da vida relixiosa. Ao contrario, comezarán a súa crítica xustamente polos deuses do ceo, como anos despois faría Sigmund Freud.

Para Rousseau, en cambio, o sentimento relixioso é o sentimento máis fondo que se agocha no corazón humano. Logo, a crítica nunca deberá comezar por aí. Marx, empregando un procedemento metodolóxico similar ao de Rousseau, considerará á relixión como o reflexo especular dun mundo trastocado. Cambiemos, pois, o mundo e non intentemos tocar o ceo de momento. A metodoloxía de Rousseau e Marx é coincidente. As ideas e as conviccións relixiosas, por suposto que non.

Fitos biográficos


¿Cáles son os momentos determinantes na biografía de Rousseau? O máis importante é sen dúbida o que se coñece como a *iluminación de Vincennes*. Aquela tarde calurosa do verán de 1749 é xa un tópico en todas as historias que se teñen escrito da súa vida. O fillo do reloxeiro de Xenebra parece que tivo unha revelación aquela tarde, no camiño de París a Vincennes, cando ía visitar ao seu amigo Denis Diderot, encarcerado nun castelo (tema da novela de Antoni Marí e de moitísimos episodios que reconstrúen ese momento histórico).

Unha revelación ou mesmo dúas... A primeira –quizais a principal– é a maduración súbita da súa particular visión da historia e da sociedade. E a segunda, o comentario de Diderot a unha testemuña, cando ve chegar un Rousseau acalorado e suoroso e, abrazándoo, afirma: *xa ve como me queren os amigos...* Parece que Rousseau ficou moi pensativo con aquela frase tan autocompracente. Contaranos nas súas *Confesións*, anos despois, que el nunca tería reaccionado así. Non cabe dúbida que, a partir daquel intre, xa estará sempre en garda *contra a soberbia e a altanería dos príncipes da Ilustración*, como el di.

Os desencontros de Rousseau cos seus amigos ilustrados e, particularmente, o complexo episodio biográfico das súas relacións con Diderot, Grimm e madame D’Epinay –de quen recibira o regalo do disfrute dunha casa de campo (a residencia do *Ermitage*, na que viviría bastantes anos)– poden verse con detalle no libro de F. Macdonald *La légende de Jean-Jacques Rousseau*, París, 1909; no xa máis coñecido de Elisabeth Badinter, *Emilie, Emilie, l’ambition féminine au XVIIIè siècle*, París 1983; ou no prólogo que esa mesma autora fai, en 1989, para a edición de *Les Contre-Confessions*, de madame D’Epinay, publicadas en París por Mercure de France.

Nesa longa *promenade* que o leva de París a Vincennes aquela tarde do 49, fai un alto no camiño, en certo momento, e tira do peto un recorte de prensa no que se anunciaba un concurso literario proposto pola Academia de Dijon, sobre o tema «O progreso das ciencias e das artes ¿ten contribuído a corromper ou a purificar os costumes?». Era un anuncio que aparecía no *Mercur de France* e a Jean-Jacques prodúcelle o efecto dunha iluminación ou revelación. A partir dese instante, a vida de Rousseau será xa un proxecto concreto ao que vai dedicarse apaixonadamente ata a súa morte: o proxecto da materialización escrita sistemática da súa concepción do mundo, da historia, do home e da sociedade, que, andando o tempo, será o legado principal do seu pensamento. Iso é o que o mantén unido dun xeito indestrutible aos ilustrados. Diderot aconséllao e suxírelle. Rousseau toma boa nota. Pero non esquece o xesto paternalista e autoglorificador de Denis.

Así pois, xa está Jean-Jacques no remuíño do movemento ilustrado. Do premio de Dijon ao *Discurso sobre a orixe e os fundamentos da desigualdade entre os homes* non hai máis ca un paso. O que vai do *Primeiro ao Segundo Discurso*. Incorpórase así ao común sentir enciclopedista: para situarse na vangarda dunha disciplina, hai que coñecer a historia desa disciplina. Para estar na vangarda da vida social, política, científica e



Jean-Jacques Rousseau, citoyen de Genève,
retrato de Maurice-Quentin de Latour (1753)

cultural, hai que coñecer a Historia con maiúscula, hai que facer unha nova Historia. E Montesquieu, Voltaire e Rousseau tomarán moi en serio o seu traballo.

Debemos, pois, recomezar polas orixes. Hai que reescribir a Historia. E nas orixes é onde Rousseau sitúa o arranque do seu discurso sobre o home. Toda a súa obra será un discurso sobre o home, unha completísima antropoloxía cultural, un estudo do home-cidadán e unha psicopedagogía do individuo. Esa é a moi ben fundamentada opinión do filósofo malagueño e do exilio Adolfo Sánchez Vázquez na súa breve e maxistral lección sobre o pensador de Xenebra: *Rousseau en México*, un fermosísimo libríño no que se relaciona coidadosamente a filosofía de Rousseau e a ideoloxía da independencia americana e da revolución mexicana de 1910. Outros traballos sobre o que poderíamos chamar a filosofía de Rousseau no seu conxunto poderían ser os ben coñecidos de Jean Starobinski ou R. Grimsley.

E despois do *Discurso*, o *Contrato social*. Por último, *Emilio*. Triloxía que resume todo o pensamento rousseauiano. *A Nova Eloísa*, as *Cartas da montaña*, os *Diálogos*, as *Confesións* e as *Meditacións* non son máis cá expresión ou relato contextual, testimonial e de ficción, das súas fondas teses filosóficas, sociolóxicas e psicopedagóxicas. E son tamén a expresión dos seus turbulentos e axitados sentimentos. Responden igualmente á súa paixón pola literatura e as belas letras, marcan un punto de inflexión no xénero literario memorialista e inauguran unha nova maneira de entender a literatura sentimental.

A «iluminación» de 1749 vén sendo, por tanto, un fito biográfico simbólico na vida de Jean-Jacques Rousseau. Os seus biógrafos máis coñecidos están de acordo a ese respecto. Tanto Louis Ducros no seu *Jean-Jacques Rousseau*, publicado en Xenebra, en 1970, coma E. Faguet (*Vie de Rousseau*, 1911) ou D. Mornet (*Rousseau, l'homme et son œuvre*, 1950) coinciden no particular. Pero as análises máis agudas e interesantes son sen dúbida as de Albert Manfred, o gran historiador soviético de

Leningrado. Manfred é autor dunha breve e atractiva biografía do Rousseau mozo que aparece na súa obra *Tres retratos de la Revolución Francesa*, publicada en español por Progreso, en Moscú, en 1989. Como apéndice dese libro, aparecen tamén algúns materiais da obra biográfica completa que estaba a preparar sobre Rousseau. Manfred que, como se sabe, era un dos grandes biógrafos de Napoleón Bonaparte, morrería nos primeiros 90.

En Rousseau hai, por tanto, un antes e un despois da iluminación de Vincennes. A súa vida queda dividida en dúas partes ben diferenciadas: antes de 1749 e despois de 1749.

Un solitario no camiño

O caso é que todo tiña comezado en Xenebra uns anos atrás. Naquela cidade, encrucillada de camiños, sempre aldeá e cosmopolita a un tempo, tíñase desenvolvido un dos focos máis activos do gran cisma da Igrexa cristiana. A Reforma estivo sempre moi viva en Xenebra. Aínda hoxe, a monumentalidade conmemorativa e a presenza ambiental daquela experiencia relixiosa é moi forte. Pero Jean-Jacques, empapado sen dúbida na súa infancia por aquel mundo, tivo sempre unha capacidade practicamente ilimitada –acorde co que sería moi pronto a súa arraigadísima ideoloxía– para resistir todo tipo de determinacións.

Se houbera que empregar un concepto para explicar a razón de ser da súa vida, o seu referente inexcusable, o seu obxectivo permanente e o núcleo arredor do cal se articula o conxunto da súa obra (tanto no plano histórico, coma no social, o antropolóxico, o psicolóxico ou o pedagóxico), ese concepto tería que ser o concepto de *liberdade* –como xa dixemos máis arriba–. Rousseau é un pensador que vive e traballa por e para a liberdade. Unha liberdade que debemos entender como a rebeldía permanente contra o réxime de servidume. Unha liberdade que el exercita, fundamentalmente, camiñando e traballando.

En íntimo contacto coa natureza, coma os grandes viaxeiros do Renacemento. Camiñando sempre a pé. Asolagándose na paisaxe do seu tempo e absorbendo o modo de vida das súas xentes. Lendo e escribindo. Abonda con observar a súa emoción ao ler a Plutarco, por exemplo. Ou comprobar cómo se sente romano ao visitar o Pont du Gard, preto de Montpellier. Abonda con abrir o *Discurso* por calquera das súas páxinas. E ¿qué dicir de Emilio, sempre libre na natureza? El mesmo víveo e cóntanolo en moitísimos pasaxes das súas *Confesións*.

Así pois, a natureza antes ca nada. E a natureza do home será tamén para Rousseau o «home natural». A felicidade do home só pode acadarse, di Rousseau, mediante un contrato social xusto, que garanta a igualdade e potencie a liberdade, a través da reconciliación total coa natureza. Poderemos así rescatar a nosa verdadeira esencia e sentar as bases para a conquista dunha auténtica fraternidade. Velaí o obxectivo vivo e descarnado da Revolución de 1789 e, en xeral (aínda que, como diría Marx, en abstracto), de toda a época contemporánea.

Sen ese concepto de natureza humana, do natural, da natureza, en suma, Marx non podería ter escrito as súas páxinas maxistras dos *Manuscritos*, a propósito da natureza histórica do home ou da humanización e historificación da Natureza (home histórico/home natural). Nese concepto do natural en Rousseau hai unha anticipación xenial da cuestión ecolóxica –como problema e como drama– do noso tempo. E tamén Marx ha referirse a ela cando, no *Capital*, fale *da terra de todos, que debemos deixar mellorada, como bos pais, aos nosos fillos*.

Nese concepto do natural está tamén a liña divisoria que separa a Rousseau dos demais ilustrados. O círculo dos ilustrados móvese preferentemente na cidade. Son intelectuais urbanos, para os que o campo é o escenario do Antigo Réxime en descomposición e a cidade, unha illa de liberdade que anuncia o Novo Réxime. Os ilustrados son, pois, animais urbanos. D'Holbach coída que Rousseau bromea cando lles anuncia que

se quere retirar a vivir no campo. Non entenden as razóns de fondo na actitude do estranxeiro de Xenebra, cando lles propón a necesidade de vivir nas aforas de París..

De modo que Rousseau vai ser, durante toda a vida, un camiñante que le e escribe. E que, nos seus últimos anos, redactará, por fin, como resumo e como colofón memorialista, as súas célebres *Rêveries du promeneur solitaire*. Meditacións, ensoñacións, lembranzas, soidades, nostalxias... Un conmovedor peche de ciclo e un sosegado punto e final.

Anos de formación

Percorrendo hoxe Xenebra, parécenos percibir as trazas de Rousseau aquí e acolá. Se atravesamos a súa ponte máis moderna e estilizada e damos as costas ao espectacular *jet d'eau* –que compite co picacho da catedral de Saint-Pierre–, alí está Jean-Jacques, o *citoyen de Genève*, mirándonos de fronte, dende a súa pequena illa, enriba do pedestal, non se sabe se meditando ausente ou rumiando unha crítica feroz. Rousseau anda aínda hoxe por cada *coin* desta vila, un tempo «ilustrada», berce dunha boa parte da historia contemporánea, escenario antes de escuros episodios calvinistas e lugar de encontro imaxinario das terribles diatribas e tamén da máis grande admiración entrecruzada por Rousseau co señor de Voltaire –un pouco máis discretamente apousentado nas aforas e con moitos dos seus efectos persoais piadosamente reconstruídos hoxe no pequeno pazo das *Délices*.

Aínda que a educación dos cidadáns da Xenebra de hoxe en día non é, probablemente, tal e como el pensaba, tamén é certo que todos os progresos acadados no ámbito educativo non poden ser explicados sen contar con el. Jean-Jacques está vivo, tamén, en Xenebra. Como diría Carlos Lerena, con Rousseau queda fundado o esencialismo-psicoloxismo-pragmatismo da pedagogía contemporánea. E todo iso existe tamén –natural-

mente— na pequena patria do noso pensador/sentidor —como ten dito non sen ironía Lereña.

Os seus primeiros anos na cidade suíza están marcados polo herdo cultural dos seus avós, por un fogar artesanal dentro da máis clásica tradición suíza da relojería, polas súas precocidades á hora de aprender a ler e polo alto nivel e a notable calidade das súas primeiras lecturas. Bossuet, La Bruyère, Plutarco, Fontenelle, Molière... son o seu primer alimento espiritual a carón do seu pai. Nunha das primeiras casas que ocupou a súa familia, pode lerse un fragmento das súas *Confesións*, no que Rousseau rememora o patriotismo do seu pai. Nel, Jean-Jacques di recordar con emoción o tremor dos xeonllos do seu pai, ao poñelo a el enriba, abrazalo e musitarlle no ouvido: *Mon fils, aime ton pays!*

Despois dalgúns anos de aprendizaxe de certos oficios, Rousseau decide irse da casa. Tiña dezaseis anos. Coñecerá a madame Warens, que vivía en Annecy, nas aforas de Xenebra. E será esa a primeira influencia determinante na súa vida. Madame Warens pasará a ser a súa segunda nai (a súa propia morrera no parto ao el nacer), a súa primeira mestra, a súa iniciadora na vida sentimental. Pronto coñecerá a experiencia escolar cos xesuítas —que tamén o marcan—, os intentos da súa aprendizaxe médica en Lyon, os seus primeiros pasos como preceptor, o seu coidadísimo estudio da música —que será a súa principal fonte de ingresos de por vida—, en fin, as súas viaxes continuas por Italia, Suíza, Francia e, andando o tempo, por boa parte de Europa.

En París

Durante os seus primeiros anos en París. Rousseau sentirá unha gran nostalxia da súa patria. Sempre considerou preferible, como el dicía, ser un *citoyen de la République de Genève* antes ca un súbdito do *roi de France*. Pero, ao mesmo tempo, sabía que París era o centro de todas as vangardas e a capital

do mundo. Por iso, malia todo, non podía pasar sen París. Os seus primeiros tempos na *Ville Lumière* foron os típicos dun estranxeiro ou provinciano que chega á capital con varias cartas de recomendación que, polo demais, serían, no seu caso, moi eficaces.

Como di Albert Manfred, chega cando xa cumprira os vintenove anos e, para aquel tempo, a mocidade xa tiña quedado atrás. Pero, con aquelas cartas logrou Rousseau *que lle abran as portas das casas inacceibles das celebridades parisiñas*, afirma Ducros, un dos seus biógrafos. Así, publicaría ben pronto o seu primeiro e orixinal traballo: *Disertación sobre a música contemporánea*, con pouco éxito, pero no que xa demostraba o seu talento revolucionario tamén como compositor –inventou un sistema propio de anotación musical; Albert Manfred afirma que, de terse dedicado á música, podería ter chegado a ser outro Mozart... En fin, as súas visitas frecuentes a diversos salóns da burguesía ilustrada, farían del, axiña, un personaxe moi coñecido de París. Ao mesmo tempo, acode aos cafés de moda, *Régence*, onde Diderot xogará ao xadrez con Philidor ou o *Procope*, o máis ilustre e o máis literario de todos.

Rousseau coñecerá pronto a que será a súa muller, Teresa Levasseur, que traballaba nunha pensión na que el vive un tempo e coa que terá varios fillos, que irán a parar a un orfanato. Cuestión crucial na vida de Jean-Jacques. *O grande erro da miña vida*, dirá en máis dunha ocasión, nas *Confesións*, pero –segundo nos conta novamente nas *Meditacións*–, única maneira de poder educalos con decencia, dada a pobreza de medios da súa muller e a súa familia e sen privarse el do tempo necesario para acometer o que consideraba a obra da súa vida e á que decide consagrarse por enteiro tras a iluminación de Vincennes: a escritura da triloxía que resume o seu pensamento, a súa concepción da historia e da sociedade e o seu vasto programa pedagóxico (*Discurso, Contrato, Emilio*). Teresa será a súa compañeira sempre, pero as súas relacións, así como, en xeral, a

actitude de Rousseau coas mulleres, serán obxecto de todo tipo de especulacións por parte dos seus biógrafos e de autoanálises exhaustivas na súa literatura memorialista e autobiográfica.

En calquera caso, está claro que Rousseau é un dos fundadores do patriarcado moderno –tal e como suliña nas súas publicacións, a profesora da Universidade da Coruña, Rosa Cobo, destacada teórica do patriarcalismo contemporáneo, do pensamento contractualista e, sobre todo, gran especialista en Rousseau. Con Rousseau nace a discriminación da muller –que se intensificará con Kant–, a partir da consideración determinante das dúas naturezas sexuais e os dous contratos –contrato político e público para o home e contrato sexual e privado para a muller. A educación de *Sofía* é así o verdadeiro talón de Aquiles da pedagogía rousseaniana. É aí onde se manifesta a ambivalencia do pensador de Xenebra: politicamente, un home moi avanzado, pero, ideoloxicamente, bastante reaccionario.

Altuna, Venecia e París

Nada máis empezar a segunda parte das *Confesións*, atopámonos cun parágrafo no que Rousseau, tras facer balance do seu *séjour* en Venecia –onde exercería como agregado cultural de Francia, entre 1743 e 1744–, fala da non moi boa maneira na que remata a súa breve aprendizaxe do mester diplomático. En realidade, a estadía veneciana fai nacer nel o rebelde que levaba dentro. Cando retorna a París, rompe co poder establecido e séntese completamente libre. Desenténdese da maraña institucional do Antigo Réxime e dispónse a aprender todo o novo e todo o interesante na súa nova etapa de París (*aproxímase a época das revolucións*, dirá un día).

Pero en Venecia coñecera a Carrió, secretario da Embaixada de España, co que simpatiza axiña e que será o seu colega nas comúns inxerencias intelectuais e no coñecemento da historia e da cultura venecianas e tamén o seu compañeiro de esmorgas

nocturnas. E, por Carrió, coñece un vasco que vai ser, quizáis, o gran amigo da súa vida: Manuel Ignacio de Altuna, *un deses homes que só produce España, aínda que demasiado poucos para a súa gloria, di Rousseau en certa altura das Confesións*. De Altuna cóntanos Rousseau mil marabillas. Chámalle

o virtuoso Ignacio, xove nacido para posuír todos os talentos e todas as virtudes, polemista co que sempre se aprende, home que non tiña esas violentas pasións nacionais, comúns no seu país...

En fin, descobre en Altuna a quen el considera un español atípico (axiña xurdiría a conciencia do «feito diferencial» vasco). Porque, como el di,

non tiña a cor nin a calma dos españois; o seu cutis era branco, as meixelas sonrosadas, os cabelos dun castaño case loiro. Era alto e de bo talante. O seu corpo estaba formado para conter a súa alma.

Rousseau e Altuna deciden viaxar xuntos a París. Despois de estudar Artes en Venecia, Rousseau anima a Altuna a estudar Ciencias na capital francesa. Alí comparten habitación durante unha longa tempada e afondarán aínda máis a súa amizade. O tema dominante das súas conversas será sempre a cuestión relixiosa e a cuestión social. Rousseau decide aceptar a invitación de Altuna para viaxar a Euskadi. A invitación do vasco implica a residencia por longo tempo en Azkoitia, a cidade natal de Altuna. Pero, entretanto, desbarátanselle os plans pola voda de Altuna ou pola súa morte inesperada. Conta Rousseau:

Só faltou o que non depende dos homes nos proxectos mellor concertados. Os acontecementos posteriores, os meus desastres, o seu casamento e, en fin, a súa morte separáronnos para sempre.

Quén era Ignacio de Altuna? Sabemos que era un nobre de Azkoitia que, xunto ao Conde de Peñafiorida e D. Joaquín de Eguía, auspiciaron a fundación da Sociedade Vascongada de

Amigos do País, que Ignacio xa non puido ver (morrería en 1762, aos corenta anos). Como se sabe, esa Sociedade sería un importantísimo foco de difusión da cultura ilustrada e enciclopedista no último tercio do XVIII en Euskadi e en España. Hai toda unha literatura sobre a historia dos que Menéndez Pelayo chamou despectivamente «los caballeritos de Azcoitia» –asunto que nós mesmos temos abordado nalgún outro lugar. Como un puro exercicio de historia-ficción, poderíamos preguntarnos: cómo tería sido a historia ulterior de Euskadi, de España, de Francia e de Europa con Rousseau en Azcoitia?

Camiñando só?

As *Meditacións* comezan cun Rousseau que se lamenta tristemente da súa soidade: *Só na terra, sen máis irmán, próximo, amigo, ca min que eu mesmo*. Paradoxalmente, iso é o que escribe un dos homes máis preocupados polo noso destino común. As *Meditacións* preséntannos a un Jean-Jacques amargamente escéptico, ligado xa case únicamente á natureza, camiñante polas aforas de París (*se un día me perdo, atoparédesme nun prado*), herborizador e estudoso concienzudo da botánica, degustador dos cafés exóticos de aroma que invadía as rúas de París, tan sereno e sincero como á hora de escribir as súas *Confesións*, cultivador de ducias de testos de flores na súa propia casa, tan pobre e pulcramente vestido como de costume e coa súa obsesión igualitarista de sempre, tal e coma nos conta Bernardin de Saint-Pierre no prólogo a unha das edicións das *Meditacións*.

Especialmente tenras resultan as páxinas do seu *Noveno Paseo*, nas que reflexiona a fondo sobre as relacións coa infancia. Vemos de novo a Rousseau laiándose de ter abandonado os seus fillos no orfanato e expresando a súa tardía adoración pola infancia:

na miña xuventude [...] xogaba cos nenos tan alegremente e de tan bo corazón que a penas pensaba en

estudalos. Pero cando ao envellecer puideren ver que o meu aspecto caduco os inquietaba, abstívenme de importunalos.

Jean-Jacques Rousseau vai recollendo os seus pasos nas *Meditacións* coa conciencia clara de que o final está cerca:

Todo rematou na terra para min. Xa non se me pode facer nin ben nin mal. Xa non me queda nada que agardar nin temer neste mundo, e aquí estou tranquilo no fondo do abismo, pobre mortal desafortunado, pero impasible coma o mesmo Deus.

Esta expresión recolle a sentimentalidade romántica incipiente e a orixinal concepción relixiosa rousseauniana.

As últimas notas das *Meditacións* son un reproche aos que foron os seus amigos ilustrados e que agora –como el di– son tan presuntuosos:

Imaxínome o asombro desta xeración tan soberbia, tan orgullosa, tan vaidosa polo seu pretendido saber e que se cre convencida cunha suficiencia tan cruel da infalibilidade das súas luces con respecto a min [...] Xa non existe afinidade nin fraternidade entre eles e eu, teñen renegado de min como irmán seu i eu hónrome de tomalos ao pé da letra.

Como se ve, isto xa non ten nada de literatura ilustrada e revolucionaria. Parecen máis ben as dúbidas das primeiras formas da conciencia romántica.

Esquema de *Emilio ou da educación*

Como di Mauro Armiño no prólogo á súa excelente tradución ao español (*Emilio o de la educación*, Alianza Editorial, Madrid 1990) desta obra de Rousseau,

son varios los esquemas que la filología francesa ha hecho de esta obra filosófica que plantea los problemas de la educación. La abundancia de sujetos, temas, partes, subpartes, modos narrativos o ensayísticos, la inclusión de ensayos enteros como *La profe-*

sión de fe, o sobre los viajes, el resumen del *Contrato*, confidencias personales, máximas, anécdotas, recurrencia a los clásicos, digresiones, en fin, de todo tipo que pueden dar la impresión de fárrago inaccesible. Sin embargo, un esquema somero demuestra que el plan del autor es nítido y que el esqueleto ensambla perfectamente las partes.

O *Emilio* está constituído por cinco libros ou cinco grandes partes. O libro primeiro, que aborda a temática da *idade da natureza*: o neno de peito, o *infans*. O libro segundo, no que segue a idade da natureza, entre os dous e os 12 anos, ou *puer*. O libro terceiro, no que se trata da *idade da forza*, de 12 a 15 anos, a cabalo entre a última nenez e a adolescencia. O libro cuarto, sobre a *idade da razón e das paixóns*, entre os 15 e os 20 anos, entre a adolescencia e a primeira mocidade. E, por último, o libro quinto ou estudo da idade da sabedoría e do matrimonio, entre os 20 e os 25 anos, en plena xuventude, onde se recolle tamén o tratado sobre *Sofía* ou a educación da muller. Así esquematiza a obra Armiño, seguindo a pauta de Michel Launay na súa edición da obra, (Garnier-Flammarion, París, 1966).

O libro primeiro é un tratado eminentemente psicolóxico. En realidade, podemos dicir que, con el, nace a psicoloxía evolutiva contemporánea. Máis aínda: coa atención tan totalizadora que Rousseau lle presta ao estudio da infancia, pódese dicir que, no libro primeiro do *Emilio*, nace a *paidoloxía* ou ciencia da infancia. Rousseau, nese tratado sobre o *infans*, é o verdadeiro construtor do concepto mesmo de infancia. Construción que desenvolve aínda máis nos libros segundo e terceiro. Mesmo esa ordinalidade ficaría como unha conquista científica nos libros de psicoloxía.

Para Rousseau, como é ben sabido, o neno non pode ser nunca un adulto pequeno; ao contrario, a infancia ten unhas características singulares, ademais de seren unha realidade propia. Semellante afirmación vai revolucionar non só a visión do mundo infantil, senón as bases mesmas sobre as que se asenta a vida familiar. A partir dese intre, a infancia vai ser considerada

doutro xeito. O século XX, por exemplo, poderá ser chamado *o século do neno* por Ellen Key –aínda que non chegase a selo. Pero esa nova consideración dos nenos tamén levará, andando o tempo, a unha perigosa *peterpanización* da infancia –os nenos consentidos, os nenos supermimados, os nenos tiranos. Hoxe podemos falar dos dous extremos: os nenos superconsentidos de certos países do Primeiro mundo e os nenos abandonados, explotados e escravizados do Terceiro mundo. Marx xa o advertira: era moi perigoso ese abismo que se abría entre a infancia e a idade adulta. Tan perigoso case coma o divorcio que hai que vencer entre teoría e práctica ou entre traballo intelectual e traballo manual.

En 1973, a desaparecida Editorial Fontanella, publicou en Barcelona unha ampla antoloxía do *Emilio*, en español, na súa colección de libros de peto, tomando como referencia a edición francesa das *Éditions Sociales*, de 1958. Referencia, por certo, de grande calidade, que contaba, ademáis –e así aparece na súa edición barcelonesa–, con unha espléndida «Introdución ao *Emilio*» do famoso psicólogo francés Henri Wallon e con un estupendo estudo e notas de Jean-Louis Lecercle –que tamén aparece na edición de Fontanella. Trátase, como dicimos, dunha escolma antolóxica moi equilibrada e moi pedagóxica, especialmente recomendable para calquera actividade académica.

Nesa edición, Lecercle –un soado especialista en Rousseau–, con clara intención desmitificadora, afirma, no arranque mesmo do seu estudo:

Poucos son hoxe os críticos que se negan a ver en *Emilio* a guerra dun xenio, pero moitos os que lamentan que descubrimentos tan capitais fiquen borrosos por un espírito de paradoxo levado ata o absurdo [...] No mesmo libro onde admiramos teses que pronto se impuxeron a todos os teóricos da pedagogía, condenamos erros insensatos que chocan ao lector menos avisado.

Palabras provocadoras para afirmar, de seguido, a necesidade de *contextualizar* en todo momento a Rousseau. As teses

deste son tan audaces que, para comprendelas cabalmente, hai que situalas en todo momento na realidade do seu tempo, para que non choquen. Porque o seu resplandor é tan grande que podemos pensar que son ideas discutibles, pero de agora mesmo. E non é así.

Nesa edición tan escolar, apadriñada por Wallon e Lecercle, os distintos libros que compoñen o *Emilio*, a obra de Jean-Jacques Rousseau que atravesa todo o noso tempo, aparecen subdivididos tematicamente en forma de textos breves con epígrafes moi ilustrativos. Así, no libro primeiro, podemos atopar, entre outros, temas tales como: «a natureza é o noso primeiro mestre», «contradición do home e o cidadán», «formar un home libre», «o verdadeiro preceptor debe ser o pai», «un ser imaxinario: o home-neno» ou «primeira aprendizaxe da linguaxe».

No libro segundo poden verse, por exemplo, «¡facede que a infancia sexa feliz!», «condicións da liberdade dos nenos», «non se debe razonar cos nenos», «non se debe sermonear aos nenos», «primeiras nocións das relacións sociais», «cómo ensinar a ler, liberdade e suxeción», «o medo á noite», etc.

No libro terceiro –repárese na ordinalidade–: «o terceiro estado da infancia», «a curiosidade natural», «o primeiro libro de Emilio», «primeiras nocións de economía», «Emilio aprende un oficio», entre outros.

O libro cuarto vén sendo un pequeno tratado tamén psicopedagóxico, pero, ao mesmo tempo, de tipo antropolóxico, filosófico, histórico e relixioso (inclúe a *Profesión de fe do vicario saboiano*). Trátase nel, entre outros temas, da «pubertade», do «nacemento do amor», da «educación sexual», da «sociabilidade», da «orde moral», do «estudo do home», da «utilidade da historia», da «idea de Deus», da «inmortalidade da alma», en fin, da «entrada de Emilio no mundo».

O libro quinto está dedicado a *Sofía, ou a muller* e nel van desenvolverse aspectos da obra que se titulan, por exemplo –e moi expresivamente– «as leis do amor son ditadas pola natureza», «desigualdade de deberes dos dous sexos», «principios de

educación das mulleres», «vestidos e coquetería», «linguaxe e cortesía das mulleres», «análise da coquetería», «a familia é irremplazable», «a virtude é necesaria para o amor», «as viaxes a pé», «Emilio mestre da súa amada», «os ciumes», «¿ónde pode atopar a liberdade o pequeno propietario? » ou «vivir no propio país».

Como pode verse, neste libro quinto, aparece todo un abano de temas relacionados coas mulleres, en tanto que seres diferenciados pola súa natureza, polo seu contrato, polo seu rol, e que dará lugar a aquel concepto patriarcal, romántico e reaccionario das donas, contra o que loitan hoxe todas as correntes da historiografía máis científica, así coma a totalidade das teorías feministas deste noso tempo. Neste último libro de *Emilio*, poden detectarse igualmente os gustos de Rousseau polas viaxes e polo coñecemento do país, así como pola cuestión contractual (repárese na pregunta *¿ónde pode atopar a liberdade o pequeno propietario?*)

Para Henri Wallon,

O *Emilio* ocupa o lugar central na existencia e na obra de Jean-Jaques Rousseau. É a máis completa e sistemática exposición que ten dado das súas ideas e tamén dos seus escritos, e aínda hoxe conserva un interese de actualidade para os educadores, a quen ía destinado.

Mensaxe, a de Wallon, contundente e definitiva. *Emilio* é o cerne arredor do cal xira esa revolución copernicana que, no eido da pedagogía, leva a cabo, nun breve, pero ricaz, intenso e poderosísimo século XVIII, aquel ilustrado singular que foi Jean-Jacques Rousseau.

EMILIO OUDA
EDUCACIÓN

NOTA DO TRADUTOR

Consciente do traballo que supuña a tradución do *Emilio*, aceptei de grado a invitación de Herminio Barreiro. O longo esforzo sería compensado abondo co feito de incorporar ao galego un texto fundamental na historia do pensamento educativo. Por riba, xa era a segunda vez que mo propuñan, só que na primeira ocasión eu preferira o *Cándido* de Voltaire, moito máis lixeiro en volume e máis incisivo na súa punxente sátira. Pero, ao cabo, a perseveranza rousseauniana do Herminio acadou o seu obxectivo.

A tradución do texto non representa en si unha grande dificultade. O tradutor ten, con todo, que sortear varios perigos. Un deles é saber adaptar a puntuación das frases, característica do século XVIII, aos nosos hábitos de escritura actuais. Niso intentei operar con moito tino para respectar ao máximo o estilo do autor e mudar só os signos e a estrutura do texto nos casos que consideramos inevitables. Por outra banda, cómpre estar vixiantes ante os cambios semánticos dalgunhas palabras que conservan a mesma forma pero non significan o mesmo agora que naquel tempo.

Así, por exemplo, no parágrafo do libro II: *A túa liberdade e o teu poder só teñen a extensión das túas forzas naturais e non se estenden máis alá delas; o resto todo só é escravitude, ilusión e encantamento*, erraríamos se en vez de *encantamento* utilizásemos *prestixio* deixándonos levar precipitadamente pola forma do orixinal francés *prestige* e o seu sentido actual.

E no libro V, no parágrafo *se son doutos e letrados, fanlles pasar o tempo a correr bibliotecas, a visitar arqueólogos, a carchear monumentos antigos e a transcribir vellas inscricións* sería enganoso dar *anticuario* como equivalente do orixinal *antiquaire* pois non ten o valor que hoxe lle damos a *anticuario* senón a *arqueólogo*.

As edicións do *Emilio* que utilizamos foron a de Michel Launay publicada por Garnier-Flammarion e mais a de Pierre Burgelin –con texto establecido por Charles Wirtz- publicada por Gallimard na Bibliothèque de la Pléiade.

Canto ás miñas notas, reducinas a aquelas que me pareceron imprescindibles.

Tomeime a liberdade de introducir no texto unha modificación gráfica a respecto do que é a práctica tradicional nas edicións do *Emilio*: marquei entre comiñas aquelas supostas intervencións que os detractores de Rousseau farían en determinados momentos. Esta presentación gráfica –acorde coa práctica común na escrita dos nosos días– ten a vantaxe de lle facilitar ao lector a comprensión. É certo que nalgún caso, no que sería a resposta do autor a esa obxección, non está perfectamente delimitado –por non estar marcado no orixinal– cando remata a resposta e Rousseau retoma o fío do libro. Optei por correr o risco de erro nalgunha ocasión puntual ante o beneficio da práctica totalidade para os lectores e lectoras.

Debo manifestar que esta tradución no tería sido posible sen a colaboración de Maruxa Barrio, que escribiu o texto ao ditado, releuno na revisión e fixo numerosas contribucións referentes ao léxico e ás construcións das frases.

Non lle acae ao tradutor entrar nos contidos do libro. Quixera, con todo, deixar unha rápida constancia dalgunhas impresións que a lectura demorada do *Emilio* me produciu.

En primeiro lugar a extraordinaria lucidez de Rousseau nalgunhas das súas análises. Así, na dunha trécola ideolóxica que dura ata os nosos días:

Existe –din aínda os nosos sabios– a mesma dose de felicidade e de mágoa en todas as condicións sociais. Máxima tan funesta como imposible de soste por que, se todas son igualmente felices: que necesidade teño eu de me molestar por ninguén? Que cadaquén siga como está: que o escravo sexa maltratado, que o

tolleito sufrá, que o miserable pereza; non teñen nada que ganar cambiando de condición. Eles enumeran as mágoas do rico e amosan a inutilidade dos seus vans praceres. Qué sofisma tan groseiro! As mágoas do rico non lle veñen da súa condición, senón de si mesmo, que abusa daquela. Aínda que fose máis malfadado que o propio pobre, non é para compadecelo porque as súas coitas son todas produto de si mesmo e non depende senón del ser feliz. Mais a mágoa do miserable venlle das cousas, do rigor do destino que pesa enriba súa. Non hai costume ningún que lle poida tirar o sentimento físico da fatiga, do esgotamento e da fame: nin a agudeza nin a sabedoría serven en absoluto para o librar das mágoas da súa condición.

E a clarividencia en anunciar a caída das monarquías e a inminencia das revolucións.

Ou, aínda, a súa extraordinaria capacidade para resumir nunha frase lapidaria, nun pensamento coruscante, a idea desenvolta minuciosamente nun longo parágrafo.

Pola contra, fixéronseme de difícil dixestión moitos dos seus posicionamentos sobre a muller, non sempre atribuíbles ao contexto histórico pois abondaría con citar a figura de Olimpia de Gouges, revolucionaria francesa que en 1791 lle propuxo á Asemblea Nacional a *Declaración de dereitos da muller e da cidadá*.

Pero a clarísima e utilísima introdución de Herminio Barreiro xa fala de todo isto axudándonos aos profanos a situarmos cumpridamente a Jean-Jacques Rousseau.

É M I L E
O U
DE L'ÉDUCATION.

Par J. J. ROUSSEAU,
Citoyen de Genève.

Sanabilibus negotamus malis; ipsaque nos in rectam
genitas natura, si emendari volumus, juvat.
SEN. de ira. L. II. c. 13.

TOME PREMIER.



A AMSTERDAM,
Chez JEAN NÉAULME, Libraire.

M. DCC. LXII.

Avec Privilege de Nostreign. les États de
Hollanda & de Westfrise.

*Sanabilibus agrotamus malis; ipsaque nos in rectum
genitos natura, si emendari velimus, iuvat.*

Séneca: *De ira*. Lib. II, cap. 13¹.

PREFACIO

Esta recolleita de reflexións e de observacións, sen orde e case sen continuidade, foi comezada para compracer a unha boa nai que sabe pensar². Eu non proxectara, de primeiras, senón unha memoria dalgunhas páxinas; o meu asunto foime arras-trando malia min e esta memoria converteuse insensiblemente nunha especie de obra sen dúbida grosa de máis para o que contén pero pequena de máis para a materia que trata. Dubidei durante moito tempo en publicala e, con frecuencia, ao traballar nela fíxome sentir que non abonda con ter escrito algúns folletos para saber compor un libro. Despois dalgúns vans esforzos en melloralala, creo que debo dala tal e como está, xulgando que é importante atraer a atención pública por esa banda e que, no caso de as miñas ideas seren malas, se eu lles fago nacer algunhas boas a outros non tería perdido completamente o tempo. Un home que dende o seu retiro lanza as súas follas ao público, sen predicadores³, sen partido que as defenda e sen saber mesmo o que pensan ou o que din delas, non debe temer que, se se engana, vaian admitir os seus erros sen exame.

¹ "Os males que padecemos son curables; e a mesma natureza que nos enxendrou para o ben, se queremos emendarnos, axuda". Séneca: *Sobre a ira*, libro II, capítulo 13.

² Trátase de Madame de Chenonceaux, nora de Madame Dupin (N. do T.).

³ É dicir *louvadores, propagandistas* (N. do T.).

Falarei pouco da importancia dunha boa educación; non me deterei tampouco en probar que a que está en uso é mala; mil outros fixérono antes ca min e non me gusta encher un libro con cousas que todo o mundo sabe. Repararei só en que dende tempos infinitos todo é un berro unánime contra a práctica establecida sen que ninguén se preocupe de propor outra mellor. A literatura e o saber do noso século tenden moito máis a destruír que a edificar. Censúrase cun ton maxistral, mais para propor cómpre outro distinto no que a altura filosófica se comprace menos. Malia tantos escritos que, segundo din, só teñen, como finalidade a utilidade pública, a primeira de todas as utilidades, que é a arte de formar homes, queda aínda esquecida. O meu asunto era completamente novo despois do libro de Locke e temo moito que aínda siga a selo despois do meu.

A infancia é unha descoñecida: canto máis se avanza nas ideas falsas que se teñen sobre ela, máis desviado se está. Os máis doutos aférranse ao que é importante que os homes saiban sen consideraren o que os rapaces están en condicións de aprender. Procuran sempre o home no rapaz sen pensaren no que el é antes de ser home. Velaí o estudio ao que eu máis me apliquei, a fin de que, no caso de todo o meu método ser quimérico e falso, se puidesen sempre aproveitar as miñas observacións. Poida que vira moi mal o que cómpre facer, mais creo que vin ben o suxeito sobre o que debemos operar. Comezade, pois, por estudiardes mellor os vossos alumnos, porque seguramente non os coñecedes. Ora ben, se ledes este libro con esa finalidade non o creo inútil para vós.

Tocante ao que chamaremos a parte sistemática, que non é aquí outra cousa senón o camiñar da natureza, é a que máis ha desconcertar ao lector. É tamén alí onde sen dúbida me han atacar, e se cadra non será erradamente. Hase crer menos que se está a ler un tratado de educación que as ensoñacións dun visionario sobre a educación. Que lle vou facer! Non é sobre as ideas doutro sobre o que eu escribo senón sobre as miñas. Non vexo

o mesmo que os outros homes, hai moito tempo que mo teñen reprochado. Mais: seica depende de min dar-me outros ollos e prover-me doutras ideas? Non: de min depende non abondar no que dixen, non crer que son o único sabio, máis sabio que todo o mundo. De min non depende cambiar de sentimento senón desconfiar do meu. Velaí todo o que eu podo facer e o que fago. Se ás veces adopto un ton afirmativo non é para llo impor ao lector, é para lle dicir cómo penso eu. Por que había propor en forma de dúbida aquilo do que eu, pola miña banda, non dubido en absoluto? Digo exactamente o que pasa pola miña mente.

Expondo con liberdade o meu sentimento, entendo –por pouca autoridade que el teña– que sempre lle uno as miñas razóns a fin de que as sopesen e me xulguen. Mais, aínda que non queira obstinarme en defender as miñas ideas, non me creo menos obrigado a propo-las, porque as regras de conduta sobre as que teño un parecer contrario ao dos demais non son indiferentes. Son daquelas das que importa coñecer a verdade ou a falsidade, e que causan a felicidade ou a infelicidade do xénero humano.

“Propoñede o que é factible”, non cesan de repetirme. É como se me dixeran: “Propoñede facer o que se fai, ou polo menos propoñede algunha cousa boa que se alíe co mal existente”. Tal proxecto, sobre certas materias, é moito máis quimérico que os meus, porque nesa alianza o ben derrámase e o mal non se cura. Preferiría seguir en todo a práctica establecida que adoptar unha que só é boa a medias: habería menos contradición no home, porque non pode tender a un tempo cara a dúas finalidades opostas. Pais e nais: o que é factible é o que vós queredes facer. Seica eu debo responder da vosa vontade?

En toda caste de proxectos hai dúas cousas que considerar: primeiro a bondade absoluta do proxecto, e segundo a facilidade da execución.

Tocante ao primeiro, abonda para que o proxecto sexa admisible e practicable nel mesmo con que o que contén de bo estea na

natureza da cousa. Aquí, por exemplo, que a educación proposta sexa axeitada para o home e ben adaptada ao corazón humano.

A segunda consideración depende de relacións dadas en certas situacións, relacións accidentais á cousa que, por conseguinte, non son necesarias e poden variar ata o infinito. Así, tal educación pode ser practicable en Suíza e non selo en Francia, tal outra pode selo entre os burgueses, e tal outra no medio dos grandes. A maior ou menor facilidade da execución depende de mil circunstancias que resultan imposibles de determinar se non é a través dunha aplicación particular do método a tal país ou tal outro, a tal condición ou tal outra. Ora ben, ao non seren esenciais para o meu asunto, todas estas aplicacións particulares non entran no meu plano. Outros poderán ocuparse delas se queren, cadaquén para o país ou o estamento social que teña en perspectiva. A min abóndame con que, en todas as partes onde nazan homes se poidan facer as que eu propoño, e que, tendo feito con estes o que eu propoño, se teña feito o mellor que existe tanto para eles como para os demais. Se non cumpro este compromiso sen dúbida é un erro meu, mais se o cumpro sería tamén un erro esixirme a min máis, porque non prometo máis ca isto.

LIBRO PRIMEIRO

Todo sae ben das mans do Autor das cousas e todo dexenera entre as mans do home. El forza unha terra a alimentar os produtos doutra, unha árbore a dar os froitos doutra; el mestura e confunde os climas, os elementos e as estacións; el mutila o seu can, o seu cabalo e o seu escravo; el transtroca todo, desfigura todo e ama a deformidade e os monstros. Non quere nada tal e como o fixo a natureza, nin mesmo o home: ten que domalo para el como un cabalo de equitación, ten que tornealo ao seu modo como unha árbore da súa horta.

Sen iso todo iría aínda peor, e a nosa especie non quere ser moldeada a medias. No estado no que arestora están as cousas, un home abandonado dende o seu nacemento a el mesmo entre os demais habería resultar o máis desfigurado de todos. Os prexuízos, a autoridade, a necesidade, o exemplo, todas as institucións sociais nas que nos atopamos mergullados, habían afogar nel a natureza e non habían pór nada no seu lugar. Esta había ser nese home coma unha arboriña ventureira que nace no medio dun camiño e a xente que pasa fai perecer axiña, ao bater contra súa por todas partes e dobrala en todos os sentidos.

É a ti a quen me dirixo, tenra e previsora nai⁴, que soubeches arredarte da ancha estrada e protexer a arboriña nacente do choque das opinións humanas! Cultiva e rega a plantiña antes de que morra: os seus froitos han ser un día as túas ledicias. Forma cediño un murete arredor da alma do teu fillo, outra persoa pode marcar o circuito, mais só ti debes poñer a barreira.

Modelamos as plantas a través do cultivo, e os homes a través da educación. Se o home nacese grande e forte a súa talla e

⁴ A primeira educación é a que máis importa, e esta primeira educación pertécelles sen dúbida ningunha ás mulleres. Se o Autor da natureza tivese querido que lles pertencese aos homes, teríalles dado leite para alimentaren aos fillos. Faládelles, daquela, sempre preferentemente ás mulleres nos vosos tratados de educación porque, ademais de que elas teñen a inclinación de velar por estar máis perto que os homes e que elas influen sempre máis, o éxito interésalles tamén moito máis, pois que a maioría das viúvas se atopan case á mercé dos seus fillos e que, entón, estes fanlles sentir vivamente, para ben ou para mal, o efecto da maneira en que elas os educaron. As leis, sempre tan preocupadas polo patrimonio e tan pouco polas persoas –porque teñen por obxecto a paz e non a virtude– non lles confíren suficiente autoridade ás nais. Con todo, o seu estado é máis seguro que o dos pais, os seus deberes son máis penosos e os seus coidados son máis importantes para a boa orde da familia; xeralmente elas están máis vencelladas aos fillos. Hai ocasións nas que un fillo que lle falta ao respecto ao seu pai pode en certa medida ter escusa, mais se –ocorrese cando ocorrese– un fillo fose tan desnaturalizado como para lle faltar á súa nai, a aquela que o levou no seu seo, que o alimentou co seu leite, que durante anos se esqueceu dela mesma para non se ocupar senón del, deberíámonos apresurar en afogar a este miserable coma un monstro indigno de ver o día. Disque as nais crían fillos consentidos. Niso sen dúbida obran mal, aínda que menos do ca vós, se cadra, que os corrompedes. A nai quere que o seu fillo sexa feliz, que o sexa dende o momento presente. Niso ten razón, e cando se engana sobre os medios, cómpre iluminala. A ambición, a avaricia, a tiranía, a falsa previsión dos pais, a súa dilixencia e a súa dura insensibilidade, son cen veces máis funestas para os fillos que a cega tenrura das nais. Polo resto cómpre explicar o sentido que eu lle dou a esta denominación de nai, cousa que farei máis adiante.

a súa forza seríanlle inútiles ata que dese aprendido a servirse delas; seríanlle prexudiciais ao lles impediren a outros pensar en axudalo⁵ e, abandonado a el mesmo, había morrer de miseria antes de dar coñecido as súas necesidades. Queixámonos do estado da infancia e non vemos que a raza humana tería perecido se o home non tivese comezado por ser neno.

Nacemos febles e temos necesidade de forza; nacemos desprovistos de todo e temos necesidade de axuda; nacemos estúpidos e temos necesidade de siso. Todo o que non temos no noso nacemento e necesitamos ao sermos grandes énos dado pola educación.

Esta educación vennos da natureza, dos homes ou das cousas. O desenvolvemento interno das nosas facultades e dos nosos órganos é a educación da natureza, o uso que nos aprenden a facer deste desenvolvemento é a educación dos homes, e a adquisición da nosa propia experiencia sobre os obxectos que nos afectan é a educación das cousas.

Cada un de nós é, daquela, formado por tres castes de mestres. O discípulo no que as súas diversas leccións se contradín está mal educado e non estará nunca de acordo con el mesmo; aquel no que todas elas caen sobre os mesmos puntos e tenden aos mesmos fins camiña por si mesmo cara ao seu obxectivo e vive de maneira consecuenta. Só este está ben educado.

Ora ben, destas tres educacións diferentes, a da natureza non depende en absoluto de nós e a das cousas só depende ata certo punto. A dos homes é a única da que nós somos verdadeiramente os amos; e aínda non o somos senón por suposición, porque: quen pode esperar dirixir totalmente as falas e as accións de todos aqueles que rodean un rapaz?

Dende o momento, pois, en que a educación é unha arte, é case imposible que ela teña éxito, porque a concorrencia

⁵ Semellante a eles no aspecto exterior e privado da palabra así como das ideas que esta expresa, seríalle imposible facerlles entender a necesidade que tería do seu socorro e nada nel había manifestarlles esta necesidade.

necesaria para este non depende de ninguén. Todo o que se pode facer, a poder de coidados, é achegarse máis ou menos ao obxectivo, mais cómpre boa sorte para acadalo.

Cal é este obxectivo? É o mesmo da natureza, isto acaba de ser probado. Dado que a concorrencia das tres educacións é necesaria para a súa perfección, é cara a aquela sobre a que non temos poder ningún cara a onde cómpre dirixir as outras dúas. Mais, se cadra a palabra natureza ten un sentido demasiado vago e cómpre tratar de concretalo aquí.

Dinnos que a natureza non é senón hábito. Que significa isto? Seica non hai hábitos que se contraen só pola forza e que nunca chegan a afogar á natureza? Tal é, por exemplo, o hábito das plantas ás que se lles entorpece a dirección vertical. A planta deixada en liberdade conserva a inclinación que a forzaron a coller, mais a seiva non cambiou por iso a súa dirección primitiva, e, se a planta continúa vexetando, a súa prolongación vólvese facer vertical. Acontece o mesmo coas inclinacións dos homes. En tanto que nos mantemos no mesmo estado podemos conservar aquelas que resultan do hábito e que son para nós as menos naturais, mais des que a situación muda, o hábito cesa e o que é natural volve. A educación non é certamente senón un hábito. Ora ben: non hai xente que esquece e perde a súa educación e outra que a conserva? De onde ven esta diferenza? Se é preciso limitar o nome de natureza aos hábitos conformes coa natureza poderíamos aforrarnos este galimatías.

Nacemos sensibles e dende o noso nacemento vémonos afectados de diversas maneiras polos obxectos que nos rodean. Tan axiña como temos, por dicilo así, conciencia das nosas sensacións, estamos dispostos a procurar os obxectos que as producen ou a fuxir deles, de primeiras segundo nos sexan agradables ou desagradables, despois segundo a concordancia ou discordancia que atopamos entre nós e eses obxectos e, finalmente, segundo os xuízos que nos formamos sobre a idea de felicidade ou de perfección que a razón nos dá. Estas disposicións esténdense e

fanse firmes a medida que nos facemos máis sensibles e máis ilustrados, pero forzadas polos nosos hábitos altéranse, máis ou menos, debido ás nosas opinións. Antes desta alteración elas son o que eu chamo en nós a natureza.

É, pois, con estas disposicións primitivas coas que habería que relacionar todo, e iso sería posible se as nosas tres educacións fosen só diferentes, mais: que facer cando son opostas, cando en lugar de educar a un home para si mesmo se quere educalo para os demais? Entón é imposible a harmonía. Forzado a combater a natureza ou as institucións sociais, cómpre optar entre facer un home ou un cidadán, porque non se pode facer a un tempo un e mais outro.

Toda sociedade parcial, cando está ben e estreitamente unida, se arreda da total. Todo patriota é duro para os estranxeiros: non son senón homes e non son nada aos seus ollos. Este inconveniente é inevitable, mais feble. O esencial é ser bo coa xente coa que un vive. Cara a fóra o Espartano era ambicioso, avaro e inicuo, mais dentro das súas murallas reinaban o desinterese, a equidade e a concordia. Desconfiade deses cosmopolitas que van procurar lonxe nos seus libros deberes que eles desdeñan cumprir arredor súa. Algún filósofo ama os Tártaros para verse dispensado de amar os seus veciños.

O home natural é todo para el: é a unidade numérica, o enteiro absoluto que non ten relación mais que consigo mesmo ou co seu semellante. O home civil non é senón unha unidade fraccionaria que ten que ver co denominador, e do que o valor está na súa relación co enteiro, que é o corpo social. As boas institucións sociais son aquelas que saben mellor desnaturalizar o home, tirarlle a súa existencia absoluta para lle dar unha relativa e transportar o *eu* á unidade común, de xeito que cada particular non se considere xa un, senón parte da unidade, e que non sexa xa sensible senón dentro do todo. Un cidadán de Roma non era nin Caio nin Lucio: era un Romano, mesmo quería a patria exclusivamente para el. Régulo pretendíase

Cartaxinés, como se se tivese convertido nunha propiedade dos seus amos. Na súa calidade de estranxeiro, refugaba sentarse no senado de Roma; foi preciso que un Cartaxinés llo ordenase. Indignábase de que tivesen querido salvarlle a vida. Venceu e regresou triunfante para morrer nos suplicios. Isto non ten unha gran relación, paréceme a min, cos homes que nós coñecemos.

O Lacedemonio Pedaretos preséntase para ser admitido no consello dos trescentos e é rexeitado; entón retorna todo contento porque atopou en Esparta trescentos homes que valen máis ca el. Supoño esta demostración sincera, e hai razón para crer que o era: velaí o cidadán.

Unha muller de Esparta tiña cinco fillos no exército e agardaba noticias da batalla. Chega un ilota e ela, a tremer, preguntalle polo resultado: –“Os vosos cinco fillos morreron”. –“Ruín escravo: pregunteiche eu iso?”– “Nós obtivemos a vitoria!”. A nai corre ao templo e dalles grazas aos deuses. Velaí a cidadá.

Aquel que na orde civil quere conservar a primacía dos sentimentos da natureza, non sabe o que quere. Sempre en contradición con el mesmo, sempre aboiano entre as súas inclinacións e os seus deberes, non ha ser nunca nin home nin cidadán, non ha ser bo nin para el nin para os outros. Ha ser un deses homes dos nosos días, un Francés, un Inglés, un burgués, non ha ser nada.

Para ser algo, para ser el mesmo e sempre un, cómpre obrar como se fala, cómpre estar sempre decidido sobre a determinación que se debe tomar, tomala resoltamente e seguila sempre. Agardo que me mostren ese prodixio para saber se el é home ou cidadán, ou como fai para ser a un tempo un e máis outro.

Destes obxectivos necesariamente opostos proceden dúas formas de institucións contrarias: unha pública e común, outra particular e doméstica.

Querédesvos facer unha idea da educación pública? Ledo a *República* de Platón. Non é en absoluto unha obra de política, como pensan os que non xulgan os libros senón polos tí-

tulos: é o máis fermoso tratado de educación que endexamais se teña feito.

Cando se quere aludir ao país das quimeras, noméase a institución de Platón: se Licurgo tivera posto a súa unicamente por escrito eu atoparíaa moito máis quimérica. Platón non fixo máis que depurar o corazón do home, Licurgo desnaturalizouno.

A institución pública xa non existe, e non pode existir porque alí onde xa non hai patria non pode xa haber cidadáns. Estas dúas palabras *patria* e *ciudadán* deben ser borradas das linguas modernas. Coñezo ben o motivo diso, mais non o quero dicir porque non ten nada que ver no meu asunto.

Non contemplo como unha institución pública eses ridículos establecementos chamados colexios⁶. Tampouco non conto a educación do mundo, porque ao tender esta educación cara a dúas finalidades contrarias non dá logrado ningunha delas: non é apropiada senón para facer homes dobres que parecen sempre relacionar todo cos outros e non relacionan nunca nada senón con eles sós. Ora ben, ao seren estas demostracións comúns a todo o mundo non enganan a ninguén. Son traballos perdidos.

Destas contradicións nace a que nós experimentamos sen cesar en nós mesmos. Arrastrados pola natureza e polos homes por camiños contrarios, forzados a nos repartirmos entre estes impulsos diversos, seguimos un camiño mixto que non nos conduce nin a un nin a outro obxectivo. Así, combatidos e aboiantes durante todo o decurso da nosa vida, concluímolos sen termos podido acadar a harmonía con nós mesmos, e sen termos sido bos nin para nós nin para os outros.

Queda finalmente a educación doméstica ou a da natureza, mais: en que se ha converter para os demais un home unicamente educado para el? Se por acaso o dobre obxectivo

⁶ Hai na Academia de Xenebra e na Universidade de París profesores que eu quero, que estimo moito e que creo moi capaces de instruír ben á mocidade se non se visen forzados a seguir o uso establecido. Exhorto a un deles a publicar o proxecto de reforma que concibiu. Se cadra, por fin nos veremos tentados de curar o mal ao vermos que non é irremediable.

proposto puidera reunirse nun só, ao eliminar as contradicións do home eliminaríase un gran obstáculo para a súa felicidade. Cumpriría, para xulgallo, velo completamente formado, cumpriría ter observado as súas inclinacións, ter visto os seus progresos, ter seguido o seu camiñar, cumpriría, nunha palabra, coñecer o home natural. Eu creo que teremos dado algúns pasos nesta procura despois de termos lido este escrito.

Que temos que facer para formarmos este home raro? Moito, sen dúbida: impedir que se faga cousa ningunha. Cando non se trata senón de ir a contravento, danse rodeos, mais se o mar é forte e un quere permanecer no sitio ten que botar a áncora. Ten conta, piloto mozo, de que o teu cable non escape ou de que a túa áncora non arríe e o navío non vaia á deriva antes de ti te decatases diso.

Na orde social, na que todos os lugares están marcados, cadaquén ten que ser educado para o seu. Se un particular formado para o seu lugar se sae del xa non é axeitado para nada. A educación non é útil senón en tanto que a fortuna está en harmonía coa vocación dos pais. En calquera outro caso distinto é nociva para o alumno, aínda que non fose mais que polos prexuízos que lle inculcou. En Exipto, onde o fillo estaba obrigado a abrazar o estamento de seu pai, a educación tiña polo menos un fin asegurado, mais entre nós, onde só permanecen os rangos e os homes cambian deles sen cesar, ninguén sabe se, educando ao seu fillo para o seu, non traballa en contra del.

Na orde natural, dado que os homes son todos iguais, a súa vocación común é o estado de home, e calquera que é ben educado para este non pode desempeñar mal os que se relacionan con el. Que destinen o meu alumno á espada, á igrexa ou á toga impórtame pouco. Antes da vocación dos pais a natureza chámalo para a vida humana. Vivir é o oficio que eu quero aprenderlle. Ao saír das miñas mans non será, recoñézo, nin maxistrado nin soldado nin crego, será primeiramente home; todo o que un home debe ser el saberao ser, cando o precise,

tan ben coma calquera, e por moito que a fortuna o faga cambiar de lugar el ha estar sempre no seu. *Occupavi te, Fortuna, atque cepi; omnesque aditus tuos interclusi, ut ad me aspirare non posses*⁷.

O noso verdadeiro estudio é o da condición humana. Aquel de entre nós que sabe soportar mellor a sorte e a desgraza desta vida é ao meu ver o mellor educado, de onde se deduce que a verdadeira educación consiste menos en preceptos que en exercicios. Comezamos a nos instruírmos ao comezarmos a vivir; a nosa educación comeza connosco e o noso primeiro preceptor é a nosa ama de leite. Tamén a palabra *educación* tiña entre os antigos outro sentido que nós non lle damos xa: significaba alimento. *Educit obstetrix*, di Varrón, *educat nutrix, instituit pædagogus, docet magister*⁸. Así, a educación, a institución e a instrución son tres cousas tan diferentes no seu obxectivo como a aia, o preceptor e o mestre⁹. Mais estas distincións son mal entendidas e, para ser ben conducido, o rapaz non debe seguir senón un guía só.

Cómpre, pois, xeneralizarmos os nosos puntos de vista e considerarmos no noso alumno o home abstracto, o home exposto a todos os accidentes da vida humana. Se os homes nacesen liga-

⁷ Cita de Metrodoro que figura en Cicerón (*Tusculanas*, V, 9, 27): “Adianteime a ti, Fortuna, e pecheiche todos os accesos para que non puideses soprar cara a min” (N. do T.).

⁸ Frase citada por Nonio Marcelo: “A parteira trae ao mundo, a ama cría, o pedagogo forma, o mestre instrúe” (N. do T.).

⁹ Á distinción dos tres verbos latinos *educare* (ocuparse da crianza), *instituire* (ocuparse da formación) e *docere* (ocuparse da instrución) responde á de *educación*, *institución* e *instrución*, coa terna de persoas encargadas delas. Os termos que Rousseau emprega para estas son *gouvernante*, *précepteur* e *maître*. O primeiro é o equivalente feminino de *gouverneur* (aio) aínda que entre as dúas funcións hai algunha diferenza pois a aia ocupábase máis especificamente da educación dos rapaces e o aio (termo máis antigo e función historicamente anterior) de dirixir a crianza dos fillos dos nobres, maiormente dos príncipes. O aio escollía o preceptor (encargado da educación en xeral) e os mestres (profesores encargados de disciplinas específicas). Sobre a imprecisión e a falta de correspondencia exacta entre os termos que un emprega, léase a lúcida reflexión que Rousseau fai na nota 51 (N. do T.).

dos ao chan dun país, se a mesma estación durase todo o ano, se cadaquén se aferrase á súa fortuna de maneira que endexamais a puidese cambiar, a práctica establecida sería boa desde certas perspectivas; o rapaz educado para o seu estamento, ao non saír nunca del, non podería estar exposto aos inconvenientes doutro. Mais, vista a mobilidade das cousas humanas, visto o espírito inquieto e rebulinte deste século que revira todo en cada xeración: seica se pode concibir un método máis insensato que educar un rapaz como se non fose saír nunca do seu cuarto, coma se debese estar constantemente rodeado da súa xente? Se o coitado dá un só paso sobre a terra, se baixa un só chanzo, está perdido. Non é aprenderlle a soportar a pena, é exercitalo a sentila.

Sóñase unicamente con conservar o rapaz, e non é abondo: débémolles aprender a conservarse cando sexa home, a soportar os golpes do destino, a desafiar a opulencia e a miseria, a vivir, se é preciso, nos xeos de Islandia ou sobre o ardente penedo de Malta. En van tomaredes precaucións para que non morra, pois terá que morrer, e aínda que a morte non fose o resultado dos vosos coidados, de todos xeitos habían ser estes mal entendidos. Trátase menos de lle impedir morrer que de facelo vivir. Vivir non é respirar, é actuar, é facer uso dos nosos órganos, dos nosos sentidos, das nosas facultades, de todas as partes de nós mesmos que nos dan o sentimento da nosa existencia. O home que máis viviu non é o que contabilizou máis anos senón o que sentiu máis a vida. Hai quen se fixo enterrar aos cen anos e mais morreu dende o seu nacemento. Tería gañado con ir á tumba na súa mocidade, se cando menos tivese vivido ata aquel momento.

Toda a nosa sabedoría consiste en prexuízos servís, todos os nosos usos non son senón suxeitura, molestia e coerción. O home civil nace, vive e morre na escravitude: cando do seu nacemento cóseno nun vurullo, cando da súa morte crávano nun cadaleito e en canto que conserva rostro humano está encadeado polas nosas institucións.

Disque algunhas parteiras pretenden ao apreixaren a cabeza dos rapaces recién nacidos darlle unha forma máis axeitada. E tolerámolo! Seica as nosas cabezas están mal co feitío do autor do noso ser: cómpre que as parteiras as modelen por fóra e os filósofos por dentro. Os Caribes son moito máis felices ca nós:

“ Apenas saíu o rapaz do seo da nai, e apenas goza da liberdade de mover e estender os seus membros, pónenlle novas ataduras. Envurúllano, déitano coa cabeza suxeita e as pernas alongadas, cos brazos pendendo á beira do corpo; rodéano de panos e vendaxes de toda especie que non lle permiten cambiar de postura. Aínda é ben se non o apertaron ata o punto de lle impediren respirar e se tiveron a precaución de o deitaren sobre un costado a fin de que as augas que ten que devolver pola boca poidan caír por si mesmas, porque el non tería a liberdade de virar a cabeza para o costado facilitando que aquelas escorresen!”¹⁰

O recém nacido precisa estender e mover os seus membros para tiralos do entalamento no que, ao estaren xuntos nunha bola, permaneceron tanto tempo. De certo que os estenden, mais impídenlles que se movan, e suxéitanlle a cabeza mesmo cunha testeira¹¹: seica teñen medo de que semelle estar vivo.

Así, o pulo das partes internas dun corpo que tende a medrar atopa un obstáculo insuperable para os movementos que pide. O rapaz fai continuamente esforzos inútiles que esgotan as súas forzas ou atrasan o seu progreso. Estaba menos estreito, menos molesto, menos comprimido, no amnios do que está na baeta: non vexo o que gañou con nacer.

A inactividade e a coerción nas que se retén os membros dun rapaz non poden senón dificultar a circulación do sangue e

¹⁰ Buffon, *Historia Natural*, Tomo IV, páxina 190.

¹¹ Nos berces, a cabeza do meniño ou meniña adoitaba ir encaixada nun oco de forma abovedada, baleirado na madeira e ás veces forrado de pano, cunhas tiras para suxeitar a cabeza, o que constituía a *testeira* (N. do T.).

dos humores, impediren ao rapaz fortificarse e medrar, e mais alteraren a súa constitución. Nos lugares onde non existen estas precaucións extravagantes os homes son todos grandes, fortes e ben proporcionados. Os países nos que envurullan os nenos son aqueles que ferven de lombudos, coxos, trencos, enganidos, raquíuticos e xente contrafeita de toda caste. Por medo a que os corpos se deformen con movementos libres, apresúranse a deformalos premendo sobre deles. De boa gana os volverían tolleitos para lles impedir de se eivaren.

Como podería deixar de influír sobre o seu humor e mais sobre o seu temperamento unha coerción tan cruel? O seu primeiro sentimento é de dor e de mágoa: non atopan senón obstáculos para todos os movementos que precisan. Máis malfadados que un criminal nos seus grillóns, fan esforzos vans, alporízanse e berran. “As súas primeiras voces son choros”, dicides vós. E non habían ser! Vós contrariádelos dende o seu nacemento. Os primeiros presentes que reciben de vós son cadeas, os primeiros tratamentos que experimentan son tormentos. Ao non teren cousa ningunha libre senón a voz : como non se habían servir dela para se queixaren? Berran polo mal que vós lles facedes. Agarrotados así, vós habiades berrar máis forte ca eles.

De onde procede este uso contrario á razón? Dun uso desnaturalizado. Dende que as nais, desprezando o seu primeiro deber, non quixeron xa alimentaren os seus fillos, foi preciso confialos a mulleres mercenarias que, atopándose deste xeito como nais de fillos estraños cara aos que a natureza non lles dicía nada, non procuraron senón aforraren traballo. Por un rapaz en liberdade tería sido preciso velar constantemente, mais cando está ben atado bótano nun recuncho sen se preocuparen dos seus berros. Con que non haxa probas da negligencia da ama, con que o meniño non rompa brazos nin pernas: que importa, polo resto, que pereza ou quede inválido o resto dos seus días? Conservan os seus membros a expensas do seu corpo e, aconteza o que aconteza, desculpan á ama.

Estas doces nais que, desembarazadas dos seus fillos, se adican ledamente ás diversións da cidade: seica saben o trato que recibe na aldea o rapaz no seu envurullo? Ante o menor atafego que se presenta pendúranos dun cravo coma un feixe de farrapos e, en canto que, sen se apresurar, a ama fai devagar as súas cousas, o coitadiño permanece así crucificado. Todos os que foron atopados nesta situación tiñan a cara morada. Ao estar o peito fortemente comprimido non deixaba circular o sangue e este subía de novo á cabeza. E mais crían que o paciente estaba moi tranquilo porque non tiña forza para berrar. Ignoro cantas horas pode permanecer un rapaz neste estado sen perder a vida, mais dubido de que a cousa poida ir moi lonxe. Velaí, penso eu, unha das máis grandes comodidades do vurullo.

Preténdese que os rapaces en liberdade poderían coller malas posturas e efectuaren movementos capaces de prexudicar a boa conformación dos seus membros. Este é un dos vans razoamentos da nosa falsa sabedoría que endexamais ten confirmado experiencia ningunha. Nesa multitude de rapaces que entre os pobos máis sensatos ca nós son alimentados en total liberdade dos seus membros, non se ve nin un só que se fira nin que se eive. Non serían quen de lles dar aos seus movementos a forza que pode volvelos perigosos, e cando se poñen nunha posición violenta a dor advírteos axiña para que a cambien.

Aínda non se nos ocorreu poñer nun envurullo os pequenos dos cans nin os dos gatos: seica se ve que esta negligencia lles provoque algún inconveniente? Os rapaces pesan máis, de acordo, mais en proporción tamén son máis febles. Apenas poden moverse: como se habían dar eivado? Se os estendesen sobre do lombo habían morrer nesa postura, coma a tartaruga, sen poderen nunca dar a volta.

Non contentas con ter deixado de aleitar os seus fillos, as mulleres deixan de querer facelos, a consecuencia é natural. Des que a condición de nai resulta onerosa, axiña se atopa o medio de liberarse dela completamente; quérese facer inútil un

labor a fin de volver empezalo sempre, e revírase en prexuízo da especie o atractivo dado para multiplicala. Este uso, engadido ás outras causas de despoboamento, anúncianos o destino próximo de Europa. As ciencias, as artes, a filosofía e os costumes que enxendra, non han tardar en facer dela un deserto. Estará poboada por animais ferozes; non terá mudado moito de habitantes.

Teño visto ás veces o teatriño das mulleres novas que finxen querer alimentar os seus fillos. Saben facer que as presionen para renunciar a esta fantasía: habilmente fan intervir aos esposos, aos médicos¹² e, sobre todo ás nais. Un marido que ousase consentirle á súa muller alimentar o seu fillo había ser home perdido; habían pintalo coma un asasino que quere desfacerse dela. Maridos prudentes, cómpre inmolar ante a paz o amor paterno. Felizmente atópanse no campo mulleres máis recatadas que as vosas! E máis felizmente, aínda, se o tempo que estas gañan non vai destinado a outros diferentes a vós.

O deber das mulleres non ten dúbida, mais discútese se, no desprezo que elas fan dese deber, lles é igual aos rapaces seren alimentados co leite delas ou co doutra persoa. Eu considero esta cuestión, da que os médicos son xuíces, decidida segundo o desexo das mulleres, e, canto a min, tamén pensaría ben que vale máis que o rapaz zугue o leite dunha ama de boa saúde que o dunha nai estragada, se tivese algún novo mal que temer do mesmo sangue do que está formado.

Mais: débese abordar a cuestión só dende o punto de vista físico? Precisa menos o rapaz os coidados dunha nai que o seu peito? Outras mulleres –e mesmo animais– poderanlle dar o leite que ela lle nega, mais a solicitude materna non se dá suplido. A muller que alimenta o rapaz doutra en lugar do seu é unha mala nai: como ha ser unha boa ama? Poderá chegar a selo,

¹² A alianza das mulleres e dos médicos pareceume sempre unha das máis graciosas singularidades de París. É a través das mulleres como os médicos adquiren a súa reputación e é a través dos médicos como as mulleres fan a súa vontade. Dedúcese ben diso cal é o tipo de habilidade que lle cómpre a un médico de París para se facer célebre.

mais devagariño; precisárase que o hábito modifique a natureza, e o rapaz mal coidado terá tempo de perecer cen veces antes de que a súa ama dea adoptado para el unha tenrura de nai.

Desta mesma vantaxe resulta un inconveniente que por si só debería tirarlle a toda muller sensible a coraxe de facer alimentar o seu fillo por outra, que é o de compartir o dereito de nai, ou, mellor, o de allealo; o ver ao seu fillo quererlle a outra muller tanto e máis ca a ela; o sentir que a tenrura que el conserva pola súa propia nai é un favor e que a que ten pola súa nai adoptiva é un deber. Porque: non debo atopar o vencellamento dun fillo alí onde atopei os coidados dunha nai?

A maneira como se remedia este inconveniente é inspirarlle aos rapaces desprezo polas súas amas, tratándoas como verdadeiras criadas. Cando rematou o seu servizo retíranlles o rapaz ou despiden a ama; e a poder de recibila mal retráena de ir visitar a súa cría. Á volta dalgúns anos el xa non a ve nin a coñece. A nai, que cre substituíla a ela e reparar a súa negligencia a través da crueldade, engánase. En lugar de facer dunha cría desnaturalizada un tenro fillo, exercítao na ingratidade, apréndelle a desprezar un día a aquela que lle deu a vida igual que a aquela que o alimentou co seu leite.

Canto había eu insistir neste punto se fose menos descorazonador rebater en van asuntos útiles! Isto ten que ver con máis cousas das que se pensa. Queredes devolver a cadaquén aos seus primeiros deberes? Comezade polas nais, habédesvos asombrar dos cambios que ides producir. Todo ven sucesivamente desta primeira desviación: toda a orde moral se altera e o natural apágase en todos os corazóns; o interior das casas colle un aire menos vivo; xa non vencella aos maridos nin suscita xa as atencións dos estraños o espectáculo emocionante dunha familia nacente; respéctase menos á nai da que non se ven os fillos; non se fai vida no fogar; o hábito non reforza xa os vínculos do sangue; non existen xa nin pais nin nais, nin fillos, nin irmáns nin irmás. Apenas se coñecen todos: como se habían

querer? Cadaquén xa unicamente pensa en si. Cando a casa non é senón unha triste soidade, cómpre ir alegrarse fóra.

Mais, des que as nais se dignen a alimentar os seus fillos os costumes hanse reformar en por eles, os sentimentos da natureza despertar en todos os corazóns e o Estado vaixe repoboar. Este primeiro punto, este punto só, vai reunir todo. O atractivo da vida doméstica é o mellor contraveleno para os malos costumes. O atafego dos rapaces –que se cre importuno– faise agradable, volve máis necesarios o pai e a nai, máis queridos un para o outro, estreita entre eles o vínculo conxugal. Cando a familia é viva e animada os coidados domésticos constitúen a máis querida ocupación da muller e a máis doce diversión do marido. Así, deste único abuso corrixido había resultar axiña unha reforma xeral, axiña a natureza tería recuperado todos os seus dereitos. Que un día as mulleres volvan ser nais e axiña os homes volverán ser pais e maridos

Discursos superfluos! O mesmo anoxo dos praceres do mundo nunca conduce de novo a eles. As mulleres deixaron de ser nais e non o han volver ser, non queren selo xa. Se chegasen a quere-lo, apenas darían podido: hoxe, que está establecido o uso contrario, cada unha tería que combater a oposición de todas aquelas que a rodean, aliadas contra un exemplo que unhas non deron e que outras non queren seguir.

Atópanse, con todo, aínda ás veces mulleres novas de boa natureza que, ousando desafiar neste punto o imperio da moda e os clamores do seu sexo, cumpren cunha virtuosa intrepidez este deber tan doce que lles impón a natureza. Que o seu número aumente co atractivo dos beneficios destinados ás que se entregan a aquela! Baseándome en consecuencias que o máis sinxelo razoamento proporciona e sobre observacións que endexamais vin desmentidas, atrévome a prometerlles a estas dignas nais un vencellamento sólido e constante por parte dos seus maridos, unha tenrura verdadeiramente filial por parte dos seus fillos, a estima e respecto do público, felices partos sen

accidentes nin secuelas, unha saúde firme e vigorosa, e finalmente o pracer de se veren un día imitadas polas súas fillas e citadas como exemplo ás dos demais.

Se non hai nai non hai fillo. Entre eles os deberes son recíprocos, e se son mal cumpridos por unha banda han ser esquecidos pola outra. O fillo debe amar á súa nai antes de saber que debe facelo. Se a voz do sangue non está fortalecida polo hábito e os cuidados apágase nos primeiros anos e o corazón morre, por dicilo así, antes de nacer. Velaí estamos fóra da natureza dende os primeiros pasos.

Aínda hai quen sae diso polo camiño contrario cando, en lugar de esquecer os cuidados de nai, unha muller os leva ata o exceso, cando fai do seu fillo o seu ídolo, cando aumenta e nutre a súa febleza para lle impedir que a sinta, e cando, esperando subtraelo ás leis da natureza, arreda del danos penosos, sen pensar –por moitas incomodidades das que ela o preserve un momento– en cantos accidentes e perigos está a acumular a longo prazo sobre a súa cabeza, e no bárbara que é a precaución de prolongar a febleza da infancia baixo as fatigas dos homes feitos. Tetis, para facer o seu fillo invulnerable, mergullouno, segundo di a fábula, na auga do Estixio. Esta alegoría é fermosa e clara. As nais crueis das que eu falo fan outra cousa distinta: a poder de mergullaren os seus fillos na moleza prepáranos para o sufrimento, ábrenlles os poros aos males de toda caste, dos que han ser presa segura cando sexan grandes.

Observade a natureza e seguides o camiño que vos traza. Ela exercita continuamente os rapaces, endurece o seu temperamento con probas de toda caste, apréndelles cediño o que é a mágoa e a dor. Os dentes que comezan a furar prodúcenlles febre, os cólicos agudos prodúcenlles convulsións, as longas toses afóganos, os vermes atorméntanos; a plétora¹³ corróm-

¹³ Exceso de humores (N. do T.).

pelles o sangue, diversos fermentos levedan neles e provocan erupcións perigosas. Case toda a primeira idade é doenza e perigo: a metade dos rapaces que nacen perece antes do oitavo ano. Superadas as probas, o rapaz gañou forzas e des que pode facer uso da vida o comezo dela faise máis seguro.

Velaí a regra da natureza: por que a contrariades? Non vedes que, ao pensardes corrixila, destruídes a súa obra e impedides o efecto dos seus coidados? Facer por fóra o que ela fai por dentro é segundo vós redobrar o perigo, cando polo contrario é burlalo e é extenualo. A experiencia demostra que aínda morren máis rapaces educados delicadamente que dos outros. Con que un non exceda a medida das súas forzas, arrisca menos utilizándoas que aforrándoas. Exercitádeos, pois, nos danos que han ter que soportar un día. Endurecede os seus corpos nas intemperies das estacións, dos climas, dos elementos, na fame, na sede e na fatiga; remolládeos na auga do Estixio. Antes de que o hábito do corpo estea adquirido dásele proporcionado o que se quere, sen perigo, mais unha vez que acabou a súa consistencia toda alteración daquel faise perigosa. Un rapaz soportará cambios que non daría soportado un home: as fibras do primeiro, moles e flexibles, adoptan sen esforzo o pregue que lles dan, pero as do home, máis endurecidas, non cambian xa senón con violencia o pregue que recibiron. Pódese, pois, facer robusto un rapaz sen expor a súa vida e a súa saúde, e mesmo que houbera algún risco tampouco non cumpriría dubidar. Dado que son riscos inseparables da vida humana: seica podemos facer cousa mellor que situalos atrás, na época axeitada, cando ocasionan menos desvantaxes?

Un rapaz faise máis precioso ao avanzar en idade. Ao prezo da súa persoa únese o dos coidados que custou, á perda da súa vida únese nel o sentimento da morte. É, pois, maiormente no porvir no que cómpre pensar ao velarmos pola súa conservación; é contra os males da mocidade contra o que cómpre armalo antes de que teña chegado a ela, porque se o prezo da vida aumenta ata a idade de volvela útil: qué tolemia non é aforrarlle

algúns males na infancia multiplicándollos na idade da razón! Son estas as leccións do mestre?

O destino do home é sufrir en todo tempo. O coidado mesmo da súa conservación está ligado á mágoa. Feliz el por non coñecer na súa infancia senón os males físicos, males moito menos crueis e moito menos dolorosos que os outros, e que moito máis raramente ca eles nos obrigan a renunciarmos á vida! As dores da gota non matan, non son senón as da alma as que producen desesperanza. Nós doémonos do destino da infancia e é do noso do que nos deberíamos doer. Os nosos máis grandes males véñennos de nós mesmos.

Ao nacer un rapaz berra, a súa primeira infancia pásase a chorar. Ou ben o abalan e o aloumiñan para calmalo, ou ben o ameazan e lle baten para que cale. Ou facemos o que a el lle gusta ou esiximos del o que nos gusta a nós; ou sometémonos aos seus caprichos ou sometémolo a el aos nosos: non hai termo medio, cómpre que dea ordes ou que as reciba. Así, as súas primeiras ideas son as de poderío e de servidume. Antes de saber falar ordena, antes de poder actuar obedece, e ás veces castíganlo antes de que poida coñecer as súas faltas, ou mellor, cometelas. É así como se verten moi cedo no seu corazón mozo as paixóns que se lle imputan logo á natureza, e como, despois de teren pasado traballo en volvelo malo, quéixanse de que sexa así.

Un rapaz pasa seis ou sete anos desta maneira entre as mans das mulleres, vítima do capricho delas e mais do seu, e despois de que lle fixeron aprender isto e mais aquilo, é dicir despois de teren cargado a súa memoria, quer con palabras que non pode entender quer con cousas que non lle serven para nada, despois de teren afogado o natural polas paixóns que se fixeron nacer, volven poñer entre as mans dun preceptor este ser fabricado, e el acaba de desenvolver os xermolos artificiais que xa atopou completamente formados e lle aprende todo menos a coñecerse a si propio, a tirar partido de si mesmo, a saber vivir e chegar

a ser feliz. Finalmente, cando este rapaz, escravo e mais tirano, cheo de ciencia e desprovisto de sentido, igualmente feble en corpo e en alma, é botado polo mundo mostrando a súa ineptitude, o seu orgullo e todos os seus vicios, fai deplorar a miseria e a perversidade humanas. Enganámonos: ese é o home dos nosos caprichos, o da natureza está feito doutro xeito.

Queredes, daquela, que conserve a súa forma orixinal? Conservádea dende o instante en que ven ao mundo. Tan axiña como nace, apoderádevos del e non o abandonedes ata que sexa home; sen iso non o habedes dar conseguido endexamais. Igual que a verdadeira ama é a nai, o verdadeiro preceptor é o pai. Que eles se harmonicen na orde das súas funcións así como no seu sistema; que das mans dunha o rapaz pase ás do outro. El ha ser mellor educado por un pai con siso e limitado que polo máis hábil mestre do mundo, porque o celo suplirá mellor o talento que o talento o celo.

“E logo os asuntos, as funcións, os deberes?...” Ai, os deberes! Sen dúbida o derradeiro é o do pai¹⁴! Non nos estrañe que un home de quen a muller desdeñou alimentar o froito da súa unión desdeñe educalo. Non hai cadro máis encantador que o da familia, pero un só trazo que falte desfigura a todos os demais. Se a nai ten demasiado pouca saúde para facer de ama, o pai terá demasiados asuntos para ser preceptor. Os fillos, afastados, espaxados por pensionados, conventos e colexios, han levar fóra o amor da casa paterna, ou, para dicilo mellor, han levar alá o hábito de non se sentiren vencellados a nada. Os irmáns e irmás apenas se darán recoñecido. Cando todos

¹⁴ Cando un le en Plutarco que Catón o censor, que gobernou Roma con tanta gloria, educou el mesmo ao seu fillo dende o berce, e con tal coidado que abandonaba todo para estar presente cando a ama, e dicir a nai, o movía e o lavaba; cando un le en Suetonio que Augusto, amo do mundo, que o conquistara e rexía persoalmente, ensinaba el mesmo aos seus netos a escribir, a nadar e os elementos das ciencias, e que os tiña sen cesar arredor súa, non pode un evitar rir da xentiña daquel tempo que se divertía con semellantes parvas, demasiado limitada, sen dúbida, para saber descoidar os grandes asuntos dos grandes homes dos nosos días.

estean reunidos en cerimonia poderán ser moi cortesés entre eles, pero hanse tratar como estraños. Tan logo como non hai xa intimidade entre os pais, tan logo como a sociedade da familia non proporciona a dozura da vida, cómpre recorrer aos malos costumes para suplila. Onde está o home abondo estúpido como para non ver o encadeamento de todo isto?

Un pai, cando enxendra e nutre fillos, non fai niso senón a terceira parte da súa tarefa. El débelle homes á súa especie, débelle á sociedade homes sociables e débelle cidadáns ao Estado. Todo home que pode pagar esta tripla débeda e non o fai, é culpable. E máis culpable é, se cadra, cando a paga a medias. O que non pode cumprir os deberes de pai non ten dereito a chegar a selo. Non hai pobreza nin traballos nin respecto humano que o dispensen de alimentar aos seus fillos e de educalos el mesmo. Lectores, podédesme crer. Predíggolle a calquera que ten entrañas e esquece tan santos deberes, que ha de verter durante moito tempo amargas bágoas sobre a súa falta, e que nunca se verá consolado.

Mais: que fai este home rico, este pai de familia tan ocupado, e forzado, segundo el, a deixar os seus fillos no abandono? Págalle a outro home para que cumpra os coidados que el ten ao seu cargo. Alma venal! Cres darlle, con diñeiro, outro pai ao teu fillo? Non te enganes, non é nin mesmo un mestre o que lle das: é un criado. Axiña el ha convertelo nun subordinado.

Discútese moito sobre as calidades dun bo aío¹⁵. A primeira que eu había esixir del –e só esta supón xa moitas outras– é non ser un home que se vendese. Hai oficios tan nobres que non se poden facer por diñeiro sen mostrarse indigno de facelos, tal é o do home de guerra e tal é o de preceptor. “–Quen, entón, ha educar o meu fillo?”. “–Xa cho dixen: ti mesmo”. “Eu non podo”. “–Non podes?... Faite un amigo, entón. Non vexo outro recurso”.

¹⁵ Ver nota 9 (N. do T.).

Un aio! Que alma sublime!... De certo, para facer un home, un mesmo ten que ser ou pai ou máis que home. Velaí a función que vós lles confiades tranquilamente a uns mercenarios.

Canto máis un pensa, máis novas dificultades ve. Cumpría que o aio tivese sido educado para o seu alumno, que os seus domésticos tivesen sido educados para o seu amo, que todos os que se achegan a el tivesen recibido as impresións que eles deben comunicarlle. Cumpría, de educación en educación, remontar ata non se sabe onde. Como é posible que un rapaz sexa ben educado por aquel que non foi ben educado el mesmo?

Será imposible de atopar este raro mortal? Ignóroo. Nestes tempos de envilecemento: quen sabe o punto de virtude que pode aínda acadar unha alma humana? Mais supoñamos que atopamos este prodixio. Considerando o que el debe facer é como nós veremos o que el debe ser. O que eu creo ver de antemán é que un pai que sentira todo o valor dun bo aio tomaría a decisión de prescindir del, porque lle custaría máis traballo adquirilo que chegar a selo el mesmo. Quere, entón, facerse un amigo seu? Que eduque ao seu fillo para selo, velo aí dispensado de buscalo noutra parte; a natureza xa fixo a metade da obra.

Unha persoa da que eu non coñezo máis que o rango propúxome que educase ao seu fillo. Fíxome moito honor sen dúbida, mais lonxe de queixarse da miña negativa debe louvar a miña discreción. Se eu tivese aceptado a súa oferta e tivese errado co meu método, sería unha educación fallada; se tivese acertado tería sido ben peor: o seu fillo tería renegado do seu título e non querería xa ser príncipe.

Estou demasiado penetrado pola grandeza dos deberes dun preceptor e sento demasiado a miña incapacidade como para aceptar nunca semellante emprego sexa quen for quen mo ofrezca. E o interese da propia amizade non sería para min senón un novo motivo de rexeitamento. Creo que despois de ter lido este libro pouca xente se verá tentada de me facer esta oferta, e rogo aos que poderían verse que non pasen un traballo inútil. Fixen

xa en tempos proba suficiente deste oficio como para estar seguro de que non son axeitado para el, e a miña situación dispensaríame se os meus talentos chegasen a facerme capaz. Crin deber meu esta declaración pública destinada aos que parecen non concederme estima abondo para me crer sincero e fundado nas miñas resolucións.

Non estando en situación de cumprir a tarefa máis útil, ou sarei cando menos intentar a máis doada: seguindo o exemplo de tantos outros non poñerei mans á obra senón á pluma, e en lugar de facer o que cómpre, esforzareime en dicilo.

Sei que nas empresas semellantes a esta o autor, sempre ben a xeito dentro duns sistemas que está dispensado de pór en práctica, formula comodamente moitos fermosos preceptos imposibles de seguir, e que, a falta de detalles e de exemplos, mesmo o que el declara practicable permanece sen uso cando non mostrou a súa aplicación.

Tomei, logo, a decisión de me fornecer un alumno imaxinario, de supoñerme a idade, a saúde, os coñecementos e todos os talentos convenientes para traballar na súa educación e conducila dende o momento do seu nacemento ata aquel no que, convertido nun home feito, xa non terá necesidade doutro guía senón el mesmo. Este método paréceme útil para impedir que un autor que desconfía de si se perda en visións, porque dende que se arreda da práctica ordinaria non ten senón que experimentar a súa sobre o seu alumno; axiña ha sentir el, ou o lector en vez súa, se sigue o progreso da infancia e a marcha natural do corazón humano.

Velaí o que eu tratei de facer en todas as dificultades que se presentaron. Para non engrosar inutilmente o libro contenteime con poñer os principios dos que cadaquén debía sentir a verdade. Mais, canto ás regras que poden precisar probas, apliqueillas todas ao meu Emilio ou a outros exemplos, e fixen ver en detalles moi extensos cómo se podía practicar o que eu establecía; tal é cando menos o plano que me propuxen seguir. É o lector quen ten que xulgar se tiveren éxito.

De aí deriva que no comezo falase pouco de Emilio, porque os meus primeiros preceptos de educación, aínda que contrarios aos que están establecidos, son dunha evidencia tal que é difícil para todo home razoable refugarlle o seu consentimento. Mais, a medida que avanzo, o meu alumno, conducido de xeito diferente aos vossos, xa non é un rapaz ordinario: cómprelle un réxime expreso para el. Entón aparece con máis frecuencia en escena, e cara os últimos momentos non o perdo xa de vista un momento ata que, diga o que el diga, non teña a menor necesidade de min.

Non falo aquí das calidades dun bo aio, supóñoas e supóñoome a min mesmo dotado de todas esas calidades. Ao ler esta obra, verase canta liberalidade utilizo para comigo.

Repararei unicamente en que, contra a opinión común, o aio dun rapaz debe ser novo, e mesmo tan novo como poida selo un home asinado. Eu quixera que, de ser posible, fose tamén rapaz, que se puidese converter no compañeiro do seu alumno e atraer a súa confianza compartindo as súas diversións. Non hai suficientes cousas comúns entre a infancia e a idade madura como para que se chegue a formar nunca un vencello ben sólido para esta distancia. Os rapaces gaban ás veces aos vellos pero nunca lles queren.

Pretendese que o aio teña xa realizado unha educación. É de máis: un mesmo home só pode realizar unha; se fosen precisas dúas para ter éxito: con que dereito se emprendería a primeira?

Con máis experiencia saberíanse facer mellor as cousas, mais xa non se daría podido. Calquera que ten realizado unha vez este labor bastante ben como para sentir todas as súas mágoas, non intenta repetir nel, e se o desempeñou mal a primeira vez é un mal precedente para a segunda.

É moi diferente, recoñezoo, seguir un mozo durante catro anos a conducilo durante vinte e cinco. Vós dádeslle un aio ao voso fillo que xa está completamente formado, e eu quero que teña un antes de nacer. O voso home pode a cada lustro cambiar

de alumno e o meu nunca ha ter senón un. Vós distinguides o preceptor do aio: outra tolemia! Seica distinguides o discípulo do alumno? Non hai senón unha ciencia para lles ensinar aos rapaces: é a dos deberes do home. Esta ciencia é unha, e –dixera o que dixese Xenofonte da educación dos Persas– non se pode dividir. Polo resto, eu chámolle máis aio que preceptor ao mestre desta ciencia, porque se trata menos para el de instruír que de conducir. Non debe dar preceptos, debe facelos atopar¹⁶.

Se cómpre escoller con tanto coidado o aio, tamén a el lle é permitido escoller o seu alumno, sobre todo cando se trata dun modelo que propor. Esta escolla non debe basearse nin no xenio nin no carácter do rapaz, que non se dá coñecido senón ao final da obra, e que eu adopto antes de que el teña nacido. Aínda que puidese elixir, eu non collería senón unha mente común, tal como lla supoño ao meu alumno. Non precisamos educar senón os homes vulgares, só a súa educación debe servir como exemplo á dos seus semellantes. Os outros edúcanse pase o que pase.

O país non é indiferente ao cultivo dos homes. Eles non chegan a ser todo o que poden senón nos climas temperados. Nos climas extremos a desvantaxe é visible. Un home non está plantado como unha árbore nun país para quedar sempre nel, e o que parte dun dos extremos para chegar ao outro vese forzado a facer o dobre de camiño que fai para chegar ao mesmo punto aquel que parte dun punto medio.

Que o habitante dun país temperado percorra sucesivamente os dous extremos ten por riba unha vantaxe evidente, porque, aínda que se vexa tan modificado como aquel que vai dun extremo ao outro, con todo afástase da súa constitución natural só a metade. Un Francés vive en Guinea e máis en Laponia, pero un Negro non vivirá igualmente en Tornea¹⁷, nin un Samoiedo

¹⁶ Este aio moderno de Rousseau non sería o aio que historicamente existira denantes, senón que realizaría a tripla misión de *educar*, *instituír* e *instruír*. Ver nota 9 (N. do T.).

¹⁷ Cidade de Finlandia, na Laponia (N. do T.).

no Benín. Parece, ademais, que a organización do cerebro é menos perfecta nos dous extremos. Nin os Negros nin os Lapóns teñen o sentido dos Europeos. Se eu quero, daquela, que o meu alumno poida ser habitante da Terra, collereino nunha zona temperada, en Francia por exemplo, mellor que noutra parte.

No Norte os homes consomen moito nun chan ingrato, no Sur consomen pouco nun chan fértil; de aí nace unha nova diferenza que volve a uns laboriosos e a outros contemplativos. A sociedade ofrécenos nun mesmo lugar a imaxe destas diferenzas entre os pobres e os ricos: os primeiros viven no chan ingrato e os outros no país fértil.

O pobre non precisa educación, a do seu estado¹⁸ venlle pola forza, non podería ter outra; polo contrario, a educación que o rico recibe do seu estado é a que menos lle convén a el mesmo e á sociedade. Por outra banda, a educación natural debe volver a calquera home propio para todas as condicións humanas; ora ben, é menos razoable educar un pobre para ser rico que un rico para ser pobre, porque dada a proporción do número dos dous estados, hai máis arruinados que enriquecidos. Escollamos, entón, un rico: habemos estar seguros, cando menos, de termos feito un home máis, en canto que un pobre pode converterse en home en por el.

Pola mesma razón non me ha molestar que Emilio sexa nobre de nacemento. Sempre será unha vítima arrancada do prexuízo.

Emilio é orfo. Non importa que teña pai e nai. Encargado dos deberes destes, eu son sucesor de todos os seus dereitos. El debe honrar aos seus pais, pero non debe obedecerme máis ca a min. É a miña primeira, ou mellor, a miña única condición.

Teño que lle engadir estotra, que non é senón a continuación dela: que non nos han arredar endexamais un do outro senón co

¹⁸ A palabra ten aquí o sentido, moi frecuente na época, de "condición social" (N. do T.).

noso consentimento. Esta cláusula é esencial, e quixera mesmo que o alumno e o aio se atopasen totalmente inseparables, que o destino dos seus días fose sempre entre eles un obxecto común. Tan logo como pensan na súa afastada separación, tan logo como prevén o momento que ha volvelos estraños un ao outro, xa o son: cada un fai o seu pequeno sistema a parte e os dous, ocupados no momento no que xa non estarán xuntos, só permanecen alí a contragusto. O discípulo non contempla ao mestre senón como a enseña e o flaxelo da infancia, o mestre non contempla ao discípulo senón como un pesado fardo do que debece por ser descargado; degoran concertadamente o momento de se veren liberados un do outro e, como non hai nunca un verdadeiro vencello, un debe ter pouca vixilancia e o outro pouca docilidade.

Mais, cando se contemplan como se tivesen que pasar xuntos os seus días, impórtalles facerse querer un polo outro, e por iso mesmo se chegan a querer. O alumno non se ruboriza por seguir na súa infancia ao amigo que el debe ter cando sexa grande, o aio interésase nos coidados dos que debe recoller o froito, e todo o mérito que lle dá ao seu alumno é un investimento que el fai en proveito dos días da vellez.

Este tratado elaborado previamente supón un parto feliz e un rapaz ben formado, vigoroso e san. Un pai non ten escolla e non debe ter ningunha preferencia na familia que Deus lle dá: todos os seus fillos son fillos en igual maneira e el dálles a todos os mesmos coidados e a mesma tenrura. Sexan eivados ou non, sexan esmorecentes ou robustos, cada un deles é un depósito do que debe dar conta á man da que procede, e o matrimonio é un contrato feito coa natureza tanto como entre os cónxuxes.

Mais calquera que se impoña un deber que a natureza non lle impuxo debe asegurarse previamente os medios para cumprilo, outramente terá que render contas, mesmo do que non dea feito. O que se encarga dun alumno tolleito e valetudinario troca a súa función de aio pola de coidador de enfermos, perde

en coidar dunha vida inútil o tempo que destinaba a aumentar o seu prezo, expónse a ver unha nai chorosa reprocharlle un día a morte dun fillo que el lle terá conservado moito tempo.

Eu non me encargaría dun rapaz enfermizo e cacóquimo aínda que fose vivir oitenta anos. Non quero en absoluto un alumno sempre inútil para si mesmo e para os demais, que se ocupa unicamente en conservarse e de quen o corpo prexudica a educación da alma. Que había eu facer ao lle prodigar inutilmente os meus coidados senón dobrar a perda da sociedade e tirarlle dous homes por un? Que outro, a defecto de min, se encargue deste inválido, estou de acordo e aprobo a súa caridade, mais o meu talento non é ese: eu non sei en absoluto aprenderlle a vivir a quen non pensa senón en evitar morrer.

Cómpre que o corpo teña vigor para lle obedecer á alma: un bo servidor debe ser robusto. Ben sei que a intemperanza excita as paixóns; tamén extenúa o corpo co tempo: as maceracións e os xaxúns producen a miúdo o mesmo efecto por unha causa oposta. Canto máis feble é o corpo máis ordena, canto máis forte é máis obedece. Todas as paixóns sensuais se aloxan en corpos efeminados, e máis se irritan estes canto menos as poden satisfacer.

Un corpo feble debilita a alma. De aí o poderío da medicina, arte máis perniciosa para os homes que todos os males que pretende curar. Eu non sei, pola miña parte, de qué enfermidade nos curan os médicos, mais sei que eles nos producen outras ben funestas: a covardía, a pusilanimidade, a credulidade, o terror da morte; se curan o corpo tamén matan a coraxe. Que nos importa que fagan camiñar cadáveres? Son homes o que nos cómpre e non os vemos saír das súas mans.

A medicina está de moda entre nós, e debe estalo. É a diversión das xentes ociosas e desocupadas que, ao non saberen o que facer co seu tempo, pásano a se conservaren. Se tivesen a desgraza de naceren inmortais, serían os máis miserables dos seres: unha vida que nunca temerían perder non había ter prezo

ningún para eles. Esta xente precisa médicos que a ameacen para coidala e que lle dean cada día o único pracer que pode ter: o de non estar morta.

Non teño ningunha intención de me estender aquí sobre a vaidade da medicina. O meu obxecto non é senón considerala dende o aspecto moral. Non podo, con todo, deixar de reparar en que os homes fan sobre o emprego dela os mesmos sofismas que sobre a procura da verdade. Supoñen sempre que ao tratar un enfermo dá curado, e que ao procurar unha verdade dáse encontrado. Non ven que cómpre contrapesar a vantaxe dunha cura que o médico realiza coa morte de cen enfermos que matou, e a utilidade dunha verdade descuberta co dano que fan os erros que se transmiten ao mesmo tempo. A ciencia que instrúe e a medicina que cura son moi boas, sen dúbida, mais a ciencia que engana e a medicina que mata son malas. Aprendédenos, pois, a distinguilas. Velaí o nó da cuestión. Se souberamos ignorar a verdade nunca nos había enganar a mentira, se souberamos non querer curar malia a natureza non habíamos morrer nunca da man do médico: estas dúas abstinencias serían sabias; habíamos evidentemente gañar se nos someteramos a elas. Eu non discuto, pois, que a medicina non sexa útil para algúns homes, mais digo que é funesta para o xénero humano.

Hanme dicir, como fan sen cesar, que as culpas son do médico pero que a medicina en si mesma é infalible. Felizmente, mais, daquela, que veña sen médico porque en tanto que veñan xuntos haberá que temer cen veces máis erros do artista que agardar axuda da arte.

Esta arte mentireira, máis feita para os males do espírito que para os do corpo, non é máis útil para uns que para outros; cúranos menos das nosas doenzas do que nos imprime terror por elas, arreda menos a morte do que a fai sentir previamente, desgasta a vida en lugar de prolongala e, mesmo se a prolongase, había ser aínda en prexuízo da especie, pois que nos tira da sociedade polos coidados que nos impón e dos nosos deberes

polo pavor que nos transmite. É o coñecemento dos perigos o que fai que os temamos: aquel que se crese invulnerable non había ter medo de nada. A poder de armar a Aquiles contra o perigo, o poeta tálle o mérito da valentía: calquera no seu lugar tería sido un Aquiles polo mesmo prezo.

Queredes atopar homes con verdadeira coraxe? Procurádeos nos lugares onde non hai médicos, onde se ignoran as consecuencias das doenzas e onde non se pensa practicamente na morte. Por natureza o home sabe sufrir constantemente e morre en paz. Son os médicos coas súas receitas, os filósofos cos seus preceptos e os cregos coas súas exhortacións os que lle envilecen o corazón e lle fan desaprender a morrer.

Que me dean, pois, un alumno que non teña necesidade de toda esa xentiña ou eu rexeitareino. Non quero que outros derramen o meu traballo: quero educalo eu só ou non mesturarme no medio del. O sabio Locke, que pasara parte da súa vida no estudio da medicina, recomenda fortemente que nunca se medique aos rapaces nin por precaución nin por lixeiras incomodidades. Eu irei máis lonxe, e declaro que, igual que non chamo nunca os médicos para min, non o hei chamar nunca para o meu Emilio, a non ser que a súa vida estea nun perigo evidente, porque entón aquel non pode facer cousa peor que matalo.

Ben sei que o médico non ha deixar de tirar vantaxe desta dilación. Se o rapaz morre será por telo chamado tarde de mais, se se restablece será el quen o salvou. De acordo, que o médico triúñfe, mais, por riba de todo, que non o chamen senón no último extremo.

A falta de saber curarse, que o rapaz saiba estar enfermo: esta arte suple á outra, e a miúdo ten moito máis éxito ca ela, é a arte da natureza. Cando o animal está enfermo, sofre en silencio e permanece en acougo. Ora ben non se ve unha cantidade maior de animais languidecentes que de homes. Canta xente teñen matado a impaciencia, o temor, a inquedanza e, sobre todo os remedios! Xente que a súa enfermidade tería respectado e que o tempo tería curado só! Hanme dicir que os animais, ao

viviren dunha maneira máis conforme coa natureza, teñen que estar suxeitos a menos males ca nós. Pois ben: esta maneira de vivir é precisamente a que eu lle quero dar ao meu alumno, el ten, logo, que tirar dela o mesmo proveito.

A única parte útil da medicina é a hixiene, e aínda a hixiene é menos unha ciencia que unha virtude. A temperanza e o traballo son os dous verdadeiros médicos do home: o traballo aguza o seu apetito e a temperanza impídelle abusar del.

Para saber que réxime é o máis útil para a vida e para a saúde abonda con coñecer o réxime que observan os pobos máis sans, os máis robustos e que viven máis longamente. Se polas observacións xerais non se atopa que a utilización da medicina lles dá aos homes unha saúde máis firme ou unha vida máis longa, pola propia razón de que esta arte non é útil resulta prexudicial pois que emprega o tempo, os homes e as cousas en van. Non só perdemos de utilizar o tempo que pasamos en conservar a vida —e cómprenos restalo— senón que, cando este tempo é empregado en nos atormentar, resulta peor que nulo: é negativo. E para calcularmos de xeito equitativo cómpre deducirmos do que nos queda un tempo equivalente a este. Un home que vive dez anos sen médico, vive máis, para el mesmo e para os outros, do que vive un que durante trinta anos é vítima deles. Tendo experimentado unha e outra situación creo que teño máis dereito ca ninguén a tirar a conclusión.

Velaí as miñas razóns para non querer senón un alumno robusto e san e os meus principios para mantelo así. Non me hei deter en probar longamente a utilidade dos traballos manuais e dos exercicios do corpo para reforzaren o temperamento e a saúde: é algo que ninguén discute. Os exemplos das vidas máis longas tíranse case todos de homes que fixeron o maior exercicio, que soportaron máis fatiga e traballo.¹⁹ Non entrarei tam-

¹⁹ Velaquí un exemplo tirado dos papeis ingleses que non podo deixar de transcribir, de tantas reflexións como ofrece relativas ao meu asunto.

“Un particular chamado Patrice Oneil, nacido en 1647 acaba de casar en 1760 por sétima vez. Serviu nos dragóns o decimosétimo ano do reinado de Carlos II, e en diferentes

pouco en longos detalles sobre os coidados que adoptarei con este único obxectivo. Hase ver que eles entran tan necesariamente na miña práctica que abonda con adoptar o seu espírito para non necesitaren outra explicación.

Coa vida comezan as necesidades. O recién nacido precisa unha ama de cría. Se a nai consente en cumprir o seu deber, sexa noraboa. Daránselle instrucións por escrito, porque esta vantaxe ten o seu contrapeso e mantén o aio un pouco afastado do seu alumno. Mais hai que crer que o interese polo rapaz e a estima cara á persoa a quen ela accede a confiar un depósito tan querido han volver á nai atenta ás opinións do mestre, e todo o que ela queira facer é seguro que o fará mellor ca outra. Se precisamos unha ama de cría estraña, comecemos por escollela ben.

Unha das miserias da xente rica é a de estar enganada en todo. Se xulgan mal aos homes: hai que se asombrar? Son as riquezas as que os corrompen e, por xusta reciprocidade, eles son os primeiros en sentir a falta do único instrumento que coñecen. Todo está mal feito entre eles a excepción do que fan por si mesmos, e nunca fan case nada. Trátase de procurar unha ama? Faise que sexa o parteiro quen a escolla. Cal é a consecuencia diso? Que a mellor é sempre aquela que máis lle pagou a este. Eu non irei, daquela, consultar un parteiro para a de Emilio; hei ter coidado en escollela eu mesmo. Sobre este asunto se cadra non hei argumentar con tanta elocuencia coma un cirurxián, mais con certeza hei ter mellor fe, e o meu celo hame enganar menos do que a súa avaricia.

corpos ata 1740, en que se retirou. Participou en todas as campañas do rei Guillermo e do duque de Marlborough. Este home nunca bebeu senón cervexa ordinaria, sempre se alimentou con vexetais e non comeu carne senón nalgunhas comidas que lle daba á súa familia. O seu hábito sempre foi erguerse e deitarse co sol, a menos que os seus deberes llo teñan impedido. Arestora está nos seus cento trece anos de idade, con todo o entendemento e saúde, e camiña sen bastón. Malia a súa idade elevada, non está ocioso nin un momento, e todos os domingos vai á parroquia acompañado polos seus fillos, netos e bisnetos”.

Esta escolla non é tan gran misterio, as súas regras son coñecidas, mais non sei se non se debería concederlle unha pouca máis atención á idade do leite tanto como á súa calidade. O leite novo é completamente seroso e debe ser case aperitivo para purgar os restos do *meconio* que se acugula nos intestinos do rapaz que acaba de nacer. Pouco a pouco o leite colle consistencia e lle fornece un alimento máis sólido ao rapaz, que xa se fixo máis forte para dixerilo. Non carece seguramente de motivo o feito de que, nas femias de calquera especie, a natureza cambie a consistencia do leite segundo a idade do lactante.

Cumpriría, daquela, unha ama de cría recién parida para un rapaz recién nacido. Isto ten a súa complicación, seino, mais tan axiña como se sae da orde natural todo presenta as súas complicacións para facer ben as cousas. A única saída cómoda é facelas mal; tamén é a que se escolle.

Cumpriría unha ama tan sa de corazón como de corpo: a intemperanza das paixóns pode, coma a dos humores, alterar o seu leite. Ademais, limitarse unicamente ao físico é non ver senón a metade do obxectivo. O leite pode ser bo e a ama ruín; un bo carácter é tan esencial coma un bo temperamento. Se collemos unha muller viciosa, non digo que a súa cría vai contraer os seus vicios, mais digo que os ha padecer. Seica ela non lle debe, xunto co seu leite, coidados que piden celo, paciencia, dozura e limpeza? Se é comellona e intemperada, logo terá estragado o seu leite; se é negligente ou exaltada: que vai ser dun pobre coitadiño, á súa mercé, que non pode nin defenderse nin queixarse? Endexamais, en nada que poida existir, os malos son bos para ningunha cousa boa.

A escolla da ama é importante, canto máis que a súa cría non debe ter outra aia senón ela, igual que non debe ter outro preceptor senón o seu aio. Este uso era o dos antigos, menos discutidores e máis asisados ca nós. Despois de teren alimentado criaturas do seu sexo, as amas non se arredaban xa delas. Velaí por que, nas súas obras de teatro, a maior parte das confidentes

son amas. É imposible que un rapaz que pasa sucesivamente por tantas mans diferentes estea nunca ben educado. Con cada cambio, el fai secretas comparanzas que tenden sempre a diminuír a súa estima polos que o gobernan, e conseguintemente a súa autoridade sobre del. Se chega a pensar algunha vez que hai persoas adultas que non teñen máis razón que os rapaces, perdeuse toda a autoridade dos anos e a educación fallou. Un rapaz non debe coñecer outros superiores senón seu pai e súa nai, ou, en defecto deles, a súa ama e o seu aio, e aínda ven so-
brando un dos dous, mais este reparto é inevitable e todo o que se pode facer para pór remedio é que as persoas dos dous sexos que o gobernan estean tan de acordo sobre o seu labor que os dous non sexan senón un para el.

Cómpre que a ama viva un pouco máis comodamente, que tome alimentos un pouco máis substanciais, pero non que cambie completamente a maneira de vivir, porque un cambio brusco e total, mesmo para ben, é sempre perigoso para a saúde. E dado que o seu réxime ordinario deixouna ou volveuna sa e ben constituída: para que facerllo cambiar?

As labregas comen menos carne e máis legumes que as mulleres da cidade e este réxime vexetal semella máis favorable que contrario para elas e para os seus fillos. Cando crían rapaces burgueses, a elas danlles carne cocida con verduras, convencidos de que o caldo resultante da mestura lles fornece un mellor quilo²⁰ e produce máis leite. Eu non son en absoluto desta idea, e teño a prol de min a experiencia que nos aprende que os rapaces así alimentados están máis suxeitos ao cólico e aos vermes que os outros.

Non é cousa sorprendente, pois que a substancia animal en putrefacción ferve de vermes, o que non lle acontece igualmente a substancia vexetal. O leite, aínda que elaborado no corpo

²⁰ Líquido leitoso en que se transforma o quimo no intestino delgado (N. do T.).

do animal, é unha substancia vexetal²¹, a súa análise demostra, vira doadamente en ácido e lonxe de producir vestixio ningún de alcali volátil²², como fan as substancias animais, produce como as plantas un sal neutro esencial.

O leite das femias herbívoras é máis doce e máis saudable que o das carnívoras. Formado por unha substancia homoxénea á súa, conserva mellor a súa natureza e resulta menos suxeito á putrefacción. Tocante á cantidade, todo o mundo sabe que os farináceos producen máis sangue que a carne, polo que tamén deben producir máis leite. Non podo eu crer que un rapaz ao que non desleitaran demasiado cedo, ou que só fose desleitado con alimentos vexetais, e do que a ama non vivise tampouco senón de vexetais, chegase nunca a estar suxeito aos vermes.

Poida que os alimentos vexetais produzan un leite que se poña agre máis doadamente, pero eu estou moi lonxe de considerar o leite agreado como un alimento malsán. Pobos enteiros que non teñen outro alimento máis ca ese atópanse moi ben, e todo ese aparato de absorbentes²³ paréceme unha pura charlatanería. Hai temperamentos aos que o leite non lles convén en absoluto e, daquela, ningún absorbente llelo fai soportable, e os outros sopórtano sen absorbentes. Tense medo do leite preso ou callado e é unha tolemia, pois é sabido que o leite calla sempre no estómago. É así como se converte nun alimento sólido abondo para alimentar os rapaces e as crías dos animais; se non callara en absoluto, só estaría de paso e non os alimentaría²⁴.

²¹ As mulleres comen pan, legumes e lácteos, as femias dos cans e dos gatos tamén os comen, as lobas mesmo pacen. Velai zumes vexetais para o seu leite. Queda por examinar o das especies que non poden en absoluto alimentarse senón de carne, se é que estas existen, cousa que eu dubido.

²² Amoniaco (N. do T.).

²³ Refírese ás substancias que absorben o ácido no estómago (N. do T.).

²⁴ Aínda que os zumes que nos alimentan sexan líquidos, teñen que ser exprimidos de alimentos sólidos. Un home que traballase e non vivise senón de caldo limpo había esmorecer moi rapidamente. Sosteríase moito mellor con leite, porque calla.

Por moito que se corte o leite de mil maneiras, que se usen mil absorbentes, calquera que tome leite dixire queixo, non hai excepción. O estómago está tan ben feito para callar o leite, que é co estómago do cuxo co que se fai o callo.

Penso, daquela, que en lugar de cambiar a mantenza ordinaria das amas abonda con llela dar máis abundante e mellor escollida na súa especie. Non é pola natureza dos alimentos polo que o magro irrita, é só a condimentación deles a que os volve malsáns. Reformade as regras da vosa cocíña: non fagades rustridos nin frituras; que nin a manteiga nin o sal nin os lácteos pasen polo lume. Que os vosos legumes cocidos en auga non sexan condimentados senón ao chegaren quentiños á mesa. O magro, lonxe de irritar á ama, halle proporcionar leite en abundancia e da mellor calidade²⁵. Ou seica podería acontecer que, estando recoñecido o réxime vexetal como o mellor para o rapaz, fose o réxime animal o mellor para a ama? Hai unha contradición niso.

É sobre todo nos primeiros anos da vida cando o aire actúa sobre a constitución dos rapaces. Nunha pel delicada e mol penetra por todos os poros e afecta poderosamente os corpos nacentes, deixándolles impresións que non se borran en absoluto. Eu non sería, daquela, da opinión de que se tirase unha labrega da súa aldea para pechala nun cuarto na cidade e facerlle alimentar o rapaz na casa; prefiro que el vaia respirar o bo aire do campo antes ca ela o mal aire da cidade. El adoptará o estado da súa nova nai, vivirá na súa casa rústica e o seu aio seguirao alí. O lector lembrará ben que este aio non é un home pagado: é o amigo do pai. Mais – hanme dicir – cando este amigo non se encontra, cando este desprazamento non é fácil, cando nada do que vós aconsellades é factible: que facer en lugar disto?... Xa volo dixer: o que vós facedes. Non se precisa consello para iso.

²⁵ Os que queiran discutir máis polo miúdo as vantaxes e os inconvenientes do réxime pitagórico poden consultar os tratados que os doutores Cocchi e Bianchi, seu adversario, fixeron sobre este importante asunto.

Os homes non están feitos para estaren amoreados en formigueiros senón espaxados por riba da terra que deben cultivar. Canto máis se xuntan, máis se corrompen. As eivas do corpo así como os vicios da alma son o infalible efecto deste agrupamento demasiado numeroso. O home é de todos os animais o que menos pode vivir en rabaños. Os homes, en moreas como carneiros, habían perecer todos en pouquiño tempo. O alento do home é mortal para os seus semellantes: isto non é menos certo no sentido propio que no figurado.

As cidades son o abismo da especie humana. Á volta de varias xeracións, as razas perecen ou dexeneran: cómpre anovalas e é sempre o agro o que fornece para este anovamento. Enviade, daquela, aos vosos fillos a se renovaren eles mesmos, por dicilo así, e a recuperar en no medio dos campos o vigor que se perde no aire malsán dos lugares demasiado poboados. As mulleres embarazadas que están no agro apúranse en regresar á cidade para parir e deberían facer todo o contrario, maiormente as que queren alimentar aos seus rapaces. Terían menos que lamentar do que elas pensan e, nunha estadía máis natural para a especie, os praceres vencellados aos deberes da natureza habíanlles tirar ben axiña o gusto polos que non se relacionan con ela.

Primeiro, despois do parto, lávase o rapaz cunha pouca auga morna na que habitualmente se mestura viño. Esta adición do viño paréceme necesaria. Como a natureza non produce nada fermentado, non se debe crer que o emprego dun licor artificial teña importancia para a vida das súas criaturas.

Pola mesma razón, esa precaución de facer que a auga estea morna tampouco non é indispensable e, en efecto, multitude de pobos lavan os seus recién nacidos nos ríos ou no mar sen máis contemplación. Mais os nosos, amolecidos antes de naceren pola moleza dos pais e das nais, traen ao chegaren ao mundo un temperamento xa estragado que cómpre non expor de primeiras a todas as probas que deben restablecelo. Só progresivamente pódese volvelos ao seu vigor primitivo. Comezade,

entón, de primeiras por seguides o uso, e non vos afastedes del senón pouco a pouco. Lavade con frecuencia os rapaces: a súa sucidade mostra o necesario que é, e cando non se fai máis que limpalos esfólaselles a pel. Pero a medida que eles van collendo forza, diminuíde progresivamente a mornura da auga ata que finalmente os lavedes verán e inverno en auga fría e mesmo xeadá. Como para non expolos é importante que esta diminución sexa lenta, sucesiva e insensible, pódese utilizar o termómetro para medila con exactitude.

Este hábito do baño, unha vez establecido non debe ser xa interrompido, e é importante conservalo durante toda a súa vida. Eu considéroo non só dende o punto de vista da limpeza e da saúde actual senón tamén como unha precaución saudable para volver máis flexible a textura das fibras e facelas ceder sen esforzo e sen perigo ante os diversos graos de calor e de frío. Para iso, quixera eu que ao medraren se afixesen pouco a pouco a se bañaren por veces en augas quentes en todos os graos soportables, e con frecuencia en augas frías en todos os graos posibles. Así, despois de se teren habituado a aturar as diversas temperaturas da auga –que ao ser un fluído máis denso tócanos por máis puntos e aféctanos máis– volveríanse case insensibles ás do aire.

No momento no que o rapaz respira ao saír das súas envolturas, non permitades que lle poñan outras nas que vai estar máis estreito. Nada de testeiras, nada de faixas e nada de vurullo: baetas flotantes e amplas que deixen todos os seus membros en liberdade e non sexan nin tan pesadas que estorben os seus movementos nin tan quentes que lle impidan sentir as impresións do aire²⁶: Poñédeo nun rolo²⁷ grande e ben forrado de borra,

²⁶ Nas cidades, afogan aos rapaces a poder de mantelos pechados e vestidos. Os que os gobernan aínda non saben que o aire frío, lonxe de lles facer mal, refórzaos, e que o aire quente enfébélceos, prodúcelles febre e mátaos.

²⁷ Digo un *rolo* para empregar unha palabra usada, a falta doutra, porque, por outra banda estou convencido de que nunca é necesario arrolar aos rapaces e que este uso éelles a miúdo pernicioso.

no que el poida moverse a xeito e sen perigo. Cando comece a coller forza, deixádeo andar de gatiñas polo cuarto, deixádelle desenvolver e estender os seus pequenos membros e habédelos ver coller forza de día en día. Comparádeo cun rapaz ben envurullado da mesma idade e habédesvos asombrar da diferenza dos seus progresos²⁸.

Debemos esperar unha grande oposición por parte das amas, ás que un rapaz ben agarrotado lles dá menos traballo que outro polo que cómpre velar constantemente. Por outra banda, a súa sucidade faise máis sensible cun vestido aberto e cómpre limpalo máis a miúdo. Finalmente, o costume é un argumento que non se dará refutado nunca en certos países coa conformidade do pobo de todos os estamentos.

Non discutades coas amas: dade ordes, mirade o que fan e non aforredes nada para facer cómodos na práctica os coidados que vós teredes prescrito. E logo por que non os habiades compartir! Nos alimentos ordinarios, nos que non se mira senón o aspecto físico, con tal que o rapaz viva e non desmellore, o resto case non importa, mais aquí, onde a educación comeza coa vida, o rapaz, ao nacer, xa é discípulo, e non do aio senón da natureza. O aio non fai senón estudar baixo ese primeiro mestre e

²⁸ Os antigos Peruanos deixábanlles os brazos libres aos rapaces dentro dun vurullo moi amplo. Cando os tiraban del, deixábanos libres nun buraco feito no chan e forrado con panos, no que eles os deixaban baixar ata a metade do corpo; deste xeito, tiñan os brazos libres e podían mover a súa cabeza e flexionaren o corpo a vontade sen caíren nin se feriren. Des que podían dar un paso, presentábanlles a teta dende un pouquiño lonxe, coma un engado para obrígalos a camiñar. Os negriños atópanse ás veces nunha postura moito máis fatigosa para poderen mamar: abrazan unha das cadeiras da nai cos seus xeonllos e os seus pés, e apertan tanto que poden sosterse así sen o socorro dos brazos dela. Aférranse á teta coas súas mans e zugan constantemente sen se molestaren e sen caíren, malia os diferentes movementos da nai, que entrementes está a traballar nas súas cousas. Estes rapaces comezan a camiñar dende o segundo mes, ou mellor, a se arrastraren sobre dos xeonllos e das mans. Este exercicio proporciónalles despois a facilidade de correr nesta postura case tan rápido como se estivesen sobre dos seus pés. (*Hist. Nat.*, tomo IV, in -12, p.192).

A estes exemplos, o señor Buffon podería ter engadido o de Inglaterra, no que a extravagante e bárbara práctica do vurullo se abole de día en día. Consultade tamén *La Loubère, Viaxe a Siam*, o señor Le Beau, *Viaxe ao Canadá*, etc. Podería eu encher vinte páxinas de citas se precisase confirmar isto con feitos.

impedir que se contraríen os seus coidados. Vela pola criatura, obsérvaa, síguea e axexa con vixilancia a primeira luciña do seu feble entendemento igual que, ao se achegar o primeiro cuarto, os musulmáns axexan o momento de saír a lúa.

Nacemos capaces de aprender, mais sen sabermos nin coñecermos nada. A alma, encadeada en órganos imperfectos e semiformados, non ten nin mesmo o sentimento da súa propia existencia. Os movementos e os gritos do rapaz que acaba de nacer son efectos puramente mecánicos, desprovistos de coñecemento e de vontade.

Supoñamos que un rapaz tivese ao nacer a estatura e a forza dun home feito, que saíse da súa nai –por dicilo así– completamente armado, igual que Palas saíu do cerebro de Xúpiter. Este home–rapaz sería un perfecto imbécil, un autómatas, unha estatua inmóbil e case insensible. Non había ver nin oír nada, non había recoñecer a ninguén, non había saber virar os ollos cara ao que tería necesidade de ver. Non só non habería dexergar obxecto ningún fóra del propio senón que mesmo non lle había enviar ningún ao órgano do sentido que llo fixese dexergar. As cores non estarían nos seus ollos, os sons non estarían nas súas orellas e os corpos que tocase non habían estar sobre do seu: nin mesmo había saber que ten un. O contacto das súas mans estaría no seu cerebro, as súas sensacións todas reuniríanse nun punto só, non había existir senón no común *sensorium*, non había ter senón unha idea, a saber, a do *eu*, coa que el había relacionar todas as súas sensacións, e esta idea, ou mellor este sentimento, había ser a única cousa que tería por riba dun rapaz ordinario.

Este home, formado de súpeto, non había saber tampouco endereitarse sobre dos seus pés; precisaría moito tempo para aprender a sosterse neles en equilibrio. Se cadra nin mesmo había intentalo e vós habiades ver este corpo grande, forte e robusto, quedar quieto coma unha pedra ou andar de arrastro a catro patas coma un cadelíño.

Había sentir o malestar das necesidades sen as coñecer e sen imaxinar medio ningún de lles dar resposta. Non hai ningunha comunicación inmediata entre os músculos do estómago e os dos brazos e das pernas que, mesmo rodeado de alimentos, lle fixese dar un paso para se achegar a eles ou estender a man para os pillar e, como o seu corpo había estar xa medrado e os seus membros completamente desenvolvidos –e non había ter por conseguinte nin as inquiredanzas nin os movementos continuos dos rapaces– podería morrer de fame antes de se ter movido para buscar a súa mantenza. Por pouco que se teña cavilado sobre a orde e o progreso dos nosos coñecementos, non se pode negar que non fose este, aproximadamente, o estado primitivo de ignorancia e de estupidez natural do home antes de que tivese aprendido nada da experiencia ou dos seus semellantes.

Coñecemos, pois, ou podemos coñecer, o primeiro punto do que parte cada un de nós para chegar ao grao común do entendemento, pero: quen coñece o outro extremo? Cada un avanza máis ou menos segundo o seu xenio, o seu gusto, as súas necesidades, os seus talentos, o seu celo e as ocasións que ten de se adicar a eles. Descoñezo que ningún filósofo tivese sido abondo ousado para dicir: “Velaí o límite ao que home pode chegar e que non daría ultrapasado”. Ignoramos o que a nosa natureza nos permite ser: ningún de nós mediu a distancia que pode atoparse entre un home e máis outro. Cal é a alma baixa a quen esta idea non inflamou nunca e que non se dixo algunha vez no seu orgullo: “A cantos teño xa adiantado! A cantos podo aínda acadar! Por que o que é igual a min había ir máis lonxe?”

Repíto: a educación do home comeza co seu nacemento, antes de falar e antes de oír xa el está a se instruír. A experiencia precede ás leccións e no momento no que coñece á súa ama xa leva adquirido moito. Sorprenderían os coñecementos do home máis groseiro se fixésemos o seguimento do seu progreso dende o instante no que naceu ata o que ten chegado. Se repartísemos toda a ciencia humana en dúas partes, unha común

a todos os homes e outra particular aos sabios, esta había ser moi pequena en comparanza coa outra. Mais nós non pensamos case nas adquisicións xerais porque se fan sen pensar nelas e mesmo denantes da idade da razón, e porque, por outra banda, o saber non se fai notar senón polas súas diferenzas, e mais porque, como nas ecuacións de álgebra, as cantidades comúns non contan nada.

Os propios animais adquiren moito. Teñen sentidos e cómpre que aprendan a os utilizar, teñen necesidades e cómpre que aprendan a lles dar resposta, cómpre que aprendan a comer, a camiñar, a voar. Os cuadrúpedes que se manteñen en pé dende que nacen non por iso saben camiñar: vese nos seus primeiros pasos, que son intentos pouco seguros. Os seríns que escapan das súas gaiolas non saben voar porque nunca teñen voado. Todo é instrución para os seres animados e sensibles. Se as plantas tivesen un movemento progresivo cumpriría que tivesen sentidos e que adquirisen coñecementos, outramente as especies habían perecer axiña.

As primeiras sensacións dos rapaces son puramente afectivas: non perciben máis que o pracer e a dor. Ao non poderen nin camiñar nin agarrar, precisan moito tempo para se formaren pouco a pouco as sensacións representativas que lles mostran os obxectos fóra deles mesmos. Mais, agardando a que estes obxectos se estendan e se afasten, por dicilo así, dos seus ollos e adquiran para eles dimensións e figuras, o retorno das sensacións afectivas comeza a sometelos ao imperio do hábito. Vese os seus ollos viraren sen cesar cara á luz, e se esta lles chega de lado, adquiriren insensiblemente esta dirección, de xeito que debemos ter coidado con opormos o seu rostro contra o día, por medo a que se volvan birollos ou que se afagan a mirar só de esguello. Cómpre tamén que se afagan dende cedo ás tebras. Outramente, choran e berran tan axiña como se atopan na escuridade. A mantenza e o sono, medidos de xeito demasiado exacto, fánselles necesarios ao cabo dos mesmos intervalos, e

moi logo o desexo non procede xa da necesidade senón do hábito, ou, mellor dito, o hábito engade unha nova necesidade á da natureza: velaí o que cómpre previr.

O único hábito que lle debemos deixar coller ao rapaz é o de non contraer ningún. Que non o leven máis nun brazo que no outro, que non o afagan a presentar unha man máis que a outra, a utilizala máis a miúdo, a querer comer, durmir ou ter actividade nas mesmas horas, a non poder quedar só nin pola noite nin polo día. Preparede de lonxe o reino da súa liberdade e a utilización das súas forzas deixándolle ao seu corpo o hábito natural, poñéndoo en situación de ser sempre amo de si mesmo e de facer todas as cousas á súa vontade, tan axiña como a teña.

Des que o rapaz comeza a distinguir os obxectos é importante escoller os que se lle mostran. Por natureza todos os obxectos novos interésanlle ao home. Séntese tan feble que teme todo o que descoñece: o hábito de ver obxectos novos sen que lle afecten destrúe ese temor. Os rapaces criados en casas limpas nas que non se permiten as arañas téñenlles medo, e este medo permanécelles a miúdo ao seren grandes. Nunca teño eu visto labregos, nin home nin muller nin rapaz, que tivesen medo das arañas.

Daquela: por que a educación dun rapaz non había comezar antes de que fale e oia, xa que a simple escolla dos obxectos que lle presentan é quen de volvelo temeroso ou valente? Quero que o afagan a ver obxectos novos, animais feos, noxentos, estraños, mais pouco a pouco e de lonxe, ata que el estea afeito e que, a poder de ver como outros os tocan, chegue finalmente a tocalos. Se durante a súa infancia ten visto sen espanto sapos, serpes e cangrexos, ha ver sen horrorizarse, cando sexa grande, calquera animal que sexa. Non existen xa obxectos repulsivos para quen os ve todos os días.

Todos os rapaces lles teñen medo ás máscaras. Eu comezo por lle mostrar a Emilio unha máscara dun rostro agradable, e despois alguén pon diante súa esta máscara na cara, eu bótome

a rir, todo o mundo ri e o rapaz ri coma os outros. Pouco a pouco vouno afacendo a máscaras menos agradables, e finalmente a figuras repugnantes. Se fun graduando ben, lonxe de asustarse da última máscara, ha rir dela como da primeira. Despois disto non temo que o asusten xa as máscaras.

Cando, nos adeuses de Andrómaca e Héitor, o pequeno Astianax, asustado do penacho que flota enriba do casco de seu pai non o recoñece, bótase chorando no colo da súa ama e arranca da súa nai un sorriso mesturado con bágoas. Que cómpre facer para curar este medo? Precisamente o que fai Héitor: pousar o casco no chan e a seguido acariñar ao neno. Nun momento máis tranquilo, non quedaría así a cousa: achegaríanse ao casco, xogarían coas plumas, farían que o rapaz as tocara e finalmente a ama collería o casco e o poñería rindo na súa propia cabeza, se e que a man dunha muller ousara tocar as armas de Héitor.

Se se trata de exercitar a Emilio no ruído dunha arma de fogo, eu queimo primeiro un fulminante nunha pistola. Esta chama brusca e pasaxeira, esta especie de lóstrego, alédao; repito a mesma cousa con máis pólvora e pouco a pouco vou engadindo na pistola unha carga pequena sen taco e logo unha máis grande; finalmente afágoos aos disparos de fusil, aos morteiros, aos canóns e ás detonacións máis terribles.

Teño reparado en que os rapaces raramente teñen medo do trebón, a menos que os estoupidos sexan horrorosos e firan realmente o órgano do oído. Outramente este medo non lles ven mais que cando aprenderon que o trebón fire ou mata ás veces. Cando a razón comeza a asustalos, facede que o hábito os tranquilice. Cunha gradación lenta e controlada faise ao home e ao rapaz intrépidos para todo.

No comezo da vida, cando a memoria e a imaxinación aínda están inactivas, o rapaz non está atento senón ao que afecta nese momento aos seus sentidos. Ao seren as súas sensacións os primeiros materiais dos seus coñecementos, ofrecerllos nunha

orde axeitada é preparar a súa memoria para que esta llos forneza un día na mesma orde ao seu entendemento. Mais, como só está atento ás súas sensacións, abonda de primeiras con lle mostrar ben nidiamente a relación destas mesmas sensacións cos obxectos que as provocan. El quere tocar todo, manipular todo: non vos opoñades a esta inqueda por que lle suxire unha aprendizaxe moi necesaria. É así como aprende a sentir a calor, o frío, a dureza, a moleza, a pesadez e a lixeireza dos corpos, a vulgar o seu tamaño, o seu aspecto e todas as súas calidades sensibles, mirando, apalpando²⁹, escoitando e sobre todo comparando a vista co tacto, estimando co ollo a sensación que sentirían os seus dedos.

Só a través do movemento aprendemos que hai cousas que non son nós mesmos, e só a través do noso propio movemento adquirimos a idea da extensión. É porque o rapaz non ten esta idea polo que tende indiferentemente a man para pillar o obxecto que o toca ou o obxecto que está a cen pasos del. Este esforzo que el fai parécenos un signo de mandato, unha orde que el lle dá ao obxecto para que se achegue, ou a vós para que llo levedes, e nada diso: é só que os mesmos obxectos que el vía primeiro no seu cerebro e despois nos seus ollos, agora el veos no extremo dos seus brazos, e non imaxina máis extensión ca aquela que el pode acadar. Tede, entón, coidado en pasealo a miúdo, en transportalo dun lugar a outro, en lle facer sentir o cambio de lugar, a fin de lle aprender a vulgar as distancias. Cando el comece a coñecelas, daquela cómpre cambiar de método e non levalo senón como vos gusta a vós e non como lle gusta a el, porque tan axiña como o sentido non o engana o seu esforzo cambia de causa. Este cambio é notable e pide explicación.

²⁹ O olfacto é de entre todos os sentidos o que máis tarde se desenvolve nos rapaces: ata a idade dos dous ou tres anos non semella que sexan sensibles nin aos bos nin aos malos cheiros; tocante a isto teñen a indiferenza, ou mellor dito a insensibilidade, que se observa en moitos animais.

O malestar das necesidades exprésase a través de sinais cando é necesario o socorro doutra persoa para solucionalo; de aí os gritos dos rapaces. Choran moito e así debe ser. Dado que todas as súas sensacións son afectivas, cando son agradables gózanas en silencio e cando son penosas dino na súa linguaxe e piden alivio. Ora ben, en canto eles están espertos non poden practicamente permanecer en estado de indiferenza: ou dormen ou aféctanlles.

Todas as nosas linguas son produto do artificio. Durante moito tempo indagouse se había unha lingua natural e común a todos os homes. Sen dúbida que hai unha: é a que os rapaces falan antes de saberen falar. Esta lingua non é articulada pero é acentuada, sonora e intelixible. O emprego das nosas fíxonos descoidala ata o punto de esquecerla de a feito. Estudiemos os rapaces e axiña habemos volver aprendela ao seu carón. As amas son os nosos mestres desta lingua: entenden todo o que din as súas crías, respóndenlles, conversan con elas en diálogos moi artellados e, aínda que pronuncien palabras, estas son perfectamente inútiles: non é o sentido das palabras o que os rapaces entenden senón o acento que as acompaña.

Á linguaxe da voz únese a do xesto, non menos enérxico. Este xesto non está nas febles mans dos rapaces, está nos seus rostros. É asombrosa canta expresión teñen xa estas fisionomías mal formadas; os seus trazos cambian dun momento a outro cunha inconcibible rapidez: vedes neles o sorrir, o desexo e o espanto naceren e pasaren coma lóstregos; de cada vez credes ver un rostro distinto. Teñen, de certo, os músculos da cara máis móbiles ca nós. Pola contra, os seus ollos apagados case non din nada. Tal debe ser a caste dos seus sinais nunha idade na que só se teñen necesidades corporais: a expresión das sensacións está nas carantoñas e a expresión dos sentimentos está nas olladas.

Igual que o primeiro estado do home é a miseria e a febleza, as súas primeiras voces son os laios e os choros. O rapaz sente

as súas necesidades e non pode satisfacelas, implora o socorro dos outros a través de gritos; se ten fame ou sede, chora; se ten frío ou calor de máis, chora; se ten necesidade de movemento e o manteñen en repouso, chora; se quere durmir e o abanean, chora. Canto menos domina a súa maneira de estar, máis frecuentemente pide que a cambien. Non ten máis que unha linguaxe, porque non ten –por dicilo así– máis que un tipo de malestar: na imperfección dos seus órganos non dá distinguido as súas diversas impresións e todos os males non forman para el máis que unha sensación de dor.

Destes choros que se creían tan pouco dignos de atención nace a primeira relación do home con todo o que o rodea; fór-xase aquí o primeiro elo desta longa cadea da que está formada a orde social.

Cando o rapaz chora está mal a xeito, ten algunha necesidade que non da satisfeito. Examinamos e buscamos esa necesidade, atopámola e dámoslle solución. Cando non a atopamos ou cando non a damos solucionado, os choros continúan e moléstannos; aloumiñamos ao rapaz para que cale, arrolámolo e cantámoslle para que adormeza; se é testán, impacientámonos e ameazámolo, e hai amas brutais que ás veces lle baten. Velaí unhas estrañas leccións para a súa entrada na vida.

Non hei esquecer nunca a visión dun destes incómodos choróns ao que a súa ama lle bateu así. Calou decontado e eu crin que se intimidara. Eu dicíame: “Ha ser unha alma servil da que non se ha obter nada senón por medio do rigor”. Enganábame: o coitadiño afofaba coa carraxe, perdera a respiración e eu vino poñerse morado. Un momento despois chegaron os gritos agudos: todos os sinais do resentimento, da furia e da desesperación desta idade estaban nos seus acentos. Eu cheguei a temer que expirase nese acoro. Mesmo se tivese dubidado de que o sentimento da xustiza e da inxustiza fose innato no corazón do home, só este exemplo teríame convencido. Estou seguro de que un tizón ardendo que caíse por casualidade na man deste

rapaz tería sido menos sensible para el que este golpe, bastante lixeiro pero dado coa intención manifesta de aldraxalo.

Esta disposición dos rapaces ao esaxero, ao despeito e á carraxe quere atencións excesivas. Boerhaave pensa que as súas doenzas son maiormente do tipo das convulsivas porque, ao ser a cabeza proporcionalmente máis grosa e o sistema dos nervios máis extenso que nos adultos, o tecido nervioso é máis susceptible de irritación. Afastade deles co maior coidado os domésticos que os aboutan, os irritan e os impacientan: son para eles cen veces máis perigosos e máis funestos que as agresións do aire e das estacións. En canto que os rapaces só encontren resistencia nas cousas e non nas vontades non se han volver rebeldes nin coléricos e hanse conservar en mellor saúde. Esta é unha das razóns polas que os rapaces do pobo, máis libres e máis independentes, son xeralmente menos débiles, menos delicados e máis robustos que os que se pretende educar mellor contrariándoos sen cesar. Pero cómpre pensar sempre que hai moita diferenza entre obedecerlles e non contrarialos.

Os primeiros choros dos rapaces son rogos e, se non se ten coidado con eles, axiña se converten en ordes. Comezan por facerse atender e acaban por facerse servir. Así, da súa propia febleza –da que procede de primeiras o sentimento da súa dependencia– nace despois a idea do poderío e da dominación, pero –ao se atopar esta idea menos excitada polas súas necesidades que polos nosos servizos– aquí comezan a se facer notar os efectos morais que non teñen a súa causa inmediata na natureza, e xa se ve por que, dende esta primeira idade, resulta importante discernir a intención secreta ditada polo xesto ou polo grito.

Cando o rapaz tende a man con esforzo sen dicir nada, coida acadar o obxecto porque non se decata da distancia á que está, e engánase. Mais cando se queixa e grita tendendo a man, daquela non se engana xa sobre a distancia senón que lle ordena ao obxecto que se achegue, ou a vós que llo levedes. No

primeiro caso, levádeo a carón do obxecto devagar e a pasiños, no segundo, non fagades sequera coma quen que o entendedes: canto máis grite menos debedes escoitalo. É importante afacelo dende cedo a que non lles dea ordes nin aos homes, porque non é o seu amo, nin ás cousas, porque estas non o entenden. Así, cando un rapaz desexa algo que ve e que lle queren dar, é mellor levar ao rapaz a carón do obxecto que levarlle o obxecto ao rapaz; el tira desta práctica unha conclusión propia da súa idade e non existe outro medio para lla suxerir.

O abade de Saint-Pierre³⁰ chamáballes aos homes “rapaces grandes” e poderíase en reciprocidade chamarlles aos rapaces “homes pequenos”. Estas frases conteñen a súa verdade como sentencias, mais como principios precisan aclaración. Pero cando Hobbes lle chamaba ao malvado “un rapaz robusto” dicía unha cousa absolutamente contraditoria. Toda maldade procede da febleza: o rapaz non é malo senón porque é feble; fortalecédeo e ha ser bo: aquel que puidera todo, nunca había facer mal. De todos os atributos da Divindade todopoderosa, a bondade é aquel sen o que ela resulta menos concibible. Todos os pobos que recoñeceron dous principios consideraron sempre o malo como inferior ao bo, sen o cal terían feito unha suposición absurda. Ledo mais adiante, nesta obra, a “Profesión de fe do vicario saboiano”.

Só a razón nos aprende a coñecer o ben e o mal. A conciencia que nos fai amar un e odiar o outro, aínda que é independente da razón, non pode, pois, desenvolverse sen ela. Antes da idade da razón nós obramos ben ou mal sen sabelo, e non hai moralidade nas nosas accións, aínda que a haxa ás veces no sentimento das accións doutro relacionadas connosco. Un rapaz quere descompor todo o que ve: rompe e creba todo o que dá acadado, agarra un paxaro do mesmo xeito que agarraría unha pedra, e afógao sen saber o que fai.

³⁰ Véxase nota 103.

Por que iso? De primeiras, a filosofía vai explicalo polos vicios naturais: o orgullo, o espírito de dominación, o amor propio, a maldade do home... O sentimento da súa febleza –podería ela engadir– volve o rapaz ávido de facer actos de forza e de probarse a el mesmo o seu propio poder. Mais repara nese vello tolleito e estragado, que retorna á febleza da infancia seguindo o círculo da vida humana: non só permanece inmóbil e apacible, senón que, por riba, quere que todo permaneza así ao redor del; o menor cambio túrbao e inquiétao, quixera ver reinar unha calma universal. Como é que a mesma impotencia unida ás mesmas paixóns podería producir efectos tan diferentes nas dúas idades se a causa primitiva non cambiara? E onde podemos buscar esta diversidade de causas se non é no estado físico dos dous individuos? O principio activo, común aos dous, está a se desenvolver nun e a se apagar no outro, nun está a se formar e no outro a se destruír, nun tende cara á vida e no outro cara á morte. A actividade esmorecente concéntrase no corazón do vello, no do rapaz é superabundante e reborda cara a fóra, séntese –por dicilo así– con vida suficiente para animar todo o que o rodea. Que el faga ou desfaga non ten importancia, abonda con que cambie o estado das cousas, e todo cambio é unha acción. Se semella ter maior inclinación a destruír non é por maldade, é que a acción que forma é sempre lenta e a que destrúe, ao ser máis rápida, convén mellor para a súa vivacidade.

Ao mesmo tempo que o autor da natureza lles dá aos rapaces este principio activo, ten conta de que sexa pouco nocivo, deixándolles pouca forza para se adicaren a iso. Mais tan logo poden eles considerar á xente que os rodea como instrumentos que depende deles facer actuar, utilízanos para seguiren a súa inclinación e supliren a súa propia febleza. Velá como se volven incómodos, tiranos, imperiosos, malvados e indomables. Esta progresión non procede dun espírito natural de dominación senón que é ela quen llelo infunde. Porque non se necesita unha longa experiencia para sentir o moi agradable que é actuar

a través das mans doutro e non precisar máis que mover a lingua para facer mover o universo.

Ao medrar un adquire forzas, faise menos inquieto, menos bulideiro, e péchase máis en si mesmo. A alma e o corpo pónense, por dicilo así, en equilibrio, e a natureza só nos pide o movemento necesario para a nosa conservación. Mais o desexo de mandar non se apaga coa necesidade que o fixo nacer: o poderío desperta e aloumiña o amor propio e o hábito fortaléceo. Así o capricho sucede á necesidade, así toman as súas primeiras raíces os prexuízos e a opinión.

Unha vez coñecido o principio, vemos claramente o punto no que se abandona o camiño da natureza. Vemos o que cómpre facer para se manter nel.

Lonxe de teren forzas superfluas, os rapaces non as teñen nin mesmo suficientes para todo o que lles pide a natureza. Cómpre, entón, deixarlles empregar todas as que ela lles dá e das que non poderían abusar. Primeira máxima.

Cómpre axudalos e suplilos no que lles falta, quer en intelixencia, quer en forza, en todo aquilo que é necesidade física. Segunda máxima.

Cómpre, na axuda que se lles dá, limitarse só ao realmente útil, sen conceder nada ao capricho ou ao desexo sen razón, porque o capricho non os ha atormentar se non se fixo nacer, dado que non está na natureza. Terceira máxima.

Cómpre estudar con coidado a súa linguaxe e os seus signos, a fin de que, nunha idade na que eles non saben disimular, se distinga nos seus desexos o que procede directamente da natureza e mais o que procede da opinión. Cuarta máxima.

O espírito destas regras é concederlles aos rapaces máis liberdade verdadeira e menos poderío, deixarlles facer máis por eles mesmos e esixir menos a outros. Así, afacéndose dende cedo a limitar os seus desexos ás súas forzas, han sentir pouco a privación daquilo que non estea no seu poder.

Velaí, pois, unha nova razón, e moi importante, para deixar os corpos e os membros dos rapaces absolutamente libres, coa

única precaución de afastalos do perigo das caídas e de arredar das súas mans todo o que pode ferilos.

Infaliblemente, un rapaz que teña o corpo e os brazos libres ha chorar menos que un rapaz empanicado nun vurullo. O que só coñece as necesidades físicas non chora senón cando sofre, e é unha gran vantaxe porque entón sábese no momento oportuno cando el precisa socorro e non se debe tardar un instante en llo dar, se é posible. Mais, se vós non podedes alivialo, estade tranquilos, sen o aloumiñardes para que acougue: as vosas caricias non han curar o seu cólico. En troques, hase lembrar do que cómpre facer para que o aloumiñen, e se sabe unha vez facer que vos ocupedes del á súa vontade velái que se converteu no voso amo: todo está perdido.

Menos contrariados nos seus movementos os rapaces han chorar menos; menos importunados polos seus choros habémosnos atormentar menos por facelos calar; ameazados ou aloumiñados con menor frecuencia han ser menos temerosos ou menos testáns e han permanecer mellor no seu estado natural. É menos deixando chorar aos rapaces que apurándose a calmalos, como se lles provocan crebaduras, e a miña experiencia é que os rapaces máis desatendidos están menos suxeitos a elas que os outros. Estou moi lonxe de pretender con iso que os desatendan: polo contrario, é importante que nos anticipemos ás súas necesidades e que non nos deixemos advertir delas polos seus gritos. Mais tampouco non quero que os coidados que se lles dan sexan mal entendidos. Por que habían eles deixar de chorar desde que viran que os seus choros conseguen tantas cousas? Sabedores do prezo que se lle dá ao seu silencio evitan moito prodigalo. Ao final fano valer tanto que non se dá pagado xa, e é entón como, a poder de chorar sen éxito, se forzan, se esgotan e se matan.

Os longos choros dun rapaz que non está atado nin enfermo e ao que non deixan carecer de nada son só choros de hábito e de obstinación. Non son produto da natureza senón da ama que, por non saber aturar a molestia, o que fai é multiplicala,

sen pensar que facendo calar hoxe ao rapaz incítano a chorar máis mañá.

O único medio de curar ou de previr este hábito é non lle facer caso ningún. A ninguén lle gusta pasar un traballo inútil, mesmo aos rapaces. Son obstinados nas súas tentativas pero se vós tedes máis constancia ca eles teimosía, retráense e non volven a elas. É este o xeito de lles aforrar choros e de afacelos a que non os vertan máis que cando a dor os forza.

Por outra banda, cando choran por capricho ou por obstinación, un medio seguro de lles impedir continuar é distraelos con algún obxecto agradable e rechamante que lles faga esquecer que querían chorar. A maioría das amas son excelentes nesta arte e ben manexada é moi útil, mais é de extrema importancia que o rapaz non se decate da intención de distraelo e que se divirta sen se decatar que están a pensar nel; ora ben, nisto todas as amas son incompetentes.

Desléitase aos rapaces todos demasiado cedo. O tempo no que se deben desleitar ven indicado pola erupción dos dentes, e esta erupción é xeralmente penosa e dolorosa. Por un instinto mecánico, o rapaz leva entón a miúdo á súa boca todo o que ten nas mans, para mastigalo. Pénsase que se lle facilita a operación ao lle dar como enredo algún corpo duro como o marfil ou o dente de lobo. Creo que é cousa errada. Estes corpos duros, aplicados nas enxivas, lonxe de amolecelas, vólvenas encalecidas, endurecidas e preparan unha rachadura máis penosa e máis dolorosa. Tomemos sempre o instinto como exemplo. Non vemos aos cadeliños exercitaren sobre callaos, ferro ou osos os dentes que lles nacen, senón sobre madeira, coiro, farrapos e materias moles que ceden e nas que o dente se imprime.

Non sabemos xa ser sinxelos en nada, nin mesmo no entorno dos rapaces. Axóuxeres de prata e de ouro, coral, cristais tallados, ruxerruxes de todo prezo e de toda caste... Cantos preparativos inútiles e perniciosos! Fóra todo iso. Nada de axóuxeres nin de ruxerruxes. Unhas póliñas de árbores coas súas froitas e

as súas follas, unha papoula na que se oe soar as sementes ou un pau de regaliz que pode zugar e mascar, hano divertir tanto coma esas magníficas lilainas e non han ter o inconveniente de afacelo ao luxo dende o seu nacemento.

Está recoñecido que as papas non son mantenza moi sa. O leite fervido e a fariña crúa orixinan moita saburra e convéñenlle mal ao noso estómago. Nas papas a fariña está menos cocida que no pan e ademais non fermentou; parécenme preferibles a sopa de pan e a crema de arroz. Se se quere por riba de todo preparar papas, convén tostar un pouquechiño a fariña denantes. Faise na miña terra, coa fariña así torrefactada, unha sopa moi agradable e moi sa. O caldo de carne e o das verduras son tamén un alimento mediocre que cómpre usar o menos posible. É importante que os rapaces se afagan primeiro a mastigar: é o verdadeiro medio de facilitar a erupción dos dentes e, cando comezan a tragar, os xugos salivais mesturados cos alimentos facilítanlles a dixestión destes.

Daquela, eu daríalles a mastigar froitos secos e codelas. Daríalles, para enredar, pauciños de pan duro ou de galleta semellante ao pan do Piemonte, que no país chaman *grisses*³¹. A poder de faceren amolecer este pan na súa boca, habían tragar finalmente un pouco. Os seus dentes habían estar fóra, e eles estaren desleitados, case sen nos decatar. Os labregos teñen de ordinario o estómago moi bo e mais non os desleitan con moitos máis miramentos.

Os rapaces escoitan falar dende que nacen: non só lles falan antes de que comprendan o que lles din senón antes de que

³¹ Hoxe en francés a denominación é *gressins*, e en italiano *grissini*. Segundo unha tradición, o duque Vittorio Amedeo II de Savoia sufría de mozo importantes problemas intestinais, agravándose a situación en 1675, cando contaba nove anos de idade. O médico da Corte atribuíunos a que o pan que tomaba contiña xermes patóxenos e mandou fabricar uns pauciños de pan ben levedado e cocido, con pouca miga e moita codia, como o que lle fabricara súa nai cando, de rapaz, tamén el tivera problemas intestinais. O duque curou decontado e despois foi o organizador do Estado de Savoia e máis tarde rei de Sicilia e de Sardeña (N. do T.).

poidan devolver as voces que oen. O seu órgano, aínda entalado, non se presta senón pouquiño a pouco á imitación dos sons que lles ditan, e mesmo non é seguro que estes sons cheguen de primeiras ao seu oído dun xeito tan nidio como ao noso. Non desaprobo que a ama divirta ao rapaz con cantos e acentos moi ledos e variados, mais desaprobo que o atorde sen cesar cunha multitude de palabras inútiles das que el non entende nada fóra do ton que aquela emprega. Quixera eu que os primeiros sons articulados que lle fan oír fosen escasos, doados e nidios, repetidos a miúdo, e que as palabras que estes sons expresan só se relacionasen con obxectos sensibles que se puidesen mostrar antes ao rapaz. A malfadada facilidade que nós temos para nos enchermos de palabras que non entendemos comeza máis cedo do que pensamos. O escolar escoita na clase a labia do seu profesor igual que escoitaba no vurullo a leria da súa ama. Paréceme unha instrución moi útil o educalo para non entender nada.

Cando queremos ocuparnos da formación da linguaxe e das primeiras falas dos rapaces nacen unha multitude de reflexións. Fagamos o que fagamos, eles han aprender sempre a falar da mesma maneira e todas as especulacións filosóficas son nisto da máis grande inutilidade.

En primeiro lugar, eles teñen, por dicilo así, unha gramática da súa idade, cunha sintaxe que ten regras máis xerais que as nosas, e, se mirásemos atentamente, asombrariámonos da exactitude coa que seguen certas analoxías, moi viciosas se queremos, pero moi regulares e que non chocan senón pola súa dureza ou porque o uso non as admite. Acabo de oír a un pai rifarlle moito a un pobre rapaz porque este lle dixera : *Meu pai, non o dou facido*³². E mais vese que este rapaz seguía mellor a

³² A frase á que se refire Rousseau no orixinal é *Mon père, irai-je-t-y*, na que aparece un *y* (adverbio de lugar que significa "alá") que se considera incorrecto detrás do verbo nesta frase máis que si se coloca nesa posición cun imperativo afirmativo (*Vas-y*). Por outra banda, Rousseau chama a atención sobre o bo sentido lóxico e lingüístico do rapaz autor da frase ao desfacer mediante o *t* un hiato como fai o francés noutras ocasións (por exemplo en *a-t-il?*). Nós empregamos un exemplo galego máis sinxelo baseado no mesmo principio da analoxía (N. do T.).

analoxía que os nosos gramáticos, pois, dado que lle dicían *Non o das comido*, porque non había el de dicir *facido*? Seica é culpa do pobre rapaz se nós temos conservado un participio irregular cando nos outros verbos non o facemos? É unha pedantería insoportable e un coidado totalmente superfluo adicarse a corrixir nos rapaces todas estas faltiñas que van contra o uso e que non deixan de corrixir en por eles co tempo. Falade sempre correctamente diante súa, facede que non se sintan tan ben con ninguén como convosco e podeades estar seguros de que, insensiblemente, a súa linguaxe hase ir depurando á maneira da vosa sen que vos os teñades reprendido nunca.

Mais un abuso de distinta importancia –e que non é máis doado de previr– é que nos apresuramos demasiado en facelos falar, como si tiveramos medo de que non aprendesen eles sós. Este apresuramento indiscreto produce un efecto directamente contrario ao que se procura. Falan máis tarde e de xeito máis confuso; a extrema atención que se lle dá a todo o que eles din dispénsaos de articularen ben e, como apenas se dignan a abrir a boca, moitos deles conservan toda a súa vida por ese motivo un vicio de pronunciación e un falar confuso que os fai case inintelixibles.

Vivín moito tempo entre labregos e nunca vin zarabeto ningún, home ou muller, rapaz ou rapariga. De onde ven iso? Seica os órganos dos labregos están construídos de xeito distinto aos nosos? Non, mais exercítanos de xeito diferente. Fronte á miña fiestra hai un outeiro no que se xuntan, para xogar, os rapaces da aldea. Aínda que están bastante lonxe de min, distingo perfectamente todo o que din, e con frecuencia tiro deles exemplos para este escrito. Todos os días o meu oído engáname tocante á idade deles: oio voces de rapaces de dez anos, vou mirar e vexo a estatura e os trazos de rapaces de tres ou catro. Non limito esta experiencia unicamente a min: os urbanos que veñen verme e que eu consulto tocante a iso caen todos no mesmo erro.

O que o produce é que, ata os cinco ou seis anos, os rapaces das cidades, educados no cuarto e baixo o manto da aia, non

precisan senón moumear para se faceren entender. Tan axiña como moven os beizos, todos se volcan en escoitalos; dítanlles palabras que eles reproducen mal e, a poder de lles prestar atención, a mesma xente que está sen cesar arredor súa adiviña o que quixeron dicir máis que o que dixeron.

No campo é outra cousa. Unha labrega non está constantemente arredor do seu fillo e el vese forzado a aprender a dicir moi claramente e moi alto o que precisa facerlle entender. Nas leiras, os rapaces espallados, afastados do pai, da nai e dos outros rapaces, exercítanse en se faceren entender a distancia e en mediren a forza da voz polo intervalo que os separa daqueles que queren que os entendan. Velaí como se aprende verdadeiramente a pronunciar, e non tateando algunhas vocais na orella dunha aia atenta. Tamén, cando se pregunta ao fillo dun labrego, a vergoña pode impedirlle contestar, mais o que di dío claramente, en canto que para o rapaz da cidade cómpre que a criada faga de intérprete, sen o cal non se entende nada do que rosma entre dentes³³.

Ao medraren, os rapaces deberían corrixir este defecto nos colexios e as raparigas nos conventos. Efectivamente, uns e outros falan xeralmente de xeito máis nidio que os que foron sempre educados na casa paterna. Mais o que lles impide adquirir para sempre unha pronunciación tan clara como a dos labregos é a necesidade de aprender de memoria moitas cousas e de recitar en voz moi alta o que aprenderon, porque ao estudiaren afanse a farfallar, a pronunciar descoidadamente e mal, e ao recitaren aínda é peor: buscan as súas palabras con esforzo e arrastran e alongan as sílabas; resulta imposible que cando a memoria vacila a lingua non balbuce tamén. Así se contraen ou

³³ Non deixa de haber excepcións a isto, e moitas veces os rapaces que se fan comprender máis dificilmente fanse despois dos máis atordoantes cando comezaron a elevar a voz. Mais se cumprise entrar en todas estas minucias non daría eu acabado. Todo lector sensato debe ver que o exceso e o defecto, derivados do mesmo abuso, son igualmente corrixidos polo meu método. Eu contemplo como inseparables estas dúas máximas: *sempre dabondo e nunca de máis*. Se a primeira está ben establecida, a outra derívase necesariamente.

se conservan os vicios da pronunciación. Veremos a seguido que o meu Emilio non os ha ter, ou que, cando menos, non os terá contraído polas mesmas causas.

Recoñezo que o pobo e os aldeáns caen noutro extremo, que falan case sempre máis alto do que cómpre, que ao pronunciaren con demasiada exactitude teñen articulacións fortes e rudas, que teñen demasiado acento, que escollen mal os seus termos, etc.

Mais, en primeiro lugar, este extremo paréceme moito menos vicioso que o outro, dado que, ao ser a primeira lei da linguaxe a de se facer entender, a falta máis grande que se poida cometer é o falar sen ser entendido. Preocuparse por non ter acento ningún é preocuparse por lles tirar ás frases o seu xeito e a súa enerxía. O acento é a alma do discurso, el apórtalle o sentimento e a verdade. O acento mente menos que a fala, se cadra é por iso polo que a xente ben educada tanto medo lle ten. É do hábito de dicir todo no mesmo ton como se chegou ao de facer burla da xente sen que se decate. Ao acento proscrito sucédeno as maneiras de pronunciar ridículas, afectadas e sometidas á moda, tal como as observamos maiormente nos mozos da Corte. Esta fala e actitude afectadas é o que fai que xeralmente a primeira impresión dos Franceses sexa repugnante e desagradable para as outras nacións. En lugar de poren acento na súa expresión, poñen amaneiramento. Non é o medio de predisparen no seu favor.

Todos estes defectiños de linguaxe que tanto medo se ten en deixar contraer aos rapaces, non son nada: pódense previr ou corrixir coa maior facilidade. Pero aqueles que lles fan contraer ao volver a súa fala xorda, confusa e tímida, ao criticar sen cesar o seu ton, ao depelicar todas as súas palabras, non se corrixen nunca. Un home que non aprendeu a falar senón entre saias hase facer entender mal á cabeza dun batallón e apenas se dará imposto ao pobo nun motín. Ensinádelle primeiramente aos rapaces a lles falar aos homes, xa lles saberán falar ben ás mulleres cando sexa preciso.

Alimentados no agro con toda a rusticidade campestre, os vosos rapaces han adoptar alí unha voz máis sonora, non han contraer o confuso tatear dos rapaces da cidade e non han contraer tampouco as expresións nin o ton da aldea, ou polo menos hanos perder doadamente cando o mestre, que vive con eles dende o seu nacemento e cada día de xeito máis exclusivo, preveña ou borre, coa súa linguaxe correcta, a pegada da linguaxe dos labregos. Emilio ha falar un francés tan puro como podo eu facelo, pero hao falar máis nidiamente e hao articular moito mellor ca min.

O rapaz que quere falar non debe escoitar senón as palabras que pode entender, e non dicir senón as que pode articular. Os esforzos que fai para iso lévano a repetir a mesma sílaba, como para exercitarse en pronunciala máis nidiamente. Cando comeza a balbucir, non vos atormentedes tanto en adiviñar o que di. Pretender ser escoitado sempre é outra caste de poder e o rapaz non debe exercer ningún. Abonda con que respondades moi atentamente ao necesario, é el quen ten que tratar de vos facer entender o que non o é. Aínda cómpre moito menos apurarse en lle esixir que fale: xa ha saber falar ben en por el a medida de que sinta a súa utilidade.

Obsérvase, é certo, que aqueles que comezan a falar demasiado tarde non falan nunca tan nidiamente coma os outros, mais non é polo feito de que falasen tarde polo que o órgano queda perturbado, é, polo contrario, porque eles naceron cun órgano perturbado polo que comezan a falar tarde, porque, sen iso: por que habían eles falar máis tarde que os outros? Seica eles teñen menos ocasión de falar? Incítanos menos a facelo? Pola contra, a inquedaanza que produce este atraso, tan axiña como se percibe, fai que nos atormentemos en facelos balbucir a eles moito máis que a aqueles que deron articulado máis cedo, e estas présas mal entendidas poden contribuír moito a volver confusa a súa fala que, con menos precipitación, terían tempo de perfeccionar máis.

Os rapaces aos que apuran demasiado en falar non teñen tempo nin para aprender a pronunciar ben nin para assimilar ben o que lles fan dicir, en canto que se os deixan ao seu aire exercí-tanse primeiro nas sílabas máis doadas de pronunciar e, unindo pouco a pouco algún significado que se entende polos seus xestos, danvos as súas palabras antes de recibiren as vosas, o que fai que só reciban estas despois de as teren entendido. Ao non apuralos para que as utilicen, comezan por observar ben o sentido que vós lles dades e, cando están seguros del, adóptanas.

O maior mal da precipitación con que se fai falar aos rapaces antes da idade non é que as primeiras falas que se lles dirixen e as primeiras palabras que din non teñan sentido ningún para eles, senón que teñan un sentido diferente ao noso sen que nós saibamos decatarnos, de xeito que, semellando respondernos moi exactamente, estean a falarnos sen nos entenderen e sen que nós os entendamos a eles. De ordinario, é a semellantes equívocos ao que se debe a sorpresa na que ás veces nos deixan as súas falas, ás que nós lles atribuímos ideas que eles non puxeron. Esta falta de atención pola nosa banda ao verdadeiro sentido que as palabras teñen para os rapaces paréceme a causa dos seus primeiros erros, e estes erros, mesmo despois de se veren curados deles, inflúen na súa maneira de ser durante o resto da súa vida. Terei máis dunha ocasión para esclarecer isto con exemplos no que segue.

Restrinxide, daquela, o máximo que sexa posible o vocabulario dos rapaces. É un inconveniente moi grande que teña máis palabras que ideas e que saiba dicir máis cousas das que pode pensar. Creo que unha das razóns polas que os labregos teñen en xeral o espírito máis preciso que as xentes da cidade é que o seu dicionario é menos extenso. Teñen poucas ideas, mais relaciónanas moi ben.

Os primeiros desenvolvementos da infancia fanse case todos á vez. O rapaz aprende a falar, a comer e a camiñar case ao mesmo tempo. É esta propiamente a primeira época da súa vida.

Antes, el non é nada máis que o que era no seo da súa nai, non ten sentimento ningún nin idea ningunha, apenas ten sensacións. Non sente mesmo nin a súa propia existencia:

*Vivit, et est vitæ nescius ipse suæ*³⁴.

LIBRO SEGUNDO

Aquí está o segundo marco da vida, o que sinala onde acaba propiamente a infancia, porque as palabras *infans* e máis *puer* non son sinónimas. A primeira está incluída na outra e significa *que non pode falar*, de onde ven que en Valerio Máximo atopemos *puerum infantem*. Mais eu continúo a empregar a palabra seguindo o uso da nosa lingua ata a idade en que esta utiliza outros nomes.

Cando os rapaces comezan a falar choran menos. Este progreso é natural: unha linguaxe substituíu á outra. Tan axiña como poden dicir con palabras que sofren: por que o habían dicir con gritos, se non é cando a dor é demasiado viva para que a palabra poida expresala? Se continúan entón a chorar é culpa da xente que os rodea. Des que Emilio diga unha vez *Dóeme*, serán precisas dores moi vivas para forzalo a chorar.

Se o rapaz é delicado e sensible, e por natureza se pon a gritar por nada volvendo eses gritos inútiles e sen efecto, eu fago estiñar axiña a fonte deles. En canto que chora non vou cara a el, e vou correndo tan axiña como calou. Moi logo, a súa maneira de me chamar será calando, ou como moito lanzando un grito só. É polo efecto sensible dos signos como os rapaces vulgan o seu sentido, non existe outra convención para eles: por moito mal que un rapaz se faga é moi raro que chore cando está só, a menos de que teña a esperanza de ser oído.

³⁴ "Vive e non é consciente da súa propia vida" (Ovidio, *Tristes*, I, 3, 12)

Se cae, se leva un croque na testa, se sangra polo nariz ou se corta os dedos, en lugar de me apurar arredor del con aire alarmado, permanecerei tranquilo, polo menos un pouco tempo. O mal está feito e é necesario que o saiba aturar; todo o meu apuro non serviría senón para asustalo máis e aumentar a súa sensibilidade. No fondo, é menos o golpe que o temor o que atormenta cando un se feriu. Eu heille aforrar polo menos esta última angustia porque con toda seguridade el ha xulgar o seu mal do xeito en que vexa como eu o xulgo; se me ve correr con inquedaanza, consolalo e doerme del, hase considerar perdido; se me ve conservar o sangue frío, axiña ha recuperar o seu, e ha considerar curado o mal cando xa non o sinta. É a esta idade cando se captan as primeiras leccións de valor e cando, sufrindo sen medo dores lixeiras, se aprende gradualmente a soportar as grandes.

Lonxe de estar atento en evitar que Emilio se fira, estaría eu moi anoxado se non se ferise nunca e medrase sen coñecer a dor. Sufrir é a primeira cousa que el debe aprender, e a que máis precisará saber. Semella que os rapaces non son pequenos e febles senón para aprenderen estas importantes leccións sen perigo. Se o rapaz cae da súa altura non ha romper unha perna, se leva un golpe cun pau non ha romper o brazo, se colle un ferro afiado case non ha apertar e non se ha cortar moi profundamente. Descoñezo que se teña visto nunca a un rapaz en liberdade matarse, eivarse ou facerse un mal considerable, a menos que non o expuxeran indiscretamente en lugares elevados ou o deixaran a el só a rentes do lume, ou que teñan deixado instrumentos perigosos ao seu alcance. Que dicir deses depósitos de aparellos que se xuntan arredor dun rapaz para lle facer unha armadura enteiriña contra a dor ata que, feito xa grande, queda a mercé dela, sen valentía e sen experiencia e se cre morto á primeira picadura e se desvanece ao ver a primeira gota do seu sangue?

A nosa manía ensinadora e pedantesca é aprenderlles sempre aos rapaces o que darían aprendido moito mellor en por

eles, e mais esquecer o que só nós lles poderíamos ter ensinado. Seica existe algo máis parvo que o traballo que nos damos para lles aprender a camiñar, como se tivésemos visto algún rapaz que, pola negligencia da súa ama, non soubese camiñar chegado a grande? Canta xente vemos, polo contrario, camiñar mal toda a súa vida porque llelo aprenderon mal?

Emilio non terá puchos recheos de borra nin andarelas nin carriños nin correas³⁵. Ou, cando menos, dende que comece a saber poñer un pé diante do outro só o sostereiros en lugares empedrados e por eles pasaremos moi rapidamente³⁶. En lugar de deixalo apodrecer no aire viciado dun cuarto, que o leven diariamente ao medio dun prado. Alí, que corra, que brinque, que caia cen veces no día; moito mellor: ha aprender máis axiña a levantarse. O benestar da liberdade compensa moitas feridas. O meu alumno ha ter a miúdo contusións, pola contra sempre ha estar contento. Se os vosos teñen menos, sempre están contrariados, sempre encadeados e sempre tristes. Dubido de que a avantaxe estea do seu lado.

Outro progreso fai menos necesaria a queixa nos rapaces: o das súas forzas. Ao poderen máis en por eles, precisan con menos frecuencia recorrer aos outros. Coa súa forza desenvólvese o coñecemento que os capacita para dirixila. É neste segundo chanzo cando comeza propiamente a vida do individuo; é entón cando toma conciencia del mesmo. A memoria estende o sentimento da identidade a todos os momentos da súa existencia; convértese de certo nun, no mesmo, e por conseguinte capaz de felicidade ou de miseria. É importante, pois, comezar a consideralo agora como un ser moral.

³⁵ Para que non se mancasen na cabeza ao faceren os primeiros intentos de camiñar, púñánselles a algúns rapaces puchos recheos de borra. As andarelas e carriños eran aparellos de vimbio ou de madeira, con rodas, para que se sostiveran ao daren os primeiros pasos. As correas axudaban a termar deles (N. do T.).

³⁶ Non hai nada máis ridículo e menos seguro que o andar da xente á que de pequenos sostiveron moito con correas; esta é outra desas observacións triviais a forza de ser exactas, e que son exactas en máis dun sentido.

Aínda que poidamos determinar dun xeito aproximado o extremo máis longo da vida humana e as probabilidades que en cada idade temos de nos achegarmos a el, non hai nada máis incerto que a duración da vida de cada home concreto; moi poucos chegan a este extremo máis longo. Os máis grandes riscos da vida están no seu comezo: canto menos se viviu menos se debe esperar vivir. Dos rapaces que nacen, só a metade, como máximo, chega á adolescencia, e é probable que o voso alumno non acade a idade de home.

Que cómpre, daquela, pensar desta educación bárbara que sacrifica o presente a un incerto porvir, que carga a un rapaz con cadeas de todo tipo e comeza por volvelo miserable para lle preparar ao lonxe non sei que pretendida felicidade da que se pode crer que nunca ha gozar? Mesmo se supuxese que esta educación fose razoable no seu obxectivo: como ver sen indignación a uns pobres infortunados sometidos a un xugo insoportable e condenados a traballos continuos como forzados, sen ser seguro que tantos coidados lles van ser útiles algún día? A idade da alegría pasa no medio dos choros, dos castigos, das ameazas e da escravitude. Atorméntase ao coitadiño polo seu ben, e non se ve que se está a chamar á morte e que ela vaino pillar no medio deste triste cerimonial. Quen sabe cantos rapaces perecen vítimas da extravagante sabedoría dun pai ou dun mestre? Felices por escaparen da súa crueldade, a única vantaxe que tiran dos males que lles fixeron sufrir é morreren sen botar de menos a vida, da que non coñeceron senón os tormentos.

Homes, sede humanos, é o voso primeiro deber; sédeo con todos os estamentos, con todas as idades e con todo aquilo que non é alleo ao home. Que sabedoría hai para vós fóra da humanidade? Amade a infancia, favorecede os seus xogos, os seus praceres e o seu amable instinto. Quen de vós non ten botado de menos algunha vez esta idade na que a risa está sempre nos beizos e a alma está sempre en paz? Por que queredes tirarlles a estes inocentiños o gozo dun tempo tan corto que lles escapa

e dun ben tan precioso do que non poderían abusar? Por que queredes encher de amargura e de dor estes primeiros anos tan rápidos, que non volverán nunca para eles como non poden volver para vós? Pais: sabedes o momento en que a morte agarda aos vosos fillos? Non vos preparedes aos laios quitándolles os poucos instantes que a natureza lles dá: tan axiña como poden sentir o pracer de existir, facede que gocen del; facede que, sexa cal for a hora na que Deus os chame, non morran sen teren saboreado a vida.

Que de voces van elevarse contra min! Estou a oír ao lonxe os clamores desa falsa sabedoría que nos bota sen cesar fóra de nós, que sempre conta o presente como nada e, perseguindo sen descanso un porvir que foxe a medida que se avanza, a poder de nos transportar a un lugar onde non estamos, transpórtanos a un lugar onde nunca estaremos.

“É –respondédesme vós– o momento de corrixir as malas inclinacións do home; é na idade da infancia, na que as penas son menos sensibles, cando cómpre multiplicalas para aforralas na idade da razón”. Mais: quen vos di que todo este arranxo está á vosa disposición e, que todas esas fermosas instrucións coas que cangades o feble espírito dun rapaz non lle han ser un día máis perniciosas que útiles? Quen vos asegura que aforrades algo coas tristuras que lle prodigades? Por que lle producides máis males dos que o seu estado comporta, sen ser seguro que estes males presentes van en descarga do porvir? E como é que me probaredes que estas malas inclinacións das que pretendes curalo non lle veñen dos vosos coidados mal entendidos, moito máis que da natureza? Malfadada previsión a que fai miserable un ser no momento actual baseándose na esperanza, ben ou mal fundada, de facelo feliz un día! Se estes discutidores vulgares confunden a licenza coa liberdade e o rapaz feliz co rapaz mimado, aprendámoslles a distinguilos.

Para non correremos detrás de quimeras, non esquezamos o que lle convén á nosa condición. A humanidade ten o seu lugar

na orde das cousas e a infancia ten a súa na orde da vida humana: cómpre considerar o home no home e o rapaz no rapaz. Asignarmos a cada un o seu lugar e chantalo nel, ordenarmos as paixóns humanas segundo a constitución do home é todo o que nós podemos facer polo seu benestar. O resto depende de causas alleas que non están no noso poder.

Non sabemos o que é a felicidade ou a infelicidade absoluta. Todo está mesturado nesta vida: non se experimenta ningún sentimento puro e non permanecemos dous momentos no mesmo estado. Os afectos das nosas almas, así como as modificacións dos nosos corpos, están nun fluxo continuo. O ben e o mal sonnos comúns a todos, mais en diferente medida. O máis feliz é aquel que sofre menos penas e o máis miserable aquel que sente menos praceres. Sempre máis sufrimentos que gozos: velaí a diferenza común a todos. A felicidade do home aquí embaixo non é, daquela, senón un estado negativo: debemos medila pola menor cantidade de males que sofre.

Todo sentimento de pena é inseparable do desexo de se liberar dela e toda idea de pracer é inseparable do desexo de gozar del; todo desexo supón privación e todas as privacións que se senten son penosas. Daquela, é na desproporción entre os nosos desexos e as nosas facultades no que consiste a nosa miseria. Un ser sensible con facultades que igualasen aos desexos sería un ser absolutamente feliz.

Daquela: en que consiste a sabedoría humana ou o camiño da verdadeira felicidade? Non consiste precisamente en diminuír os nosos desexos porque, se eles estivesen por baixo da nosa potencialidade, unha parte das nosas facultades permanecería ociosa e nós non gozaríamos de todo o noso ser. Non consiste, tampouco, en estender as nosas facultades, porque se os nosos desexos se estendesen á vez en relación máis grande o único que fariamos é volvernos miserables. Consiste en diminuír o exceso dos desexos sobre as facultades e mais en pór en igualdade perfecta a potencialidade e a vontade. É entón unicamente

cando, ao estaren todas as forzas en acción, a alma ha permanecer en paz e cando o home se ha encontrar en orde.

É así como a natureza, que fai o mellor posible todo, o instituíu en principio. Non lle dá de inmediato senón os desexos necesarios para a súa conservación e as facultades suficientes para satisfacelos. Puxo todas as demais como en reserva no fondo da súa alma, para se iren desenvolvendo nela coa necesidade. Non é senón neste estado primitivo onde se atopa o equilibrio entre o poder e o desexo e cando o home non é infeliz. Tan axiña como as súas facultades virtuais se poñen en acción, a imaxinación –a máis activa de todas– esperta e adíántaas. É a imaxinación a que estende para nós a medida das posibilidades, sexa para ben ou para mal, e a que, por conseguinte, excita e alimenta os desexos coa esperanza de satisfacelos. Mais o obxecto que ao primeiro semellaba ao alcance da man foxe máis rápido do que podemos perseguilo; cando cremos acadalo, transfórmase e aparece ao lonxe diante nosa. Ao non vermos xa a terra que temos percorrido, non a contamos: a que queda por percorrer faise máis grande e esténdese sen cesar. Así nos esgotamos sen chegarmos ao punto, e canto máis gañamos en gozo, máis se afasta de nós a felicidade.

Polo contrario, canto máis perto da súa condición natural permanece o home, máis pequena é a diferenza das súas facultades cos seus desexos e menos afastado está, por conseguinte, de ser feliz. Endexamais é menos miserable que cando parece desprovisto de todo, porque a miseria non consiste na privación das cousas senón na necesidade que delas se fai sentir.

O mundo real ten os seus límites e o mundo imaxinario é infinito. Ao non podermos ampliar un, encollamos o outro, porque é unicamente da súa diferenza do que nacen todas as penas que nos volven verdadeiramente infelices. Exceptuando a forza, a saúde e a boa estima dun mesmo todos os bens desta vida baséanse na opinión; exceptuando as dores do corpo e os remordementos da conciencia todos os nosos males son imaxi-

narios. “Este principio é común”, diranme, e estou de acordo, mais a súa aplicación práctica non é común, e é unicamente da práctica do que aquí se trata.

Cando se di que o home é feble: que é o que se quere dicir? Esta palabra de “febleza” indica unha relación, unha relación do ser ao que se aplica. Aquel do que a forza excede as necesidades, sexa un insecto ou un verme, é un ser forte; aquel do que as necesidades exceden a forza, sexa un elefante ou un león, sexa un conquistador ou un heroe, sexa un deus, é un ser feble. O anxo rebelde que descoñeceu a súa natureza era máis feble que o feliz mortal que vive en paz segundo a súa. O home é moi forte cando se contenta con ser o que é, e é moi feble cando quere elevarse por riba da humanidade. Non vaiades, daquela, figurarvos que estendendo as vosas facultades estendedes as vosas forzas: polo contrario, diminuídelas se o voso orgullo se estende máis ca elas. Midamos o radio da nosa esfera e quedemos no centro, coma o insecto no medio da súa tea; habémonos bastar sempre a nós mesmos e non habemos ter que nos queixar da nosa febleza porque nunca a habemos sentir.

Todos os animais teñen exactamente as facultades necesarias para se conservaren. Só o home ten algunhas superfluas. Seica non é ben estraño que estas sexan o instrumento da súa miseria? En todo país os brazos dun home valen máis que a súa subsistencia. Se el fose sabio dabondo como para non lle facer caso a estas facultades superfluas, sempre tería o necesario, porque nunca tería nada de sobra. As grandes necesidades, dicía Favorinus³⁷, nacen das grandes riquezas, e a miúdo o mellor medio de obter as cousas das que se carece é librarse das que se teñen³⁸. É a poder de nos torturarmos para aumentar a nosa felicidade como a trocamos en miseria. Todo home que

³⁷ Filósofo do século I-II despois de Cristo do que se sabe pouco e que se coñece indirectamente a través de Aulo Xelo (N. do T.).

³⁸ *Noctes Atticae*, Lib. IX, cap. 8.

non quixera senón vivir, había vivir feliz, e por conseguinte habería vivir sendo bo, porque: onde estaría para el a vantaxe de ser malo?

Se fósemos inmortais, habíamos ser uns seres moi miserables. É duro morrer, sen dúbida, mais é doce esperar que non viviremos sempre e que unha vida mellor acabará as penas desta. Se nos ofrecesen a inmortalidade na terra: quen había querer aceptar ese triste regalo? Que recursos, que esperanza, que consolo nos había quedar contra os rigores do destino e contra as inxustizas dos homes? O ignorante que non prevé nada sente pouco o prezo da vida e teme pouco perdela; o home ilustrado ve riquezas de máis alto prezo que considera preferibles. Só o saber a medias e a falsa sabedoría, prolongando as nosas perspectivas ata a morte e non despois, convértena para nós no peor dos males. A necesidade de morrer non é para o home sabio máis que unha razón para soportar as penas da vida. Se non estivésemos seguros de perdela un día, habíanos custar demasiado conservalo.

Os nosos males morais están todos baseados na opinión, non sendo un que é o crime, e este depende de nós: os nosos males físicos destrúense ou destrúenos a nós. O tempo ou a morte son os nosos remedios, pero sufrimos máis canto menos sabemos sufrir, e atormentámonos máis en curar as nosas doenzas do que nos atormentaríamos en soportalas. Vive seguindo a natureza, sé paciente e expulsa os médicos: non has evitar a morte, mais has sentila só unha vez, en canto que eles lévana cada día á túa imaxinación turbada, e a súa arte mentireira, en lugar de prolongar os teus días, quítache o gozo deles. Sempre hei preguntar qué verdadeiro ben lles produciu aos homes esta arte. Algúns dos que ela cura habían morrer, é certo, mais millóns dos que ela mata seguirían vivos. Home sensato, non xogues a esta lotaría na que demasiadas posibilidades están contra ti. Sofre, morre ou cura, mais, por riba de todo, vive ata a túa última hora.

Todo é tolemia e contradición nas institucións humanas. Nós inquietámonos máis pola nosa vida a medida de que vai perdendo valor. Os vellos teñen máis perda dela que os mozos: non queren perder os preparativos que fixeron para a gozaren; aos sesenta anos, é moi cruel morrer antes de ter comezado a vivir. Considérase que o home ten un amor vivo pola súa conservación, e iso é certo, mais non se ve que este amor, tal como nos o sentimos, é en gran parte obra humana. Por natureza, o home non se inquieta por conservarse senón en canto que dispón dos medios para facelo; tan axiña como estes medios lle escapan, tranquilízase e morre sen se atormentar inutilmente. A primeira lei da resignación vennos da natureza. Os salvaxes, así como os animais, debátense moi pouco contra a morte e atúrana case sen se queixaren. Destruída esta lei, fórmase outra que ven da razón, mais poucos saben tirala, e esta resignación ficticia nunca é tan plena e enteira como a primeira.

A previsión! A previsión que nos leva sen cesar alén nós e a miúdo colócanos alí onde non habemos chegar: velaí a verdadeira fonte das nosas miserias. Que teima ten un ser tan pasaxeiro coma o home en mirar sempre ao lonxe nun porvir que raramente chega e en descoidar o presente que ten seguro! Teima tanto máis funesta que aumenta sen cesar coa idade: os vellos, sempre desconfiados, previsores e avaros, prefiren renunciar hoxe ao necesario a careceren do superfluo dentro de cen anos. Así aferrámonos a todo, agarrámonos a todo. Os tempos, os lugares, os homes e as cousas, todo o que existe e todo o que ha existir impórtanos a cada un de nós: o noso individuo xa non é máis que a parte máis pequena de nós mesmos. Cada un esténdese, por dicilo así, por riba da terra enteira, e faise sensible sobre toda esta grande superficie. Seica resulta asombroso que os nosos males se multipliquen en todos os puntos nos que nos poden ferir? Cantos príncipes se desolan pola perda dun país que nunca viron! Cantos comerciantes abunda con tocar nas Indias para facelos berrar en París!

Seica é a natureza a que leva así aos homes tan lonxe deles mesmos? Seica é ela a que quere que cada un aprenda dos demais o seu destino, e que as veces o aprenda o derradeiro, de xeito que hai quen morreu feliz ou miserable sen o ter sabido nunca? Vexo un home fresco, ledó, vigoroso e de boa saúde: a súa presenza inspira alegría, os seus ollos anuncian contento e benestar, leva consigo a imaxe da felicidade. Chega unha carta do correo, o home feliz míraa, ven dirixida a el, ábrea e lea. De inmediato o seu aspecto cambia, palidece e desmáia-se. Volto en si, chora, axítase, salouca, arranca os cabelos, fai ecoar o aire cos seus gritos e semella presa de terribles convulsións. Insensato! Que mal che fixo, logo, este papel? Que membro che arrancou? Que crime che fixo cometer? Que mudou el, ao cabo, en ti mesmo para te poñer no estado no que te vexo?

Que a carta se extraviase, que unha man caritativa a botase ao lume, e a sorte deste mortal, feliz e infeliz a un tempo, tería sido, paréceme a min, un estraño problema. A súa infelicidade, diredes vós, era real. Moi ben, mais non o sentía. Onde estaba, daquela? A súa felicidade era imaxinaria. Entendo que a saúde, a alegría, o benestar e o contentamento de espírito non son senón figuracións. Non existimos xa onde estamos, só existimos onde non estamos. Seica paga a pena ter tanto medo da morte se permanece aquilo no que vivimos?

Home, apreixa a túa existencia no teu interior e xa non has ser miserable! Permanece no lugar que a natureza te asigna na cadea dos seres e nada che ha poder facer saír dela. Non te revires contra a dura lei da necesidade e non esgotes, querendo resistir, unhas forzas que o ceo non che deu para estenderes ou prolongares a túa existencia senón só para conservárela coma a el lle aprace e durante o tempo que a el lle aprace. A túa liberdade e o teu poder só teñen a extensión das túas forzas naturais e non se estenden máis alá delas; o resto todo só é escravitude, ilusión e encantamento. A mesma dominación é servil cando se fundamenta na opinión, porque dependes dos prexuízos daque-

les aos que gobernas por medio de prexuízos. Para conducilos como a ti che gusta, cómpre que ti te conduzas como a eles lles gusta. Non teñen senón que cambiar de maneira de pensar e forzosamente cumprirá que ti cambies de maneira de actuar. Os que se achegan a ti só teñen que saber gobernar as opinións do pobo que ti cres gobernar, ou as dos favoritos que te gobernan, ou as da túa familia, ou as túas propias. Eses visires, eses cortesáns, eses sacerdotes, eses soldados, eses criados, esas lingoreteiras –e mesmo rapaces– aínda que tiveses o xenio³⁹ de Temístocles vante dirixir, no medio das túas lexións, igual que se foses un rapaz. Por moito que fagas, nunca a túa verdadeira autoridade irá máis lonxe do que as túas verdadeiras facultades. Tan axiña como cómpre mirar a través dos ollos dos demais, cómpre querer a través das súas vontades. Os meus pobos son os meus súbditos, dis ti con fachenda. De acordo, mais, ti: que es? O súbdito dos teus ministros. E os teus ministros, á súa vez: que son? Os súbditos dos seus comisionados, das súas amantes, os criados dos seus criados. Collede todo, usurpade todo e despois botade os cartos a mancheas, erguede baterías de canón, levantade patíbulos e rodas de tormentos, promulgade leis e edictos, multiplicade os espías, os soldados e os verdugos, as prisións e as cadeas! Pobres homiños, de que vos serve todo iso? Non habedes ser nin mellor servidos, nin menos roubados, nin menos enganados, nin máis absolutos. Habedes dicir sempre “*nós queremos*” e facer sempre o que queiran os outros.

O único que fai a súa vontade é aquel que non precisa, para facela, poñer os brazos doutro no extremo dos seus, de onde se deduce que o primeiro de todos os bens non é a autoridade senón a liberdade. O home verdadeiramente libre non quere

³⁹ “Ese mociño que vedes aí –diciálles Temístocles aos seus amigos– é o árbitro de Grecia, porque goberna á súa nai, súa nai gobiername a min, eu goberno aos Atenienses e os Atenienses gobernan aos Gregos” Oh! Que pequenos condutores se habían encontrar a miúdo nos máis grandes imperios se dende o príncipe se baixase gradualmente ata a primeira man que dá o abalo secreto!

senón o que pode, e fai o que lle gusta. Velaí a miña máxima fundamental. Non se trata senón de aplicala á infancia, e todas as regras da educación hanse desprender dela.

A sociedade fixo ao home máis feble, non só tirándolle o dereito que el tiña sobre as súas propias forzas senón, sobre todo, volvéndollas insuficientes. Velaí por que os seus desexos se multiplican coa súa febleza, e velaí o que provoca a da infancia, comparada coa idade de home. Se o home é un ser forte e o rapaz un ser feble non é porque o primeiro ten máis forza absoluta que o segundo senón porque o primeiro pode por natureza bastarse a si mesmo e o outro non pode. O home debe, daquela, ter máis vontades, e o rapaz máis caprichos, palabra pola que eu entendo todos os desexos que non son verdadeiras necesidades e que só se poden contentar coa axuda doutra persoa.

Xa dixen a razón deste estado de febleza. A natureza soluciónaa co vencellamento dos pais e das nais, mais este vencellamento pode ter o seu exceso, o seu defecto, os seus abusos. Hai pais que fan vida social e introducen nela ao seu fillo antes da idade. Dándolle máis necesidades das que ten non alivian a súa febleza senón que a aumentan. Auméntana aínda ao lle esixiren o que a natureza non esixía, ao someteren á vontade deles as escasas forzas con que o rapaz conta para servir á súa propia, e ao mudaren –nunha ou noutra parte– en escravitude a dependencia recíproca na que a debilidade do rapaz o mantén e os mantén a eles o seu vencellamento.

O home asinado sabe permanecer no seu lugar, mais o rapaz, que non coñece o seu, non sabería manterse nel. Ten entre nós mil portelos para saír; son os que o gobernan os que teñen que o reter e esta tarefa non é doada. El non debe ser nin animal nin home senón rapaz; cómpre que sinta a súa debilidade e non que a sufra, cómpre que dependa e non que obedeza, cómpre que pida e non que ordene. Está sometido aos outros unicamente a causa das súas necesidades, e porque aqueles ven mellor ca el o que lle é útil, o que pode contribuír ou prexudicar a súa con-

servación. Ninguén ten dereito, nin mesmo o pai, de lle ordenar ao rapaz o que non lle serve de nada.

Antes de que os prexuízos e as institucións humanas teñan alterado as nosas inclinacións naturais, a felicidade dos rapaces e máis dos homes consiste no uso da súa liberdade, mais esta liberdade vese limitada nos primeiros pola súa febleza. Calquera que fai o que quere é feliz se é que se basta a si mesmo: é o caso do home que vive en estado de natureza. Calquera que fai o que quere non é feliz se é que as súas necesidades exceden as súas forzas: é o caso do rapaz no mesmo estado. Os rapaces non gozan, mesmo en estado de natureza, senón dunha liberdade imperfecta, semellante á que gozan os homes na vida social. Cada un de nós, ao non poder xa prescindir dos outros, vólvese facer tocante a isto feble e miserable. Estabamos feitos para sermos homes e as leis e a sociedade volvéronnos mergullar na infancia. Os ricos, os grandes e os reis, son todos rapaces que, ao veren que nos apuramos por aliviar a súa miseria, tiran dela unha vaidade pueril, e están todos fachendosos polos cuidados que non lles darían se fosen homes feitos.

Estas consideracións son importantes e serven para resolver todas as contradicións dos sistemas sociais. Existen dúas sortes de dependencias: a das cousas, que é da natureza, e as dos homes, que é da sociedade. A dependencia das cousas, ao non ter ningunha moralidade, non prexudica a liberdade e non enxendra vicios; a dependencia dos homes, ao ser desordenada⁴⁰, enxéndraos todos e é por causa dela polo que o amo e o escravo se corrompen mutuamente. Se existe algún medio de remediar este mal na sociedade é substituír o home pola lei e armar as vontades xerais cunha forza real, superior á acción de toda vontade particular. Se as leis das nacións puidesen ter,

⁴⁰ Nos meus *Principios de Dereito político* demostrábase que ningunha vontade particular pode ser ordenada no sistema social.

como as da natureza, unha inflexibilidade que endexamais forza humana ningunha puidese vencer, a dependencia dos homes volvería ser entón a das cousas, reuniríanse na república todas as vantaxes do estado natural coas do estado civil, xuntaríase coa liberdade que mantén o home exento de vicios a moralidade que o eleva á virtude.

Mantede o rapaz só na dependencia das cousas e teredes seguido a orde da natureza no progreso da súa educación. Non ofrezades nunca aos seus propósitos indiscretos senón obstáculos físicos ou castigos que nacen das propias accións e que el lembra chegada a ocasión; sen lle prohibir facer mal, abonda con llo impedir. Só a experiencia ou a impotencia deben facer de lei. Non concedades nada aos seus desexos polo feito de que o pida senón porque o necesite. Que non saiba o que é a obediencia cando el actúa nin o que é o dominio cando se actúa en prol del. Que sinta igualmente a súa liberdade nas súas accións e nas vosas. Suplida a forza que lle falta, de xeito tan preciso como necesita para ser libre e non imperioso. Que ao recibir os vosos servizos cunha caste de humillación aspire ao momento en que poida prescindir deles e teña o honor de valerse por si mesmo.

A natureza ten, para fortalecer o corpo e facelo medrar, medios que nunca debemos contrariar. Non hai que obrigar a un rapaz a que permaneza cando el quere marchar, nin a marchar cando el quere permanecer no lugar. Cando a vontade dos rapaces non se botou a perder por culpa nosa non queren nada inutilmente. Cómpre que salten, que corran e que griten cando teñen ganas. Todos os seus movementos son necesidades da súa constitución, que procura fortalecerse, mais debemos desconfiar daquilo que desexan sen o poderen facer por eles mesmos e que outros se ven obrigados a facer no seu lugar. Entón, cómpre distinguir con coidado a verdadeira necesidade, a necesidade natural, da necesidade caprichosa que empeza a nacer, ou daquela que non procede senón da sobreabundancia de vida da que xa falei.

Dixen xa o que cómpre facer cando un rapaz chora para ter isto ou aquilo. Engadirei só que, des que pode pedir falando o que el desexa, e que para obtelo máis axiña ou para vencer unha negativa apoia con choros a súa petición, esta débelle ser irrevocablemente denegada. Se o fixo falar a necesidade, vós debedes sabelo e facer decontado o que el pide, mais ceder algo ás súas bágoas é excitalo a que siga verténdoas, é aprenderlle a dubidar da vosa boa vontade e a crer que a importunidade pode máis en vós que a benevolencia. Se el non vos considera bo, moi axiña hase facer malo, se vos considera feble, axiña hase facer obstinado; é importante conceder sempre diante do primeiro sinal aquilo que non se quere denegar. Non sexades pródigo en negativas, mais non as revoquedes nunca.

Gardádevos sobre todo de lle dar ao rapaz ocas fórmulas de cortesía, que lle serven se é preciso como palabras máxicas para someter aos seus propósitos todo o que o rodea e para obter no momento o que lle apetece. Na educación afectada dos ricos non se deixa nunca de volvelos educadamente imperiosos, prescribíndolles os termos que deben utilizar para que ninguén ouse resistirilles: os seus rapaces non teñen nin entoación nin frases suplicantes: son tan fachendosos, e mesmo máis, cando rogan que cando ordenan, como se estivesen moito máis seguros de seren obedecidos. Vese de primeiras que *Queredes...*? significa na boca deles *Quero...* e que *Rógovos* significa *Ordénovos*. Admirable cortesía que só os leva a cambiaren o sentido das palabras e a poderen só falar imperiosamente! Canto a min, que temo menos que Emilio sexa fachendoso a groseiro, quero mellor que el diga rogando *Facede isto* que ordenando *Rógovos*. Non é o termo que utiliza o que me importa senón a acepción que lle xunta.

Existe un exceso de rigor e un exceso de indulxencia, ámbolos dous a evitar igualmente. Se deixades padecer aos rapaces, expondes a súa saúde e a súa vida, e facédelos nese momento miserables. Se lles aforrades con demasiado coidado todo tipo

de malestar, preparádeslles grandes miserias, volvédelos delicados e sensibles e sacádelos do seu estado de homes no que han entrar un día malia vós. Por non expolos á uns poucos males da natureza, vós sodes o artífice daqueles que esta non lles deu. Habédesme dicir que eu caio no caso daqueles malos pais aos que lles reprochaba sacrificaren a felicidade dos rapaces á consideración dun tempo afastado que pode non existir nunca.

Pois non, porque a liberdade que eu lle dou ao meu alumno compénsalle altamente as lixeiras incomodidades ás que eu o expoño. Vexo algúns galopinciños xogaren na neve, morados, transidos e sen poderen apenas mover os dedos. Non depende mais ca deles írense quentar e mais non o fan; se os forzasen a facelo, habían sentir cen veces máis os rigores da coerción do que senten os do frío. Daquela, de que vos queixades? Seica hei volver miserable ao voso rapaz expóndoo só ás incomodidades que el quere sufrir? Fágolle ben no momento presente deixándoo libre e mais fágolle ben no futuro armándoo contra os males que debe soportar. Se el puidese escoller entre ser meu alumno ou voso: pensades que había dubidar un instante?

Concibides unha verdadeira felicidade posible para algún ser fóra da súa constitución? Seica non é sacar o home da súa constitución o querelo eximir igualmente de todos os males da súa especie? Si, afirmoo: para sentir os grandes bens, cómpre que coñeza os pequenos males, tal é a súa natureza. Se o lado físico vai demasiado ben, o moral corrómpese. O home que non coñecese a dor, non había coñecer nin o entenrecemento da humanidade nin a dozura da conmiseración; o seu corazón non se había conmover con nada e non había ser sociable: había ser un monstro no medio dos seus semellantes.

Sabedes cal é o medio máis seguro de volverdes o voso rapaz miserable? É afacelo a obter todo, porque ao medraren os seus desexos sen cesar coa facilidade de satisfacelos, tarde ou cedo a impotencia vos ha forzar malia vosa a chegar a denegarillos, e esta negativa inhabitual hao atormentar máis que a privación

mesma do que desexa. De primeiras, ha querer o bastón que vós levades, axiña ha querer o voso reloxo, logo ha querer o paxaro que voa, e logo a estrela que ve brillar: ha querer todo o que vexa. A menos de serdes Deus, como o habedes contentar?

É unha disposición natural do home o considerar seu todo aquilo que está no seu poder. Neste sentido, o principio de Hobbes é certo ata un punto: multiplicade cos nosos desexos os medios de satisfacelos e cada un hase facer o amo de todo. Daquela, o rapaz que non ten senón que querer para obter, cóidase propietario do universo; mira a todos os homes como os seus escravos e, cando finalmente nos vemos forzados a lle denegar algo, el, crendo posible todo cando ordena, toma esta negativa como un acto de rebelión: todas as razóns que lle dan nunha idade incapaz de razoamento non son para el senón pretextos. Ve por todas partes mala vontade: ao agrear a súa natureza o sentimento dunha pretendida inxustiza, tómalle odio a todo o mundo e, sen agradecer nunca a condescendencia, indígnase con calquera oposición.

Como había eu concibir que un rapaz dominado así pola carraxe e devorado polas paixóns máis irascibles puidese ser feliz algún día? Feliz el! É un déspota: é a un tempo o máis vil dos escravos e a máis miserable das criaturas. Teño visto rapaces educados desta maneira que querían que revirasen a casa dunha pancada, que lles desen o galo que vían nun campanario, que parasen un rexemento que estaba a desfilar para escoitar os seus tambores máis tempo, e que fendían o aire cos seus berros sen querereren escoitar a ninguén des que se tardaba en lles obedecer. Todos se apuraban en van para comprace-los; ao se irritaren os seus desexos coa facilidade de obtelos, obstinábanse nas cousas imposibles e non atopaban por todas partes senón contradicións, obstáculos, penas e dores. Sempre rosmando, sempre rebeldes, sempre furiosos, pasaban os días a berrar e a se queixar. Eran eses uns seres moi afortunados? A febleza e a dominación reunidas non enxendran senón tolemia

e miseria. De dous rapaces mimados, un peta na mesa e o outro fai frustrigar o mar: han ter ben que frustrigar e petar antes de viviren contentos!

Se estas ideas de imperio e de tiranía os volven miserables dende a súa infancia: que ha acontecer cando medren e as súas relacións cos outros homes comecen a se estender e a se multiplicar? Afeitos a ver dobregarse todo diante súa: que sorpresa, cando entran no mundo, ao sentiren que todo lles resiste e ao se atoparen esmagados co peso dese universo que pensaban mover a capricho! O seu aire insolente e a súa pueril vaidade non lles atraen senón mortificacións, desdéns e burlas, beben afrontas como auga, duras probas lles aprenden axiña que eles non coñecen nin o seu estado nin as súas forzas e, ao non poderen todo, cren non poderen nada. Tantos obstáculos inhabituais os botan para atrás e tantos desprezos os abaixan; fanse covardes, temerosos, rastreiros e caen por baixo deles mesmos tanto como se tiñan elevado por riba.

Volvamos á regra primitiva. A natureza fixo aos rapaces para seren queridos e axudados, mais: seica os fixo para seren obedecidos e temidos? Seica lles deu un aire impositivo, un ollar severo, unha voz ruda e ameazadora para se faceren temer? Comprendo que o ruxido dun león espante aos animais e que tremen ao ver a súa terrible facha, mais, se algunha vez se ten visto un espectáculo indecente, odioso e ridículo, é un corpo de maxistrados, co seu xefe á cabeza, en hábito de cerimonia, prosternados diante dun rapaz envurullado ao que eles arengan con frases pomposas, e que, como única resposta, berra e baba.

Considerando a infancia nela mesma: seica existe no mundo un ser máis feble, máis miserable, máis á mercé de todo o que o rodea e que teña tan grande necesidade de piedade, de coidados e de protección que un rapaz? Seica non semella que amosa un rostro tan doce e un aspecto tan entenededor unicamente coa finalidade de que todo o que se achega se interese pola súa febleza e se apure en axudalo? Que é que existe, daquela, máis

chocante e máis contrario á orde, senón ver un rapaz imperioso e rebelde mandar por riba de todo o que o rodea e tomar desvergoñadamente entoación de amo con aqueles que con só abandonalo poderían facelo perecer?

Por outra banda: quen é o que non ve que a febleza da primeira idade encadea aos rapaces de tantas formas que é unha barbarie engadir a esta suxeición a dos nosos caprichos, quitándolles unha liberdade tan limitada, da que poden abusar tan pouquiño e da que resulta pouco útil para nós e para eles priválos? Se non existe obxecto tan digno de irrisión como un rapaz altivo, non existe tampouco obxecto tan digno de piedade como un rapaz temeroso. Dado que, coa idade da razón, comeza a servidume civil: por que previla coa servidume privada? Permitamos que un momento da vida se vexa exento deste xugo que a natureza non nos impuxo, e deixémoslle á infancia o exercicio da liberdade natural, que o arreda cando menos por algún tempo dos vicios que se contraen na escravitude. Que eses mestres severos, que eses pais tiranizados polos seus fillos veñan, daquela, uns e outros, coas súas frívolas obxeccións, e que antes de gabaren os seus métodos aprendan unha vez o da natureza.

Volvo á práctica. Xa dixen que o voso rapaz non debe obter nada porque o pida senón porque o precise⁴¹, non facer nada por obediencia senón unicamente por necesidade. Así, as palabras *obedecer* e mais *mandar* estarán proscritas do seu dicionario, e aínda mais as de *deber* e *obriga*; pero as de *forza*, *necesidade*, *impotencia* e *coerción* deben ter nel un lugar importante. Antes da idade da razón, parece que non se ten ningunha idea sobre os seres morais nin as relacións sociais; cómpre, daquela, evitar

⁴¹ Débese sentir que igual que a pena é con frecuencia unha necesidade, tamén o pracer o é algunhas veces. Non existe, daquela, senón un só desexo dos rapaces que nunca debemos complacer: o de facerse obedecer. De onde se deduce que, en todo o que eles piden, cómpre sobre todo que prestemos moita atención ao motivo que teñen. Concedédelles, en canto é posible, todo o que pode provocarlles un pracer auténtico e negádelles sempre o que piden unicamente por capricho ou para efectuaren un acto de autoridade.

no posible empregar palabras que as expresen, para que o rapaz non asocie de primeiras con estas palabras ideas falsas que logo non saberíamos ou non poderíamos destruír. A primeira idea falsa que entra na súa cabeza constitúe nel o xermolo do erro e do vicio; é a este primeiro paso ao que cómpre principalmente prestar atención. Facede que, en tanto que só baten nel cousas sensibles, as súas ideas todas se deteñan nas sensacións; facede que por todas partes só perciba arredor súa o mundo físico; sen iso, estade seguros de que non vos ha escoitar en absoluto ou de que se ha formar do mundo moral do que lle falades unha noción fantástica que non habedes borrar na vida.

Razoar cos rapaces era a grande máxima de Locke e é a que está máis en voga hoxe; con todo, o seu éxito non me parece moi propio para lle dar creto, e canto a min non vexo nada máis parvo que eses rapaces cos que tanto se ten razoado. De todas as facultades do home, a razón, que non é, por dicilo así, senón un composto de todas as demais, é aquela que se desenvolve máis dificilmente e máis tarde; é ela a que queren que se utilice para desenvolver as primeiras! A obra mestra dunha boa educación é facer un home razoable; e preténdese educar a un rapaz a través da razón! Iso é comezar polo final, é querer facer do labor o instrumento. Se os rapaces entendesen de razoar, non precisarían que os educasen, mais, ao lles falaren dende a súa curta idade nunha lingua que non entenden, afanse a se contentaren con palabras, a criticaren todo o que lles din, a se creren tan sabios coma os seus mestres, a se volveren discutidores e rebeldes. E todo o que se pensa obter deles a través de motivos fundados na razón, non se obtén nunca senón a través da cobiza, do temor ou da vaidade, que se teñen que engadir forzosamente.

Velaquí a fórmula á que aproximadamente se poden reducir todas as leccións de moral que lles imparten e que lles poden impartir aos rapaces:

O MESTRE: Non se pode facer iso.

O RAPAZ: E logo por que non se pode facelo?

O MESTRE: Porque está mal.

O RAPAZ: Mal! Que é o que está mal?

O MESTRE: O que che prohiben.

O RAPAZ: E que mal hai en facer o que me prohiben?

O MESTRE: Castígante por teres desobedecido.

O RAPAZ: Hei facelo de xeito que non o saiban.

O MESTRE: Hante espiar.

O RAPAZ: Heime esconder.

O MESTRE: Hanche preguntar.

O RAPAZ: Hei mentir.

O MESTRE: Non hai que mentir.

O RAPAZ: E logo por que non hai que mentir?

O MESTRE: Porque está mal, etc.

Velaí o círculo inevitable. Saíde del, o rapaz xa non vos entende. Seica estas non son instrucións moi útiles? Gustaríame ben saber o que poderíamos poñer en lugar deste diálogo. O propio Locke habíase ver en moita dificultade seguramente. Coñecer o ben e o mal, sentir a razón dos deberes do home non é asunto de rapaces.

A natureza quere que os rapaces sexan rapaces antes de seren homes. Se queremos subverter esta orde, habemos producir froitos precoces que non terán nin madurez nin sabor e non han tardar en apodrecer: habemos ter doutores mozos e rapaces vellos. A infancia ten maneiras de ver, de pensar e de sentir, que lle son propias. Non hai cousa menos sensata que querelas substituír polas nosas: a min gustaríame tanto esixir que un rapaz tivese cinco pés de alto como que tivese xuízo aos dez anos. En efecto: de que lle había servir a razón a esta idade? A razón é o freo da forza e o rapaz non precisa este freo.

Intentando convencer aos vosos alumnos do deber da obediencia, vós unídeslle a este pretendido convencemento a forza e as ameazas, ou, o que é peor, a adulación e as promesas. Así, entón, atraídos polo interese ou obrigados pola forza, eles aparentan estaren convencidos pola razón. Comprenden moi ben

que a obediencia lles convén e que a rebelión os prexudica tan axiña como vós vos decatades dunha ou doutra. Mais, como non esixides deles cousa ningunha que lles sexa desagradable e sempre resulta penoso cumprir a vontade doutra persoa, eles escóndense para poder facer a súa propia, persuadidos de que fan ben se a súa desobediencia é ignorada, mais dispostos a recoñecer que fan mal –por medo a un mal máis grande– se é descuberta. Ao non ser propia da súa idade a razón do deber, non hai home no mundo capaz de facelos sensibles a ela; mais o temor do castigo, a esperanza do perdón, a importunidade e a dificultade para responder, arráncanlles todas as confesións que lles esixen, e considérase que quedaron convencidos cando o certo é que só os anoxaron ou os intimidaron.

Que consecuencias ten iso? En primeiro lugar que, ao lles impoñerdes un deber que eles non senten, indispoñédelos contra a vosa tiranía e arredádelos de que vos queiran; que lles aprendedes a se volveren simuladores, falsos e mentireiros para arrebatat recompensas ou escapar dos castigos; e que, finalmente, afacéndoos a encubrir sempre cun motivo aparente un motivo secreto, vós mesmos lles proporcionades o medio de que vos enganen constantemente, de que vos impidan coñecer o seu verdadeiro carácter e de que, chegado o caso, vos paguen a vós e aos demais con palabras ocas. Dirédesme que as leis, aínda que obrigatorias para a conciencia, utilizan igualmente a coerción cos homes feitos. Estou de acordo. Mais: que son eses homes senón rapaces botados a perder pola educación? Velaí precisamente o que cómpre previr. Empregade a forza cos rapaces e a razón cos homes, tal é a orde natural. O asisado non precisa leis.

Tratade ao voso alumno segundo a súa idade. De primeiras, poñédeo no seu lugar e mantédeo tan ben que non intente xa saír del. Daquela, antes de saber o que é o siso, el ha practicar a lección máis importante deste. Non lle ordenedes nunca nada, sexa o que sexa, nada en absoluto. Non lle deixedes

mesmo imaxinar que pretendiades ter algunha autoridade sobre el. Que saiba só que el é feble e vós forte; que, debido ao seu estado e máis ao voso, el está necesariamente á vosa mercé; que o saiba, que o aprenda, que o sinta; que sinta dende cedo sobre a súa testa altiva o duro xugo que a natureza lle impón ao home, o pesado xugo da necesidade, baixo o que cómpre que todo ser acabado se dobregue; que vexa esta necesidade nas cousas, nunca no capricho⁴² dos homes; que o freo que o couta sexa a forza e non a autoridade. Aquilo do que se debe abster non llo prohibades: impide que o faga, sen explicacións, sen razoamentos, e o que lle concedades, concedédello dende o primeiro momento, sen solicitacións, sen rogos e, sobre todo, sen condicións. Concedede con pracer e denegade só con repugnancia; mais que todas as vosas negativas sexan irrevogables, que ningunha importunidade vos mova, que o *non* pronunciado sexa un muro de bronce que o rapaz, non ben teña esgotado cinco ou seis veces as súas forzas, xa non ha tratar de botar abaixo.

É así como o habedes volver paciente, tranquilo, resignado e apacible, mesmo cando non obteña o que quixo, porque está na natureza do home aturar pacientemente a necesidade das cousas, mais non a mala vontade doutra persoa. A frase *xa non hai máis* é unha resposta contra a que nunca ningún rapaz se revolveu, a menos que crese que era unha mentira. Polo demais, aquí non hai punto medio: ou non se lle esixe nada en absoluto ou tense que pregar dende o primeiro momento á obediencia total. A peor educación é deixalo aboindo entre os seus propósitos e os vosos, e discutir sen cesar entre vós e el para ver quen dos dous é o amo; preferiría eu cen veces que el o fose sempre.

Resulta ben estraño que, dende que se deu en educar os rapaces, non se teña imaxinado para conducilos outro instrumento

⁴² Debemos estar seguros de que o rapaz ha tratar de capricho toda vontade contraria á súa, da que non ha sentir a razón. Ora ben, un rapaz non sente a razón de nada en todo o que se opón ás súas fantasías.

senón a emulación, os celos, a envexa, a vaidade, a cobiza, o temor ruín e todas as paixóns máis perigosas, máis rápidas en fermentar e máis propias para corromper a alma, antes mesmo que o corpo estea formado. Con cada instrución precoz que se quere facer entrar na súa cabeza, plántase un vicio no fondo do seu corazón. Hai mestres insensatos que pensan que fan portentos volvéndoos ruíns para lles aprender o que é a bondade. E despois dinnos eles gravemente: “Así é o home”. Si, así é o home que vós fixestes.

Probáronse todos os instrumentos non sendo un, o único precisamente que pode dar resultado: a liberdade ben regulada. Non hai que meterse a educar un rapaz cando non se sabe conducilo a onde un quere só a través das leis do posible e do imposible. Ao lle ser igualmente descoñecida a esfera dun e máis doutro, estíramola ou encollémola arredor del tanto como queiramos. Encadeámolo, empuxámolo e retémolo só coa atadura da necesidade, sen que el proteste; volvémoslo flexible e dócil só coa forza das cousas, sen que ningún vicio teña a oportunidade de xermolar nel porque nunca as paixóns se espertan se non teñen efecto ningún.

Non lle deades ao voso alumno ningún tipo de lección verbal, só debe recibilas da experiencia; non lle impoñades ningún tipo de castigo, porque el non sabe o que é cometer unha falta; non lle fagades nunca pedir perdón, porque non podería ofendervos. Desprovisto de toda moralidade nas súas accións, non pode facer nada que estea moralmente mal e que mereza castigo nin reprimenda.

Estou vendo xa ao lector espantado xulgar a este rapaz a través dos nosos, e engánase. O malestar perpetuo no que vós mantedes aos vosos alumnos irrita a súa vivacidade: canto máis forzados están á vosa vista, máis turbulentos están no momento en que escapan dela. Cómpre que se resarzan, cando poden, da dura coerción na que os mantedes. Dous escolares da cidade farán máis danos nunha aldea que toda a mocidade do lugar.

Pechade a un rapaciño burgués e a un rapaciño labrego nun cuarto: o primeiro transtrocará todo e romperá todo antes de que o segundo se saia fóra de si. E por que é que acontece isto, se non é porque un se apura en abusar dun momento de licenza en canto que o outro, seguro sempre da súa liberdade, nunca se apresura en utilizala? E mais os rapaces aldeáns, moitas veces botados a perder ou contrariados, están aínda ben lonxe do estado no que eu quero que os manteñan.

Establezamos como máxima indiscutible que os primeiros movementos da natureza sempre son correctos: non hai perversidade orixinal no corazón humano, non se atopa nel ningún vicio do que non poidamos dicir como e por onde entrou. A única paixón natural do home é o amor de si mesmo, ou o amor propio tomado nun sentido amplo. Este amor propio en si ou en relación connosco é bo e útil, e, como non ten relación necesaria con outra persoa, é dende certo punto de vista indiferente por natureza; convértese só en bo ou malo pola aplicación que se fai del e as relacións que se establecen. É importante, daquela, que ata que a guía do amor propio –que é a razón– poida nacer, un rapaz non faga nada polo feito de ser visto ou oído; nada, nunha palabra, en relación cos demais, senón unicamente o que a natureza lle pide, e daquela non ha facer senón todo para ben.

Non entendo con iso que nunca ha facer derramo ningún, que nunca se ha ferir ou que non ha romper, se cadra, un moble prezado se o atopa ao seu alcance. Podería facer moito mal sen facelo porque a mala acción depende da intención de prexudicar e el nunca ha ter esta intención. Se a tivese unha vez tan só, todo estaría xa perdido: había de ser malo case sen remedio.

Hai cousas que están mal para os ollos da avaricia e non o están para os ollos da razón. Deixándolles aos rapaces liberdade total para que fagan as súas toleiradas, convén arredarmos deles todo o que podería facelas custosas, e non deixarmos ao seu alcance nada fráxil nin precioso. Que as súas habitacións estean amobladas con elementos groseiros e sólidos; nada de espellos

nin de porcelanas nin de obxectos de luxo. En canto ao meu Emilio, que eu educo no campo, o seu cuarto non ha ter nada que o distinga do dun labrego. Para que adobialo con tanto coitado pois que vai permanecer tan pouco nel? Mais engánome: adobiarao el mesmo, e xa veremos axiña con que.

Se, malia ás vosas precaucións, o rapaz chega a facer algún derramo ou a romper algunha peza útil, non o castiguedes pola vosa negligencia, non lle rosmedes, que non escoite nin unha palabra de reproche, non lle deixedes mesmo albiscar que vos produciu pena; actuade exactamente coma se o moble rompera por si mesmo. En fin, considerade ter feito moito se sodes capaces de non dicir nada.

Ousarei eu expor aquí a máis grande, a máis importante, a máis útil regra de toda educación? Non é gañar tempo, é perderlo. Lectores vulgares, perdón polos meus paradoxos, son precisos cando reflexionamos, e, digades vós o que queirades, prefiro eu ser home de paradoxos que home de prexuízos. O intervalo máis perigoso da vida humana é o que vai do nacemento á idade dos doce anos. É o tempo no que xermolan os erros e os vicios, sen que teñamos aínda instrumento ningún para destruílos, e cando chega o instrumento as raíces son tan profundas que xa non é tempo de arrancalas. Se os rapaces saltasen de súpeto do seo á idade da razón, a educación que se lles dá poderíalles ser axeitada, mais, segundo o progreso natural, cómprelles unha totalmente contraria. Sería necesario que non fixesen nada coa súa alma ata que ela tivese todas as súas facultades. Porque é imposible que vexa o facho que vós lle presentades namentres é cega e que siga na inmensa chaira das ideas un camiño que a razón traza tan lixeiramente mesmo para os ollos máis potentes.

A primeira educación debe, logo, ser puramente negativa. Non consiste en ensinar a virtude nin a verdade senón en preservar do vicio o corazón e do erro a mente. Se vós puidédes non facer nada e non permitir que fixesen nada; se vós puidédes levar san e robusto ata a idade dos doce anos ao voso alum-

no sen que soubese distinguir a súa man dereita da esquerda, dende as vosas primeiras leccións os ollos do seu entendemento habíanse abrir á razón. Sen prexuízos nin hábitos, non habería nada nel que puidese contrariar o efecto dos vosos coidados. Moi axiña habíase facer entre as vosas mans o máis sabio dos homes e, comezando por non facer nada, teríades realizado un prodixio de educación.

Tomade a contrafío o uso e case sempre habedes actuar ben. Como non se quere facer dun rapaz un rapaz senón un doutor, os pais e os mestres nunca tardaron en recriminar, censurar, reprender, gabar, ameazar, prometer, instruír e razoar. Facede vós algo mellor: sede razoable e non razoedes co voso alumno, sobre todo para lle facer aprobar o que lle desgusta. Porque mesturar sempre así a razón coas cousas desagradables non é senón facerlla anoxosa e desacreditala dende cedo nunha mente que aínda non a dá entendido. Exercitade o seu corpo, os seus órganos, os seus sentidos e as súas forzas, mais mantede a súa alma ociosa tanto tempo como poidades. Temede todos os sentimentos anteriores ao xuízo que os aprecia. Detede e parade as impresións alleas e para impedirdes que naza o mal non vos apuredes en facer o ben, porque este nunca chega a selo senón cando o ilumina a razón. Contemplade todas as demoras como vantaxes: é gañar moito o avanzar cara á meta sen perder nada; deixade madurar a infancia dos rapaces. Finalmente, se se fai precisa unha lección, non lla deades hoxe se podedes pospoñela ata mañá sen perigo.

Outra consideración que confirma a utilidade deste método é a do xenio particular do rapaz, que cómpre coñecer ben para saber o réxime moral que lle convén. Cada espírito ten a súa forma propia, segundo a cal precisa ser gobernado, e é importante para o éxito dos coidados que nos tomamos que sexa gobernado desta forma e non doutra. Home prudente, axexade longamente a natureza, observade ben ao voso alumno antes de lle dicirdes a primeira palabra, deixade primeiro que o xermolo

do seu carácter se mostre en total liberdade, non o forcedes en cousa ningunha a fin de podelo ver mellor enteiramente. Seica pensades que este tempo de liberdade é para el tempo perdido? Todo o contrario: ha ser mellor empregado porque é así como aprenderedes a non perder ningún momento dun tempo precioso, en lugar de que, se comezades a actuar antes de saber o que cómpre facer, habedes actuar ao azar. Suxeito a vos enganardes, teredes que retroceder; estaredes máis lonxe da meta que se tiverdes menos présa por chegar a ela. Non fagades, daquela, como o avaro que perde moito por non querer perder nada. Sacrificade na primeira idade un tempo que habedes gañar dábondo nunha idade máis avanzada. O médico sabio non receita ás tolas a primeira vista senón que estudia primeiramente o temperamento do enfermo antes de lle prescribir nada. Comeza tarde a tratalo mais cúrao, en canto que o médico demasiado apresurado mátao.

“Mais onde colocaremos a este rapaz para educalo así, como un ser insensible, como un autómeta? Manterémolo no globo da lúa ou nunha illa deserta? Afestarémolo de todos os humanos? Non vai ter continuamente no mundo o espectáculo e o exemplo das paixóns dos demais? Non ha ver nunca outros rapaces da súa idade? Non ha ver aos seus pais, aos seus veciños, á súa ama, á súa aia, ao seu servinte e mesmo ao seu aio, que despois de todo non ha ser un anxo?”.

Esta obxección é forte e sólida, mais: seica vos dixen eu que era unha empresa doada a educación natural? Ai, homes, seica é culpa miña se vós tornades difícil todo o que está ben? Ben vexo estas dificultades, recoñezoo, e se cadra son insuperables, mais é seguro que aplicándose en evitalas danse evitado ata certo punto. Eu mostro o obxectivo que hai que propoñerse: non digo que se poida chegar a el, digo que aquel que se aproxime máis obterá mellor resultado.

Lembrede que antes de ousar emprender a formación dun home, cómpre terse feito home a si mesmo; cómpre atopar en

si o exemplo que se debe propoñer. En canto que o rapaz aínda non ten coñecemento, temos tempo de preparar todo o que o rodea para que as súas primeiras olladas non batan senón nos obxectos que lle convén mirar. Facédevos respectar por todos e comezade por vos facer querer a fin de que cadaquén trate de vos compracer. Non habedes dominar ao rapaz se non dominades todo o seu arredor, e esta autoridade nunca ha ser suficiente se non está fundada na estima da virtude. Non se trata de baleirar a bolsa e repartir cartos a mancheas; nunca vin eu que o diñeiro fixese querer a ninguén. Cómpre non ser avaro e duro nin doerse da miseria que un pode aliviar, mais, por moito que abrades a caixa dos cartos, se non abridés tamén o voso corazón, o dos demais habédelo ter sempre pechado. É o voso tempo, os vosos coidados e os vosos afectos, é a vosa propia persoa a que cómpre dar, porque, fixerades canto fixerades, percíbese sempre que o voso diñeiro non é vós. Hai testemuños de interese e benevolencia que fan máis efecto e son realmente máis útiles que todos os donativos. Cantos malpocados e cantos enfermos precisan máis do consolo que da esmola! Cantos oprimidos a quen lles serve máis a protección que os cartos! Reconciliade á xente que se leva mal, evitade preitos, conducide aos rapaces ao deber e aos pais á indulxencia, propiciade felices matrimonios, impediده as aldraxes, empregade e prodigade a influencia da familia do voso alumno en prol do feble a quen lle negan xustiza e que o poderoso esmaga. Declarádevos decididamente protector dos desafortunados. Sede xusto, humano e benefactor. Non deades só esmola, facede caridade; as obras de misericordia alivian ben máis desgrazas que o diñeiro; amade aos outros e eles hanvos amar a vós; servídeos e eles hanvos servir; sede irmán deles e eles han ser vosos fillos.

Esta é outra das razóns polas que eu quero educar a Emilio no campo, lonxe da canalla dos criados, os últimos homes despois dos seus amos, e lonxe dos negros costumes das cidades, sedutores e contaxiosos para os rapaces a causa do verniz con

que os cobren, en canto que os vicios dos labregos, sen enfeites e con toda a súa rudeza, provocan máis o rexeitamento que a sedución cando un non ten interese en imitalos.

Na aldea, un aio dominará moito mellor os obxectos que queira presentarlle ao rapaz. A súa reputación, os seus discursos e o seu exemplo terán unha autoridade que non darían acadado na cidade. Ao ser el útil para todo o mundo, cadaquén se apresurará en llo agradecer, en ser estimado por el, en se mostrar ao discípulo tal como o amo quixese que realmente fose. E, se non corríxen os vicios, cando menos absteranse do escándalo. É todo o que precisamos para o noso obxectivo.

Deixade de criticar aos demais polas vosas propias faltas: o mal que os rapaces ven corrómpeos menos que o que vós lles aprendedes. Sempre sermoneiros, moralistas e pedantes, por unha idea que vós lles dades considerándoa boa dádeslles a un tempo outras vinte que non valen nada. Cheos do que pasa pola vosca cabeza, non vedes o efecto que producides na súa. No medio deste longo fluxo de palabras con que os abouxades sen cesar: pensades que non hai ningunha que eles captan con sentido falso? Pensades que non comentan ao seu xeito as vosas difusas explicacións e non encontran como fabricar un sistema ao seu alcance, que eles saberán opoñervos chegado o caso?

Escoitade a un homiño que acaban de adoutrinar. Deixádeo larapetar, preguntar e divagar a gusto e havos sorprenden o sentimento estraño que os vossos razoamentos tomaron na súa mente: confunde todo, transtroca todo, impaciéntavos e amárgavos ás veces con obxeccións imprevistas. Obrígavos a calar ou a que o fagades calar. E que pode el pensar deste silencio por parte dun home ao que lle gusta tanto falar? Se un día dá conseguido esta vantaxe e se decata dela, adeus educación, todo rematou dende este momento: xa non busca máis instruírse senón contradicirvos.

Mestres de tanto celo, sede simples, discretos e reservados; non vos apresuredes nunca en actuar máis que para impedirdes aos outros actuaren. Heino repetir sen descanso, rexeidade,

se é posible, unha indicación conveniente, por medo a darlle unha inconveniente. Nesta terra, da que a natureza tería feito o primeiro paraíso do home, temede desempeñardes o papel do tentador queréndolle dar á inocencia o coñecemento do ben e do mal. Ao non poderdes impedir que o rapaz se instrúa fóra con exemplos, limitade toda a vosa vixilancia a imprimir estes exemplos na súa mente coa imaxe que lle convén.

As paixóns impetuosas producen un gran efecto no rapaz que as contempla, porque teñen signos moi sensibles que o sorprenden e o forzan a prestar atención. A carraxe, maiormente, é tan ruidosa nos seus arrebatos que resulta imposible non decatarse dela se un está perto. Non hai que preguntar se esta é para un pedagogo a ocasión de encetar un bo discurso. Nada de bonitos discursos! Nada de nada, nin unha palabra! Deixade que o rapaz veña: asombrado polo espectáculo non ha deixar de interrogarvos. A resposta é simple e tírase dos propios obxectos que baten nos seus sentidos. Ve unha cara inflamada, uns ollos que botan lume, un aceno ameazador, escoita berros. Todos estes son signos de que o corpo non está no seu equilibrio. Dícidelle sinxelamente e sen misterio. “Este pobre home está enfermo, ten un acceso de febre” Podedes tirar diso a oportunidade de lle dar –mais en poucas palabras– unha idea das enfermidades e dos seus efectos, porque tamén iso está na natureza e é un dos lazos da necesidade cos que se debe sentir atado.

Seica sería posible que con esta idea, que non é falsa, non contraese dende moi cedo unha certa repugnancia a se entregar aos excesos das paixóns, que ha mirar como enfermidades? Considerades que semellante noción, dada a propósito, non vai producir un efecto tan saudable como o máis aburrido sermón moralista? Mirade no porvir as consecuencias desta noción: estaredes autorizados, se algún día vos vedes obrigados a iso, a tratar un rapaz rebelde como se fose un rapaz enfermo, a pechalo no seu cuarto, na súa cama se é preciso, a mantelo a réxime, a asustalo dos seus vicios nacentes e facerlos odiosos e temibles, sen que nunca poida contemplar como un castigo a severidade

da que se cadra vos veredes forzados a usar para curalo. Se vós mesmos, nun momento de excitación, chegades a perder o voso sangue frío e a moderación da que debedes facer a vosa norma, non tratades de disfrazarlle a vosa falta; dicídlle francamente, cun suave reproche: “Meu amigo fixéchesme mal”.

Polo demais, é importante que todas as inxenuidades que pode producir nun rapaz a sinxeleza das ideas coas que se alimenta, nunca sexan postas de manifesto en presenza del nin citadas de xeito que poida aprendelas. Unha gargallada indiscreta pode derramar o traballo de seis meses e facer un dano irreparable de por vida. Non darei repetido abondo que para ser mestre do rapaz cómpre ser mestre dun mesmo. Estou a ver o meu Emiliño no máis alto dunha liorta entre dúas veciñas, avanzando cara á máis furiosa e dicíndolle nun ton de comiseración: “*Querida, estades enferma, síntoo ben*”. Con certeza que esta saída non ha deixar de ter efecto nos espectadores, nin se cadra nas protagonistas. Sen rir, sen rosmarlle nin gabalo, lévoo fóra, de bo grado ou a desgusto, antes de que el poida decatarse deste efecto, ou cando menos antes de que pense nel, e apúrome a distraelo con outros obxectos que llo fagan esquecer moi axiña.

Non teño intención de entrar en todos os detalles senón de expoñer unicamente as regras xerais e dar exemplos nas ocasións difíciles. Teño por imposible que no seo da sociedade se poida guiar a un rapaz ata a idade dos doce anos sen lle dar unha idea das relacións de home a home e da moralidade das accións humanas. Abonda con que nos apliquemos en darlle estas nocións necesarias o máis tarde que se poida, e con que, cando estas se fagan inevitables, as limitemos á utilidade momentánea, unicamente co fin de que non se crea o amo de todo e que non faga mal a outro sen escrúpulo e sen sabelo. Existen caracteres doces e tranquilos que podemos conducir lonxe sen perigo na súa primeira inocencia, mais tamén existen naturezas violentas que dende cedo desenvolven a súa ferocidade, e que cómpre apurarse en facer homes para non nos vermos obrigados a encadealas.

Os nosos primeiros deberes son cara a nós, os nosos sentimentos primitivos concéntranse en nós mesmos, todos os nosos movementos naturais relaciónanse de primeiras coa nosa conservación e co noso benestar. Así, o primeiro sentimento da xustiza non nos ven da que nós lles debemos a outros senón da que outros nos deben a nós. Outro dos contrasentidos da educación común é o de que, ao lles falarmos primeiro aos rapaces dos seus deberes e nunca dos seus dereitos, comezamos por lles dicir o contrario do que cómpre, o que non darían entendido e non pode interesarlles.

Se eu tivese, daquela, que guiar a un destes que acabo de supoñer, diríame: “Un rapaz non ataca ás persoas⁴³ senón ás cousas, e moi axiña aprende coa experiencia a respectar a todo aquel que o supera en idade e en forza; mais as cousas non se defenden por elas mesmas. A primeira idea que é preciso darlle é menos a da liberdade que a da propiedade, e, para que poida ter esta idea, cómpre que teña algunha cousa propia. Citarlle a súa roupa, os seus mobles e os seus xoguetes é non lle dicir nada, pois, aínda que dispón destas cousas, non sabe nin por que nin como é que as ten. Dicirlle que as ten porque llas deron non é moito mellor, porque para dar cómpre ter, e esta é unha propiedade anterior á súa. É o principio da propiedade o que queremos explicarlle, sen contar con que o feito de dar é unha convención e que o rapaz aínda non pode saber o que é unha convención⁴⁴”. Lectores, reparade por favor a través deste exemplo e outros cen mil en como, enchendo a cabeza dos

⁴³ Non se debe nunca permitir que un rapaz actúe cos maiores como inferiores ou mesmo iguais a el. Se ousase baterlle en serio a alguén, aínda que fose o seu lacio ou o verdugo, facede que lle devolvan aumentados os golpes, de xeito que isto lle tire as ganas de repetilo. Teño visto a algunhas aias imprudentes animaren a rebeldía dun rapaz, incitáreno a bater, deixárense bater elas mesmas e riren dos seus febles golpes sen pensaren que na intención do pequeno furioso eran mortas, e que quen quere bater cando é novo, cando sexa grande ha querer matar.

⁴⁴ Velai por que a maior parte dos rapaces quere recuperar o que deu, e chora cando non queren devolverllo. Iso non lles acontece xa cando deron comprendido ben o que é dar, unicamente que entón son máis remisos a facelo.

rapaces con palabras que non teñen sentido ningún para eles, cremos malia todo telos instruído moi ben.

Trátase, daquela, de nos remontarmos á orixe da propiedade, porque é de aí de onde debe nacer a primeira idea. Ao vivir o rapaz no campo terá aprendido algunha noción dos labores agrícolas, para iso non precisa senón de ollos e de lecer, e ha ter unha cousa e mais a outra. É propio de todas as idades, maiormente da súa, o querer crear, imitar, producir e dar signos de potencia e de actividade. Non lle ha ser preciso ver dúas veces como sachan unha horta, como sementan, como xermolan e como medran as legumes para querer tamén el traballar a terra.

Polos principios que acabo de establecer non me opoño en absoluto ao seu desexo; ao contrario, favorézoo, comparto o seu gusto e traballo con el, non polo seu pracer senón polo meu, polo menos é o que el pensa. Convértome no seu xornaleiro na espera de que teña brazos fortes, e traballo a terra para el. Toma posesión dela plantando unha faba, e seguramente esta posesión é máis sagrada e máis respectable que a que tomou Núñez de Balboa na América meridional no nome do rei de España ao plantar o seu estandarte sobre da costa do Mar do Sur.

Imos todos os días regar as fabas e vémolas medrar entre expresións de alegría. Eu aumento esta alegría ao lle dicir: “Isto perténceche”; e, explicándolle entón a palabra *pertencer*, fágo-lle sentir que el investiu aí o seu tempo, o seu traballo, o seu esforzo e a súa persoa, que hai nesta terra algo seu que el pode reclamar contra calquera, igual que podería retirar o seu brazo da man doutro home que o quixera reter contra a súa vontade.

Un bo día, chega correndo e coa regadeira na man. Que espectáculo! Que dor! Todas as fabas están arrancadas, todo o terreo está transformado e nin mesmo se recoñece o sitio. “Que foi do meu traballo, o meu labor, o doce froito dos meus coidados e das miñas suores? Quen me levou o meu ben? Quen me colleu as fabas?”. Este corazón mozo sublévase, o primeiro sentimento da inxustiza ven verter nel a súa triste amargura, as

bágoas corren a regos, o rapaz, desolado enche o aire de laios e de berros. Participamos na súa pena e na súa indignación, procuramos, informámonos e indagamos. Finalmente descubrimos que o xardineiro foi o autor e mandámolo vir.

Mais velaí que botamos mal as contas. O xardineiro, ao saber de qué nos queixamos, empeza a queixarse máis alto ca nós. “O que, señores! Fostes vós os que derramastes o meu labor! Eu sementara aí melóns de Malta; déranme sementes súas coma se fosen un tesouro e eu esperaba agasallarvos con eles cando estivesen maduros, mais agora, para plantardes nel as vosas miserables fabas, destruístes os meus melóns que xa xermolaran e non poderei substituílos nunca. Vós fixéstesme un dano irreparable e privástesvos vós mesmos do pracer de comer uns melóns exquisitos”.

JEAN-JACQUES: Desculpe, meu pobre Robert. Vós investirades alí o voso traballo e o voso esforzo. Ben vexo que fixemos mal ao estragarmos o voso labor, mais habemos mandar traer outras sementes de Malta e non habemos volver traballar a terra sen sabermos antes se alguén puxo a súa man antes ca nós.

ROBERT: Entón, meus señores podedes descansar, porque non hai xa ningunha terra a monte. Eu traballo a que xa meu pai mellorara e cadaquén fai o mesmo pola súa banda. Todas as terras que vedes están ocupadas dende hai moito.

EMILIO: Señor Robert, daquela pérdese semente de melón a miúdo?

ROBERT: Perdón, mociño: non nos veñen a miúdo homiños tan atordoados coma vós. Ninguén lle toca á horta do seu veciño, todos respectan o traballo dos demais para que o seu estea seguro.

EMILIO: Pero eu non teño horta.

ROBERT: E a min que me importa? Se estragades a miña, non vos deixarei xa andar por ela porque, sabedes, non quero perder o meu esforzo.

JEAN-JACQUES: E non poderíamos propoñerlle un arranxo ao bo de Robert? Que el nos permita, ao meu amiño e a min

un recuncho da súa horta para cultivala, coa condición de que el leve en troques a metade do produto.

ROBERT: Concédovolo sen condición ningunha, mais lembre que eu irei plantar no terreo das vosas fabas se vós tocades os meus melóns.

Neste ensaio do xeito de lles inculcar aos rapaces as noicións primitivas, vemos como a idea da propiedade remóntase naturalmente ao dereito do primeiro ocupante polo traballo. O asunto é claro, nidio, sinxelo e sempre á altura do rapaz. De aí ao dereito de propiedade e os trocos, non hai máis que un paso, despois do cal cómpre pararse ao socato.

Vemos tamén que unha explicación que eu dou aquí en dúas páxinas de escritura será se cadra labor dun ano para levala á práctica, porque na carreira das ideas morais non podemos avanzar demasiado lentamente nin asegurarmos demasiado ben cada paso. Mestres mozos, pensade, por favor, neste exemplo e lembre que en todo as vosas leccións deben consistir máis en accións que en discursos, porque os rapaces esquecen doadamente o que dixeron e o que lles dixeron, pero non o que fixeron e o que lles fixeron.

Semellantes instrucións deben darse, como xa dixeron, máis cedo ou máis tarde segundo a natureza tranquila ou turbulenta do alumno acelere ou retrase a súa necesidade. A súa utilización é dunha evidencia que salta aos ollos, mais, para non omitirmos nada importante nas cousas difíciles, deamos outro exemplo.

O voso rapaz díscolo estraga todo o que toca: non vos enfadedes, poñede fóra do seu alcance o que pode estragar. Se rompe os mobles que utiliza, non vos apresuredes en lle dar outros: deixádelle sentir o prexuízo da privación. Se rompe as fiestras do seu cuarto, deixade que sopra o vento noite e día sobre del sen vos preocupades dos catarros, porque máis vale que estea acatarrado que tolo. Non vos queixedes nunca das incomodidades que vos causa, mais facede que el sexa o primeiro en

sentilas. Ao final, vós facedes reparar os cristais, sempre sen dicirdes nada. Vólveos romper? Daquela cambiade de método, dicídlle secamente mais sen carraxe: “As fiestras son miñas, puxéronse aí polos meus coidados e eu quero protexelas”. Despois habédelo pechar ás escuras nun sitio sen fiestra. Ante este proceder tan novo, el comeza por berrar e atronar, mais ninguén o escoita. Axiña cansa e cambia de ton: quéixase e laia. Preséntase un criado e o rebelde rógalle que o libere. Sen buscar pretexto para non facelo, o criado responde “*Tamén eu teño cristais que conservar*” e vaise. Finalmente, despois de o rapaz ter permanecido aí varias horas –tempo abondo para se anoxar e se lembrar– alguén lle ha suxerir que vos propoña un acordo por medio do cal vós lle devolveríades a liberdade e el non rompería máis cristais. Non ha pedir outra cousa. Mandará que vos roguen que veñades velo; vós iredes, el havos facer a súa proposta e vós habédela aceptar no momento dicíndolle: “Moi ben pensado, habemos ganar os dous. Por que non teríades antes esta boa idea?”. E despois, sen lle pedirdes promesa nin confirmación, abrazarédelo contento e levarédelo de inmediato ao seu cuarto, contemplando este acordo como sagrado e tan inviolable como se estivese feito baixo xuramento. Que idea pensades que se ha facer el, con este procedemento, da fe dos compromisos e da súa utilidade? Estou enganado se hai na terra toda un só rapaz –non sendo que xa estea botado a perder– que tras experimentar esta conduta persista despois en romper unha fiestra a propósito⁴⁵.

⁴⁵ Polo demais, aínda que este deber de respectar os compromisos non se ancorase firmemente no espírito do rapaz polo peso da súa utilidade, moi axiña, ao comezar a xurdir o sentimento interno, este habíallo impor como unha lei da conciencia, como un principio innato que para se desenvolver só agarda os coñecementos aos que se aplica. Este primeiro trazo non o marca a man dos home senón que o grava nos nosos corazóns o autor de toda xustiza. Tirade a lei primitiva das convencións e a obriga que ela impón, e todo é ilusorio e van na sociedade humana. Aquel que só respecta a súa promesa polo propio proveito non está máis vencellado que se non tivera prometido nada, ou, como moito, ha poder violala, como a baza dos xogadores de cartas que non a retrasan senón esperando o momento de mellor aproveitarse dela. Este principio é dunha importancia fundamental e merece ser profundo, porque é aquí cando o home comeza a se poñer en contradición con el mesmo.

Seguíde o encadeamento de todo isto. O pequeno malvado non pensaba, ao facer un buraco para plantar a súa faba que el estaba a se construír unha prisión na que a súa ciencia non había tardar en pechalo.

Velaí estamos no mundo moral, velaí a porta aberta ao vicio. Cos convenios e os deberes nacen o engano e a mentira. Des que se pode facer o que non se debe, quérese esconder o que non se debeu facer. Des que un interese fai prometer, un interese máis grande pode facer romper a promesa. Non se trata máis que de rompela impunemente: o recurso é natural, un escóndese e mente. Ao non ter podido previr o vicio, estamos no caso de castigalo. Velaí as miserias da vida humana que comezan cos seus erros.

Xa falei abondo diso para facer entender que cómpre non lles inflixir nunca aos rapaces o castigo como castigo, senón que debe chegarlles como unha consecuencia natural da súa mala acción. Así, non disertaredes contra a mentira, nin os castigaredes exactamente por teren mentido, mais habedes facer que todos os malos efectos dela –como o de non ser crido cando un di a verdade e o de ser acusado do mal que un non fixo, aínda que un se defenda– caian xuntos sobre as súas cabezas cando mentiron. Mais expliquemos o que para os rapaces é mentir.

Existen dúas castes de mentiras: a de feito, que ten que ver co pasado, e mais a de dereito, que ten que ver co porvir. A primeira ten lugar cando se nega ter feito o que se fixo, ou cando se afirma ter feito o que non se fixo, e en xeral cando se fala conscientemente contra a verdade das cousas. A outra ten lugar cando se promete o que non se ten propósito de manter, e en xeral cando se amosa unha intención contraria á que se ten. Estas dúas mentiras poden ás veces xuntarse na mesma⁴⁶ mais eu considéroas aquí polo que teñen de diferente.

⁴⁶ Como cando, acusado dunha mala acción, o culpable se defende proclamándose home honrado. Mente, entón, de feito e de dereito.

Aquel que sente a necesidade do socorro dos demais e non cesa de experimentar a benevolencia deles, non ten interese ningún en os enganar. Ao contrario: ten un sensible interese en que vexan as cousas como son, por medo a que se enganen en prexuízo seu. Está claro, daquela, que a mentira de feito non é natural nos rapaces senón que é a lei da obediencia a que produce a necesidade de mentir (porque, ao ser penosa a obediencia, un líbrase en segredo dela o máis que pode), e que o interese presente de evitar o castigo ou o reproche vence sobre o distante interese de expoñer a verdade. Na educación natural e libre: por que vos había mentir, daquela, o voso rapaz? Que ten que vos esconder? Vós non o reprendedes, non o castigades por nada, non esixides nada del. Por que non vos había dicir todo o que fai tan inxenuamente como ao seu compañeirño? Nesta confianza non pode el ver máis perigo nun lado que no outro.

A mentira de dereito é aínda menos natural pois as promesas de facer ou de se abster son actos convencionais que están fóra do estado da natureza e atentan á liberdade. Hai máis: todos os compromisos dos rapaces son nulos por si mesmos porque —dado que a súa visión limitada non se pode estender alén do presente— ao se comprometeren non saben o que fan. Apenas o rapaz pode mentir cando se compromete pois, ao non pensar máis que en saír do paso nese momento, calquera medio que non teña un efecto instantáneo élle indiferente. Ao prometer para un tempo futuro non promete nada e a súa imaxinación, aínda adormecida, non sabe estenderse sobre dous tempos diferentes. Se el puidese evitar a xostra ou obter un paquete de caramelos prometendo botarse mañá pola fiestra, habíao prometer no momento. Velaí por que as leis non toman en consideración as promesas dos rapaces. E cando os pais e os mestres máis severos esixen que as cumbran, é só no referido ao que o rapaz debería facer, mesmo se non o tivera prometido.

Ao non saber o que fai cando se compromete, o rapaz non pode, daquela, mentir ao se comprometer. Non acontece o

mesmo cando falta a unha promesa súa, o que é unha especie de mentira retroactiva porque se lembra moi ben de ter feito esta promesa mais o que non ve é a importancia de mantela. Incapaz de ler o porvir, non pode prever as consecuencias das cousas, e cando rompe os seus compromisos non fai nada contra a razón da súa idade.

Dedúcese disto que as mentiras dos rapaces son todas obra dos mestres, e que quererlles aprender a dicir a verdade non é outra cousa que aprenderlles a mentir. Debido ao apresuramento que existe por suxeitalos a normas, dominalos e instruílos, non se dan atopado nunca instrumentos abondo para rematar. Preténdese conquistar novas parcelas do seu espírito con regras sen fundamento e preceptos sen razón, e prefírese que saiban as leccións e mintan antes de que queden ignorantes e veraces.

Canto a nós, que non lles damos aos nosos alumnos máis que leccións de práctica e que preferimos que sexan bos antes que sabios, non esiximos deles a verdade, por medo a que a disfracen, e non lles facemos prometer nada que se vexan tentados de non respectar. Se na miña ausencia se fixo algún mal do que eu ignoro o autor, gardareime de acusar a Emilio e de lle dicir: *Fuches ti*⁴⁷? Porque así: que outra cousa estaría eu a facer senón aprenderlle a negalo? Se a súa natureza difícil me forza a realizar con el algún convenio, hei tomar as miñas medidas para que a proposta proceda sempre del, nunca de min; para que, dende que se comprometeu, teña sempre un interese presente e sensible en cumprir o seu compromiso; e para que, se algún día falta a el, esta mentira atraia enriba súa males que vexa saír da propia orde das cousas e non da vinganza do seu aio. Mais, lonxe de precisar recorrer a tan crueis saídas, estou case seguro

⁴⁷ Non hai nada máis indiscreto que esa pregunta, maiormente cando o rapaz é culpable: entón, se coida que vós sabedes o que fixo, ha pensar que lle tendedes unha trampa e esta opinión non pode deixar de indispoñelo contra vós. Se non coida iso, hase dicir: "Por que había eu descubrir a miña falta?". Velai a primeira tentación da mentira convertida no efecto da vosa imprudente pregunta.

de que Emilio aprenderá moi tarde o que é mentir e que, ao aprendelo, vaise sorprenden moito ao non poder concibir en que beneficia a mentira. Está moi claro que canto máis independente eu volvo o seu benestar –quer das vontades, quer dos xuízos das outras persoas– mais couto nel todo interese por mentir.

Cando non se ten présa por instruír, non se ten présa por esixir, e tómase o tempo necesario para esixir algo só no momento axeitado. Daquela o rapaz fórmase por canto non se bota a perder. Mais cando –ao non saber como actuar– un preceptor tromma lle fai prometer a cada momento isto ou aquilo, sen distinción, sen escolla e sen medida, o rapaz, anoxado e sobrecargado por todas estas promesas, descóidaas, esqueceas e finalmente desdénhaas, ollándoas como fórmulas baleiras e tomando como un xogo o realízalas ou rompelas. Se queredes, daquela, que el sexa fiel á súa palabra, sede discreto en esixilo.

Os detalles que acabo de dar sobre a mentira poden dende moitos puntos de vista aplicarse aos demais deberes que só se prescriben aos rapaces tornándoos odiosos e mesmo impracticables. Para aparentar predicarlles a virtude fáiselles amar os vicios todos: transmítenselles prohibíndolles que os teñan. Se queren volvelos piadosos lévanos á igrexa a que se aburran, facendo que moumeen oracións sen cesar, fórzanos a aspiraren á felicidade de non ter que lle rezar máis a Deus. Para lles inspirar a caridade fanlles dar esmola, coma se os maiores desdénhasen dala por si mesmos. E non é o rapaz o que debe dar, é o mestre! Por moito agarimo que lle teña ao seu alumno, ten que lle disputar este honor: debe facer que el considere que á súa idade non é aínda digno de facelo. A esmola é unha acción propia dun home que coñece o valor daquilo que dá e a necesidade que dela ten o seu semellante. O rapaz, que non coñece nada diso, non pode ter mérito ningún en dar; dá sen caridade, sen beneficencia; case está avergoñado de dar cando, baseado no seu exemplo e o voso, coida que só dan os rapaces e que xa non se dá esmola cando un é grande.

Reparade en que sempre se fai que o rapaz dea cousas das que ignora o valor, pezas de metal que ten no peto e que só lle serven para iso. Un rapaz daría con máis gusto cen luíses que un pastel. Mais comprometedo a este pródigo distribuidor a dar as cousas que quere, xoguetes, caramelos ou a merenda, e axiña saberemos se o fixestes liberal de certo.

Encóntrase outra solución para iso: devolverlle axiña ao rapaz o que deu, de xeito que se habitúe a dar todo o que sabe que ha recuperar. Practicamente só teño visto nos rapaces estas dúas castes de xenerosidade: daren o que non lles serve para nada ou daren o que están seguros que lles han devolver. “Facede de xeito –di Locke– de que se convenzan pola experiencia de que o máis liberal é o que máis abunda”. Iso ven sendo facer un rapaz liberal en aparencia e avaro na realidade. El engade que os rapaces han contraer así o costume da liberalidade. Si, unha liberalidade usureira que dá un cesto para ter un cento. Pero, cando se trate de dar sen máis, adeus o costume: cando deixen de lles devolver, eles han deixar decontadiño de dar. Cómpre mirar o costume da alma antes que o das mans. As demais virtudes que se lles aprenden aos rapaces asemellan a esta. E é predicando estas sólidas virtudes como se consomen os seus anos mozos na tristura! Velaí unha ben sabia educación!

Mestres, deixade as mexericadas e sede virtuosos e bos, que os vosos exemplos se graven na memoria dos vosos alumnos, na espera de que poidan entrar nos seus corazóns. En lugar de me apurar en lle esixir ao meu actos de caridade, prefiro facelos diante súa e quitarlle mesmo o medio de me imitar niso, como un honor que non é propio da súa idade, porque é importante que non se afaga a mirar os deberes dos homes só como deberes de rapaces. Se, ao me ver socorrer aos pobres, me fai preguntas sobre o asunto, é momento de lle responder⁴⁸. Heille dicir:”Meu

⁴⁸ Débese comprender que non resolvo as súas preguntas cando a el lle aprace senón cando me aprace a min; outramente sería depender da súa vontade e colocarme na máis perigosa dependencia do alumno na que un aio poida atoparse.

amigo, é que cando os pobres consentiron en que houberse ricos, os ricos prometeron alimentar a todos aqueles que non tivesen con que vivir nin por teren bens nin por teren traballo”. “Daquela prometestes iso?”, poñerase el. “Sen dúbida, son amo dos bens que pasan polas miñas mans unicamente coa condición ligada á súa propiedade”.

Despois de ter entendido este razoamento –e xa vimos como se pode poñer un rapaz en disposición de entender– outro que non fose Emilio tería a tentación de me imitar e de se comportar coma un home rico. Nese caso eu había impedir, cando menos, que fose con ostentación; preferiría que me roubase o meu dereito e que se escondese para dar. É unha fraude propia da súa idade, e é a única que eu había de lle perdoar.

Ben sei que todas estas virtudes baseadas na imitación son igual que as dos macacos, e que ningunha boa acción é moralmente boa senón cando se realiza como tal, e non porque outros a fan. Mais, nunha idade na que o corazón aínda non sente nada, cómpre facer que os rapaces imiten os actos que se lles queren dar como hábito, agardando a que poidan facelo por discernimento e por amor do ben. O home é imitador e o animal éo tamén; o gusto pola imitación é propio da natureza ben ordenada, mais dexenera en vicio no seo da sociedade. O macaco imita ao home, a quen teme, e non imita aos animais, que despreza; considera bo o que fai un ser mellor ca el. Entre nós, pola contra, os nosos pallasos de toda caste imitan o fermoso para degradalo e para ridiculizalo; buscan no sentimento da súa baixeza igualárense a quen vale máis ca eles, ou, se se esforzan por imitaren o que admiran, o mal gusto que teñen os imitadores vese na escolla dos obxectos: prefiren impoñerllo aos outros ou facer aplaudir o seu talento antes que se faceren mellores ou máis asisados. O fundamento da imitación entre nós procede do desexo de transportarse sempre fóra dun mesmo. Se eu teño éxito na miña empresa, Emilio con seguridade non terá este desexo. Cómpre, daquela, prescindirmos do ben aparente que pode producir.

Afondade en todas as regras da vosa educación: habédelas así atopar todas como contrasentidos, maiormente no que toca ás virtudes e aos costumes. A única lección de moral que lle convén á infancia –e a máis importante en todas as idades– consiste en non lle facer nunca mal a ninguén. O propio precepto de facer o ben, se non está subordinado a aquel, resulta perigoso, falso e contradictorio. Quen é o que non fai o ben? Todo o mundo o fai, tanto o ruín coma os demais; este fai a unha persoa feliz a conta de cen malfadados, e de aí veñen todas as nosas calamidades. As virtudes máis sublimes son negativas; tamén son as máis difíciles, porque non van acompañadas da ostentación e están por riba mesmo deste pracer tan doce para o corazón do home que é deixar a outro contento de nós. Canto ben lles fai necesariamente aos seus semellantes aquel (se é que existe) que nunca lles fai mal! Que intrepidez de alma e que vigor de carácter precisa! Non é discutindo sobre esta norma senón tratando de practicala como se sente o grande e dificultoso que é logralo⁴⁹.

Velaí algunhas pequenas ideas das precaucións coas que eu quixera que lles desen aos rapaces as instrucións que ás veces non se lles poden negar sen expoñelos a se prexudicaren eles ou os demais, e, sobre todo, a contraeren malos costumes dos que vai ser difícil despois corrixilos. Mais podemos estar seguros de que esta necesidade raramente se ha presentar nos rapaces educados como deben selo, porque é imposible que se fagan ríspeitos, ruíns, mentireiros e degoxóns cando non se ten sementado no seu corazón os vicios que os volven dese xeito. Así, o que

⁴⁹ O precepto de non prexudicar nunca a outro comporta o de vencellarse á sociedade humana o menos posible, porque na vida social o ben dun provoca necesariamente o mal doutro. Esta relación atópase na esencia do asunto e nada podería cambiala. Que se determine sobre este principio quen é mellor, se o home social ou o solitario. Un autor ilustre di que unicamente o ruín está só, eu digo que unicamente o bo está só. Se esta afirmación é menos pomposa, é máis verdadeira e mellor razoada que a anterior. Se o ruín estivese só: que mal había facer? É dentro da sociedade onde el monta as súas maquinacións para prexudicar aos outros. Se se quere retrucar este argumento cara ao home de ben, eu respondendo co punto do escrito ao que pertence esta nota.

dixen sobre este punto serve máis para as excepcións que para as regras, pero estas excepcións son máis frecuentes a medida de que os rapaces teñen máis ocasións de saír da súa condición e de contraer os vicios dos homes. A aqueles que se educan no medio da sociedade cómprenlles necesariamente unhas instrucións máis precoces que a aqueles que se educan en retiro. Esta educación solitaria sería, daquela, preferible, mesmo se non fíxese máis que darlle á infancia o tempo de madurecer.

Existe outro tipo de excepcións contrarias para aqueles que unha natureza feliz eleva por riba da súa idade. Igual que existen homes que nunca saen da infancia, existen outros que, por dicilo así, non a pasan e son homes case ao naceren. O malo é que esta última excepción é moi rara e moi difícil de recoñecer, e que toda nai, imaxinando que un rapaz pode ser un prodixio, non dubida en absoluto de que o seu o sexa. Aínda fan máis, toman por indicios extraordinarios os mesmos que marcan a orde habitual: a vivacidade, as ocorrencias, a tolería, a inxenuidade picante, todos eles signos característicos da idade e que amosan perfectamente que un rapaz non é máis que un rapaz. Seica sorprende que aquel a quen fan falar moito e a quen permiten dicir todo, que non está coutado por ningún respecto nin por ningunha convención, dea atopado por azar algunha cousa enxeñosa? Sorprendería moito máis que non a dese atopado nunca, como sorprendería que con mil mentiras un astrólogo non predixese nunca algunha verdade. “Han mentir tanto – dicía Henrique IV– que finalmente han dicir verdade”. Quen queira atopar algunha frase enxeñosa non ten mais que dicir moitas parvadas. Deus garde do mal á xente desa guisa, que non ten outro mérito para ser festexada.

Os pensamentos máis brillantes poden caír no cerebro dos rapaces –ou mais ben as mellores palabras na súa boca– como os diamantes do máis alto prezo nas súas mans, sen que por iso nin os pensamentos nin os diamantes lles pertenzan; nesta idade non existe verdadeira propiedade de cousa ningunha. As cousas

que di un rapaz non son para el o que son para nós; el non lles apón as mesmas ideas. Estas ideas –se é que chega a telas– non teñen na súa cabeza nin continuidade nin ligazón, non hai nada fixo nin nada sólido en todo o que pensa. Examine o voso pretendido proxio. En certos momentos atopádeslle un movemento de extrema actividade, unha claridade de mente que fura o ceo. As máis das veces, esta mesma mente parécevos feble, molanqueira e como rodeada dunha espesa brétema. Tanto vai diante vosa como permanece inmóbil. Nun momento habiades dicir vós: “É un xenio”. E no momento seguinte: “É un parvo”. Nos dous casos estariades enganados: é un rapaz. É un aguiacho que fende o aire nun momento e volve caír no momento seguinte dentro do seu niño.

Tratádeo, pois, segundo a súa idade malia ás aparencias e temede esgotar as súas forzas por querelas exercitar de mais. Se este cerebro mozo se quenta, se vedes que comeza a ferver, deixádeo primeiro fermentar en liberdade, mais non o axitedes nunca por medo a que non se volatilice todo. E cando se teñan evaporado os primeiros espíritos, retede e comprimide os outros ata que, cos anos, todo se torne calor vivificante e verdadeiro vigor. Outramente, habedes perder o voso tempo e os vosos coidados, habedes destruír a vosa propia obra e, despois de vos terdes embebedado indiscretamente con todos estes vapores inflamables, non vos ha quedar senón unha augardente sen forza.

Dos rapaces toleiráns proceden os homes vulgares: non coñezo ningunha observación mais xeral e mais certa ca esa. Non hai cousa máis difícil que distinguir na infancia a estupidez real desa aparente e enganosa estupidez que anuncia as almas fortes. Parece de primeiras estraño que os dous extremos teñan signos tan semellantes, e mais a cousa debe ser así porque, nunha idade na que o home aínda non ten verdadeiras ideas, toda a diferenza que se atopa entre o que ten xenio e o que non o ten é que o último non admite mais que ideas falsas, e o primeiro, ao non encontrar senón estas, non admite ningunha; aseméllase,

daquela, ao estúpido en que un non é capaz de nada e o outro non acepta nada. O único signo que pode distinguielos depende do azar, que pode ofrecer ao último unha idea á súa altura, en tanto que o primeiro sempre é o mesmo en todas partes. Catón o Novo, durante a súa infancia, semellaba na casa un imbécil. Era taciturno e testudo, ese era todo o xuízo que tiñan del. Non foi senón na antecámara de Sila onde seu tío aprendeu a coñecelo. Se non tivera entrado nesa antecámara, igual tería pasado por unha besta ata a idade da razón. Se César non tivese vivido, se cadra sempre terían tratado como visionario a este mesmo Catón que dexergou o seu funesto xenio e preveu todos os seus proxectos dende tan lonxe. Que suxeitos están a equivocarse aqueles que vulgan tan precipitadamente aos rapaces! Moitas veces aínda son eles máis rapaces. Eu vin, nunha idade bastante avanzada, a un home que me honraba coa súa amizade, pasar entre a súa familia e os seus amigos por unha mente limitada; esta excelente cabeza madurecía en silencio. De súpeto amosouse como filósofo e eu non teño dúbida de que a posteridade lle ha sinalar un lugar honroso e distinguido entre os mellores pensadores e os máis profundos metafísicos do seu século⁵⁰.

Respectade a infancia e non vos apresuredes en xulgala, quer para ben quer para mal. Deixade as excepcións que asomen, se demostren e se confirmen durante moito tempo antes de adoptardes métodos particulares para elas. Deixade actuar durante moito tempo a natureza antes de vos meterdes a actuar en lugar dela, por medo a contrariardes as súas operacións. Vos coñecedes, segundo dicides, o prezo do tempo e non o queredes perder. Non vedes que se perde moito máis utilizándoo mal que non facendo nada, e que un rapaz mal instruído está máis lonxe da sabedoría que o que non se instruíu en absoluto. Vós alarmádesvos ao velo consumir os seus primeiros anos en non facer nada. Como? Non é nada ser feliz? Non é nada choutar, xogar e

⁵⁰ Semella que Rousseau se refire a Condillac (N. do T.).

correr todo o día? Nunca na vida ha estar tan ocupado. Platón, na súa *República*, que é considerada tan austera, só educa aos rapaces con festas, xogos, cancións e pasatempos. Diríase que el culminou todo cando lles aprendeu a se aledaren ben. E Séneca, ao falar da antiga mocidade romana, di: “Sempre estaba de pé, non lle ensinaban cousa ningunha que tivese que aprender sentada”. Seica ela valía menos ao chegar á idade viril? Asustádevos, daquela, ben pouquiño desta pretendida ociosidade. Que diríades vós dun home que para aproveitar ben toda a vida, non quixese durmir nunca? Habiades dicir: “Este home é un insensato, así non goza do tempo senón que o derrama; por fuxir do sono corre cara á morte”. Pensade, daquela, que esta é a mesma cousa, e que a infancia é o sono da razón.

A aparente facilidade para aprender é causa da perda dos rapaces. Non se ve que esta mesma facilidade é a proba de que non aprenden nada. O seu cerebro liso e pulido devolve coma un espello os obxectos que lle presenten, mais non queda nin penetra nada. O rapaz retén as palabras e as ideas reflíctense; os que as escoitan enténdenas, só el non as entende en absoluto.

Aínda que a memoria e o razoamento son dúas facultades esencialmente diferentes, con todo, unha non se desenvolve verdadeiramente senón coa outra. Antes da idade da razón o rapaz non recibe ideas senón imaxes. A diferenza entre unhas e outras é que as imaxes non son senón pinturas absolutas dos obxectos sensibles, e as ideas son nocións dos obxectos determinadas por relacións. Unha imaxe pode estar soa na mente que se fai a súa representación, mais toda idea presupón outras. Cando un imaxina, non fai mais que ver, cando un concibe compara. As nosas sensacións son puramente pasivas, en canto que todas as nosas percepcións ou ideas nacen dun principio activo que xulga. Isto será demostrado embaixo.

Digo, daquela, que os rapaces, ao non seren capaces de xuízo, non teñen verdadeira memoria. Reteñen sons, figuras e sensacións, raramente ideas e moito máis raramente as súas relacións.

Obxectándome que dan aprendido algúns elementos de xeometría, crese que isto é unha proba contra min e, ben ao contrario é unha proba ao meu favor: amósase que, lonxe de saberen razoar por si mesmos, non saben mesmo reter os razoamentos doutro, porque, se seguides a estes pequenos xeómetras no seu método, axiña vedes que non retiveron máis que a exacta impresión da figura e os termos da demostración. Á menor obxección nova, xa están perdidos: revirade a figura e están perdidos. Todo o seu saber está na sensación, nada pasou ao entendemento. A súa propia memoria non é moito máis perfecta que as súas outras facultades, pois que sempre é preciso que de grandes volvan aprender as cousas das que aprenderon as palabras na infancia.

Con todo, estou moi lonxe de pensar que os rapaces non teñen ningún tipo de razoamento⁵¹. Polo contrario, vexo que razoan moi ben en todo o que coñecen e se relaciona co seu interese presente e sensible. Mais é sobre os seus coñecementos sobre o que nos enganamos, ao lles atribuírmos os que non teñen e ao facelos razoar sobre o que non poderían comprender. Enganámonos aínda ao querermos que se volvan atentos a unhas consideracións que non senten de maneira ningunha, como a do seu interese no futuro, a da súa felicidade ao chegaran a homes, a da estima que lles han ter cando sexan grandes, discursos que, dirixidos a seres desprovistos de toda previsión, non significan nada en absoluto para eles. Ora ben, todos os

⁵¹ Ao escribir, teño reflexionado cen veces en que é imposible nunha obra longa darlles sempre os mesmos sentidos ás mesmas palabras. Non existe unha lingua rica dabondo para fornecer tantos termos, xiros e frases como modificacións poden ter as nosas ideas. O método de definir todos os termos e de substituír sen cesar a definición no lugar do definido é bonito mais impracticable, porque: como evitarmos o círculo? As definicións poderían ser boas se non empregáramos palabras para facelas. Malia iso, estou convencido de que se pode ser claro –mesmo dentro da pobreza da nosa lingua– non dando sempre as mesmas acepcións ás mesmas palabras senón facendo de xeito que, tantas veces como empreguemos cada palabra, a acepción que lle deamos estea suficientemente determinada polas ideas que se relacionan con ela, e que cada período onde se encontre esta palabra lle sirva, por así dicir, de definición. Unhas veces eu digo que os rapaces son incapaces de razoamento e outras fágooos razoar con bastante fineza. Non creo niso contradicirme nas miñas ideas, mais non podo discordar en que me contradigo a miúdo nas miñas expresións.

estudios forzados destes pobres infortunados tenden a eses obxectivos enteiramente estraños ás súas mentes. Considérese canta atención lles poden eles prestar!

Os pedagogos que nos exhiben con gran aparato as instrucións que dan aos seus discípulos teñen a obriga de utilizar outra linguaxe; con todo, vese na súa propia conduta que pensan exactamente coma min. Porque, finalmente: que lles aprenden? Palabras, palabras e máis palabras. No medio das diversas ciencias que eles se gaban de lles ensinar, gárdanse moito de escoller as que lles puideran ser verdadeiramente útiles, porque terían que ser ciencias das cousas e, daquela, eles non serían quen de logralo. Escollen aquelas que un dá a impresión de coñecer cando coñece os termos (a heráldica, a xeografía, a cronoloxía, as linguas, etc.), estudos todos tan lonxe do home – e sobre todo do rapaz– que resulta un portento se algo diso lle é útil algunha vez na súa vida.

Sorprenderá que conte o estudio das linguas entre as inutilidades da educación, mais lembrárase que eu só falo aquí dos estudos da primeira idade e –dígase o que se diga– non creo que ata os doce ou quince anos ningún rapaz, non sendo os prodixios, teña aprendido verdadeiramente dúas linguas.

Concordo en que se o estudio das linguas non fose senón o das palabras – é dicir das figuras ou dos sons que as expresan– este estudio podería convírlles aos rapaces, mais as linguas, ao cambiaren os signos, modifican tamén as ideas que estes representan. As cabezas fórmanse sobre as linguaxes e os pensamentos toman a cor dos idiomas. Só a razón é común, o espírito ten en cada lingua a súa forma particular. Esta diferenza podería ser, en parte, a causa ou o efecto dos caracteres nacionais, e o que parece confirmar esta conxectura é que, en todas as nacións do mundo, a lingua segue as vicisitudes dos costumes e consérvase ou altérase coma eles.

Destas diversas formas, o uso dálle unha ao rapaz e esta é a única que el conserva ata a idade da razón. Para ter dúas, cum-

pría que soubese comparar ideas; e como é que as había comparar cando apenas as dá concibido? Cada cousa pode ter para el mil símbolos diferentes, mais cada idea non pode ter senón unha forma, daquela non pode aprender a falar máis que unha lingua. “E mais aprende varias”, dinme. Eu négo. Teño visto pequenos prodixios que coidaban falar cinco ou seis linguas. Oínos sucesivamente falar alemán en termos latinos, en termos franceses e en termos italianos. Utilizaban de certo cinco ou seis dicionarios, mais non falaban senón sempre alemán. Nunha palabra: dádelles aos rapaces tantos sinónimos como queirades; habedes cambiar as palabras, non a lingua. Nunca han saber senón unha.

É para agachar a súa ineptitude niso polo que os exercitan preferentemente nas linguas mortas, das que xa non hai xuíces que non se poidan rexeitar. Ao estar perdido dende hai moito tempo o uso familiar destas linguas, conténtanse con imitar o que se encontra escrito nelas nos libros. E a iso chámalle falalas. Se tal é o grego e o latín dos mestres, calculade o dos rapaces! Apenas aprenderon de chapatoria os rudimentos –dos que non entenden absolutamente nada– apréndenlles primeiro a traducir un discurso francés en palabras latinas, e despois, cando están máis avanzados, a coseren en prosa frases de Cicerón e en verso centóns⁵² de Virxilio. Coidan, daquela, falar latín: quen pode vir levarlles a contraria?

En calquera estudio que sexa, sen a idea das cousas representadas os signos representantes non son nada. E mais limítase sempre ao rapaz a estes signos, sen nunca poderlle facer comprender ningunha das cousas que representan. Coidando aprenderlle a descrición da Terra, non se lle aprende senón a coñecer mapas; apréndenlle nomes de cidades, de países e de ríos dos que el non concibe a existencia senón no papel onde

⁵² O centón é unha peza literaria composta con fragmentos collidos dun só autor ou de varios autores diferentes (N. do T.).

llos amosan. Lembro ter visto nalgún sitio unha xeografía que comezaba así: *Que é o mundo? É un globo de cartón*. Tal é precisamente a xeografía dos rapaces. Dou por feito que despois de dous anos de esfera e de cosmografía, non existe un só rapaz de dez anos que, coas regras que lle deron, saiba trasladarse de París a Saint-Denis. Dou por feito que non existe ningún que cun plano da horta de seu pai fose quen de seguir os desvíos sen se extraviar. Velaí eses doutores que saben no momento axeitado onde están Pequín, Ispahan, México e todos os países da Terra.

Oio dicir que convén ocupar aos rapaces en estudos nos que se precise algo máis que ollos. Isto podería facerse se houberse algún estudio no que só se precisen ollos, mais non coñezo que exista ningún así.

Por un erro aínda máis ridículo, fanlles estudar a Historia: imaxinan que a Historia está á altura deles porque non é senón unha recolleita de feitos. Mais: que se entende pola palabra *feitos*? Seica coidan que as relacións que determinan os feitos históricos son tan doadas de captar e que as ideas sobre estas relacións se forman sen dificultade na mente dos rapaces? Seica coidan que o verdadeiro coñecemento dos sucesos é separable do das súas causas, do dos seus efectos, e que o histórico ten tan pouquiño que ver co moral que se pode coñecer un sen outro? Se non vedes nas accións dos homes máis que os movementos exteriores e puramente físicos: que é o que aprendedes da Historia? Absolutamente nada, e este estudio, espido de todo interese, non vos produce máis pracer que instrución. Se queredes apreciar estas accións polas súas relacións morais, intentade facerlles entender estas relacións aos vosos alumnos. Habedes ver entón se a Historia é propia da súa idade.

Lectores, lembrade sempre que quen vos fala non é nin un sabio nin un filósofo senón un home sinxelo, amigo da verdade, sen partido e sen sistema, un solitario que, ao vivir pouco cos homes ten menos ocasións de se embeber dos seus prexuízos e

máis tempo para reflexionar sobre o que o sorprende cando trata con eles. Os meus razoamentos están fundados menos sobre principios que sobre feitos, e creo que non teño mellor xeito de vos poñer en situación de vulgalos senón trasladarvos a miúdo exemplos das observacións que mos suxiren.

Fun pasar uns días no campo, na casa dunha boa nai de familia que coidaba moito dos seus fillos e da educación deles. Unha mañá que eu presenciaba as leccións do máis vello, o seu aio, que o instruíra moi ben na historia antiga, retomando a de Alexandre, bateu na coñecida anécdota do médico Filippo que se plasmou nun cadro e seguramente valía ben a pena facelo⁵³. O aio, home de mérito, fixo varias reflexións sobre a intrepidez de Alexandre que non me agradaron, mais que evitei combater para non desacreditalo no espírito do seu alumno. Na mesa, non se deixou de facer que o homiño larapetase moito, segundo o método francés. A vivacidade natural da súa idade e a espera dun aplauso seguro fixeron que fose botando mil parvadas no medio das que saían de cando en cando algunhas frases felices que facían esquecer o resto. Finalmente chegou a historia do médico Filippo, e el contouna dun xeito moi claro e con moito xeito. Despois do habitual tributo de gabanzas que esixía a nai e que esperaba o fillo, discutiuse sobre o que el dixerá. A maioría criticou a temeridade de Alexandre, algúns, seguindo o exemplo do aio— admiraban a súa firmeza e a súa coraxe, o que me fixo comprender que ningún dos que estaban presentes vía en que consistía a verdadeira beleza desta anécdota. “A min —díxennles— paréceme que se hai a máis mínima coraxe e a máis míni-

⁵³ Cántase que Alexandre o Magno caíra enfermo de gravidade e os médicos non se atrevían a lle preparar remedios por medo a que morrese. O seu primeiro médico e vello amigo, Filippo, acudiu entón e preparoulle un forte purgante, que lle dixo tería un sabor moi desagradable, coma un veneno, mais o había curar. Xusto antes de que llo levasen, Alexandre recibiu unha carta acusando a Filippo de estar comprado por Darío de Persia para envelenalo. Alexandre gardou a carta e cando chegou Filippo amosoulle a carta cunha man mentres que coa outra collía a copa e a baleiraba dun grolo sorrindo en tanto que Filippo, desesperado, protestaba indignado contra a acusación (N. do T.).

ma firmeza na acción de Alexandre, só é unha extravagancia”. Entón todo o mundo se puxo de acordo e coincidiu en que era unha extravagancia. Ía eu responder e quentarme cando unha muller que estaba ao meu lado e que non abrira a boca se inclinou cara a min e díxome baixiño á orella: “Cala, Jean–Jacques, non te han entender”. Mirei para ela, sorprendinme e calei.

Despois de xantar, sospeitando por varios indicios que o meu doutoriño non comprendera en absoluto a historia que tan ben contara, collino pola man, dei con el un paseo pola arboreda e, despois de lle facer todas cantas preguntas quixen, concluí que el admiraba máis ca ninguén a coraxe tan gabada de Alexandre. Mais sabedes onde vía el esta coraxe? Unicamente no feito de tragar dun grolo unha beberaxe de mal sabor, sen dubidar e sen demostrar a menor repugnancia. O pobre do rapaz, a quen lle fixeran tomar medicina aínda non había quince días e que só a tomara con infinita dificultade, tiña aínda o noxo na boca. A morte e o envelenamento non eran na súa mente senón sensacións desagradables, e non concibía para el outro veneno fóra do purgante. Con todo, cómpre recoñecer que a firmeza do heroe impresionara moito o seu corazón mociño e que, coa primeira medicina que tivese que tragar resolvera el ser como Alexandre. Sen entrar en aclaracións que estaban, evidentemente, a unha altura superior a el, confirmeino nestas louvables disposicións e regresei, rindo para min da alta sabedoría dos pais e dos mestres que pensan aprenderlles a Historia aos rapaces.

É doado poñer nas bocas deles as palabras de reis, de imperios, de guerras, de conquistas, de revolucións e de leis, mais cando sexa cousa de ligar a estas palabras ideas claras, estaremos lonxe das falas do xardineiro Robert para todas estas explicacións.

Algúns lectores descontentos co “*Cala, Jean–Jacques*”, preguntarán –estouno vendo– que é o que atopo tan fermoso na acción de Alexandre. Coitadiños! Se precisades que volo diga: como o habedes comprender? É que Alexandre cría na virtude, e que cría nela por riba da súa cabeza e por riba da súa pro-

pia vida. É que a súa grande alma estaba feita para crer nela. Que fermosa profesión de fe era esta medicina tragada! Non, endexamais mortal ningún fixo unha tan sublime. Se hai algún moderno Alexandre, que mo amosen en semellantes tragos.

Se non hai ciencia de palabras, non hai estudio propio dos rapaces. Se non teñen verdadeiras ideas, non teñen verdadeira memoria, porque non lle chamo eu así á que unicamente retén sensacións. De que serve inscribir na súa cabeza un catálogo de signos que non representan nada para eles? Seica ao aprenderen as cousas non han aprender os signos? Por que facerlles pasar o inútil traballo de aprendelos dúas veces? E mais: que prexuízos tan perigosos comezan a lles inspirar cando lles fan tomar como ciencia palabras que non teñen ningún sentido para eles! Coa primeira palabra coa que o rapaz se conforma, coa primeira cousa que aprende fiándose noutro sen ver a súa utilidade el mesmo, o seu xuízo está perdido: brillará durante moito tempo aos ollos dos parvos antes de que dea reparado unha perda tal⁵⁴.

Non, se a natureza lle dá ao cerebro dun rapaz esta flexibilidade que o fai axeitado para recibir toda caste de impresións non é para que graven nel nomes de reis, datas, termos de heráldica, de esfera, de xeografía e todas esas palabras sen ningún sentido para a súa idade e sen utilidade ningunha para calquera outra coas que sobrecargan a súa triste e estéril infancia. Pola contra, é para que todas as ideas que pode concibir e que lle son útiles, todas as que se relacionan coa súa felicidade e deben un día iluminalo sobre os seus deberes, se tracen dende cedo nel con

⁵⁴ A maioría dos sabios fan coma os rapaces. A vasta erudición resulta menos dunha multitude de ideas que dunha multitude de imaxes. As datas, os nomes propios, os lugares e todos os obxectos illados ou desprovistos de ideas retéñense unicamente a través da memoria dos signos, e raramente se lembra un dalgunha destas cousas sen ver ao tempo o anverso e o reverso da páxina na que se leu ou a figura na que se viu por primeira vez. Tal era aproximadamente a ciencia en vigor nos séculos pasados. A do noso século é outra cousa: xa non se estudia, xa non se observa: sóñase e dásenos gravemente coma filosofía os soños dalgunhas malas noites. Hanme dicir que tamén eu soño, e concordo, mais eu fago o que os outros se gardan de facer: dou os meus soños como soños, deixando procurar ao lector se teñen algo útil para a xente esperta.

caracteres imborrables e lle sirvan para conducirse durante a súa vida de xeito conveniente para o seu ser e as súas facultades.

Sen estudar nos libros, o tipo de memoria que pode ter un rapaz non permanece emporiso ociosa; todo o que ve e todo o que oe sorpréndeo, e el lémbrao; arquiva dentro de si as accións e os discursos dos homes, e todo o que o rodea está no libro no que el, sen pensalo, enriquece continuamente a súa memoria na espera de que o seu xuízo poida aproveitalo. É na escolla destes obxectos, é no coidado en lle presentar sen cesar aqueles que pode coñecer e en lle agachar os que debe ignorar, no que consiste a verdadeira arte de cultivar nel esta primeira facultade. E é a través disto como cómpre tratar de lle formar un almacén de coñecementos que serven para a súa educación durante a mocidade e para a súa conduta en todas as épocas. Este método, é certo, non forma pequenos prodixios e non fai brillar ás aias nin aos preceptores, mais forma homes asisados, robustos, sans de corpo e de entendemento que, sen se faceren admirar de novos, fanse honrar cando son grandes.

Emilio non ha aprender nunca nada de memoria, nin mesmo fábulas, nin mesmo as de La Fontaine, tan inxenuas e tan encantadoras como son, porque as palabras das fábulas non son as fábulas, do mesmo xeito que as palabras da Historia non son a Historia. Como é que un pode cegarse dabondo para lles chamar ás fábulas a moral dos rapaces, sen reparar en que o apólogo, ao tempo que os divirte engánaos, en que seducidos pola mentira eles deixan escapar a verdade, e en que o que se fai para tornar a instrución agradable lles impide aproveitárense dela? As fábulas poden instruír aos homes, mais aos rapaces cómpre dicirlles a verdade espida: tan axiña como llela recobren cun veo eles non pasan o traballo de levantalo.

Fanlles aprender a todos os rapaces as fábulas de La Fontaine e non existe un só que as entenda. Mesmo se as entendesen, había ser peor, porque a moral está tan encerellada e é tan desproporcionada para a idade deles, que mais os levaría cara ao vicio que cara á virtude. “Volvedes con paradoxos”, díredesme vós. De acordo, pero vexamos se son verdades.

Digo que un rapaz non entende en absoluto as fábulas que lle fan aprender, porque por moito esforzo que se faga en llas tornar sinxelas, a instrución que se quere tirar delas obriga a introducir ideas que el non pode entender e que a propia forma da poesía, ao llas facer máis doadas de reter, faillas máis difíciles de concibir, de sorte que se prima o agrado a conta da claridade. Sen citar esta multitude de fábulas que non teñen nada intelixible nin útil para os rapaces e que lles fan aprender imprudentemente coas outras porque están mesturadas, limitémonos a aquelas que o autor semella ter feito especialmente para eles.

Non coñezo en toda a recolleita de La Fontaine mais que cinco ou seis fábulas nas que brilla superiormente a sinxeleza pueril. Destas cinco ou seis, tomo como exemplo a primeira de todas porque é aquela que ten unha moral mais propia para todas as idades, a que os rapaces captan mellor, a que aprenden con maior pracer e, finalmente, a que por iso mesmo o autor colocou como preferente en cabeza do seu libro. Supoñéndolle realmente o obxectivo de ser entendida polos rapaces, de lles agradar e de os instruír, esta fábula é con seguridade a súa obra mestra. Permítaseme, daquela, seguila e examinala en poucas palabras.

O CORVO E O RAPOSO.

FÁBULA⁵⁵

Mestre corvo, sobre un tronco empoleirado,

Mestre! Que significa esta palabra soa? Que significa diante dun nome propio? Que sentido ten nesta ocasión?

Que é un corvo?

Que é *un tronco empoleirado*? Non se di *sobre un tronco empoleirado*, dise *empoleirado sobre un tronco*. Por conseguinte, cómpre falar das inversións da poesía, cómpre dicir o que é prosa e o que é verso.

⁵⁵ Dada a análise textual que fai Rousseau das frases da fábula, non procede intentarmos unha adaptación galega, pois, para non impedir a aplicación daquela, é imprescindible a tradución exacta só coas transposicións necesarias. De todos os xeitos, algunhas das apre-

Sostiña no seu bico un queixo.

Que queixo? Era un queixo de Suíza, de Brie ou de Holanda? Se o rapaz non viu nunca corvos, que gañades falándolle deles? Se os viu, como vai concibir que sosteñan un queixo no bico? Fagamos sempre imaxes de acordo coa natureza.

Mestre raposo, polo cheiro embelecado,

Outro mestre máis! Mais neste o título é xusto: é mestre consumado nas xogadas do seu oficio. Cómpre dicir o que é un raposo e distinguir a súa verdadeira natureza do carácter convencional que ten nas fábulas.

Embelecado. Esta palabra non é usual. Cómpre explicala, cómpre dicir que non nos servimos dela mais que no verso. O rapaz vai preguntar por que se fala de xeito distinto en verso e mais en prosa. Que lle ides responder?

Embelecado polo cheiro dun queixo! Ese queixo, sostido por un corvo empoleirado nun tronco, debía cheirar moito para que lle chegara ao raposo no mato ou no seu tobo! Seica é así como exercitades ao voso alumno nese espírito de crítica sensata que só se deixa impoñer as cousas con garantías e que sabe discernir a verdade da mentira nas narracións doutra persoa?

Faloulle, mais ou menos, nesta linguaxe

Nesta linguaxe! Seica os raposos falan? Seica falan na mesma lingua que os corvos? Sabio preceptor, ten coidado contigo: pensa ben a túa resposta antes de dala porque importa máis do que ti pensaches.

Ei, bos días, señor corvo!

Señor! O rapaz ve ridiculizar este título antes mesmo de que saiba que é un título de honra. Os que din *Señor do Corvo* terán que explicar outras cousas antes dese *do*.

ciacións de Rousseau só poden entenderse coñecendo o orixinal e mais o contexto referencial da lingua francesa. Así *maître* ("mestre" entre outros equivalentes en galego) podía antigamente acompañar a un nome de home (*Maître François*) que non tivese a categoría de *monsieur* e tamén servía (e serve aínda), co apelido, como título para os homes de leis. Tamén a variante *Monsieur du Corbeau* (Señor do Corvo) remite ao uso en francés da partícula *de* nos apelidos como indicación de nobreza. Por iso di Rousseau que quen utilizase esta variante da fábula tería previamente que lles explicar aos rapaces outras cuestións: simplemente as clases sociais (N. do T.).

Que bonito sodes! Que fermoso me pareceades!

Repetición por necesidade da medida, redundancia inútil. Ao ver repetir a mesma cousa noutros termos, o rapaz aprende a falar relaxadamente. Se dicides que esta redundancia é unha arte do autor, e que forma parte do propósito do raposo, que quere aparentar multiplicar os eloxios con palabras, esta escusa será válida para min, mais non para o meu alumno.

Sen mentir, se o voso rechouchío

Sen mentir! Daquela méntese ás veces? Que pensará o rapaz se lle aprendedes que o raposo di *sen mentir* só porque mente?

Respondese á vosa plumaxe,

Respondese! Que significa esta palabra? Aprendédelle ao rapaz a comparar calidades tan diferentes como a voz e a plumaxe, e habedes ver que ben vos entende.

Vós seriades o fénix dos hóspedes destes bosques.

O fénix! Que é un fénix? Velaí estamos de súpeto introducidos na mentireira antigüidade, case na mitoloxía.

Os hóspedes destes bosques! Que discurso figurado! O aduador ennobrece a súa linguaxe e dálle máis dignidade para volvela máis sedutora. Vai entender esta fineza un rapaz? Seica sabe, seica pode saber, sinxelamente, o que é o estilo nobre e o estilo baixo?

Con estas palabras, o corvo rebenta coa alegría,

É preciso ter experimentado xa paixóns ben vivas para sentir esta expresión proverbial.

E para amosar a súa fermosa voz,

Non esquezades que, para comprender este verso e toda a fábula, o rapaz debe saber o que é a fermosa voz do corvo.

Abre enteiriño o bico e a presa logo cae.

Este verso é admirable, xa só a súa harmonía produce a imaxe. Vexo unha grande boca fea aberta e oio caír o queixo polo medio das pólas, mais esta caste de belezas pérdenas os rapaces.

*O raposo cólleo entón e dille: “Meu bo señor,
Velaí, logo, a bondade, transformada en parvura. De certo
que non se perde o tempo instruíndo aos rapaces.*

*Aprendede que todo adulator
Regra xeral, estamos perdidos.*

*Vive a conta daquel que o escoita.
Nunca un rapaz de dez anos deu entendido este verso.*

Esta lección ben vale un queixo, de certo”.
Isto enténdese, e o pensamento é bo. Con todo haberá aínda
ben poucos rapaces que saiban comparar unha lección cun
queixo. Cómpre, daquela, facerlles entender que esta frase non
é senón unha burla. Canta fineza para uns rapaces!

*O corvo, avergoñado e confuso,
Outro pleonasma, mais este é inxustificable.*

*Xurou, tarde de máis, que non o habían volver pillar.
Xurou! Quen é o parvo do profesor que se atreve a explicarlle
ao rapaz o que é un xuramento?*

Velaí moitos detalles, aínda que moitos menos dos que serían
necesarios para analizar todas as ideas desta fábula e reduci-
las ás ideas sinxelas e elementais da que cada unha delas se
compón. Mais quen é o que coida precisar esta análise para se
facer entender pola mocidade? Ningún de nós é filósofo abondo
para saberse poñer no lugar dun rapaz. Pasemos agora á moral.

Pregunto se é a rapaces de seis anos a quen cómpre aprender-
lles que existen homes que adulan e menten para o seu proveito.
Como máximo poderíaselles aprender que existen burlóns que
rin dos rapaces novos e se mofan en segredo da súa parva fanfu-
rriña; mais o queixo derrámao todo: apréndenlles menos a deixa-
lo caír do propio bico que a facelo caír no bico doutra persoa.
Este é o meu segundo paradoxo, e non é o menos importante.

Seguíde aos rapaces mentres aprenden as fábulas e habedes ver como, cando dan podido aplicalas, case sempre as aplican en contra da intención do autor e, en lugar de se vixiaren tocante ao defecto do que os queren curar ou preservar, inclínanse a amar o vicio co que se tira partido dos defectos dos demais. Na fábula anterior os rapaces búrlanse do corvo, mais todos lle toman afecto ao raposo. Na fábula que a segue vós credes propor como exemplo a cigarra, mais nada diso: é a formiga a que eles han escoller. Un non gusta de humillarse e eles sempre han escoller o mellor papel: é a escolla do amor propio, unha escolla moi natural. E máis: que horrible lección para a infancia! O máis odioso de todos os monstros sería un rapaz avaro e duro que soubera o que lle piden e o que nega. A formiga aínda fai máis, apréndelle a escarnecer nas súas negativas.

En todas as fábulas nas que o león é un dos personaxes, como xeralmente é o máis brillante, o rapaz non deixa de facerse león; e cando preside algún reparto, ben adoutrinado polo seu modelo, coída moi ben de se apoderar de todo. Mais cando o mosquito tira polo chan ao león é outro asunto: daquela o rapaz xa non é león, é mosquito. Aprende a matar un día a golpes de aguillón a aqueles que non había atreverse a atacar a brazo descuberto.

Na fábula do lobo magro e o can gordo, en lugar dunha lección de moderación que pretenden darlle, el capta unha de licenza. Non hei esquecer endexamais unha rapaciña á que desolaran con esta fábula ao tempo que lle predicaban sempre a docilidade. Foi difícil coñecer a causa dos seus choros, mais finalmente sóubose. A pobre da rapaza aborrecía estar encadeada e sentía que tiña o pescozo pelado: choraba por non ser o lobo.

Así pois, a moral da primeira fábula citada é para o rapaz unha lección da máis baixa adulación, a da segunda unha lección de inhumanidade, a da terceira unha lección de inxustiza, a da cuarta unha lección de sátira e a da quinta unha lección de independencia. Esta última lección, polo feito de ser superflua

para o meu alumno, non resulta máis conveniente para os vosos. Cando lles dades preceptos que se contradín: que froito esperades dos vosos coidados? Mais se cadra –deixando a parte ese asunto– toda esta moral que me serve de obxección contra as fábulas fornece outras tantas razóns para conservalas. Cómpre unha moral en palabras e outra en accións na sociedade, e estas dúas morais non se asemellan en nada. A primeira está no catecismo, onde a deixan quedar, a outra está nas fábulas de La Fontaine para os rapaces e nos seus contos para as nais. O mesmo autor abonda para todo.

Cheguemos a un acordo, señor de La Fontaine. Eu prometo, canto a min, lervos con pracer, amarvos e instruírme nas vosas fábulas, porque espero non enganarme sobre o seu obxectivo, mais para o meu alumno permitíndeme que non lle deixe estudar nin a primeira ata que vos me deades probado que é ben para el aprender cousas das que non comprenderá nin a cuarta parte. Que, naquelas que el dea entendido nunca ha tomar o camiño equivocado, e que en lugar de aprender na cabeza do escarmentado non se ha formar imitando ao loubán.

Eliminando así todos os deberes dos rapaces, elimino os instrumentos da súa máis grande miseria, a saber, os libros. A lectura é o flaxelo da infancia, e case a única ocupación que lles saben dar. Apenas aos doce anos ha saber Emilio o que é un libro. “Pero, cando menos –dirase– cómpre que saiba ler”. Concordo: cómpre que saiba ler cando a lectura lle é útil, ata daquela a lectura só o anoxa.

Se non se debe esixir nada dos rapaces pola obediencia, dedúcese que non poden aprender nada do que non sintan a vantaxe actual e presente, quer por agrado, quer por utilidade. Outramente: que motivo había levalos a aprendelo? A arte de falar cos ausentes e de entendelos, a arte de lles comunicar lonxe, sen intermediario, os nosos sentimentos, as nosas vontades e os nosos desexos, é unha arte da que a utilidade pode facerse sensible en todas as idades. Por que prodixio esta arte

tan útil e agradable se tornou un tormento para a infancia? Por que a obrigan a aplicarse nela contra o seu gusto e porque lle impoñen hábitos que non entende en absoluto. Un rapaz non ten demasiada curiosidade por perfeccionar o instrumento co que o atormentan, mais facede que ese instrumento sirva para os seus praceres e axiña se ha aplicar nel malia vosa.

Pásase moito traballo en procurar os mellores métodos para aprender a ler: invéntanse escritorios e carteis e faise do cuarto dun rapaz un obradoiro de imprenta. Locke quere que aprenda a ler con dados. Seica non é un invento ben atopado? Que mágoa! Un medio máis seguro que todo iso, e que sempre se esquece, é o desexo de aprender. Dádelle ao rapaz este desexo e deixade despois quedar os vosos escritorios e os vosos dados, porque calquera método ha ser bo.

O interese actual: velaí o gran móbil, o único que guía lonxe e de xeito seguro. Emilio recibe ás veces de seu pai, de súa nai, dos seus parentes e amigos, notas de invitación para unha cea, para un paseo, para unha travesía pola auga ou para asistir a algunha festa pública. Estas notas son cortas, claras, nidias e ben escritas. Cómpre atopar a alguén que llas lea, e ese alguén ou non se atopa sempre no momento axeitado ou lle devolve ao rapaz a pouca amabilidade que este tivo con el a véspera. Así a ocasión e o momento pasan. Lenlle por fin a nota, mais xa non é tempo. Ah, se soubese ler por si mesmo! Recibe outras pero: son tan cortas! O seu asunto é tan interesante! Quixera intentar descifralas mais unhas veces atopa axuda e outras negativas. Esfórzase e dá descifrado por fin a metade dunha nota: trátase de ir mañá a comer crema... non se sabe onde nin con quen... Cantos esforzos se fan para ler o resto! Non creo que Emilio teña necesidade do escritorio. Falarei agora da escritura? Non, avergónname divertirme nestas parvadas nun tratado de educación.

Engadirei unicamente esta frase que constitúe unha norma importante: de ordinario obtense de xeito máis seguro e máis rápido aquilo que non se ten présa en obter. Estou case seguro

de que Emilio saberá ler e escribir perfectamente antes dos dez anos de idade, precisamente porque me importa moi pouco que aprenda antes dos quince, mais preferiría que non soubese ler endexamais se adquirira esta ciencia a costa de todo o que pode facela útil. De que lle ha servir a lectura cando o teñan anoxado dela para sempre? *Id in primis cavere oportebit, ne studia, qui amare nondum potest, oderit, et amaritudinem semel perceptam etiam ultra rudes annos reformidet*⁵⁶.

Canto máis insisto no meu método inactivo, máis sinto reforzarse as obxeccións. “Se o voso alumno non aprende nada de vós hao aprender dos outros. Se vós non prevides o erro por medio da verdade, el ha aprender mentiras; os prexuízos que vós temedes darlle, haos recibir de todo canto o rodea, hanlle entrar a través de todos os seus sentidos. Ou han corromper a súa razón –mesmo antes de que estea formada– ou a súa mente –entalada por unha longa inacción– se ha absorber na materia. A falta de hábito de pensar na infancia anula a facultade de facelo durante o resto da vida”.

Paréceme que podería responder doadamente a iso, mais: por que sempre respostas? Se o meu método responde en por el ás obxeccións é que é bo; se non responde é que non vale nada. Continúo.

Se, conforme ao plan que eu comecei a trazar, vós seguides unhas regras totalmente contrarias ás que están establecidas, se en lugar de levardes lonxe a mente do voso alumno e de extraíalo sen cesar por outros sitios, outros climas e outros séculos polas extremidades da Terra e mesmo polos ceos, vos aplicades a mantelo sempre nel mesmo e atento ao que se refire a el de

⁵⁶ A cita que fai Rousseau é de Quintiliano (Libro I, cap. 1). O texto aparece con algunhas variacións entre as distintas edicións do Emilio. O seu significado viría sendo: “*Cumprirá en primeiro lugar ter precaución para que non lles tome odio aos estudos que aínda non pode amar, e evitar que tal aversión, unha vez declarada, o afaste deles pasado o tempo da ignorancia*”. Optamos por conservar a cita tal como aparece na edición de Wirtz e Bourgelin, dado que tamén atopamos pequenas discrepancias textuais nas edicións latinas de Quintiliano (N. do T.).

maneira inmediata, entón habédelo atopar capaz de percepción, de memoria e mesmo de razoamento; é a orde da natureza. A medida que o ser sensitivo se volve activo, adquire un discernimento proporcional ás súas forzas. E non é senón coa forza sobranceira da que precisa para conservarse, como se desenvolve na facultade especulativa propia para empregar este exceso de forza noutros usos. Queredes, daquela, cultivar a intelixencia do voso alumno? Cultivade as forzas que debe gobernar. Exercitade continuamente o seu corpo, volvédeo robusto e san para volvelo sabio e razoable, que traballe, que actúe, que corra, que grite, que estea sempre en movemento. Que sexa home por medio do vigor e axiña hao ser por medio da razón.

Embruteceríadelo con este método —é certo— se o forades dirixindo sempre e dicíndolle sempre: “Vai, ven, queda, fai isto, non fagas aquilo”. Se a vosa cabeza guía sempre os seus brazos, a súa fáiselle inútil. Mais lembrade o noso convenio: se vós non sodes mais que un pedante non paga a pena lerre.

É un erro ben lamentable imaxinar que o exercicio do corpo poida prexudicar as operacións da mente. Como se estas dúas accións non debesen camiñar de concerto e que unha non debese sempre dirixir á outra!

Existen dúas castes de homes que teñen os seus corpos en exercicio continuo e que seguramente pensan tan pouquiño uns coma outros en cultivaren a súa alma, a saber: os labregos e os salvaxes. Os primeiros son paifocos, groseiros e zoupóns, os segundos, coñecidos polo seu gran sentido, sono tamén pola sutileza da súa mente. En xeral non hai nada máis pousón que un labrego nin nada máis fino que un salvaxe. De onde ven esta diferenza? É que o primeiro, facendo sempre o que lle mandan ou o que viu facer ao seu pai ou o que fixo el dende a súa mocidade, nunca segue senón a rutina, e, na súa vida case autómatas, ocupado sen cesar nos mesmos traballos, o costume e a obediencia substitúen nel á razón.

O salvaxe é outra cousa: ao non estar vencellado a ningún lugar, ao non ter unha tarefa prescrita, ao non obedecer a nin-

guén, sen outra lei que a súa propia vontade, vese forzado a razoarse en cada acción da súa vida: non fai un movemento nin dá un paso sen antes ter calculado as súas consecuencias. Así, canto máis se exercita o seu corpo, máis se aclara a súa mente; a súa forza e a súa razón medran a un tempo e esténdense unha coa outra.

Sabio preceptor, vexamos cal dos nosos dous alumnos asemella ao salvaxe e cal asemella ao labrego. Sometido en todo a unha autoridade que sempre ensina, o voso non fai nada se non é pola palabra dos demais: non se atreve a comer cando ten fame nin a rir cando está ledo, nin a chorar cando está triste, nin a presentar unha man en lugar da outra, nin a mover o pé senón como llo mandan. Moi axiña non se ha atrever a respirar se non é seguindo as vosas normas. En que queredes que pense cando vós pensades en todo por el? Seguro da vosa previsión, seica precisa tela el? Ao ver que vós vos encargades da súa conservación e do seu benestar, síntese liberado deste coidado, o seu xuízo descansa no voso e todo o que vós non lle prohibides faino sen reflexión, sabendo ben que o fai sen risco. Que necesidade ten de aprender a prever a chuvia! Sabe que vós mirades o ceo por el. Que necesidade ten de controlar o seu paseo! Non teme que vós lle deixedes pasar a hora do xantar. En canto non lle prohibides comer, come, cando llo prohibides, xa non come; xa non escoita os avisos do seu estómago senón os vosos. Por moito que fagades amolecer o seu corpo na inacción non volveredes o seu entendemento máis flexible. Ben ao contrario, acabades de desacreditar a razón na súa mente ao lle facer gastar a pouca que ten nas cousas que lle parecen máis inútiles. Ao non ver nunca para que serve ela, considera finalmente que non serve para nada. O peor que poderá acontecerlle por razoarse mal será ser reprendido, e tantas veces o é que nin repara practicamente niso; un perigo tan común non o asusta.

E mais vós atopádeslle enxeño, e teno para larapetar coas mulleres no ton do que xa eu falei, mais se se ve no caso de ter

que responder coa súa persoa, de tomar partido nunha ocasión difícil, veredes que é cen veces máis estúpido e máis parvo que o fillo do brután máis grande.

O meu alumno, ou mais ben o da natureza, exercitado dende cediño en abondarse a si mesmo o máximo posible, non se habitúa a recorrer aos demais sen cesar, e aínda menos a exhibir o seu gran saber. En troques, xulga, prevé e razoa en todo o que ten relación inmediata con el. Non latrica senón que actúa; non sabe unha palabra do que se fai na sociedade, mais sabe moi ben facer o que lle convén. Como está sen cesar en movemento, vese forzado a observar moitas cousas e coñecer moitos efectos; adquire dende cedo unha gran experiencia e tira as súas leccións da natureza, non dos homes. Instrúese moito mellor ao non dexergar en parte ningunha intención de instruílo. Así, o seu corpo e a súa mente exercítanse a un tempo. Actuando sempre segundo o seu pensamento e non o doutra persoa, une continuamente dúas operacións: canto máis forte e robusto se fai, máis sensato e asisado se volve. Este é o medio de ter un día o que se coida incompatible e que case todos os grandes homes reuniron: a forza do corpo e a da alma, a razón dun sabio e o vigor dun atleta.

Mestre mozo, estou a vos predicar unha arte difícil, a de gobernar sen preceptos, e que fagades todo non facendo nada. Esta arte, concordo, non é da vosa idade; non é axeitada para facer brillar de primeiras o voso talento nin para vos facer valer entre os pais, mais é a única axeitada para ter éxito. Non conseguiredes endexamais facer sabios se primeiro non facedes rillo-tes. Esa era a educación dos Espartanos: en lugar de os pegaren aos libros, comezaban por lles aprender a roubar o seu xantar. Seica por iso eran os Espartanos groseiros en chegando a grandes? Quen non coñece a forza e o sal dos seus ditos? Sempre feitos para vencer, esmagaban aos seus inimigos en calquera tipo de guerra, e os larapeteiros dos Atenienses temían tanto as súas palabras coma os seus golpes.

Nas educacións máis coidadas, o mestre dá ordes e coida gobernar, mais na realidade é o rapaz quen goberna. Sérvese do que lle esixides para el obter todo o que lle apetece e sabe sempre facervos pagar unha hora de asiduidade con oito días de tolerancia. A cada momento cómpre pactar con el. Estes tratos, que vós propoñedes ao voso xeito e el realiza ao seu, víranse sempre en proveito dos seus caprichos –maiormente cando se ten a falta de habilidade de lle permitir que se aproveite para obter o que dá por seguro– cumpra el ou non a condición que lle impoñen a cambio. O rapaz, de ordinario, le moito mellor na mente do mestre que o mestre no corazón do rapaz e isto debe ser así, porque toda a sagacidade que o rapaz abandonado a si mesmo daría empregado en se preocupar na conservación da súa persoa, aquel emprégaa en salvar a súa liberdade natural das cadeas do seu tirano. A este, pola contra, ao non ter un interese tan premente por penetrar na mente do outro, acomódalle máis, por veces, permitirlle a súa preguiza ou a súa vaidade.

Tomade un camiño oposto co voso alumno: que crea sempre ser o mestre e que o sexades sempre vós. Non hai suxeición máis perfecta que a que mantén a aparencia de liberdade: catívase así a vontade mesma. Seica non está á mercé vosa o pobre do rapaz que non sabe nada, que non pode nada e que non coñece nada? Seica non dispoñedes, en relación a el de todo o que o rodea? Seica non sodes dono de manexalo como vos parece? Os seus traballos, os seus xogos, os seus praceres, as súas penas, non está todo nas vosas mans sen que o saiba? Sen dúbida non debe el facer máis que o que quere, pero non debe querer senón o que vós queredes que faga, non debe dar un paso sen que vós o teñades previsto, non debe abrir a boca sen que vós saibades o que vai dicir.

É entón cando poderá entregarse aos exercicios do corpo que lle pide a súa idade, sen embrutecer a súa mente. É entón cando, en lugar de agudizar a súa astucia en eludir un incómodo mandato, vós habédelo ver ocuparse unicamente por tirar de

todo o que o rodea o maior proveito para o seu benestar actual. É entón cando vos asombraredes da sutileza dos seus inventos para se apropiiar de todos os obxectos que pode acadar e para gozar verdadeiramente das cousas sen o amparo da opinión.

Ao deixalo así dono dos seus propósitos non fomentaredes en absoluto os seus caprichos. Ao non facer el endexamais senón o que lle convén, axiña non ha facer senón o que debe, e, aínda que o seu corpo estea nun continuo movemento, en canto que se trate do seu interese presente e sensible, habedes ver toda a razón que é capaz de desenvolver moito mellor –e dun xeito moito máis propio del– que en estudos de pura especulación.

Así, ao non vos ver en absoluto atento a contrarialo, ao non desconfiar en absoluto de vós, ao non ter nada que vos esconder, non vos ha enganar nin mentir en nada. Poderedes estudialo ao voso gusto e dispoñer arredor del as leccións que lle queirades impartir, sen que el pense nunca estar recibindo ningunha.

Non ha axexar en absoluto os vosos hábitos con curiosos celos nin ha ter un secreto pracer en vos pillar nun fallo. Este inconveniente que así previmos é moi grande. Unha das primeiras preocupacións dos rapaces é, como xa dixen, descubrir o punto feble dos que o gobernan. Esta tendencia inclina cara á maldade, mais non procede dela; procede da necesidade de eludir unha autoridade que os importuna. Cangados co xugo que lles impoñen, tratan de sacudilo, e os defectos que encontran nos mestres fornécenlles útiles medios para iso. Entrementes, cóllese o hábito de observar os defectos da xente e de compracerse en llos buscar. Está claro que esa é outra fonte de vicios entupida no corazón de Emilio: ao non ter interese ningún en me atopar defectos, non mos ha buscar e hase ver pouco tentado de llos buscar aos demais.

Todas estas prácticas semellan difíciles porque non se pensa nelas, mais no fondo non deben selo en absoluto. Temos dereito a vos presupor as luces necesarias para que exerzades o oficio que escollestes; debemos presumir que coñecedes a marcha

natural do corazón humano, que sabedes estudar o home e o individuo, e que sabedes previamente ante qué se preparará a vontade do voso alumno cando lle fagades pasar diante dos seus ollos todos os obxectos interesantes para a súa idade. Ora ben, ter os instrumentos e coñecer ben o seu uso: seica non equivale a ser quen domina a operación?

Obxectades os caprichos do rapaz, e non tedes razón. O capricho dos rapaces non é nunca obra da natureza senón dunha mala disciplina: é que teñen obedecido ou mandado, e xa dixeran centos veces que non cumpría nin unha cousa nin outra. O voso alumno non ha ter, daquela, máis caprichos que os que vos lle destes: é xusto que pandedes co castigo das vosas faltas. Mais —diredes vós— como poñerlles remedio? Pode aínda facerse cunha mellor orientación e moita paciencia.

Eu encargárame, durante algunhas semanas dun rapaz habituado non só a facer a súa vontade senón tamén a ordenar que a fíxese todo o mundo, e, por conseguinte, cheo de caprichos. Dende o primeiro día, para poñer a proba a miña tolerancia, quíxose erguer a media noite. No máis profundo do meu sono, salta abaixo do seu leito, colle a bata e chámame. Eu érgome e prendo a candea. É todo o que el quería; ao cabo dun cuarto de hora o sono vénceo e vólvese deitar, contento polo resultado. Dous días despois, reitera a proba co mesmo éxito, e pola miña parte sen o menor signo de impaciencia. Cando me abrazaba ao se volver deitar, díxenlle moi a modo: “Meu amiguiño, todo vai moi ben, mais non volvades facer isto”. Estas palabras excitáron a súa curiosidade e, dende o día seguinte, querendo ver un pouco se eu ousaría desobedecerlle, non deixou de se erguer á mesma hora e de me chamar. Eu pregunteille que quería e díxome que non podía durmir. “*Que se lle vai facer!*”, púxenme eu, e mantívenme calado. Pedíume que prendera a candea. “*Para que?*” e mantívenme calado. Este ton lacónico comezou a poñelo en apuros. Foise ás apalpadadas buscar o pedernal e fíxo coma quen o rascaba, e eu non daba aguantado a risa ao senti-

lo golpearse nos dedos. Finalmente, convencido de que non o daría feito, tróuxome o chisqueiro ao meu leito e eu díxenlle que non o precisaba para nada, e revireime para o outro lado. Entón botouse a correr coma un tolo polo cuarto, berrando, cantando, facendo moito ruído e dándose contra a mesa e as cadeiras golpes que tiña moito coidado en que fosen pequenos e polos que non deixaba de berrar moi forte esperando causarme inqueda. Nada disto daba resultado e vin que, contando con que eu reaccionase con fermosas exhortacións ou con carraxe, non se preparara en absoluto para este sangue frío.

Con todo, resolto a vencer a miña paciencia a poder de teimosía, continuou co seu estroncio con tal éxito que finalmente eu quenteime e, presentindo que ía derramar todo por culpa dun arrebatado fóra de lugar, actuei doutra maneira. Erguinme sen dicir nada e fun coller o pedernal sen atopalo. Píddollo e el dámo, coruscando de ledicia por ter triunfado en min finalmente. Bátoo co ferro, prendo a candea, collo pola man ao meu homiño, lévoo tranquilamente a un gabinete veciño coas contras ben pechadas e onde non había nada que romper e déixoo alí ás escuras. Logo, pechando a porta con chave, volvo deitarme sen lle ter dito unha palabra. Non é preciso preguntar se ao primeiro houbo balbordo: xa o eu esperaba e non me conmoveu. Finalmente o ruído cálmase e eu escoito: séntoo acougar e tranquilízome. No outro día, entro coa luz do sol no gabinete e atopo ao meu pequeno rebelde deitado nun sofá, durmindo un profundo sono que, despois de tanta fatiga, debía precisar ben.

O asunto non acabou aí. A nai soubo que o rapaz pasara as dúas terceiras partes da noite fóra da súa cama. Decontado, todo se perdeu: foi como se o rapaz morrera. Ao ver a ocasión favorable para se vingar, fíxose o enfermo, sen prever que non había gañar nada. Chamaron ao médico. Desafortunadamente para a nai, o médico era un gracioso que, para se divertir dos seus temores, dedicábase a aumentalos. No entanto díxome á orella: “Deixádeme facer a min e prométovos que o rapaz ha curar

por algún tempo do capricho de estar enfermo”. Efectivamente foille prescrito unha dieta e permanecer no seu cuarto, e encomendárono ao boticario. Eu sufría ao ver esta pobre nai vítima da argallada de todo o que a rodeaba, non sendo eu, a quen ela colleu teima precisamente porque non a enganaba.

Despois duns reproches bastantes duros, díxome ela que o seu fillo era delicado, que era o único herdeiro da familia, que había que conservalo por riba de todo, e que non quería que o contrariasen. Niso estaba eu ben de acordo con ela, só que ela entendía por contrarialo non obedecerlle en todo. Vin que cumpría adoptar coa nai o mesmo ton que co rapaz, e díxenlle bastante friamente: “Señora, non sei como se educa un herdeiro, e o que mais é: non quero aprendelo. Podedes vós amañarvos nese asunto”. Precisaban aínda de min durante algún tempo e o pai calmou todo. A nai escribiulle ao preceptor que apurase o seu regreso, e o rapaz, ao ver que non gañaba nada en perturbar o meu sono nin en estar enfermo, optou por durmir tamén el e atoparse ben de saúde.

Non se daría imaxinado a cantos caprichos semellantes suxeitara o pequeno tirano ao coitado do seu aío, porque a educación facíase á vista da nai, que non soportaba que desobedece sen en nada ao herdeiro. A calquera hora que quixese saír había que estar disposto para levalo, ou mellor para seguilo, e tiña el moito coidado en escoller o momento en que vía ao seu aío máis ocupado. Quixo utilizar comigo o mesmo poder e vingarse do día de descanso que se vira forzado a deixarme aquela noite. Eu presteime de bo grado a todo e comecei por lle demostrar ben aos seus propios ollos o pracer que tiña en compracelo. Despois disto, cando foi cousa de curalo do seu capricho, actuei doutro xeito.

Foi primeiro necesario que se formase unha idea falsa, e non foi difícil. Sabendo que os rapaces non pensan nunca senón no presente, tomei sobre el a doada vantaxe da previsión. Tiven boa conta de lle buscar na mansión unha ocupación que sabía

que lle gustaba extraordinariamente e, no momento en que o vin mais mergullado nela, funlle propoñer que deramos un paseo. El mandoume fóra de alí, eu insistín e non me escoitou. Tiven que me render e el tomou boa nota deste signo de sometemento.

No outro día foi a miña vez. El aburriuse, como eu dispuxera. Pola contra, eu semellaba ocupadísimo. Era menos do que se precisaba para decidilo. Non deixou de vir arrancarme do meu traballo para que o levase de paseo o máis axiña. Eu negueime, e el insistiu. “Non –díxenlle eu– ao facerdes a vosa vontade vós aprendéstesme a eu facer a miña: non quero saír”. “Pois ben –dixo el excitado– sairei eu só”. “Como vós queirades”. E recomezo o meu traballo.

Vítese, un pouco inquieto ao ver que eu o deixaba facer e que non o imitaba. Preparado para saír, vense despedir de min e eu despídome del. Trata de me alarmar co relato das encomendas que vai facer. Oíndoo, creríase que ía ao cabo do mundo. Sen me conmoover, deséxolle unha boa viaxe. O seu apuro aumenta. Con todo, mantén a aparencia e, listo para saír, dille ao seu lacaio que o siga. O lacaio, avisado xa, responde que non ten tempo e que, ocupado polas miñas ordes, debe obedecerme a min antes ca a el. Coa mesma, o rapaz vese perdido. Como concibir que o deixen saír só, a el que se cre o ser que importa a todos os demais e que pensa que o ceo e a terra están interesados na súa conservación? Con todo, comeza a sentir a súa debilidade: comprende que se vai atopar só no medio de xente que non o coñece, prevé os riscos que vai correr. Só a obstinación o sostén aínda. Baixa a escaleira lentamente e todo abraiado. Finalmente entra na rúa, consolándose un pouco do mal que lle pode acontecer coa esperanza de que me farán a min responsable.

Era aí onde eu o estaba esperando. Todo estaba preparado de antemán, e como se trataba dunha especie de representación pública, fixérame co consentimento do pai. Apenas dera el algúns pasos, sente pola dereita e pola esquerda diferentes

comentarios a conta súa. “–Veciño: e ese señor tan bonitiño? Onde vai así, el só? Vaise perder, voulle rogar que entre na nosa casa”. “–Veciña, non fagades tal. Non vedes que é un mociño abandallado que botaron da casa de seu pai porque non quería servir para nada? Non hai que acoller aos bandallos, deixádeo ir para onde queira”. “–Pois, daquela, que Deus o gufe! Moito me doería que lle acontecesse algún mal”. Un pouco máis lonxe atopa uns rillotes máis ou menos do seu tempo que o abouran e fan burla del. Canto máis avanza, en máis apuros se atopa. Só e sen protección, síntese o xoguete de todos e comproba con moita sorpresa que os lazos dos seus ombros e os seus adobíos de ouro non fan que lle teñan máis respecto.

No entanto, un dos meus amigos que el non coñecía e que eu encargara de velar por el seguía o paso a paso sen que se decatase e abordouno cando chegou o momento. Este papel, que semellaba o de Sbrigani en *Pourceaugnac*⁵⁷, quería un home agudo e el fíxoo perfectamente. Sen volver ao rapaz tímido e medoñento por asustalo de mais, fíxolle sentir tan ben a imprudencia da súa escapada, que de alí a media hora devolveumo manseliño e abafado, sen ousar levantar a vista.

Para rematar o desastre da súa expedición, precisamente no momento en que entraba baixaba seu pai para saír e atopouno na escaleira. Tivo que dicir de onde viña e por que eu non estaba con el⁵⁸. O pobre do rapaz quixera atoparse a cen pés debaixo da terra. Sen se distraer en lle botar unha boa reprimenda, o pai díxolle máis seco do que eu agardaría: “Cando queirades saír só, sodes dono de facelo, mais, como eu non quero un bandido na miña casa, cando vos aconteza isto, tede boa conta de non regresar”.

⁵⁷ Refírese á peza de Molière *Monsieur de Pourceaugnac* (N. do T.).

⁵⁸ Nun caso semellante, pódese sen perigo esixirle a un rapaz a verdade, porque sabe ben, entón, que non a daría disfrazado e que, se se atrevese a dicir unha mentira atoparíase no instante convicto dela.

Eu, recibino sen reproche e sen burla, mais con algo de gravidade e, por medo a que sospeitase que todo o que acontecera non era máis que un xogo, non quixen levalo de paseo o mesmo día. No outro, vin con moito pracer como pasaba comigo con aire de triunfo diante da mesma xente que se burlara del a véspera por telo atopado só. Compréndese ben que non me volveu ameazar con saír sen min.

É a través destes medios e doutros semellantes como, durante o pouco tempo que estiven con el, rematei por obrigalo a facer todo canto eu quería sen lle ordenar nin prohibir cousa ningunha, sen sermóns nin discursos e sen anoxalo con leccións inútiles. Así, en canto que eu falaba el estaba contento, mais o meu silencio facíao temer: entendía que algo non ía ben, e sempre a lección víñalle da propia cousa. Mais volvamos onde estabamos.

Non só estes exercicios continuos —deixados deste xeito á única dirección da natureza— non embrutecen a mente ao fortaleceren o corpo, senón que, polo contrario, forman en nós o único tipo de razón do que a primeira idade é susceptible e que resulta da maior necesidade para outra idade calquera. Apréndennos a coñecer ben a utilización das nosas forzas, as relacións dos nosos corpos cos corpos que os rodean, a utilización dos instrumentos naturais que están ao noso alcance e que conveñen aos nosos órganos. Seica existe unha estupidez semellante á dun rapaz educado sempre no seu cuarto e baixo os ollos de súa nai, e que, ignorando o que é o peso e a resistencia, quere arrancar unha árbore grande ou levantar un penedo? A primeira vez que eu saín de Xenebra, quería seguir a un cabalo que ía ao galope e mais lanzaba pedras contra a montaña de Salève, que estaba a dúas leguas de min. Convertido en xoguete de todos os rapaces da aldea, eu era para eles un verdadeiro idiota. Aos dezaioito anos apréndese en filosofía o que é unha panca, e non hai ningún rapaz labrego de doce que non saiba utilizar unha panca mellor que o primeiro experto en Mecánica

da Academia. As leccións que os escolares aprenden entre eles no patio do colexio sonlles cen veces máis útiles que todo o que nunca lles han dicir na clase.

Mirade como entra un gato por primeira vez nun cuarto: inspecciona, olla, ulisca, non para quieto un momento e non se fía en nada senón despois de ter examinado e recoñecido todo. Así fai un rapaz cando comeza a camiñar e cando entra, por dicilo así, no espazo do mundo. A única diferenza é que á vista –común ao rapaz e mais ao gato– o primeiro únelle, para observar, as mans que lle deu a natureza, e o outro o olfacto sutil co que o dotou. Esta disposición, ben ou mal cultivada, é a que volve aos rapaces espelidos ou pousóns, pesados ou bulideiros, toleiróns ou prudentes.

Ao ser, daquela, os primeiros movementos naturais do home os de medirse con todo o que o rodea, e mais ao experimentar en cada obxecto que ve todas as calidades sensibles que poden relacionarse con el, o seu primeiro estudio é unha sorte de física experimental relativa á súa propia conservación, da que o desvían con estudos especulativos antes de que el dea recoñecido o seu lugar aquí embaixo. Mentres que os seus órganos delicados e flexibles poden axustarse aos corpos sobre os que deben actuar, mentres que os seus sentidos, aínda puros, están exentos de ilusións, é tempo de exercitar uns e outros nas funcións que lles son propias, é tempo de aprender a coñecer as relacións sensibles que as cousas teñen connosco. Como todo o que entra no entendemento humano ven a través dos sentidos, a primeira razón do home é unha razón sensitiva, é ela a que lle serve de base á razón intelectual: os nosos primeiros profesores de filosofía son os nosos pés, as nosas mans e os nosos ollos. Substituír por libros todo iso non é aprendernos a razoar: é aprendernos a utilizar a razón doutra persoa, é aprendernos a crer moito e a nunca saber nada.

Para exercitar unha arte, cómpre comezar por se procurar os seus instrumentos e para poder empregar solidamente estes

instrumentos cómpre facelos sólidos abondo para que resistan o uso. Para aprender a pensar, cómpre, daquela, exercitar os nosos membros, os nosos sentidos e os nosos órganos, que son os instrumentos da nosa intelixencia, e para lles tirar todo o partido posible a estes instrumentos cómpre que o corpo que os fornece estea robusto e san. Así, lonxe de que a verdadeira razón do home se forme independentemente do corpo, é a boa constitución deste a que volve as operacións da mente doadas e seguras.

Ao mostrar eu en que se debe empregar a longa ociosidade da infancia, entro nun detalle que poderá parecer ridículo. “Bonitas leccións –vanme dicir– que, caíndo baixo a vosa propia crítica, limítanse a ensinar o que ninguén precisa aprender! Por que consumir o tempo en instrucións que acaban sempre chegando en por elas e que non custan dificultades nin coidados? Que rapaz de doce anos non sabe o que vós lle queredes aprender ao voso e, a maiores, o que os seus mestres lle aprenderon?”.

Meus señores, enganádevos: eu ensínolle ao meu alumno unha arte moi longa e dificultosa que seguramente non teñen os vosos: a de ser ignorante, porque a ciencia de calquera que non crea saber máis que o que sabe redúcese a ben pouquiña cousa. Vós transmitides ciencia –en boa hora sexa!– eu ocúpome do instrumento propio para adquirila. Disque un día, ao lle amosaren con gran pompa os Venecianos o seu tesouro de San Marcos a un embaixador de España, este, por todo cumprimento, despois de mirar debaixo das mesas, díxolles: “*Qui non c’è la radice*⁵⁹”. Eu non deixo de ver nunca a un preceptor exhibir o saber do seu discípulo sen me ver tentado de lle dicir a mesma cousa.

Todos cantos teñen reflexionado sobre a maneira de vivir dos antigos, atribúenlles aos exercicios da ximnasia ese vigor de corpo e de alma que os distingue máis sensiblemente dos

⁵⁹ “Aquí non está a raíz” (N. do T.).

modernos. A forma na que Montaigne apoia ese sentimento demostra que estaba moi penetrado del: sempre volve a el de mil maneiras. Falando da educación dun rapaz di: “Para lle fortalecer a alma, cómpre endurecerlle os músculos. Afacéndoo ao traballo, afacémolo á dor; cómpre habitualo á aspereza dos exercicios para adestralo á aspereza da dislocación, do cólico e de todos os males”. O sabio Locke, o bondadoso Rollin, o douto Fleury e o pedante Crousaz, tan diferentes entre eles en todo o resto, coinciden todos neste único punto de exercitar moito o corpo dos rapaces. É o máis asisado dos seus preceptos, e o que é e será sempre máis descoidado. Xa falei suficientemente da súa importancia e, como non se pode niso dar mellores razóns nin regras máis sensatas que as que se encontran no libro de Locke, contentareime con remitir a el despois de me ter tomado a liberdade de engadir algunhas observacións ás súas.

Os membros dun corpo que medra deben estar todos amplos dentro do seu vestido, nada debe molestar o seu movemento e a súa medra, nada demasiado axustado, nada que se pegue ao corpo, ningunha atadura. A maneira francesa de vestir, molesta e malsán para os homes, é sobre todo perniciosa para os rapaces. Os humores, estancados e detidos na súa circulación, apodrecen nun repouso que a vida inactiva e sedentaria aumenta, corrómpense e causan o escorbuto, enfermidade cada día máis común entre nós e case ignorada polos antigos, aos que a súa maneira de vestir e de vivir preservaba. A vestimenta de húsar, lonxe de remediar este inconveniente, auméntao e, evitándolles aos rapaces algunhas ataduras, apértalles o corpo todo. O mellor que se pode facer é deixalos en casaca tanto tempo como sexa posible, e logo darlles un vestido moi amplo e non pretender marcar o seu talle, o que non serve máis que para deformalo. Os seus defectos do corpo e da mente proceden case todos da mesma causa: queren facelos homes antes de tempo.

Existen cores ledas e cores tristes. As primeiras gústanlles máis aos rapaces e tamén lles acaen mellor. Non vexo por que

non se habían seguir niso conveniencias tan naturais. Mais, dende o momento no que prefiren un pano polo feito de ser rico, os seus corazóns xa están entregados ao luxo, a todas as fantasías da opinión, e este gusto non procede seguramente deles mesmos. Non se daría dito canto inflúen na educación a escolla dos vestidos e os motivos desta escolla. Non só existen cegas nais que prometen aos seus fillos atavíos como recompensa, senón que mesmo se ven insensatos aios ameazaren aos seus alumnos cun traxe máis groseiro e máis sinxelo como castigo. “Se non estudiades máis, se non conservades mellor a vosa roupa, habémosvos vestir como ese labreguiño”. É coma se lles dixeran: “Sabede que o home non é nada senón a través da súa vestimenta, que todo o voso prezo está na vosa”. Seica cómpre estrañarse de que tan sabias leccións lle aproveiten á mocidade, de que unicamente estime o adobío e de que non vulgüe o mérito máis que polo exterior unicamente?

Se eu tivese que recompor a cabeza dun rapaz botado así a perder, coidaría de que os seus vestidos máis ricos fosen os máis incómodos, que sempre lle fosen estreitos, que sempre o apertasen, que sempre o molestasen de mil maneiras; faría fuxir a liberdade e a alegría diante da magnificencia. Se el quixese mesturarse nos xogos doutros rapaces vestidos de xeito máis sinxelo, todo había acabar e desaparecer decontado. Finalmente, fartaríao e aburriríao tanto do seu fasto, volveríao tan escravo da súa vestimenta dourada, que o había converter no flaxelo da súa vida, e el había mirar con menos espanto a máis negra cela que o apresto do seu adobío. En canto que non se aferrolla ao rapaz cos nosos prexuízos, sempre o seu primeiro desexo é sentirse libre e ao seu xeito; o vestido máis sinxelo e máis cómodo, o que o suxeita menos, sempre é o máis precioso para el.

Existe un hábito corporal conveniente para os exercicios e outro máis conveniente para a inacción. Este, deixándolle aos humores un curso igual e uniforme, debe protexer o corpo das alteracións do aire; o outro, facéndoo pasar constantemente da axitación ao repouso e da calor ao frío, debe afacelo ás mesmas

alteracións. Dedúcese diso que a xente caseira e sedentaria debe vestirse calidamente en toda época, a fin de conservar o corpo nunha temperatura uniforme, a mesma aproximadamente en todas as estacións e en todas as horas do día. Polo contrario, aqueles que van e veñen, baixo o vento, o sol e a chuvia, que teñen moita actividade e pasan o máis do seu tempo *sub dio* deben sempre estar vestidos de modo lixeiro, a fin de se habituaren a todas as vicisitudes do aire e a todos os graos de temperatura, sen que estes os incomoden. Eu aconsellaría a uns e outros que non cambiasen de roupa segundo as estacións, e esa será a práctica permanente do meu Emilio. Con iso non entendo que vaia levar durante o verán a súa roupa de inverno, coma a xente sedentaria, senón que leve en inverno a súa roupa de verán, como a xente laboriosa. Este último costume foi o do cabaleiro Newton durante toda a súa vida, e viviu oitenta anos.

Pouco ou nada como toucado en calquera estación. Os antigos Exipcios levaban sempre a cabeza descuberta, os Persas cubríana con grosas tiaras, e aínda a cobren con grosos turbantes, costume que, segundo Chardin, o aire do país lles fai necesario. Xa teño observado noutro lugar [“Carta ao señor d’Alembert sobre os espectáculos”, p. 189, 1ª ed.], a distinción que Herodoto fixo nun campo de batalla entre os cranios dos Persas e os dos Exipcios. Daquela, como importa que os osos da cabeza se fagan máis duros, máis compactos, menos fráxiles e menos porosos para armaren mellor ao cerebro non só contra as feridas senón contra os catarros, os fluxos e todas as impresións do aire, habituade aos vosos rapaces a permaneceren verán e inverno, día e noite, sempre coa cabeza descuberta. Se, por limpeza e por ter os cabelos en orde, queredes poñerlles un toucado durante a noite, que sexa un pucho lixeiro, con aberturas, semellante á rede coa que os Vascos envolven o seu cabelo. Ben sei que a maioría das nais, máis sorprendidas pola observación de Chardin que polas miñas razóns, han crer atopar por todas partes o aire de Persia, mais eu non escollín o meu alumno Europeo para facelo un Asiático.

En xeral abrígase de máis aos rapaces, e maiormente durante a primeira idade. Sería máis necesario endurecelos ao frío que á calor; o frío intenso non os molesta nunca cando foron expostos a el dende moi cedo, mais o tecido da súa pel, aínda tenro e relaxado de máis, ao deixar un paso demasiado libre para a transpiración, entrégaos, cunha calor extrema, a un esgotamento inevitable. Así se observa que morren máis no mes de Agosto que nos outros meses. Por outra banda, parece constatado a través da comparación dos pobos do norte e os do sur que un se fai máis robusto soportando o exceso do frío que soportando o exceso de calor. Mais, a medida de que o rapaz medra e as súas fibras se enfortecen, afacédeo pouco a pouco a desafiar as raiolas do sol. Facéndoo gradualmente, habédelo endurecer sen perigo aos ardores da zona tórrida.

Locke, no medio dos preceptos varudos e sensatos que nos dá, cae en contradicións que non esperaríamos nun tan exacto razoador. Este mesmo home que quere que os rapaces se bañen no verán en auga xeada, non quere, cando teñen calor, que beban fresco nin que se deiten no chan en lugares húmidos⁶⁰. Mais, xa que el quere que o calzado dos rapaces colla auga en toda época, seica vai coller menos cando o rapaz teña calor? E seica non se poden facer, do corpo en relación aos pés, as mesmas inducións que el fai dos pés en relación ás mans e mais do corpo en relación á cara? Se queredes que o home sexa todo cara –diríalle eu– por que me censurades por pretender eu que todo sexa pés?

Para lles impedir aos rapaces beberen cando teñen calor, prescribe afacelos a comer previamente un anaco de pan antes que beber. Resulta ben estraño que cando o rapaz ten sede sexa preciso darlle de comer; eu preferiría, cando ten fame, darlle de beber. Nunca me han dar convencido de que os nosos primeiros

⁶⁰ Como se os rapaces labregos escollesen a terra ben seca para se sentaren ou se deitaren nela e algunha vez sentiramos dicir que a humidade da terra lle tivese feito mal a algún deles! Escoitando niso aos médicos, un coidaría que os salvaxes están completamente tolleitos coa reuma.

apetitos son tan descontrolados que non poidamos satisfacelos sen nos expoñermos a perecer. Se fose así, o xénero humano teríase destruído cen veces antes de dar aprendido o que cómpre facer para conservalo.

Todas as veces que Emilio teña sede quero que lle dean de beber. Quero que lle dean auga pura e sen preparación ningunha, sen sequera facela amornecer, así estivese el nadando e así fose no máis cru do inverno. O único coidado que recomendo é distinguir a calidade das augas. Se é auga do río, dádella decontado tal como sae del; se é auga da fonte, cómpre deixala un pouco tempo ao aire antes de que a beba. Nas estacións quentes os ríos están quentes; non acontece o mesmo coas fontes, que non recibiron o contacto do aire: cómpre agardar a que estean á temperatura da atmosfera. No inverno, polo contrario, a auga da fonte é tocante a isto menos perigosa que a auga do río. Mais non é nin natural nin frecuente que un súa en inverno, maiormente ao aire libre, porque o aire frío, ao golpear constantemente a pel, volve meter a suor para dentro e impide aos poros abrírense abondo para lle daren paso libre. Ora ben, eu non pretendo que Emilio se exercite no inverno a carón do lume senón fóra, en pleno campo, no medio do xeo. En canto que non queza senón facendo e lanzando bolas de neve, deixémolo beber cando teña sede, que siga facendo exercicio despois de ter bebido, e non temamos accidente ningún. Se por algún outro exercicio se pon a suar e ten sede, que beba frío, mesmo nese tempo. Facede unicamente que teña que ir lonxe e a pasiños pequenos buscar a súa auga. Co frío que se supón, cando chegue ha estar refrescado dabondo para poder bebela sen perigo ningún. Sobre todo tomade estas precaucións sen que el se decate. Mellor quixera eu que estivese algunha vez enfermo que sen cesar atento á súa saúde.

Os rapaces precisan un longo sono porque fan un exercicio extremo. Un sêrvelle de corrección ao outro, vese así que necesitan os dous. O tempo de repouso é o da noite e está marcado pola natureza. É unha observación constatada que o sono é máis

tranquilo e máis suave mentres o sol está baixo o horizonte, e que o aire quentado polas súas raiolas non mantén os nosos sentidos en tanta calma. Así, o hábito máis saudable é, de certo, erguerse e deitarse co sol. De onde se deduce que no noso clima o home e todos os animais precisan en xeral durmir máis tempo no inverno que no verán. Mais a vida social non é dabondo simple, natural e exenta de cambios e accidentes como para que debamos afacer ao home a esta uniformidade ata o punto de lla volver necesaria. Sen dúbida cómpre suxeitarse ás regras, mais a primeira é poder infrinxilas sen perigo cando o quere a necesidade. Non vaiades, daquela, facer amolecer imprudentemente ao voso alumno na continuidade dun sono acougado que nunca se vexa interrompido. Entregádeo, de primeiras, sen problema á lei da natureza, mais non esquezades que no medio de nós el debe estar por riba desa lei; que debe poder deitarse tarde, erguerse de mañanciña, ser espertado bruscamente e pasar as noites de pé sen que iso lle produza incomodidade. Facéndoo dende bastante cedo, indo sempre a modiño e gradualmente, o temperamento fórmase nas mesmas cousas que o destrúen cando o someten a elas xa formado de a feito.

É importante afacerse ao primeiro a estar mal deitado; é a maneira de non atopar despois incómodo un leito. En xeral, a vida dura, unha vez que se converteu en hábito, multiplica as sensacións agradables, en canto que a vida mol prepara unha infinidade de sensacións desagradables. A xente educada entre demasiada delicadeza non concilia o sono senón enriba de plumas, en canto que a xente afeitada a durmir enriba de táboas concíliao en todas partes: non hai cama dura para quen adormece ao se deitar.

Un leito moliño, no que un se envolve en plumas ou edredón, funde e dissolve o corpo, por dicilo así. Os riles, envoltos demasiado calidamente, quéntanse. De aí resulta a miúdo a pedra ou outras incomodidades e, infaliblemente, unha complexión delicada que as alimenta todas.

O mellor leito é o que proporciona un mellor sono. Velái o que nós nos preparamos Emilio e máis eu durante o día. Non precisamos que nos traian escravos de Persia para faceren as nosas camas: ao traballarmos a terra removemos os nosos colchóns.

Sei por experiencia que cando un rapaz ten saúde somos donos de facelo durmir e velar case á nosa vontade. Cando o rapaz está deitado e a súa pibela aburre á criada, ela dille: “*Durmide*”. É como se, cando está enfermo, lle dixese: “*Poñédevos ben de saúde*”. A verdadeira maneira de facelo durmir é aburrilo. Faládelle tanto que se vexa forzado a calar, e logo ha durmir. Os sermóns sempre son bos para algo, tanto ten predicarlle como arrolalo, mais se utilizades á noiteña este narcótico, gardádevos de utilizalo polo día.

Hei de espertar ás veces a Emilio, menos por medo de que colla o costume de durmir demasiado que por afacelo a todo, mesmo a que o esperten, e mesmo a que o esperten bruscamente. Por outra banda, ben pouco talento tería eu para o meu emprego se non soubese forzalo a que espertara por el mesmo e se erguera, por así dicilo, á miña vontade, sen que lle eu dixese unha soa palabra.

Se non durme de abondo, déixolle entrever para o outro día unha mañá aburrída, e el propio ha considerar como tempo gañado todo o que poida entregarlle ao sono. Se durme de mais, amósolle cando esperte unha diversión do seu gusto. Quero que esperte nun momento dado? Dígolle: “Mañá ás seis imos de pesca, imos de paseo a tal sitio: queredes vir?”. El acepta e rógame que o esperte; eu prometo ou non, segundo sexa necesario; se esperta demasiado tarde atópase con que marchei. Halle ir mal se moi logo non aprende a espertar por el mesmo.

Polo resto, se acontecese –o que é raro– que un rapaz indolente tivese inclinación a apodrecer na preguiza, cómpre non entregalo a esta inclinación, na que quedaría entalado de a feito, senón administrarlle algún estimulante que o esperte. Concíbese ben que non é cuestión de facelo actuar pola forza

senón de conmovelo con algún apetito que o conduza, e este apetito, ben escolleito na orde da natureza, lévanos a un tempo a dúas finalidades.

Non dou imaxinado nada do que, cunha pouca habilidade, non se dea inspirado o gusto –e mesmo o furor– aos rapaces sen vaidade, sen emulación e sen celos. A súa vivacidade e máis o seu instinto de imitación abundan. Sobre todo a súa alegría natural, instrumento de resultado seguro e do que endexamais un preceptor se deu decatado. En todos os xogos no que eles están ben convencidos de que só é un xogo, aturan sen se queixaren –e mesmo rindo– o que non aturarían endexamais noutra circunstancia sen verteren torrentes de bágoas. Os longos xaxúns, os golpes, os queimazos e as fatigas de toda caste son as diversións dos mocíños salvaxes, proba de que a mesma dor ten o seu condimento que lle pode tirar o amarguexo. Mais non lles pertence a todos os mestres o saberen preparar este mollo, nin se cadra a todos os discípulos o poderen saborealo sen torcer o fociño. E velaí estou de novo, se non teño coidado, perdido nas excepcións.

O que, en troques, non atura é a suxeición do home á dor, aos males da súa especie, aos accidentes e aos perigos da vida, á morte, finalmente. Canto máis o familiaricen con todas estas ideas, máis o han curar da importuna sensibilidade que lle engade ao mal a impaciencia de soportalo. Canto máis o afagan aos sufrimentos que poden acadalo, máis lle han tirar a estes o aguillón da estrañeza, como tería dito Montaigne. E tamén, máis invulnerable e dura volverán a súa alma. O seu corpo ha ser a coiraza que entupirá todos os frechazos que puideron acadalo en vivo. Ao non seren as propias proximidades da morte a mesma morte, apenas ha el sentila como tal: non ha morrer, por dicilo así; estará vivo ou morto, máis nada. É del de quen o mesmo Montaigne podería ter dito –como dixo dun rei de Marrocos– que ningún home viviu na morte tan anteriormente. A constancia e a firmeza son, igual que as outras virtudes,

aprendizaxes da infancia, mais non é aprendéndolles os nomes aos rapaces como llelas ensinamos: é facéndollelas probar sen eles saberen o que é.

Mais, falando de morrer: como é que nos deberemos conducir co noso alumno en relación co perigo das vexigas? Farémosllas inocular cando é pequeno ou agardaremos a que lle cheguen naturalmente? A primeira opción, máis conforme coa nosa práctica, protexe do perigo a idade en que a vida é máis preciosa, en detrimento daquela en que o é menos, se é que, con todo, podemos darlle o nome de perigo á inoculación ben administrada.

Pero a segunda está máis conforme cos nosos principios xerais, deixarlle facer en todo á natureza cos coidados que ela gusta de adoptar soa e que abandona tan axiña como o home pretende entremeterse. O home da natureza sempre está preparado: deixémolo inocular por este mestre, el ha escoller o momento mellor ca nós.

Non vaiades concluír por iso que eu censuro a inoculación, porque o razoamento polo que eu exceptúo ao meu alumno cadra-rialle moi mal aos vossos. A vosa educación prepáraos para que non escapen das vexigas no momento no que estas o ataquen. Se as deixades chegar ao azar, é probable que perezan a causa delas. Vexo que nos diferentes países máis se resiste á inoculación canto máis necesaria é, e a razón disto séntese doadamente. Así, apenas me dignarei eu a tratar esta cuestión tocante ao meu Emilio. Ha ser inoculado ou non segundo os momentos, os lugares e as circunstancias: o asunto é case indiferente para el. Se lle introducen as vexigas, ha ter a vantaxe de prever e coñecer de antemán o seu mal, e é algo, pero se lle chegan naturalmente, terémolo librado do médico, o que é moito máis.

Unha educación exclusiva, que tende só a distinguir do pobo a aqueles que a recibiron, prefire sempre as instrucións máis custosas ás máis comúns, e polo mesmo ás máis útiles. Así, os mozos educados coidadosamente aprenden todos a montar

a cabalo porque custa moito, mais case ningún deles aprende a nadar, porque non custa nada e un artesán pode saber nadar tan ben coma calquera. Con todo, sen ter estudiado en academia ningunha, un viaxeiro monta a cabalo, mantense nel e domínalo para as necesidades básicas. Mais na auga, se un non nada afoga, e non se nada sen ter aprendido. Finalmente, un non está obrigado a montar a cabalo poñendo en perigo a vida, mentres que ninguén ten a seguridade de evitar un perigo ao que está tan a miúdo exposto. Emilio sentirase na auga como enriba da terra. Por que non había poder el vivir en todos os elementos! Se se puidese aprender a voar polo aire, converteríao nunha aguia, e converteríao nunha salamántiga se un se puidese endurecer ante o lume.

Témese que un rapaz afogue ao aprender a nadar: que afogue ao aprender ou porque non aprendeu, ha ser sempre culpa vosa. É unicamente a vaidade a que nos volve temerarios, e non o somos cando ninguén nos ve. Emilio non o había ser aínda que fose contemplado por todo o universo. Como o exercicio non depende do risco, nun canal do parque de seu pai aprendería el a atravesar o Helesponto, mais cómpre habituarse ao propio risco para aprender a non se deixar turbar por el; é unha parte esencial da aprendizaxe da que eu falaba hai un momento. Polo demais, atento a medir o perigo coas súas forzas e a compartilo sempre con el, eu non hei temer practicamente imprudencia ningunha cando dispoña o coidado da súa conservación de acordo co que eu lle debo á miña.

Un rapaz é menos grande que un home, non ten nin a súa forza nin o seu razoamento, mais ve e oe tan ben coma el, ou case. Ten o gusto tan sensible aínda que o teña menos delicado, e distingue tan ben os olores aínda que non poña a mesma sensualidade neles. As primeiras facultades que se forman e se perfeccionan en nós son os sentidos. Son, pois, as primeiras que cumpría cultivar, e son as únicas que se esquecen ou que máis se descoidan.

Exercitar os sentidos non é só facer uso deles: é aprender a xulgar ben a través súa, aprender –por dicilo así– a sentir, porque non sabemos nin tocar nin ver nin oír senón como temos aprendido.

Hai un exercicio puramente natural e mecánico que serve para facer o corpo robusto sen deixar participar para nada ao xuízo: nadar, correr, choutar, facer bailar un trompo, tirar pedras... Todo iso está moi ben mais: seica só temos brazos e pernas? Non temos tamén ollos e máis orellas? E seica estes órganos son superfluos para o emprego dos primeiros? Non exercitedes, daquela, só as forzas, exercitade todos os sentidos que as dirixen. Tirade de cada un deles o máximo partido posible, e logo comprobade a impresión dun por medio do outro. Medide, contade, pesade e comparade. Non empreguedes a forza senón despois de terdes estimado a resistencia; facede sempre de xeito que a estimación do efecto preceda ao emprego dos medios. Interesade ao rapaz en non facer nunca esforzos insuficientes ou superfluos. Se o afacedes a prever así o efecto de todos os seus movementos e a corrixir os seus erros pola experiencia: seica non é seguro que canto máis actividade faga, máis asisado se volverá?

Trátase de abalar unha masa? Se colle unha panca demasiado longa gastará movemento de máis, se a colle demasiado corta non terá forza dabondo; a experiencia pódelle aprender a escoller de maneira precisa o pau que cómpre. Esta sabedoría non está, pois, por riba da súa idade. Ten que levar un fardo? Se o quere coller tan pesado como poida levalo, sen facer a proba erguéndoo: seica non se verá forzado a estimar o seu peso a través da vista? Sabe comparar masas da mesma materia e diferentes grosos? Que escolla entre masas do mesmo grosor e diferentes materias; ha cumprir que se aplique en comparar os seus diferentes pesos específicos. Vin eu un mozo moi ben educado que non quixo crer ata despois de probalo que un caldeiro cheo de grosas rachas de pau de carballo pesase menos que o mesmo caldeiro cheo de auga.

Non dominamos dun xeito igual a utilización de todos os nosos sentidos. Existe un, a saber, o tacto, que non suspende a súa acción durante a vela: foi espallado pola superficie enteira do noso corpo coma unha garda continua para nos advertir de todo o que pode prexudicarnos. Tamén é aquel do que, gústenos ou non, adquirimos dende máis cedo a experiencia a través deste exercicio continuo, e que, por conseguinte, precisamos menos cultivar dun xeito especial. Con todo, observamos que os cegos teñen o tacto máis seguro e máis fino ca nós porque, ao non seren guiados pola vista, teñen forzosamente que aprender a tiraren unicamente do primeiro sentido os xuízos que a nós nos fornece o outro. Daquela: por que non nos exercitan en camiñar coma eles na escuridade, en coñecer os corpos que podemos acadar, en vulgar obxectos que nos rodean e en facer, nunha palabra, de noite e sen luz todo o que eles fan de día e sen ollos? En canto que o sol loce nós temos a vantaxe sobre eles, nas tebras eles son os nosos guías á súa vez. Estamos cegos a metade da vida, coa diferenza de que os verdadeiros cegos saben guiarse sempre e nós non ousamos dar un paso no corazón da noite. “Temos luz” –hanme dicir. O que! Sempre máquinas! Quen vos responde de que elas vos han seguir sempre por todas partes cando as necesitedes? Canto a min, prefiro que Emilio teña ollos na punta dos seus dedos que na tenda dun vendedor de candeas.

Estades pechados dentro dun edificio no medio da noite? Batede palmas: pola resonancia do lugar habédesvos decatar de se o espazo é grande ou pequeno e de se estades no medio ou nun recuncho. A unha cuarta da parede, ao circular menos e reflectirse máis, o aire envíavos unha sensación distinta. Permanecede no sitio e virádevos sucesivamente cara a todos os lados: se hai unha porta aberta, unha lixeira corrente de aire hávolo indicar. Estades nun barco? Habedes recoñecer, polo xeito como o aire vos golpea a cara, non só en qué sentido navegades senón se a corrente do río vos leva devagariño ou rapidamente.

Estas observacións e mil outras semellantes, non poden facerse ben senón pola noite; por moita atención que lles queiramos prestar en pleno día seremos axudados ou distraídos pola vista e hannos escapar. Con todo, aínda non hai aquí nin mans nin pau. Cantos coñecementos oculares se poden adquirir a través do tacto, mesmo sen tocar nada en absoluto!

Moitos xogos nocturnos. Esta opinión é máis importante do que parece. A noite espanta por natureza aos homes, e ás veces aos animais⁶¹. A razón, os coñecementos, o enxeño e a valentía libran a pouca xente deste tributo. Teño visto pensadores, mentes agudas, filósofos e militares intrépidos á luz do día tremereen pola noite como mulleres ante o ruído dunha folla de árbore. Atribúese este espanto aos contos das amas de cría e é un erro: ten unha causa natural. E cal é esta causa? A mesma que volve desconfiados aos xordos e supersticioso ao pobo: a ignorancia das cousas que nos rodean e do que se pasa de arredor nosa⁶².

⁶¹ Este espanto faise moi manifesto nos grandes eclipses de sol.

⁶² Velaí outra causa máis, moi ben explicada por un filósofo do que a miúdo cito o libro e do que aínda máis frecuentemente me instrúen as súas grandes opinións.

“Cando, por circunstancias particulares, non podemos ter unha idea correcta da distancia e non podemos xulgar os obxectos senón polo tamaño do ángulo –ou mellor da imaxe– que forman nos nosos ollos, enganámonos necesariamente sobre o tamaño deses obxectos. Todo o mundo ten experimentado que, ao viaxar pola noite, tomamos un mato que está perto de nós por unha árbore alta que está lonxe, ou ben tomamos unha árbore alta afastada por un mato próximo a nós. Igualmente, se non se recoñecen os obxectos pola súa forma e non se pode ter por este medio ningunha idea da distancia, enganarémonos tamén necesariamente. Unha mosca que pase rapidamente a uns dedos de distancia dos nosos ollos, pareceranos nese caso un paxaro que estivese a unha distancia moi grande; un cabalo que estea quieto no medio dun campo e que se manteña nunha actitude semellante, por exemplo, á dun carneiro, non nos parecerá mais que un carneiro grande ata que recoñezamos que se trata dun cabalo, mais, des que o deamos recoñecido, dun pulo hanos parecer grande coma un cabalo e habemos rectificar de contado o noso primeiro xuízo.

Todas as veces que nos encontremos pola noite en lugares descoñecidos onde non deamos xulgado a distancia nin recoñezamos a forma das cousas debido á escuridade, estaremos en todo momento en perigo de caírmos en erro nos xuízos que fagamos sobre os obxectos que se nos presentan. É de aí de onde proceden o espanto e a especie de temor interno que a escuridade da noite lles fai sentir a case todos os homes; é sobre iso sobre o que se funda a aparencia dos espectros e das figuras xigantescas e espantosas que tanta xente di ter visto. Respóndenlles en xeral que esas figuras estaban na súa imaxinación, e

Afeito a albiscar de lonxe os obxectos e a prever de antemán as súas impresións: como é que –ao non ver máis nada do que me rodea– non había eu supoñer mil seres e mil movementos que poden prexudicarme e dos que me é imposible protexer? Por moito que saiba que estou seguro no lugar onde me atopo, non o sei nunca tan ben como se o estivese vendo agora; teño, logo, sempre un motivo de temor que non tiña en pleno día. Ben sei –é certo– que un corpo estraño non pode actuar sobre o meu sen se anunciar con algún ruído. Daquela, moi alerta teño constantemente as orellas! Ao menor ruído do que non dou discernido a causa, o interese da miña conservación faime primeiro supoñer todo o que me debe animar a estar vixiante, e conseguintemente todo o que pode atemorizarme.

Se non oio nada en absoluto, non estou por iso tranquilo, porque ao cabo tamén sen ruído poden sorprendeme. Cómpre que supoña as cousas tal como elas estaban antes e tal como deben

mais podían estar realmente nos seus ollos e é moi posible que viran efectivamente o que din ter visto, porque debe acontecer necesariamente, todas as veces que non se poida vulgar un obxecto máis que polo ángulo que forma no ollo, que este obxecto descoñecido engrosará e medrará a medida que esteamos máis perto del. E que se lle pareceu primeiro ao espectador, que non pode recoñecer o que ve nin vulgar a que distancia o ve, se lle pareceu –diciá eu– primeiro dunha altura dunhas poucas cuartas cando estaba a uns vinte ou trinta pasos de distancia, debe parecer da altura dunhas varas cando non estea a unha distancia superior a unhas cuartas, o que debe efectivamente asombralo e atemorizalo ata que por fin dea tocado ou recoñecido o obxecto. Porque, no mesmo momento en que recoñeza o que é, este obxecto que lle parecía xigantesco, ha diminuír nun pulo, e xa non lle ha parecer senón do seu tamaño real. Mais se un foxe ou non se atreve a achegarse, é seguro que non terá outra idea deste obxecto distinta á da imaxe que formaba no ollo, e que terá visto realmente unha figura xigantesca ou espantosa polo tamaño e mais pola forma. O prexuízo dos espectros está, pois, fundado na natureza, e estas aparencias non dependen, como cren os filósofos, unicamente da imaxinación." (*Historia natural*. Tomo VI, p. 22, in-12).

Intentei amosar no texto como depende sempre en parte diso e, tocante á causa explicada neste anaco, vese que o costume de camiñar pola noite debe aprendernos a distinguir as aparencias que as semellanzas das formas e a diversidade das distancias lles fan tomar aos obxectos nos nosos ollos no medio da escuridade. Porque, cando o aire está aínda iluminado abondo para nos deixar albiscar os contornos dos obxectos, como hai máis aire interposto nun afastamento máis grande, debemos sempre ver estes contornos menos marcados cando o obxecto está máis lonxe de nós. O que abonda, a poder de costume, para preservarnos do erro que explica aquí o señor de Buffon. Prefírase a explicación que se prefira, o meu método é, daquela, sempre eficaz, e é o que a experiencia confirma perfectamente.

estar aínda, véxaas ou non. Así, obrigado a facer traballar a miña imaxinación, axiña deixo de ser dono dela, e o que fixen para me tranquilizar non serve senón para me alarmar máis. Se oio ruído oio ladróns, se non oio nada vexo fantasmas; a vixilancia que me inspira a preocupación por conservarme non me produce senón motivos de temor. Todo o que debe tranquilizarme está unicamente na miña razón, o instinto máis forte fárame dunha maneira totalmente diferente a ela. Para que pensar que non se ten nada que temer pois que, daquela, non hai nada que facer?

Atopada a causa do mal, ela indícanos o remedio. En todos os asuntos o hábito mata a imaxinación, só os obxectos novos a espertan. Naqueles que se ven todos os días xa non é a imaxinación a que actúa, é a memoria. E velaí o motivo do axioma *Ab assuetis non fit passio*⁶³, porque non é máis que no lume da imaxinación onde se acenden as paixóns. Daquela, non razoesdes con aquel que queredes curar do horror ás tebras, levádeo a elas a miúdo e estade seguros de que todos os argumentos da filosofía non han valer o que vale este costume. Os telladores de casas non se marean enriba delas, e non se ve que teña medo na escuridade calquera que estea afeito a estar nela.

Velaí, daquela, tocante aos nosos xogos nocturnos, outra vantaxe engadida á primeira, mais para que estes xogos teñan éxito non podó deixar de recomendar abondo a alegría. Non hai nada máis triste que as tebras, non vaiades pechar ao voso rapaz nunha cela. Que ría ao entrar na escuridade e que volva rir antes de saír dela, que mentres está alí a idea das diversións que abandona e das que vai atopar de novo o defenda das imaxinacións fantásticas que poderían vir buscalo.

Hai un punto na vida alén do cal un retrocede cando avanza. Eu sinto que xa pasei ese punto. Estou a recomenzar, por dicilo así, outra carreira. O baleiro da idade madura que se fai sentir en min vólleme trazar o doce tempo da primeira idade. Ao enve-

⁶³ "Do habitual non nace a paixón" (N. do T.).

llecer vólvome facer neno e lembro de mellor grado o que fixen aos dez anos que o que fixen aos trinta. Lectores, perdoádeme, daquela, por tirar ás veces os meus exemplos de min mesmo porque para ben facer este libro cómpre que o faga con pracer.

Estaba eu no campo, en pensionato, na casa dun ministro⁶⁴ chamado o señor Lambercier. Tiña por compañeiro un primo máis rico ca min, ao que trataban como herdeiro en tanto que eu afastado do meu pai non era senón un pobre orfo. O meu primo, o gran Bernard, era extraordinariamente medoñento, sobre todo pola noite. Eu burlábame tanto do seu temor que o señor Lambercier, molesto pola miña runfadela, quixo poñer a proba o meu valor. Un serán de outono moi escuro, deume a chave do templo e díxome que fose ao púlpito buscar a Biblia que deixara nel. Engadiu, para picar o meu honor, algunhas palabras que me fixeron imposible recuar.

Marchei sen luz, e se chego a tela se cadra aínda sería peor. Había que pasar polo cemiterio e atravesesino gallardamente, porque en tanto me sentía ao aire libre nunca tiven temores nocturnos.

Ao abrir a porta oín na bóveda un certo eco que coidei semellar voces e que comezou a quebrantar a miña firmeza romana. Aberta a porta quixen entrar, mais, apenas dei uns pasos, parei. Ao ver a escuridade profunda que reinaba neste vasto lugar, apoderouse de min un terror que me fixo poñer de punta o cabelo. Retrocedo, saio e bótome a fuxir, tremelicando todo. Encontrei no patio un cadeliño chamado *Sultán* que me tranquilizou coas súas caricias. Avernoñado polo meu medo, volvíñ sobre os meus pasos, tratando, con todo, de levar comigo a *Sultán*, que non me quixo seguir. Franqueo bruscamente a porta e entro na igrexa. Apenas entrei nela volveume tomar o medo, mais dunha maneira tan forte que perdín a cabeza e, aínda que o púlpito estivese á dereita e eu o soubera moi ben, ao ter xira-

⁶⁴ Pastor protestante (N. do T.).

do sen me decatara, busqueino durante moito tempo á esquerda e prendinme nos bancos; non sabía xa onde estaba e, ao non dar atopado nin o púlpito nin a porta, caín nun trasviramento inexpresable. Finalmente vexo a porta, dou saído do templo e arrédome del como a primeira vez, ben resolto a regresar alí só en pleno día.

Volvo á casa. Ía entrar cando distingo a voz do señor Lambercier entre gargalladas. De primeiras penso que son por min e, confuso por verme exposto a elas, dubido en abrir a porta. Neste intervalo oíu á señorita Lambercier preocuparse por min e dicirlle á criada que colla o candil e sinto ao señor Lambercier dispoñerse a saír na miña busca escoltado polo meu intrépido primo, a quen despois non deixarían de atribuír todo o honor da expedición. Dun pulo, cesan os meus temores todos e non me queda senón o de ser sorprendido na miña fuxida. Vou correndo e voando ao templo, sen perderme e sen andar ás atoutiñadas, chego ao púlpito, subo a el e collo a Biblia, lánzome abaixo, en tres chimpos estou fóra do templo, esquecendo mesmo pechar a porta, entro no cuarto sen alento e boto a Biblia enriba da mesa, estarrecido mais palpitante de gusto por ter evitado o socorro que me ía destinado.

Preguntaranme se conto esta anécdota como modelo a seguir e exemplo da alegría que esixo neste tipo de exercicios. Non: cóntoo como proba de que nada é máis capaz de tranquilizar a unha persoa asustada polas sombras da noite que escoitar, nun cuarto veciño, rir e falar tranquilamente un grupo de xente reunida. Quixera que en lugar de se divertir así, só co seu alumno, se reunise polo serán a moitos rapaces con bo humor. Que de primeiras non os enviasen por separado senón varios xuntos, e que non se aventurasen a deixar a ningún completamente só ata que non se tivera a seguridade previa de que non se había asustar demasiado.

Non dou imaxinado nada tan grato e útil coma estes xogos, por pouca habilidade que se quixese utilizar para organizalos.

Eu faría nunha sala grande unha especie de labirinto con mesas, butacas, cadeiras e biombos. Nas intrincadas tortuosidades deste labirinto, disporía no medio de oito ou dez caixas de trampa outra caixa case igual, ben cheiña de caramelos, e indicaría en termos claros mais sucintos o lugar preciso no que se atopa a boa caixa. Daría información suficiente para que xente máis atenta e menos atoleirada que os rapaces⁶⁵ puidese distinguila, e despois –logo de lles facer tirar ás sortes aos pequenos participantes– había de envialos a todos, un despois doutro, ata que se dera atopado a boa caixa, o que eu tería coidado en facer proporcionalmente difícil á habilidade deles.

Figurádevos un pequeno Hércules que chegase cunha caixa na man, todo fachendoso pola súa expedición. Poñen a caixa enriba da mesa e ábrena entre un gran cerimonial. Estou oíndo dende aquí as gargalladas e os apupos da leda tropa cando, en lugar dos confeitados que esperaban, encontran, moi axeitadamente dispostos sobre musgo ou algodón un abellón, un caracol, carbón, landras, un nabo ou outro produto semellante. Outras veces, nun cuarto recién pintado de branco han pendurar cabo da parede algún xoguete ou algún moble pequeno que cumprirá ir buscar sen tocar a parede. Apenas teña regresado quen o trae, por pouco que teña faltado á aquela condición, a punta branqueada do seu chapeu ou a dos zapatos, o seu saio ou a súa manga, han delatar a súa pouca habilidade. Velaí dabondo, ou se cadra de máis, para facer entender o espírito deste tipo de xogos. Se é necesario dicirvos todo, non me sigades lendo.

Que vantaxe non terá pola noite sobre os outros homes un home educado así! Os seus pés, afeitos a camiñar con firmeza nas tebras e as súas mans exercitadas en se aplicar doadamente a todos os corpos circundantes hano guiar sen dificultade no medio

⁶⁵ Para estimular a súa atención, non lles digades nunca senón cousas que teñan un interese sensible e actual en oír; sobre todo nada de longas paroladas, nunca unha palabra superflua, mais tampouco deixedes nas vosas falas escuridade nin equívoco.

da máis espesa escuridade. A súa imaxinación, ategada de xogos nocturnos da súa mocidade, dificilmente se virará cara a obxectos atemorizadores. Se el cre escoitar gargalladas, en lugar das dos trasnos, han ser as dos seus antigos compañeiros. Se se figura unha xuntanza, non ha ser para el un xuntoiro de meigas senón o cuarto de seu aio. A noite, ao non lle traer senón ideas ledas, nunca lle provocará espanto e, en lugar de temela, halle gustar. Trátase dunha expedición militar? El ha estar disposto en todo momento, tanto só como coa súa tropa. Ha entrar no campo de Saúl e hao percorrer sen se extraviar, ha ir deica á tenda do rei sen despertar a ninguén e ha regresar sen ser visto. Hai que roubar os cabalos de Reso? Dirixídevos a el sen temor: entre xente educada doutra maneira, dificilmente daredes atopado un Ulises.

Teño visto xente que quere, a través de sorpresas, habituar aos rapaces a non se asustaren de nada pola noite. Este método é moi malo porque produce un efecto completamente contrario ao que se busca e unicamente serve para volvelos sempre máis temerosos. Nin a razón nin o hábito poden descansar sobre a idea dun perigo presente do que non se pode coñecer o grao nin a índole, nin sobre o temor de sorpresas que se experimentaron a miúdo. Con todo: como asegurarse de manter sempre ao voso alumno exento de accidentes semellantes? Velaí o mellor parecer, creo eu, de como se pode previr iso. “Vos estades entón –diríalle eu ao meu Emilio– nun caso de lexítima defensa, porque o agresor non vos permite xulgar se quere facervos mal ou quere metervos medo, e, como el tomou as súas precaucións, non podeades recorrer á fuxida. Collede, pois, afoutadamente a aquel que vos sorprende na noite –home ou animal, non importa– aferrádeo e mallade nel con toda a vosa forza. Se se debate, batede, non aforredes ningún golpe e, diga o que diga e faga o que faga, non soltedes a presa ata saberdes ben o que é. A claridade havos aprender probablemente que non había moito que temer, e este xeito de tratardes aos graciosos ha facer naturalmente que se desanimen a volver”.

Aínda que o tacto é de todos os nosos sentidos o que máis continuamente exercitamos, os seus xuízos –como xa dixen– son máis imperfectos e groseiros que os de ningún outro, porque mesturamos continuamente o seu emprego co da vista e, ao acadar esta o obxecto máis axiña que a man, a mente xulga case sempre sen ela. Pola contra, os xuízos do tacto son os máis seguros precisamente por seren os máis limitados, porque, ao se estenderen só tan lonxe como as nosas mans dan acadado, eles rectifican o atordoamento dos outros sentidos, que se lanzan ao lonxe sobre obxectos que apenas perciben, en tanto que todo o que percibe o tacto percíbeo ben. Engadide que unindo, cando queremos, a forza dos músculos á acción dos nervios, xuntamos nunha sensación simultánea o xuízo da temperatura, dos tamaños e das figuras co xuízo do peso e da solidez. Así, ao ser o tacto entre todos os sentidos o que mellor nos instrúe da impresión que os corpos estraños poden facer sobre o noso, é o que utilizamos máis frecuentemente e o que nos dá do xeito máis inmediato o coñecemento necesario para a nosa conservación.

Dado que o tacto exercitado suple á vista: por que non daría suplido ao oído ata certo punto, pois que os sons suscitan nos corpos sonoros sacudidas sensibles para aquel? Ao pousarmos unha man enriba do corpo dun violonchelo, podemos, sen axuda dos ollos nin das orellas, distinguir, só polo xeito en que a madeira vibra e treme, se o son que el dá é grave ou agudo e se procede da prima ou do bordón. Exercitemos o sentido nestas diferenzas e non dubido que, co tempo, un se faga sensible ata o punto de escoitar unha peza enteira a través dos dedos. Ora ben, suposto isto, é claro que se podería doadamente falarlles aos xordos a través da música, porque ao non seren os sons e os tempos menos susceptibles de combinacións regulares que as articulacións e as voces, poden ser igualmente tomados polos os elementos da frase.

Hai exercicios que embotan o sentido do tacto e o volven máis obtuso. Outros, polo contrario, agúzano e vólveno máis

delicado e máis fino. Os primeiros, unindo moito movemento e forza á continua impresión dos corpos duros, volven a pel ruda e encarolada e tíranlle o sentimento natural; os segundos son os que varían este mesmo sentimento a través dunha apalpada lixeira e frecuente, de sorte que a mente, atenta a impresións repetidas sen cesar, adquire a facilidade de xulgar todas as súas modificacións. Esta diferenza é sensible na utilización dos instrumentos de música: o tacto duro e ferinte do violonchelo, do contrabaixo e do mesmo violín, ao volver os dedos máis flexibles, encalce os seus extremos. O tacto liso e pulido do clavecín vólveos tan flexibles e, ao tempo, máis sensibles. Daquela, nisto é preferible o clavecín.

É importante que a pel se endureza coas impresións do aire e poida desafiar as súas alteracións, porque é ela a que protexe todo o resto. Coa diferenza de que eu non quixera que a man, aplicada demasiado servilmente nos mesmos traballos, acabase endurecéndose, nin que a súa pel –transformada case en osos– perdese ese sentimento exquisito que dá a coñecer cales son os corpos sobre os que a pasamos e, segundo o tipo de contacto, fainos por veces, na escuridade, estremecer de distintas maneiras.

Por que é necesario que o meu alumno se vexa forzado a levar sempre baixo os pés unha pel de boi? Que mal habería en que a súa propia puidese servirle de sola en caso necesario? É claro que nesta parte a delicadeza da pel non pode nunca ser útil para nada, e ás veces pode prexudicar moito. Espertados á media noite, no corazón do inverno, os Xenebrinos atoparon máis axiña os seus fusís que os seus zapatos. Se ningún deles soubera camiñar cos pés descalzos: quen sabe se Xenebra non tería sido tomada⁶⁶?

Armemos sempre ao home contra os accidentes imprevistos. Que Emilio corra pola mañá cos pés descalzos, en todas as es-

⁶⁶ Alude a un ataque nocturno das tropas saboianas en 1602 (N. do T.).

tacións do ano, polo cuarto, pola escaleira e máis polo xardín. Lonxe de rosmarlle, eu heino imitar; só hei ter coidado de afastar o vidro. Axiña falarei dos traballos e dos xogos manuais. Polo resto, que aprenda a dar todos os pasos que favorecen as evolucións do corpo, a adoptar en todas as actitudes un porte cómodo e sólido, que saiba saltar a distancia, en altura, gabear a unha árbore, franquear un muro, que atope sempre o seu equilibrio, que todos os seus movementos e os seus xestos estean ordenados segundo as leis da ponderación moito antes de que a estática se mesture para llas explicar. Pola maneira como pousa o pé no chan e o seu corpo descansa sobre a súa perna, debe sentir se está ben ou mal. Unha posición ben fincada é sempre grácil e as posturas máis firmes son tamén as máis elegantes. Se eu fose mestre de danza non faría todas as macacadas de Marcel⁶⁷, boas para o país no que as fai, senón que, en lugar de ocupar eternamente ao meu alumno en chimpas, habíao levar a rente dun penedo e alí, habíalle mostrar que actitude cómpre adoptar, como cómpre manter o corpo e a cabeza, que movemento cómpre facer, de que maneira cómpre pousar, ora o pé ora a man, para seguir lixeiro os sendeiros escarpados, ríspidos e rudos, e lanzarse de punta a punta tanto ao subir como ao baixar. Converteríao no émulo dun cervo mais que nun bailarín da ópera.

Tanto como o tacto concentra as súas operacións arredor do home, tamén así a vista estende as súas alén del; é iso o que fai estas enganosas: dunha ollada un home abraza a metade do seu horizonte. Nesta multitude de sensacións simultáneas e de xuízos que elas suscitan: como non se enganar nalgún? Así, a vista é de todos os nosos sentidos o máis defectuoso, precisamente

⁶⁷ Célebre mestre de danza de París que, coñecendo moi ben o mundo no que se movía, se facía por argucia o extravagante, e lle daba á súa arte unha importancia que a xente finxía atopar ridícula, mais pola que, no fondo, lle profesaban o máis grande respecto. Noutra arte non menos frívola, vese aínda hoxe a un actor de teatro facerse o importante e o tolo, e non ter menos éxito. Este método é sempre seguro en Francia. O verdadeiro talento, máis sinxelo e menos charlatán, non fai alí fortuna. A modestia é nese país a virtude dos parvos.

porque é o máis extenso, e porque, precedendo dende moi lonxe aos outros todos, as súas operacións son rápidas e vastas de máis para poderen ser rectificadas por eles. O que máis é: as mesmas ilusións da perspectiva sonnos necesarias para chegarmos a coñecer a extensión e a comparar as súas partes. Sen as falsas aparencias non habíamos ver nada ao lonxe, sen as gradacións de tamaño e de luz non daríamos estimado ningunha distancia, ou mellor dito, non existiría para nós. Se de dúas árbores iguais, a que está cen pasos de nós nos semellase tan grande e tan nítida como a que está a dez, habíamolas situar unha ao lado da outra. Se dexergásemos todas as dimensións dos obxectos coa súa verdadeira medida non habíamos ver ningún espazo e todo nos había parecer que está diante do noso ollo.

O sentido da vista non ten, para xulgar o tamaño dos obxectos e a súa distancia, mais que unha mesma medida, a saber: a abertura do ángulo que aqueles forman no noso ollo. E como esta abertura é un efecto simple dunha causa composta, o xuízo que suscita en nós deixa indeterminada cada causa particular ou vólvese necesariamente defectuoso. Porque: como distinguir a simple vista se o ángulo baixo o que vexo un obxecto máis pequeno ca outro é así porque este primeiro obxecto é efectivamente máis pequeno ou porque está máis afastado?

Cómpre, pois, seguir aquí un método contrario ao anterior: en lugar de simplificar a sensación, dobrala, comprobala sempre a través doutra, suxeitar o órgano visual ao órgano táctil e reprimir, por dicilo así, a impetuosidade do primeiro sentido por medio do camiñar pesado e regulado do segundo. A falta de nos sometermos a esta práctica, as nosas medidas pola estimación son moi inexactas. Nós non temos precisión ningunha na ollada para xulgarmos as alturas, longuras, profundidades e distancias, e a proba de que a culpa non é tanto do sentido como da súa utilización é que os enxeñeiros, agrimensores, arquitectos, canteiros e pintores teñen en xeral a ollada máis segura ca nós e aprecian con máis xusteza as medidas da extensión. Porque,

ao lles dar nisto o seu oficio a experiencia que nós descoidamos adquirir, eles eliminan o equívoco do ángulo a través das aparencias que o acompañan e que determinan máis exactamente aos seus ollos a relación das dúas causas deste ángulo.

Todo o que lle dá movemento ao corpo sen o forzar é sempre doado de obter dos rapaces. Hai mil medios de interesalos en medir, coñecer e estimar as distancias. Velaí unha cerdeira moi alta: como habemos facer para collermos cereixas? É axeitada para iso a escada da finca? Velaí un regato moi ancho: como o imos atravesar? Darase pousado nas dúas beiras unha das táboas que temos no eirado? Quixeramos, dende as nosas fiestras, pescar nos foxos do castelo: cantas brazas debe ter a nosa liña? Quixera facer un bambán entre esas dúas árbores: sería suficiente unha corda de dúas varas? Dinme que na outra casa o noso cuarto terá vinte e cinco pés cadrados: credes que nos servirá? Será máis grande ca este? Temos moita fame, velaí dúas aldeas: en cal delas estaremos máis axiña para xantar? Etc.

Tratábase de exercitar na carreira a un rapaz indolente e preguiceiro que non se inclinaba de seu por este exercicio nin por outro ningún, aínda que estivese destinado á profesión militar. Convencérase, non sei como, de que un home do seu rango non debía facer nin saber nada, e de que a súa nobreza debía facerlle de brazos e pernas así como de toda caste de méritos. Para facer do tal fidalgo un Aquiles de lixeiro pé, apenas tería sido suficiente a habilidade do propio Quirón. A dificultade era tanto máis grande canto que eu non quería ordenarlle absolutamente nada. Desterrara dos meus dereitos as exhortacións, as promesas, as ameazas, a emulación e o desexo de brillar: como lle inculcar o de correr sen lle dicir nada? Correr eu mesmo tería sido un medio pouco seguro e suxeito a inconvenientes. Por outra banda, tratábase aínda de tirar deste exercicio algún obxecto de instrución para el, a fin de habituar as operacións da máquina e as do xuízo a camiñaren sempre en concerto. Velaí como actuei eu, é dicir o que fala neste exemplo.

Indo pasear con el polas tardes, puña ás veces no meu saqueto dous pasteis dunha clase que lle gustaba moito; comiamos cada un deles no paseo⁶⁸ e volvíamos moi contentos. Un día decatouse de que eu tiña tres pasteis; daría el comido seis sen incomodidade ningunha e despacha prontamente o seu para pedirme o terceiro. “Non –díxenlle eu– tamén eu o comería con moito gusto, ou compartiríámolo, mais prefiro velo disputar nunha carreira por estes dous rapaciños que están aí”. Chameinos, amoseilles o pastel e púxenlles a condición. Non pediron outra cousa. Pousei o pastel enriba dun penedo que servía como meta, marquei o percorrido e fúmonos sentar. Dado o sinal, os rapaciños saíron correndo; o vencedor colleu o pastel e comeuno sen misericordia diante dos ollos dos espectadores e do vencido.

Esta diversión valía máis que o pastel, pero de primeiras non deu resultado nin produciu nada. Eu non me desanimei nin me apresurei: a instrución dos rapaces é un oficio no que cómpre saber perder tempo para gañalo. Seguimos os nosos paseos, ás veces colliamos tres pasteis e outras veces catro, e de cando en cando había un e mesmo dous para os corredores. Se o premio non era grande, os que o disputaban non eran ambiciosos: o que o levaba era festexado e gabado, e todo se facía con moito aparato. Para dar lugar aos cambios e aumentar o interese, eu marcaba un percorrido máis longo e admitía varios participantes. Apenas estaban en liza, toda a xente que pasaba paraba para velos e as aclamacións, os gritos e o bater palmas animábanos. Por veces eu vía ao meu homiño sobresaltarse, levantarse e berrar cando un estaba perto de acadar ou de adiantar ao outro; para el eran os xogos olímpicos.

⁶⁸ Paseo campestre, como veremos de contado. Os paseos públicos das cidades son perniciosos para os rapaces dun e doutro sexo. É alí onde comezan a se volveren fachendosos e a querer ser contemplados; é no Luxemburgo, nas Tullerías e maiormente no Palacio Real onde a bonita mocidade de París vai coller ese aspecto impertinente e fato que a volve tan ridícula e fai que a apupen e detesten en toda Europa.

Con todo, ás veces os participantes utilizaban a superchería: agarrábanse mutuamente, facíanse caír ou botaban callaos ao paso un do outro. Isto forneceume un motivo para os separar e facelos partir dende diferentes puntos, aínda que todos eles igualmente distantes da meta; verase axiña a razón deste recurso, porque debo tratar este importante asunto con moito detalle.

Aburrido de ver sempre comer diante dos seus ollos os pasteis que lle daban tanta gana, o señor cabaleiro deu por fin en sospeitar que correr moito podía ser bo para algo, e ao ver que tamén el tiña dúas pernas, comezou a prepararse en segredo. Eu evitei ver nada diso, mais comprendín que a miña estratagemma tivera éxito. Cando se considerou forte dabondo –e eu lin antes ca el o seu pensamento– pretendeu importunarme para conseguir o pastel que quedaba. Eu négome, el teima, e con aire alporizado dime finalmente: “Pois veña, poñédeo enriba do penedo, marcade o campo e imos ver!”. “Éche boa! –díxenlle eu rindo– Seica un cabaleiro sabe correr? Ides gañar máis apetito e cousa ningunha para satisfacelo”. Picado pola miña rexouba, el esmérase e leva o premio, tanto máis doadamente que eu fixera o traxecto moi curto e tivera coidado de arredar ao mellor corredor. Compréndese como, dado este primeiro paso, foi doado para min mantelo interesado. Axiña lle tomou tanto gusto a este exercicio que, sen favorecelo, estaba case seguro de vencer aos meus rillotes na carreira, por moi longo que fose o percorrido.

Conseguida esta vantaxe, ela produciu outra na que eu non pensara. Cando era raro que levara o premio, comíao case sempre só, igual que facían os seus rivais, mais ao se habituar á vitoria, volveuse xeneroso e compartíao con frecuencia cos vencidos. Iso forneceume a min unha observación moral e así aprendín cal é o verdadeiro principio da xenerosidade.

Ao continuar marcando con el en diferentes lugares os puntos dende os que cadaquén debía partir ao tempo, fixen, sen que el se decatase, desiguais as distancias, de xeito que un, ao ter que facer máis camiño ca outro para chegar á mesma meta, tiña

unha desvantaxe visible, mais, aínda que eu deixase escoller ao meu discípulo, el non sabía aproveitarse. Sen complicarse coa distancia, el prefería sempre o camiño máis bonito, de sorte que –ao eu prever doadamente a súa escolla– era practicamente dono de lle facer perder ou gañar o pastel segundo a miña vontade, e esta astucia servía para máis dun obxectivo. Con todo, como o meu propósito era que se decatase da diferenza, eu trataba de lla facer sensible, mais, aínda que indolente na calma, el era tan vivo nos seus xogos e desconfiaba tan pouco de min que tiven toda a dificultade do mundo para lle facer albiscar que eu facía raña. Finalmente acadeino malia o seu apampamento, e el reprochoumo. Eu díxenlle: “De que vos queixades? Nun regalo que eu quero facervos: seica non son eu dono de poñer as condicións? Quen vos forza a correr? Seica vos prometín facer iguais os traxectos? Non podedes escoller? Tomade o máis curto, non volo impiden. Como é que non vedes que é a vós a quen eu favorezo e a desigualdade da que protestades vai na vosa vantaxe se sabedes aproveitala?”.

A cousa era clara; el comprendeuno e, para escoller, foi necesario mirar máis atentamente. Primeiro quixéronse contar os pasos, mais a medida dos pasos dun rapaz é lenta e defectuosa. A mais, tiven boa conta en multiplicar as carreiras no mesmo día e entón, ao se converter a diversión nunha especie de paixón, daba mágoa perder en medir os traxectos o tempo destinado a percorrelos. A vivacidade da infancia acomódase mal con estas lentitudes; exercitámonos, daquela, en ver mellor, e en estimar mellor unha distancia por medio da vista. Entón custoume moi pouco estender e alimentar este gusto. Finalmente, algúns meses de probas e de erros corrixidos formáronlle tanto o compás visual que, cando eu lle facía imaxinar un pastel enriba dun obxecto afastado, el tiña a ollada case tan segura como a cadea dun agrimensor.

Como a vista é de todos os sentidos aquel do que menos separables son os xuízos da mente, cómpre moito tempo para apren-

der a ver. É necesario ter comparado durante moito tempo a vista co tacto para habituar ao primeiro destes dous sentidos a darnos unha relación fiel das figuras e das distancias. Sen o tacto, sen o movemento progresivo, os ollos máis penetrantes do mundo non saberían darnos ningunha idea da extensión. O universo enteiro non debe senón ser un punto para unha ostra, e, mesmo se a informase⁶⁹ unha alma humana, a ela non lle había parecer máis nada. Non é senón a poder de camiñar, de palpar, de contar e de medir as dimensións como se aprende a estimalas, mais tamén, se sempre se medise, o sentido, ao descansar no instrumento, non adquiriría precisión ningunha. Cómpre tamén que o rapaz non pase nun pulo da medida á estimación; cómpre primeiro que, seguindo a comparar por partes o que non daría comparado dun golpe, substitúa unhas alícuotas precisas por outras alícuotas apreciadas, e que en lugar de aplicar sempre coa man a medida se afaga a aplicala só cos ollos. Eu quixera, con todo, que comprobase as súas primeiras operacións con medidas reais a fin de que corrixisse os seus erros e que, se quedase no sentido algunha aparencia falsa, aprendese a rectificala a través dun xuízo mellor. Temos medidas naturais que son practicamente as mesmas en todos os lugares: os pasos dun home, a extensión dos seus brazos, a súa estatura. Cando o rapaz estima a altura dun piso, o seu aio pódelle servir como vara; se estima a altura dun campanario, que o mida coas casas; se quere saber as leguas de camiño, que conte as horas de marcha; e, sobre todo, que non fagan nada diso por el, senón que o faga el mesmo.

Non se daría aprendido a vulgar a extensión e o tamaño dos corpos sen aprender a coñecer tamén as súas figuras, e mesmo a imitalas, porque no fondo esta imitación non se funda máis que nas leis da perspectiva, e non se pode estimar a extensión sobre as súas aparencias sen ter algún sentido destas leis. Os

⁶⁹ O verbo *informar* ten aquí o sentido filosófico de "dar forma substancial a un ente" (N. do T.).

rapaces, grandes imitadores, intentan todos debuxar. Eu quixera que o meu cultivase esta arte, non precisamente pola propia arte senón por facerse exacto o ollo e flexible a man, e, en xeral, importa pouco que coñeza tal exercicio ou tal outro se é que dá adquirido a perspicacia do sentido e o bo hábito do corpo que un gaña a través dese exercicio. Evitarei, logo, poñerlle un mestre de debuxo, que non lle daría senón imitacións para imitar e que non o faría debuxar senón debuxos xa feitos: quero que el non teña outro mestre que a natureza e outro modelo que os obxectos. Quero que teña baixo os ollos o propio orixinal e non o papel que o representa, que pinte unha casa ao ver unha casa, unha árbore ao ver unha árbore, un home ao ver un home, a fin de que se habitúe a observar ben os corpos e as súas aparencias e non a tomar imitacións falsas e convencionais como verdadeiras imitacións. Arredareino mesmo de trazar nada de memoria, en ausencia dos obxectos, ata que, por medio de frecuentes observacións, as súas figuras exactas se impriman ben na súa imaxinación, por medo de que, substituíndo a realidade das cousas por figuras estrañas e fantásticas, perda o coñecemento das proporcións e o gusto polas fermosuras da natureza.

Ben sei que deste xeito el ha esborranchar durante moito tempo sen facer nada recoñecible, que adoptará tarde a elegancia dos contornos e o trazo lixeiro dos debuxantes, e se cadra nunca o discernimento dos efectos pictóricos e o bo gusto do debuxo. Pola contra, adquirirá con seguridade unha ollada máis certa, unha man máis segura, o coñecemento das verdadeiras relacións de tamaño e de figura que existen entre os animais, as plantas e os corpos naturais, e unha máis pronta experiencia do xogo da perspectiva. Velaí precisamente o que quixen facer. A miña intención non é tanto que saiba imitar os obxectos como que os coñeza; prefiro que me amose unha planta de acanto e que trace peor a follaxe dun capitel.

Polo demais, neste exercicio así como nos restantes non pretendo que o meu alumno se divirta el só. Quero facerllo aínda

máis agradable compartíndoo permanentemente con el. Non quero que teña outro émulo distinto a min, senón que hei ser eu o seu émulo sen descanso e sen perigo; iso hao interesar nas súas ocupacións sen provocar celos entre nós. Collerei o lapis a exemplo seu e ao primeiro utilizareino tan defectuosamente coma el. Aínda que eu fose un Apeles non me consideraría senón un esborranchador. Comezarei por trazar un home igual que o trazan os lacaios nas paredes: un pau para cada brazo, un pau para cada perna e dedos máis grosos que os brazos. Moito despois decatáremonos un ou outro desta desproporción: repararemos en que unha perna ten espesor e que este espesor non é o mesmo por todas partes; que o brazo ten a súa lonxitude determinada en relación co corpo, etc. Neste progreso hei camiñar o máis pretiño del, ou heino adiantar tan pouquiño que sempre lle ha ser doado acadarme; e moitas veces ultrapasarme. Teremos cores e pinceis, tentaremos imitar o colorido dos obxectos e toda a súa aparencia tanto como a súa figura. Iluminaremos, pintaremos e esborrancharemos, mais en todos eses borranchos nunca deixaremos de espiar a natureza, nunca faremos nada se non é baixo os ollos do mestre.

Tiñamos poucos adornos para o noso cuarto e velaí que atopamos unha chea. Fago enmarcar os nosos debuxos e cubrilos con bos cristais a fin de que non lles toquen e de que, ao velos quedar no estado en que os puxemos, todo o mundo se interese nos seus. Dispóñoos por orde arredor do cuarto, cada debuxo repetido vinte ou trinta veces e amosando en cada exemplar o progreso do autor dende o momento no que a casa non é senón un cadrado case informe ata aquel no que a fachada, o perfil, as proporcións e as sombras expresan a máis exacta verdade. Estas gradacións non poden deixar de ofrecernos sen cesar cadros interesantes para nós e curiosos para outros, e incitar sempre cada vez máis a nosa emulación. Aos primeiros, aos máis groseiros destes debuxos, pñoilles marcos ben brillantes e ben dourados que os realcen, pero cando a imitación se fai máis exacta

e o debuxo é verdadeiramente bo, entón non lle poño máis que un marco negro moi sinxelo; xa non precisa outro adorno senón el mesmo, e sería mágoa que o beiril compartira a atención que merece o obxecto. Así, cada un de nós aspira ao honor do marco liso, e cando un quere desdeñar un debuxo do outro, condénao ao marco dourado. Algún día, se cadra, estes marcos dourados hanse facer proverbiais entre nós e habemos admirar cantos homes se fan xustiza facéndose enmarcar así.

Dixen que a xeometría non estaba ao alcance dos rapaces, mais é culpa nosa. Non sentimos que o seu método non é o noso e que o que para nós se converte en arte de razoar non debe ser para eles mais que arte de ver. En lugar de lles dar o noso método, faríamos mellor en adoptarmos o seu, porque o noso xeito de aprender a xeometría é, de certo, tanto un asunto de imaxinación como de razoamento. Cando a proposición está enunciada, cómpre imaxinarmos a súa demostración, é dicir atoparmos de cal proposición xa coñecida debe ser consecuencia estoutra e, de todas as consecuencias que se poden tirar desta mesma proposición, escollermos precisamente aquela da que se trata.

Desta maneira, o máis exacto razoador, se non é inventivo, ten que quedar corto. Que se deriva entón diso? Que en lugar de nos facer atopar as demostracións, dítannolas, que en lugar de nos aprender a razoar, o mestre razoa por nós e só exercita a nosa memoria.

Facede figuras exactas, combinádeas, pousádeas unha enriba da outra, examinade as súas relacións; habedes atopar toda a xeometría elemental camiñando de observación en observación, sen que sexa cuestión de definicións nin de problemas, nin de ningunha outra forma demostrativa máis que a simple superposición. Canto a min, non pretendo aprenderlle a xeometría a Emilio, é el o que me ha aprendela a min; eu hei buscar as relacións e el haas atopar, porque buscareinas de xeito de llas facer atopar. Por exemplo, en lugar de utilizar un compás para trazar un círculo, heino trazar cunha punta de lapis ao cabo dun

fío que xira sobre dun eixo. Despois disto cando eu queira comparar entre eles os radios, Emilio hase burlar de min e hame facer comprender que o mesmo fío, sempre tenso, non pode ter trazado distancias desiguais.

Se quero medir un ángulo de sesenta graos, describo dende o vértice deste ángulo non un arco senón un círculo enteiro, porque cos rapaces nunca hai que sobreentender nada. Atopo que a porción do círculo comprendida entre os dous lados do ángulo é a sexta parte do círculo. Despois disto, describo dende o mesmo vértice outro círculo máis grande e atopo que este segundo arco segue a ser a sexta parte do seu círculo. Describo un terceiro círculo concéntrico sobre o que fago a mesma proba e prosígoa con novos círculos ata que Emilio, chocado pola miña estupidez, me advirta que cada arco, pequeno ou grande, comprendido no mesmo ángulo, sempre será a sexta parte do seu círculo, etc. Velaí estamos no momento do uso do transportador.

Para probar que os ángulos seguintes son iguais a dous retos, descríbese un círculo; eu, polo contrario, fago que Emilio se decate diso primeiro no círculo, e despois dígolle: “Se tiramos o círculo e as liñas rectas: terían cambiado de tamaño os ángulos?” Etc.

Descóidase a exactitude das figuras, dándoa por suposta e aferrándose á demostración. Entre nós, pola contra, nunca ha ser cuestión de demostración: o noso asunto máis importante será trazar liñas ben rectas, ben exactas e ben iguais, facer un cadrado ben perfecto e debuxar un círculo ben redondo. Para verificarmos a exactitude da figura, examinarmola a través de todas as súas propiedades sensibles, o que nos proporcionará a ocasión de descubriremos cada día outras novas. Dobraremos polo diámetro os dous semicírculos, pola diagonal as dúas metades do cadrado, compararemos as nosas dúas figuras para ver aquela na que máis exactamente coinciden as beiras e conseguintemente cal está mellor feita, discutiremos se esta igualdade de partición debe ter sempre lugar nos paralelogramos, nos

trapecios, etc. Intentaremos ás veces prever o éxito da experiencia antes de a efectuar, trataremos de atopar motivos, etc.

A xeometría non é para o meu alumno máis que a arte de utilizar ben a regra e o compás; non debe confundila co debuxo, no que non ha empregar ningún destes dous instrumentos. A regra e o compás estarán pechados baixo chave e non se lle concederá o seu uso senón raras veces e por pouco tempo –a fin de que non se habitúe a esgarabellar– mais poderemos por veces levar connosco as figuras ao noso paseo e falar do que fixemos e do que queremos facer.

Nunca esquecerei ter visto en Turín un mozo ao que na súa infancia lle aprenderan as relacións dos contornos e as superficies dándolle cada día a escoller entre todas as figuras xeométricas feitas en galletas isoperímetras. O lambonciño esgotara a arte de Arquímedes para atopar cal delas tiña máis de comer.

Cando un rapaz xoga ao voador⁷⁰ exercita o ollo e o brazo na precisión, cando fai bailar un trompo aumenta a súa forza ao utilízalo mais non aprende nada. Teño preguntado ás veces por que non se lles ofrecían aos rapaces os mesmos xogos de destreza que teñen os homes: a palma⁷¹, o mazo⁷², o billar, o arco, o balón, os instrumentos de música... Respondéronme que algúns destes xogos estaban por riba das forzas deles e que os seus membros e os seus órganos non estaban formados dabondo para os outros. Atopo erróneas estas razóns: un rapaz non ten a talla dun home e mais non deixa de levar un traxe feito coma o seu. Non quero dicir que xogue cos nosos paus enriba dun billar de tres pés de

⁷⁰ O voador (*volant*) é un xogo de raqueta no que se lanza un anaco de cortiza ou de madeira lixeira, de forma semiesférica, coroado cunhas plumas (N. do T.).

⁷¹ A palma (*jeu de paume*) é o antecedente do tenis; ao primeiro a pelota batiase coa palma da man e despois fíxose con raqueta (N. do T.).

⁷² O mazo (*mail*) xogábase cun pau flexible dun metro de lonxitude aproximadamente, no cabo do que ía un mazo de madeira cilíndrico co que se golpeaba unha pelota que se debía levar, tras sucesivos golpes ata un punto sinalado cun piquete. É o antecedente do croquet (N. do T.).

alto, non quero dicir que vaia lanzar a pelota nas nosas pistas nin que se cargue a súa manciña cunha raqueta de xogador de palma, senón que xogue nunha sala coas fiestras protexidas, que non utilice ao primeiro mais que pelotas moles e que as súas primeiras raquetas sexan de madeira, despois de pergamiño e finalmente de corda de tripa tensada proporcionalmente ao seu progreso. Vós preferides o voador porque cansa menos e non ten perigo. Enganádesvos canto a estas dúas razóns. O voador é un xogo de mulleres, mais non existe ningunha que non fuxa ante unha pelota en movemento. A súa branca pel non debe endurecerse coas mazaduras, e non son contusións o que os seus rostros esperan. Mais nós, feitos para sermos vigorosos: coidamos que o habemos ser sen traballo? E de que defensa habemos ser capaces se nunca nos atacan? Xógase sempre relaxadamente aos xogos nos que non hai perigo ningún se un é pouco hábil: un voador que cae non manca a ninguén, pero nada desentolle o brazo como o ter que cubrir a cabeza, nada volve a ollada tan precisa como ter que protexer os ollos. Lanzarse dun extremo ao outro dunha sala, prever o rebote dunha pelota que aínda está no aire, devolvela cunha man forte e segura, tales xogos non é que sexan convenientes para o home é que serven para formalo.

Dise que as fibras dun rapaz son molanqueiras de máis! Teñen menos pulo, pero polo mesmo son máis flexibles. O seu brazo é feble, pero é un brazo e debemos facer con el –gardada a proporción– todo o que se fai con calquera outra máquina semellante. Os rapaces non teñen nas mans destreza ningunha, por iso eu quero que se lles proporcione: un home tan pouco exercitado coma eles non había ter máis. Non podemos coñecer a utilización dos nosos órganos senón despois de os ter empregado. Só unha longa experiencia apréndenos a tirar partido de nós mesmos, e esta experiencia é o verdadeiro estudio ao que nunca é cedo de máis para nos aplicarmos.

Todo o que se fai é factible. Ora ben nada é máis corrente que ver rapaces guímaros e lizgaios teren nos membros a

mesma axilidade que pode ter un home. En case todas as feiras vémolos facer equilibrios, camiñar sobre as mans, saltaricar e bailar enriba dunha corda. Durante cantos anos non atraeron espectadores as compañías de rapaces que danzaban na Comedia Italiana! Quen é o que non sentiu falar en Alemaña e en Italia da compañía de pantomima do célebre Nicolini? Alguén ten observado neses rapaces movementos menos desenvolvidos, actitudes menos gráciles, oído menos preciso ou baile menos lixeiro que os dos bailadores completamente formados? O feito de teren ao primeiro os dedos patorrriños, cortos e pouco móbiles e as mans gordechadas e pouco capaces de termar de nada: seica impide que moitos rapaces saiban escribir ou debuxar á idade en que outros aínda non saben soste-lo lapis nin a pluma? Todo París lembra aínda a Inglesiña que aos dez anos facía prodixios no clavecín. Na casa dun maxistrado vin ao seu fillo –un homiño de oito anos que puñan enriba da mesa no remate como se fose unha estatua no medio das bandexas– tocar nun violín case tan grande coma el e sorprender coa súa execución aos propios artistas.

Todos estes exemplos e cen mil outros proban, paréceme a min, que a inaptitude que se lles supón aos rapaces para os nosos exercicios é imaxinaria, e que se non os vemos ter éxito nalgúns deles é porque nunca os fixeron exercitarse.

Hanme dicir que aquí, en relación co corpo, caio no defecto do cultivo prematuro que censuro nos rapaces en relación coa mente. A diferenza é moi grande porque un destes progresos é só aparente mais o outro é real. Xa probei que a agudeza que aparentan ter non a teñen, en canto que todo o que aparentan facer fano. Por outra banda, debemos pensar sempre que todo isto non é ou non debe ser senón xogo, dirección doada e voluntaria dos movementos que a natureza lles pide, arte de variar as súas diversións para llelas facer máis agradables sen que nunca a menor coerción as transforme en traballo porque, finalmente: con que cousas se divertirán que eu non poida facer un obxecto de ins-

trución para eles? E mesmo se eu non puidese, con tal de que se divirtan sen inconveniente e o tempo pase, o seu progreso en todo non importa no presente; en troques, cando cómpre aprenderlles necesariamente algunha cousa –fágase como se faga– é sempre imposible rematalo sen coerción, molestia e anoxo.

O que dixer sobre os dous sentidos que usamos máis continuamente e con maior importancia pode servir de exemplo de como exercitar os outros. A vista e o tacto aplícanse de igual xeito sobre os corpos en repouso e sobre os corpos que se moven, mais, dado que só o abalo do aire conmove o sentido do oído, só un corpo en movemento produce ruído ou son, e se todo estivera en repouso nunca habíamos escoitar nada. Entón, pola noite –dado que ao non nos movermos tanto como quixeramos só debemos temer os corpos que se moven– é importante que teñamos a orella alerta e que poidamos xulgar, a través da sensación que bate en nós, se o corpo que a provoca é grande ou pequeno, se está afastado ou próximo, se o seu abalo é violento ou feble. O aire abalado está suxeito a repercusións que o reflicten, que ao produciren ecos repiten a sensación e fan oír o corpo ruidoso ou sonoro noutro lugar distinto a aquel no que está. Se nunha chaira ou nun val se pon a orella no chan, séntese a voz dos homes e o paso dos cabalos moito máis ao lonxe que se un está de pé.

Igual que temos comparado a vista co tacto é ben comparármola co oído, e sabermos cal das dúas impresións que parten a un tempo do mesmo corpo chegará máis axiña ao seu órgano. Cando un ve o lume dun canón pode aínda abeirarse do disparo, mais tan axiña como sente o ruído xa non é o momento: a bala está aí. Pódese calcular a distancia á que se produce un raio polo intervalo do tempo que pasa entre o lóstrego e o trebón. Facede de xeito que o rapaz coñeza todas estas experiencias, que experimente as que están ao seu alcance e que atope outras por indución, mais prefiro cen veces que as ignore se é preciso que vós llas digades.

Temos un órgano que responde ao oído, a saber, o da voz, mais non temos un que responda igualmente á vista e non expresamos as cores coma os sons. É un medio máis para cultivarmos o primeiro sentido, exercitando o órgano activo e o órgano pasivo un a través do outro.

O home ten tres tipos de voz, a saber: a voz falante ou articulada, a voz cantante ou melodiosa e a voz patética ou acentuada, que serve de linguaxe para as paixóns e anima o canto e a palabra. O rapaz ten estes tres tipos de voces igual que o home, sen as saber combinar da mesma maneira. Coma nós, el ten a risa, os berros, as queixas, a exclamación e os laios, mais non sabe mesturar as súas inflexións coas outras dúas voces. Unha música perfecta é a que reúne da mellor maneira estas tres voces. Os rapaces son incapaces desta música e o seu canto nunca ten alma. Do mesmo xeito, na voz falante a súa linguaxe non ten acento; berran, mais non acentúan, e igual que no seu falar hai pouca enerxía hai pouco acento na súa voz. O noso alumno ha ter a fala máis uniforme, máis sinxela aínda, porque ao non estaren espertas as súas paixóns non han mesturar a linguaxe delas co seu. Non vaiades darlle, entón, para recitar, papeis de traxedia e de comedia, nin querer aprenderlle –como se di– a declamar. El ha ter sentido de máis para saberlles dar entoación a cousas que non pode entender, e expresión a sentimentos que nunca ha experimentar.

Aprendédelle a falar uniformemente, claramente, a articular ben e pronunciar exactamente e sen afectación, a coñecer e seguir o acento gramatical e a prosodia, a dar sempre suficiente voz para ser oído pero non dar nunca máis da que cómpre, defecto ordinario nos rapaces educados nos colexios. En todas as cousas nada superfluo.

Igualmente, no canto facede a súa voz xusta, igual, flexible e sonora, a súa orella sensible á medida e á harmonía, pero nada máis. A música imitativa e teatral non é da súa idade; mesmo non quixera eu que cantase textos, se os quixese cantar trata-

ría de lle facer expresamente cancións interesantes para a súa idade, e tan sinxelas como as súas ideas.

É razoable pensar que, ao ter eu tan pouco apuro en lle aprender a ler a escritura, tampouco non o había ter en lle aprender a ler a música. Apartemos do seu cerebro toda atención demasiado traballosa e non nos apresuremos en fixar a súa mente sobre signos convencionais. Isto –conféssoo– semella difícil porque, se o coñecemento das notas non parece de primeiras máis necesario para saber cantar que o das letras para saber falar, existe, con todo, a seguinte diferenza: que ao falar expresamos as nosas propias ideas e que ao cantar non expresamos practicamente máis que as doutro. Ora ben, para expresalas, cómpre lelas.

Mais primeiro, en lugar de lelas, pódense oír, e un canto transmítese ao oído dunha maneira aínda máis fiel que ao ollo. Ademais, para ben saber música non abonda con transmitila, cómpre compoñela, e unha cousa débese aprender coa outra, sen o cal nunca se sabe ben. Exercítade primeiro ao voso pequeno músico en facer frases ben regulares, ben cadenciosas, despois en ligalas entre elas por medio dunha modulación moi sinxela, e finalmente en marcar as súas diferentes relacións por medio dunha puntuación correcta, o que se fai coa debida escolla das cadencias e dos descansos. Sobre todo, nunca cantos extravagantes, nunca patetismo nin expresión. Unha melodía sempre cantareira e sinxela, sempre derivada das cordas esenciais do ton, e que sempre indique tanto a voz do baixo que o rapaz poida sentila e acompañala sen dificultade, porque para formarse a voz e o oído só debe cantar sempre co clavecín.

Para mellor marcar os sons, articulámoslos cando os pronunciamos, de aí o costume de solfexar con certas sílabas. Para distinguir os graos, cómpre darlles nomes a estes graos e mais aos seus diferentes termos fixos, de aí os nomes dos intervalos e tamén das letras do alfabeto coas que se marcan as teclas do teclado e as notas da escala. C e A designan sons fixos e invaria-

bles, sempre expresados coas mesmas teclas. *Ut*⁷³ e *la* son outra cousa. *Ut* é permanentemente a tónica dun modo maior ou a mediante dun modo menor. *La* é permanentemente a tónica dun modo menor ou a sexta nota dun modo maior. Así as letras marcan os termos inmutables das relacións do noso sistema musical e as sílabas marcan os termos homólogos das relacións semellantes en diversos tons. As letras indican as teclas do teclado e as sílabas os graos do modo. Os músicos franceses mesturaron estrañamente estas distincións, confundiron o sentido das sílabas co sentido das letras e, repetindo inutilmente os signos das teclas, non deixaron ningún para expresar as cordas dos tons, de xeito que para eles *ut* e C son sempre a mesma cousa. O que non é así e non debe ser, porque entón: de que serviría C? Tamén o seu xeito de solfexar presenta unha dificultade excesiva sen ter utilidade ningunha, sen levar idea ningunha á mente, pois que con este método as dúas sílabas *ut* e *mi*, por exemplo, poden significar igualmente unha terceira maior, menor, superflua ou diminuída. Por que estraña fatalidade o país do mundo onde se escriben os máis fermosos libros sobre música ven sendo precisamente aquel onde se ensina do xeito máis difícil?

Sigamos co noso alumno unha práctica máis sinxela e máis clara: que non haxa para el senón dous modos, coas mesmas relacións sempre, e sempre indicadas coas mesmas sílabas. Cante ou toque un instrumento, que saiba establecer o seu modo en cada un dos doce tons que poden servirlle de base, e que –modúlese en D, en C, en G, etc.– o final sexa sempre *la* ou *ut*, segundo o modo. Deste xeito havos comprender sempre, as relacións esenciais do modo para cantar e tocar correctamente estarán sempre presentes na súa mente e a súa execución será máis limpa e o seu progreso máis rápido. Non hai cousa máis estraña que o que os Franceses chaman solfexo natural: é afastar as ideas da cousa para substituílas por outras estrañas que

⁷³ Antiga denominación da nota musical *do* (N. do T.).

o único que fan é despistar. Nada é máis natural que solfexar por transposición cando o modo está transposto. Mais abonda de música: ensinádeas como queirades, con tal de que non sexa nunca máis que unha diversión.

Velaí estamos ben advertidos do estado dos corpos alleos en relación co noso, do seu peso, da súa figura, da súa cor, da súa solidez, do seu tamaño, da súa distancia, da súa temperatura, do seu repouso e do seu movemento. Estamos instruídos sobre aqueles que nos convén achegar ou arredar de nós, sobre o xeito como debemos actuar para vencermos a súa resistencia ou para lles opoñermos unha que nos protexa do seu ataque, mais non é dabondo: o noso propio corpo esgótase sen cesar e precisa sen cesar ser renovado. Aínda que teñamos a facilidade de transformar outras na nosa propia substancia, a súa escolla non é indiferente: non todo é mantenza para o home, e entre as substancias que poden selo hainas máis ou menos convenientes, segundo a constitución da especie, o clima que habita, o temperamento particular e a maneira de vivir que lle prescribe a súa condición social.

Morreríamos esfameados ou envelenados se fose preciso agardar, para escoller os alimentos que nos conveñen, que a experiencia nos aprendera antes a coñecelos e a escollelos. Mais a suprema bondade, que fixo do pracer dos seres sensibles o instrumento da súa conservación, advírtenos, a través do que prace ao noso padal, daquilo que convén ao noso estómago. Non existe naturalmente para o home un médico máis seguro que o seu propio apetito, e, considerándoo no seu estado primitivo, non teño dúbida ningunha de que entón os alimentos que el atopaba máis agradables fosen os máis sans.

Hai máis. O Autor das cousas non só prové para as necesidades que el nos crea senón tamén para as que nós mesmos nos creamos. E é para poñer sempre o desexo á beira da necesidade polo que el fai que os nosos gustos muden e se alteren coas nosas maneiras de vivir. Canto máis nos afastamos do

estado da natureza máis perdemos os nosos gustos naturais. Ou mellor: o costume danos unha segunda natureza coa que substituímos á primeira de tal xeito que ninguén de entre nós recoñece xa aquela.

Dedúcese diso que os gustos máis naturais deben tamén ser os máis sinxelos, porque son aqueles que se transforman máis doadamente; en troques, ao se agudizaren e irritaren polas nosas fantasías adoptan unha forma que non cambia xa. O home que aínda non é de país ningún hase afacer sen traballo aos costumes de calquera país, mais o home dun país xa non se converte no doutro.

Isto paréceme certo en todos os sentidos, e moito máis aínda aplicado ao gusto propiamente dito. O noso primeiro alimento é o leite; só progresivamente habituámonos aos sabores fortes: ao primeiro repúgnannos. Froitas, legumes, herbas e finalmente algunhas carnes grelladas, sen adubo e sen sal, constituíron os festíns dos primeiros homes⁷⁴. A primeira vez que un salvaxe bebe viño, torce o fociño e rexéitao, e mesmo entre nós, calquera que viviu ata aos vinte anos sen probar licores fermentados non se dá afeito a eles. Todos seríamos abstemios se non nos deran viño nos nosos anos mozos. Finalmente canto máis sinxelos son os nosos gustos, máis universais son: as repugnancias máis comúns caen sobre os manxares compostos. Viuse algunha vez alguén ao que lle anoxara a auga e o pan? Velaí a pegada da natureza, velaí pois a nosa regra. Conservémoslle ao rapaz o seu gusto primitivo o maior tempo posible, que a súa mantenza sexa común e sinxela, que o seu padal non se familiarice senón con sabores pouco condimentados e que non se forme un gusto exclusivo.

Non examino eu aquí se este xeito de vivir é máis san ou non, non é así como eu o encaro. Abóndame saber, para preferilo, que é o máis conforme coa natureza e o que máis doadamente

⁷⁴ Lede a *Arcadia* de Pausanias, e tamén o anaco de Plutarco transcrito máis adiante.

pode pregarse a calquera outro. Os que din que cómpre afacer aos rapaces aos alimentos que han utilizar cando sexan grandes, non razoan ben, paréceme a min. Por que motivo a súa mantenza debe ser a mesma cando o seu xeito de vivir é tan diferente? Un home esgotado polo traballo, as preocupacións e as dificultades precisa alimentos succulentos que lle aporten forzas novas ao cerebro, un rapaz que acaba de espaxarse e ten un corpo que medra precisa un alimento abundante que lle forneza moito quilo. Por outra banda, o home xa acadou a súa posición, o seu emprego e o seu domicilio, mais: quen pode estar seguro do que a fortuna lle reserva ao rapaz? Non lle deamos en todas as cousas unha forma tan determinada que lle custe de máis cambiala, chegada a necesidade. Non fagamos que morra de fame noutros países se é que non arrastra atrás súa por todas partes un cociñeiro francés, nin que un día diga que só en Francia se sabe comer. Velaí, entre paréntese, unha gabanza ben divertida! Canto a min, diría, polo contrario que só os Franceses non saben comer, pois que lles cómpre unha arte tan particular para facer os alimentos comestibles.

Das nosas sensacións diversas, o gusto fornece aquelas que xeralmente nos afectan máis. Así estamos máis interesados en xulgarnos ben as substancias que deben formar parte da nosa que aquelas que só a rodean. Mil cousas son indiferentes ao tacto, ao oído e á vista, mais case nada hai indiferente ao gusto.

Ademais, a actividade deste sentido é totalmente física e material: é o único que non di nada á imaxinación, ou polo menos aquel que lle dá menor entrada nas sensacións, en canto que a imitación e a imaxinación mesturan a miúdo o moral coa impresión de todos os outros. Tamén, en xeral, os corazóns tenros e voluptuosos, os caracteres apaixonados e verdadeiramente sensibles, fáciles de conmover polos outros sentidos, son bastante mornos nestoutro. Por iso mesmo, hai quen semella poñer o gusto por riba deles e facer máis desprezable a inclinación que nos entrega a el. Eu concluíría, polo contrario, que o

medio máis axeitado de gobernar aos rapaces é conducilos pola súa boca. Sobre todo, o móbil da larpadela é preferible ao da vaidade, no sentido de que a primeira é un apetito da natureza, derivado directamente do sentido, e que a segunda é produto da opinión, suxeito ao capricho dos homes e a todo tipo de abusos. A larpadela é a paixón da infancia e non resiste diante de ningunha outra: á menor competencia desaparece. Crédeme, o rapaz ha deixar de pensar moi cediño no que come, e cando teña o seu corazón ocupado de máis, o seu padal case non o ha ocupar! Cando sexa grande, mil sentimentos impetuosos han desviar a larpadela e non farán senón excitar a vaidade, porque esta derradeira paixón, en por ela, vence ás outras e ao cabo mergúllaas a todas. Teño examinado algunha vez a esa xente que daba importancia aos pratos saborosos e pensaba, ao desbertar, no que había comer durante todo o día e describía un xantar con máis exactitude da que pon Polibio en describir un combate. Atopei que todos estes pretendidos homes non eran senón rapaces de corenta anos, sen vigor e sen consistencia, *fruges consumere nati*⁷⁵. A larpadela é o vicio dos corazóns que non teñen calidade. A alma dun larpán está toda no seu padal, non está feita senón para comer. Na súa estúpida incapacidade non atopa o seu lugar senón na mesa e non sabe xulgar senón os pratos. Deixémoslle sen nos laiar este emprego: máis vale ese que outro, tanto para nós como para el.

Temer que a larpadela se enraíce nun rapaz capaz de algo, é unha precaución de mente cativa. Na infancia só se pensa no que se come, na adolescencia xa non se pensa niso: todo nos presta e temos moito máis que facer. Non quixera, con todo, que se fose facer un uso imprudente dun resorte tan baixo, nin basear nun prato saboroso a honra de facer unha boa acción. Mais non vexo por que, ao non ser –ou non deber ser– toda a infancia máis que xogos e diversións toleironas, uns exerci-

⁷⁵ Cita de Horacio (Epístolas, I, 2, 27) “nacidos para consumir os froitos da terra”

cios puramente corporais non habían ter un premio material e sensible. Se un neno Maiorquino, ao ver un gueipo no pericoto dunha árbore, tira con el a golpes de fonda: seica non é xusto que se aproveite e un bo xantar repare as forzas que gastou en gañalo⁷⁶? Se un mozo Espartano, correndo o perigo de cen vergallazos se introduce habilmente nunha cociña, rouba un raposíño vivo e, ao levalo debaixo da súa roupa resulta rabuñado, mordido, ensanguentado e, para non pasar a vergoña de ser sorprendido, se deixa esfarrapar as entrañas sen pestanexar e sen botar un berro: seica non é xusto que o rapaz se aproveite finalmente da súa presa e que a coma despois de ser comido por ela? Endexamais un bo xantar debe ser unha recompensa pero: por que non había ser el ás veces o efecto dos coidados que un pasou para obtelo? Emilio non considera o pastel que eu pousei enriba da pedra coma o premio por ter corrido ben, sabe só que o único medio de ter o tal bolo é chegar antes que calquera outro.

Isto non contradí en nada as normas que eu avanzaba hai un momento sobre a sinxeleza dos manxares, porque para agarimar o apetito dos rapaces non se trata de excitar a súa sensualidade senón só de satisfacela e iso hase acadar coas cousas máis comúns do mundo, se é que non se traballa en refinar o seu gusto. O seu apetito continuo, excitado pola necesidade de medrar, é un condimento seguro que substitúe a moitos outros. Froitas, lácteos, algunha peza do forno un pouco máis delicada que o pan ordinario e, sobre todo, a arte de dispensar sobriamente todo iso: velaí con que conducir exércitos de rapaces ao cabo do mundo sen lles dar gusto polos sabores vivos nin arriscarse a lles derramar o padal.

Unha das probas de que o gusto da carne non é natural no home é a indiferenza que os rapaces teñen por este alimento e

⁷⁶ Hai moitos séculos que os Maiorquinos perderon este costume; pertence ao tempo en que eran célebres os seus fondeiros.

a preferencia que todos lles dan aos alimentos vexetais, igual que aos lácteos, á pastelería, ás froitas, etc. É importante sobre todo non desnaturalizar este gusto primitivo e non volver aos rapaces carniceiros. Se non é pola súa saúde é polo seu carácter, porque, explíquesse como se explique a experiencia, é seguro que os grandes comedores de carne son en xeral máis crueis e feroces que os outros homes. Esta observación é de todo tempo e todo lugar. A barbarie inglesa é coñecida⁷⁷. Os Guebros⁷⁸, polo contrario son os homes máis pacíficos⁷⁹. Todos os salvaxes son crueis, e os seus costumes lévanos a o seren: esta crueldade procede dos seus alimentos. Van á guerra coma á caza e tratan aos homes coma aos osos. En Inglaterra, mesmo os carniceiros son rexeitados como testemuñas e tamén os cirurxiáns⁸⁰. Os grandes criminais endurecéense no crime bebendo sangue. Homero fai dos Cíclopes comedores de carne uns homes terribles, e dos Lotófagos un pobo tan amable que os demais, des que tiñan comerciado con eles, esquecían mesmo o seu país para viviren alá.

“Pregúntasme – dicía Plutarco– por que Pitágoras se absteña de comer carne de animais; mais eu preguntóche, pola contra, que coraxe de home tivo o primeiro que achegou á súa boca

⁷⁷ Ben sei que os Ingleses se gaban moito da súa humanidade e da bondade natural da súa nación, que eles chaman *good natured people*, mais por moito que griten iso tanto como poidan, ningún o repite despois deles.

⁷⁸ Os Guebros forman un grupo étnico e relixioso persa, que non acatou a relixión islámica ao ser conquistado o país polos árabes, e seguiu conservando a relixión mazdeísta. Debido á represión exercida sobre eles, dende o século VIII, sucesivas vagas migratorias levaron un importante continxente de Guebros á India, sendo coñecidos alí co nome de *Parsi*. Os Banianos, dos que fala Rousseau na seguinte nota ao pé son hindús pertencentes a unha seita brahmánica (N. do T.).

⁷⁹ Os Banianos, que se absteñen de toda carne con máis severidade que os Guebros, case son tan pacíficos coma eles, pero coma a súa moral é menos pura e o seu culto menos razoable, non son persoas tan honestas.

⁸⁰ En edición posterior, Rousseau puntualiza tocante a isto: “Un dos tradutores ingleses deste libro reparou aquí no meu erro e os dous corríxirono. Os carniceiros e os cirurxiáns son recibidos como testemuñas, mais os primeiros non son admitidos como xurados ou pares no xuízo dos crimes, e os segundos si son” (N. do T.).

unha carne lacerada, que crebou cos seus dentes os osos dun animal agonizante, que fixo servir diante del corpos mortos, cadáveres, e enguliu no seu estómago membros que un momento antes meaban, urraban, camiñaban e vían. Como é que a súa man puido afundir un ferro no corazón dun ser sensible? Como é que os seus ollos puideron soportar un crime? Como é que puido ver sangrar, esfolar e fanar un pobre animal sen defensa? Como é que puido soportar o aspecto das carnes palpitantes? Como é que o seu cheiro non lle fixo revolver o corazón? Como é que non se sentiu anoxado, estarecido e presa do horror cando tocou a lorda destas feridas e limpou o sangue negro e callado que as cubría?

*Peles guindadas polo chan, esfoladas,
carnes a urrar ao lume, espetadas;
o home non puido comelas sen tremar
e no seu seo sentiunas el xemer.*

“Velaí o que debeu imaxinar e sentir a primeira vez que sobardou a natureza para facer este horrible xantar, a primeira vez que tivo fame dun bicho vivo, que quixo alimentarse dun animal que aínda pacía, e que dixo como cumpría degolar, esmendrellar e cocer a ovelliña que lambía as súas mans. É daqueles que comezaron estes crueis festíns – e non dos que os abandonan– dos que procede asombrarse. Aínda aqueles primeiros poderían xustificar a súa barbarie con escusas das que a nosa carece e que en faltando vólvennos cen veces máis bárbaros ca eles.

“Mortais benqueridos polos deuses, diríannos aqueles primeiros homes, comparede os tempos, mirade que felices sodes e que miserables eramos nós! A terra recén formada e o aire cargado de vapores aínda eran rebeldes á orde das estacións; o curso inseguro dos ríos degradaba a súas ribeiras por todos os lugares; pozas, corgos e profundas lagoas inundaban as tres cuartas partes da superficie do mundo e o outro cuarto estaba cuberto de bosques e selvas estériles. A terra non producía

ningún froito bo, non tiñamos ningún instrumento de labranza, ignorabamos a arte de realizala e o tempo da colleita nunca chegaba para quen nada sementara. Así, a fame nunca nos abandonaba. De inverno, o musgo e a casca das árbores eran os nosos manxares ordinarios. Algunhas raíces verdes de lesta e de toxo eran para nós unha enchente, e cando os homes daban atopado fabucos, noces ou landras, púñanse a bailar de ledicia de arredor dun carballo ou dunha faia ao son dalgún canto rústico, chamándolle á Terra a súa nutriz e a súa nai; era esa a súa única festa, eran os seus únicos xogos, todo o resto da vida humana non era senón dor, coita e miseria.

“Finalmente, cando a terra esbullada e erma non nos ofrecía xa máis nada, forzados a aldraxar a natureza para nos conservarmos, comemos aos compañeiros da nosa miseria antes de perecermos con eles. Mais vós, homes crueis: quen vos obriga a verter sangue? Mirade que afluencia de bens vos rodea! Cantos froitos vos produce a terra! Que de riquezas vos dan os campos e as viñas! Que de animais vos ofrecen o seu leite para vos alimentar e a súa la para vos vestir! Que máis lles pedides e que rabia vos leva a cometer tantos crimes, fartos de bens e acugulados de víveres? Por que mentides contra a nosa nai acusándoa de non vos poder alimentar? Por que pecades contra Ceres, inventora das santas leis, e contra o gracioso Baco, consolador dos homes como se os dons que eles prodigan non fosen abondo para a conservación do xénero humano? Como sodes quen de mesturar nas vosas mesas osamentas cos doces froitos daqueles e de beber co leite o sangue dos animais que volo dan? As panteras e os leóns, que vós chamades feraxes salvaxes, seguen por forza o seu instinto e matan aos outros animais para vivir. Mais vós, cen veces máis feroces ca eles, combatedes o instinto sen necesidade para vos entregardes ás vosas crueis delicias. Os animais que vós comedes non son os que comen aos outros; vós non comedes eses animais carniceros: imitádelos. Só tedes fame dos animais inocentes e pacíficos que non lle fan mal a

ninguén, que vos collen afecto e que vos serven, e que vós devorades como premio polos seus servizos.

“Ai, criminal contra natura! Se teimas en sosteer que ela te fixo para devorar aos teus semellantes –seres de carne e oso, sensibles e vivos coma ti– afoxa, entón, o horror que ela te inspira por estes espantosos xantares, mata ti mesmo aos animais, quero dicir coas túas propias mans, sen ferramentas nin coitelos, esgázaos coas túas unllas, como fan os leóns e os osos, morde ese boi e esnaquízao, afunde as túas poutas na súa pelica, come viviño ese año, devora as súas carnes aínda quentes, bebe a súa alma co seu sangue. Arrepíaste? Non ousas sentir palpitar baixo o teu dente unha carne viva? Home calamitoso! Comezas por matar ao animal e despois cómelo, como para facelo morrer dúas veces. Non é dabondo: a carne morta aínda te anoxa, e as túas entrañas non o dan soportado: cómpre transformala co lume, fervela, asala, adubala con drogas que a disfracen; cómprenche charcuteiros, cociñeiros, asadores, xente que che tire o horror do crime e che vista uns corpos mortos para que o sentido do gusto, enganado por estes disfraces, non rexeite o que lle é estraño e saboree con pracer cadáveres dos que o propio ollo non daría practicamente soportado o aspecto”.

Aínda que este anaco sexa alleo ao meu asunto, non puider resistir a tentación de transcribilo e creo que poucos lectores han reprocharmo.

Polo demais sexa cal sexa o réxime que lle deades aos rapaces, con tal de que non os afagades senón a manxares comúns e sinxelos, deixádeos comer, correr e mais xogar tanto como lles pete; estade seguros de que non han comer nunca de máis e non terán indigestión ningunha, mais se lles facedes pasar fame a metade do tempo e atopan a maneira de escapar da vosa vixilancia, hanse resarcir con todas as súas forzas, han comer ata anoxar e ata estoupar. O noso apetito unicamente é desmedido porque queremos darlle regras diferentes ás da natureza, sempre regulando, prescribindo, engadindo e recortando. Non

facemos nada sen a balanza na man, mais esta balanza ten a medida das nosas fantasías e non a do noso estómago. Volvo sempre aos meus exemplos: entre os labregos, a artesa e a tulla sempre están abertas, e os rapaces –igual que os homes– non saben o que son as indixestións.

Se acontecera, con todo, que un rapaz comese de máis –o que non creo posible co meu método– é tan doado distraelo con diversións do seu gusto, que se conseguiría esgotalo de inanición sen que se decatase. Como é que uns medios tan seguros e fáciles lles escapan a todos os mestres? Herodoto conta que os Lidios apertados por unha laceira extrema, adicáronse a inventar xogos e outras diversións coas que desviaban a súa fame e pasaban días enteiros sen pensaren en comer⁸¹. Os vosos sabios mestres teñen lido se cadra cen veces ese anaco sen veren a aplicación que se lle pode dar para os rapaces. Algún deles hame dicir se cadra que un rapaz non abandona de bo grado o seu xantar para ir estudar a súa lección. Mestre, tedes razón: non pensaba nesta diversión.

O sentido do olfacto é para o gusto o que o da vista é para o tacto: preveo e advírteo do xeito en que tal ou tal outra substancia vai afectalo, e predispón a procurala ou fuxir dela segundo a impresión que se reciba previamente. Oín dicir que os salvaxes tiñan o olfacto afectado de maneira totalmente distinta á nosa e xulgaban de xeito completamente diferente os bos ou malos olores. Eu poderíao crer perfectamente. Os olores, en por eles, son sensacións febles; abalan máis a imaxinación que o sentido e non afectan tanto polo que dan como polo que fan agardar. Suposto isto, convertidos os gustos duns –debido á súa maneira

⁸¹ Os antigos historiadores están ateigados de visións que se poderían utilizar mesmo se os feitos que as presentan fosen falsos. Pero nós non sabemos tirar verdadeiro partido da Historia; a crítica erudita absorbe todo, coma se importase moito que un feito fose auténtico con tal de que puidésemos tirar del unha instrución útil. Os homes sensatos deben mirar a Historia coma un tecido de fábulas que teñen unha moral moi axeitada para o corazón humano.

de vivir– en tan diferentes dos gustos dos outros, deben provocarlles xuízos ben opostos sobre os sabores, e consecuentemente sobre os olores que os anuncian. Un Tártaro debe ulir con tanto pracer unha coxa cheirenta de cabalo morto como un dos nosos cazadores unha perdiz medio podre.

As nosas sensacións ociosas, como a de nos sentirmos embalsamados polas flores dun xardín, deben ser insensibles para uns homes que camiñan de máis como para gustaren do paseo e que non traballan abondo como para apreciaren a voluptuosidade do repouso. Xente sempre esfameada non daría tirado moito pracer de perfumes que non anuncian nada de comer.

O olfacto é o sentido da imaxinación; ao lle dar aos nervios un ton máis forte debe axitar moito o cerebro, e é por iso polo que momentaneamente anima o temperamento e á longa esgota. El ten no amor efectos ben coñecidos: o maino perfume dun gabinete de enfeites non é un ichó tan feble como se pensa, e eu non sei se cómpre felicitar ou compadecer ao home sabio e pouco sensible a quen o arrecendo das flores que a súa amante leva sobre do seo nunca fixo palpitar.

O olfacto non debe, pois, ser moi activo na primeira idade, na que a imaxinación –animada aínda por poucas paixóns– case non é susceptible de emoción e na que aínda non se ten experiencia suficiente para prever a través dun sentido o que nos promete outro. Tamén esta consecuencia está perfectamente confirmada pola observación, e é seguro que este sentido aínda está obtuso e case atoutelado na maior parte dos rapaces. Non é que a sensación neles non sexa tan fina e se cadra máis que a dos homes, senón que, ao non lle uniren ningunha outra idea, non se conmoven doadamente cun sentimento de pracer ou de coita e non son agarimados nin feridos coma nós por esa sensación. Penso que sen saírmos do mesmo sistema e sen recorrer á anatomía comparada dos dous sexos habiamos atopar doadamente a razón pola que as mulleres en xeral se conmoven máis vivamente que os homes cos olores.

Din que os salvaxes do Canadá tornan dende a súa mocidade o olfacto tan sutil que mesmo que teñan cans non se dignan a utilizalos na caza e eles mesmos fan de cans. Concibo, en efecto, que se afixeramos aos rapaces a ventaren o seu xantar, igual que o can venta a caza, lograríamos se cadra perfeccionarlles o olfacto ata o mesmo punto, mais non vexo, no fondo, que puidésemos tirar deste sentido un uso moi útil, se non é para lles facer coñecer as súas relacións co gusto. A natureza coidouse de nos forzar a nos decatarmos destas relacións. Volveu a acción deste último sentido case inseparable da do outro, colocando próximos os seus órganos e situando na boca unha comunicación inmediata entre os dous, de xeito que non saboreemos nada sen o ulir. Quixera só que non se alterasen estas relacións naturais para enganar a un rapaz, cubrindo, por exemplo, cun aromatizante agradable o saibo dunha medicina; porque a discordancia dos dous sentidos é entón demasiado grande para podela agochar. Ao absorber o sentido máis activo o efecto do outro, o rapaz non deixa de tomar a medicina con menos noxo, e este noxo esténdese a todas as sensacións que o impresionan ao mesmo tempo. Coa presenza da máis feble, a súa imaxinación lémbrale tamén a outra: un perfume moi suave non é xa para el senón un cheiro noxento e así é como as nosas imprudentes precaucións aumentan a suma das sensacións desagradables a expensas das agradables.

Teño aínda que falar nos libros seguintes do cultivo dunha especie de sexto sentido chamado sentido común, menos por ser común a todos os homes que por resultar do uso ben harmonizado dos outros sentidos— e por nos instruír da natureza das cousas a través da achega de todas as súas aparencias. Este sexto sentido non ten, conseguintemente, un órgano particular; non reside senón no cerebro e as súas sensacións, puramente internas, chámanse percepcións ou ideas. É polo número destas ideas como se mide a extensión dos nosos coñecementos: é a súa nitidez e a súa clareza o que provoca a precisión da mente;

é a arte de comparalas entre elas o que chamamos razón humana. Así, o que eu chamaba razón sensitiva ou pueril consiste en formar ideas sinxelas a través da achega de varias sensacións, e o que chamo razón intelectual ou humana consiste en formar ideas complexas a través da achega de varias ideas sinxelas.

Supoñendo, entón, que o meu método sexa o da natureza e que non me teña enganado na aplicación, temos conducido ao noso alumno a través do país das sensacións ata os confíns da razón pueril. O primeiro paso que imos dar a partir de aí debe ser un paso de home. Mais, antes de entrarmos neste novo percorrido, botémoslle un momentíño unha ollada ao que acabamos de percorrer. Cada idade, cada estado da vida ten a súa percepción axeitada, o seu tipo de madurez que lle é propio. Temos con frecuencia oído falar dun home feito, mais consideremos un rapaz feito: este espectáculo ha ser máis novidoso para nós e se cadra non ha ser menos agradable.

A existencia dos seres acabados é tan pobre e tan limitada que, cando non vemos senón o que é, nunca nos conmovemos. Son as quimeras as que adornan os obxectos reais, e se a imaxinación non engade algo de encanto ao que nos impresiona, o estéril pracer que experimentamos limitáase ao órgano e deixa sempre frío o corazón. A Terra, adobiada cos tesouros do outono, amosa unha riqueza que os ollos admiran, mais esta admiración non conmove: procede máis da reflexión que dos sentimentos. Na primavera, o campo case ermo non está aínda cuberto de nada, os bosques non ofrecen sombra ningunha, o verdor non fai senón despuntar, e mais o corazón vese conmovido polo seu aspecto. Ao vemos renacer así a natureza, sentímonos reanimados nós mesmos, a imaxe do pracer envólvenos e esas compañeiras da voluptuosidade, esas doces bágoas sempre dispostas a unirse a todo sentimento delicioso, están xa nas beiras das nosas pálpebras. Mais, por moito que o aspecto da vendima sexa animado, vivo e alegre, sempre o miramos cunha ollada seca.

Por que esta diferenza? E que a imaxinación únelle ao espectáculo da primavera o das estacións que a deben seguir, a estes tenros gomos que o ollo dexerxa ela engádelle as flores, os froitos, as sombras, e ás veces os misterios que poden cubrir. Ela reúne nun só punto tempos que deben sucederse e ve menos os obxectos como han ser que como ela os desexa, porque depende dela escollelos. No outono, pola contra, só podemos ver o que é. Se queremos chegar á primavera, páranos o inverno, e a imaxinación conxelada morre enriba da neve e do orballo.

Tal é a fonte do encanto que atopamos en contemplar unha fermosa infancia preferíndoa á perfección da idade madura. Cando é que saboreamos un verdadeiro pracer en vendo un home? É cando a memoria das súas accións nos fai retroceder na súa vida e, por dicilo así, vólveo mozo para os nosos ollos. Se nos reducimos a consideralo tal como é, ou a supoñelo tal como será na súa vellez, a idea da natureza declinante borra o noso pracer todo. Non existe este cando vemos avanzar un home a paso lixeiro cara á súa tumba, e a imaxe da morte afea todo.

Mais cando me figuro un rapaz de dez ou doce anos, san, vigoroso e ben formado para a súa idade, non me fai nacer unha idea que non sexa agradable, quer polo presente, quer polo porvir: véxoo rebulinte, vivo, animado, sen preocupacións que o roen, sen longa e penosa previsión, enteiriño no seu ser actual e gozando dunha vida plena que semella querer estenderse fóra del. Imaxínoo noutra idade, exercitando o sentido, a mente e as forzas que se desenvolven nel de día en día e das que dá a cada instante novos indicios. Contémplo de rapaz e gústame, imaxínoo de home e gústame aínda máis; o seu sangue ardente semella quentar o meu, coido vivir da súa vida e a súa vivacidade faime mozo.

Soa a hora. Que cambio! No intre os seus ollos enfóscanse, a súa alegría bórrase; adeus á ledicia, adeus aos xogos toleiróns. Un home severo e enfadado cólleo pola man, dille gravemente “*Vamos, señor*” e lévao con el. No cuarto no que entra estou a

albiscar libros. Libros! Que triste mobiliario para a súa idade! O pobre do rapaz déixase conducir, bota unha ollada morriñenta a todo o seu arredor, cala e marcha cos ollos inzados de prantos que non ousa espallar e co corazón pesado por salaios que non ousa exhalar.

“Oh, ti que non tes nada semellante que temer! Ti para quen ningunha época da vida é unha época de molestia e aborrecedemento! Ti que ves chegar o día sen inquedanza, a noite sen impaciencia, e non contas as horas senón a través dos teus praceres! Ven, meu feliz e amable alumno, consolarnos coa túa presenza da marcha dese infortunado! Ven!...”. El chega e sento cando se aproxima un movemento de ledicia que lle vexo compartir. É co seu amigo, co seu camarada, co seu compañeiro de xogos con quen se reúne. Está ben seguro, ao me ver, de que non ha permanecer moito tempo sen diversións. Nós non dependemos nunca un do outro, mais sempre nos harmonizamos e non estamos con ninguén tan ben como xuntos.

A súa figura, o seu porte e a súa actitude anuncian seguridade e contento; a saúde brilla no seu rostro; os seus pasos firmes danlle un aire de vigor; a súa tez, aínda delicada sen ser insulsa, non ten nada dunha moleza efeminada; o aire e máis o sol deixaron xa nela a pegada honorable do seu sexo; os seus músculos, aínda redondeados, comezan a marcar algúns trazos dunha fisionomía nacente; os seus ollos, que o lume do sentimento aínda non anima, teñen cando menos toda a súa serenidade nativa⁸². Non os escureceron longas coitas e non labraron as súas meixelas prantos sen fin. Ollade nos seus movementos, rápidos pero seguros, a viveza da súa idade, a firmeza da independencia e a experiencia dos exercicios multiplicados. Ten un aire aberto e libre, mais non insolente nin fachendoso: o seu rostro, que

⁸² Rousseau pon nesta palabra unha nota na que explica o seu uso, pois emprégaa nunha acepción nova en francés, tomándoa do italiano *natio/natia* (“innato/a, natural”). A nota di así: “Emprego esta palabra nunha acepción italiana, a falta de atopar un sinónimo en francés. Se fago mal importa pouco, con tal de que se me entenda” (N. do T.).

non pegaron aos libros, non cae enriba do seu estómago; non é preciso dicirlle “*Levántade a cabeza*” porque nin a vergoña nin o medo fixeron que a baixase nunca.

Fagámoslle sitio no medio da xuntanza. Señores, examinádeo e interrogádeo con toda confianza, non temades as súas importunidades nin a súa lería nin as súas preguntas indiscretas. Non teñades medo de que se apodere de vós, de que pretenda que vos ocupedes del só e que xa non poidades desfacervos del.

Non agardedes tampouco del agradable parola nin que vos diga o que eu lle teña ditado; non esperedes senón a verdade inxenua e sinxela sen ornato, sen preparo e sen vaidade. El havos dicir o mal que fixo ou o mal que pensa tan libremente coma o ben, sen se embarazar de xeito ningún polo efecto que sobre vós vai facer o que dixo; ha utilizar a palabra con toda a sinxeleza da súa primeira institución.

Gústanos augurarlles un bo futuro aos rapaces e sempre produce mágoa ese regueiro de parvadas que case sempre ven derrubar as esperanzas que quixeramos tirar dalgún feliz achado que por casualidade lles cae na lingua. Se o meu raramente provoca tales esperanzas, nunca producirá esa mágoa, porque nunca di unha palabra inútil e non se esgota nunha pibela que sabe que non escoitan. As súas ideas son limitadas pero nidias. Se non sabe nada de chapatoria, sabe moito por experiencia. Se le peor que outro rapaz nos nosos libros, le mellor no da natureza. A súa intelixencia non está na súa lingua senón na súa cabeza. Ten menos memoria que xuízo. Non sabe falar mais que unha lingua pero entende o que el di. E se non expresa tan ben o que outros expresan, pola contra, fai as cousas mellor que o que as fan eles.

Non sabe o que é a rutina, o costume e o hábito; o que fixo onte non inflúe nada no que fai hoxe⁸³: nunca segue fórmulas e

⁸³ A atracción do hábito procede da preguiza natural do home, e esta preguiza aumenta entregándose a ela: faise máis doadamente o que xa se fixo; ao estar aberto o camiño vólvese máis fácil de seguir. Tamén podemos reparar en que o poder do hábito é moi grande sobre os vellos e as xentes indolentes e moi pequeno sobre a mocidade e as xentes vivas.

non cede diante da autoridade nin do exemplo, e non actúa nin fala senón como lle convén. Así, non agardedes del discursos ditados nin maneiras estudiadas, senón sempre a expresión fiel das súas ideas e a conduta que nace das súas inclinacións.

Atopádeslle un feixiño de leccións morais tocante ao seu estado actual e ningunha sobre o estado relativo dos homes? E de que lle habían servir, dado que un rapaz non é aínda un membro activo da sociedade? Faládelle de liberdade, de propiedade e mesmo de convención, os seus coñecementos poden chegar a iso; sabe a causa pola cal o que é seu é seu, e a causa pola cal o que non é seu non é seu; alén diso, non sabe máis nada. Faládelle de deber e de obediencia e non saberá o que queredes dicir; ordenádelle algunha cousa e non vos ha entender, mais dicídlle: “Se me fixédes tal favor, habíavolo volver no seu momento”. Ao socato el hase apurar en vos compracer, porque non pide outra cousa senón estender o seu territorio e adquirir sobre vós dereitos que sabe inviolables. Se cadra non se enfada por ocupar un lugar, por facer número e ser contado coma unha cousa, mais se ten este último motivo, velaí está fóra xa da natureza; vós non pechastes ben previamente todos os portelos da vaidade.

Pola súa banda, se precisa algunha axuda, halla pedir indiferentemente ao primeiro que atope, pediríalla igual ao rei que ao seu lacai: todos os homes son aínda iguais ante os seus ollos. Vós vedes, na maneira coa que pide, que sente que non lle deben nada; sabe que o que pide é unha mercé. Sabe tamén que a humanidade inclina a concedela. As súas expresións son sinxelas e lacónicas. A súa voz, o seu ollar e os seus acenos son os dun ser afeito por igual á condescendencia e a negativa. Non é nin a rastreira e servil submisión dun escravo nin o imperioso

Este réxime só é bo para as almas febles e enfebléceas máis de día en día. O único hábito útil para os rapaces é suxeitárense sen coita á necesidade das cousas, e o único costume útil para os homes é suxeitárense sen coita á razón. Calquera outro hábito é un vicio.

acento dun amo: é unha modesta confianza no seu semellante, a nobre e conmovedora dozura dun ser libre, pero sensible e feble, a que implora a axuda doutro ser libre, pero forte e benefactor. Se lle concededes o que vos pide, non vos ha dar as grazas, mais ha sentir que acaba de contraer unha débeda. Se llo denegades non se ha queixar, non ha insistir, sabe que sería inútil. Non ha dicir: “Negáronmo” senón “Non podía ser”. E, como xa dixen, un practicamente non se rebela contra a necesidade ben recoñecida.

Deixádeo só en liberdade, mirádeo actuar sen lle dicir nada; considerade o que faga e como o faga. Ao non ter necesidade de probarse que é libre nunca fai nada por tolería, só para facer un acto de poder sobre el mesmo. Seica non sabe que é sempre dono de si? Está alerta, lixeiro e rebulinte; os seus movementos teñen toda a viveza da súa idade e mais non vedes ningún que non teña unha finalidade. Sexa o que queira facer, nunca ha emprender nada que estea por riba das súas forzas, pois experimentounas ben e coñéceas. Os seus medios son sempre axeitados para os seus propósitos e rara vez actuará sen estar seguro do éxito. Ha ter o ollar atento e asisado, non ha ir interrogando parvamente aos outros sobre todo o que ve senón que ha examinalo en por el e hase cansar para atopar o que quere aprender antes de preguntalo. Se cae en dificultades imprevistas hase turbar menos que calquera outro e se hai perigo hase asustar tamén menos. Como a súa imaxinación aínda permanece inactiva e non fixemos nada para animala, non ve senón o que é, non estima os perigos senón no que valen e conserva sempre o seu sangue frío. A necesidade pesa a miúdo demasiado enriba súa como para que se arrepoña contra ela. Leva esa canga dende que naceu e está moi afeito. Sempre está disposto a todo.

Ocupándose ou divertíndose, unha cousa e mais outra son iguais para el: os seus xogos son as súas ocupacións, non sinte diferenza ningunha. Pon en todo o que fai un interese que o fai rir e unha liberdade que agrada, amosando a un tempo o feitío da

súa intelixencia e a esfera dos seus coñecementos. Seica o espectáculo desta idade non é un espectáculo doce e encantador: ver un fermoso rapaz, de ollar vivo e alegre, aire contento e sereno, fisionomía aberta e souril, facer divertíndose as cousas máis serias, ou profundamente ocupado nas máis frívolas distraccións?

Queredes agora xulgalo a través da comparanza? Mesturádeo con outros rapaces e deixádeo actuar. Habedes ver ben axiña cal está máis formado de certo, cal se aproxima máis á perfección da súa idade. Entre os rapaces da cidade, ningún é máis hábil ca el, pero el é máis forte ca ningún outro. Entre rapaces labregos, el iguálos en forza e ultrapásaos en destreza. En todo o que está á altura da infancia, el xulga, razoa e prevé mellor ca todos eles. Seica é cuestión de bulir, correr, saltar, abalar corpos, desprazar masas, calcular distancias, inventar xogos e levar premios? Diríase que a natureza está ás súas ordes, de tan doadamente que el sabe pregar aos seus desexos todas as cousas. Está feito para guiar e para gobernar aos seus iguais: o talento e a experiencia substitúen nel o dereito e a autoridade. Dádelle o uniforme e o nome que vos pete, pouco importa, el ha ter a primacía en todas partes, en todas partes hase facer o xefe dos outros. Eles sentirán sempre a súa superioridade. Sen querer mandar, el será o xefe. Sen coidaren obedecer, eles han obedecer.

Chegou á madurez da infancia, viviu a vida dun rapaz; non obtivo a súa perfección a expensas da súa felicidade: polo contrario, unha complementou á outra. Ao adquirir todo o razoamento da súa idade foi todo o feliz e libre que a súa constitución lle permitía selo. Se a fatal gadaña ven segar nel a flor das nosas esperanzas non teremos que chorar a un tempo a súa vida e a súa morte, non habemos agrear as nosas dores coa lembranza das que lle teñamos causado. Habémonos dicir: “Cando menos, gozou da súa infancia, non lle fixemos perder nada do que a natureza lle dera”.

O gran inconveniente desta primeira educación é que só é sensible para os homes clarividentes e que nun rapaz educado

con tanto coidado uns ollos vulgares non ven senón un rillote. Un preceptor pensa no seu interese máis que no do seu discípulo; afánase en probar que non perde o seu tempo e que gaña ben o diñeiro que lle dan; faille adquirir coñecementos de fácil exhibición que se poidan amosar cando un quere; non importa que o que lle aprenda sexa útil con tal de que se vexa doadamente. Acumula, sen escolla e sen discernimento, cen cachafulladas na súa memoria. Cando se trata de examinar ao rapaz, fáiselle despregar a súa mercadoría; el exhibea e todos contentos; despois recolle as súas alforxas e marcha. O meu alumno non é tan rico, non ten alforxas que despregar, non ten nada que amosar non sendo el mesmo. Ora ben, nin un rapaz nin un home se recoñecen nun momento. Onde están os observadores que saiban captar nun golpe de vista os trazos que os caracterizan? Hainos, pero pouquiños, e en cen mil pais non habiamos dar atopado un dese número. As preguntas multiplicadas de máis anoxan e repelen a todo o mundo, para canto máis aos rapaces. Ao cabo duns minutos a súa atención cánsase, xa non escoitan o que un testudo interrogador lles pregunta e só responden ao chou. Esta maneira de examinalos é va e pedantesca; moitas veces unha palabra collida no aire debuxa mellor o seu sentido e a súa intelixencia do que poderían facer longos discursos, mais cómpre ter conta de que esta palabra non sexa nin ditada nin fortuíta. Cómpre ter moito xuízo un mesmo para apreciar o dun rapaz.

Téñolle oído contar ao finado de milord Hyde que un dos seus amigos, ao volver de Italia despois de tres anos de ausencia, quixo examinar os progresos do seu fillo que tiña uns nove ou dez anos. Van unha tarde pasear co seu aio a unha chaira na que uns escolares se divertían en facer voar papaventos. O pai, ao pasar, dille ao seu fillo: “*Onde está o papaventos do que vemos a sombra?*”. Sen dubidar, sen levantar a cabeza, o rapaz di: “*Sobre o camiño real*”. “*E efectivamente, –engadía milord Hyde– o camiño real estaba entre o sol e mais nós.*” O pai, tras aquela resposta, abraza ao seu fillo e, acabando aí o seu exame,

marcha sen dicir nada. No día seguinte envioulle ao aio a concesión dunha pensión vitalicia ademais da súa paga.

Que home, aquel pai! E que fillo lle estaba destinado⁸⁴! A pregunta é precisamente da súa idade e a resposta é ben sinxela, mais reparade en canta nitidez de xuízo infantil supón! É así como o alumno de Aristóteles domaba aquel célebre corcel que ningún escudeiro dera domado.

LIBRO TERCEIRO

Aínda que ata a adolescencia todo o decurso da vida é un tempo de febleza, existe un punto, dentro da duración desta primeira idade no que –ao exceder o progreso das forzas ao das necesidades– o animal que medra, aínda absolutamente feble, vólvese comparativamente forte. Ao non estar totalmente desenvolvidas todas as súas necesidades, as súas forzas actuais son máis que suficientes para afrontalas. Como home el sería moi feble, como rapaz é moi forte.

De onde ven a febleza do home? Da desigualdade que se atopa entre a súa forza e os seus desexos. Son as nosas paixóns as que nos enfeblecen, porque cumprirían para satisfacelas máis forzas das que nos deu a natureza. Diminuíde, daquela, os desexos e é como se aumentásedes as forzas. O que pode máis do que desexa tenas de sobra; é de certo un ser moi forte. Velaí o terceiro estado da infancia, aquel do que agora vou falar. Sigo a lle chamar infancia a falta dun termo propio que o exprese, porque esta idade está próxima á adolescencia sen ser aínda a da puberdade.

Aos doce ou trece anos as forzas do rapaz desenvólvense moito máis rapidamente que as súas necesidades. A máis violenta, a máis terrible, aínda non se fixo sentir nel; o mesmo órgano

⁸⁴ O pai, amigo de milord Hyde, é o mariscal de Belle-Île, e o fillo é Louis-Marie Fouquet, conde de Gisors, ao que Rousseau alude no libro V (v. nota 200) (N. do T.).

permanece na imperfección e, para saír dela, semella esperar que a súa vontade o force. Pouco sensible ás agresións do aire e das estacións, a súa nacente calor faille de vestido e o seu apetito faille de adubo; todo o que pode nutrir é bo para a súa idade. Se ten sono, téndese no chan e durme. Vese rodeado por todas partes de todo o que necesita, ningunha necesidade imaxinaria o atormenta e a opinión non pode nada sobre del. Os seus desexos non van máis lonxe que os seus brazos: non só pode ser suficiente para si mesmo senón que ten máis forza da que precisa. É a única época da súa vida na que se verá nesta situación.

Presinto a obxección. Non han dicir que o rapaz ten máis necesidades das que eu lle concedo, mais han negar que teña a forza que lle atribúo. Esquecerase que estou a falar do meu alumno, non deses monecos ambulantes que viaxan dun cuarto a outro, que aran nunha caixa e levan fardos de cartón. Hanme dicir que a forza viril só se manifesta coa virilidade, que só os espíritos vitais –elaborados nos vasos sanguíneos axeitados, e espallados por todo o corpo– poden darlles aos músculos a consistencia, a actividade, o ton e o pulo dos que resulta unha verdadeira forza. Velaí a filosofía de gabinete, pero eu apelo á experiencia. Vexo nos nosos campos rapazotes que labran, biman, levan o arado, cargan cun pipo de viño e guían o carro igualiño que seu pai. Tomariámolos por homes se o son da súa voz non os traizoasen. Nas nosas propias cidades hai mozos obreiros, ferreiros, caldeireiros e ferradores case tan robustos coma os seus mestres, e non serían moito menos hábiles se os tivesen exercitado a tempo. Se existe diferenza, e concordo en que existe, é moito menor –repítoo– que a que hai entre os desexos fogosos dun home e os desexos limitados dun rapaz. Por outra banda, aquí non é só cousa de forza física, senón sobre todo da forza e capacidade da mente que a suple ou a dirixe.

Este intervalo no que o individuo pode máis do que desexa, aínda que non sexa o momento da súa maior forza absoluta, é –como xa dixeran– o da súa maior forza relativa. É o momento máis

precioso da vida, momento que chega só unha vez; momento moi corto, e canto máis corto –como veremos a continuación– máis lle interesa a el utilízalo ben.

Que ha facer, daquela, con este excedente de facultades e de forzas que ten de máis agora e que lle ha faltar noutra idade? Ha tratar de utilízalo en coidados que lle poidan aproveitar cando sexa necesario; ha proxectar, por dicilo así, no porvir o que é superfluo no seu ser actual. O rapaz robusto ha cargar provisións para o home feble, mais non as ha gardar en arcas que lle poden roubar nin en palleiras que lle son estrañas. Para se apoderar verdadeiramente do que adquiriu hao almacenar nos seus brazos, na súa cabeza, nel mesmo. Velaí o momento dos traballos, das instrucións e dos estudos, e reparade en que non son eu o que fago arbitrariamente esta escolla: é a propia natureza a que o indica.

A intelixencia humana ten os seus límites, e non só un home non pode saber todo senón que non pode mesmo saber enteira-mente o pouco que saben os outros homes xuntos. Dado que a contradictoria de cada posición falsa é unha verdade, o número das verdades é inesgotable igual que o dos erros. Hai, daquela, unha escolla nas cousas que se deben ensinar así como no momento axeitado para aprendelas. Dos coñecementos que están ao noso alcance, uns son falsos, outros son inútiles e outros serven para alimentar o orgullo de quen os ten. Só a pequena cantidade dos que contribúen realmente ao noso benestar é digna das procuras dun home sabio, e, en consecuencia, dun rapaz que nós queremos facer sabio. Non se trata de saber o que existe, senón só o que é útil.

Desa pequena cantidade cómpre aínda restar as verdades que piden, para seren comprendidas, un entendemento xa totalmente formado, e as que supoñen o coñecemento das relacións do home –que un rapaz non pode adquirir– e mais as que, sendo certas en si mesmas, predispoñen a unha alma inexperta a pensar falsamente sobre outros asuntos.

Velaí estamos reducidos a un círculo ben pequeniño en relación coa existencia das cousas, mais este círculo forma aínda unha esfera inmensa para a medida da mente dun rapaz! Tebras do entendemento humano: que man temeraria ousou tocar o voso veo? Cantos abismos vexo escavar polas nosas finchadas ciencias arredor deste infortunado mociño! Ti, que o vas guiar por eses perigosos sendeiros e vas correr o pano sagrado da natureza diante dos seus ollos, treme! Asegúrate ben, primeiro, da súa cabeza e da túa: teme que esta non lle dea voltas a un ou a outro, e se cadra aos dous. Teme a atracción especiosa da mentira e os vapores embebedantes do orgullo. Lembra, lembra sen cesar que a ignorancia nunca fai dano, que só o erro é funesto e que un non se desvía polo que non sabe senón polo que cre saber.

Os seus progresos na xeometría poderíanvos servir como proba e medida certa do desenvolvemento da súa intelixencia. Mais tan axiña como dá discernido o que é útil e o que non o é, é importante utilizar moito tino e moita arte para conducilo aos estudos especulativos. Queredes, por exemplo, que busque unha media proporcional entre dúas liñas? Comezade por facer de xeito que precise atopar un cadrado igual a un rectángulo dado; se se tratase de dúas medias proporcionais cumpriría primeiro facerlle interesante o problema da duplicación do cubo, etc. Mirade como nos imos achegando gradualmente ás nocións morais que distinguen o ben e o mal. Ata aquí non levamos coñecido outra lei senón a da necesidade, agora temos que considerar o que é útil; axiña habemos chegar ao que é conveniente e bo.

O mesmo instinto anima as diversas facultades do home. Á actividade do corpo, que trata de desenvolverse, sucédelle a actividade da mente, que trata de instruírse. Ao primeiro, os rapaces son unicamente bulideiros, despois son curiosos e esta curiosidade ben dirixida é o móbil da idade á que agora chegamos. Distingamos sempre as inclinacións que proceden

da natureza das que proceden da opinión. Existe un ardor por saber, que non está fundado máis que sobre o desexo de ser considerado sabio; existe outro que nace da curiosidade natural do home por todo aquilo que pode interesarlle, perto ou lonxe. O desexo innato do benestar e a imposibilidade de contentar plenamente este desexo fan que procure sen cesar novos medios de contribuír a el. Tal é o primeiro principio da curiosidade, principio natural do corazón humano, mais que se desenvolve só en proporción ás nosas paixóns e ás nosas luces. Supoñede a un filósofo relegado nunha illa deserta, con instrumentos e libros, e seguro de pasar nela illado o resto dos seus días. Xa practicamente non se ha preocupar do sistema do mundo, das leis da atracción e do cálculo diferencial. Se cadra non ha abrir un só libro na súa vida, mais non ha deixar de visitar nunca a illa ata o derradeiro recuncho, por grande que ela sexa. Rexeitemos, daquela, outra vez, dos nosos primeiros estudos os coñecementos que non teñen un gusto natural no home e limitémonos a aqueles que o instinto nos leva a buscar.

A illa do xénero humano é a Terra, e o obxecto máis impresionante para os nosos ollos é o Sol. Tan axiña como comezamos a nos afastar de nós, as nosas primeiras observacións deben bater sobre unha ou outro. Tamén a filosofía de case todos os pobos salvaxes se basea unicamente sobre imaxinarias divisións da Terra e sobre a divindade do Sol.

“Que desvío!” –han dicir se cadra. “Hai pouquiño só estábamos ocupados no que nos atinxe, no que nos rodea inmediatamente; de súpeto velaí estamos percorrendo o globo e saltando aos extremos do Universo!”. Este desvío é produto do progreso das nosas forzas e da pendente do noso espírito. No estado de debilidade e insuficiencia, a preocupación de nos conservarmos fai que nos concentremos no interior de nós mesmos. No estado de potencia e de forza, o desexo de estender o noso ser lévanos máis alá e fai que nos lancemos tan lonxe como nos é posible, mais, como o mundo intelectual aínda nos é descoñecido, o noso

pensamento non vai máis lonxe que os nosos ollos e o noso entendemento unicamente se estende ao espazo que dá medido.

Transformemos as nosas sensacións en ideas, mais non saltemos de súpeto dos obxectos sensibles aos obxectos intelectuais. É a través dos primeiros como debemos chegar aos outros. Nas primeiras operacións da mente, que sempre a guíen os sentidos: ningún outro libro senón o mundo, ningunha outra instrución senón os feitos. O rapaz que le non pensa, só le; non se instrúe, aprende palabras.

Volvede ao voso alumno atento aos fenómenos da natureza, axiña o habedes volver curioso. Mais para alimentar a súa curiosidade non vos apresuredes endexamais en satisfacela, poñede as preguntas á súa altura e deixade que el as resolva. Que non saiba cousa ningunha porque vós lla teñades dito senón porque el a entendeu: que non aprenda a ciencia, que a invente. Se algunha vez substituídes da súa mente a razón pola autoridade el xa non ha razoar máis; só ha ser o xoguete da opinión dos demais.

Querédeslle aprender a xeografía a este rapaz e ídeslle buscar globos, esferas e mapas. Que de maquinaria! Por que todas esas representacións? Non é mellor comezar por lle amosardes o propio obxecto co fin de que saiba cando menos de que falades?

Un bo serán ides de paseo a un lugar favorable no que o horizonte ben descuberto deixa ver totalmente o sol que se está a deitar e se observan os obxectos que fan recoñecible o lugar do solpor. No día seguinte, para respirar o aire fresco, volvedes ao mesmo lugar antes de que o sol se erga. Este anúnciase ao lonxe con dardos de lume que lanza diante súa. O incendio aumenta, todo o oriente aparece en chamas. Polo seu fulgor esperades durante moito tempo o astro antes de que se amose. A cada momento credes velo aparecer. Vese por fin. Un punto brillante sae disparado coma un lóstrego e enche ao socato todo o espazo. O veo das tebras bórrase e cae. O home recoñece o lugar da súa estadía e atópao máis fermoso. A vexetación colleu

durante a noite un novo vigor; o nacente día que a ilumina, as primeiras raiolas que a douran, amósana cuberta por unha brillante rede de rosada que reflite no ollo a luz e as cores. Os paxaros, en coro, reúnen e saúdan en concerto ao pai da vida; neste momento nin un só deles cala; o seu rechouchío, feble aínda, é máis lento e máis doce que durante o resto da xornada, reséntese da languidez dun apacible espertar. A concorrencia de todos estes obxectos leva aos sentidos unha impresión de frescura que semella penetrar na alma. Ten lugar unha media hora de encanto ao que ningún home resiste. Un espectáculo tan grande, tan belido e tan delicioso non deixa a ninguén co sangue frío.

Cheo do entusiasmo que experimenta, o mestre quere comunicarllo ao rapaz: cre conmovelo volvéndoo atento ás sensacións que o conmovieron a el. Pura parvada! É no corazón do home onde está a vida do espectáculo da natureza; para velo cómpre sentilo. O rapaz dexerga os obxectos mais non pode dexergar as relacións que os unen, non pode entender a doce harmonía do seu concerto. Cómpre unha experiencia que non adquiriu e cómpren sentimentos que non experimentou para sentir a impresión complexa que resulta á vez de todas estas sensacións. Se endexamais percorreu durante longo tempo áridas chairas, se non queimaron os seus pés ardentes areas, se endexamais o oprimiu a reverberación sufocante dos penedos golpeados polo sol: como é que ha saborear o aire fresco dun fermoso mencer? Como han engaiolar os seus sentidos o perfume das flores, o encanto da vexetación, o húmido vapor da rosada e o camiñar mol e dondo sobre a herba? Como lle ha causar unha emoción voluptuosa o canto dos paxaros se os acentos do amor e do pracer lle son aínda descoñecidos? Con que enlevo ha ver nacer unha xornada tan fermosa se a súa imaxinación non sabe pintarlle aquel co que pode enchela? Finalmente: como se ha conmovertel coa fermosura do espectáculo da natureza se ignora a man que tomou o coidado de ornala?

Non lle dirixades ao rapaz discursos que non dá entendido. Nada de descrições, nada de elocuencia, nada de figuras, nada de poesía. Non é cuestión agora de sentimento nin de busca. Seguíde sendo claro, sinxelo e frío. Xa chegará o tempo –e demasiado axiña– de utilizar outra linguaxe.

Educado no espírito dos nosos preceptos, afeito a tirar todas as súas ferramentas del mesmo e a non recorrer nunca a outro senón despois de ter recoñecido a súa insuficiencia, cada obxecto novo que el ve examínoo demoradamente sen dicir nada. É pensativo e non interrogador. Contentádevos con lle presentar axeitadamente os obxectos; logo, cando vexades a súa curiosidade ocupada dabondo, facédelle algunha pregunta lacónica que o poña no camiño de resolvela.

Nesta ocasión, despois de terdes contemplado ben con el o sol ao se erguer, despois de lle terdes feito observar pola mesma banda os montes e os outros obxectos veciños, despois de lle terdes deixado parolar sobre iso ao seu enteiro gusto, gardade algúns minutos de silencio coma un home que soña, e dicídlle despois: “Estou matinando en que onte polo serán o sol deitouse aí e esta mañá ergueuse alá. Como é posible?”. Non engadades mais nada: se vos fai preguntas, non respondades, falade doutra cousa. Deixádeo con el mesmo e estade seguro de que ha pensar no asunto.

Para que un rapaz se habitúe a ser atento e para que unha verdade sensible o impresione, cómpre que esta lle provoque algúns días de inquedanza antes de descubri-la. Se non a dá comprendido deste xeito, hai un medio de lla facer aínda máis sensible, e este medio é darlle a volta á pregunta. Se non sabe como o sol se despraza do solpor ao mencer, cando menos sabe como se despraza do mencer ao solpor, só os seus ollos llo aprenden. Iluminade, pois, a primeira pregunta con outra e, ou ben o voso alumno é absolutamente estúpido ou ben a analoxía é demasiado clara como para lle poder escapar. Velaí a súa primeira lección de cosmografía.

Como sempre progresamos devagariño, de idea sensible en idea sensible, como nos familiarizamos moito tempo coa mesma antes de pasar a outra, e, finalmente, como non forzamos nunca ao noso alumno a estar atento, hai moita distancia entre esta primeira lección e o coñecemento do curso do sol e da figura da Terra. Mais como todos os movementos aparentes dos corpos celestes derivan do mesmo principio e como a primeira observación conduce ás demais, é preciso menos esforzo –aínda que sexa preciso máis tempo– para chegar dende unha revolución diúrna ata o cálculo dos eclipses que para dar entendido ben o día e a noite.

Dado que o sol xira arredor do mundo, describe un círculo; e todo círculo debe ter un centro, xa sabemos iso. Este centro non se podería ver porque está no corazón da Terra, mais pódese sobre a superficie marcar dous puntos que lle corresponden. Un espeto que pase polos tres puntos e se prolongue ata o ceo nunha e mais noutra dirección será o eixo do mundo e do movemento diario do sol. Un bailarete que xira sobre o seu aguzo representa o ceo que dá voltas sobre o seu eixo; as dúas puntas do aguzo do bailarete son os dous polos: o rapaz terá moito gusto en coñecer un, amósollo no rabo da Osa Menor. Velaí unha diversión para a noite. Pouco a pouco familiarizámonos coas estrelas, e de aí nace o primeiro gusto por coñecer os planetas e observar as constelacións.

Vimos erguerse o sol polo San Xoán, imos velo tamén erguerse polo Nadal ou algún outro día bo do inverno, porque xa se sabe que non somos preguiceiros e que para nós é un xogo desafiarnos o frío. Teño coidado en facer esta segunda observación no mesmo lugar no que fixemos a primeira, e por medio dalgunha trécola para preparar a consideración algún de nós non deixará de exclamar: “Ei! Ei! Que cousa máis divertida! O sol xa non se ergue no mesmo sitio! As nosas vellas informacións sinalano aquí e arestora ergueuse aí, etc... Daquela hai un oriente de verán e outro de inverno, etc....”. Mestre mozo,

estades no bo camiño. Estes exemplos débenvos abondar para ensinar moi claramente a esfera, tomando o mundo polo mundo e o sol polo sol.

En xeral, non substitúades nunca a cousa polo signo senón cando vos é imposible amosala, porque o signo absorbe a atención do rapaz e lle fai esquecer a cousa representada.

A esfera armilar paréceme unha máquina mal composta e executada con malas proporcións. Esta confusión de círculos e as estrañas figuras que neles se marcan confírenlle un aspecto de grimorio que estarrece a mente dos rapaces. A Terra é demasiado pequena, os círculos demasiado grandes e demasiado numerosos; algúns, como os coluros, son completamente inútiles; cada círculo é máis ancho que a Terra; a espesura do cartón dálle un aire de solidez que os fai tomar por masas circulares realmente existentes, e cando vós lle dicides ao rapaz que estes círculos son imaxinarios, el non sabe o que ve: non entende máis nada.

Nunca sabemos poñernos no lugar dos rapaces; non entramos nas súas ideas e prestámoslles as nosas. E, seguindo sempre os nosos propios razoamentos, con cadeas de verdades só amreamos extravagancias e erros na súa cabeza.

Discútese sobre se escoller a análise ou a síntese para estudar as ciencias e non sempre é preciso escoller. Por veces pódese resolver e compaxinalas nas mesmas investigacións, e guiar ao rapaz polo método de lle ensinar cando el cre só analizar. Daquela, empregando ao tempo unha e máis outra, elas sérvense mutuamente de proba. Partindo á vez de dous puntos opostos, sen pensar facer o mesmo camiño, el veráse moi sorprendido ao confluír, e esta sorpresa só podería ser moi agradable. Quixera, por exemplo, tomar a xeografía polos seus dous termos e unir o estudio das revolucións do globo coa medida das súas partes, comezando polo lugar no que se vive. Mentres que o rapaz estudia a esfera e se despraza así polos ceos, volvédeo á división da Terra e amosádelle primeiramente o seu propio lugar de residencia.

Os seus dous primeiros puntos de xeografía han ser a cidade onde el mora e a casa de campo de seu pai, despois os lugares intermedios, despois os ríos da veciñanza e finalmente a posición do sol e a maneira de se orientar. Aquí está o punto de confluencia. Que el mesmo faga o mapa de todo iso, un mapa moi sinxelo e formado ao primeiro por dous únicos obxectos, aos que vai engadindo pouco a pouco os outros a medida que sabe ou calcula a súa distancia e a súa posición. Xa vedes que vantaxe lle procuramos de antemán ao lle poñermos un compás nos ollos.

Malia a iso, sen dúbida, cumprirá guialo un pouco, pero moi pouquiño, sen que o pareza. Se se engana, deixádelle facer, non corrixades os seus erros, esperade en silencio a que estea en condicións de velos e de corrixilos el mesmo ou, todo o mais, nunha ocasión favorable dispoñede algunha operación que llos faga sentir. Se nunca se enganase non daría aprendido tan ben. Polo demais, non se trata de que coñeza exactamente a topografía do país senón o medio de se instruír a través dela. Pouco importa que teña ou non mapas na cabeza con tal de que comprenda ben o que eles representan e teña unha idea clara da arte que serve para representalos. Xa vedes a diferenza que hai entre o saber dos vosos alumnos e a ignorancia do meu! Eles coñecen os mapas e el fainos. Velaquí novos adornos para o seu cuarto.

Lembrede sempre que o espírito da miña institución non é ensinarlle ao rapaz moitas cousas senón non deixar nunca entrar no seu cerebro mais que ideas correctas e claras. Mesmo se non soubese nada, impórtame pouco con tal de que non se engane. E só meto verdades na súa cabeza para protexelo dos erros que aprendería no lugar delas. A razón e o xuízo veñen paseniñamente, os prexuízos acoden en masa: é destes dos que cómpre preservalo. Mais se contemplades a ciencia nela mesma, entrades nun mar sen fondo e sen ribeiras, todo cheo de escollos e endexamais habedes saír del. Cando vexo un home namorado

dos coñecementos deixarse seducir polo encanto destes e correr dun a outro sen saber pararse, coído ver un rapaz na beiriña a recoller cunchas, comezando por se encargarse delas e logo, tentado polas que aínda está a ver, rexeitando algunhas e collendo outras ata que, afundido pola súa multitude e sen saber o que escoller, remata por tirar con todo e regresa de baleiro.

Durante a primeira idade o tempo era longo: só procurabamos perdelo por medo a empregalo mal. Agora é todo o contrario e non temos tempo abondo para facer todo o que sería útil. Pensade en que as paixóns se están achegando e que moi axiña han petar á porta: o noso alumno só ha ter atención para elas. A idade tranquila da intelixencia é tan corta, pasa tan rapidamente e ten tantos outros usos necesarios que é unha tolemia pretender que sexa suficiente para facer sabio a un rapaz. Non se trata de lle ensinar as ciencias senón de lle inculcar o gusto por elas e os métodos para a súa aprendizaxe cando este gusto estea mellor desenvolvido. Este é, con toda certeza, un principio fundamental de toda boa educación.

Velaí o momento de habitualo pouco a pouco a lle prestar unha atención seguida ao mesmo obxecto. Mais nunca é a coerción senón sempre o pracer ou o desexo quen debe producir esta atención. Cómpre ter moito coidado de que non o acabe estragando e chegue ata o aborrecemento. Mantede, pois, sempre o ollo vixiante e –aconteza o que aconteza– abandonade todo antes de que el se aburra, porque nunca importa tanto que el aprenda como que non faga nada a contragusto.

Se el vos fai preguntas, responde tantas como sexan necesarias para alimentar a súa curiosidade, non para fartala. Sobre todo cando vedes que en lugar de preguntar para se instruír el se pon a andar de cacho para cabazo e a vos abourar con preguntas parvas. Parade ao socato, seguro de que entón el xa non se está preocupando pola cousa senón por vos aferrollar coas súas preguntas. Cómpre prestarlle menos atención ás palabras pronunciadas que ao motivo que o fai falar. Esta advertencia –

ata agora menos necesaria— toma unha importancia extrema tan axiña como o rapaz comeza a razoar.

Existe unha cadea de verdades xerais a través da cal todas as ciencias repousan en principios comúns e se desenvolven sucesivamente: esta cadea é o método dos filósofos. Non é dela da que tratamos aquí. Existe outra completamente diferente, a través da cal cada obxecto particular atrae outro e amosa sempre o que o segue. Esta orde, que alimenta a través dunha curiosidade continua a atención que esixen todos, é a que seguen a maioría dos homes, e sobre todo a que precisan os rapaces. Orientándonos para confeccionar as nosas cartas foi preciso trazar meridianos. Dous puntos de intersección entre as sombras iguais da mañá e da tarde fornecen un meridiano excelente para un astrónomo de trece anos. Mais estes meridianos bórranse e cómpre tempo para trazalos; obrigan a traballar sempre no mesmo lugar e tantos coidados e tanta molestia han acabar por facer que el o aborrezca. Xa o tiñamos previsto e solucionáremolo de antemán.

Velaquí estou de novo cos meus longos e minuciosos detalles. Lectores, estou a oír o voso borboriño e desafío: non quero sacrificar á vosa impaciencia a parte máis útil deste libro. Resignádevos ás miñas longuras porque eu decidín resignarme ás vosas queixas.

Dende tempo atrás decatáramonos o meu alumno e mais eu de que o ámbar, o vidro, a cera e diversos corpos friccionados atraían as pallas, e de que outros non as atraían. Por casualidade atopamos un corpo que ten unha virtude aínda máis singular: atrae dende algunha distancia, e sen ser friccionado, a limadura e outras areñas de ferro. Canto tempo nos divirte esta calidade sen que poidamos ver niso outra cousa? Finalmente atopamos que ela se comunica ao propio ferro, imantado en certo sentido. Un día imos á feira; un andromeneiro atrae cunha codela de pan a un parrulo de cera que flota nunha tina de auga. Sorprendémonos moito e, con todo, non dicimos “É un

meigo” porque non sabemos o que é un meigo. Constantemente asombrados por efectos dos que ignoramos as causas, non nos apuramos a xulgar nada e permanecemos tranquilos na nosa ignorancia ata que atopemos a ocasión de saírmos dela. De volta na casa, a poder de falarmos do parrulo da feira, acabamos meténdonos na cabeza que o habemos imitar: collemos unha boa agulla ben imantada, rodeámola de cera branca, modelámola o mellor que podemos en forma de parrulo, de xeito que a agulla atraveso o corpo e o ollo dela remate no bico. Pousamos o parrulo na auga, achegámoslle ao bico o aro dunha chave e vemos, cunha alegría doada de entender, que o noso parrulo segue á chave dun xeito tan preciso como o da feira seguía a codela de pan. Observar en que dirección se para o parrulo na auga cando o deixamos tranquilo é algo que poderemos facer noutro momento. Polo de agora, completamente ocupados no noso obxectivo, non queremos ningunha outra cousa.

Á tardiña mesmo, volvemos á feira con pan preparado nos nosos petos e tan axiña como o andromeneiro rematou o seu número, o meu doutoriño –que apenas se daba contido– dille que ese número non é difícil, e que el mesmo pode facer outro tanto. Cóllelle a palabra e decontado tira do peto o pan no que está agachado o anaco de ferro. Ao se achegar á mesa o corazón bátelle forte. Presenta o pan case tremelicando, o parrulo ven e sígueo, e o rapaz berra e se estremece de gusto. Cos aplausos e aclamacións dos presentes, a cabeza comeza a darlle voltas: está fóra de si. O saltanocribo, varado, ven, con todo, a abrazalo e felicitalo e rógalle que o honre outra vez coa súa presenza no día seguinte, engadindo que terá coidado en reunir máis xente aínda para aplaudir a súa habilidade. O meu pequeno naturalista, cheo de fachenda, quere parolizar, mais eu pécholle a boca ao dereitiño a lévo cuberto de gabanzas.

O rapaz, ata o día seguinte, conta os minutos con inquedanza ridícula. Invita a todo aquel que atopa, quixera que todo o xénero humano fose testemuña da súa gloria. Agarda a hora

con dificultade e vaise antes de que chegue, imos á cita: a sala está xa chea. Ao entrar, o seu corazón mozo exulta. Veñen primeiro outras habilidades, o andromeneiro supérase e fai cousas sorprendentes. O rapaz non ve nada de todo isto; reméxese, está a suar e apenas respira; pasa o tempo manipulando no peto a súa codela de pan na man trémula de impaciencia. Por fin chega a súa vez: o mestre anúnciao pomposamente ao público. Achégase, algo avergoñado, e tira a súa codela... Nova vicisitude das cousas humanas! O parrulo, tan domesticadiño a véspera, volveuse hoxe salvaxe. En lugar de presentar o bico, vira o rabo e foxe, evita o pan e a man que o presenta con tanto coidado como antes o seguía. Despois de mil intentos inútiles, sempre acompañados de apupos, o rapaz quéixase: di que o enganan, que é outro parrulo o que substituíu ao primeiro, e desafía ao andromeneiro a que atraia a este.

O andromeneiro, sen responder, colle unha codela de pan e preséntalla ao parrulo. Decontado o parrulo segue o pan e vai á man que a retira. O rapaz colle a mesma codela pero, lonxe de ter máis éxito que antes, ve como o parrulo se burla del e dá reviravoltas arredor da tina. Por fin el afástase, todo confundido, e non se atreve a expoñerse máis aos apupos.

Daquela, o andromeneiro colle a codela que trouxera o rapaz e utilízaa con tanto éxito coma a súa. Diante de todo o mundo, tira desta o ferro, o que provoca outra gargallada a costa nosa. Despois, con este pan así baleirado, atrae ao parrulo coma antes. Fai o mesmo con outra codela cortada diante de todos por un terceiro; fai o mesmo coa súa luva e coa puntiña do dedo. Finalmente, arrédase do medio da sala e, coa entoación enfática propia desta xente, declarando que o seu parrulo non ha obedecer menos á súa voz que ao seu xesto, fálalle e o parrulo obedece: dille que vaia para a dereita e vai para a dereita, que volva e volve, que se revire e revírase; o movemento é tan rápido coma a orde. Os repetidos aplausos son outras tantas afrontas para nós. Liscamos sen que nos vexan, e pechámonos no noso

cuarto sen irmos contar o noso éxito a todo o mundo tal como tiñamos proxectado.

No día seguinte pola mañá, petan á nosa porta. Abro: é o andromeneiro. Quéixase modestamente da nosa conduta. Que é o que el nos fixera para nos comprometermos en querer desacreditar os seus números e tirarlle o seu modo de gañar o pan? “Que hai, logo, tan portentoso na arte de atraer un parrulo de cera como para obter este honor a costa da subsistencia dun home honrado? A fe, señores, se eu tivese algún outro talento para vivir, non me había glorificar moito neste. Vós debiades supoñer que un home que pasou toda a súa vida exercitando esta cativa destreza sabe dela moito máis ca vós, que non vos ocupades dela senón uns momentos. Se eu non vos amosei de primeiras as miñas xogadas mestras é porque cómpre non precipitarse en exhibir ás tolas todo o que un sabe; sempre teño coidado en conservar os meus mellores números para o seu momento, e, ademais deste, teño aínda outros para parar aos mozos indiscretos. Polo demais, señores, veño de bo grado a vos aprender ese segredo que tanto vos preocupou, rogándovos que non abusedes del en prexuízo meu, e que outra vez sexades máis comedidos”.

Entón, amósanos o seu trebello, e vemos con extrema sorpresa que só consiste nun forte imán moi ben armado, e que un rapaz agachado debaixo da mesa facíao mover sen que ninguén se decatase.

O home recolle o seu trebello e, despois de lle termos dado as nosas grazas e as nosas excusas, queremos darlle un presente. El rexéitao: “Non, señores, non estou tan satisfeito de vós como para aceptar os vosos dons; déixovos obrigados a min malia vós: é a miña única vinganza. Aprendede que existe xenerosidade en todos os estamentos. Eu fago pagar os meus números, non as miñas leccións”.

Ao saír, diríxeme a min expresamente e en voz moi alta unha reprimenda. “Desculpo de bo grado –dime el– a este rapaz; só

pecou por ignorancia. Mais vós, señor, que debiades coñecer a súa falta: por que lla deixastes cometer? Dado que vivides xuntos, ao serdes o de maior idade debédeslle os vosos coidados e os vosos consellos; a vosa experiencia é a autoridade que debe conducilo. Ao se reprochar, cando sexa grande, os erros da súa mocidade, havos reprochar sen dúbida aqueles dos que vos non lle advertistes”.

Marcha e déixanos aos dous confusos. Eu críticome a miña facilidade mol: prométole ao rapaz que outra vez heina sacrificar en interese del e heino advertir das súas faltas antes de que as cometa, porque está a se achegar o tempo no que as nosas relacións van cambiar e no que a condescendencia do camarada debe suceder á severidade do mestre. Este cambio debe efectuarse gradualmente; cómpre prever todo e prevelo dende moi lonxe.

No outro día regresamos á feira para ver de novo o número do que aprenderamos o segredo. Abordamos cun profundo respecto ao noso saltanocribo—Sócrates; apenas nos atrevemos a levantar os ollos sobre del. Cólmanos de honores e colócanos cunha distinción que nos humilla de volta. Fai os seus números coma sempre, pero divírtese e comprácese demoradamente no do parrulo, mirándonos con frecuencia cun aire bastante fachendoso. Nós sabemos todo e non sopramos nada. Se o meu alumno se atrevera tan só a abrir a boca sería un rapaz que habería que esmagar.

O detalle todo deste exemplo é máis importante do que parece. Que de leccións nunha única! Que de consecuencias mortificantes atrae o primeiro movemento de vaidade! Mestre mozo, espiade este primeiro movemento coidadosamente. Se sabedes así facer saír del a humillación e as desgrazas, estade seguros de que en moito tempo non haberá un segundo movemento. “Que de preparativos!” diredes vós. Estou de acordo, e todo iso para nos facermos unha búa que nos sirva como meridiano.

Tras termos aprendido que o imán actúa a través dos outros corpos, non temos nada máis premente que fabricarmos un tre-

bello semellante ao que vimos: unha mesa baleirada, unha tina moi plana axustada nesta mesa e cuns dedos de auga, un parrullo feito cun pouco máis coidado, etc. A miúdo atentos á propia tina, reparamos finalmente en que o parrullo parado adopta sempre a mesma dirección aproximada. Seguimos a experiencia e examinamos esta dirección: atopamos que vai do sur ao norte. Non nos cómpre máis nada: a nosa búxola está atopada, ou como se estivese; velaí estamos na Física.

Existen diversos climas na Terra e diversas temperaturas neses climas. As estacións varían máis sensiblemente a medida que un se vai achegando ao polo. Todos os corpos se contraen co frío e se dilatan coa calor. Este efecto é máis medible nos licores e máis sensible nos licores espirituosos: de aí o termómetro. O vento golpea o rostro: o aire é, daquela, un corpo, un fluído; sentímolo aínda que non teñamos ningún medio de velo. Envirade un vaso na auga, a auga non o ha encher a menos que lle deixedes ao aire unha saída: o aire é, daquela, capaz de resistencia. Afundide máis o vaso e a auga ha gañarlle espazo ao aire, sen poder encher completamente o espazo deste: o aire é, daquela, capaz de compresión ata un punto. Un balón cheo de aire comprimido chouta mellor que cheo de calquera outra materia: o aire é, daquela, un corpo elástico. Deitado no baño, erguede horizontalmente o brazo fóra da auga e habédelo sentir cun peso terrible: o aire é, daquela, un corpo pesado. Poñendo o aire en equilibrio con outros fluídos pódese medir o seu peso: de aí o barómetro, o sifón, a cana de vento⁸⁵ e a máquina pneumática. Todas as leis da estática e da hidrostática danse atopado por medio de experiencias tan groseiras coma esas. Non quero que entremos para nada diso nun gabinete de física experimental:

⁸⁵ A cana ou *arcabuz de vento* é un precedente da escopeta de aire comprimido. O *arcabuz de vento* inventado por Marin Bourgeois cara a 1598 consistía nun tubo provisto dun receptáculo cun mecanismo de aire comprimido que permitía lanzar proxectís ata unha distancia aproximada de 300 metros (N. do T.).

toda esta aparelaxe de instrumentos e de máquinas desgústame. A aparencia científica mata a ciencia. Ou todas estas máquinas asustan un rapaz ou as súas figuras comparten e rouban a atención que el debería dirixir aos seus efectos.

Quero que fabriquemos nós mesmos todas as nosas máquinas, e non quero comezar por fabricar o instrumento antes da experiencia, senón que quero que –despois de termos albiscado a experiencia como por casualidade– inventemos pouco a pouco o instrumento que debe comprobala. Prefiro que os nosos instrumentos non sexan tan perfectos e tan precisos e que teñamos ideas máis nidias de como deben ser eles e das operacións que deben resultar. Na miña primeira lección de estática, en lugar de ir procurar balanzas poño un pau atravesado no respaldo dunha cadeira, mido a lonxitude das dúas partes do pau en equilibrio, engado por unha parte e máis outra uns pesos, quer iguais, quer desiguais, e, atraendo ou arredando tanto como sexa necesario, atopo finalmente que o equilibrio resulta dunha proporción recíproca entre a cantidade de peso e a lonxitude das pancas. Velaí xa ao meu pequeno físico capaz de rectificar balanzas antes de as ter visto.

Non se pode negar que un capta nocións moito máis claras e máis seguras das cousas que aprende deste xeito por un mesmo que as que recibe por ensino doutra persoa. E, ademais de que non habitúa a súa razón a someterse servilmente á autoridade, un vólvese máis enxeñoso atopando relacións, unindo ideas e inventando instrumentos que cando –adoptando todo iso tal e como nolo dan– deixamos estomballarse a nosa mente no desleixo cal o corpo dun home que, sempre vestido, calzado e servido polos seus domésticos e arrastrado polos seus cabalos, perde finalmente a forza e o uso dos seus membros. Boileau gabábase de lle ter aprendido a Racine a compor rimas difíciles. Entre tantos admirables métodos para abreviar o estudio das ciencias, precisaríamos grandemente que alguén nos fornecese un para as aprender con esforzo.

A vantaxe máis sensible destas lentas e laboriosas pescudas é manter, no medio dos estudos especulativos, a actividade do corpo e a axilidade dos membros, e formar constantemente as mans no traballo e nos usos útiles do home. Tantos instrumentos inventados para nos guiar nas nosas experiencias e suplir a precisión dos sentidos fannos esquecer o exercicio destes. O grafómetro dispénsanos de calcular o tamaño dos ángulos; o ollo que medía con precisión as distancias fíase da cadea que os mide en vez del. A romana exímeme de xulgar coa man o peso que eu coñezo a través dela. Canto máis enxeñosas son as nosas ferramentas, máis groseiros e zoupóns se volven os nosos órganos: a poder de reunirmos máquinas arredor nosa xa non as damos atopado en nós mesmos.

Mais cando poñemos na fabricación destas máquinas a habilidade que nos facía a súa función, cando empregamos en facelas a sagacidade que cumpría para prescindir delas, gañamos sen perdermos nada, engadímoslle arte á natureza e volvémonos máis enxeñosos sen nos volvermos menos hábiles. En lugar de pegar un rapaz a uns libros, se o ocupo nun obradoiro as súas mans traballan en proveito da súa mente: vólvese filósofo e cre ser só un obreiro. Finalmente, este exercicio ten outros usos dos que falarei a continuación e verase como dende os xogos da filosofía un pode elevarse ás verdadeiras funcións do home.

Xa dixen que os coñecementos puramente especulativos non lles acaían aos rapaces, mesmo en se achegando á adolescencia. Mais, sen os facerdes entrar moi adiante na física sistemática, facede, porén, que todas as súas experiencias se liguen unha á outra por medio dalgún tipo de dedución, a fin de que coa axuda desta cadea poidan ordenalas nas súas mentes e lembralas en caso necesario. Porque é moi difícil que uns feitos, e mesmo uns razoamentos illados, permanezan moito tempo na memoria cando un carece de agarradalla que lles permita asirse a ela.

Na procura das leis da natureza, comezade sempre polos fenómenos máis comúns e máis sensibles, e afacede ao voso

alumno a non tomar estes fenómenos por razóns senón por feitos. Collo unha pedra e fago coma quen a pouxa no aire, abro a man e a pedra cae. Miro a Emilio atento ao que eu estou a facer e dígolle: “Por que caiu esta pedra?”.

Que rapaz ha permanecer calado ante esta pregunta? Ningún, nin mesmo Emilio se é que non tiveron eu moito coidado en preparalo para que non soubese responder. Todos han dicir que a pedra cae porque é pesada. “E que é o que é pesado?”. “O que cae?”. “Daquela, a pedra cae porque cae?” Aquí o meu pequeno filósofo párase de vez. Velaí a súa primeira lección de física sistemática, e –aprovéitelle ou non este xénero– sempre ha ser unha lección de sentido común.

A medida de que o rapaz avanza en intelixencia, outras consideracións importantes obrígnanos a escoller mellor as súas ocupacións. Tan axiña como se dá coñecido abondo a si mesmo como para comprender en que consiste o seu benestar, tan axiña como dá captado as relacións dabondo extensas como para xulgar o que lle convén e o que non, nese momento está el en condicións de sentir a diferenza entre o traballo e a diversión e de mirar esta só coma o lecer do outro. Entón poden entrar nos seus estudos obxectos de utilidade real, e comprométeo a darlles unha aplicación máis constante que a que lles daba ás simples diversións. A lei da necesidade, sempre renacente, apréndelle cediño ao home a facer o que non lle gusta para prever un mal que o desgustaría moito máis. Tal é o uso da previsión, e desta previsión, ben ou mal regulada, nace toda a sabedoría ou toda a miseria humana.

Todo home quere ser feliz, mais para chegar a selo cumpriría comezar por saber o que é a felicidade. A felicidade do home natural é tan sinxela como a súa vida. Consiste en non sufrir: constitúena a saúde, a liberdade e o necesario. A felicidade do home moral é outra cousa, mais aquí non é cuestión dela. Non daría eu repetido dabondo que só obxectos puramente físicos poden interesarlles aos rapaces, sobre todo a aqueles dos que

non se espertou a vaidade e que non se corrompeu de antemán co veneno da opinión.

Cando antes de sentiren as súas necesidades eles prevenas, a súa intelixencia está xa moi avanzada e comezan a coñecer o valor do tempo. É importante entón afacelos a dirixir o emprego deste cara a obxectivos útiles, mais dunha utilidade sensible para a súa idade e á altura das súas luces. Todo o que ten que ver coa orde moral e a utilización da sociedade non debe ser presentado tan cediño, porque eles non están en condicións de entendela. É unha parvada esixirlles que se apliquen en cousas que lles din vagamente que son para o seu ben sen que eles saiban cal é este ben, e das que lles aseguran que han tirar proveito cando sexan grandes, sen que arestora teñan ningún interese neste pretendido proveito que non darían entendido.

Que o rapaz non faga nada polo feito de que llo digan: nada está ben para el senón o que sente como tal. Ao lanzalo sempre por diante das súas luces, vós coidades utilizar a previsión e carecedes dela. Para armalo con algúns vans instrumentos que se cadra nunca utilizará vós quitádeslle o instrumento máis universal do home, que é o sentido común; habituádelo a se deixar conducir sempre, a non ser máis que unha máquina entre as mans doutra persoa. Queredes que sexa dócil de pequeno, o que ven sendo querer que sexa crédulo e inxenuo de grande. Dicídeslle sen cesar: *“Todo o que vos pido é en beneficio voso, mais non estades en condicións de coñecelo. Que me importa a min que fagades ou non o que vos esixo? É só para vós mesmo para quen traballades”*. Con todos estes fermosos discursos que lle dirixides agora para que sexa bo, estades a preparar o éxito dos que lle ha dirixir algún día un visionario, un alquimista, un contequeiro, un falsario ou un tolo de calquera caste para pillalo na súa trampa ou facerlle adoptar a súa tolemia.

É importante que un home saiba moitas cousas das que un rapaz non daría entendido a utilidade, mais: seica é necesario e posible que un rapaz aprenda todo o que lle importa saber

a un home? Tratade de lle aprender ao rapaz todo o que é útil para a súa idade e habedes ver como todo o seu tempo ha estar máis que ocupado. Por que queredes, en prexuízo dos estudos que lle conveñen hoxe, aplicalo aos dunha idade á que é pouco seguro que dea chegado? “Mais –habedes preguntar vós– seica cando chegue o momento de utilizalo será tempo de aprender o que debe saber?”. Ignóroo, mais o que sei é que é imposible aprenderllo máis cedo, porque os nosos verdadeiros mestres son a experiencia e o sentimento, e nunca o home sente ben o que lle convén ao propio home senón nas relacións nas que se ten atopado. Un rapaz sabe que está feito para se converter en home e todas as ideas que pode ter sobre o estado de home son ocasións de instrución para el, mais sobre as ideas deste estado que non están á súa altura debe permanecer nunha ignorancia absoluta. O meu libro todo non é senón unha proba continua deste principio educativo.

Tan axiña como temos logrado darlle ao noso alumno unha idea da palabra *útil*, temos nós outra agarradalla importante para gobernalo, porque esta palabra impresiónao moito dado que só ten para el un sentido relativo á súa idade e que ve claramente a relación dela co seu benestar actual. Os vosos rapaces non están impresionados por esta palabra porque non tivestes coidado de lles proporcionar unha idea que estea a súa altura e porque, ao se encargaren outras persoas de lles fornecer o que é útil, nunca eles tiveron que se preocupar por si mesmos e non saben o que é a utilidade.

“*Para que serve isto?*” Velaí de agora en diante a frase sagrada, a frase determinante entre el e mais eu en toda as accións da nosa vida: velaí a pregunta que pola miña parte segue infaliblemente a todas as súas preguntas e que fai freo a esas multitudes de interrogacions parvas e fastidiosas coas que os rapaces fatigan sen descanso e sen froito a todos os que o rodean, máis para exerceren sobre deles algún tipo de dominio que para tiraren algún proveito. Aquel a quen –para a súa máis importante lec-

ción— lle aprenden a non querer saber máis que o útil, interroga como Sócrates; non formula unha pregunta sen darse a si mesmo a razón que sabe que lle van pedir antes de resolvela.

Mirade que potente instrumento vos poño entre as mans para actuades sobre o voso alumno. Ao non saber el as razóns de nada, velo aí case reducido ao silencio cando vos peta. E vós, polo contrario: que vantaxe non vos dan os vosos coñecementos e a vosa experiencia para lle amosardes a utilidade de todo o que lle propoñedes! Porque —non vos enganades— formularlle esta pregunta é aprenderlle a que vola faga el á súa vez, e vós debedes contar, referente a todo o que lle propoñades a continuación, con que, a exemplo voso, non deixará de dicir: “*Para que serve iso?*”.

É esta a trampa máis difícil de evitar por un aio. Se, á pregunta do rapaz, non procurando vós outra cousa que saídes do apuro, lle dades unha soa razón que non estea en condicións de entender, ao ver que razoades conforme ás vosas ideas e non ás súas, ha crer que o que lle dicides é bo para a vosa idade e non para a súa; non se ha fiar xa de vós e todo está perdido. Mais: onde está o mestre que queira quedar en evidencia e recoñecer os seus erros diante do seu alumno? Todos seguen a lei de non recoñeceren mesmo os que teñen, e eu seguiría a de recoñecer mesmo os que non tivese con tal de que puidese poñer as miñas razóns á súa altura: así a miña conduta, sempre clara na súa mente, non lle había resultar nunca sospeitosa e, supoñéndome erros, eu conservaría maior creto do que eles teñen escondendo os seus.

Primeiramente, reparade en que raramente sodes vós os que lle habedes propor o que debe aprender: é el quen o ten que desexar, buscar e atopar. Vós tedes que poñelo ao seu alcance, facer nacer habilmente este desexo e fornecerlle os medios de satisfacelo. Dedúcese disto que as vosas preguntas deben ser pouco frecuentes pero ben escollidas, e que, como el terá moitas máis que vos facer a vós do que vos facédeslle a el, sempre habedes estar menos en descuberto e máis a miúdo no caso de lle dicir: “*Que utilidade ten saber o que vos me preguntades?*”.

Ademais, como importa pouco que aprenda isto ou isto outro con tal de que asimile ben o que aprende e o emprego do que aprende, tan axiña como non poidades darlle sobre o que lle dicides unha aclaración suficiente para el, non lle deades ningunha. Dicídelle sen escrúpulos: “Non teño unha boa resposta para vos dar; enganábame, deixemos isto”. Se o voso comentario estaba realmente fóra de lugar, non importa abandonalo de afeito, e se non o estaba, cun pouco de coidado habedes atopar axiña a ocasión de lle facerdes sensible a súa utilidade.

Non me gustan as explicacións a través de discursos; os mozos préstalles pouca atención e practicamente non as reñen. As cousas! As cousas! Nunca hei dar repetido abondo que lles concedemos demasiado poder ás palabras. Coa nosa educación larapeteira non facemos senón fabricar larapeteiros.

Supoñamos que, mentres estou a estudar co meu alumno o percorrido do sol e a maneira de se orientar, de súpeto interrúmpeme para me preguntar de que serve todo iso. Que fermoso discurso lle vou facer! Cantas cousas aproveito para lle ensinar respondendo á súa pregunta, maiormente se temos testemuñas da nosa conversa⁸⁶! Heille falar da utilidade das viaxes, das vantaxes do comercio, dos produtos propios de cada clima, dos costumes dos diferentes pobos, da utilización do calendario, das previsións para as vindeiras estacións canto á agricultura, da arte da navegación, da maneira de se guiar no mar e de seguir exactamente a súa rota sen saber onde se está. A política, a historia natural, a astronomía, a mesma moral e o dereito das xentes han entrar na miña explicación de xeito que lle dea ao meu alumno unha vasta idea de todas estas ciencias e un gran desexo de as aprender. Des que eu teña dito todo, terei feito a exhibición dun auténtico pedante, de quen el non

⁸⁶ Teño reparado moitas veces en que nas doutsas instrucións que se lles dan aos rapaces perséguese menos facerse escoitar por eles que polos adultos que estean presentes. Estou completamente seguro do que digo porque o teño observado en min mesmo.

terá comprendido nin unha soa idea. Tería moitas ganas de me preguntar coma antes para que serve orientarse, pero non se atreve por medo a que eu me enfade. Tenlle máis conta facer coma quen entende o que o forzaron a escoitar. Así se realizan as fermosas educacións.

Pero o noso Emilio, máis rusticamente educado e a quen damos con tanto traballo unha concepción dura, non ha escoitar nada diso. Á primeira palabra que non entenda vai liscar e vai ir enredar no seu cuarto, deixándome perorar a min só. Busquemos unha solución máis groseira; o meu aparato científico non vale nada para el.

Estabamos a observar a posición da fraga que hai ao norte de Montmorency cando me interrompeu coa súa importuna pregunta: “*De que serve iso?*”. “Tedes razón –díxenlle eu– cómpre pensalo devagar, e se atopamos que este traballo non vale para nada non volveremos con el porque non nos faltan diversións útiles”. Ocupámonos doutro asunto e deixámonos de xeografía no resto da xornada.

No outro día, pola mañá, propóñolle dar unha voltiña antes de xantar. Non pide outra cousa: para correr os rapaces sempre están dispostos e este ten boas pernas. Subimos ata a fraga, percorremos Les Champeaux, extraviámonos e non sabemos xa onde estamos. Cando se trata de volver non damos atopado de novo o camiño. O tempo pasa, ven a calor e temos fame. Apuramos, vagamos en van dun sitio a outro e non damos atopado senón bosques, canteiras e chairas, ningunha información que nos permita situarnos. Todos suorentos, fatigados e esfameados, o único que facemos coas nosas carreiras é extraviarnos máis. Finalmente sentámonos para descansar e reflexionar. Emilio, que eu supoño educado coma calquera outro rapaz, non reflexiona: chora. Non sabe que estamos ás portas de Montmorency e que unhas sinxelas trepezas están a nos tapar a súa vista, mais estas trepezas son para el unha fraga: un home da súa estatura atópase enterrado no medio dunha matogueira.

Despois duns momentos de silencio, dígolle con aire inquedo: “Meu querido Emilio: como habemos facer para saír de aquí?”.

EMILIO (*bañado en suor e chorando a fío*): Non o sei. Estou canso, teño fame e sede. Non podo máis.

JEAN-JACQUES: Credes que eu estou en mellor estado ca vós? Pensades que non había chorar se as miñas bágoas fixesen de xantar? Non se trata de chorar, trátase de orientarse. Vexamos o voso reloxo: que hora é?

EMILIO: Son as doce e estou sen comer.

JEAN-JACQUES: É certo, son as doce e estou sen comer.

EMILIO: Que fame debedes ter!

JEAN-JACQUES: A desgraza é que a comida non vai vir buscarme aquí. Son as doce? Xusto a hora na que onte observabamos a posición da fraga. Se tamén puidésemos observar dende a fraga a posición de Montmorency...!

EMILIO: Si, pero onte viamos a fraga e dende aquí non vemos a vila.

JEAN-JACQUES: Velaí o problema: se puideramos pasar sen vela para atoparmos a posición...!

EMILIO: Ai, meu querido amigo!

JEAN-JACQUES: Non dicíamos que a fraga estaba...

EMILIO: Ao norte de Montmorency.

JEAN-JACQUES: En consecuencia, Montmorency ten que estar...

EMILIO: Ao sur da fraga.

JEAN-JACQUES: Temos maneira de atopar o norte ao mediodía.

EMILIO: Si, pola dirección da sombra.

JEAN-JACQUES: E o sur?

EMILIO: Como poderíamos facer?

JEAN-JACQUES: O sur está na posición oposta ao norte.

EMILIO: É certo: só temos que buscar a posición oposta á sombra. Ah! Velaí está o sur! Velaí está o sur! Seguro que Montmorency está por este lado.

JEAN-JACQUES: Poida que teñades razón: vamos por este sendeiro que vai entre as árbores.

EMILIO (*batendo palmas e ceibando un grito de alegría*): Ah, xa vexo Montmorency! Velaí está diante nosa, vese perfectamente. Vamos comer! Vamos xantar! Vamos correndo! A astronomía serve para algo.

Reparade en que, se non pronuncia esta derradeira frase, haa pensar. Importa pouco con tal de que non sexa eu quen a pronuncie. Ora ben, estade ben seguros de que non ha esquecer na vida a lección desta xornada, en canto que se non fixeramos máis que dar por suposto todo iso no seu cuarto o meu discurso estaría esquecido ao día seguinte. Cómpre falar, na medida do posible, a través de accións e dicir só aquilo que non podemos facer.

O lector non agarda que eu o despreze abondo como para lle dar un exemplo por cada tipo de estudio, pero –trátese do que se trate– nunca darei exhortado de máis ao aio para que mida a súa proba na capacidade do alumno porque –repítoo unha vez máis– o problema non está no que este non entende senón no que cre entender.

Lémbrome que ao lle querer inculcar a un rapaz gusto pola química, despois de lle ter amosado varios precipitados metálicos, expliqueille como se facía a tinta. Díxenlle que a súa negrura viña dun ferro moi dividido, separado do vitriolo e precipitado por un líquido alcalino. No medio da miña douta explicación, o traidoriño paroume de afeito coa pregunta que eu lle aprendera. Púxome nun bo apuro.

Despois de ter matinado un pouco, tomei unha decisión: mandei buscar viño á adega do dono da casa e mais mercar nunha tenda outro viño de catro patacos. Collín un frasquiño de disolución de alcali fixo⁸⁷ e logo, con dous vasiños destes dous viños diferentes⁸⁸ diante miña, faleille deste xeito:

⁸⁷ Os alcalis fixos son o potasio e o sodio (N. do T.).

⁸⁸ Un pouco de aparato antes de cada explicación que se lle dea ao rapaz é moi útil para que estea atento.

“Falsifícanse algúns alimentos para facer que aparenten mellores do que son. Estas falsificacións enganar ao ollo e ao gusto, mais son nocivas e volven peor do que era antes a cousa falsificada, malia a súa bonita aparencia.

Falsifícanse sobre todo as bebidas, e maiormente os viños, porque o engano é máis difícil de recoñecer e prodúcelle máis proveito ao falsificador.

A falsificación dos viños verdes ou agres faise con litarxirio, un preparado de chumbo. O chumbo, unido aos ácidos, produce un sal moi doce que lle corrixe o verdor do viño ao gusto mais que é un veneno para os que o beben. Daquela, é importante antes de beber un viño sospeitoso sabermos se está litarxirizado ou non. Velaquí o meu razoamento para descubrir iso:

O líquido do viño non contén só espírito inflamable, como xa vistes pola augardente que se obtén del; ademais contén ácido, como podedes comprobar polo vinagre e o tártaro que tamén se obteñen.

O ácido ten relación coas substancias metálicas e únese a elas por disolución para formar un sal composto, como, por exemplo, a ferruxe, que non é senón un ferro disolto polo ácido contido no aire ou na auga, ou tamén o verdete, que non é senón un cobre disolto polo vinagre.

Mais este mesmo ácido ten maior relación aínda coas substancias alcalinas que coas substancias metálicas, de xeito que, pola intervención das primeiras nos sales compostos dos que vos acabo de falar, o ácido vese forzado a ceibar o metal ao que está unido para ligarse ao alcali.

Entón, a substancia metálica desprendida do ácido que a mantiña disolta, precipítase e volve opaco o líquido.

Daquela, se un destes dous viños está litarxirizado, o seu ácido mantén o litarxirio disolto. Se eu verto nel líquido alcalino, este forzará o ácido a soltar a súa presa para unirse con aquel. Ao non se manter xa disolto, o chumbo reaparecerá, avolverá o líquido e finalmente precipitarase no fondo do vaso.

Se non hai chumbo⁸⁹ nin metal ningún no viño, o alcali uni-rase apaciblemente⁹⁰ co ácido, a totalidade quedará disolta e non se producirá precipitado ningún”.

Logo fun vertendo o meu líquido alcalino sucesivamente nos dous vasos: o do viño da casa permaneceu claro e diáfano; o outro nun momento púxose turbio e ao cabo dunha hora viuse claramente o chumbo precipitado no fondo do vaso.

“Velaquí –continuei– o viño natural e puro que se pode beber, e velaí o viño falsificado que envelena. Isto descóbrese por medio dos mesmos coñecementos dos que vós me preguntades a utilidade: a persoa que sabe como se fai a tinta sabe tamén recoñecer os viños adulterados”.

Estaba eu moi contento do meu exemplo e mais decateime de que o rapaz non quedara nada impresionado. Precisei un pouco tempo para sentir que o único que eu fixera fora unha parvada pois –sen falar da imposibilidade que un rapaz de doce anos ten para seguir a miña explicación– a utilidade deste experimento non entraba na súa mente porque, tendo probado os dous viños e tendo atopado bos os dous, el non unía idea ningunha a esta palabra de *falsificación* que eu pensaba terlle explicado tan ben. E estoutras palabras *insán* e *veleno* non tiñan mesmo ningún sentido para el. Niso estaba no caso do historiador do médico Filipo: o caso dos rapaces todos.

As relacións dos efectos coas causas dos que non dixer-gamos a ligazón, os bens e os males dos que non nos facemos ningunha idea e as necesidades que nunca temos sentido son para nós inexistentes: é imposible que nos intereseamos facendo

⁸⁹ Os viños que se venden a granel nas tendas de París, aínda que non todos estean litarxirizados, raramente están exentos de chumbo porque os mostradores das tendas están recubertos con este metal, e ao rebordar o viño a medida, pasa e permanece por riba deste chumbo disolvendo sempre algunha partícula. É estraño que un abuso tan manifesto e tan perigoso sexa aturado pola policía. E mais é certo que a xente acomodada, ao non beber practicamente deste viño, vese pouco exposta a ser envelenada por el,

⁹⁰ O ácido vexetal é moi doce. Se fose un ácido mineral, e fose menos extenso, a unión non se había facer sen efervescencia.

algo relacionado con elas. Aos quince anos un ve a felicidade do home sabio igual que aos trinta a gloria do paraíso. Se un non concibe ben unha e mais outra, pouca cousa ha facer para as adquirir; e mesmo se as dera concibido, un ha facer pouca cousa aínda, se non as desexa, se non as sinte convenientes para si. É doado convencer a un rapaz de que o que un lle quere ensinar é útil, mais non é nada convencelo se un non sabe persuadilo⁹¹. En van a tranquila razón nos fai aprobar ou censurar, só a paixón nos fai actuar. E como pode un apaixonarse por intereses que aínda non ten?

Non lle amosedes endexamais ao rapaz nada que non sexa quen de ver. En canto que a humanidade lle é practicamente allea –ao non se poder elevar ao estado de home– rebaixade para el o home ao estado de rapaz. Pensando no que pode serlle útil noutra idade, non lle faledes senón daquilo do que ve ares-tora a utilidade. Polo demais, nada de comparacións con outros rapaces, nada de rivais, nada de competidores –mesmo nas carreiras– tan axiña como comece a razoar. Prefiro cen veces que non aprenda en absoluto aquilo que só aprendería por ciúmes ou por vaidade. Só hei marcar a cada ano os progresos que teña feito. Heinos comparar cos que faga no ano seguinte. Heille dicir: “Medrastes tantas liñas; velaí o foxo que saltabades, o fardo que carregabades, velaí a distancia á que lanzabades un callao, o percorrido que faciades dunha tirada, etc. Agora imos ver o que facedes”. Incítoo así sen o volver ciumento de ninguén. Hase querer superar e debe facelo: non vexo inconveniente ningún en que sexa o seu propio émulo.

Odio os libros: non ensinan senón a falar do que non se sabe. Disque Hermes gravou enriba dunhas columnas os rudimentos

⁹¹ En francés existe un pequeno matiz que diferenza *convencer* de *persuadir*. Tendo as dúas palabras o significado de “Levar a alguén a recoñecer a verdade ou a necesidade dunha idea, unha proposta ou un feito”, *convencer* designa só a vía intelectual, a da mente, da razón, en tanto que *persuadir* designa a vía sentimental, a do corazón, a da interiorización –que pode ir de par coa intelectual– o que significa unha adhesión plena (N. do T.).

das ciencias, para poñer os seus descubrimentos a salvo dun diluvio. Se os tivera impreso ben nas cabezas dos homes daríanse conservado nelas por tradición. Uns cerebros ben preparados son os monumentos nos que se gravan do xeito máis seguro os coñecementos humanos. Seica non habería medio de xuntar tantas leccións espaxadas por tantos libros, de reunilas nun obxecto común que fose doado de ver, interesante de seguir e servise de estimulante mesmo a esta idade? Se se pode inventar unha situación na que todas as necesidades naturais do home se amosan dunha maneira sensible á mente dun rapaz, e na que os medios de afrontar estas necesidades se desenvolven sucesivamente coa mesma facilidade, é a través da pintura viva e primixenia deste estado como cómpre comezar a exercer a súa imaxinación.

Como filósofo ardente, xa estou a ver acenderse a vosa. Non fagades custosos esforzos: esta situación xa foi atopada, xa está descrita e –sen vos menosprezar – moito mellor do que a daríades descrito vós. Cando menos con máis verdade e sinxeleza. Dado que temos unha absoluta necesidade de libros, existe un que ao meu ver fornece o máis venturoso tratado de educación natural. Este libro ha ser o primeiro que lea o meu Emilio. Só el ha constituír toda a súa biblioteca durante moito tempo e sempre ha ter nela un lugar distinguido. Ha ser o texto do que todas as nosas conversas sobre ciencias naturais unicamente servirán de comentario. Ha servir como proba do estado dos nosos coñecementos durante os nosos progresos e, en tanto que non teñamos o gusto derramado, a súa lectura hanos prestar sempre. Cal é, daquela ese libro portentoso? Aristóteles? Plinio? Buffon? Non: Robinsón Crusoe.

Robinsón Crusoe na súa illa, só, desprovisto da axuda dos seus semellantes e dos instrumentos de todas as artes, afrontando malia todo a súa mantenza e a súa conservación e procurándose mesmo unha caste de benestar; velaí un obxecto interesante para calquera idade e con mil maneiras de facelo

agradable para os rapaces. Velaí como realizamos a illa deserta que me servía ao comezo de comparanza. Este estado non é o do home social, concordo. Verosimilmente non debe ser o de Emilio, mais é sobre este mesmo estado sobre o que el debe apreciar os outros todos. O medio máis seguro de se elevar por riba dos prexuízos e de ordenar as súas ideas sobre as verdadeiras relacións das cousas, é pórse no lugar dun home illado e xulgar todo como este home debe xulgalo, considerando a súa propia utilidade.

Esta novela, liberada de toda a súa faramalla, co comezo no naufraxio de Robinsón cabo da súa illa e o remate coa chegada do navío que ven tiralo dela, ha ser a un tempo diversión e instrución para Emilio durante a época da que tratamos aquí. Quero que teña a cabeza nela, que se ocupe sen cesar do seu castelo, das súas cabras e das súas plantacións; que aprenda con detalle –non nos libros senón nas cousas– todo o que cómpre saber nun caso semellante; que pense ser Robinsón el mesmo; que se vexa vestido con peles, cun gran pucho e un gran sabre e todo o grotesco equipamento da figura, agás o parasol que non ha precisar. Quero que se preocupe polas medidas que tomar se tal ou tal outra cousa chegase a faltarlle, que examine a conduta do seu heroe, que busque se non lle esqueceu nada, se non había ningunha cousa mellor que facer; que marque atentamente as súas faltas e que as aproveite para, nun caso semellante, non caír tamén el nelas. Porque non teñades dúbida ningunha de que ten o proxecto de fundar un asentamento igual; é o verdadeiro castelo no aire nesta idade venturosa na que non se coñece outra felicidade senón a necesidade e a liberdade.

Que gran recurso esta tolemia para un home hábil que a soubo facer nacer só para que fose proveitosa! O rapaz, apurado por se facer un fortín para a súa illa, porá máis ardor en aprender que o mestre en ensinar. Quererá saber todo o que é útil e non quererá saber máis ca iso. Vós non habedes precisar guialo, unicamente teredes que contelo. Polo resto, apresurémonos a

establecelo nesa illa en canto que limita a iso a súa felicidade, porque se está achegando o día no que, se quere aínda vivir nela, xa non ha querer vivir só, e no que *Venres* –que agora non lle importa moito– non lle ha ser suficiente por moito tempo.

A práctica das artes naturais, para as que un só home pode ser suficiente, conduce á procura das artes da industria, que precisan da colaboración de varias mans. As primeiras poden ser efectuadas por solitarios, por salvaxes, mais as outras só poden nacer dentro da sociedade e fan necesaria esta. En canto que só se coñece a necesidade física, todo home se basta a el mesmo; a introdución do superfluo volve indispensable o reparo e a distribución do traballo porque, aínda que un home que traballe só gañe unicamente a mantenza dun home, cen homes que traballen concertadamente han gañar con que manter dous centos. Daquela, tan axiña como unha parte dos homes descansa, cómpre que a colaboración dos brazos dos que traballan supla o traballo dos que non fan nada.

O voso máis grande coidado debe ser arredar da mente do voso alumno todas as nocións das relacións sociais que non están ao seu alcance, mais, cando o encadeamento dos coñecementos vos force a lle mostrar a mutua dependencia dos homes, en lugar de lla amosardes polo lado moral, levade toda a súa atención cara á industria e as artes mecánicas que as volven útiles unhas para as outras. Ao paseárdelo de obradoiro en obradoiro non permitades endexamais que vexa ningún traballo sen poñer el mesmo a man á obra nin que saia de alí sen saber perfectamente a razón de todo o que se fai, ou cando menos de todo o que el observou. Para iso, traballade vós mesmo e dádelle exemplo en todas partes. Para facelo mestre, sede vós en todas partes aprendiz e contade con que unha hora de traballo halle aprender máis cousas das que había reter nun día de explicacións.

Hai unha estima pública ligada ás diferentes artes en razón inversa á súa utilidade real. Esta estima mídese directamente sobre a súa mesma inutilidade, e debe ser así. As artes máis

útiles son as que gañan menos porque o número dos obreiros é proporcional á necesidade dos homes, e o traballo preciso para todo o mundo permanece forzosamente a un prezo que o pobre pode pagar. Polo contrario, eses importantes aos que non chaman artesáns senón artistas, ao traballaren unicamente para os ociosos e os ricos, pónenlle un prezo arbitrario ás súas lilailas; e, como o mérito destes traballos vans só é cousa de opinión, o seu mesmo prezo forma parte deste mérito e estímáanos proporcionalmente ao seu custe. O caso que o rico fai deles non procede da súa utilización senón de que o pobre non pode pagalos. *Nolo habere bona nisi quibus populus inviderit*⁹².

Que vai ser dos vosos alumnos se lles deixades adoptar este parvo prexuízo, se vós mesmos o favorecedes ou se vos ven, por exemplo, entrar con máis consideracións na tenda dun ourive que na dun cerralleiro? Que xuízo se han eles facer do verdadeiro mérito das artes e do auténtico valor das cousas cando vexan por todas partes o prezo fantástico en contradición co prezo obtido da utilidade real e vexan que canto máis a cousa custa menos vale? No primeiro momento en que deixedes entrar estas ideas na súa cabeza, abandonade o resto da súa educación: malia vosa eles han ser educados coma todo o mundo. Perdestes catorce anos de coidados.

Emilio, pensando en amoblar a súa illa, ha ter outra maneira de ver as cousas. Robinsón teríalle feito máis caso á tenda dun caldeireiro que a todas as chafalladas de Saide⁹³. O primeiro teríalle semellado un home moi respectable e o outro un charlatanciño.

“O meu fillo está feito para vivir no mundo, non vai vivir con sabios senón con tolos; cómpre daquela que coñeza as súas tolemias xa que estes queren gobernarse por elas. O coñecemento

⁹² Cita de Petronio (*Satiricón*, 100) “Non quero ter máis bens que os que o pobo envexe” (N. do T.).

⁹³ Personaxe que non se deu identificado (N. do T.).

real das cousas pode ser bo, mais o dos homes e dos seus xuízos vale máis aínda porque, na sociedade humana, o máis grande instrumento do home é o propio home, e o máis sabio é o que mellor se serve deste instrumento. Para que darlles aos rapaces a idea dunha orde imaxinaria, totalmente contraria á que han atopar establecida e sobre a que han ter que se rexer? Dádelles primeiramente leccións para seren sabios e logo xa lles daredes outras para xulgaren en qué os demais son uns tolos”.

Velaí os especiosos preceptos sobre os que a falsa prudencia dos pais traballa en volver aos seus fillos escravos dos prexuizados cos que eles os alimentan, e en volvérense a si mesmos xoguetes da turba insensata que pensan facer instrumento das súas paixóns. Para lograr coñecer o home, cantas cousas cómpre coñecer antes ca el! O home é o derradeiro obxecto de estudio do sabio e vós pretendedes facer del o primeiro dun rapaz! Antes de instruílo nos nosos sentimentos, comezade por aprenderlle a apreciarlos. Seica é recoñecer unha tolemia o feito de tomala pola razón? Para ser sabio cómpre discernir o que non o é. Como ha coñecer os homes o voso rapaz se non sabe nin xulgar os seus xuízos nin distinguir os seus erros? É malo saber o que pensan estes cando un ignora se o que pensan é verdadeiro ou falso. Aprendédelle pois, primeiro o que son as cousas nelas mesmas, e despois xa lle habedes aprender o que elas son aos nosos ollos. É así como el saberá comparar a opinión coa verdade e elevarse por riba do vulgo, porque un non recoñece os prexuizados cando os adopta e un non guía ao pobo cando se asemella a el. Mais se comezades por instruílo na opinión pública antes de lle aprender a apreciála, asegurádevos de que – fagades vós o que poidades facer– esta hase converter na súa e de que vós non a habedes destruír xa. A conclusión é que, para facer que un mozo asise cómpre formar ben os seus xuízos en lugar de lle ditar os nosos.

Vedes que ata aquí non lle falei dos homes ao meu alumno: tería el que ter demasiado bo sentido para comprenderme; as

súas relacións coa súa especie aínda non lle son tan sensibles como para que poida xulgar aos outros en por el. O único ser humano que coñece é el mesmo, e aínda está moi lonxe de se coñecer; mais se formula poucos xuízos sobre a súa persoa, cando menos só os formula correctos. Ignora cal é o lugar dos outros, mais sinte o seu e aférrase a el. En lugar de coas leis sociais –que non pode recoñecer– témolo atado coas cadeas da necesidade. Aínda case non é máis que un ser físico, sigamos a tratalo como tal.

É por medio da súa relación sensible coa súa utilidade, a súa seguridade, a súa conservación e o seu benestar como debe apreciar todos os corpos da natureza e todos os traballos humanos. Así, o ferro debe ter aos seus ollos un valor máis grande que o ouro, e o vidro maior que o diamante. De igual xeito, el honra moito máis a un zapateiro ou un canteiro que a un Lempereur ou un Le Blanc e todos os xoieiros de Europa⁹⁴. Un pasteiro é sobre todo, aos seus ollos, un home moi importante, e daría toda a Academia das Ciencias polo máis pequeno confeiteiro da rúa dos Lombardos. Os ourives, os gravadores e os douradores non son na súa opinión máis que uns lacazáns que se divirten en xogos perfectamente inútiles. Nin sequera lle fai moito caso á relaxarí. O ledor rapaz goza do tempo sen ser escravo del: aproveítalo e non coñece o seu valor. A tranquilidade das paixóns, que volve para el sempre igual a sucesión do tempo, sérvelle de instrumento para poder medilo se fose necesario⁹⁵. Ao lle supor un reloxo, igual que ao facelo chorar, proporcionábame eu un Emilio vulgar para ser útil e facerme entender; porque, tocante ao verdadeiro, un rapaz tan diferente dos demais non había servir de exemplo para nada.

⁹⁴ Como se entende doadamente polo contexto, Lempereur e Le Blanc eran dous célebres xoieiros dese tempo (N. do T.).

⁹⁵ O tempo perde para nós a súa medida cando as nosas paixóns queren regular o seu curso ao gusto delas. O reloxo do sabio é a igualdade do humor e a paz da alma: el sempre está á súa hora e sempre a coñece.

Existe unha orde non menos natural e aínda máis asisada, pola que se considera as artes segundo as relacións de necesidade que as ligan, e que pon no primeiro rango as máis independentes e no derradeiro as que dependen dun maior número doutras. Esta orde, que fornece importantes consideracións sobre a da sociedade en xeral, é semellante á precedente e está sometida ao mesmo reviramento na estima dos homes, de xeito que a utilización das materias primas faise en oficios sen honor —e case sen proveito— e canto máis cambian estas de mans, máis aumenta a man de obra e máis honorable se fai. Non estou a examinar se o enxeño é maior e máis merecente de recompensa nas artes minuciosas que lles dan a derradeira forma a estas materias que no primeiro traballo que as converteu en útiles para os homes. O que digo é que en cada cousa a arte da que se fai o uso máis xeral e máis indispensable é, sen dúbida, aquela que merece máis estima, e que aquela que menos precisa doutras artes aínda a merece por riba das máis subordinadas, porque é máis libre e está máis perto da independencia. Velaí as verdadeiras regras da apreciación das artes e da industria; todo o resto é arbitrario e depende da opinión.

A primeira e máis respectable de todas as artes é a agricultura. Eu poñería a forxa no segundo lugar, a carpintaría no terceiro e así sucesivamente. O rapaz que non estea seducido polos prexuízos vulgares hao xulgar exactamente así. Que de reflexións importantes non ha tirar sobre diso o noso Emilio do seu *Robinson*! Que ha pensar ao ver que as artes non se perfeccionan senón subdividíndose, multiplicando ate o infinito os instrumentos dunhas e outras? Hase dicir: “Toda esas xentes son parvamente enxeñosas: creríase que teñen medo de que os seus brazos e os seus dedos lles sirvan para algo, vistos tantos instrumentos como inventan para non utilizar aqueles. Por exerceren só unha arte vense suxeitos a mil outras: a cada obreiro cómprelle unha cidade. O meu compañeiro e mais eu poñemos todo o noso enxeño na nosa habilidade: fabricámonos ferramentas que poidamos levar sempre connosco. Todas estas xentes tan

satisfeitas dos seus talentos en París non habían saber nada na nosa illa e haberían ser aprendices nosos, por súa vez”.

Lector, non vos deteñades aquí en mirar o exercicio do corpo e a habilidade das mans do noso alumno senón considerade a dirección que lle damos ás súas curiosidades infantís, considerade o sentido, o espírito inventivo e a previsión, considerade a cabeza que lle imos formar. En todo o que el vexa, en todo o que el faga, ha querer coñecer todo, ha querer saber a razón de todo. De instrumento en instrumento, ha querer remontar ata o primeiro. Non ha dar nada por suposto. Rexeitaría aprender o que esixise un coñecemento anterior que non tivese. Se ve fabricar un resorte ha querer saber como tiraron o aceiro da mina; se ve xuntar as pezas dunha arca ha querer saber como cortaron a árbore; se traballa el mesmo, a cada ferramenta que utiliza non deixará de se dicir:”Se non tivese esta ferramenta: como había eu facer para fabricar unha semellante ou para poder pasar sen ela?”.

Polo demais, é un erro difícil de evitar nas ocupacións que entusiasman ao mestre o lle supor sempre o mesmo gusto ao rapaz. Tede conta, cando a diversión do traballo vos arrebatada, de que, malia todo, el non se aburra sen ousar demostrárvolo. O rapaz debe adicarse enteiro á cousa, pero vós debédesvos adicar enteiro ao rapaz, observalo, axexalo sen acougo e sen que o pareza, presentir os seus sentimentos todos con antelación e previr aqueles que non debe ter, ocupalo, en fin, de xeito que non só se sinta útil na cousa senón que lle preste, a poder de entender ben para qué serve o que está a facer.

A sociedade das artes consiste no troco de industria⁹⁶, a do comercio no troco de cousas, a dos bancos no troco de signos e de diñeiro. Todas estas ideas sostéñense, e as nocións elemen-

⁹⁶ A palabra *industria* ten ata o século XVII o sentido predominante de ‘enxeño’ como tantas veces aparece nesta obra. No século XVIII vai aparecendo o de ‘conxunto de operacións da produción e circulación de bens’, sentido que continúa no século XIX, aínda que posteriormente predomina un sentido máis restrinxido, o de ‘conxunto de actividades económicas tendentes á explotación das riquezas minerais e fontes enerxéticas e mais á transformación das materias primas en produtos manufacturados’ (N. do T.).

tais xa prenderon: puxemos os alicerces de todo isto na idade máis nova coa axuda do xardineiro Robert. Só temos agora que xeneralizar estas mesmas ideas e espallalas con máis exemplos para lle facer entender a actividade do tráfico considerada en si mesma, e feita sensible por medio dos detalles de historia natural que atinxen aos produtos particulares de cada país, por medio dos detalles das artes e as ciencias que atinxen á navegación e, finalmente, por medio da maior ou menor complicación do transporte segundo a distancia dos lugares, a situación das terras, os mares, os ríos, etc.

Ningunha sociedade pode existir sen troco, ningún troco pode existir sen medida común e ningunha medida común pode existir sen igualdade. Así, toda sociedade ten como primeira lei algunha unidade convencional, quer nos homes quer nas cousas.

A igualdade convencional entre os homes, ben diferente da unidade natural, fai necesario o dereito positivo, é dicir o goberno e as leis. Os coñecementos políticos dun rapaz deben ser nidios e delimitados: só debe coñecer do goberno en xeral aquilo que se refire ao dereito da propiedade, do que xa ten algunha idea.

A igualdade convencional entre as cousas fixo inventar a moeda, porque a moeda só é un termo de comparación para o valor das cousas de diferentes especies, e neste sentido a moeda é o verdadeiro lazo da sociedade. Mais todo pode ser moeda: noutro tempo o gando érao e aínda o son as cunchas entre moitos pobos, o ferro foi moeda en Esparta, o coiro foino en Suecia e o ouro e a prata sono entre nós.

Os metais, como son máis doados de transportar, foron xeralmente escollidos por termo medio de todos os trocos, e convertéronse estes metais en moeda para aforrar a medida ou a pesada cada vez que se facía un troco. Porque a marca da moeda só é un testemuño de que a peza así marcada ten tal peso. E só o príncipe ten o dereito de acuñar moeda, dado que

só el ten dereito a esixir que o seu testemuño teña autoridade entre todo un pobo.

A utilización deste invento, explicada así, faise evidente ao máis estúpido. É difícil comparar inmediatamente cousas de naturezas diferentes, por exemplo pano con trigo, mais cando se atopou unha medida común, a saber a moeda, é doado para o fabricante e para o labrador trasladar o valor das cousas que queren trocar a esta medida común. Se tanta cantidade de pano vale tanta suma de diñeiro e tanta cantidade de trigo vale a mesma suma, dedúcese que o comerciante, ao recibir ese trigo polo seu pano, fai un troco equitativo. Así, é por medio da moeda como os bens de especies diversas se fan comensurables e poden compararse.

Non vaiades máis lonxe ca isto e non entredes na explicación dos efectos morais desta institución. En toda cousa importa expor ben os usos antes de amosar os abusos. Se pretendédeses explicarlles aos rapaces cómo os signos fan descoidar as cousas, cómo da moeda naceron todas as quimeras da opinión e cómo os países ricos en prata deben ser pobres en todo, habiades tratar a estes rapaces non só como filósofos senón como homes sabios, e estariades pretendendo facerlles entender o que mesmo poucos filósofos deron comprendido ben.

Sobre cantos obxectos interesantes podemos dirixir así a curiosidade dun alumno sen endexamais afastarse das relacións reais que están á súa altura nin permitir que se críe na súa mente unha soa idea que el non poida comprender! A arte do mestre consiste en non deixar nunca que as súas observacións se fagan pesadas amoreándose en minucias que non se sosteñen en nada, senón, polo contrario, en achegalo constantemente ás grandes relacións que debe un día coñecer para xulgar ben sobre a orde correcta ou incorrecta da sociedade civil. Cómpre saber axeitar as conversas coas que o entretemos ao feitío da intelixencia que lle fomos formando. Unha pregunta que nin mesmo rozaría a atención doutro, vai atormentar a Emilio durante seis meses.

Imos xantar a unha casa opulenta. Atopamos os preparativos do festín, moita xente, moitos lacaios, moitos pratos e un servizo elegante e fino. Todo este aparato de pracer e de festa ten algo de embebedante que sobe á cabeza cando un non está habituado. Presinto o efecto de todo isto no meu alumno mocíño. Namentres se prolonga a comida, namentres se suceden os servizos, namentres que arredor da mesa reinan mil falas ruidosas, achégome á súa orella e dígolle: “Por cantas mans estimariades que ten pasado todo o que vedes enriba desta mesa antes de chegar a ela?”. Que multitude de ideas esperto no seu cerebro con estas pouquiñas palabras! Velaí que caíron no instante todos os vapores do delirio. Matina, reflexiona, calcula e preocúpase. En canto que os filósofos, aledados polo viño (e se cadra polas súas veciñas), esbardallan e pórtanse como rapaces, velaí está el, filosofando soíño no seu recuncho. Faime preguntas e eu négome a responderlle, remíto a outro momento. Impaciéntase, esquécelle comer e beber, arde por estar fóra da mesa para dialogar comigo a xeito. Que obxecto para a súa curiosidade! Que texto para a súa instrución! Cun xuízo san que ninguén puido corromper: que ha pensar el do luxo cando atope que todas as rexións do mundo tiveron que contribuír, que vinte millóns de mans se cadra traballaron durante longo tempo, que iso se cadra lles custou a vida a milleiros de homes, e todo iso para lle presentar pomposamente ao mediodía o que vai depositar polo serán no seu escusado?

Axexade con coidado as conclusións secretas que el tira no seu corazón de todas estas observacións. Se o dirixistes peor do que eu supoño pode verse tentado de virar as súas reflexións nun sentido diferente, e mirarse como un personaxe importante no mundo ao ver concorrer tantos coidados para preparar o seu xantar. Se presentides este razoamento podedes doadamente previlo antes de que o faga, ou cando menos borrar decontadiño a impresión. Ao non saber aínda apropiarse das cousas senón a través dun gozo material, non pode xulgar da súa conveniencia

ou inconveniencia para el senón a través de relacións sensíbles. A comparación dun xantar sinxelo e rústico, preparado polo exercicio, adubado pola fame, a liberdade e a alegría, co seu festín tan magnífico e cerimonioso abondará para lle facer sentir que –ao non lle ter dado ningún proveito real todo o aparato do festín, e ao saír o seu estómago tan contento da mesa do labrego como da do financeiro– un non superaba ao outro en nada que puidese considerar verdadeiramente seu.

Imaxinemos o que nun caso semellante poderá dicirlle un aio. “Lembrede ben eses dous xantares e decidide vós mesmo cal vos prestou máis. En cal observastes máis alegría? En cal se comeu con máis apetito, se bebeu máis ledamente e se riu de mellor gana? Cal durou máis tempo sen aburrimiento e sen precisar ser renovado con outros servizos? E mais mirade ben a diferenza: ese pan de relón que atopades tan bo procede do trigo colleitado por ese labrador; o seu viño escuro e groseiro (pero que tira a sede e é san) ven da súa viña; os manteis e panos do seu cáñamo, fiado de inverno pola súa muller, as súas fillas e a súa criada. Ningunhas outras mans non sendo as da súa familia prepararon a súa mesa. O muíño máis próximo e a feira veciña son para el os límites do universo. Daquela: que foi o que realmente gozastes do que a maiores forneceron a terra afastada e a man dos homes na outra mesa? Se todo iso non vos proporcionou un xantar mellor: que foi que gañastes con esa abundancia? Que había alí que fose feito para vós? Se tivésedes sido o dono da casa –poderá engadir– todo isto quedaríavos aínda máis lonxe, porque a preocupación por lles exhibirdes aos demais o voso gozo tería rematado de volo tirar: para vós tería sido a mágoa e para eles o pracer”.

Ese discurso pode ser moi fermoso, mais non vale nada para Emilio, pois excede o seu alcance e ninguén lle dita as súas reflexións. Faládelle, daquela, dun xeito máis sinxelo. Despois destas dúas probas, dicídelle unha mañá: “Onde xantaremos hoxe? Ao redor desta montaña de prata que cobre as tres cuartas

partes da mesa e destes cantóns de flores de papel servidos na sobremesa enriba de espellos? Entre esas mulleres vestidas con grandes armazóns que vos tratan como a un monicreque e queren que teñades dito o que non sabedes? Ou ben nesa aldea, a dúas leguas de aquí, na casa desa boa xente que nos recibe con tanta ledicia e nos dá unha tona tan sabedeira?”. A escolla de Emilio non ten dúbida, porque nin é larapeteiro nin finchado, non dá aturado a incomodidade e non gusta dos nosos mollos finos. En troques sempre está disposto a correr para a aldea e gusta moito da boa froita, os bos legumes, a boa tona e a boa xente⁹⁷. De camiño chega a reflexión en por ela. “Vexo que as multitudes de homes que traballan neses grandes xantares perden o esforzo feito ou non pensan practicamente no noso pracer”.

Os meus exemplos, bos se cadra para un caso, han ser malos para mil outros. Se se capta o seu espírito saberase, de ser preciso, varialos, porque a súa escolla depende do estudio do xenio propio de cadaquen e ese estudio depende das ocasións que se lles presenten para se amosar. Non se irá imaxinar que no espazo de tres ou catro anos que aquí temos que desenvolver poderemos darlle ao rapaz nacido coas mellores calidades unha idea de todas as artes e de todas as ciencias naturais suficiente para as aprender un día por si mesmo. Mais, facendo pasar así diante súa todos os obxectos que importa que coñeza, poñémolo en condicións de desenvolver o seu gusto e o seu talento, de dar os primeiros pasos cara ao obxecto ao que o seu xenio o conduce, e de nos indicar o camiño que cómpre abrírlle para que secunde a Natureza.

⁹⁷ O gusto que eu lle supoño polo campo ao meu alumno é froito natural da súa educación. Por outra banda, ao non ter nada dese aspecto fato e recomposto que tanto lles gusta ás mulleres, fanlle menos festas que a outros rapaces. Por conseguinte, gústalle menos estar con elas e bótase menos a perder coa súa frecuentación, da que aínda non está en situación de sentir o encanto. Evitei aprenderlle a lles bicar a man e a lles dicir louvamiñas, e mesmo a marcar con preferencia por riba dos homes as atencións que lles son debidas. Púxenme como lei inviolable non esixir del nada do que non dese entendido a razón, e para un rapaz non existe ningunha boa razón para tratar a un sexo de xeito distinto que ao outro.

Outra vantaxe deste encadeamento de coñecementos limitados mais correctos, é amosarllos a través das ligazóns e relacións deles, colocalos todos no seu lugar na estima súa e previr nel os prexuízos que teñen a maior parte dos homes a prol dos talentos que cultivan e en contra dos que descooidaron. Aquel que é capaz de ver ben a orde dun todo é capaz de ver o lugar no que debe estar cada parte. Aquel que é capaz de ver ben unha parte e de coñecela a fondo pode ser un home sabio; o outro é un home asisado, e vós lembrades que o que nos propoñemos adquirir é menos ciencia ca siso.

Sexa como sexa, o meu método é independente dos meus exemplos; está fundado na medida das facultades do home nas súas diferentes idades, e mais na escolla das ocupacións que conveñen a estas facultades. Creo que se atoparía doadamente outro método co que aparentemente se obtiveran mellores resultados, mais se fose menos axeitado para a especie, a idade e o sexo, dubido de que tivese o mesmo éxito.

Ao comezarmos este segundo período, temos aproveitado a sobreabundancia das nosas forzas por riba das nosas necesidades para nos proxectarmos fóra de nós mesmos. Témonos lanzado polos ceos, medido a Terra, recollido as leis da Natureza... Nunha palabra, temos percorrido a illa enteira; agora regresemos a nós, acheguémonos insensiblemente á nosa moradía. Moi felices, ao regresarmos alí, de non a atoparmos aínda en posesión do inimigo que nos ameaza e se prepara para apoderarse dela!

Que é o que nos queda por facer despois de termos observado todo o que nos rodea? Convertermos para a nosa utilización todo aquilo do que podemos apropiarnos e tirarmos proveito da nosa curiosidade para vantaxe do noso benestar. Ata aquí témonos aprovisionado de instrumentos de todo tipo, sen saber cales iamos precisar. Se cadra, se son inútiles para nós, os nosos instrumentos poderán servirlles a outros, e se cadra, á nosa vez, nós habemos precisar os deles. Así atoparíamos todos beneficio nestes trocos, mais para facelos precisamos coñecer as nosas

mutuas necesidades, precisamos que cadaquen saiba o que utilizan os demais e o que lles pode ofrecer a cambio. Supoñamos dez homes, cada un con dez tipos de necesidades. É preciso que cada un deles, para facer fronte ao que precisa, realice dez tipos de traballos, mais –dada a diferenza de xenio e de talento– un ha facer peor un destes traballos, outro ha facer peor o outro... Todos – adecuados para cousas diferentes – han realizar os mesmos traballos e hanse ver mal servidos. Formemos unha sociedade con estes dez homes e que cada un se adique – para el só e para os outros nove– ao tipo de ocupación que máis axeitado lle resulta: cada un aproveitará os talentos dos demais como se el os posuíse todos. Cada un perfeccionará o seu a través do exercicio continuo e acontecerá que os dez, perfectamente ben provistos, han ter aínda unha sobreabundancia que poida servir para outros máis. Velaí o principio aparente de todas as nosas institucións. Non é o meu asunto examinar aquí as consecuencias disto: fíxeno xa noutro escrito⁹⁸.

Seguindo este principio, un home que quixera verse como un ser illado, sen depender en absoluto de nada e abondándose a si mesmo, só podería ser miserable. Mesmo lle sería imposible subsistir porque, ao atopar a Terra enteira recuberta polo “teu” e o “meu”, e ao non ter el cousa ningunha non sendo o seu corpo: de onde había tirar o que necesitase? Ao saírmos do estado da Natureza, nós forzamos aos nosos semellantes a saíren tamén. Ninguén pode permanecer na Natureza contra a vontade dos outros, e sería realmente saír dela o querer permanecer alí ante a imposibilidade de poder vivir. Porque a primeira lei da Natureza é o coidado por conservarse.

Así se forman pouco a pouco na mente dun rapaz as ideas das relacións sociais, mesmo antes de que poida ser realmente membro activo da sociedade. Emilio ve que para ter instrumentos que utilizar, cómprenlle tamén instrumentos que utilicen os

⁹⁸ *Discurso sobre a Desigualdade* (N. do T.).

outros, por medio dos que el poida obter, nun troco, as cousas que lle son necesarias e que están en poder deles. Eu vouno levando doadamente a que sinta a necesidade deses trocos e a que se poña en condicións de aproveitalos.

“*Señoría, teño que vivir*”, dicíalle un malfadado autor satírico ao Ministro que lle reprochaba a infamia dese oficio. “*Non vexo a necesidade diso*”, retrucoulle friamente aquel home. Esta resposta, excelente para un ministro, tería sido bárbara e falsa en calquera outra boca. Todo home ten que vivir. Este argumento ao que cadaquén lle dá máis ou menos forza, segundo un teña máis ou menos humanidade, paréceme sen réplica para calquera que o expresa en relación consigo mesmo. Dado que, de todas as aversións coas que a Natureza nos dota, a máis forte é a de morrer, dedúcese que ela permítelle todo a calquera que non teña outra posibilidade para vivir. Os principios sobre os que o home virtuoso aprende a desprezar a súa vida e a inmólala ante o seu deber están ben lonxe desta primitiva sinxeleza. Felices os pobos nos que se pode ser bo sen esforzo e xusto sen virtude! Se existe no mundo algún miserable Estado no que ninguén poida vivir sen facer mal e no que os cidadáns sexan loubáns por necesidade, non é ao malfeitor ao que hai que aforcar senón a quen o forza a se converter niso.

Tan axiña como Emilio saiba o que é a vida, o meu primeiro coidado será aprenderlle a conservala. Ata agora non diferenciei os estamentos, os rangos e as fortunas, e seguirei sen distinguilos de aquí en diante porque o home é o mesmo en todos os estamentos. Porque o rico non ten o estómago máis grande que o pobre e non dixire mellor ca el. Porque o amo non ten os brazos máis longos nin máis fortes que os do seu escravo. Porque un grande non é máis grande que un home do pobo. Porque, en fin, ao ser as mesmas en todas partes as necesidades naturais, os medios de facer fronte a elas deben ser iguais en todas partes. Axeitade a educación do home ao home e non ao que este non é. Seica non vedes que ao traballardes en formalo

exclusivamente para un estamento estades a volvelo inútil para todos os demais e que, se quere a Fortuna, teredes traballado unicamente en facelo infeliz? Existe algo máis ridículo que un gran señor convertido en esmoleiro, cos prexuízos do seu nacemento engadidos á súa miseria? Existe algo máis ruín que un rico empobrecido que, ao se lembrar do desprezo que se lle dá á pobreza, sinte que se converteu no derradeiro dos homes? O primeiro ten como único recurso o oficio de público loubán, o segundo de criado que anda ás arrastras, con esta bonita frase: “*Teño que vivir*”.

Vos confiades na orde actual da sociedade sen pensardes que esta orde está suxeita a revolucións⁹⁹ inevitables, e que vos é imposible prever nin previr a que pode concernir aos vosos fillos. O grande vólvese pequeno, o rico vólvese pobre e o monarca vólvese súbdito. Seica os golpes do destino son tan raros para que poidades contar con estardes exentos deles? Estámonos achegando ao estado de crise e ao século das revolucións¹⁰⁰. Quen vos pode responder do que vai ser entón de vós? Todo o que teñen feito os homes, os homes poden destruílo: non hai máis caracteres imborrables que aqueles que imprime a natureza, e a natureza non fai príncipes nin ricos nin grandes señores. Que ha facer, daquela, na baixeza, este sátrapa que vós educastes unicamente para a grandeza? Que ha facer na pobreza este publicano que unicamente sabe vivir de ouro? Que ha facer, desprovisto de todo, este fastoso imbécil que non sabe actuar en por el e só pon interese naquilo que lle é estra-

⁹⁹ Aínda que a palabra *revolución* (orixinalmente ‘volta, fin dun percorrido, dun ciclo’) comeza no século XVII a coller o sentido de ‘cambio político brusco que pode ir acompañado de violencia e do derrubamento do réxime, golpe de Estado’, sentido que máis tarde incorporará tamén o de cambio lexislativo e social profundo (a Revolución Francesa) tamén significa ‘mudanza grande e brusca’ (N. do T.).

¹⁰⁰ Teño por imposible que as grandes monarquías de Europa vaian durar aínda moito tempo. Todas elas brillaron e todo estado que brilla atópase no declive. Teño no meu criterio outras razóns máis particulares que este precepto, mais non ven ao caso expolas e todo o mundo veas demasiado ben.

ño? Benfadado aquel que sabe abandonar o estamento que está a abandonalo a el e seguir sendo home malia o destino! Que louven tanto como queiran ese rei vencido que quere enterrarse, furioso, baixo os cascallos do seu trono, eu desprézo. Vexo que só existe para a súa coroa e que non é absolutamente nada se non é rei. Mais aquel que a perde e sabe pasar sen coroa sitúase entón por enriba dela. Dende o rango de rei –que un covarde, un malvado ou un tolo pode desempeñar coma calquera– el sobe ao estado de home, que tan poucos homes saben desempeñar. Daquela triunfa sobre a fortuna, desafaa; non lle debe nada a ninguén que non sexa el mesmo, e, cando o único que lle queda é amosarse el mesmo, non é unha nulidade: é algo. Si, prefiro cen veces o rei de Siracusa mestre de escola en Corinto, e o rei de Macedonia escribán en Roma, a un malfadado Tarquino que non sabe o que facer se non reina, ou ao herdeiro dun Rei de Reis¹⁰¹, convertido en xoguete de calquera que ouse insultar a súa miseria, errabundo de corte en corte, a procurar axudas por todas partes e atopando por todas afrontas, por non saber facer outra cousa senón un oficio que xa non está no seu poder.

O home e o cidadán, calquera que sexa, non ten outro ben que presentarlle á sociedade senón el mesmo; os seus bens restantes están malia súa. E cando un home é rico, ou ben non goza da súa riqueza ou ben tamén o público goza dela. No primeiro caso está a lles roubar aos demais aquilo do que el se priva, e no segundo non lles dá nada. Así, a súa débeda social segue enteiriña en tanto el pague só co seu ben. “Mais meu pai, ao gañalo, serviu á sociedade...”. De acordo, pagou a súa débeda, mais non a vosa. Vós debédeslles máis aos outros que se nacédes sen ben ningún, dado que nacestes favorecido. Non é xusto que o que un home fixo pola sociedade descargue a outro do que lle debe a ela. Porque cadaquén, ao deberse enteiriño, só pode pagar por el, e ningún pai pode transmitirlle ao seu fillo

¹⁰¹ Vonones, fillo de Fraates, rei dos Partos.

o dereito de ser inútil aos seus semellantes. Ora ben, iso é, polo contrario, o que el fai, segundo vós, ao lle transmitir as súas riquezas, que son a proba e o prezo do traballo. Aquel que come na ociosidade o que non gañou en por el, estao roubando, e un rendeiro a quen o Estado lle paga por non facer nada non difire practicamente, ao meu ver, dun raspiñeiro que vive a conta dos que pasan. Fóra da sociedade, o home illado, ao non lle deber nada a ninguén, ten o dereito de vivir como lle pete, mais na sociedade, onde necesariamente vive a conta dos demais, débelle a eles en forma de traballo o prezo do seu mantemento. Non hai excepción a isto. Traballar é, pois, un deber indispensable para o home social. Rico ou pobre, poderoso ou feble, todo cidadán ocioso é un loubán.

Ora ben, de todas as ocupacións que lle poden fornecer a mantenza ao home, a que o achega máis ao estado da natureza é o traballo manual. De todas as condicións sociais, a máis independente da fortuna e dos homes é a de artesán. O artesán só depende do seu traballo; é libre, tan libre como escravo é o labrador, porque este depende do seu campo, do que a colleita está á mercé doutro. O inimigo, o príncipe, un veciño poderoso ou un preito pódennlle levar ese campo, e por causa dese campo pódeno prexudicar de mil maneiras. Mais en calquera parte que queiran ofender ao artesán a súa equipaxe faise decontadiño: colle os seus brazos e vaise. Con todo, a agricultura é o primeiro oficio do home: é o máis honrado, o máis útil e, xa que logo, o máis nobre que poida exercer. Eu non lle digo a Emilio: “Aprende a agricultura” porque xa a sabe. Todos os traballos rústicos sonlle familiares, é por eles polos que comezou e é a eles aos que volve sen cesar. Daquela dígolle: “Cultiva a herdanza de teus pais. Mais se perdes esta herdanza, ou se non a tes: que facer? Aprende un oficio”.

“Un oficio ao meu fillo! O meu fillo artesán! Meu señor: de certo que o pensades?”. “Pénsoo mellor ca vós, miña señora, que queredes reduci-lo a non poder ser nunca outra cousa senón

un lord, un marqués, un príncipe, e se cadra un día nada de nada. Eu quero darlle un rango que non poida perder, un rango que o honre sempre. Quéroo elevar ao estado de home e, digades vós o que poidades dicir, el ha ter menos iguais neste título que en todos os que terá a través vosa”.

A letra mata e o espírito vivifica. Trátase menos de aprender un oficio polo feito de sabelo que por vencer os prexuízos que o desprezan. “Vós nunca vos veredes reducido a traballar para vivir”. Peor para vós, tanto peor! Mais non me importa: non traballedes por necesidade, traballade por gloria. Baixádevos ao estado de artesán para estardes por riba do voso. Para someterdes a fortuna e as cousas comezade por vos facerdes independentes delas. Para reinardes por medio da opinión, comezade por reinardes sobre dela.

Lembrede que non é un talento o que vos eu pido: é un oficio, un verdadeiro oficio, unha arte puramente mecánica na que as mans traballan máis que a cabeza, e que non conduce á fortuna mais permite prescindir dela. En casas que están moi por riba do perigo de faltar pan teño visto a algúns pais levaren a previsión ata o punto de uniren ao coidado de instruír aos seus fillos o de provelos de coñecementos que en todo caso lles puidesen ser útiles para vivir. Estes pais previsores coidan facer moito, mais non fan nada, porque os recursos que pensan transmitir aos seus fillos dependen desa mesma fortuna por riba da que queren situalos. De xeito que, con todos eses fermosos talentos, se a persoa que os ten non atopa circunstancias favorables para utilizalos ha perecer de miseria como si non tivese ningún.

Des que se trata de enredos e intrigas, tanto ten empregalos para se manter na abundancia como para volver gañar, no seo da miseria, o que permita regresar ao seu primeiro estado. Se cultivades artes das que o éxito depende da reputación do artista, se vos facedes axeitado para empregos que se obteñen unicamente a través do favor: de que vos ha servir todo iso cando, xustamente anoxado do mundo, desdeñedes os medios

sen os que non se pode triunfar? Vós tedes estudiado a política e os intereses dos príncipes. Está moi ben, mais: que habedes facer con eses coñecementos se non sabedes chegar aos ministros, ás mulleres da corte e aos xefes de servizo, se non tedes o segredo de lles agradar, se todos eles non atopan en vós o loubán que lles convén? Sodes arquitecto ou pintor: de acordo, mais cómpre dar a coñecer o voso talento. Pensades ir expor de boas a primeiras unha obra ao Salón? Oh, as cousas non son así! Cómpre ser da Academia, cómpre mesmo atopar nela protección para obter no recuncho dunha parede un lugaríño escuro. Abandonade a regra e o pincel, collede un carruaxe e correde de porta en porta: é así como un adquire celebridade. Ora ben, debedes saber que todas esas ilustres portas teñen suízos¹⁰² ou porteiros que só entenden polo aceno, e que teñen as orellas nas mans. Queredes ensinar o que aprendestes e facervos mestre de xeografía, de matemáticas, de linguas, de música ou de debuxo? Para iso mesmo cómpre atopar escolares, e en consecuencia predicadores. Contade con que é máis importante ser charlatán que habelencioso, e que, se non sabedes máis oficio que o voso endexamais habedes ser senón un ignorante.

Mirade, daquela, o pouco sólidos que son todos estes brillantes recursos e o necesarios que son outros para tirar partido daqueles. Ademais: que vai ser de vós neste covarde abaixamento? Os reveses, sen vos instruír, envilécenvos. Convertido máis que nunca en xoguete da opinión pública: como vos habedes elevar por riba dos prexuízos, árbitros do voso destino? Como habedes desprezar a baixeza e os vicios que precisades para subsistir? Só dependiades das riquezas e agora dependedes dos ricos; non fixestes senón empeorar a vosa escravitude e sobrecargala coa vosa miseria. Velái que sodes pobre sen serdes libre: é o peor estado no que un home poida caír.

¹⁰² Os Suízos tiñan en Francia sonda de pouco intelixentes e traballaban frecuentemente como subalternos (N. do T.).

Mais, en lugar de recorrerdes, para vivir, a eses altos coñecementos feitos para nutrir a alma e non o corpo, se recorredes, no caso necesario, ás vosas mans e ao uso que sabedes facer delas, todas as dificultades desaparecen e todos os enredos se volven inútiles. O recurso está sempre disposto no momento no que hai que utilizalo. A probidade e o honor non son obstáculo para a vida. Xa non precisades ser covarde e mentireiro diante dos grandes, dondo e rastreiro diante dos loubáns, ruín comprador de todo o mundo, pedidor de préstamos ou ladrón, o que é aproximadamente a mesma cousa cando un non ten nada. A opinión dos demais non vos afecta, non tedes que lle facer as beiras a ninguén, ningún parvo que gabar, ningún Suízo que amolecer, ningunha cortesá que pagar nin –o que é peor– que encher de incenso. Que uns pillabáns dirixan os grandes negocios impórtavos pouco, iso non vos ha impedir a vós, na vosa escura vida, serdes home honrado e terdes pan. Vós entrades no primeiro obradoiro do oficio que teñades aprendido: “Mestre, preciso traballar”. “Oficial, poñédevos aí e traballade”. Antes de que teña chegado a hora do xantar xa o teredes gañado e, se sodes dilixente e sobrio, antes de que pasen oito días teredes con que vivir outros oito: teredes vivido libre, san, verdadeiro, laborioso e xusto. Non é perder o tempo o gañalo así.

Quero por riba de todo que Emilio aprenda un oficio. “Un oficio honrado, cando menos” habedes dicir vós. Que significa esa frase? Seica non é honrado calquera oficio útil para o público? Non quero que sexa bordador nin dourador nin vernizador como o xentilhome de Locke. Non quero que sexa músico nin actor nin autor de libros. Exceptuadas estas profesións e as outras que lles asemellan, que adopte a que queira: eu non pretendo obstaculizalo en nada. Prefiro que sexa zapateiro a poeta, prefiro que enlouse camiños a que faga flores de porcelana. “E mais –habedes dicir vós– os arqueiros, os espías e os verdugos son xente útil”. Só depende do goberno que eles non o sexan. Mais, pasemos: eu estaba enganado, non abonda con escoller un oficio útil, aínda

cómpre que este non esixa da xente que o desempeña calidades de alma odiosas e incompatibles coa humanidade. Así, volvendo á primeira frase, escollamos un oficio honrado, mais lembremos sempre que non existe honradez sen utilidade.

Un célebre autor deste século,¹⁰³ que ten os libros cheos de grandes proxectos e pequenas perspectivas, expresara o desexo, coma todos os sacerdotes da súa comunión, de non ter muller propia, pero –atopándose con máis escrúpulos que os demais canto ao adulterio– din que tomou a decisión de ter bonitas criadas coas que reparaba o mellor que podía a aldraxe que lle fixera a súa especie con aquel compromiso temerario. Consideraba un deber do cidadán o fornecerlle outros á patria, e co tributo que el pagaba neste xénero poboaba a clase dos artesáns. Tan axiña como estes rapaces tiñan a idade, facíalles aprender a todos o oficio que lles gustase, excluindo só as profesións ociosas, insignificantes ou suxeitas á moda, como por exemplo a do fabricante de perrucas, que nunca é necesario e pode tornarse inútil calquera día en canto a natureza non se farte de nos proporcionar cabelos.

Velaí o espírito que debe guiarnos na escolla do oficio de Emilio, ou mellor dito: non somos nós os que debemos facer a escolla senón é o propio Emilio, porque, ao conservaren nel os preceptos dos que está imbuído o desprezo natural polas cousas inútiles, endexamais ha querer consumir o seu tempo en traballos de ningún valor, e o único valor que lle reconece ás cousas é o da súa utilidade real; cómprelle un oficio que lle puidese servir a Robinsón na súa illa.

Pasando revista diante dun rapaz aos produtos da natureza e da arte, excitando a súa curiosidade, seguíndoo alí onde ela

¹⁰³ Trátase do abade Charles–Irénée Castel de Saint– Pierre, que escribiu sobre variados asuntos, dende o celibato dos cregos (ver nota 30) á posibilidade dunha paz perpetua (ver nota 206), e con quen Rousseau mantivo relación. Morto o abade, Rousseau publicou algúns traballos del e tomou notas para preparar unha biografía súa (N. do T.).

o leva, temos a vantaxe de estudarmos os seus gustos, as súas inclinacións e as súas tendencias, e de vermos brillar a primeira faísca do seu xenio se é que ten algún ben definido. Mais un erro común que tedes que evitar é atribuírle ao ardor do talento o efecto da ocasión, e tomardes como unha marcada inclinación cara esta ou estoutra arte o espírito de imitación común ao home e ao macaco, e que leva mecanicamente a un e mais ao outro a quererem facer todo o que ven facer sen saberen demasiado para que serve. O mundo está cheo de artesáns, e sobre todo de artistas que non teñen o talento natural da arte que exercen e aos que empuxaron a ela dende a súa idade máis nova, quer determinados por outras conveniencias ou quer enganados por un celo aparente que igual os podería ter levado caraoutra arte diferente se a tiveran visto practicar decontado. Hai quen sente un tambor e tómasse por xeneral, hai quen ve construír e quere ser arquitecto. Cadaquen está tentado polo oficio que ve facer cando o considera apreciado.

Coñecín un lacaio a quen, ao ver pintar e debuxar ao seu amo, se lle meteu na cabeza ser pintor e debuxante. Dende o momento en que adoptou esa resolución, colleu o lapis, que non abandonou senón para coller o pincel, que non ha abandonar na vida. Sen leccións e sen regras, púxose a debuxar todo o que lle cadra-ba a man. Pasou tres anos enteiros pegado aos seus borranchos sen que nada puidese arrancalo deles endexamais non sendo o seu servizo, e sen se fartar endexamais do escaso progreso que unhas mediocres disposicións lle deixaban facer. Eu vino durante seis meses dun verán ardentísimo, ao mediodía, nun gabinete no que un afogaba ao pasar, sentado ou mellor dito cravado todo o día enriba da súa cadeira, diante dun globo, debuxándoo, volvendo a debuxar, comezando e volvendo comezar arreo cunha invencible obstinación ata que deu reproducido o relevo suficientemente ben como para quedar contento do seu traballo. Finalmente, favorecido polo seu amo e guiado por un artista, conseguiu chegar a abandonar a librea e a vivir do seu pincel.

Ata un certo nivel a perseveranza suple o talento: el chegou a ese nivel e non o superará nunca. A constancia e a emulación deste honrado lacaio son louvables. Hase facer sempre apreciar pola súa asiduidade, pola súa fidelidade e polos seus costumes, mais nunca ha pintar senón decorados de portas. A quen non o había enganar o seu celo e o daría tomado por un verdadeiro talento? Hai moita diferenza entre o feito de un traballo gustar e o de a persoa ser axeitada para el. Cómpren observacións máis finas das que se pensa para asegurarse do verdadeiro xenio e do verdadeiro gusto dun rapaz que amosa moito máis os seus desexos que as súas disposicións, e que sempre é xulgado polos primeiros a falta de saber estudar as outras. Quixera eu que un home asiado nos proporcionase un tratado da arte de observar os rapaces. Sería moi importante coñecer esta arte: os pais e os mestres aínda non teñen os rudimentos dela.

Mais se cadra estamos a darlle aquí importancia de máis á escolla dun oficio. Dado que non se trata senón dun traballo manual, esta escolla non é nada para Emilio e a súa aprendizaxe xa está feita á metade a través dos exercicios cos que o temos ocupado ata agora. Que queredes que el faga? Está preparado para todo: sabe xa manexar o sacho e a aixada, sabe utilizar o torno, o martelo, o cepillo e a lima. As ferramentas de todos os oficios sonlle xa familiares. Xa non se trata senón de adquirir dalgunha destas ferramentas un emprego suficientemente rápido e doado como para igualar en dilixencia aos bos obreiros que as utilizan. E el ten neste punto unha gran vantaxe por riba de todos: é ter o corpo áxil e os membros flexibles para adoptar sen dificultade todo tipo de posturas e prolongar sen esforzo todo tipo de movementos. Ademais, ten os órganos axustados e ben exercitados e toda a mecánica das artes élle xa coñecida. Para saber traballar como mestre só lle falta o hábito, e o hábito só se adquire co tempo. En cal dos oficios entre os que temos que escoller terá el tempo suficiente para se facer dilixente? Xa só se trata diso.

Proporcionádelle ao home un oficio que lle conveña ao seu sexo, e ao mozo un oficio que lle conveña á súa idade: ningunha profesión sedentaria e caseira que efemina e amolece o corpo lle parece nin lle convén. Endexamais un mozo aspirou en por el a ser xastre; cómpre ter arte para levar a este oficio de mulleres o sexo para o que un non está feito¹⁰⁴. A agulla e mais a espada non poden ser manexadas polas mesmas mans. Se eu fose soberano, non había permitirlles a costura e os oficios de agulla senón ás mulleres, e mais aos coxos obrigados a ter as ocupacións delas. Supoñendo que os eunucos fosen necesarios, atopo que os orientais son ben tolos ao fabricalos expresamente. Seica non se contentan cos que fixo a natureza, esas multitudes de homes covardes aos que ela lles mutilou o corazón? Terían moitos máis dos que precisan. Todo home feble, delicado e medoñento está condenado por aquela á vida sedentaria; está feito para vivir coas mulleres ou á súa maneira. Que exerza algún dos oficios propios delas, sexa noraboa. E, se cómpren absolutamente verdadeiros eunucos, que se reduza a ese estado aos homes que deshonran o seu sexo elixindo oficios que non lles conveñen. A súa escolla anuncia o erro da natureza: corríxide este erro dunha maneira ou doutra e só teredes practicado o ben.

Prohíbolle ao meu alumno os oficios insáns, mais non os oficios penosos nin mesmo os perigosos. Exercitan a un tempo a forza e a valentía; son só axeitados para os homes, e as mulleres non os pretenden: como é que non teñen eles vergoña ao invadiren os oficios que aquelas fan?

*Luctantur paucae, comedunt coliphia paucae.
Vos lanam trahitis, calathisque peracta refertis
Vellera...*¹⁰⁵

¹⁰⁴ Non había xastres entre os antigos: os vestidos dos homes facíanos as mulleres na casa.

¹⁰⁵ Rousseau indica en nota que esta cita ("Poucas loitan, poucas comen o pan dos atletas. Vós fiades a la, e, feitas as manelas, levádelas en canastras") é da Sátira II de Xuvenal (N. do T.).

En Italia non se ven mulleres nas tendas, e non se pode imaxinar nada máis triste que a ollada das rúas dese país para aqueles que están afeitos ás de Francia e Inglaterra. Ao ver uns comerciantes de modas venderlles ás damas fitas, pompóns, redeciña ou galón, eu atopaba estes delicados adobíos ben ridículos nunhas grosas mans feitas para darlle ao fol da fragua e bater na bigornia. Díciame: “Neste país as mulleres deberían, como represalia, abrir tendas de brunidores e de armeiros. Ei! Que cadaquén fabrique e venda as armas do seu sexo. Para coñecelas cómpre empregalas”.

Mozo, imprímelle aos teus traballos a man do home. Aprende a manexar cun brazo vigoroso a machada e a serra, a escuadrar unha trabe, a subir enriba dunha cuberta, a botar o cumio e aseguralo con cangos e tirantes. Despois, grítalle á túa irmá que veña axudarche no labor, como ela che dicía que traballases no seu punto de cruz.

Para os meus agradables contemporáneos estou a falar de máis, doume conta diso, pero ás veces déixome arrastrar pola forza das consecuencias. Se un home calquera ten vergoña de traballar en público armado cunha aixola e cinguido por un mandil de pel, non vexo eu nel máis que un escravo da opinión, disposto a poñerse encarnado por actuar ben no momento en que alguén ría da xente honrada. Con todo, cedámoslle ao prexuízo dos pais todo o que non pode prexudicar ao siso dos rapaces. Non é necesario exercer todas as profesións útiles para estimalas a todas elas; abonda con non considerar que ningunha está por baixo dun mesmo. Cando podemos escoller e non nos decidimos por nada: por que non habiamos considerar a conformidade, a inclinación e a afinidade entre as profesións dun mesmo rango? Os traballos dos metais son útiles, e mesmo os máis útiles de todos, porén –a menos que unha razón particular me leve a iso– eu non farei do voso fillo un ferrador, un cerralleiro ou un ferreiro; non me gustaría verlle na súa fragua o rostro dun cíclope. Do mesmo xeito, non faría del un canteiro, e

aínda menos un zapateiro. Todos os oficios son necesarios, mais quen pode escoller debe ter en conta se lle acae, porque niso non hai opinión: nese punto son os sentidos os que nos deciden. Finalmente, non me gustarían esas estúpidas profesións nas que os obreiros, sen enxeño e case autómatas, só exercen sempre as mans no mesmo traballo. Tecedores, fabricantes de medias, serradores de pedras: de que serve empregar neses oficios homes asisados? É unha máquina que dirixe a outra.

Ben considerado todo, o oficio que eu preferiría que fose do gusto do meu alumno é o de carpinteiro. É limpo, é útil e pode exercerse na casa; mantén o corpo suficientemente esperto, esixe no obreiro habilidade e enxeño e, na forma dos labores que a utilidade require non están excluídos nin a elegancia nin o gusto.

Se por azar o xenio do voso alumno estivese decididamente encamiñado cara ás ciencias especulativas, daquela non había eu criticar que se lle dese un oficio conforme ás súas inclinacións: que aprendese a facer, por exemplo, instrumentos de matemáticas, lentes, telescopios, etc.

Cando Emilio aprenda o seu oficio, eu quero aprendelo con el porque estou convencido de que nunca ha aprender ben senón o que habemos aprender xuntos. Daquela, habémonos poñer ambos os dous á aprendizaxe, e non habemos pretender ser tratados como señores senón como verdadeiros aprendices que o son en serio. Por que non o habiamos ser realmente? O tsar Pedro era carpinteiro no estaleiro e tambor nas súas propias tropas: seica pensades que ese príncipe non vos había valer polo nacemento ou polo mérito? Ben entendedes que non é a Emilio a quen lle digo eu iso; é a vós, quenquera que sexades.

Infelizmente, non podemos pasar todo o noso tempo no obradoiro, non somos aprendices de obreiros, somos aprendices de homes e a aprendizaxe deste derradeiro oficio é máis dificultoso e máis longo que o outro. Como habemos facer, entón? Colleremos un mestre de cepillo unha hora cada día, como se colle un mestre

de danza? Non. Non habiamos ser aprendices senón discípulos, e a nosa ambición non é tanto aprender a carpintaría como elevarnos ao estado de carpinteiro. Son, logo, da opinión de que vaíamos todas as semanas cando menos unha ou dúas veces pasar o día enteiro na casa dun mestre, que nos ergamos á mesma hora ca el, que esteamos no labor antes de que chegue, que xantemos á súa mesa, que traballemos baixo as súas ordes e que, despois de termos o honor de cear coa súa familia, volvamos, se queremos, para nos deitarmos nos nosos duros leitos. Velaí como un aprende varios oficios a un tempo, e como un se exercita no traballo manual sen descoidar a outra aprendizaxe.

Sexamos sinxelos actuando ben. Non vaíamos reproducir a vaidade a través dos nosos coidados en combatela. Enorgullecese de ter vencido os prexuízos é someterse a eles. Disque, debido a un antigo costume da casa otomana, o Gran Señor está obrigado a traballar coas súas mans, e é sabido de todos que os labores dunha man real só poden ser obras mestras. El distribúe, daquela, magnificamente estas obras mestras entre os grandes da Porta¹⁰⁶, e o labor é pagado conforme á calidade do obreiro. O que eu vexo mal nisto non é a pretendida humillación, porque, polo contrario, é un ben. Ao forzar aos grandes a compartir con el os esbullos que se lles fai ao pobo, o príncipe vese así menos obrigado a lle roubar ao pobo directamente. É un alivio necesario para o despotismo, e sen el este horrible goberno non daría subsistido.

O verdadeiro mal de semellante costume é a idea que lle dá do seu mérito a ese pobre home. Como o rei Midas, ve cambiar en ouro todo o que el toca, mais non se decata das orellas que iso fai medrar. Para llas conservar cortas ao noso Emilio evitémoslle ás súas mans ese rico talento: que o que el fai non tire o seu prezo do obreiro senón da obra. Non permitamos en-

¹⁰⁶ A corte turca (N. do T.).

dexamais que xulguen a súa senón en comparándoa coa dos bos mestres. Que o seu traballo sexa apreciado polo propio traballo e non porque é del. Dicide do que está ben feito: “*Velaí unha cousa ben feita*”. Mais non engadades: “*Quen a fixo?*”. Se el propio di con aire orgulloso e contento del: “*Fíxena eu*”, engadide friamente: “*Vós ou calquera outro, non importa: sempre é un traballo ben feito*”.

Garimosa nai, protéxete sobre todo das mentiras que che preparan. Se o teu fillo sabe moitas cousas, desconfía de todo o que sabe; se ten a desgraza de ser educado en París e ser rico está perdido. Mentres se atope entre hábiles artistas el ha ter todos os seus talentos, mais lonxe deles xa non os ha ter. En París o rico sábeo todo, o único ignorante é o pobre. Esta capital está chea de afeccionados, e maiormente afeccionadas, que fan os seus labores de igual xeito que o señor Guillermo inventaba as súas cores¹⁰⁷. Coñezo tres honrosas excepcións a isto entre os homes, e pode haber algunha máis, pero non coñezo ningunha entre as mulleres e dubido de que exista. En xeral, un adquire renome nas artes como na toga, un faise artista e xulga aos artistas do mesmo xeito que se fai doutor en dereito e maxistrado¹⁰⁸.

Daquela, se quedase dunha vez establecido que é ben saber un oficio, os vosos rapaces habían saber axiña sen o aprenderen: converteríanse en mestres do mesmo xeito que os concelleiros de Zurich¹⁰⁹. Nada deste cerimonial para Emilio, nada de aparencias e sempre a realidade. Que non se diga que el sabe senón que aprenda en silencio. Que sempre faga a súa obra

¹⁰⁷ Guillermo é o nome dun personaxe (o comerciante) da farsa francesa do século XV *Farsa do Avogado Patelín*, pero nela Guillermo unicamente fala das súas ovelas, non das cores. Onde se fala de que este inventaba cores é nunha adaptación feita no século XVIII (N. do T.).

¹⁰⁸ O cargo de maxistrado mercábase (N. do T.).

¹⁰⁹ Boa parte dos concelleiros do cantón eran elixidos polas corporacións profesionais, que elixían, claro está, a mestres no oficio (N. do T.).

mestra e que nunca sexa considerado mestre, que non se amose como obreiro polo seu título senón polo seu traballo.

Se ata aquí me fixen entender, débese imaxinar como co hábito do exercicio do corpo e do traballo manual eu lle proporciono insensiblemente ao meu alumno o gusto pola reflexión e a meditación, para compensar nel a preguiza que había resultar da súa indiferenza polos xuízos dos homes e mais da tranquilidade das súas paixóns. Cómpre que traballe coma un labrador e que pense coma un filósofo, para non ser tan preguiceiro coma un salvaxe. O gran segredo da educación é facer que os exercicios do corpo e os da mente sirvan sempre de lecer os uns para os outros.

Mais gardémonos de anticipar as instrucións que piden unha mente máis madura. Emilio non será durante longo tempo obreiro sen sentir en por el a desigualdade que ao primeiro só viu. Tamén el ha querer examíname á miña vez, conforme ás normas que lle dou e que están ao seu alcance. Ao recibir todo só de min, ao se ver tan perto do estado dos pobres, ha querer saber por que eu estou tan lonxe deles. Ha facer se cadra, de improviso, preguntas escabrosas: “Vós sodes rico, dixésteis e ben o vexo. Un rico tamén lle debe o seu traballo á sociedade, dado que é home. Mais vós: que facedes, entón, por ela?”. Que diría a iso un bo aio? Ignóroo. Se cadra sería parvo dabondo como para lle falar ao rapaz dos coidados que lle proporciona. Canto a min, o obradoiro tírame do apuro: “Velaí, querido Emilio, unha excelente pregunta; prométovos responder a ela tocante a min no momento en que vós lle deades tamén unha resposta da que esteades contento. Esperando iso, terei coidado en vos devolver, a vós e aos pobres, o que eu posúo de máis, e facer unha mesa ou un banco cada semana, a fin de non ser completamente inútil para todo”.

Velaí que temos regresado a nós mesmos. Velaí o noso rapaz listo para deixar de selo, metido no seu individuo. Velo aí sentindo máis que nunca a necesidade que o liga ás cousas. Despois

de ter comezado por exercitar o seu corpo e os seus sentidos, temos exercitado a súa mente e o seu xuízo. Finalmente temos reunido o uso dos seus membros co das súas facultades; temos feito un ser actuante e pensante; non nos queda xa, para rematar o home, senón facer un ser amante e sensible, é dicir perfeccionarnos a razón a través do sentimento. Mais antes de entrarmos nesta nova orde de cousas, botémoslle unha ollada a aquela da que saímos e vexamos o máis exactamente posible ata onde temos chegado.

Ao primeiro o noso alumno só tiña sensacións, agora ten ideas; unicamente sentía, agora xulga. Porque da comparación de varias sensacións sucesivas ou simultáneas e do xuízo que un se fai delas nace unha caste de sensación mixta ou complexa que eu chamo idea.

A maneira de formar as ideas é o que lle dá un carácter ao entendemento humano. O entendemento que só forma as súas ideas sobre relacións reais é un entendemento sólido, o que se contenta coas relacións aparentes é un entendemento superficial. O que ve as relacións tal como elas son é un entendemento certo, o que as aprecia mal é un entendemento falso. O que argalla relacións imaxinarias que non teñen realidade nin aparencia é un tolo, o que non compara é un imbécil. A aptitude máis ou menos grande para comparar ideas e encontrar relacións é o que determina nos homes o maior ou menor entendemento, etc.

As ideas simples son unicamente sensacións comparadas. Hai xuízos nas simples sensacións tanto como nas sensacións complexas, que eu chamo ideas simples. Na sensación, o xuízo é puramente pasivo, afirma que un sente o que sente. Na percepción ou idea, o xuízo é activo: achega, compara e determina relacións que o sentido non determina. Velaí toda a diferenza, pero é grande. Endexamais a natureza nos engana: somos sempre nós os que nos enganamos.

Vexo servirlle a un rapaz de oito anos queixo xeadado; leva a culler á boca sen saber o que é e, tomado polo frío, exclama:

“*Ai, queima!*”. Experimenta unha sensación moi viva. Non coñece outra máis viva que a calor do lume e coida sentir este. E mais equívocase: o arreguizo do frío fíreo, mais non o queima, e estas dúas sensacións non son semellantes, pois aqueles que teñen experimentado unha e outra non as confunden. Non é, daquela, a sensación a que o engana senón o xuízo que se forma sobre ela.

Acontece o mesmo con aquel que ve por primeira vez un espello ou unha máquina de óptica, ou que entra nunha adega profunda no cerne do inverno ou do verán, ou que mergulla na auga morna unha man moi quente ou moi fría, ou que fai rolar entre dous dedos cruzados unha boliña, etc. Se el se contenta con dicir o que percibe, o que sente, ao ser o xuízo puramente pasivo, resulta imposible que se engane, mais cando xulga a cousa a través da aparencia, é activo, compara, establece por indución relacións que non percibe; daquela engánase ou pódese enganar. Para corrixir ou previr o erro, precisa experiencia.

Amosádelle de noite ao voso alumno as nubes que pasan entre a lúa e el: ha crer que é a lúa a que pasa en sentido contrario e que as nubes están paradas. Hao crer por unha indución precipitada, porque de ordinario ve os pequenos obxectos movérense con preferencia aos grandes. E as nubes seméllanlle máis grandes que a lúa, da que non pode estimar a distancia. Cando, nun barco que voga mira dende un pouco lonxe a ribeira, cae no erro contrario e coida ver correr a terra, porque —ao non se sentir en movemento— mira o barco, o mar ou o río e todo o seu horizonte como un todo inmóbil, do que a ribeira que ve correr só lle parece unha parte.

A primeira vez que un rapaz ve un pau medio mergullado na auga, ve un pau crebado. A sensación é certa, e non deixaría de selo mesmo se non souberamos a razón desta aparencia. Daquela, se lle preguntades o que ve, el di: “*Un pau crebado*”. E di a verdade, porque é moi seguro que ten a sensación dun pau crebado. Mais cando, enganado polo seu xuízo, vai máis

lonxe e despois de ter afirmado que ve un pau crebado afirma tamén que o que ve é efectivamente un pau crebado, daquela, conta unha falsidade. E logo por que? Porque, daquela, vólvese activo e xa non xulga por inspección senón por indución, afirmando o que non sente, a saber, que o xuízo que recibe a través dun sentido tería confirmación a través doutro.

Dado que os nosos erros todos proceden dos nosos xuízos, resulta claro que se nós non tivésemos nunca necesidade de xulgar non habiamos ter necesidade ningunha de aprender, non nos veriamos nunca no caso de nos enganarmos e estaríamos máis felices coa nosa ignorancia do que puidésemos estalo co noso saber. Quen é o que nega que os sabios saben mil cousas verdadeiras que os ignorantes nunca han saber? Están eles por iso máis perto da verdade? Ben ao contrario, afástanse dela ao avanzaren porque –ao facer aínda máis progresos que as luces a vaidade de vulgar– cada verdade que aprenden chega unicamente acompañada por cen xuízos falsos. Resulta dunha evidencia total que as compañías científicas de Europa son só escolas públicas de mentiras, e que seguramente hai máis erros na Academia das Ciencias que en todo un pobo de Huróns.

Dado que canto máis saben os homes máis se enganan, o único medio de evitar o erro é a ignorancia. Non xulgedes e nunca vos habedes equivocar. É a lección da natureza tanto como da razón. Fóra das relacións inmediatas, en número moi pequeno e moi sensibles, que as cousas teñen connosco, por natureza só temos unha profunda indiferenza cara todo o restante. Un salvaxe non había volver o paso para ir ver como traballa a máquina máis fermosa e todos os prodixios da electricidade. “*Que me importa?*” é a frase máis familiar para o ignorante e máis conveniente para o sabio.

Mais, malfadadamente, esta frase xa non nos serve. Todo nos importa dende o momento en que dependemos de todo, e a nosa curiosidade esténdese necesariamente coas nosas necesidades. Velái por qué eu lle atribuí unha curiosidade moi grande ao filó-

sofo, e non lle atribúo ningunha ao salvaxe. Este non precisa a ningún, o outro precisa a todo o mundo, maiormente admiradores.

Hanme dicir que estou saíndo fóra da natureza, e non o creo en absoluto. Esta escolle os seus instrumentos e regúlaos non conforme á opinión senón conforme á necesidade. Ora ben, as necesidades mudan segundo a situación dos homes. Hai moita diferenza entre o home natural que vive no estado de natureza e mais o home natural que vive no estado de sociedade. Emilio non é un salvaxe que relegar no deserto, é un salvaxe feito para vivir nas cidades. Cómpre que saiba atopar nelas o que precisa, tirar partido dos seus habitantes e vivir, senón coma eles, cando menos con eles.

Dado que no medio de tantas relacións novas das que vai depender terá, malia el, que vulgar, aprendámoslle, logo, a vulgar ben.

A mellor maneira de aprender a vulgar ben é a que tende a simplificar as nosas experiencias e a poder mesmo prescindir delas sen caírmos no erro. De onde se deduce que, despois de ter durante moito tempo comprobado as relacións dos sentidos un a través do outro, é preciso aínda aprender a comprobar as relacións de cada sentido por si propio, sen ter necesidade de recorrer a outro sentido. Daquela, cada sensación hase converter para nós nunha idea, e esta idea será sempre conforme á verdade. Tal é a caste de adquisición coa que eu tratei de encher esta terceira idade da vida humana.

Este xeito de proceder esixe unha paciencia e unha circunspección das que poucos mestres son capaces e sen a que endexamais o discípulo aprenderá a vulgar. Se, por exemplo, cando este se equivoca sobre a aparencia dun pau crebado, para lle amosardes o seu erro, vos apresurades a tirar o pau fóra da auga, se cadra habédelo desenganar, mais: que lle habedes aprender? Nada que non dese aprendido por el mesmo. De certo que non é iso o que cómpre facer! Trátase menos de lle aprender unha verdade que de lle amosar como cómpre actuar para descubrir

sempre a verdade. Para instruílo mellor é preciso non o desenganar tan axiña. Tomemos a Emilio e a min como exemplo.

En primeiro lugar, á segunda das dúas preguntas supostas, todo rapaz educado de xeito ordinario non ha deixar de responder afirmativamente. “É, con seguridade –dirá– un pau crebado.” Dubido moito que Emilio me dea a mesma resposta. Ao non ver a necesidade de ser sabio nin de parecelo, nunca ten presa por xulgar. Unicamente xulga sobre a evidencia, e está moi lonxe de atopala nesta ocasión, el que sabe o suxeitos á ilusión que están os nosos xuízos sobre as aparencias, inda que non fose máis que na perspectiva.

Por outra banda, como sabe por experiencia que as miñas preguntas máis frívolas sempre teñen algún obxectivo que de primeiras non dá visto, non colleu o hábito de responder ás tolas. Polo contrario, desconfía delas e ponse atento, examinándolas con moito coidado antes de responder. Endexamais me dá unha resposta da que non estea el mesmo contento, e é difícil de contentar. En fin: non nos preocupamos nin el nin eu de sabermos a verdade das cousas senón unicamente de non caírmos no erro. Atopariámonos moito máis confusos contentándonos cunha razón que non é boa antes que non darmos atopado ningunha. “*Non sei*” é unha frase que nos vai tan ben a ámbolos dous, e que repetimos tan a miúdo, que xa non lle costa nada nin a un nin a outro. Mais, sexa porque non cae naquel descoído ou porque o evita por medio do noso cómodo “*Non sei*”, a miña réplica é sempre a mesma: “Vexámolo, examinémolo”.

Este pau medio mergullado na auga está fixo nunha posición perpendicular. Para sabermos se está crebado, como semella: cantas cousas non temos que facer antes de o tirar da auga ou de lle botar a man!

1º.– En primeiro lugar damos voltas de arredor do pau e vemos que a creba tamén dá voltas coma nós. Daquela é só o noso ollo o que a cambia, e as olladas non moven os corpos.

2º.– Miramos, ben en picado, por riba do extremo do pau que está fóra da auga; daquela o pau xa non está curvado e o

extremo próximo ao noso ollo agáchanos totalmente o outro extremo¹¹⁰. Seica o noso ollo endereitou o pau?

3º.- Axitamos a superficie da auga e vemos o pau pregarse en varias pezas, moverse en zigzag e seguir as ondulacións da auga. Seica o movemento que lle imprimimos a esta auga abonda para crebar, amolecer e fundir así o pau?

4º.- Facemos que escorra a auga e vemos o pau endereitarse pouco a pouco a medida que a auga baixa. Seica non é máis do que cómpre para esclarecer o feito e atopar a refracción? Daquela non é certo que a vista nos engane, pois que só precisamos dela para rectificar os erros que lle atribuímos.

Supoñamos ao rapaz estúpido dabondo como para non sentir o resultado destas experiencias; é entón cando cómpre chamarmos ao tacto en socorro da vista. En lugar de tirardes o pau fóra da auga, deixádeo na súa posición e que o rapaz lle pase a man dun extremo a outro: non ha sentir ángulo ningún: daquela, o pau non está crebado.

Habédesme dicir que aquí non hai só xuízos, senón razoamentos en forma. É certo, mais: non vedes que tan axiña como a mente ten chegado ás ideas todo xuízo é un razoamento? A conciencia de toda sensación é unha proposición, un xuízo. Daquela, tan axiña como un compara unha sensación con outra está un a razoar. A arte de vulgar e máis a arte de razoar son exactamente a mesma.

Quero que Emilio aprenda a dióptrica arredor deste pau ou que, senón, non a saiba nunca. Non terá disecado insectos, non terá contado as manchas do sol, non saberá o que é un microscopio e un telescopio. Os vós doutos alumnos hanse burlar da súa ignorancia. E non andarán enganados porque antes de utilizar estes instrumentos quero que os invente, e ben sospeitades vós que isto non ha chegar tan axiña.

¹¹⁰No coñecido como exemplar C, Rousseau introducirá a seguinte nota: "Despois disto atopei o contrario, unha experiencia máis exacta. A refracción actúa circularmente e o pau semella máis groso no extremo que está na auga que no outro; mais isto non cambia nada a solidez do razoamento, e a consecuencia non é menos certa." (N. do T.).

Velaí o espírito de todo o meu método nesta parte. Se o rapaz fai rolar unha boliña entre dous dedos cruzados e coida sentir dúas bolas, non lle hei permitir que mire antes de que estea convencido de que só hai unha.

Estas aclaracións abundarán –penso eu– para marcar nidia-mente o progreso que fixo ata aquí a mente do meu alumno e o camiño polo que seguiu ese progreso. Mais vós estades se cadra asustados da cantidade de cousas que fixen desfilar diante del. Temedes que afunda a súa mente baixo esta multitude de coñecementos. Todo o contrario: apréndolle moito máis a igno-ralos que a sabelos. Amósolle o camiño da ciencia, doado en verdade mais longo, inmenso e lento de percorrer. Fágolle dar os primeiros pasos para que recoñeza a entrada, mais nunca lle permito ir lonxe.

Obrigado a aprender en por el, utiliza a súa razón e non a doutra persoa, porque para non lle conceder nada á opinión cómpre non lle conceder nada á autoridade, e a maior parte dos nosos erros procede menos de nós que dos demais. Deste exercicio continuo debe resultar un vigor mental semellante ao que un lle proporciona ao corpo por medio do traballo e da fatiga. Outra vantaxe é que un non avanza senón en proporción das súas forzas. A mente, igual que o corpo, só terma daquilo do que pode terminar. Cando o entendemento se apropia das cousas antes de depositalas na memoria, o que tira posteriormente delas é seu, en canto que ao sobrecargar a memoria sen o saber un expónse a non tirar nunca nada que lle sexa propio.

Emilio ten poucos coñecementos, mais os que ten son verdadeiramente seus. Non sabe nada a medias. Entre a pequena cantidade de cousas que sabe –e que sabe ben– a máis importante é que hai moitas que ignora e que algún día pode saber, que hai moitas máis que outros homes saben e que el non ha saber na vida, e que hai unha infinidade doutras que ningún home ha saber endexamais. Ten unha mente universal, non polas luces senón pola facultade de adquirilas, unha mente aberta, inteli-

xente, disposta a todo, e –como di Montaigne– senón instruída cando menos instruíble. Abóndame con que el saiba atopar o *para que* de todo o que fai e o *por que* de todo o que cre. Pois –outra vez máis– o meu obxectivo non é proporcionarlle ciencia senón aprenderlle a adquirila no caso necesario, facerlla estimar exactamente no que vale e facerlle amar a verdade por riba de todo. Con este método avánzase pouco, mais nunca se dá un paso inútil e nunca un se ve forzado a retroceder.

Emilio só ten coñecementos naturais e puramente físicos. Non coñece mesmo a palabra *historia* nin o que é metafísica e moral. Coñece as relacións esenciais do home coas cousas, mais ningunha das relacións morais do home co home. Pouco sabe de xeneralizar ideas e de facer abstraccións. Ve calidades comúns a certos corpos sen razoar sobre estas calidades en si mesmas. Coñece a extensión abstracta coa axuda das figuras xeométricas e coñece a cantidade abstracta coa axuda dos signos alxebraicos. Estas figuras e estes signos son os soportes daquelas abstraccións sobre as que repousan os seus significados. Non procura coñecer as cousas pola súa natureza senón unicamente polas relacións que lle interesan. Só estima o que lle é estraño en relación con el propio, pero esta estimación é exacta e segura. A fantasía e a convención non entran aí para nada. Faille máis caso ao que lle é máis útil e, ao non se desviar endexamais desta maneira de apreciar, non lle concede nada á opinión.

Emilio é laborioso, temperado, paciente, firme e cheo de coraxe. Ao non ter acendida en absoluto a súa imaxinación, esta nunca lle agranda os perigos. É sensible a poucos males e sabe sufrir con constancia porque non aprendeu a pelexar contra o destino. Tocante á morte, non sabe aínda ben o que é, mais, afeito a sufrir sen resistencia a lei da necesidade, cando sexa preciso morrer ha morrer sen laiar e sen resistirse; isto é todo o que a natureza permite nese momento aborrecido por todos. Vivir libre e aferrarse pouco ás cousas mundanas é o mellor medio de aprender a morrer.

Nunha palabra: da virtude Emilio ten todo o que se relaciona con el mesmo. Para ter tamén as virtudes sociais, fáltalle unicamente coñecer as relacións que as esixen; fáltanlle unicamente as luces que a súa mente está totalmente preparada para recibir.

Considérase a el mesmo sen ter en conta aos demais, e atopa ben que os demais non pensen nel. Non lle esixe nada a ninguén e non cre deberlle nada a ninguén. Está só na sociedade humana, só conta con el mesmo. Tamén ten máis dereito ca outro a contar con el mesmo porque é todo o que se pode ser á súa idade. Non ten erros, ou só ten os que son inevitables; non ten vicios, ou só ten aqueles dos que ningún home se pode protexer. Ten un corpo san, os dedos áxiles, a mente equilibrada e sen prexuízos, o corazón libre e sen paixóns. O amor propio –o primeiro e o máis natural de todos– apenas está aínda exaltado nel. Sen turbar o repouso de ninguén, viviu tan contento, feliz e libre como a natureza o permitiu. Seica atopades que un rapaz que chegou así á idade de quince anos ten perdido os anos anteriores?

LIBRO CUARTO

Que axiña pasamos por este mundo! O primeiro cuarto da vida decorreu antes de coñecermos a súa utilización, e o derradeiro aínda decorre despois de rematarmos de gozar dela. Ao primeiro non sabemos vivir, e moi logo xa non podemos. E no intervalo que separa estes dous extremos inútiles as tres cuartas partes do tempo restante son consumidas polo sono, o traballo, a dor, a obriga e as coitas de toda caste. A vida non é tan corta polo pouco tempo que dura como polo feito de, nese pouco tempo, non termos nós case ningún para saboreala. Por moi afastado que estea o momento da morte do do nacemento, a vida sempre é corta de máis cando este espazo se enche mal.

Nacemos, por dicilo así, en dúas veces: unha para existir e outra para vivir; unha para a especie e outra para o sexo. Os que miran a muller como un home imperfecto engánanse sen dúbida, mais a analoxía externa está a prol deles. Ata a idade núbil as criaturas dos dous sexos non teñen nada que os distinga en aparencia: mesmo rostro, mesma figura, mesma tez, mesma voz, todo é igual. As rapazas son criaturas e os rapaces son criaturas; o mesmo nome abonda para seres tan semellantes. Os machos aos que lles impiden o ulterior desenvolvemento do sexo conservan esta conformación toda a súa vida, son sempre criaturas grandes; e as mulleres, ao non perderen esta mesma conformación, semellan dende moitos puntos de vista non seren nunca outra cousa.

Mais o home, en xeral, non está feito para permanecer sempre na infancia. Sae dela no momento prescrito pola natureza, e ese momento de crise, aínda que bastante corto, ten longas influencias.

Do mesmo xeito que o brúo do mar precede ao lonxe á tempestade, esta tormentosa revolución anúnciase polo murmurio das paixóns nacentes; unha fermentación xorda advirte da proximidade do perigo. Un cambio no humor, arroutadas frecuentes e unha continua axitación do espírito tornan o rapaz case indisciplinable. Faise xordo á voz que o volvía doce; é un león en plena febre, non recoñece ao seu guía e non quere xa que o gobernen.

Aos signos morais dun humor que se altera únense cambios sensibles no seu rostro. A súa fisionomía desenvólvese e imprímese de carácter ou a lanuxe rara e suave que medra embaixo das súas meixelas escurécese e faise consistente. A súa voz muda, ou mellor dito pérdea: non é nin rapaz nin home e non dá collido o ton de ningún dos dous. Os seus ollos, eses órganos da alma, que ata agora non dixeron nada, atopan linguaxe e expresión; un lume nacente ánimaos, as súas olladas máis vivas aínda teñen unha santa inocencia pero xa non teñen a

súa primitiva imbecilidade: sinte que poden falar de máis; comeza a saber baixalos e ruborizarse; vólvese sensible antes de saber o que sinte; está inqueda sen razón de o estar. Todo isto pode chegar devagariño e deixarvos aínda tempo, pero se a súa vivacidade se volve impaciente de mais, se o seu arrebatado vira en furor, se se alporiza e se entenrece dun momento a outro, se verte bágoas sen motivo, se diante dos obxectos que comezan a se tornar perigosos para el o seu pulso se acelera e o seu ollo se inflama, se a man dunha muller ao se pousar enriba da súa o fai estremecer, se se turba ou intimida ao carón dela, Ulises, oh sabio Ulises, ten conta de ti: os odres que ti pechabas con tanto coidado están abertos, os ventos desencadeáronse, non deixes nin un instante o temón ou todo está perdido.

Este é o segundo nacemento do que falei; é aquí cando o home nace verdadeiramente á vida e cando nada humano lle é alleo. Ata aquí os nosos coidados non foron senón xogos de nenos; só agora toman unha verdadeira importancia. Esta época na que rematan as educacións ordinarias é propiamente aquela na que debe comezar a nosa, mais, para ben expoñermos este novo plan, retomemos dende antes o estado das cousas con el relacionadas.

As nosas paixóns son os principais instrumentos da nosa conservación: é, daquela, unha empresa tan inútil como ridícula querer destruílas; é controlar a natureza, é reformar a obra de Deus. Se Deus lle dixese ao home que aniquilase as paixóns que el lle dá, Deus estaría a querer e máis a non querer; estaríase contradicindo el mesmo. Nunca deu esta orde insensata: nada semellante está escrito no corazón humano, e o que Deus quere que o home faga non llo manda dicir por outro home senón que llo di el mesmo, escribeo no fondo do seu corazón.

Emporiso, a aquel que quixese impedir que as paixóns naceran, había eu atopar tan tolo como a aquel que quixese aniquilalas, e aqueles que cresen que tal foi o meu proxecto ata agora teríanme con seguridade entendido moi mal.

Mais: seica razoaríamos ben se, polo feito de estar na natureza do home o ter paixóns, concluísemos que todas as paixóns que sentimos en nós e que vemos nos outros son naturais? A súa fonte é natural, é certo, mais mil regueiros alleos téñena engrosado; é un gran río que vai medrando sen cesar e no que apenas daríamos atopado algunhas gotas das súas primitivas augas. As nosas paixóns naturais son moi limitadas; son os instrumentos da nosa liberdade e tenden a nos conservar. Todas as que nos aferrollan e nos destrúen véñennos de fóra; a natureza non nolas dá, nós apropiámonos delas no seu prexuízo.

A fonte das nosas paixóns, a orixe e o principio de todas as demais, a única que nace co home e non o abandona nunca en tanto que este vive, é o amor de si: paixón primitiva, innata, anterior a calquera outra e das que todas as demais non son, en certo sentido, senón modificacións. Neste sentido, todas, se se quere, son naturais. Mais a maior parte destas modificacións teñen causas alleas sen as que nunca se terían producido, e estas mesmas modificacións, lonxe de constituíren para nós avantaxes, sonnocivas, mudan o primeiro obxectivo e van contra do seu principio: é entón cando o home se atopa fóra da natureza e se pon en contradición consigo.

O amor de si mesmo sempre é bo, e sempre conforme coa orde. Ao estar cadaquén encargado especialmente da súa propia conservación, o primeiro e máis importante dos seus coidados é e debe ser velar por ela constantemente. E como había el velar así se non tivese o máis grande interese?

Cómpre, pois, que nos amemos para nos conservarmos e, como consecuencia inmediata do mesmo sentimento, amamos o que nos conserva. Toda criatura vencéllase á súa ama; Rómulo debía vencéllase á loba que o aleitara. Ao primeiro, este vencello é puramente mecánico. O que favorece o benestar dun individuo atráeo, o que o prexudica, repéleo: é só un instinto cego. O que transforma este instinto en sentimento, o vence-llo en amor, a aversión en odio, é a intención manifestada de

prexudicarnos ou de sernos útil. Un non se apaixona polos seres insensibles que unicamente seguen o pulo que lles dan. Mais aqueles dos que un espera o ben ou o mal pola súa disposición interna, pola súa vontade, aqueles que vemos actuar libremente en prol ou en contra, inspírannos sentimentos semellantes aos que eles nos amosan. O que nos serve procurámolo, mais o que nos quere servir amámolo. O que nos prexudica evitámolo, mais o que nos quere prexudicar odiámolo.

O primeiro sentimento dunha criatura é amarse a si mesma, e o segundo –que deriva do primeiro– e amar aos que se lle achegan, porque no estado de febleza no que se atopa non recoñece a ninguén a non ser pola axuda e os coidados que recibe. Ao primeiro, o apego que lle ten á súa ama e á súa aia é só hábito. Búscas porque as precisa e porque se atopa ben ao telas; é máis ben coñecemento que bo sentimento. Cómprelle moito tempo para entender que non só lle son útiles senón que queren selo; e entón é cando comeza a amalas.

Un rapaz está, pois, inclinado por natureza cara ao bo sentimento porque ve que todo o que se lle achega ven para axudalo, e tira desta observación o hábito dun sentimento favorable para a súa especie. Mais, a medida de que estende as súas relacións, as súas necesidades e as súas dependencias activas ou pasivas, o sentimento das súas relacións coas outras persoas desperta e produce o dos deberes e as preferencias. Entón o rapaz faise imperioso, ciumento, enganador e vingativo. Se o dobregan á obediencia, ao non ver en absoluto a utilidade do que lle mandan, atribúeo ao capricho, á intención de atormentalo, e amotínase. Se lle obedecen a el, tan axiña como algo lle resiste ve unha rebelión, un intento de resistirille; bátelles á cadeira ou á mesa por teren desobedecido. O amor de si, que só mira para nós, está contento cando as nosas verdadeiras necesidades son satisfeitas, mais o amor propio, que se compara cos demais, nunca está contento e non podería estalo, porque este sentimento, ao nos preferir aos demais, esixe tamén que os demais nos prefiran a

eles, o que é imposible. Veláí cómo as paixóns doces e afectuosas nacen do amor de si e cómo as paixóns odiosas e irascibles nacen do amor propio. Así, o que volve ao home esencialmente bo é ter poucas necesidades e compararse pouco cos demais; e o que o volve esencialmente malo é ter moitas necesidades e ter moi en conta a opinión. Con este principio é doado ver como podemos dirixir cara ao ben ou cara ao mal todas as paixóns dos rapaces e dos homes. É certo que ao non poderen vivir sempre sós dificilmente han vivir sempre bos; esta mesma dificultade aumentará necesariamente as súas relacións; e é nisto, sobre todo, no que os perigos da sociedade nos fan máis indispensables a arte e os coidados para previr no corazón humano a depravación que nace das súas novas necesidades.

O estudio conveniente para o home é o das súas relacións. En canto que non se coñece senón polo seu ser físico, débese el estudar a través das súas relacións coas cousas: é a ocupación da súa infancia. Cando comeza a sentir o seu ser moral, débese estudar a través das súas relacións cos homes: é a ocupación da súa vida enteira, comezando dende o punto ao que temos chegado.

Tan axiña como o home precisa unha compañeira xa non é un ser illado, o seu corazón xa non está só. Todas as súas relacións coa súa especie, todos os afectos da súa alma nacen con esta. A súa primeira paixón fai moi axiña fermentar as outras.

A inclinación do instinto é indeterminada. Un sexo é atraído cara ao outro: veláí o movemento da natureza. A escolla, as preferencias e o vencellamento persoal son obra das luces, dos prexuízos e do hábito: cómpre tempo e coñecementos para nos facermos capaces de amor; ámase só despois de ter xulgado, prefírese só despois de ter comparado. Estes xuízos fanse sen que un se decate deles, pero non deixan de ser menos reais. O verdadeiro amor, dígase o que se diga, será sempre honrado polos homes, porque, aínda que as súas arroutadas nos desvíen, aínda que aquel non exclúa calidades odiosas do corazón

que o sinte, e mesmo que as produza, tamén soporta sempre outras estimables sen as que non se estaría en condicións de sentilo. Esta escolla que se xulga oposta á razón procede dela. Caracterizouse o amor como cego porque ten mellores ollos ca nós e ve relacións que nós non podemos dexergar. Para aquel que non tivese ningunha idea sobre o mérito e a beleza, calquera muller sería igualmente boa e a primeira que aparecese sería sempre a máis axeitada para amar. O amor está lonxe de proceder da natureza: el é a regra e o freo das súas inclinacións; é debido a el polo que, exceptuado o obxecto amado, un sexo non é xa nada para o outro.

A preferencia que se concede quérese obtela; o amor debe ser recíproco. Para ser amado cómpre facerse merecente do amor, para ser preferido cómpre ser mais merecente do amor ca outro, ca todos os outros, cando menos para os ollos do obxecto amado. De aí as primeiras olladas aos semellantes, de aí as primeiras comparanzas con eles, de aí a emulación, as rivalidades, os ciúmes. Un corazón cheo dun sentimento que reborda gusta de espaxarse: da necesidade dunha amante nace axiña a dun amigo. O que sente o doce que é ser amado quixera selo por todo o mundo, e sería imposible que todos quixesen ter preferencias sen que houbera moitos descontentos. Co amor e a amizade nacen as disensións, a inimidade e o odio. No seo de tantas paixóns diversas vexo como a opinión se ergue un trono inquebrantable e como os estúpidos mortais, escravos do seu imperio, fundan a súa propia existencia unicamente sobre os xuízos dos demais.

Estendede estas ideas e habedes ver de onde lle ven ao noso amor propio a fórmula que nel imaxinamos natural e como o amor de si, ao deixar de ser un sentimento mutuo convértese en orgullo nas grandes almas e en vaidade nas pequenas, e en todas se alimenta sen cesar a expensas do próximo. Esta caste de paixóns, ao non ter o seu xermolo no corazón dos rapaces, non pode nacer nel por ela mesma. Somos unicamente nós quen

o levamos alí e nunca aquelas se enraízan nel senón por culpa nosa. Mais non acontece así no corazón do mozo: fagamos nós o que fagamos, han nacer alí malia nosa. É tempo, entón, de cambiarmos de método.

Comecemos por unhas reflexións importantes sobre o estado crítico do que aquí se trata. O paso da infancia á puberdade non está tan determinado pola natureza como para que non varíe nos individuos segundo os temperamentos e nos pobos segundo os climas. Todo o mundo coñece as distincións observadas neste punto entre os países quentes e os países fríos e cadaquén ve que os temperamentos ardentes se forman máis cedo que os outros. Mais pódese un enganar sobre as causas e atribuír con frecuencia ao físico o que cómpre imputarlle ao moral: este é un dos erros máis frecuentes da filosofía do noso século. As instrucións da natureza son tardías e lentas, as dos homes case sempre son prematuras. No primeiro caso os sentidos espertan a imaxinación, no segundo a imaxinación desperta os sentidos, proporciónalles unha actividade precoz que non pode deixar de enervar, de enfeblecer, primeiro aos individuos e, despois, á longa, á propia especie. Unha observación máis xeral e máis segura que a do efecto dos climas é que a puberdade e a potencia do sexo é sempre máis apresurada entre os pobos instruídos e civilizados que entre os pobos ignorantes e bárbaros¹¹¹. Os

¹¹¹ "Nas cidades –di o señor de Buffon– e entre a xente acomodada, os rapaces, afeitos a unha mantenza abundante e succulenta, chegan máis cedo a ese estado; no campo e entre o pobo pobre, os rapaces son máis tardíos porque están mal e pouco alimentados; cómprenlles dous ou tres anos máis" (*Historia Natural*, t. IV, p. 238). Admito a observación mais non a explicación, pois que na bisbarra onde o aldeán se alimenta moi ben e come moito, como no Valais e mesmo en certos cantóns montañosos de Italia coma o Friul, a idade da puberdade nos dous sexos é igualmente máis tardía que no seo das cidades, onde, para satisfacer a vaidade, ponse con frecuencia no comer unha extremada parsimonia e onde a maioría ten, como di o refrán, *roupa de veludo e ventre de farelo*. Un asómbrase ao ver nestas montañas mozallóns fortes, coma homes, aínda coa voz aguda e co queixelo sen barba, e mais rapazotas, polo demais moi formadas, sen signo periódico ningún do seu sexo. Diferenza que, para min, procede unicamente do feito de que, na sinxeleza dos seus costumes, a súa imaxinación –máis tempo apacible e calma– fai fermentar o seu sangue máis tarde e volve o seu temperamento menos precoz.

rapaces teñen unha sagacidade singular para distinguir a través de todas as macacadas da decencia os malos costumes que esta encobre. A linguaxe depurada que lles ditan, as leccións de urbanidade que lles dan, o veo de misterio que aparentan tender diante dos seus ollos son outros tantos aguillóns para a súa curiosidade. Polo xeito como se actúa, resulta claro que o que se finxe esconderlles non é máis que para aprendérllelo; e de todas as instrucións que lles dan esta é a que mellor lles aproveita.

Consultade a experiencia, habedes entender ata que punto este método insensato acelera a obra da natureza e arruína o temperamento. Esta é unha das principais causas que fan denerar as razas nas cidades. A xente nova, esgotada moi cedo, queda pequena, feble e mal feita, envellece en lugar de medrar, como a viña á que obrigaron a levar froito na primavera languidece e morre antes do outono.

Cómpre ter vivido entre pobos groseiros e simples para coñecer ata que idade unha feliz ignorancia pode prolongar neles a inocencia dos rapaces. É un espectáculo a un tempo emocionante e risible ver alí os dous sexos, entregados á seguridade dos seus corazóns, prolongaren na flor da idade e da beleza xogos inxenuos da infancia e mostraren pola súa mesma familiaridade a pureza dos seus praceres. Cando finalmente esta amable mocidade chega ao casamento, os dous esposos, dándose mutuamente as primicias da súa persoa, son máis queridos un para outro, e multitudes de rapaces sans e robustos convértense na prenda dunha unión que nada altera e no froito da prudencia dos seus primeiros anos.

Se a idade na que o home adquire conciencia do seu sexo difire tanto polo efecto da educación como pola acción da natureza, dedúcese disto que se pode acelerar e retardar esta idade segundo a maneira como se eduque aos rapaces; e se o corpo gaña ou perde consistencia a medida que se retarda ou acelera este progreso, dedúcese tamén que, canto máis un se aplica en retardala, máis vigor e forza adquire un mozo. Non estou aínda

a falar senón dos efectos puramente físicos; axiña veremos que non se limitan a isto.

Destas reflexións tiro eu a solución da pregunta, con frecuencia esgrimida, de se convén iluminar aos rapaces dende moi cedo sobre os obxectos da súa curiosidade ou se vale máis desvialos por medio de modestos erros. Penso que non cómpre facer unha cousa nin outra. En primeiro lugar, esta curiosidade non lles ven sen que llela teñan provocado. Cómpre, daquela, facer de xeito que non a cheguen a ter. En segundo lugar, unhas preguntas que non estamos obrigados a responder non esixen en absoluto que se engane a quen as fai; é mellor impor silencio antes que lles responder mentindo. El verase pouco sorprendido con esta lei se tiveron coidado en suxeitalo a ela nas cousas indiferentes. Finalmente, se se adopta a decisión de responder, fágase coa maior sinxeleza, sen misterio, sen embarazo, sen sorrir. Existe menos perigo en satisfacer a curiosidade dun rapaz que en excitala.

Que as nosas respostas sexan sempre graves, cortas e decididas, e que nunca aparenten dubidar. Non preciso engadir que deben ser certas. Non se pode aprenderlles aos rapaces o perigo de lles mentir aos homes sen sentir por parte dos homes o perigo máis grande de lles mentir aos rapaces. Unha soa mentira comprobada do mestre ao alumno arruinaría para sempre todo o froito da educación.

Unha ignorancia absoluta sobre certas materias é se cadra o que mellor lles conviría aos rapaces, mais que aprendan dende cedo o que é imposible esconderlles sempre. Cómpre que, ou ben a súa curiosidade non se esperte de ningunha maneira, ou que sexa satisfeita antes da idade na que ela pode presentar algún perigo. A vosa conduta co voso alumno depende moito nisto da súa situación particular, das compañías que o rodean, das circunstancias nas que prevemos que se ha poder atopar, etc. É importante aquí non deixar nada ao azar, e se non estades seguro de lle facer ignorar ata os dezaseis anos a diferenza dos sexos, tede conta de que a aprenda antes dos dez.

Non me gusta que se afecte cos rapaces unha linguaxe depurada de máis nin que se dean longas viravoltas –das que eles se decatan– para evitar chamarlles ás cousas polo seu verdadeiro nome. Os bos costumes, nestes asuntos, teñen sempre máis sinxeleza, pero algunhas imaxinacións lixadas polo vicio volven a orella delicada e forzan a refinar sen descanso as expresións. Os termos groseiros non teñen consecuencias, son as ideas lascivas as que cómpre arredar.

Aínda que o pudor sexa natural na especie humana, os rapaces non o teñen naturalmente. O pudor nace só co coñecemento do mal. E como é que os rapaces –que non teñen nin deben ter este coñecemento– haberían ter o sentimento que é efecto del? Darlles leccións de pudor e de decencia significa aprenderlles que hai cousas vergoñentas e indecentes, é provocarlles un desexo secreto de coñecer esas cousas. Tarde ou cedo acabaran acadándoo, e a primeira muxica que toca a imaxinación acelera con certeza a lumerada dos sentidos. Calquera que se ruboriza é xa culpable: a verdadeira inocencia non se avergoña de nada.

Os rapaces non teñen os mesmos desexos que os homes, mais, presos coma eles da sucidade que fire os sentidos, poden con esta única suxeición recibir as mesmas leccións de urbanidade. Seguíde o espírito da natureza, que, colocando nos mesmos lugares os órganos dos praceres secretos e o das necesidades noxentas, inspíranos os mesmos coidados en diferentes idades, ben por unha idea, ben por outra: ao home pola modestia, ao rapaz pola limpeza.

Non vexo senón unha boa maneira de lles conservar aos rapaces a súa inocencia: é que todos os que o rodean a respecten e a amen. Sen iso, toda a precaución que se trata de usar con eles desméntese cedo ou tarde. Unha sorriso, un chiscar de ollo, un aceno escapado, dinlles todo o que se procura calarlles; abóndalles para aprendelo con ver que llelo quixeron ocultar. A delicadeza de xiros e expresións que utilizan entre elas as persoas educadas –supoñendo luces que os rapaces non deben

ter– está completamente fóra de lugar con eles, mais cando se honra verdadeiramente a súa sinxeleza, úsase doadamente, ao lles falar, a dos termos que lles conveñen. Existe unha certa inxenuidade de linguaxe que lle acae e que lle gusta á inocencia: velaí o verdadeiro ton que desvía a un rapaz dunha perigosa curiosidade. Ao lle falar sinxelamente de todo non se lle deixa sospeitar que exista máis nada que lle dicir. Ao unir as palabras groseiras coas ideas desagradables que lles conveñen apágase o primeiro lume da imaxinación: non se lle prohíbe pronunciar estas palabras e ter estas ideas senón que se lle imprime, sen que pense niso, repugnancia ao lembralas. E canta dificultade non lles salva esta liberdade inxenua a aqueles que, tirándoa do seu propio corazón, din sempre o que cómpre dicir e sempre o din tal como o sentiron!

“*Como se fan os fillos?*” Pregunta embarazosa que lles xorde de xeito bastante natural aos rapaces e da que a resposta indiscreta ou prudente decide por veces os seus costumes e a súa saúde para toda a vida. A maneira máis corta que unha nai imaxina para librarse dela sen enganar ao seu fillo é imporlle silencio. Estaría ben se o tivesen afeito dende moi atrás en preguntas indiferentes e non sospeitase misterio ningún neste novo xeito de falar. Mais raramente a cousa queda alí. “*É o segredo da xente casada, –halle dicir– os rapaces novos non deben ser tan curiosos*”. Velaí unha boa resposta para tirar do apuro á nai, mais debe saber que, aguilloado con este aire de desprezo, o rapaciño non acougará un momento ata ter aprendido o segredo da xente casada, e que non ha tardar en aprendelo.

Permítaseme reproducir unha resposta ben diferente que sentín dar á mesma pregunta e que me sorprende tanto máis canto proviña dunha muller tan modesta nas súas falas como nas súas maneiras, pero que sabía, en caso necesario, darlle unha patada, polo ben do seu fillo e da virtude, ao falso medo da crítica e dos comentarios finchados dos graciosos. Non había moito tempo que o rapaz botara coa urina unha pedriña que

lle rachara a uretra, mais o mal pasado estaba xa esquecido. “–*Mamai* –dixo o pequeno toleirán– *como se fan os fillos?*” “–*Meu filliño*, –responde a nai sen o mirar– *as mulleres méxanos con dores que ás veces lles custan a vida*”. Poden os tolos rir e os parvos escandalizarse, mais que os sabios busquen se dan atopado algunha vez unha resposta máis asisada e que conveña máis aos seus fins.

De primeiras, a idea dunha necesidade natural e coñecida polo rapaz desvía a dunha operación misteriosa. As ideas accesorias da dor e da morte cobren aquela cun pano de tristura que amortece a imaxinación e reprime a curiosidade; todo dirixe a mente cara ás consecuencias do parto e non cara ás súas causas. As eivas da natureza humana, dos obxectos noxentos, das imaxes de sufrimento, velaí as ilustracións ás que leva esta resposta, se é que a repugnancia inspirada lle permite ao rapaz preguntar por elas. Por onde ha ter ocasión de nacer a inquedanza dos desexos en conversas así dirixidas? E mais ben vedes que a verdade non foi alterada e que non foi preciso enganar ao alumno en lugar de instruílo.

Os vosos rapaces len, adquiren nas súas lecturas coñecementos que non terían se non chegasen a ler. Se estudian, a imaxinación acéndese a agúzase no silencio do gabinete. Se viven en sociedade, escoitan un falar estraño e ven exemplos que os asombran: convencéronnos tan ben de que eles eran homes, que en todo o que os homes fan na súa presenza buscan axiña cómo lles pode convir a eles. Cómpre que as accións das outras persoas lles sirvan de modelo cando os xuízos das outras persoas lles serven de lei. Algúns domésticos dependentes deles –e conseguintemente interesados en lles agradar– fanlles as beiras a conta dos bos costumes, e algunhas amas ridoras fálanlles aos catro anos dun xeito que a máis lercha non se atrevería a utilizar cando teñen quince. Axiña esquecen elas o que lles dixeron, mais eles non esquecen o que escoitaron. Os diálogos abandallados preparan os costumes libertinos: o lacaio

loubán volve ao rapaz un baldreu, e o segredo dun encobre ao do outro.

O rapaz educado segundo a súa idade está só. Non coñece outros vencellos que os do costume; quérelle á súa irmá igual que ao seu reloxo, e ao seu amigo igual que ao seu can. Non se sente de sexo ningún nin de especie ningunha: o home e a muller sonlle igual de estraños. Non aplica nel nada do que aqueles fan ou din: nin o ve nin o oe, ou non lle presta atención. Os seus discursos non lle interesan máis que os seus exemplos, todo iso non está feito para el. Non é un erro artificioso que lle introducen con este método: é a ignorancia da natureza. Xa chegará o tempo no que a propia natureza terá coidado en iluminar ao seu alumno, e só será entón cando o teña posto en condicións de aproveitar sen risco as leccións que ela lle proporciona. Velaí o principio: o detalle das regras non é asunto meu, e os medios que propoño cara a outros obxectivos serven de novo como exemplo para este.

Queredes poñer orde e regra nas paixóns nacentes? Estendede o espazo durante o cal elas se desenvolven, a fin de que teñan tempo de se organizaren a medida de que nacen. Daquela, non é o home quen as ordena, é a propia natureza; o voso cometido non é senón deixarlle organizar o seu traballo. Se o voso alumno estivese só non habiades ter nada que facer, mais todo o que o rodea inflama a súa imaxinación. O torrente dos prexuízos arrástrao, para termar del cómpre empurralo en sentido contrario. Cómpre que o sentimento encadee a imaxinación e que a razón faga calar a opinión dos homes. A fonte de todas as paixóns é a sensibilidade. A imaxinación determina a súa pendente. Todo ser que sente as súas relacións debe verse afectado cando estas relacións se alteran e el imaxina –ou cre imaxinar– outras máis convenientes para a súa natureza. Son os erros da imaxinación os que transforman en vicios as paixóns de todos os seres limitados, mesmo dos anxos, se é que as teñen. Porque sería preciso que coñecesen a natureza de todos os seres para saber que relacións lle conveñen mellor á súa.

Velaquí, pois, a suma de toda a sabedoría humana canto ao uso das paixóns: 1º) sentir as verdadeiras relacións do home tanto na especie como no individuo, e 2º) ordenar todos os afectos da alma segundo estas relacións.

Mais: seica o home é dono de ordenar os seus afectos segundo unhas relacións ou outras? Sen dúbida, se é que é dono de dirixir a súa imaxinación cara a un obxecto ou outro ou de lle crear un hábito ou outro. Por outra banda, aquí trátase menos do que un home pode facer sobre si mesmo que do que nós podemos facer sobre o noso alumno por medio da escolla das circunstancias nas que o colocamos. Expor os medios axeitados para o manter na orde da natureza equivale a dicir de xeito suficiente como pode saír dela.

Namentres á súa sensibilidade se mantén limitada ao seu individuo non hai nada moral nas súas accións. Só cando aquela comeza a estenderse fóra del é cando adopta, primeiro os sentimentos e logo as nocións do ben e do mal que o fan constituírse verdadeiramente en home e parte integrante da súa especie. É, daquela, neste primeiro punto onde cómpre fixar primeiro as nosas observacións.

Son estas difíciles en canto que, para facelas, cómpre rexeitar os exemplos que temos á vista e procurarmos aqueles nos que os desenvolvementos sucesivos se fan segundo a orde da natureza.

Un rapaz moldeado, pulido e civilizado, que non agarda senón a capacidade de pór en práctica as instrucións prematuras que recibiu, endexamais se engana sobre o momento en que esta capacidade se lle presenta. Lonxe de agardala, aceléraa e dálle ao seu sangue unha fermentación precoz; sabe cal debe ser o obxecto dos seus desexos moito antes mesmo de os experimentar. Non é a natureza quen o excita, é el quen a forza. Esta non ten máis nada que lle aprender ao facelo home: xa o era por medio do pensamento antes de selo en efecto.

O verdadeiro camiñar da natureza é máis gradual e máis lento. Pouco a pouco o sangue vai fervendo, os espíritos vanse

elaborando e o temperamento vaise formando. O sabio obreiro que dirixe a fábrica ten coidado en perfeccionar todos os seus instrumentos antes de os poñer á obra: unha longa inquedaanza precede os primeiros desexos e unha longa ignorancia os desvía; desexamos sen sabermos o que. O sangue fermenta e rebule; unha sobreabundancia de vida trata de se espallar por fóra. O ollo anímase e percorre os outros seres, comezamos a nos interesar por aqueles que nos rodean, comezamos a sentir que non estamos feitos para vivirmos sós: é así como o corazón se abre ós afectos humanos e se volve capaz de vencellarse aos outros.

O primeiro sentimento do que é susceptible un mocíño coidadosamente educado non é o amor senón a amizade. O primeiro acto da súa nacente imaxinación é aprenderlle que ten semellantes, e a especie aféctalle antes que o sexo. Velaí, daquela, outra vantaxe da inocencia prolongada: é a de aproveitar a nacente sensibilidade para botar no corazón do adolescente mozo as primeiras sementes de humanidade: vantaxe tanto máis preciosa canto que este é o único momento da vida na que os mesmos coidados poden ter verdadeiro éxito.

Sempre vin que os mozos corrompidos dende cedo e entregados ás mulleres e á bandallada eran inhumanos e crueis; a fogaxe do temperamento volvíaos impacientes, vingativos e furiosos; a súa imaxinación, ocupada por un único obxecto, refugaba todo o resto; non coñecían nin a piedade nin a misericordia; terían sacrificado pai e nai e o universo enteiro ao menor dos seus praceres. Polo contrario, un mocíño educado nunha feliz sinxeleza vese inclinado polos primeiros movementos da natureza cara ás paixóns tenras e afectuosas; o seu compasivo corazón conmóvese ante as coitas dos seus semellantes; estremécese de contento cando volve ver ao seu compañeiro e os seus brazos saben atopar as garimosas apertas e os seus ollos verter bágoas de emoción; é sensible á vergoña de non gustar, á mágoa de ter ofendido. Se a ardor dun sangue que ferve o volve vivo, arrebatado e colérico, no momento seguinte vese toda

a bondade do seu corazón na efusión do seu arrepentimento; chora e salouca enriba da ferida que fixo; quixera, aínda que lle custase o seu sangue, rescatar o que el verteu; todo o seu arrebatado apágase e todo o seu orgullo humíllase diante do sentimento da súa culpa. Se el mesmo é ofendido, no máis forte do seu furor, unha desculpa, unha palabra, é capaz de desarmalo; perdoa os danos doutro de tan bo corazón como repara os seus. A adolescencia non é a idade da vinganza nin da xenreira, é a da conmiseración, da clemencia e da xenerosidade. Si, sostéño e non temo ser desmentido pola experiencia: un rapaz que non é un mal nacido e que conservou ata os vinte anos a súa inocencia é a esta idade o máis xeneroso, o mellor, o máis amante e o máis amable dos homes. Nunca vos teñen dito nada semellante, ben o creo: os vósos filósofos, educados en toda a corrupción dos colexios non poden saber iso.

É a febleza do home a que o volve sociable; son as nosas miserias comúns as que inclinan os nosos corazóns á humanidade: non lle deberíamos nada se non fósemos homes. Todo vencellamento é un signo de insuficiencia: se cada un de nós non tivese necesidade ningunha dos outros, non había practicamente pensar en se unir a eles. Así, da nosa propia eiva nace a nosa fráxil felicidade. Un ser verdadeiramente feliz é un ser solitario; só Deus goza dunha felicidade absoluta, mais quen de nós ten a idea dela? Se algún ser imperfecto puidese bastarse a el mesmo: de que pensamos nós que había el gozar? Estaría só, había ser miserable. Non concibo que aquel que non precise nada poida estimar cousa ningunha: non concibo que o que non estima nada poida ser feliz.

Dedúcese disto que nós vencellámonos aos nosos semellantes menos polo sentimento dos seus praceres que polo das nosas coitas, porque nelas vemos moito máis a identidade da nosa natureza e as garantías do seu vencellamento para nós. Se as nosas necesidades comúns nos unen polo interese, as nosas miserias comúns únennos polo afecto. O aspecto dun home feliz

inspíralles aos outros menos amor do que envexa; acusaríanos doadamente de usurpar un dereito que non ten ao se fabricar unha felicidade exclusiva, e o amor propio sofre aínda ao nos facer sentir que este home non ten necesidade ningunha de nós. Mais: quen é o que non se doe do malfadado que ve sufrir? Quen é o que non quería liberalo dos seus males se iso non custase máis que un desexo? A imaxinación ponnos no lugar do miserable antes que no do home feliz; sentimos que un destes estados tócanos máis perto que o outro. A piedade é doce porque, ao se poñer no lugar do que sofre, un sente malia todo o pracer de non sufrir coma el. A envexa é amarga, en tanto que o aspecto dun home feliz, lonxe de poñer o envexoso no seu lugar, infúndelle pesar por non estar nel. Semella que un nos libra dos males que sofre e que o outro nos tira os bens dos que goza.

Queredes, daquela, excitar e alimentar no corazón dun moción os primeiros movementos da nacente sensibilidade e dirixirdes o seu carácter cara á beneficencia e a bondade? Non vaia des facer xermolar nel o orgullo, a vaidade e a envexa a través da enganosa imaxe da felicidade dos homes. Non expoñades, de primeiras, aos seus ollos a pompa das cortes, o fasto dos palacios e a atracción dos espectáculos. Non o paseedes polos círculos e as reunións brillantes. Non lle amosedes o exterior da gran sociedade senón despois de telo posto en situación de apreciála en si mesma. Amosarlle o mundo antes de que coñeza os homes non é formalo, é corrompelo; non é instruílo, é enganalo.

Os homes non son por natureza nin reis, nin grandes, nin cortesáns, nin ricos; todos naceron nus e pobres, todos suxeitos ás miserias da vida, aos pesares, aos males, ás necesidades e ás dores de todo tipo; ao final todos están condenados á morte. Velaí o que lle acontece verdadeiramente ao home; velaí aquilo do que ningún mortal está exento. Comezade, pois, por estudar des da natureza humana aquilo que é o máis inseparable dela, o que mellor constitúe a humanidade.

Aos dezaseis anos, o adolescente sabe o que é sufrir, porque el mesmo ten sufrido; mais apenas sabe que tamén sofren outros

seres; velo sen sentilo non é sabelo, e, como xa dixen cen veces, ao non imaxinar en absoluto o rapaz o que os outros senten non coñece outros males que os seus. Mais cando o primeiro desenvolvemento dos sentidos prende nel o lume da imaxinación comeza a se sentir nos seus semellantes, a se conmover cos seus laios e a sufrir coas súas dores. É entón cando o triste cadro da humanidade sufrinte debe levar ao seu corazón o primeiro entenebremento que nunca tivera experimentado.

Se ese momento non é doado de observar nos vosos rapaces: a quen criticades? Instruídelos dende tan cedo en aparentaren sentimentos, aprendédeslles tan cedo a linguaxe, que, ao falaren sempre no mesmo ton, reviran as vosas leccións contra vosa e non vos deixan xeito ningún de distinguir cando, ao cesaren de mentir, comezan a sentir o que din. Mais, mirade para o meu Emilio; ata a idade á que eu o teño guiado non sentiu nin mentiu. Antes de saber o que é querer, non lle ten dito a ninguén “*Quérolle ben*”; non lle indicaron a compostura que debía observar ao entrar no cuarto de seu pai, de súa nai ou do seu aio enfermo; non lle amosaron a arte de aparentar a tristeza que non tiña. Nunca finxiu chorar pola morte de ninguén porque non sabe o que é morrer. A mesma insensibilidade que ten no corazón tena tamén nas súas maneiras. Indiferente a todo non sendo a el propio, como todos os demais rapaces non se interesa por ninguén; o único que o distingue é que non quere aparentar que o fai e que non é falso coma eles.

Ao ter reflexionado pouco sobre os seres sensibles, Emilio ha tardar en saber o que é sufrir e morrer. Os prantos e os berros comezarán a mover as súas entrañas; a visión do sangue que corre faralle desviar a vista; as convulsións dun animal moribundo daranlle non sei que angustia antes de que saiba de onde proceden estes novos movementos. Se tivese permanecido estúpido e bárbaro non os había ter; se estivese máis instruído había coñecer a orixe deles. Xa ten comparado demasiadas ideas como para non sentir nada, e aínda non ten comparado as suficientes para comprender o que sente.

Así nace a piedade, primeiro sentimento relativo que toca o corazón humano seguindo a orde da natureza. Para volverse sensible e compasivo cómpre que o rapaz saiba que hai seres semellantes a el que sofren o que el sufriu, que senten as dores que el sentiu, e outros dos que debe ter a idea de que poden tamén chegar a sentilos. Efectivamente: como é que nos deixamos conmover ata a piedade senón transportándonos fóra nosa e identificándonos co animal que sofre? Como senón abandonando –por dicilo así– o noso ser para adoptarmos o seu? Non sufrimos senón en canto xulgamos que el sofre; non é en nós, é nel onde sufrimos. Así, ningún se torna sensible senón cando a súa imaxinación se anima e comeza a transportalo fóra de si mesmo.

Para excitar e alimentar esta nacente sensibilidade, para guiala ou seguila na súa inclinación natural: que é o que temos que facer senón ofrecerlle ao mocío obxectos sobre os que poida actuar a forza expansiva do seu corazón, que o dilaten, que o espallen sobre dos outros seres e que o fagan atoparse en todas partes fóra de si mesmo? Que facer senón arredarnos con coidado aqueles que o apreixan, que o concentran e tenden o resorte do eu humano? Dito noutros termos: excitarmos nel a bondade, a humanidade, a conmiseración, a beneficencia, todas as paixóns atractivas e doces que por natureza gustan os homes, e impedirmos que nazan a envexa, a cobiza, a xenreira, todas as paixóns repulsivas e crueis que volven –por dicilo así– a sensibilidade non só nula senón negativa, e provocan o tormento de quen as experimenta.

Coido poder resumir todas as reflexións precedentes en dúas ou tres máximas precisas, claras e doadas de captar.

PRIMEIRA MÁXIMA

Non entra no corazón humano o se pór no lugar da xente que é máis feliz ca nós senón só do daqueles que son máis de compadecer.

Se é que se atopan excepcións a esta máxima son máis aparentes que reais. Así, non nos poñemos no lugar do rico ou do grande a quen nos vencellamos. Mesmo vencellándonos a el sinceramente, non facemos máis que nos apropiarmos dunha parte do seu benestar. Ás veces queremoslle cando ten coitas, mais en tanto teña unha situación próspera non ten máis verdadeiro amigo que aquel que non se deixa enganar polas aparencias e que máis que envexalo dóese del malia a súa prosperidade.

Conmovémonos coa felicidade de certas situacións, por exemplo da vida campestre e pastoril. O encanto de vermos feliz esa boa xente non está envelenado pola envexa; interesámonos neles verdadeiramente. A que se debe isto? A que nos sentimos co poder de baixarmos a ese estado de paz e de inocencia e de gozarmos da mesma felicidade, trátase dun empeoramento que só produce ideas agradables, dado que abonda con querer gozar del para obtelo. Sempre existe pracer en mirar os propios recursos, en contemplar os propios bens, mesmo cando non os queremos utilizar.

Dedúcese disto que, para promover a humanidade nun mociño, lonxe de lle facer admirar o destino admirable dos demais, cómpre amosarllo polo lado triste; cómpre facerllo temer. Daquela, por unha consecuencia evidente, el ten que se abrir un camiño cara a felicidade que non siga as pegadas de ninguén.

SEGUNDA MÁXIMA

Non nos doemos noutro senón dos males dos que coidamos non estarmos exentos nós mesmos.

Non ignara mali, miseris, succurrere disco¹¹².

¹¹² Verso de Virxilio na *Eneida* (I, 630): "Ao non ignorar eu o mal, sei socorrer aos coitados" (Nota do tradutor)

Non coñezo nada tan fermoso, tan profundo, tan emocionante e tan verdadeiro coma este verso.

Por que os reis non se apiadan dos seus súbditos? É que contan con non seren endexamais homes. Por que os ricos son tan duros cos pobres? É que non teñen medo de chegaren a selo. Por que a nobreza ten tanto desprezo polo pobo? É que un nobre endexamais será un plebeo. Por que os Turcos son en xeral máis humanos e máis hospitalarios ca nós? É que, no seu goberno completamente arbitrario, ao seren sempre precarias e vacilantes a grandeza e a fortuna dos particulares, non contemplan o abaixamento e a miseria como unha situación allea a eles¹¹³; cadaquén pode mañá ser o que hoxe é aquel a quen axuda. Esta reflexión que se repite sen cesar nas novelas orientais, dálle á súa lectura un non sei qué conmovedor do que carece todo o apresto da nosa seca moral.

Non afagades, daquela, ao voso alumno a mirar dende o alto da súa gloria as coitas dos infortunados, os traballos dos miserables, e non esperedes ensinarlle a compadecelos se os considera como alleos a el. Facédelle comprender ben que o destino destes malfadados pode ser o seu, que todos os seus males están baixo os pés del, que mil acontecementos imprevistos e inevitables poden mergullalo naqueles dun momento a outro. Aprendédelle a non contar nin co nacemento nin coa saúde nin coas riquezas; amosádelle todas as vicisitudes da fortuna; buscádelle os exemplos, sempre frecuentes de máis, da xente que dende unha situación máis elevada que a del caiu por baixo da destes malfadados. Sexa ou non por culpa deles, porque agora non se trata diso e máis el tampouco sabe o que é a culpa. Non saltedes nunca por riba da orde dos seus coñecementos e non o iluminedes senón coas luces que están á súa altura: non precisa ser un sabio para sentir que toda a prudencia humana é incapaz de lle

¹¹³ Isto parece estar cambiando un pouco: as situacións semellan facerse máis estables e os homes tamén se fan máis duros.

responder se dentro dunha hora el vai estar vivo ou morto, se as dores do cólico nefrítico lle han facer renxer os dentes antes da noite, se dentro dun mes ha ser rico ou pobre, se dentro dun ano, se cadra, non estará remando, baixo as azoutas do vergallo de boi, nas galeras de Alxer. Sobre todo non vaiades recitalle todo iso friamente coma o catecismo; que vexa e sinta as calamidades humanas: abalade e asustade a súa imaxinación cos perigos que rodean sen cesar ao home; que vexa arredor del todos estes abismos e que, en oíndovolos describir, se apreixe contra vosa por medo a caír neles. “Habémolo volver tímido e covarde”, diredes vós. Xa o veremos en diante, mais por agora, comecemos por volvelo humano, velaí, sobre todo, o que nos importa.

TERCEIRA MÁXIMA

A compaixón que temos polo mal doutra persoa non se mide pola cantidade dese mal senón polo sentimento que prestamos a aqueles que o sofren.

Só nos compadecemos dun malfadado en tanto que o cremos en situación de ser compadecido. O sentimento físico dos nosos males é máis limitado do que parece pero a través da memoria, que nos fai sentir a súa continuidade, e a través da imaxinación, que os estende no porvir, eles pónennos verdadeiramente en situación de ser compadecidos. Esta é, penso eu, unha das causas que nos endurecen máis diante dos sufrimentos dos animais que diante dos dos homes, aínda que a sensibilidade común debese igualmente identificarnos con aqueles. Non nos compadecemos apenas ante o cabalo dun carreteiro na súa corte, porque non imaxinamos que ao comer a herba está a pensar nas pancadas que recibiu e nas fatigas que o agardan. Tampouco non nos doemos dun carneiro que vemos pacer, aínda que saibamos que logo o han degolar, porque xulgamos que non prevé o seu des-

tino. Por extensión, endurecémonos deste xeito sobre o destino dos homes; e os ricos consólanse do mal que lle fan aos pobres supoñéndoos estúpidos dabondo como para non sentiren nada. En xeral, eu vulgo o valor que cadaquén lle dá á felicidade dos seus semellantes polo caso que parece facerlle a eles. É natural que nos importe pouco a felicidade da xente que desprezamos. Non vos estrañedes xa, daquela, se os políticos falan do pobo con tanto desdén ou se a maior parte dos filósofos aparentan facer tan malvado ao home.

É o pobo o que compón o xénero humano; o que non é pobo é tan pouca cousa que non paga a pena contalo. O home é o mesmo en todas as condicións sociais e se isto é así, as condicións máis numerosas merecen o respecto maior. Diante daquel que pensa, desaparecen todas as distincións sociais: el ve as mesmas paixóns e os mesmos sentimentos nun baldragas e nun home ilustre; só discrimina a súa linguaxe e o maior ou menor apresto no colorido, e se algunha diferenza esencial os distingue é en prexuízo dos que disimulan máis. O pobo móstrase tal como é – e non desperta estima– mais cómpre ben que a xente de mundo se disfrace porque se se mostrase tal como é causaríase horror.

Existe – din aínda os nosos sabios– a mesma dose de felicidade e de mágoa en todas as condicións sociais. Máxima tan funesta como imposible de soste por que, se todas son igualmente felices, que necesidade teño eu de me molestar por ninguén? Que cadaquén siga como está: que o escravo sexa maltratado, que o tolleito sufra, que o miserable pereza; non teñen nada que gañar cambiando de condición. Eles enumeran as mágoas do rico e amosan a inutilidade dos seus vans praceres. Que sofisma tan groseiro! As mágoas do rico non lle veñen da súa condición, senón de si mesmo, que abusa daquela. Aínda que fose máis malfadado que o propio pobre, non é para compadecelo porque as súas coitas son todas produto de si mesmo e non depende senón del ser feliz. Mais a mágoa do miserable venlle das cousas, do rigor do destino que pesa enriba súa. Non hai

costume ningún que lle poida tirar o sentimento físico da fatiga, do esgotamento e da fame: nin a agudeza nin a sabedoría serven en absoluto para o librar das mágoas da súa condición. Que gaña Epicteto con prever que o seu amo lle vai partir a perna? Seica lla parte menos por iso? Por enriba da súa mágoa ten a mágoa da previsión. Aínda que o pobo fose tan sensato como o supoñemos estúpido: que podería el ser diferente do que é? Que podería facer distinto do que fai? Estudiade á xente desta orde e veredes que, baixo outra linguaxe, ten tanta agudeza e máis sentido ca vós. Respectade, daquela, á vosa especie; pensade que está composta esencialmente pola acumulación dos pobos; que aínda que se eliminasen del todos os reis e todos os filósofos, case non se había notar, e as cousas non irían peor. Nunha palabra, aprendédelle ao voso alumno a amar a todos os homes, e mesmo a aqueles que os desprezan; facede de xeito que non se instale en ningunha clase senón que se vexa reflectido en todas; falade diante súa do xénero humano con tenrura, mesmo con piedade, e nunca con desprezo. Home, non deshonres aos homes.

É por estes camiños e outros semellantes, ben contrarios aos que se atopan abertos, como convén penetrar no corazón dun adolescente mozo para excitarmos nel os primeiros movementos da natureza, desenvolveo e espallalo sobre os seus semellantes, ao que engado que é importante mesturar nestes movementos o menor interese persoal posible. Sobre todo, nada de vaidade, nada de emulación, nada de gloria, nada deses sentimentos que nos forzan a nos compararmos cos demais. Porque esas comparacións non se fan endexamais sen algunha impresión de xenreira contra aqueles que nos disputan a preferencia, aínda que non fose máis que na nosa propia estima. Daquela cómpre cegarse ou alporizarse, ser un malvado ou un parvo. Tratemos de evitar esta alternativa. “Estas paixóns tan perigosas –dinme– han nacer tarde ou cedo malia nos”. Non o nego: cada cousa no seu tempo e no seu lugar; só digo que non debemos axudalas a nacer.

Velaí o espírito do método que cómpre marcarse. Aquí os exemplos e os detalles son inútiles, porque aquí comeza a di-

visión case infinita dos caracteres, e cada exemplo que eu puidese dar só lle acaería, se cadra, a un entre cen mil. É tamén a esta idade cando comeza no hábil mestre a verdadeira función do observador e do filósofo, que coñece a arte de sondar os corazóns ao traballar en formalos. Mentres o mozo aínda non pensa en disimularse e non o aprendeu aínda; con cada obxecto que lle presentan vese no seu aspecto, nos seus ollos e no seu aceno, a impresión que lle causa: lense no seu rostro os movementos todos da súa alma. A poder de axexalos, un é quen de prevelos e, finalmente, de dirixilos.

Obsérvase en xeral que o sangue, as feridas, os gritos, os laios, a aparatosidade das operacións dolorosas e todo o que leva aos sentidos os obxectos de sufrimento, conmove máis cedo e máis xeralmente a todos os homes. A idea de destrución, ao ser máis complexa, non sorprende coa mesma forza; a imaxe da morte conmove máis tarde e con máis febleza porque ningún ten diante súa a experiencia de morrer: cómpre ter visto cadáveres para sentir as angustias dos agonizantes. Mais cando esta imaxe se ten formado de vez no noso espírito, non existe espectáculo máis horrible á nosa vista, ben sexa a causa da idea de destrución total que ela transmite entón a través dos sentidos ou ben porque, ao saber que este momento é inevitable para todos os homes, un séntese máis vivamente afectado por unha situación da que está seguro de non poder escapar.

Estas impresións diversas teñen as súas modificacións e gradacións, que dependen do carácter particular de cada individuo e dos seus costumes anteriores, pero son universais e ningún escapa totalmente a elas. Hainas máis tardías e menos xerais, que son máis propias das almas sensibles. Son as que un recibe das mágoas morais, das dores internas, das afeccións, do esmorecemento e da tristura. Hai xente que só sabe conmoveirse con gritos e choros; os longos e xordos laios dun corazón apreixado pola anguria endexamais lle teñen arrancado suspiro ningún; endexamais o aspecto dunha actitude abatida, dun rostro afun-

dido e plúmbeo, dun ollar apagado e que non pode xa chorar, foi quen de facelos chorar a eles mesmos. As mágoas da alma non son nada para eles; se son xulgados, a súa non sente nada: non agardedes deles senón rigor inflexible, dureza e crueldade. Poderán ser íntegros e xustos mais nunca clementes, xenerosos e compasivos. Digo que poderán ser xustos se é que un home pode selo cando non é misericordioso.

Pero non vos apresuredes en vulgar aos nosos mozos con esta regra, maiormente a aqueles que, ao teren sido educados como deben selo, non teñen idea ningunha das mágoas morais que nunca lles fixeron experimentar, porque –repítoo outra vez– eles non poden doerse senón das mágoas que coñecen, e esta aparente insensibilidade, que unicamente procede da ignorancia, vírase axiña en tenrura cando comezan a sentir que existen na vida humana mil dores que non coñecían. Canto ao meu Emilio, se tivo sinxeleza e siso na súa infancia, estou seguro de que terá alma e sensibilidade na súa mocidade; porque a verdade dos sentimentos ten moito que ver coa xusteza das ideas.

Pero: por que lembralo aquí? Máis dun lector hame reprochar sen dúbida que esqueza as miñas primeiras resolucións e a felicidade constante que lle prometera ao meu alumno. Malfadados! Moribundos! Espectáculos de dor e de miseria! Que felicidade e que gozo para un corazón novo que nace á vida! O seu triste mestre, que lle tiña destinada unha educación tan doce, non o fai nacer máis que para sufrir. Velaí o que han dicir. E que me importa? Prometín facelo feliz, non facer que aparentase selo. Seica é culpa miña se, enganados sempre pola aparencia, vós tomádelo pola realidade?

Tomemos dous mozos que saen da primeira educación e entran no mundo por dúas portas directamente opostas. Un sube de súpeto ao Olimpo e se espalla na máis brillante sociedade; lévano á corte, ás casas dos grandes, ás dos ricos, ás das mulleres fermosas. Supoño que lle fan festas por todas partes, e non examino o efecto desta acollida sobre a súa razón; supoño que

ela resiste. Voan os praceres diante súa e todos os días divírteno novos obxectos: entrégase a todo cun interese que vos seduce. Védelo atento, solícito, curioso; a súa primeira admiración sorpréndevos. Xulgádelo contento, mais mirade o estado da súa alma; vós credes que está a gozar, eu penso que está a sufrir.

Que é o que ve de primeiras ao abrir os ollos? Multitudes de pretendidos bens que non coñecía e dos que a maior parte –ao non estaren máis que un momento ao seu alcance– só semella mostrárselle para que teña perda de se atopar privado deles. Pasea por un palacio? Vedes na súa curiosidade inqueda que está a se preguntar por qué a súa casa paterna non é así. Todas as súas preguntas estavos a dicir que se compara sen cesar co dono desa casa, e todo o que atopa mortificante para el nese paralelo aguza a súa vaidade facendo que esta se revolva. Se é que atopa un mozo mellor composto ca el, véxoo murmurar en segredo contra a avaricia de seus pais. Vai máis adobiado ca outro? Ten a dor de ver como este o eclipsa –ben polo seu nacemento ben pola súa intelixencia– e todo o seu esplendor se humilla diante dun simple vestido de pano. Brilla el só nunha reunión? Érguese na punta do pé para que o miren mellor? Quen non ten unha secreta predisposición a baixarlle o aire soberbio e finchado a un mozo fato? Todo se une axiña como se estivese concertado; as olladas inquietantes dun home grave e as frases burleiras dun cáustico non tardan en chegar a el, e mesmo se fose un só home o que o desdeñase, o desprezo deste home envelena decontado os aplausos dos outros.

Concedámoslle todo, prodiguémoslle atractivos e méritos; que sexa ben feito, cheo de agudeza e amado: ha ser procurado polas mulleres, mais ao buscáreno antes de que el as ame, estas hano volver máis tolo que namorado: fará moitas conquistas mais non ha ter devezos nin paixón para catalas. Ao chegaren os seus desexos sempre prematuramente e non teren tempo de nacer, no seo dos praceres non sinte senón o aborrecemento do tedio. O sexo feito para a felicidade do seu cáusalle fartura e

engulo mesmo antes de coñecelo; se continúa a frecuentalo só é por fachenda, e mesmo se atopase niso un verdadeiro gusto non ha ser o único mozo, o único brillante e o único estimado, e non ha atopar sempre prodixios de fidelidade nas súas amadas.

Non digo nada dos abalos, as traizóns, os negrumes e os arrepenimentos de toda caste, inseparables dunha vida tal. A experiencia do mundo provoca o noxo por el, sabémolo ben. Non estou a falar senón dos reveses ligados á primeira ilusión.

Que contraste para quen –pechado ata agora no seo da súa familia e dos seus amigos– se viu como o único obxecto de todas as súas atencións! Entrar de súpeto nunha orde de cousas na que el conta tan pouco! Atoparse como afogado nunha esfera estraña, el que durante tanto tempo foi o centro da súa! Que de afrontas, que de humillacións non lle cómpre aturar antes de perder, no medio dos descoñecidos, os prexuízos sobre a súa importancia nacidos e alimentados entre os seus! De rapaz pasaba diante de todos e todos corrían ao seu redor, de mozo cómpre que deixe pasar a todo o mundo. Ou senón –por moi pouco que o esqueza e conserve os seus antigos aires– cantas duras leccións van obrigalo a entrar nel mesmo! O costume de obter doadamente os obxectos dos seus desexos lévao a desexar moitas cousas e faille sentir continuas privacións. Todo o que lle agrada téntao, todo o que teñen outros quixera telo: cobiza todo, envexa a todo o mundo e quixera dominar en todas partes. Róeo a runfadela, o ardor dos desexos desenfreados inflama o seu corazón mozo, os ciúmes e a xenreira nacen con estes nel. Todas as paixóns devoradoras collen pulo a un tempo no seu corazón, leva o cachón destas á revoldaina do mundo e tráeo de novo con el todas as noites. Regresa descontento de si e dos demais, adormece cheo de mil proxectos vans, perturbado por mil fantasías, e o seu orgullo píntalle mesmo en soños os quiméricos bens que o atormentan no seu desexo e que nunca na vida ha posuír. Velái o voso alumno! Vexamos o meu.

Se o primeiro espectáculo que o impresiona é un obxecto de tristura, o primeiro retorno sobre si mesmo é un sentimento de

pracer. Ao ver de cantos males está libre séntese máis feliz do que pensaba ser. Comparte as coitas dos seus semellantes, mais compárteas de xeito voluntario e doce. Goza a un tempo da piedade que ten polos seus males e máis da felicidade que o libra deles; séntese neste estado de forza que nos espalla máis alá de nós e nos fai levar fóra a actividade que excede o noso benestar. Para se doer do mal doutra persoa cómpre sen dúbida coñecelo, mais non é preciso sentilo. Cando un ten sufrido, ou teme sufrir, dóese dos que sofren, pero mentres un dóese só dun mesmo. Ora ben, se ao estarmos todos suxeitos ás miserias da vida ninguén lle concede aos outros máis que a sensibilidade que el mesmo non precisa no momento, dedúcese que a conmiseración debe ser un sentimento moi doce, xa que fala en favor nosa, e que, polo contrario, un home duro é sempre malfadado, pois o estado do seu corazón non lle deixa ningún exceso de sensibilidade que lle poida conceder ás coitas doutra persoa.

Sobre a felicidade xulgamos demasiado polas aparencias: supoñemos que está onde menos está e buscámola onde non podería estar, cando a alegría non é máis que un signo equívoco de felicidade. Un home alegre a miúdo só é un infortunado que trata de despistar aos demais e atordoarse el mesmo. Esa xente tan ridora, tan aberta e tan serena nun círculo, case toda é tristeira e roñona na súa casa, e os seus domésticos pagan a diversión que eles lles proporcionan aos seus acompañantes. O verdadeiro contentamento non é nin alegre nin toleirán. Celoso dun sentimento tan doce, ao catalo un pensa nel, saboréao e teme facelo evaporar. Un home verdadeiramente feliz case non fala nin ri: apreixa, por dicilo así, a felicidade arredor do seu corazón. As maneiras ruidosas e a alegría turbulenta agachan o desagrado e o aborrecemento. Mais a melancolía é amiga da voluptuosidade: o entenrecemento e as bágoas acompañan os máis doces gozos, e a excesiva alegría propiamente arranca máis choros que risas.

Se ao primeiro a multitude e a variedade das diversións semellan contribuír á felicidade, se a uniformidade dunha vida

igual ao primeiro semella tediosa, mirando mellor, atopamos, pola contra, que o máis doce hábito da alma consiste nunha moderación de gozo que deixa poucas posibilidades para o desexo e o desagrado. A inquedanza dos desexos produce a curiosidade e a inconstancia; o baleiro dos turbulentos praceres produce o tedio. Un non anoxa nunca o seu estado cando non coñece outro máis agradable. De todos os homes do mundo, os salvaxes son os menos curiosos e os menos aburridos; todo lles é indiferente: non gozan das cousas senón deles mesmos; pasan a vida sen facer nada e nunca se aburren.

O home de mundo está todo enteiro na súa máscara. Ao non estar case nunca dentro del mesmo, alí séntese sempre estraño e mal a xeito cando se ve forzado a meterse dentro. O que el non é nada, o que el aparenta é todo para el.

Non podo evitar representarme sobre o rostro do mozo do que antes falei un non sei que de impertinente e lambido que desagrada e repele á xente sinxela, e sobre do rostro do meu unha fisionomía interesante e simple que mostra contento e verdadeira serenidade de alma, que inspira estima e confianza, e que semella esperar só o espallamento da amizade para lles dar a súa a aqueles que se lle achegan. Pénsase que a fisionomía non é máis que un simple desenvolvemento de trazos xa marcados pola natureza. Canto a min, eu pensaría que alén dese desenvolvemento, os trazos do rostro dun home veñen insensiblemente a se formar e tomar a fisionomía pola impresión frecuente e habitual de certos afectos da alma. Estes afectos márcanse no rostro, non hai nada máis certo, e cando se converten en hábito deben deixar nel impresións duradeiras. Velaí como eu concibo que a fisionomía anuncia o carácter, e que ás veces pódese xulgar un polo outro, sen ir buscar explicacións misteriosas que supoñen coñecementos que non temos.

Un rapaz só ten dous afectos ben marcados: a alegría e a dor. Ri ou chora; os estados intermedios non son nada para el e sen cesar pasa dun destes movementos ao outro. Esta alternativa

continua impide que deixen no seu rostro ningunha impresión constante e que calle nel a fisionomía, pero á idade na que – feito el máis sensible– é máis vivamente ou máis constantemente afectado, as impresións máis profundas deixan pegadas máis difíciles de destruír, e do estado habitual da alma resulta unha disposición de trazos que o tempo fai imborrable. Con todo, non é raro ver algúns homes mudaren de fisionomía en diferentes idades. Teño visto varios nese caso, e sempre atopei que aqueles que puidera observar e seguir ben tiñan tamén mudado de paixóns habituais. Esta única observación, ben confirmada, pareceríame decisiva, e non está fóra de lugar nun tratado de educación, onde é importante aprender a xulgar os movementos da alma polos signos externos.

Non sei se, por non ter aprendido a imitar maneiras convencionais e a finxir sentimentos que non ten, o meu mocíño será menos amado, non é disto do que se trata agora. Só sei que será máis amante, e cústame moito pensar que quen só se ama a si mesmo poida disfrazarse tan ben para agradar igual que quen tira do seu vencellamento polos demais un novo sentimento de felicidade. Mais, en canto a este mesmo sentimento, coído ter dito xa dabondo como para guiar neste punto a un lector razoable e mostrar que non me teño contradicado.

Volvo, daquela, ao meu método e digo: cando a idade crítica se achega ofrecédelle aos mozos espectáculos que os conteñan e non espectáculos que os exciten; desviade a súa imaxinación nacente con obxectos que, lonxe de inflamaren os seus sentidos, repriman a súa actividade. Afastádeos das grandes cidades, nas que o adobío e a inmodestia das mulleres apresuran e anticipan as leccións da natureza, nas que todo presenta aos seus ollos praceres que non deben coñecer máis que cando saiban escollelos. Levádeos de novo ás súas primeiras moradas, nas que a sinxeleza campestre deixa as paixóns da súa idade desenvolverse menos rapidamente. Ou, se o seu gusto polas artes aínda os vencella á cidade, adiantádevos a previr

neles a través deste mesmo gusto unha perigosa ociosidade. Escollede con coidado as súas compañías, as súas ocupacións e os seus praceres; amosádelle só escenas conmovedoras pero modestas que os movan sen seducilos e que alimenten a súa sensibilidade sen abalaren os seus sentidos. Pensade tamén que por todas partes hai algúns excesos que temer e que as paixóns inmoderadas provocan sempre máis dano que o que se quere evitar. Non se trata de facer do voso alumno un coidador de enfermos, un irmán da caridade, de aflixir as súas olladas con obxectos continuos de dores e de sufrimentos, de pasealo de tolleito en tolleito, de hospital en hospital e da praza de Grève¹¹⁴ ata as prisións; cómpre conmovelo e non endurecelo ante a visión das miserias humanas. Sacudido sempre polos mesmos espectáculos, un non sente xa as súas impresións: o costume afai a todo. O que se ve demasiado xa non se imaxina, e só a imaxinación é o que nos fai sentir as coitas doutra persoa. Así é como, a forza de ver morrer e sufrir, os cregos e os médicos vólvense implacables. Que o voso alumno coñeza, pois, o destino do home e as miserias dos seus semellantes pero que non sexa testemuña delas con demasiada frecuencia. Un só obxecto ben escollido e amosado nun día conveniente halle servir para un mes de entenecemento e de reflexións. Non é tanto o que el ve como o seu retorno sobre o que xa viu o que determina o xuízo que adopta, e a impresión duradeira que recibe dun obxecto procede menos do obxecto mesmo como do punto de vista dende o que o inducen a consideralo. É deste xeito como, dosificando os exemplos, as leccións e as imaxes, limaredes por moito tempo o aguillón dos sentidos e desviaredes a natureza seguindo as súas propias directrices.

¹¹⁴ A antiga Place de Grève de París é hoxe a Place de l'Hôtel de Ville, a praza do Concello. Denominábase antigamente de Grève (de area) por ser o seu chan areoso. Nela xuntábanse os obreiros parados que buscaban traballo (de aí naceu a expresión *être en grève* 'estar en paro' e máis tarde 'estar en folga') e nela tiñan lugar as execucións públicas, que é ao que alude Rousseau (N. do T.).

A medida que adquire luces, escollede as ideas que teñen que ver con elas; a medida que os nosos desexos se acenden, escollede escenas axeitadas para reprimilos. Un vello militar que se distinguiu polos seus costumes tanto como pola súa coraxe, contoume que, sendo mociño, seu pai, home de siso pero moi devoto, ao ver como o seu temperamento nacente o entregaba ás mulleres, non aforrou nada para contelo. Pero finalmente, malia todos os seus coidados, sentíndoo próximo a escaparlle, decidiu levalo a un hospital de sifilíticos e, sen o avisar, mandouno entrar nunha sala na que un fato destes malfadados expiaban cun tratamento espantoso a desorde que os expuxera a el. Diante desta noxenta visión, que revolvía a un tempo todos os sentidos, o mozo houbose marear. “*Vai, miserable bandallo –díxolle entón o pai cun ton vehemente– segue a vil inclinación que te arrastra. Axiña poderaste considerar moi feliz se te admiten nesta sala na que, vítima das máis infames dores, obrigarás a teu pai a lle agradecer a Deus a túa morte*”.

Estas poucas palabras, unidas á enérxica escena que conmovía ao mozo, provocáronlle unha impresión que endexamais se borrou. Condenado pola súa profesión a pasar a mocidade nos cuarteis, preferiu aturar todas as burlas dos seus compañeiros antes de imitar a súa libertinaxe. “*Fun home –díxome– tiven feblezas, mais chegado á miña idade nunca puiden ver unha muller pública sen horror*”. Mestre, poucos discursos, aprendede a escoller os lugares, os tempos e as persoas, proporcionade despois as vosas leccións todas a través de exemplos, e podedes estar seguro do seu efecto.

O manexo da infancia é pouca cousa: o dano que se desliza nela ten remedio e o ben que se lle fai pode chegar máis tarde. Pero non acontece o mesmo coa primeira idade na que o home comeza verdadeiramente a vivir. Esta idade non dura nunca dabondo para a utilización que debemos facer dela e a súa importancia esixe unha atención sen descanso: velaí polo que eu insisto sobre a arte de prolongala. Un dos mellores preceptos

do bo cultivo é retrasar todo tanto como é posible. Facede os progresos lentos e seguros, impide que o adolescente se faga home ata o momento no que non lle falte nada para selo. En tanto que o corpo medra, os espíritos destinados a lle fornecer bálsamo ao sangue e forza ás fibras estanse a formar e a elaborar. Se vós lles facedes tomar un camiño diferente, e o que está destinado a perfeccionar un individuo serve para a formación doutro, ámbolos dous quedan en estado de febleza e o labor da natureza fica imperfecto. As operacións do espírito reséntense á súa vez por esta alteración, e a alma, tan débil coma o corpo, só ten funcións febles e languidecentes. Uns membros grosos e robustos non proporcionan nin a valentía nin o xenio, e eu entendo que a forza da alma non acompañe á do corpo cando, por outra banda, os órganos da comunicación das dúas substancias están mal dispostos. Mais, por moi ben dispostos que poidan estar, sempre actuarán con debilidade se só teñen por principio un sangue esgotado, empobrecido e desprovisto desa substancia que lle dá forza e xogo a todos os resortes da máquina. Xeralmente observamos maior vigor de alma nos homes que tiveron os seus anos mozos preservados dunha prematura corrupción, que naqueles nos que a desorde comezou antes de poderen entregarse a el. Esta é sen dúbida unha das razóns polas que os pobos que teñen bos costumes ultrapasan de ordinario en siso e valentía aos pobos que non os teñen. Estes brillan unicamente a través de non sei que pequenas calidades sutís, que eles chaman agudeza, sagacidade e fineza, mais as grandes e nobres funcións de sabedoría e de razón que distinguen e honran ao home a través de fermosas accións, de virtudes e de coidados verdadeiramente útiles, practicamente non se atopan máis que nos primeiros.

Os mestres quéixanse de que a fogaxe desta idade volve a mocidade indisciplinable e ben o vexo, mais: seica non é culpa deles? Seica ignoran que tan axiña como deixaron que esta fogaxe se espallara a través dos sentidos non se lle pode dar outro

camiño? Serán os longos e fríos sermóns dun pedante capaces de borrar no espírito do seu alumno a imaxe dos praceres que este concibiu? Desterrarán do seu corazón os desexos que o atormentan? Amortecerán a ardencia dun temperamento do que el coñece o uso? Non se alporizará contra os obstáculos que se opoñen á única felicidade da que ten idea? E, na dura lei que lle impoñen sen lla poder facer entender: que ha ver senón o capricho e a xenreira dun home que procura atormentalo? Resulta estraño que se amotine e o odie á súa vez?

Comprendo perfectamente que volvéndose fácil, un pode volverse máis soportable e conservar unha autoridade aparente. Mais non vexo demasiado para qué serve a autoridade que un só conserva sobre o seu alumno fomentando os vicios que ela debera reprimir. É como se, para calmar un cabalo fogoso, o xinete fixese que saltara a un precipicio.

Lonxe de esta fogaxe da adolescencia ser un obstáculo para a educación, é a través dela como se consuma e perfecciona. É ela a que vos proporciona unha asa no corazón dun mozo cando deixa de ser menos forte ca vós. Os seus primeiros afectos son as rédeas coas que vós dirixides os seus movementos todos: el era libre e agora está suxeito. Cando non amaba nada, non dependía máis que del mesmo e das súas necesidades; tan axiña como ama, depende dos seus vencellos. Fórmanse así os primeiros lazos que o unen á súa especie. Dirixindo cara a ela a súa nacente sensibilidade, non vaiades crer que esta abranguerá primeiro os homes todos, e que a expresión “xénero humano” significará algo para el. Non, esta sensibilidade limitarase primeiramente aos seus semellantes, e os seus semellantes non han ser para el uns descoñecidos senón aqueles cos que mantén relacións, aqueles que o hábito lle fixo queridos ou necesarios, aqueles nos que ve de xeito evidente maneiras de pensar e de sentir comúns con el, aqueles que ve expostos ás coitas que sufríu e sensibles aos praceres que probou. Nunha palabra: aqueles nos que a identidade de natureza máis manifesta lle dá unha

máis grande disposición para amarse. Só despois de ter cultivado a súa natureza de mil maneiras, despois de moitas reflexións sobre os seus propios sentimentos e sobre os que observe nos demais poderá el dar xeneralizado as súas nocións individuais baixo a idea abstracta de “humanidade” e unir aos seus afectos particulares os que poden identificalo coa súa especie.

Ao se volver capaz de vencellamento, vólvese sensible ao dos outros,¹¹⁵ e por esta mesma razón atento aos signos deste vencellamento. Vedes o poderío novo que ides adquirir sobre del? Cantas cadeas puxestes arredor do seu corazón antes de que se decatara! Que non ha sentir el cando, abrindo os ollos sobre si mesmo, vexa o que fixestes por el! Cando poida compararse cos outros mozos da súa idade e compararvos a vós cos outros aios! Estou dicindo “cando o vexa”, mais gardádevos de llo dicir, se vós llo dicides xa non o ha ver. Se esixides del obediemento en pago dos coidados que lle tedes dado, ha crer que o sorprendestes: hase dicir que, finxindo servilo gratuitamente, o que pretendestes foi cargalo cunha débeda e atalo por medio dun contrato que el non consentiu. Engadiredes en van que o que esixides del só é para el: a fin de contas esixides, e esixides en virtude do que tedes feito sen a súa autorización. Cando un malfadado colle o diñeiro que finxen darlle e se atopa enrolado no exército malia el, vós berrades contra a inxustiza: seica non é aínda máis inxusto pedirlle ao voso alumno o prezo dos coidados que el non aceptou?

A ingratidade sería máis rara se os beneficios da usura fosen menos coñecidos. Amamos o que nos fai ben, é un sentimento tan natural! A ingratidade non está no corazón do home mais o interese si: existen menos favorecidos ingratos que benefactores interesados. Se vós me vendedes os vosos dons, hei regatear

¹¹⁵ O vencellamento pode prescindir de reciprocidade, a amizade nunca. Esta é un troco, un contrato coma os demais, pero é o máis santo de todos. A palabra *amigo* só pode ter como correlativa ela mesma. Todo home que non é amigo do seu amigo é con seguridade un falsario, porque só devolvendo ou finxindo devolver a amizade pode un obtela.

no custe, mais se finxides dar para despois venderdes ao voso prezo estades facendo unha fraude: é o seren gratuítos o que volve os dons inestimables. O corazón non recibe ordes máis que del mesmo, ao querer encadealo un sóltao e encadéao ao deixalo libre.

Cando o pescador fai o lance o peixe ven e achégase a el sen desconfiar, mais cando, preso no anzó agachado baixo o engado, sente retirar a liña, trata de fuxir. Seica o pescador é benefactor e o peixe ingrato? Vese algunha vez un home esquecido polo seu benefactor esquecelo a el? Pola contra, fala del sempre con pracer e non pensa nel sen emoción: se atopa oportunidade de lle mostrar a través dalgún favor inesperado que se lembra de novo dos seus: con que contento interior satisfai daquela a súa gratitude! Con que doce ledicia se fai recoñecer! Con que enlevo lle di “Chegou a miña vez!”. Velaí de certo a voz da natureza; endexamais un verdadeiro beneficio provocou ingratidade.

Daquela, se o recoñecemento é un sentimento natural e vós non destruídes o seu efecto por culpa vosa, podeades estar seguros de que o voso alumno –comezando a ver o valor dos vosos coidados– ha ser sensible a eles con tal de que non forades vós quen impuxerades o seu valor, e que estes vos han dar no seu corazón unha autoridade que nada poderá destruír. Mais, antes de vos ter asegurado esta vantaxe, evitade perdela facéndo vos valer diante súa. Gabarlle os vosos servizos é volvelos insupportables, esquecelos é facer que el se lembre deles. Ata que chegue o tempo de tratalo coma un home, que nunca sexa cousa do que el vos debe senón do que el se debe. Para volvelo dócil deixádelo toda a súa liberdade, ocultádevos para que el vos procure, educade a súa alma no nobre sentimento do recoñecemento, non lle falando nunca máis que do seu interese. Non quixen que lle dixeran que o que se facía era polo seu ben antes de que estivese en condicións de entendela; nese discurso el non vería máis que a vosa dependencia e unicamente vos tería tomado polo seu criado. Máis agora que comeza a sentir o que

é amar, sente tamén qué doce lazo pode unir a un home co que ama, e no celo que vos fai ocuparvos del sen cesar xa non ve o vencello dun escravo senón o afecto dun amigo. Ora ben: nada ten tanto peso no corazón humano como a voz da amizade ben recoñecida porque sabemos que ela nunca nos fala máis que no noso interese. Podemos crer que un amigo se engana pero non que nos queira enganar. Ás veces resistímonos aos seus consellos pero nunca os desprezamos.

Entramos finalmente na orde moral: acabamos de dar un segundo paso de home. Se fose aquí o seu lugar, eu trataría de mostrar como dende os primeiros movementos do corazón se elevan as primeiras voces da conciencia, e como dos sentimentos de amor e de xenreira nacen as primeiras nocións do ben e do mal. Faría ver que *xustiza* e *bondade* non son só palabras abstractas, puros seres morais formados polo entendemento, senón verdadeiros afectos da alma iluminada pola razón e que non son máis que un progreso ordenado dos nosos afectos primitivos; que só a través da razón, independentemente da conciencia, non se pode establecer ningunha lei natural, e que todo o dereito da natureza é só unha quimera se non está fundado sobre unha necesidade natural do corazón humano¹¹⁶. Mais eu coido que non teño que facer aquí tratados de metafísica e de

¹¹⁶ O propio precepto de actuar con outra persoa como queremos que actúen connosco só ten por verdadeiro fundamento a conciencia e o sentimento porque: onde está a razón precisa de actuar poñéndome eu como se fose outra persoa, maiormente cando eu estou moralmente seguro de non me atopar nunca no mesmo caso? E quen me ha responder que, ao eu seguir ben fielmente esta máxima, hei conseguir que a sigan igualmente comigo? O malvado tira vantaxe da probidade do xusto e da súa propia inxustiza; élle ben cómodo que todo o mundo sexa xusto excepto el. Este acordo, dígase o que se diga, non é moi vantaxoso para a xente honesta. Mais cando a forza dunha alma expansiva me identifica co meu semellante e por dicilo así chego a sentirme nel, é por non sufrir eu polo que eu non quero que el sufra; interésome nel por amor de min, e a razón do precepto está na propia natureza que me inspira o desexo do meu benestar en calquera lugar que eu sinta que existo. De onde eu tiro a conclusión de que non é certo que os preceptos da lei natural están fundados só sobre a razón: teñen unha base máis sólida e segura. O amor dos homes derivado do amor de si mesmo é o principio da xustiza humana. O sumario de toda a moral é dado no evanxeo como o da lei.

moral nin dar clases de disciplina ningunha; abonda con marcar a orde e o progreso dos nosos sentimentos e dos nosos coñecementos relativos á nosa constitución. Outros han demostrar, se cadra, o que eu non fago máis que indicar aquí.

Ao non ter mirado ata agora o meu Emilio máis que para el mesmo, a primeira ollada que lles bota aos seus semellantes lévao a se comparar con eles, e o primeiro sentimento que excita nel esta comparanza é o de desexar o primeiro lugar. Velaí o punto no que o amor de si trócase en amor propio, e no que comezan a nacer todas as paixóns que descansan neste. Mais, para decidir se aquelas paixóns que han dominar o seu carácter serán humanas e doces ou crueis e maléficas, se serán paixóns de benevolencia e de conmiseración ou de envexa e de cobiza, cómpre saber en qué lugar se ha sentir entre os homes e qué tipo de obstáculos espera ter que vencer para chegar ao que quere ocupar.

Para guialo nesta procura, despois de lle termos amosado os homes a través dos accidentes comúns á especie, cómpre agora mostrarllos a través das súas diferenzas. Aquí chega a medida da desigualdade natural e civil e o cadro de toda a orde social.

Cómpre estudar a sociedade a través dos homes e os homes a través da sociedade: aqueles que queiran tratar separadamente a política e a moral non han entender endexamais nada de ningunha das dúas. Vencellándose primeiramente ás relacións primitivas vese cómo os homes deben ser afectados por elas e qué paixóns deben nacer destas: vese que é reciprocamente polo progreso das paixóns como estas relacións se multiplican e se estreitan. É menos a forza dos brazos que a moderación dos corazóns a que volve os homes independentes e libres. Calquera que desexe poucas cousas depende de pouca xente, mais, confundindo sempre os nosos vans desexos coas nosas necesidades físicas, aqueles que fixeron destas últimas os fundamentos da sociedade humana sempre teñen tomado os efectos polas causas e non fixeron máis que extraviarse en todos os seus razoamentos.

Hai no estado da natureza unha igualdade de feito real e indestrutible, porque é imposible neste estado que a única diferenza de home a home sexa grande abondo para volver a un dependente do outro. Hai no estado civil unha igualdade de dereito quimérica e va, porque os propios medios destinados para mantela serven para destruíla, e porque a forza pública engadida ao máis forte para oprimir ao feble rompe o tipo de equilibrio que a natureza establecera entre eles¹¹⁷. Desta primeira contradición derivan todas as que observamos na orde civil entre a aparencia e a realidade. Sempre a multitude ha ser sacrificada diante do pequeno número e o interese público diante do interese particular; sempre esas denominacións especiosas de “xustiza” e de “subordinación” han servir de instrumentos para a violencia e de armas para a iniquidade. De onde se deriva que as clases distinguidas que se pretenden útiles para as demais non son realmente útiles senón para elas mesmas a conta das outras. É polo que debemos vulgar a consideración que se lles debe segundo a xustiza e a razón. Queda por ver se o rango que se atribuíron favorece máis a felicidade daqueles que o ocupan, para saber que xuízo debe facerse cada un de nós sobre o seu propio destino. Velaí agora o estudio que nos importa, mais para facelo ben cómpre comezar por coñecer o corazón humano.

Se só se tratase de lles amosar aos mozos o home a través da súa máscara non precisaríamos amosarllos porque eles habíana ver abondo sempre. Mais, dado que a máscara non é o home, e que cómpre que o seu verniz non engane, ao lles pintardes os homes pintádellos tal como son, non a fin de que os odien senón de que os compadezan e non queiran asemellarse a eles. Este é, ao meu ver, o sentimento máis axeitado que o home poida ter sobre a súa especie.

¹¹⁷ O espírito universal das leis de todos os países é favorecer sempre ao forte contra o feble, e ao que ten contra o que non ten nada: este inconveniente é inevitable e non ten excepción.

Nesta perspectiva, importa aquí tomar un camiño oposto ao que temos seguido ata agora, e instruír máis ben ao mozo a través da experiencia doutra persoa que a través da súa. Se os homes o enganan el halles coller xenreira, mais se, respectado por eles, veos enganárense mutuamente, terá mágoa deles. “O espectáculo do mundo –dicía Pitágoras– asemella ao dos xogos olímpicos: uns poñen neles a súa tenda e non pensan máis que no seu proveito; outros pagan coa súa persoa e procuran a gloria; outros conténtanse con ver os xogos, e estes non son os peores”.

Quixera que escollesen tanto as compañías dun mozo que pensase ben dos que viven con el, e que lle aprendesen a coñecer tan ben o mundo que pensase mal de todo o que se fai nel. Que saiba que o home é por natureza bo, que o sinta, que xulgue ao seu próximo a través del mesmo, mais que vexa como a sociedade deprava e perverte aos homes, que atope nos prexuízos deles a fonte de todos os seus vicios, que se vexa inclinado a estimar a cada individuo pero que desprece á multitude, que vexa que todos os homes levan aproximadamente a mesma máscara pero que saiba tamén que hai rostros máis fermosos que a máscara que os cobre.

Este método, hai que confesalo, ten os seus inconvenientes e non resulta doado na práctica porque, se o mozo se fai observador demasiado cedo, se o exercitades en axexar pertiño de máis as accións doutra persoa, volverédelo maledicente e satírico, perentorio e predisposto a xulgar; tomará un odioso pracer en buscar en todo sinistras interpretacións e en non ver ben nada do que está ben. Cando menos, afarase ao espectáculo do vicio e a ver os malvados sen se horrorizar, como un se afai a ver os malfadados sen se apiadar. Axiña a perversidade xeral ha servirlle menos de lección que de exemplo: hase dicir que se o home é así el non debe querer ser doutro xeito.

Se queredes instruílo por principio e facerlle coñecer coa natureza do corpo humano a aplicación das causas externas que transforman as nosas inclinacións en vicios –trasladándoo así nun pulo dos obxectos sensibles aos obxectos intelectuais– esta-

des empregando unha metafísica que el non está en condicións de entender. Estades caíndo no inconveniente –evitado tan coitadosamente ata aquí– de lle dar leccións que semellan leccións, de substituír na súa mente a súa propia experiencia e o progreso da súa propia razón pola experiencia e a autoridade do mestre.

Para evitar a un tempo estes dous obstáculos e para poñer o corazón humano ao seu alcance sen risco de derramar o seu, quixera amosarlle os homes ao lonxe, amosarllos noutros tempos e noutros lugares e de xeito que puidese ver a escena sen endexamais poder actuar nela. Velaí o momento da historia: é a través dela como ha ler nos corazóns sen as leccións da filosofía, é a través dela como os ha ver, en simple espectador, sen interese e sen paixón, coma o seu xuíz e non coma o seu cómplice nin coma o seu acusador.

Para coñecer os homes cómpre velos actuar. No mundo sentímolos falar, amosan os seus discursos e agachan as súas accións, mais na historia estas son desveladas e vulgámolos polos feitos. Os seus mesmos propósitos axudan a poder aprecialos porque, comparando o que fan co que din, vemos a un tempo o que son e o que queren aparentar: canto máis se disfrazan mellor os coñecemos.

Malfadadamente este estudio ten os seus perigos e os seus inconvenientes de máis dun tipo. É difícil que un se poña nun punto de vista no que poida vulgar aos seus semellantes con equidade. Un dos grandes vicios da historia é que pinta moito máis os homes a través do seu lado malo que do bo. Como só resulta interesante a través das revolucións e as catástrofes, en tanto que un pobo medra e prospera na calma dun apacible goberno a historia non di nada del. Só comeza a falar cando, ao non poder bastarse por si mesmo, toma parte nos asuntos dos veciños ou deixa que estes tomen parte nos seus. Non o retrata mais que cando xa está no seu declive: todas as nosas historias comezan onde deberían rematar. Temos dun xeito moi exacto a dos pobos que se destrúen, o que nos falta é a dos pobos que se multiplican; son felices e sabios dabondo para que non teña

nada que dicir deles, e efectivamente vemos, mesmo nos nosos días, que os gobernos que mellor se conducen son aqueles dos que menos se fala. Daquela, só coñecemos o mal, e o ben apenas se fai público. Só os malvados son célebres, e os bos son esquecidos ou ridiculizados: velaí como a historia, igual que a filosofía, calumnia sen cesar o xénero humano.

De por parte, están os feitos descritos na historia ben lonxe de seren a pintura exacta dos mesmos feitos tal e como teñen acontecido. Eles cambian de forma na cabeza do historiador, moldéanse seguindo os seus intereses e toman a cor dos seus prexuízos. Quen é o que sabe poñer exactamente ao lector no lugar da escena para ver un acontecemento tal como sucedeu? A ignorancia ou a parcialidade disfrazan todo. Sen alterar mesmo un trazo histórico, estendendo ou apertando circunstancias relacionadas con el: cantas caras diferentes se lle poden dar! Poñede un mesmo obxecto en distintos puntos de vista: apenas parecerá o mesmo, e mais nada ten cambiado senón o ollo do espectador. Seica en honor á verdade abonda con me narrar un feito verdadeiro facéndomo ver de xeito completamente distinto a como aconteceu? Cantas veces unha árbore máis ou menos, un penedo á esquerda ou á dereita ou un remuíño de po levantado polo vento teñen decidido o sentido dun combate sen que ninguén se teña decatado! Impide isto que o historiador non vos diga a causa da derrota ou da vitoria con tanta seguridade como se tivese estado en todas partes? Ora ben: que me importan os feitos en si mesmos cando a razón deles permanece descoñecida para min? E que leccións podo eu tirar dun acontecemento do que ignoro a verdadeira causa? O historiador proporcióname unha, mais argállaa el, e a propia crítica da que tanto se fala non é senón unha arte de conxectar, a arte de escoller entre varias mentiras aquela que máis se asemella á verdade.

Seica non tedes lido *Cleopatra*, *Casandra* ou outros libros dese estilo? O autor escolle un acontecemento coñecido e despois, acomodándoo aos seus puntos de vista, adornándoo con detalles da súa invención, con personaxes que endexamais exis-

tiron e con retratos imaxinarios, amorea ficción sobre ficción para facer agradable a súa lectura. Vexo pouca diferenza entre estas novelas e as vosas historias, non sendo que o novelista se entrega máis á súa propia imaxinación e o historiador suxéitase máis á doutra persoa, ao que engadirei, se se quere, que o primeiro propónse un obxectivo moral – bo ou malo– do que o outro practicamente non se preocupa.

Hanne dicir que a fidelidade da historia interesa menos que a verdade dos costumes e dos caracteres. Con tal de que o corazón humano estea ben pintado, importa pouco que os acontecementos sexan fielmente redactados porque –engaden– despois de todo: que nos importan a nós feitos acontecidos hai dous mil anos? Teñen razón se é que os retratos son ben transmitidos conforme á natureza, pero se os máis deles só teñen o seu modelo na imaxinación do historiador: non ven sendo volver caír no inconveniente do que se quería escapar e devolverlle á autoridade dos escritores aquilo que se lle quere quitar á do mestre? Se o meu alumno debe ver só retratos de fantasía prefiro que estes sexan trazados pola miña man que pola doutro: cando menos han ser máis axeitados para el.

Os peores historiadores para un mozo son aqueles que vulgan. Feitos, e que el mesmo vulgue! É así como aprende a coñecer os homes. Se sempre o guía o xuízo do autor, el só ve a través do ollo doutra persoa e, cando lle falta este ollo xa non ve máis nada.

Deixo a parte a historia moderna, non só porque ela non ten xa fisionomía ningunha e os nosos homes aseméllanse todos, senón porque os nosos historiadores, atentos unicamente a brillar, non pensan máis que en faceren retratos de moito colorido e que a miúdo non representan nada¹¹⁸. En xeral os antigos fan menos retratos e poñen menos enxeño e máis sentido nos seus

¹¹⁸ Lede a Davila, Guicciardin, Strada, Solís, Maquiavelo e ás veces ao propio de Thou. Vertot é practicamente o único que sabe pintar sen facer retratos.

xuízos. Aínda hai que facer entre eles unha escolla importante e non coller de primeiras os máis asisados senón os máis sinxelos. Non quixera eu poñer nas mans dun mociño nin a Polibio nin a Salustio. Tácito é o libro dos vellos, e os mozos non están feitos para entendela: cómpre aprender a ver nas accións humanas os primeiros trazos do corazón do home antes de querer sondar as súas profundidades, cómpre saber ler ben nos feitos antes de ler nas máximas. A filosofía a través de máximas só lle convén á experiencia. A mocidade non debe xeneralizar nada, toda a súa instrución debe basearse en regras particulares.

Tucídides é para o meu gusto o verdadeiro modelo dos historiadores. Relata os feitos sen xulgalos mais non omite ningunha das circunstancias propias para nos facer xulgar a nós mesmos. Pon todo o que conta á vista do lector, lonxe de se interpor entre os acontecementos e os lectores ocúltase; non cremos xa ler, cremos ver. Desafortunadamente sempre fala de guerras e nos seus relatos practicamente só se ve a cousa menos instrutiva do mundo, a saber, os combates. *A Retirada dos dez mil* e os *Comentarios* de César teñen practicamente a mesma sabedoría e o mesmo defecto. O bo de Herodoto, sen retratos, sen máximas, pero fluído e natural, cheo dos detalles máis capaces de interesar e agradar, sería se cadra o mellor dos historiadores se estes mesmos detalles non dexerasen a miúdo en simplezas puerís máis propias para derramaren o gusto da mocidade que para o formaren: para poder lelo cómpre ter xa discernimento. Non digo nada de Tito Livio; xa chegará a súa vez, pero é político e retórico, é todo o que non convén a esta idade.

A historia en xeral é defectuosa en canto que só rexistra feitos sensibles e marcados que podemos fixar con nomes, lugares e datas, mais as causas lentas e progresivas destes feitos, que non poden identificarse do mesmo xeito, permanecen sempre descoñecidas. Atópase a miúdo nunha batalla gañada ou perdida a razón dunha revolución que mesmo xa antes desta batalla se fixera inevitable. A guerra non fai practicamente outra cousa

senón manifestar acontecementos xa determinados por causas morais que os historiadores raramente saben ver.

O espírito filosófico enfocou cara a este terreo as reflexións de distintos escritores deste século, mais dubido de que a verdade gañe co seu traballo. Dado que o furor polos sistemas se ten apoderado de todos eles, ningún procura ver as cousas como son senón en concordancia co seu sistema.

Engadide a todas estas reflexións que a historia mostra moito máis as accións que os homes, porque só capta a estes en momentos escolleitos, coa súa roupa de gala. Só expón o home público que se adobiou para ser visto, non o segue en absoluto na súa casa, no seu gabinete, na súa familia, no medio dos seus amigos; non o pinta máis que cando está a representar: é moito máis o seu vestido que a súa persoa o que ela pinta.

Preferiría a lectura das vidas privadas para comezar o estudo do corazón humano, porque entón, por moito que o home se esconda, o historiador perségueo por todas partes; non lle deixa ningún momento de descanso, ningún recuncho para evitar a ollada penetrante do espectador, e cando un coida esconderse mellor é cando mellor o fai coñecer o outro. “*Entre os que escriben vidas* –di Montaigne– *os meus favoritos son aqueles que se entreteñen máis nos consellos que nos acontecementos, máis no que pasa dentro que no que acontece fóra. Velaí por qué o meu home é Plutarco*”.

É certo que o xenio dos homes reunidos ou dos pobos é moi diferente do carácter do home en particular, e que sería coñecer dun xeito moi imperfecto o corazón humano non o examinar tamén na multitude. Pero non é menos certo que cómpre comezar por estudar o home para xulgar aos homes, e que aquel que coñecese perfectamente as inclinacións de cada individuo podería prever todos os seus efectos combinados no corpo do pobo.

Cómpre aínda recorrer aquí aos antigos polas razóns que xa expuxen, e ademais porque, ao estaren proscritos do estilo mo-

derno todos os detalles familiares e baixos pero certos e característicos, os homes vense tan adobiados polos nosos autores nas súas vidas privadas como enriba do escenario do mundo. O decoro, non menos severo nos escritos que nas accións, non permite xa dicir en público senón o que publicamente permite facer, e como non se poden mostrar os homes senón sempre no momento de representar non os coñecemos mellor a través dos nosos libros do que enriba dos nosos teatros. Por moito que fagan e refagan cen veces a vida dos reis, non teremos xa Suetonios¹¹⁹.

Plutarco é excelente debido a eses mesmos detalles nos que xa non nos atrevemos a entrar. Ten unha graza inimitable para pintar os grandes homes a través das cousas pequenas, e é tan afortunado na escolla dos seus trazos que moitas veces unha palabra, un sorriso ou un aceno abóndanlle para caracterizar ao seu heroe. Cunha frase divertida Aníbal tranquiliza ao seu exército espantado e fai que marche rindo cara á batalla coa que se apoderou de Italia; Axesilao, a cabalo dun pau, faime estimar ao vencedor do Gran Rei; César, atravesando unha pobre aldea e falaricando cos seus amigos, revela sen pensalo o falsario que dicía pretender unicamente ser igual a Pompeio; Alexandre traga un medicamento e non di unha soa palabra; Aristides escribe o seu propio nome nunha cuncha e xustifica así o seu alcume; Filopemén, pousando o manto, corta leña na cociña do seu anfitrión. Velaí a verdadeira arte de pintar. A fisionomía non se mostra nos grandes trazos nin o carácter nas grandes accións: é nas miudezas onde o natural se descobre. As cousas públicas son demasiado comúns ou demasiado preparadas, e é case exclusivamente nestas onde a dignidade moderna permite que os nosos autores se deteñan.

¹¹⁹ Só un dos nosos historiadores que imitou a Tácito nos grandes trazos se atreveu a imitar a Suetonio, e ás veces a transcribir a Commines nos pequenos, e este mesmo feito que engade valor ao seu libro fixo que o criticasen entre nós.[Parece que nesta nota Rousseau alude a Charles Duclos (1704–1772) (N. do T.).]

Un dos máis grandes homes do derradeiro século foi sen dúbida ningunha o señor de Turenne. Valentemente, fixeron interesante a súa biografía a través de pequenos detalles que o fan coñecer e amar pero: cantos outros houbo que suprimir que o terían feito coñecer e amar máis aínda! Só citarei un que teño de boa fonte e que Plutarco non tería omitido pero que Ramsay¹²⁰ non tería escrito mesmo se o soubera.

Un día de verán en que ía moita calor, o vizconde de Turenne estaba en camisa branca e pucho na fiestra da súa antecámara. Chega un dos seus criados e, enganado pola vestimenta, tómao por un pinche de cociña seu amigo. Achégase amodiño por detrás e cunha man nada lixeira dálle unha boa nadegada. O golpeado revírase no momento e o criado, tremelicando, ve o rostro do seu amo. Cae de xeonllos desesperado: “*Señoría, coidei que era George!*”. “*–Pois mesmo se fose George –exclama Turenne refregando o traseiro– non había que zoupar tan forte*”. É iso o que non vos atrevedes a dicir? Miserables! Perdede para sempre a espontaneidade e as entrañas: temperade e endurecede os vosos corazóns de ferro no voso vil decoro, volvédevos desprezables a poder de dignidade. Pero ti, moción bo que les este trazo e que sentes conmovido toda a dozura de alma que mostra, mesmo no primeiro movemento, le tamén as pequeneces deste gran home tocante á súa nacencia e o seu nome. Repara en que é o mesmo Turenne que sempre lle cedía con gran aparencia o paso ao seu sobriño á fin de que se vira ben que o rapaz era o xefe dunha casa soberana. Une estes contrastes, ama a natureza, despreza a opinión e coñece ao home.

Hai moi poucas persoas capaces de concibir os efectos que unhas lecturas así dirixidas poden operar na mente novíña dun mozo. Debruzados sobre libros dende a nosa infancia, afeitos a ler sen pensar, o que lemos sorpréndenos menos, pois ao levarmos xa en nós as paixóns e os prexuizos que enchen a historia e

¹²⁰ Autor dunha *Historia do vizconde de Turenne* (N. do T.).

a vida dos homes, todo o que estes fan parécenos natural porque estamos fóra da natureza e xulgamos aos outros a través nosa. Mais, que se imaxine un mozo educado segundo os meus preceptos. Que se imaxine ao meu Emilio, ao que dezaioito anos de coidados asiduos só tiveron por obxecto conservarlle un xuízo íntegro e un corazón san; que se imaxine no momento de se erguer o pano, botando a primeira ollada ao escenario do mundo; ou mellor, detrás do teatro, vendo aos actores poñer e quitar os seus vestidos, e contando as cordas e poleas que con groseira impostura enganan os ollos dos espectadores. Moi axiña, á súa primeira sorpresa halle suceder movementos de vergoña e de desdén pola súa especie; hase indignar ao ver así todo o xénero humano, estafado por si mesmo, envilecerse con estes xogos de nenos; hase aflixir ao ver os seus irmáns esfarrapándose entre eles por quimeras e trocándose en bestas feroces por non teren sabido contentarse con ser homes.

De certo que, coas disposicións naturais do alumno, por pouca prudencia e escolla nas súas lecturas que o mestre aporte, por pouco que o encamiñe nas reflexións que debe tirar delas, este exercicio ha ser para el un curso de filosofía práctica, seguramente mellor e máis doado de entender que todas as fútiles especulacións coas que entoldan a mente dos mozos nas nosas escolas. Que, despois de ter seguido os fabulosos proxectos de Pirro, Cineas lle pregunte qué ben real lle ha proporcionar a conquista do mundo, do que non poderá gozar de agora en diante sen tanto tormento. Nós non vemos niso máis que unha bonita frase que pasa, mais Emilio verá unha reflexión moi sabia que el sería o primeiro en ter feito e que non se ha borrar nunca da súa mente porque non atopa nesta ningún prexuízo contrario que poida impedir a súa pegada. Cando despois ao ler a vida deste insensato atope que todos os seus grandes propósitos conduciron a facerse matar pola man dunha muller, en lugar de admirar ese pretendido heroísmo: que ha ver en todos estes feitos de tan grandioso capitán, en todas as

intrigas de tan grandioso político, senón outros tantos pasos na procura desa malfadada tella que debía acabar coa súa vida e os seus proxectos nunha morte deshonrosa?

Nin a todos os conquistadores lles deron morte nin todos os usurpadores fracasaron nas súas empresas. Moitos hanlles parecer afortunados ás mentes provistas de opinións vulgares; mais aquel que, sen se deter nas aparencias, xulga só a felicidade dos homes polo estado dos seus corazóns ha ver as súas miserias nos seus propios éxitos, ha ver os desexos e as preocupacións que os roen estendérense e medraren coa súa fortuna; haos ver perder folgos avanzando sen chegaren endexamais á súa meta. Haos ver semellantes a eses viaxeiros sen experiencia que, ao se meteren por primeira vez nos Alpes pensan que os franquean a cada montaña, e cando chegan ao cumio ven con desánimo diante súa outras montañas máis altas.

Augusto, despois de ter sometido aos seus concidadáns e destruído aos seus rivais, rexeu durante corenta anos o máis grande imperio que teña existido, mais: seica todo ese inmenso poder impedía que petase coa cabeza contra as paredes e enchese o seu vasto palacio de berros cos que reclamaba a Varo as súas lexións exterminadas? Mesmo se tivese vencido a todos os seus inimigos: de que lle terían servido os seus vans triunfos cando as coitas de toda caste nacían sen cesar arredor del, cando os seus amigos máis queridos atentaban contra a súa vida e cando se vía forzado a chorar a vergoña ou a morte dos seus próximos todos? O malfadado quixo gobernar o mundo e non soubo gobernar a súa casa! Que aconteceu por causa desta negligencia? Viu el pereceren na flor da idade o seu sobriño, o seu fillo adoptivo e máis o seu xenro. O seu neto viuse forzado a comer a borra do seu leito para prolongar unhas horas a súa miserable vida; a súa filla e a súa neta, despois de o teren cuberto de infamia, morreron, unha de miseria e de fame nunha illa deserta e a outra en prisión a mans dun arqueiro. Finalmente, el mesmo, derradeiro resto da súa malfadada familia, viuse forzado pola súa muller a non deixar tras súa senón un monstro para o suceder. Tal foi o

destino deste amo do mundo, tan celebrado na súa gloria e a súa felicidade. Podería eu crer que tan sequera un dos que admiran estas había querer adquirilas ao mesmo prezo?

Collín a ambición como exemplo, mais o xogo de todas as paixóns humanas ofrece leccións semellantes a quen quere estudar a historia para se coñecer e facerse asinado a costa dos mortos. Vai chegando o tempo no que a vida de Antonio ha ter para o mozo un ensino máis inmediato que a de Augusto. Emilio practicamente non se ha recoñecer nos estraños obxectos que han bater nos seus ollos durante estes novos estudos, mais ha saber de antemán arredar a ilusión das paixóns antes de que estas nazan e, ao ver que en todas as épocas elas cegaron aos homes, estará precavido ante a maneira como o poderán cegar a el á súa vez se algunha vez se entrega a elas. Estas leccións, ben o sei, non lle son axeitadas e se cadra han ser serodias e insuficientes cando as precise, mais lembrede que non son as que eu quixen tirar deste estudio. Ao comezalo, eu propúñame outro obxectivo, e seguramente se este obxectivo non se cumpriu ben é culpa do mestre.

Pensade que tan axiña como o amor propio se desenvolveu, o *eu* relativo ponse en funcionamento sen descanso, e que endexamais o mozo observa aos outros sen volver sobre el mesmo e compararse con eles. Trátase, daquela, de saber en qué rango se ha poñer entre os seus semellantes despois de os ter examinado. Vexo na maneira como lles fan ler a historia aos mozos, que os transforman, por dicilo así, en todos os personaxes que ven, que se esforzan en facelos converterse quer en Cicerón, quer en Traxano, quer en Alexandre, en os desalentar cando volven a eles mesmos, en lle infundir a cada un a mágoa de non ser máis ca el. Este método ten certas vantaxes que eu non nego, pero, canto ao meu Emilio, se nestes paralelos acontece tan sequera unha vez que chega a preferir ser outro diferente a el, fose este Sócrates ou Catón, todo está perdido: o que comeza a volverse estraño para si mesmo non tarda en se esquecer totalmente.

Non son en absoluto os filósofos os que mellor coñecen aos homes; eles non os ven máis que a través dos prexuízos da filosofía, e eu non coñezo estamento ningún que teña tantos. Un salvaxe xúlganos de maneira máis sa do que fai un filósofo. Este sente os seus vicios, indígnase cos nosos, e dise para el mesmo: “Todos nós somos malvados”. O outro míranos sen se conmoer e di: “Estades tolos”. Ten razón, porque ninguén fai o mal polo mal. O meu alumno é ese salvaxe, coa diferenza de que Emilio, ao ter reflexionado máis, comparado máis ideas e visto os nosos erros dende máis perto, está máis en garda contra el mesmo e non xulga senón sobre aquilo que coñece.

Son as nosas paixóns as que nos irritan contra as dos outros; é o noso interese o que nos fai odiar aos malvados; se non nos fixesen mal ningún teríamos cara eles máis mágoa do que odio. O mal que nos fan os malvados fainos esquecer o que se fan a si mesmos. Habiámoslles perdoar máis doadamente os seus vicios se puidésemos coñecer canto os castiga por eles o seu propio corazón. Sentimos a ofensa e non vemos o castigo; as vantaxes vense, a coita está no interior. Aquel que coida gozar do froito dos seus vicios non ten menos tormento que se non tivese triunfado; mudou o obxecto, mais a inquedanza é a mesma. Por moito que eles amosen a súa fortuna e agachen o seu corazón, a súa conduta amósao malia eles, mais para velo cómpre non ter un corazón semellante.

As paixóns que compartimos sedúcennos, as que baten cos nosos intereses revólvennos e, por unha inconsecuencia que nos ven delas, criticamos nos demais o que nós quixeramos imitar. A aversión e a ilusión son inevitables cando nos vemos obrigados a sufrir por parte doutro o mal que fariamos se estivésemos no seu lugar.

Que cumpría, daquela, para observar ben aos homes? Un grande interese en coñecelos e unha grande imparcialidade en xulgalos. Un corazón sensible dabondo como para concibir todas as paixóns humanas e acougado dabondo como para

non experimentalas. Se existe na vida un momento favorable para este estudio é o que eu escollín para Emilio; máis cedo teríanlle sido estraños, máis tarde tería sido semellante a eles. A opinión, da que ve o xogo, aínda non acadou mando sobre el. As paixóns, das que sente o efecto, aínda non abalaron o seu corazón. É home e interésase polos seus irmáns, é equitativo e xulga aos seus iguais. Ora ben, se é que os xulga correctamente non ha querer estar no lugar de ningún deles porque, ao se fundar o obxectivo de todos os tormentos que aqueles pasan sobre prexuízos que non ten, parécelle un obxectivo que está no aire. El, todo o que desexa teno ao seu alcance. De quen había depender, se se basta a si mesmo e está libre de prexuízos? Ten brazos, saúde¹²¹, moderación, poucas necesidades e con qué satisfacelas. Alimentado na liberdade máis absoluta, o mal máis grande que concibe é a servidume. Ten mágoa deses miserables reis escravos de todo o que lles obedece, ten mágoa deses falsos sabios encadeados na súa fatua reputación, ten mágoa deses ricos parvos mártires do seu fasto, ten mágoa deses voluptuosos de exhibición que entregan a súa vida enteira ao noxo para aparentaren ter pracer. Había ter mágoa do inimigo que lle fixese mal a el mesmo porque nas súas maldades había ver a súa miseria. Habíase dicir: “En se creando a necesidade de me prexudicar, este home fixo depender o seu destino do meu”.

Outro paso máis e tocamos o obxectivo. O amor propio é un instrumento útil, mais perigoso; a miúdo fire a man que o utiliza, e raramente fai o ben sen mal. Emilio, considerando o seu rango na especie humana e véndose tan venturosamente situado nela, terá a tentación de lle render honor á súa razón polo labor da vosa e de lle atribuír ao seu mérito o efecto da súa ventura. Hase dicir: “Eu son asisado e os homes son tolos.” Ao

¹²¹ Coido poder contar afoutadamente a saúde e a boa constitución entre o número de vantaxes adquiridas pola súa boa educación, ou mellor entre o número de dons da natureza que a súa educación lle conservou.

lles ter mágoa haos desprezar, ao se felicitar estimarase máis, e ao se sentir máis venturoso ca eles hase crer máis digno de selo. Velái o erro que debemos temer máis porque é o máis difícil de destruír. Se ficase nese estado tería el gañado pouco con todos os nosos coidados, e se houbera que escoller, non sei se eu non preferiría aínda a ilusión dos prexuízos á do orgullo.

Os grandes homes non se enganan en absoluto sobre a súa superioridade: vena, séntena e non por iso son menos modestos dela. Canta máis teñen, mellor coñecen todo o que lles falta. Fachendea menos da súa elevación por riba nosa do que se humillan polo sentimento da súa miseria, e nos bens exclusivos que posúen son dabondo sensatos como para se gabaren por un don que eles non se construíron. O home de ben pode gabarse da súa virtude, porque esta é súa; mais: de que se gaba o home de enxeño? Que fixo Racine para non ser Pradon? Que fixo Boileau para non ser Cotin? ¹²²

Aquí é outra cousa diferente aínda. Permanezamos sempre na orde común. Non lle supuxen ao meu alumno nin un xenio transcendente nin un entendemento entupido. Escollino entre as mentes vulgares para amosar o que a educación pode no home. Todos os casos raros están fóra das regras. Daquela, cando a consecuencia dos meus coidados Emilio prefire a súa maneira de ser, de ver e de sentir á dos outros homes, ten razón. Pero, cando por iso pensa que é dunha natureza máis excelente e que naceu máis venturoso ca eles, está trabucado. Engánase e cómpre desenganalo, ou mellor previr o erro por medo a que despois non sexa tarde de máis para destruílo.

Non hai tolemia da que non poidamos desembelear a un home que non está tolo, agás da vaidade. A esta nada a cura non sendo a experiencia, se é que hai algo que a dá curado; polo

¹²² Pradon e máis Cotin son dous escritores do século XVIII dos que practicamente o único mérito é o de se teren oposto a Racine e a Boileau, respectivamente (N. do T.).

menos cando nace podemos impedirlle que medre. Non vaia-des, daquela, perdervos en bonitos razoamentos para lle probar ao adolescente que é un home coma os outros e está suxeito ás mesmas feblezas. Facede que o senta ou endexamais o ha saber. Este é aínda un caso de excepción ás miñas propias regras: é o caso de expor voluntariamente ao meu alumno a todos os accidentes que lle poden probar que el non é máis sabio ca todos. A aventura do saltanocribo repetiríase de mil maneiras: había eu deixar aos aduladores avantaxáreno. Se uns tarabelos o arrastrasen a algunha extravagancia, habíalle deixar correr o perigo; se uns rapiñeiros o asaltasen no xogo, habíalles permitir que o collesen de pandote¹²³; habíallelo deixar incensar, desplumar e esbullar, e cando, sen un pataco, se burlasen del, habíalles agradecer aínda as leccións que tiveron a ben darlle. No único ichó no que tería coidado de que non caíse sería no das cortesás. O único tino que tería con el sería o de compartir todos os perigos que lle deixase correr e todas as aldraxes que lle deixase recibir. Eu había aturar todo en silencio, sen laio nin reproche, e podedes estar seguro de que, mantendo ben esta discreción, todo o que me teña visto sufrir por el ha impresionar máis o seu corazón do que teña sufrido el mesmo.

Non podo deixar de mencionar aquí a falsa dignidade dos aios que parvamente, para pasaren por sabios, abaixan aos seus alumnos aparentando tratalos sempre como rapaces e distinguíndose sempre deles en todo o que lles mandan facer. Lonxe

¹²³ Polo demais, o noso alumno ha caír pouco neste ichó, el que tantas diversións rodean, que nunca na súa vida se aburriu, e que apenas sabe para que serve o diñeiro. Ao seren os dous móbiles cos que se dirixen aos rapaces o interese e máis a vaidade, estes dous mesmos móbiles sérvenlles ás cortesás e aos ladroeiros para se apoderaren logo deles. Cando vedes excitar a súa avidez con premios e con recompensas, cando o vedes aplaudir con dez anos nun acto público no colexio, vedes como lle han facer deixar aos vinte a súa faldriqueira nun garito e a súa saúde nun lugar de mala sona. Sempre hai que apostar que o máis sabio da clase máis ha caír na xogueta e ha ser o máis bandallo. Ora ben, os medios que non se utilizaron en absoluto na infancia non provocan o mesmo estrago na mocidade. Con todo, cómpre lembrar que aquí o meu precepto constante é poñer sempre as cousas no peor dos casos. Tratou primeiro de previr o vicio, e despois supoño que aparece a fin de lle pór remedio.

de minguardes así os seus folgos mozos, non aforredes nada para lle dar pulo á súa alma; tratádeos como iguais a vós a fin de que cheguen a selo, e se aínda non poden erguerse á vosa altura baixádevos a eles sen vergoña e sen escúpulo. Pensade que a vosa honra xa non está en vós senón no voso alumno, compartide as súas faltas para as corrixir; cargade coa súa vergoña para lla borrar: imitate a aquel bravo Romano que, vendo fuxir o seu exército e non podendo reunilo, se botou a fuxir á cabeza dos seus soldados berrando: “*Non foxen, seguen ao seu capitán*”. Tivo por isto deshonra? Nadiña: sacrificando así a súa gloria, aumentouna. A forza do deber e a beleza da virtude arrastran malia nós a nosa adhesión e derruban os nosos insensatos prexuízos. Se eu recibise unha labazada ao cumprir a miña función con Emilio, lonxe de me vingar desa labazada, habíame gabar dela por todas partes, e dubido que houbera un home tan vil como para non respectarme máis por causa disto.

Non é que o alumno deba supor no mestre luces tan limitadas como as súas e a mesma facilidade para se deixar seducir. Esta opinión é válida para un rapaz que non sabe ver nin comparar nada, que coloca a todo o mundo á súa propia altura e só deposita a súa confianza naqueles que saben causar efecto nela. Mais un mozo da idade de Emilio e tan sensato coma el non é xa parvo dabondo como para tomar o camiño equivocado, e non sería ben que o tomase. A confianza que debe ter no seu aío é doutra caste; debe basearse na autoridade da razón, na superioridade das luces, nas vantaxes que o mociño está en condicións de coñecer e das que sente utilidade para el. Unha longa experiencia convenceuno de que é estimado polo seu guía, e que este guía é un home sabio e ilustrado que, querendo a súa felicidade, sabe o que pode proporcionarlla. Debe saber que polo seu propio interese lle convén escoitar as súas opinións. Ora ben, se o mestre se deixase enganar coma o discípulo, perdería o dereito de esixir deferencia por parte deste e de lle dar leccións. Aínda menos debe supor o alumno que o

mestre o deixa a propósito caír nos ichós e que tende emboscadas á súa sinxeleza. Que é o que cómpre, daquela, para evitar a un tempo estes dous inconvenientes? O mellor que hai e máis natural: ser sinxelo e verdadeiro coma el, advertirlle os perigos aos que se expón, amosarllos claramente, sensiblemente, mais sen esaxeración, sen fantasía, sen exhibición pedantesca; sobre todo sen lle dar as vosas opinións como ordes ata que se teñan convertido nestas e que o ton imperioso sexa absolutamente necesario. Seica se obstina, despois disto, como fará a miúdo? Entón non lle digades máis nada: deixádeo en liberdade, seguídeo, imitádeo; e facédeo ledamente, francamente; entregádevos, divertídevos tanto coma el se é posible. Se as consecuencias se fan demasiado fortes, sempre estades vós aí para detelas; e, con todo, canto non debe o mozo testemuña da vosa previsión e da vosa compracencia verse a un tempo sorprendido por unha e conmovido pola outra! Todas as súas faltas constitúen outros tantos lazos que el vos fornece para retelo se é necesario. Ora ben, o que fai aquí a máis grande arte do mestre é provocar as ocasións e dirixir as exhortacións de xeito que saiba de antemán cando o mozo vai ceder e cando se vai obstinar, a fin de rodealo totalmente coas leccións da experiencia, sen expoñelo endexa-mais a uns perigos demasiado grandes.

Advertídeo das súas faltas antes de que caia nelas; des que caiu non llas reprochedes, non fariades máis que inflamar e rebelarse o seu amor propio. Unha lección que fai rebelarse non aproveita. Non coñezo cousa máis inepta que esta frase: *“Xa o dixera eu”* O mellor xeito de facer que se lembre do que lle dixeron é aparentar telo esquecido. Polo contrario, cando o vexades avergoñado por non vos ter crido, borrade suavemente esa humillación con palabras agradables. Con seguridade, havos coller afecto ao ver que vos esquecedes de vós por el e que en lugar de acabar de esmagalo consoládelo. Mais, se á súa coita vós lle engadides reproches, havos odiar e coller como norma o

non vos escoitar máis, como para vos demostrar que non pensa coma vós tocante á importancia das vosas opinións.

A arte dos vosos consolos pode aínda ser para el unha instrución tanto máis útil canto que non ha desconfiar dela. Dicíndolle, supoño eu, que moitos outros cometen as mesmas faltas, pedídeslle menos contas das que esperaba, estades a corrixilo aparentando unicamente doervos del, porque, para aquel que coida saber máis que os outros homes, representa unha escusa ben mortificante o se consolar co seu exemplo: é assimilar que o máximo que pode pretender é que aqueles non valen máis ca el.

O tempo das faltas é o das fábulas. Criticando ao culpable baixo unha máscara allea instruímolos sen ofendelo, e, daquela, el comprende que o apólogo non é unha mentira, pola verdade que se aplica. O rapaz ao que nunca enganaron con louvanzas non entende nada da fábula que eu examinei antes aquí, mais o tarabelo que acaba de ser vítima dun adulator capta portentosamente que o corvo non era senón un parvo. Así, dun feito el tira unha máxima, e a experiencia que outramente tería esquecido axiña, grávase por medio da fábula no seu espírito. Non hai coñecemento moral que non se poida adquirir pola experiencia doutro ou pola propia. Nos casos nos que esta experiencia é perigosa, en lugar de realizala un mesmo, tírase a lección da historia. Cando a proba non ten consecuencias é ben que o mozo se expoña a ela. Despois, mediante o apólogo, un expresa en máximas os casos particulares que coñece.

Con todo, non entendo que estas máximas deban desenvolverse nin mesmo enunciarse. Nada é tan van e tan mal comprendido como a moral que termina a maior parte das fábulas; como se esta moral non estivese ou non debese estar espallada pola mesma fábula de xeito que se fixese sensible ao lector. Por que, logo, engadindo esta moral ao remate, tirarlle o pracer de atopar en por el? O talento de instruír consiste en facer que o discípulo goce coa instrución. Ora ben, para que goce cómpre

que o seu espírito non permaneza tan pasivo ante todo o que lle dices sen ter nada en absoluto que facer para vos entender. Cómpre que o amor propio do mestre deixe sempre algunha agarradeira ao seu; cómpre que el se poida dicir: “Comprendo, penetro, actúo e instrúome”. Unha das cousas que fan aborrecer o Pantalón da Comedia italiana é o coidado que ten en interpretar para o patio simplezas que xa se entenden dabondo. Eu non quero que un aío sexa Pantalón, e aínda menos un autor. Cómpre sempre facerse entender, mais non sempre cómpre dicir todo; o que di todo di poucas cousas, porque ao final non o escoitan. Que significan eses catro versos que La Fontaine lle engade á fábula da ra que incha? Seica ten medo de que non o entenderan? Seica este grande autor ten necesidade de escribir os nomes por baixo dos obxectos que pinta? Lonxe de xeneralizar con isto a súa moral, particularízaa e restrínxea, de certa maneira, aos exemplos citados e impide que non se aplique a outros. Eu quixera que antes de pór as fábulas deste autor inimitable entre as mans dun mozo se retirasen todas as conclusións polas que aquel se toma o traballo de explicar o que acaba de dicir tan claramente como agradablemente. Se o voso alumno non entende a fábula máis que coa axuda da explicación, podedes estar seguros de que tampouco non ha entender así.

Sería tamén importante darlles a estas fábulas unha orde máis didáctica e máis conforme co progreso dos sentimentos e das luces do adolescente mozo. Pódese concibir algo menos razoable que seguir exactamente a orde numérica do libro sen ter en conta a necesidade nin a ocasión? Primeiro o corvo, logo a cigarra, despois a ra, despois os dous mulos, etc. Teño atravesados eses dous mulos porque me lembro dun rapaz educado para as finanzas, ao que atordoaban co emprego que ía cumprir, e a quen teño visto ler esta fábula, aprendela, dicila e repetila cen e mil veces sen tirar endexamais dela a menor obxección contra o oficio ao que estaba destinado. Non só nunca teño visto a rapaz ningún facer unha aplicación sólida das fábulas que

aprendía senón que nunca teño visto que ninguén se preocupara de obrígalo a facer esa aplicación. O pretexto deste estudio é a instrución moral, mais o verdadeiro obxectivo da nai e do fillo non é senón ocupar con el a toda unha xuntanza en canto que recita as súas fábulas. Así as esquece todas ao medrar, cando xa non é cousa de recitalas senón de tirar proveito delas. Repítoo: só lles pertence aos homes o se instruíren nas fábulas, e velaí para Emilio o momento de comezar.

Eu sinalo de lonxe, porque tampouco quero dicilo todo, os camiños que desvían do correcto, a fin de que se aprenda a evitalos. Coido que seguindo o que eu marquei o voso alumno ha adquirir o coñecemento dos homes e de si mesmo polo mellor prezo posible, que vós habedelo poñer en condicións de contemplar os caprichos da fortuna sen envexar a sorte dos favoritos dela e de atoparse contento de si sen se crer máis sabio que os outros. Vós tamén comezastes por facelo autor para o facer espectador, cómpre rematar, porque dende o patio vense os obxectos tal como aparentan mais dende o escenario vese tal como son. Para abranguer a totalidade cómpre ter perspectiva e cómpre achegarse para ver os detalles. Mais: a título de que vai entrar un mozo nos asuntos do mundo? Que dereito ten de ser iniciado neses misterios tenebrosos? As intrigas de pracer limitan a súa idade; aínda non dispón mais que de si mesmo; é como se non dispuxese de nada. O home é a máis ruín das mercadorías, e entre os nosos importantes dereitos de propiedade, o da persoa é sempre o menor de todos.

Cando vexo que na idade de maior actividade limitan os mozos a estudos puramente especulativos, e que despois, sen a máis mínima experiencia, son de súpeto lanzados ao mundo e aos negocios, considero que non se baten menos contra a razón do que contra a natureza, e xa non me atopo sorprendido de que tan pouca xente saiba conducirse. Por que estraña mentalidade nos aprenden tantas cousas inútiles en tanto que a arte de comportarse non conta nada? Preténdese formarnos para a so-

cidade e instrúennos como se cada un de nós tivese que pasar a súa vida pensando na súa cela, el só, ou tratando asuntos no aire con seres indiferentes. Vós coidades aprenderlles a vivir aos vosos rapaces ensinándolles certas contorsións do corpo e certas fórmulas de palabras que non significan nada. Eu tamén lle aprendín a vivir ao meu Emilio, porque lle aprendín a vivir consigo mesmo, e ademais a saber gañar o seu pan. Mais non é dabondo. Para vivir no mundo cómpre saber tratar cos homes, cómpre coñecer os instrumentos que proporcionan influencia sobre eles; cómpre calcular a acción e reacción do interese particular na sociedade civil, e prever os acontecementos de xeito tan preciso que raramente un se engane nas súas empresas, ou que cando menos un teña adoptado sempre os mellores medios para triunfar. As leis non lles permiten aos mocíños facer os seus propios negocios e dispor da súa propia facenda, mais: de que lle habían servir estas precaucións se ata a idade prescrita non puidesen eles adquirir ningunha experiencia? Non terían gañado nada con esperar e serían tan novos aos vinte e cinco anos coma aos quince. Sen dúbida, cómpre impedir que un mozo cegado pola súa ignorancia ou enganado polas súas paixóns se faga mal a si mesmo, mais a toda idade está permitido ser benefactor, a toda idade pode un protexer, baixo a dirección dun home sabio, aos malfadados que só precisan apoio.

As amas de leite e as nais vencéllanse aos rapaces por medio dos coidados que lles prestan; o exercicio das virtudes sociais leva ao fondo dos corazóns o amor á humanidade; é practicando o ben como un se fai bo, non coñezo práctica máis segura. Ocupade ao voso alumno en todas as boas accións que están á súa altura, que o interese dos indixentes sexa sempre o seu, que non os axude só coa súa bolsa senón cos seus coidados, que os sirva, que os protexa, que lles consagre a súa persoa e o seu tempo, que se faga o seu home de negocios, nunca na súa vida ha cumprir un emprego tan nobre. Cantos oprimidos aos que endexamais escoitaron obterán xustiza cando a pida por eles

con esa intrépida firmeza que dá o exercicio da virtude, cando force as portas dos grandes e dos ricos, cando vaia, se é preciso, ata os pés do trono facer oír a voz dos infortunados aos que todos os accesos están pechados pola súa miseria, e aos que o medo de ser castigados polos males que lles causan impide mesmo ousaren laiarse.

Mais: faremos de Emilio un cabaleiro andante, un endereitador de tortos, un paladín? Irase meter nos asuntos públicos, facer o sabio e o defensor das leis cabo dos poderosos, cabo dos maxistrados, cabo do príncipe, facer de solicitador¹²⁴ cabo dos xuíces e de avogado nos tribunais? Non o sei en absoluto. Os nomes choqueiros e ridículos non mudan nada da natureza das cousas. Ha facer todo canto sabe que é útil e bo. Non ha facer máis nada, e sabe que nada que non é conveniente para a súa idade é útil e bo para el. Sabe que o seu primeiro deber é para consigo mesmo, que os mozos deben desconfiar deles, seren circunspectos na súa conduta, respectuosos ante a xente de máis idade, comedidos e discretos en falaren sen motivo, modestos nas cousas indiferentes mais ousados en faceren o ben e valentes en diciren a verdade. Tal eran aqueles ilustres Romanos que antes de seren admitidos nos cargos pasaban a súa mocidade a perseguir o crime e a defender a inocencia, sen outro interese que o de se instruiren servindo a xustiza e protexendo os bos costumes.

Emilio non gusta do ruído nin das querelas, non só entre os homes¹²⁵ senón mesmo entre os animais: nunca encirrou a

¹²⁴ O solicitador era unha persoa que no seu propio nome ou en representación de alguén solicitaba un proceso ou outra acción visitando os xuíces ou persoas competentes (N. do T.).

¹²⁵ “Mais, se lle buscan querela a el: como se ha comportar?” Respondo que nunca ha ter unha querela, que endexamais se ha prestar dabondo para tela. “Mais –han proseguir– en fin: quen está ao abeiro dunha labazada ou da inxuria dun bruto, dun borracho ou dun loubán destemido que, por ter o pracer de matar un home, comeza deshonorádo?” É unha cousa distinta: nin o honor dos cidadáns nin a súa vida teñen que estar á mercé dun bruto, dun borracho ou dun loubán destemido, e un non se pode gardar dun accidente semellante máis do que se garda da caída dunha tella. Unha labazada ou unha inxuria recibida e aturada teñen efectos civís que ningún siso pode previr e polos que ningún tribunal pode

dous cans a pelexar nin nunca fixo perseguir un gato por un can. Este espírito pacífico é efecto da súa educación que, non tendo fomentado o amor propio nin a alta opinión de si mesmo, arredouno de procurar os seus praceres na dominación e no infortunio dos outros. Sofre cando ve sufrir, é un sentimento natural. O que fai que un mociño se endureza e se compra en ver atormentar un ser sensible é cando a vaidade, remanecendo, faino mirarse como exento das mesmas coitas pola súa sabedoría ou pola súa superioridade. Aquel a quen preservaron esa mentalidade non daría caído no vicio que é consecuencia del. Daquela, Emilio ama a paz. A imaxe da felicidade agrádalle, e cando pode contribuír a produci-la é un medio máis de compartila. Non dei por suposto que ao el ver os infortunados só había ter por eles esa mágoa estéril e cruel que se contenta con doerse dos males que pode curar. A súa beneficencia activa fornécelle decontado luces que cun corazón máis duro non tería adquirido ou tería adquirido moito máis tarde. Se ve reinar a discordia entre os seus compañeiros trata de reconcilialos, se ve aflixidos infórmase do motivo das súas penas, se ve dous homes odiárense quere coñecer a causa da súa inimizade, se ve un oprimido salaiar polas aldraxes do poderoso e do rico busca as manobras que cobren esas aldraxes, e no interese que ten por todos os miserables os medios de rematar cos seus males nunca lle son indiferentes. Que temos que facer, daquela, para tirarmos par-

vingarse no ofendido. A insuficiencia das leis restituélle, logo, niso a súa independencia; el é, daquela, o único maxistrado, o único xuíz entre o defensor e el; é o único interprete e ministro da lei natural, débese xustiza e só el pode administrarse esta. E non existe na terra goberno ningún dabondo insensato como para castigalo por se ter administrado aquela nun caso semellante. Non digo que se deba ir bater, é unha extravagancia; digo que debe facerse xustiza e que el é o único que pode dispensala. Sen tantos vans edictos contra os duelos, se eu fose soberano respondo que non habería endexamais labazada nin inxuria nos meus Estados, e isto a través dun medio moi sinxelo no que os tribunais non se habian mesturar en absoluto. Sexa como for, Emilio sabe nun caso semellante a xustiza que se debe a el mesmo e o exemplo que debe á seguridade da xente de honor. Non depende do home máis firme impedir que o aldraxen, mais depende del impedir que alguén se gabe durante moito tempo de telo aldraxado.

tido destas disposicións dunha maneira conveniente para a súa idade? Regularmos os seus coidados e os seus coñecementos, e empregarmos o seu celo en aumentalos.

Non me canso de repetilo: poñede todas as leccións dos mozos en accións máis que en discursos. Que non aprendan nos libros nada do que a experiencia lles poida ensinar. Que extravagante proxecto, o de os exercitar en falar sen asunto ningún que comentar, de coidar facerlles sentir enriba dos bancos do colexio a enerxía da linguaxe das paixóns e toda a forza da arte de persuadir sen interese en persuadir de nada a ninguén! Todos os preceptos da retórica semellan só unha pura leria a calquera que non sinta a utilización dela en proveito seu. Que lle importa a un escolar como fixo Aníbal para decidir aos seus soldados a cruzar os Alpes? Se en lugar desas magníficas arengas lle dixerades como ten que facer para mover ao seu prefecto a lle dar vacación, estade seguro de que atendería máis ás vosas regras.

Se eu quixese ensinalle a retórica a un mozo que tivese xa desenvoltas todas as paixóns, habíalle presentar constantemente obxectos que agarimasen esas paixóns e había examinar con el a linguaxe que debe empregar cos outros homes para animalos a favorecer os seus desexos. Mais o meu Emilio non está nunha situación tan vantaxosa tocante á arte da oratoria. Case unicamente limitado ao fisicamente necesario, precisa menos dos outros do que os outros precisan del, e ao non ter nada que lles pedir para si, aquilo do que quere persuadilos non o afecta de tan perto como para conmovelo excesivamente. Derívase disto que, en xeral, utiliza unha linguaxe sinxela e pouco figurada. Normalmente fala en sentido propio e só para ser entendido. É pouco dado a sentenzas porque non aprendeu a xeneralizar as súas ideas; usa poucas imaxes porque raramente o guía a paixón.

Con todo, non se trata de que sexa completamente flegmático e frío. Nin a súa idade nin os seus costumes nin os seus gustos o permiten. Na foxaxe da adolescencia, os espíritos vivificantes

contidos e destilados no seu sangue levan ao seu corazón mozo unha calor que brilla no seu ollar, que se sente nos seus discursos e que se ve nos seus actos. A súa linguaxe tomou acento, e por veces vehemencia. O nobre sentimento que o inspira dálle forza e elevación; penetrado polo tenro amor á humanidade, transmite ao falar os movementos da súa alma; a súa xenerosa franqueza ten un algo máis encantador que a artificiosa elocuencia dos outros, ou mellor: só el é verdadeiramente elocuente pois que só ten que amosar o que sente para llelo comunicar a aqueles que o escoitan.

Canto máis penso nisto, máis convencido estou de que, ao poñer así en acción a beneficencia e ao tirar dos nosos fracasos ou éxitos reflexións sobre as súas causas, existen poucos coñecementos útiles que non se poidan cultivar no espírito dun mozo, e que con todo o verdadeiro saber que se pode adquirir nos colexios, el adquirirá de por parte unha ciencia aínda máis importante, que é a aplicación do adquirido aos usos da vida. Non é posible que tendo el tanto interese polos seus semellantes non aprenda dende cedo a sopesar e aprezar as accións deles, os seus gustos e os seus praceres, e a darlle en xeral a aquilo que pode contribuír ou prexudicar á felicidade dos homes máis xusto valor que o que lle dan aqueles que, ao non se interesaren por ninguén, nunca fan nada por outra persoa. Aqueles que nunca tratan senón os seus propios asuntos apaixónanse de máis para xulgaren sanamente as cousas. Relacionando todo só con eles e regulando só segundo o seu interese as ideas do ben e do mal, enchen a súa mente con mil prexuízos ridículos e en todo o que atenta á súa máis mínima vantaxe ven eles decontadiño o trasviramento do universo.

Estendamos o amor propio sobre os outros seres, habémolo transformar en virtude e non hai corazón humano no que esta virtude non teña a súa raíz. Canto menos se refire a nós o obxecto dos nosos coidados, menos hai que lle temer á ilusión do interese particular; canto máis se xeneraliza este interese, máis equita-

tivo se volve, e o amor ao xénero humano non é outra cousa en nós que o amor á xustiza. Queremos, daquela, que Emilio ame a verdade? Queremos que a coñeza? Manteñámolo sempre lonxe de si nos asuntos. Canto máis consagre os seus coidados á felicidade doutra persoa máis preclaros e sabios han ser e menos se ha enganar sobre o que está ben ou mal. Pero non permitamos nunca nel unha preferencia cega fundada unicamente sobre a aceptación dunhas persoas ou sobre inxustas previsións. E por que había el prexudicar a un para servir ao outro? Pouco importa a quen lle corresponde a maior felicidade no reparto con tal de que contribúa á maior felicidade de todos: ese é o primeiro interese do sabio despois do interese privado, porque cadaquén forma parte da súa especie e non doutro individuo.

Para impedir que a compaixón dexenere en febleza, cómpre, logo, xeneralizala e estendela sobre todo o xénero humano. Entón un non se entrega a ela senón en canto que esta concorda coa xustiza, porque de todas as virtudes é a xustiza a que máis contribúe ao ben común dos homes. Por razón e por amor a nós mesmos é preciso ter aínda maior compaixón pola nosa especie que polo noso próximo, e é unha gran crueldade cara aos homes a compaixón polos malvados.

Polo demais, cómpre lembrar que todos eses medios polos que eu lanzo así ao meu alumno fóra del mesmo, teñen, porén, unha relación directa con el, pois que non só resulta diso un gozo interior, senón que ao facelo benefactor en proveito dos outros estou así a traballar na súa propia instrución.

Ao primeiro dei os medios, e agora amoso o efecto deles. Que grandes perspectivas vexo instalarse pouco a pouco na súa cabeza! Que sentimentos sublimes afofan no seu corazón o xermolo das cativas paixóns! Que nitidez de xuízo! Que xusteza de razón vexo formarse nel polas súas inclinacións cultivadas, pola experiencia que concentra os degoros dunha alma grande no estreito límite dos posibles e fai que un home superior aos outros, ao non poder eleválos á súa medida, sabe baixarse á deles! Os

verdadeiros principios do xusto, os verdadeiros modelos do fermoso, todas as relacións morais dos seres, todas as ideas da orde, grávanse no seu entendemento; ve o lugar de cada cousa e o motivo que a arreda del; ve que é o que pode facer o ben e que é o que o impide. Sen ter experimentado as paixóns humanas, coñece as súas ilusións e o seu xogo.

Avanzo atraído pola forza das cousas, mais sen me impor sobre os xuízos dos lectores. Dende hai moito venme eles no país das quimeras; eu véxoos no país dos prexuízos. Arredándome tanto das opinións vulgares, non deixo de telas presentes na miña mente; examínoas e medítoas, non para as seguir nin para fuxir delas senón para as pesar na balanza do razoamento. Todas as veces que este me obriga a arredarme delas, instruído pola experiencia, estou seguro de que aqueles non me han imitar; ben sei que ao se obstinaren en imaxinar só o que ven han tomar o mozo que eu estou representando por un ser imaxinario e fantástico, porque difire daqueles cos que o comparan sen pensaren que é moi necesario que difira deles, pois que, ao estar educado de xeito tan diferente, afectado por sentimentos totalmente contrarios e instruído de xeito completamente distinto ao deles, sería moito máis sorprendente que se lles asemellase a que fose tal como eu o supoño. Non é o home do home, é o home da natureza. De certo que ten que resultar moi estraño aos ollos deles.

Ao comezar esta obra non supuña eu nada que non puidesen observar todos coma min, porque existe un punto, a saber o nacemento do home, do que todos partimos igualmente, pero canto máis avanzamos, eu para cultivar a natureza e vós para pervertela, máis nos arredamos os uns dos outros. O meu alumno, aos seis anos, difería pouco dos vosos que non tiverades tempo de desfigurar; agora non teñen nada semellante, e a idade do home feito á que se está achegando debe amosalo baixo unha forma completamente diferente, se é que non perdín os meus traballos todos. A cantidade de adquisicións se cadra é bastante igual

dunha banda e da outra, mais as cousas adquiridas non se asemellan en absoluto. A vós estráñavos atopar nun sentimentos sublimes dos que os outros non teñen o menor agromo; mais considerade tamén que estes xa son todos filósofos e teólogos antes de que Emilio saiba o que é a filosofía e de que teña mesmo sentido falar de Deus.

Daquela, se viñeran dicirme: “Nada do que vós supoñedes existe, os mozos non están feitos así, teñen esta ou estoutra paixón, fan isto ou aquilo”, é como se negasen que nunca unha pereira puidese chegar a árbore alta porque nas nosas hortas só se ven ananas.

Rógolles a eses xuíces tan dispostos á censura que consideren que o que están a dicir xa o sei eu tan ben coma eles, que probablemente eu cavilei niso moito máis tempo, e que, ao non ter interese ningún en llelo impor, teño dereito a esixir que cando menos se tomen o tempo de buscar en qué estou enganado, que examinen ben a constitución do home, que sigan os primeiros desenvolvementos do corazón en tal ou cal circunstancia, a fin de ver canto un individuo pode diferir do outro pola forza da educación, que a continuación comparen a miña cos efectos que lle apoño, e que digan en qué foi que razoei mal; non hei ter nada que lles responder.

O que me volve máis afirmativo, e coido que máis disculpable por selo, é que en vez de me entregar ao espírito do sistema concédolle o mínimo posible ao razoamento e fírome só da observación. Non me baseo no que imaxinei senón no que vin. É certo que non encerrei as miñas experiencias no recinto das murallas dunha cidade nin só nunha categoría de persoas senón que, despois de ter comparado tantas condicións e pobos como puideren ver nunha vida adicada a observar, eliminei como artificial o que era dun pobo e non doutro, dun estamento e non doutro, e non considerei como pertenza indiscutible do home senón o que era común a todos, de calquera idade, condición e nación que fose.

Ora ben, se seguindo este método vós seguides dende a infancia a un mozo que non recibira unha forma particular e que dependa o menos posible da autoridade e da opinión doutra persoa: a quen coidades que ha semellar el máis, ao meu alumno ou aos vossos? Velaí, paréceme a min, a cuestión que cómpre resolver para saber se me desviei.

O home non comeza doadamente a pensar, mais tan axiña como comeza non para. Calquera que ten pensado ha pensar sempre, e o entendemento, unha vez exercitado na reflexión non pode xa quedar quieto. Poderíase, daquela, crer que o uso demasiado ou demasiado pouco, que a mente humana non está por natureza tan disposta a se abrir, e que despois de lle ter dado facilidades das que carece manténnoo demasiado tempo inscrito dentro dun círculo de ideas que debe ter franqueado.

Mais considerade primeiro que, ao querer formar o home da natureza, non se trata por iso de facer del un salvaxe e de relegalo ao fondo dos bosques senón que, encerrado no remuíño social, abonda con que non se deixe arrastrar nin polas paixóns nin polas opinións dos homes, que vexa cos seus ollos e que senta co seu corazón que ningunha autoridade goberna nel fóra a súa propia razón. Nesta posición, resulta claro que a multitude de obxectos que o impresiona, os frecuentes sentimentos que lle afectan e os diversos medios de afrontar as súas necesidades reais deben fornecerlle moitas ideas que nunca daría tido ou que tería adquirido máis lentamente. O progreso natural da mente acelérase, mais non se inverte. O mesmo home que debe permanecer estúpido nas selvas debe facerse razoable e sensato nas cidades cando nelas sexa un simple espectador. Nada é máis axeitado para volver asinado que as tolemias que se ven sen as compartir, e mesmo quen as comparte tamén se instrúe, con tal de que non sexa vítima delas e que non sufra o erro daqueles que as cometen.

Considerade tamén que, limitados polas nosas facultades ás cousas sensibles, non lles ofrecemos practicamente agarradeiro

ningún ás nocións abstractas da filosofía e as ideas puramente intelectuais. Para acadalas cómpre, ou ben desprendernos do corpo, ao que tan fortemente estamos vencellados, ou facermos de obxecto en obxecto un progreso gradual e lento, ou, finalmente, franquearmos rapidamente e case dun chouto o intervalo, un paso de xigante do que a infancia non é capaz e para o que cómpren mesmo para os homes moitos chanzos feitos adrede para eles. A primeira idea abstracta é o primeiro destes chanzos, mais éme ben difícil ver como un determina construíla.

O Ser incompreensible que abrangue todo, que lle dá o movemento ao mundo e forma todo o sistema dos seres non é visible para os nosos ollos nin palpable para as nosas mans; escapa a todos os nosos sentidos. A obra amósase, mais o obreiro ocúltase. Non é un asunto pequeno coñecer, finalmente, que existe, e cando temos chegado aí, cando nos preguntamos quen é e onde está, a nosa mente confúndese, extráviase e xa non sabemos qué pensar.

Locke quere que se comece polo estudio dos espíritos e que logo se pase ao dos corpos; este método é o da superstición, dos prexuízos, do erro; non é en absoluto o da razón nin mesmo o da natureza ben ordenada; é taparse os ollos para aprender a ver. Cómpre ter estudiado durante moito tempo os corpos para se facer unha verdadeira noción dos espíritos e sospeitar que existen. A orde contraria non serve máis que para establecer o materialismo.

Dado que os nosos sentidos son os primeiros instrumentos dos nosos coñecementos, os seres corporais e sensibles son os únicos dos que temos inmediatamente a idea. Esta palabra de *espírito* non ten sentido ningún para ninguén que non teña filosofado. Para o pobo e para os rapaces o espírito non é máis que un corpo. Seica eles non imaxinan espíritos que berran, que falan, que petan e que fan ruído? Ora ben recoñeceráseme que os espíritos que teñen brazos e linguas asemellan moito aos corpos. Velaí por que todos os pobos do mundo, sen exceptuar os Xudeus, se

fabricaron deuses corporais. Nós mesmos, cos nosos termos de espírito, trindade e persoas, somos maioritariamente verdadeiros antropomorfitas. Recoñezo que nos aprenden a dicir que Deus está en todas partes, mais tamén cremos que o aire está en todas partes, cando menos na nosa atmosfera, e a palabra *espírito* na súa orixe non significa propiamente senón *sopro e vento*. Tan axiña como se afai á xente a que diga palabras sen as entender, resulta doado, despois diso, facerlle dicir todo o que se quere.

O sentimento da nosa acción sobre dos outros corpos debemos facer crer ao primeiro que cando eles actuaban sobre nós era dun xeito semellante a cando nós actuabamos sobre eles. Así o home comezou por animar a todos os seres dos que sentía a acción. Ao se sentir menos forte que a maioría destes seres, por descoñecer os límites da súa potencia supúxo a ilimitada e fixo deles deuses tan axiña como fixo deles corpos. Durante as primeiras idades, os homes, asustados de todo, non viron nada morto na natureza. A idea de materia non foi menos lenta de se formar neles que a de espírito, dado que esta primeira idea é mesmamente unha abstracción. Así encheron o universo con deuses sensibles. Os astros, os ventos, as montañas, os ríos, as árbores, as cidades, as mesmas casas, todo tiña a súa alma, o seu deus, a súa vida. Os monicacos de Labán, os manitús dos salvaxes, os fetiches dos nenos, todas as obras da natureza e dos homes foron as primeiras divindades dos mortais; o politeísmo foi a súa primeira relixión e a idolatría o seu primeiro culto. Non puideron recoñecer un único deus senón cando, xeneralizando cada vez máis as súas ideas, estiveron en condicións de remontar a unha primeira causa, de reunir o sistema total dos seres baixo unha única idea e de lle dar un sentido á palabra *substancia*, que no fondo é a maior das abstraccións. Todo rapaz que cre en Deus é, daquela, necesariamente idólatra, ou cando menos antropomorfito; e unha vez que a imaxinación viu a Deus é moi raro que o entendemento sexa quen de concibilo. Velaí precisamente o erro ao que leva a orde de Locke.

Chegado, non sei como, á idea abstracta da substancia, vese que para admitir unha substancia única cumpría suporlle unhas calidades incompatibles que se exclúen mutuamente, tales como o pensamento e a extensión, das que unha é esencialmente divisible e a outra exclúe toda divisibilidade. Concíbese, por outra banda, que o pensamento, ou se se quere o sentimento, é unha calidade primitiva e inseparable da substancia á que pertence, que o mesmo acontece coa extensión en relación á súa substancia. De onde se conclúe que os seres que perden unha destas calidades perden a substancia á que ela pertence, que, por conseguinte, a morte non é senón unha separación de substancias, e que os seres nos que estas dúas calidades están reunidas compóñense das dúas substancias ás que estas dúas calidades pertencen.

Ora ben, reparade agora en canta distancia existe aínda entre a noción das dúas substancias e a da natureza divina! Entre a idea incomprendible da acción da nosa alma sobre o noso corpo e máis a idea da acción de Deus sobre todos os seres! As ideas de creación, de aniquilación, de ubicuidade, de eternidade, de omnipotencia, a dos atributos divinos, todas esas ideas que lles pertence a tan poucos homes ver tan confusas e escuras como son, e que non teñen nada de escuro para o pobo porque este non entende nada delas: como é que se han presentar con toda a súa forza, é dicir con toda a súa escuridade, a uns espíritos mozos ocupados aínda nas primeiras operacións dos sentidos e que unicamente conciben o que tocan? En van os abismos do infinito están abertos de arredor nosa; a un rapaz non o dan espantado, os seus febles ollos non poden sondar a profundidade daqueles. Todo é infinito para os rapaces; non saben poñer límites a nada; non porque fagan a medición moi longa senón porque teñen o entendemento demasiado corto. Teño mesmo observado que eles sitúan o infinito moito máis para acá que para alá das dimensións que coñecen. Han calcular ben mellor cos seus pés que cos seus ollos un espazo inmenso que non

se ha estender para eles máis lonxe do que poidan ver senón máis lonxe do que poidan percorrer. Se lles falan da potencia de Deus, hano estimar case tan forte coma seu pai. Ao ser en todas as cousas o seu coñecemento a medida do posible, xulgan o que lles din sempre máis pequeno que o que saben. Tales son os xuízos naturais da ignorancia e da febleza de mente. Aiax tería medo de se medir con Ulises e máis desafía a Xúpiter en combate porque coñece a Aquiles e non coñece a Xúpiter. Un labrego suízo que se consideraba o máis rico dos homes e a quen trataban de explicar o que era un rei preguntaba con aire fachendoso se o rei podería ter cen vacas no monte.

Presinto cantos lectores se han sorprenden ao me ver seguir toda a primeira idade do meu alumno sen lle falar da relixión. Aos quince anos el non sabía se tiña unha alma. E se cadra aos dezaioito aínda non é o momento de que o aprenda. Porque se o aprende máis cedo do que cómpre, corre o perigo de non sabelo nunca.

Se tivese eu que pintar a estupidez prosmeira, pintaría un profesor ensinándolles o catecismo aos rapaces; se quixese facer tolear un rapaz, obrigarlíao a explicar o que di cando recita o catecismo. Hanme obxectar que, ao seren misterios a maioría dos dogmas do cristianismo, agardar a que a mente humana sexa capaz de comprendelos non equivale a agardar a que o rapaz sexa home senón a que o home deixe de selo. A isto respondo en primeiro lugar que existen misterios que non son para o home unicamente imposibles de comprender senón de crer, e que non vexo o que se gaña ao llelos ensinar aos rapaces senón é aprenderlles a mentir dende moi cedo. Digo ademais que para admitir os misterios cómpre, cando menos, admitir que son incomprendibles, e os rapaces non son mesmo capaces desta concepción. Para a idade na que todo é misterio, non existen misterios propiamente ditos.

“*Cómpre crer en Deus para se salvar*”. Este dogma mal entendido é o principio da sanguinaria intolerancia e a causa de todas

as fatuas instrucións que lle dan o golpe mortal á razón humana ao afacela a que se contente con palabras. Sen dúbida non hai un minuto que perder para merecer a salvación eterna, mais, se para obtela abonda con repetir certas frases, non vexo que é o que nos impide poboar o ceo con estorniños e pegas tanto como con rapaces.

A obriga de creer supón a súa posibilidade. O filósofo que non cre está errado, porque utiliza mal a razón que cultivou e porque está en condicións de entender as verdades que rexeita. Mais o rapaz que profesa a relixión cristiá: que é o que cre? O que dá comprendido, e dá comprendido tan pouco do que lle fan recitar, que se lle dicides o contrario hao adoptar de igual bo grado. A fe dos rapaces e de moitos homes é un asunto de xeografía. Serán recompensados por ter nacido en Roma e non na Meca? Dinlle a un que Mahoma é o profeta de Deus e el di que Mahoma é o profeta de Deus; dinlle ao outro que Mahoma é un falsario, e el di que Mahoma é un falsario. Cada un deles tería afirmado o que afirma o outro se estivesen intercambiados de lugar. Seica se pode partir de dúas disposicións tan semellantes para enviar a un ao paraíso e ao outro ao inferno? Cando un rapaz di que cre en Deus, non é en Deus no que cre. É en Pedro ou en Xan que lle din que existe algo chamado Deus; e el creo ao xeito de Eurípides¹²⁶:

*Oh, Xúpiter! Porque nada este home
coñece de ti non sendo o nome*¹²⁷.

Nós afirmamos que ningún rapaz morto antes da idade da razón será privado da felicidade eterna; os católicos cren o mesmo de todos os rapaces que recibiron o bautismo aínda que nunca teñan sentido falar de Deus. Existen, daquela, casos nos

¹²⁶ Plutarco, *Tratado do amor*. É así como comezaba o principio a traxedia *Melanipo*, mais os clamores do pobo de Tebas obrigáronlle a Eurípides a cambiar este comezo.

¹²⁷ Os dous versos que reproducía Rousseau eran os da tradución francesa de Amyot. Nós adaptámoslos ao galego (N. do T.).

que un pode salvarse sen crer en Deus, e estes casos acontecen, quer na infancia quer na irracionalidade, cando a mente humana é incapaz das operacións necesarias para recoñecer a divindade. Toda a diferenza que eu vexo aquí entre vós e eu é que vós pretendedes que aos sete anos os rapaces teñen esa capacidade e que eu non llela concedo nin mesmo aos quince. Estea eu no certo ou non, non se trata aquí dun artigo de fe senón dunha simple observación de historia natural.

Polo mesmo principio, está claro que tal home, chegado á velez sen crer en Deus, non será privado por iso da súa presenza na outra vida se a súa cegueira non foi voluntaria, e eu digo que non sempre o é. Vós aceptádelo no caso dos faltos de sentido, que unha doenza priva das súas facultades mentais mais non da súa condición de homes nin por conseguinte do dereito aos beneficios do seu creador. Por que, daquela, non aceptar tamén no caso daqueles que, illados de toda sociedade dende a súa infancia, terían levado unha vida absolutamente salvaxe, privados das luces que un adquire co trato dos homes¹²⁸? Porque é dunha imposibilidade demostrada que un salvaxe semellante puidese nunca elevar as súas reflexións ata o coñecemento do verdadeiro Deus. A razón dinos que un home só é punible polas súas faltas voluntarias, e que unha ignorancia invencible non lle podería ser imputada como crime. Do que se desprende que diante da xustiza eterna todo home que crese, se tiver as luces necesarias, é considerado crente, e que non haberá incrédulos castigados senón aqueles que teñen o corazón pechado á verdade.

Gardémonos de anunciar a verdade á aqueles que non están en condicións de entendela, porque é querer substituíla polo erro. Valería máis non ter idea ningunha da divindade que ter ideas baixas, fantásticas, inxuriosas e indignas dela; é menor mal descoñecela que aldraxala. Preferiría, di o bondadoso Plu-

¹²⁸ Sobre o estado natural do espírito humano e sobre a lentitude dos seus progresos, lede a primeira parte do *Discurso sobre a desigualdade*.

tarco, que cresen que Plutarco non existe no mundo antes de que dixesen que Plutarco é inxusto, envexoso, ciumento, e tan tirano que esixe máis do que permite facer.

O gran dano das imaxes deformes da divindade que se trazan na mente dos rapaces é que permanecen nela toda a súa vida, e que ao seren homes xa non conciben outro Deus distinto ao dos rapaces. Vin en Suíza unha boa e piadosa nai de familia tan convencida deste precepto que non quixo en absoluto instruír ao seu fillo na relixión durante a súa primeira idade, por medo a que, contento con esta groseira instrución, el desbotase outra mellor chegado á idade da razón. Este rapaz non sentía endexamais falar de Deus senón con recollemento e reverencia, e tan axiña como o propio rapaz quería falar daquel, impúñanlle silencio, como se se tratase dun asunto demasiado sublime e demasiado grande para el. Esta reserva excitaba a súa curiosidade, e o seu amor propio aspiraba ao momento de coñecer este misterio que lle escondían con tanto coidado. Canto menos lle falaban de Deus, menos permitían que falase o propio rapaz e máis este se preocupaba del: este rapaz vía a Deus en todas partes, e o que eu temería deste aire de misterio imprudentemente aparentado sería que, ao acender demasiado a imaxinación dun mozo, alterasen a súa cabeza e finalmente fixesen del un fanático en lugar de faceren un crente.

Mais non temamos nada semellante para o meu Emilio que, refugándolle constantemente a súa atención a todo o que está por riba do seu alcance, escoita coa máis profunda indiferenza as cousas que non entende. Existen tantas ante as que está habituado a dicir “Non é da miña competencia” que unha máis practicamente non lle molesta, e cando comeza a se preocupar polas grandes cuestións non é porque as sentira formular senón cando o progreso das súas luces leva á súa procura por esa banda.

Temos visto a través de que camiño se achega a estes misterios a mente humana cultivada, e concordarei de bo grado en que non chega a eles de xeito natural, no seo da mesma sociedade, senón a unha idade máis avanzada. Mais como existen

na mesma sociedade causas inevitables polas que o progreso das paixóns se acelera, se non se acelerara igual o progreso das luces que serven para regular estas paixóns, sairíase entón verdadeiramente da orde da natureza e o equilibrio romperíase. Cando un non dá gobernado un desenvolvemento demasiado rápido ten que guiar coa mesma rapidez os que deben corresponderlle, de xeito que a orde non se inverta, que todo o que debe camiñar xunto non se separe e que o home enteiriño, en todos os momentos da súa vida, non se atope nun determinado punto por unha das súas facultades e noutro distinto polas demais.

Que dificultade vexo erguerse aquí! Dificultade tanto máis grande canto que está menos nas cousas que na pusilanimidade dos que non ousan resolvela. Comecemos, cando menos, por ousar formulala. Un rapaz ten que ser educado na relixión de seu pai; demóstranlle sempre moi ben que esta relixión –calquera que ela sexa– é a única verdadeira, que as outras todas non son senón extravagancia e absurdo. A forza dos argumentos depende neste punto totalmente do país onde se formula. Que un turco que atopa o cristianismo tan ridículo en Constantinopla vaia ver como atopan o mahometanismo en París! É sobre todo en materia de Relixión onde a opinión triunfa. Mais nós, que pretendemos sacudir o xugo desta en todas as cousas, nós que non queremos concederlle nada á autoridade, nós que non queremos ensinarlle ao noso Emilio cousa ningunha que el non poida aprender por si mesmo en calquera país: en que relixión o habemos educar? A que seita agregaremos o home da natureza? A resposta é moi sinxela, paréceme a min: non o agregaremos nin a esta nin a aquela senón que o poñeremos en condicións de escoller aquela á que o mellor uso da súa razón o conduza.

*Incedo per ignes
suppositos cineri doloso*¹²⁹.

¹²⁹ "Camiño a través de lume cuberto por unha cinza enganosa". É unha cita de Horacio (*Odas*, II, 7–8) (N. do T.).

Non importa. O celo e a boa fe fixéronme ata aquí función de prudencia. Espero que estes garantes non me abandonen na necesidade. Lectores, non temades de min precaucións indignas dun amigo da verdade: non hei esquecer endexamais a miña divisa, mais permítome desconfiar moito dos meus xuízos. En lugar de vos dicir aquí, baixo a miña autoridade, o que eu penso, vouvos dicir o que pensaba un home que valía máis ca min. Garanto a verdade dos feitos que van ser relatados. Téñenlle realmente acontecido ao autor do documento que vou transcribir. Sodes vós quen ten que ver se se poden tirar deles reflexións útiles sobre o asunto de que se trata. Non vos propoño o sentimento doutra persoa ou o meu como regra: ofrézovolo para que o examinedes.

“Hai trinta anos que, nunha cidade de Italia, un mozo expatriado se vía reducido á miseria extrema. Nacera calvinista mais, a consecuencia dunha arrotada, atopándose fuxitivo. nun país estranxeiro e sen recursos, mudou de relixión para poder comer. Había nesa cidade un albergue para os prosélitos e admitírono nel. Ao instruílo na controversia ocasionáronlle máis dúbidas das que tiña e aprendéronlle o mal que ignoraba. Oíu dogmas novos e viu costumes máis novos aínda. Viunos e houbo ser vítima deles. Quixo fuxir e prendérono, queixouse e castigárono polas súas queixas. Á mercé dos seus tiranos, viuse tratar coma un criminal por non ter querido ceder ante o crime. Que aqueles que saben canto irrita a un corazón mozo sen experiencia a primeira proba da violencia e da inxustiza se figuren o estado do seu. Bágoas de carraxe escorrían dos seus ollos e a indignación afogábao. Imploraba ao ceo e aos homes, encomendábase a todos e ninguén o escoitaba. Non vía senón ruíns criados sometidos ao infame que estaba a aldraxalo, ou cómplices do mesmo crime que se burlaban da súa resistencia e o incitaban a imitalos. Estaba perdido sen un honrado eclesiástico que veu ao albergue por un asunto e a quen el atopou maneira de consultar en segredo. O eclesiástico era pobre e

precisaba de todo o mundo, pero o oprimido aínda o precisaba máis a el e non dubidou en favorecer a súa evasión a risco de se crear un perigoso inimigo.

”Escapado da inicuidade para regresar á indixencia, o mozo loitaba sen resultado contra o seu destino, e nun momento determinado creu estar por riba deste. Coa primeira luciña da fortuna, esqueceu os seus males e o seu protector. Axiña recibiu o castigo por esta ingratidade: as súas esperanzas todas esvaecéronse. Por moito que a súa mocidade o favorecese, as súas fantasiosas ideas derramaban todo. Ao non ter talento suficiente nin suficiente destreza para se abrir un camiño doado, e ao non saber ser nin moderado nin malvado, pretendeu tantas cousas que non soubo acadar ningunha. Caído novamente na primitiva penuria, sen pan e sen asilo, próximo a morrer de fame, lembrouse de novo do seu benefactor.

”Volve cabo del e atópanse, sendo ben recibido. A súa visión lémbrale ao eclesiástico unha boa acción que fixera, e unha lembranza tal sempre alegre o espírito. Este home era por natureza humano e compasivo, sentía as coitas dos outros coma as súas, e o benestar non endurecera en absoluto o seu corazón; de por parte, as leccións da sabedoría e unha esclarecida virtude fortaleceran a súa bondade natural. Acolle ao mozo, búscalle pousada e recoméndao nela, compartindo con el o necesario, cando apenas tiña o suficiente para dous. Fai máis: instrúeo, consólae e apréndelle a difícil arte de soportar valentemente a adversidade. Xente prexuzosa: teriades esperado todo iso dun clérigo? Teriádelo esperado en Italia?.

”Este honrado eclesiástico era un vicario saboiano que unha aventura da mocidade puxera a mal co seu bispo e que atravesara os montes en procura dos recursos que lle faltaban no seu país. Non carecía de enxeño nin de letras, e cun aspecto interesante atopara protectores que o colocaran na casa dun ministro para educar ao seu fillo. Prefería a pobreza á dependencia e ignoraba como cómpre comportarse entre os grandes. Non per-

maneceu moito tempo na casa deste; ao deixalo, non perdeu a súa estima, e como vivía con prudencia e se facía estimar por todo o mundo, esperaba congraciarse de novo co seu bispo e obter del algún curato pequeno na montaña para pasar nel o resto dos seus días. Tal era a súa derradeira ambición.

”Unha inclinación natural facíao interesarse polo mozo fuxitivo e determinouno a examinalo coidadosamente. Viu que a mala fortuna murchara xa o seu corazón, que o oprobio e o desprezo abateran a súa coraxe, e que o seu orgullo, trocado en amargo despeito, non lle amosaba na inxustiza e na dureza dos homes máis que o vicio da súa natureza e a quimera da virtude. Vira que a relixión non serve senón de máscara para o interese, e o culto sagrado de salvagarda para a hipocrisía. Vira na sutileza das fútiles discusións o paraíso e o inferno postos en venda por xogos de palabras; vira a sublime e primitiva idea da divindade desfigurada pola caprichenta imaxinación dos homes, e atopando que para crer en Deus era preciso renunciar ao xuízo que se recibira del, tomoulles o mesmo desdén ás nosas ridículas ensoñacións e ao obxecto ao que as aplicamos. Sen saber nada do que existe, sen imaxinar nada sobre a xeración das cousas, mergullouse na súa estúpida ignorancia cun profundo desprezo por todos os que coidaban saber destas máis ca el.

”O esquecemento de toda relixión conduce ao esquecemento dos deberes do home. Este progreso levaba xa avanzado a metade no corazón do libertino. Con todo, non era un rapaz mal nacido, mais, ao afogar pouco a pouco a súa natureza a incredulidade e a miseria, arrastrábano rapidamente á súa perda e non lle preparaban senón os costumes dun esmoleiro e a moral dun ateo.

”O mal, case inevitable, non estaba totalmente consumado. O mozo tiña coñecementos e a súa educación non fora descoñecida. Estaba nesa idade feliz na que o sangue en fermentación comeza a quentarse a alma sen afección ao furor dos sentidos. A súa tiña aínda todo o seu pulo. Unha vergoña innata e un

carácter tímido suplían a molestia e prolongaban para el esta época na que vos mantedes ao voso alumno con tantos coidados. O exemplo odioso dunha depravación brutal e dun vicio sen encantos, lonxe de animar a súa imaxinación amorteceráa. Durante moito tempo, o noxo fixo nel función de virtude para lle conservar a súa inocencia; esta non debía sucumbir senón a máis doces sensacións.

”O eclesiástico viu o perigo e os recursos. As dificultades non o botaron atrás; compraciase no seu labor e decidiu rematalo facendo que volvese á virtude a vítima que el lle arrancara á infamia. Preparouse dende lonxe para executar o seu proxecto; a beleza do motivo animaba a súa coraxe e inspiráballe medios dignos do seu celo. Fose cal fose o resultado, estaba seguro de non ter perdido o tempo: sempre un ten éxito cando só quere facer o ben.

”Comezou por gañar a confianza do prosélito non lle vendendo os seus favores, non o importunando en absoluto, non lle botando sermóns, pondo sempre todo ao seu alcance e empequenecéndose para se igualar a el. Era, paréceme a min, un espectáculo ben conmovedor ver un home serio converterse no compañeiro dun galopín e a virtude pórse a ton coa licenza para triunfar por riba dela do xeito máis seguro. Cando o tarabelo víñalle contar as súas tolas confidencias e desabafar cabo del, o clérigo escoitábao, calmábao e, sen aprobar o seu mal, interesábase por todo. Endexamais unha indiscreta censura viña deter a pibela daquel nin a anguriar o seu corazón. O pracer con que se consideraba escoitado aumentaba o que tiña ao contar todo. Fixo así el a súa confesión xeral sen coidar confesar nada.

”Despois de ter estudiado ben os seus sentimentos e o seu carácter, o clérigo viu nidiamente que, sen ser ignorante para a súa idade, aquel esquecera todo o que lle importaba saber, e que o oprobio ao que o reducira a fortuna afogaba nel todo o verdadeiro sentimento do ben e do mal. Existe un grao de embrutecemento que lle tira a vida á alma, e a voz interior non se

dá feito oír a aquel que non pensa senón en se alimentar. Para protexer o infortunado mozo desa morte moral da que tan perto estaba, comezou por espertar nel o amor propio e a estima por si mesmo. Amosáballe un porvir máis venturoso co bo emprego do seu talento; reanimaba no seu corazón un ardor xeneroso a través do relato das boas accións doutras persoas, e, ao lle facer admirar a aqueles que as efectuaran, infundíalle o desexo de facer el outras semellantes. Para ilo arredando insensiblemente da súa vida ociosa e vagabunda, mandáballe extractar libros escollidos e, ao finxir precisar eses extractos, alimentaba nel o nobre sentimento do recoñecemento. Instruíao indirectamente a través destes libros, facíalle recuperar unha opinión sobre si mesmo suficientemente boa como para non se crer un ser inútil para todo ben, e para non quererse facer desprezable ante os seus propios ollos.

”Unha bagatela fará xulgar a arte que empregaba este home benefactor para elevar insensiblemente o corazón do seu discípulo por riba da baixeza sen parecer coidar da súa instrución. O eclesiástico tiña unha probidade tan recoñecida e un discernimento tan seguro que moitas persoas preferían facer pasar as súas esmolas polas mans del antes que polas mans dos ricos curas das cidades. Un día no que lle deran algo de diñeiro para distribuír entre os pobres, o mozo tivo a covardía de lle pedir, a título diso, algo del. “Non –díxolle– somos irmáns, vós portédesme e eu non debo tocar o que depositaron en min para outro uso.” Despois deulle do seu propio diñeiro tanto como aquel pedira. Leccións desta caste raramente se perden no corazón dos mozos que non están corrompidos de a feito.

”Cánsame falar en terceira persoa, e é un coidado ben superfluo porque vós decatádesvos, querido concidadán, que aquel infortunado fuxitivo son eu mesmo; considérome lonxe dabondo das desordes da miña mocidade para ousar confesalas, e a man que me tirou deles ben merece que a costa dunha pouca vergoña eu renda polo menos algún honor ás súas benéficas accións.

”O que máis me asombraba era ver na vida privada do meu digno mestre a virtude sen hipocrisía, a humanidade sen febleza, palabras sempre rectas e sinxelas e unha conduta sempre conforme con estas palabras. Non o vía preocuparse por se os que axudaba ían ás vésperas, se se confesaban a miúdo, se xaxuaban os días prescritos e facían vixilia, nin por lles impor outras condicións semellantes sen as que –aínda que un vaia morrer de miseria– non hai que esperar axuda ningunha dos devotos.

”Animado por estas observacións, lonxe de exhibir eu aos seus ollos o celo afectado dun recién converso, non lle ocultaba demasiado a miña maneira de pensar e non o vía por iso máis escandalizado. Ás veces podería terme eu dito: “Tolera a miña indiferenza cara ao culto que abracei en razón da que tamén me ve cara ao culto no que nacín; sabe que o meu desdén non é un asunto de partido.” Mais: que debía eu pensar cando ás veces o sentía aprobar dogmas contrarios aos da Igrexa Romana e aparentar ter pouca estima por todas as súas cerimonias? Teríao crido protestante disfrazado se o tivera visto menos fiel a eses mesmos usos dos que semellaba facer bastante pouco caso, mais sabendo que cumpría adecuadamente sen testemuñas os seus deberes de clérigo tan puntualmente como se estivese diante dos ollos do público, eu non sabía que pensar desas contradicións. Salvo o defecto que antigamente atraera a súa desgraza e do que non se corrixira ben, a súa vida era exemplar, os seus costumes irreprochables e as súas palabras honestas e asisadas. Vivindo con el na maior intimidade, eu aprendía a respectalo cada día máis, e ao teren gañado totalmente o meu corazón tantas bondades, esperaba cunha curiosa inquietude o momento de aprender en que principio baseaba el a uniformidade dunha vida tan singular.

”Ese momento non chegou tan axiña. Antes de se abrir ao seu discípulo esforzouse en facer xermolar as sementes da razón e da bondade que botaba na súa alma. O máis difícil de destruír dentro de min era unha orgullosa misantropía, unha certa acri-

tude contra os ricos e os venturosos do mundo, como se o tivesen sido a costa miña e a súa ventura tivese usurpado a miña. A tola fanfurrina da mocidade que se revira contra a humillación inclinábame moito a este humor colérico, e o amor propio que o meu mentor trataba de espertar en min, ao me conducir ao orgullo, volvía os homes aínda máis ruíns aos meus ollos, e non facía senón engadir cara a eles o desprezo por riba do odio.

”Sen combater directamente este orgullo, impediu que se convertese en dureza de alma, e sen me tirar a estima de min mesmo volveuma menos desdeñosa para co meu próximo. Arredando sempre a aparencia fútil, e amosándome os males reais que ela cobre, aprendíame a deplorar os erros dos meus semellantes, a conmoverme coas súas miserias e a doerme deles máis que a lles ter envexa. Movido á compaixón sobre as feblezas humanas polo profundo sentimento das súas, el vía en todas partes aos homes como vítimas dos seus propios vicios e dos alleos; vía aos pobres laiárense baixo o xugo dos ricos, e os ricos baixo o xugo dos prexuízos. “Crédeme –dicía– as nosas ilusións, lonxe de nos ocultar os nosos males, auméntanos dándolle valor ao que non o ten e volvéndonos sensibles a mil falsas privacións que non sentiríamos sen elas. A paz da alma consiste no desprezo de todo o que pode turbala; o home que máis caso fai da vida é o que menos sabe gozar dela, e o que máis avidamente aspira á felicidade é sempre o máis miserable”.

“Ah, que tristes escenas! –exclamei eu con amargura– Se cómpre renunciar a todo: de que nos serviu nacer? E se cómpre desprezar a mesma felicidade: quen sabe ser feliz?”. “Eu” –respondeu un día o clérigo cun ton que me sorprendeu. “Feliz vós? Vós tan pouco afortunado, tan pobre, exiliado e perseguido? Sodes feliz? E que fixestes para selo?”. “Meu fillo –contestou el– diréivolo de bo grado”.

”Nese punto contoume que, despois de ter recibido as miñas confesións, quería facerme as súas. “Hei desabafar no voso peito –dixo abrazándome– todos os sentimentos do meu cora-

zón. Habédesme ver, senón tal como son, cando menos tal como eu mesmo me vexo. Cando teñades recibido a miña enteira profesión de fe, cando coñezades ben o estado da miña alma, habedes saber por que me considero feliz, e se vós pensades coma min, o que tedes que facer para selo. Mais estas confesiós non son cousa dun momento; cómpre tempo para vos expor todo o que eu penso sobre o destino do home e sobre o verdadeiro valor da vida; sinalemos unha hora e un lugar cómodo para nos entregarmos apaciblemente a esta conversa”.

”Eu manifestei présa por oílo e non deixamos o encontro para máis tarde que no outro día pola mañá. Estabamos no verán e erguémonos co abrente. Levoume fóra da cidade, enriba dun outeiro por baixo do que pasaba o Po, que se vía a través das fértiles ribeiras bañadas por el. As raiolas do sol nacente riscaban xa as chairas, e, proxectando enriba dos campos por medio de longas sombras as árbores, os cotarelos e as casas, enriquecían con mil accidentes de luz o máis fermoso cadro que puidese bater no ollo humano. Diríase que a natureza despre-gaba ante os nosos ollos toda a súa magnificencia para ofrecela como asunto da nosa conversa. Foi alí onde, despois de ter contemplado durante algún tempo en silencio estes obxectos, o home de paz faloume deste xeito”.

PROFESIÓN DE FE DO VICARIO SABOIANO

Meu fillo, non esperedes de min nin discursos sabios nin profundos razoamentos. Non son un gran filósofo e preocúpome pouco de selo. Mais ás veces teño bo sentido e amo sempre a verdade. Non quero argumentar convosco nin mesmo tentar convencervos; abóndame con vos expor o que penso na sinxeleza do meu corazón. Consultade o voso durante o meu discurso, é todo o que vos pido. Se eu me engano é de boa fe, abonda con

isto para que o meu erro non me sexa imputado como un crime, e se vós igualmente vos enganades, pouco mal habería niso. Así eu ben penso que temos en común a razón e o mesmo interese por escoitala: por que non habiades vós pensar coma min?

Nacín pobre e labrego, destinado pola miña condición a cultivar a terra; mais considerouse mellor que aprendese a gañar o meu pan no oficio de clérigo, e atopouse o medio de facerme estudar. Seguramente nin meus pais nin eu pensabamos practicamente en buscar niso o que era bo, verdadeiro e útil, senón o que cumpría saber para recibir as ordes. Aprendín o que quixeron que aprendera, dixeron o que querían que dixera, comprometinme ao que quixeron e fun ordenado clérigo. Mais non tardei en sentir que, ao me comprometer a non ser home, prometera máis do que podía cumprir.

Dinnos que a conciencia é obra dos prexuízos, e mais eu sei pola miña experiencia que ela obstínase en seguir a orde da natureza contra todas as leis dos homes. Por moito que nos prohiban isto ou aquilo, o remordemento repróchanos sempre feblemente o que nos permite a natureza ben ordenada, e con maior razón o que ela nos prescribe. Oh, meu bo mozo, aínda ela non lle dixo nada aos vossos sentidos, vivide durante moito tempo no estado feliz no que a súa voz é a da inocencia! Lembrádevos de que a ofendemos aínda máis cando nos adiantamos a ela que cando a combatemos; cómpre comezar por aprender a resistir para saber cando podemos ceder sen crime.

Na miña mocidade respectei o matrimonio como a primeira e máis santa institución da natureza. Ao me ter tirado o dereito de someterme a el, decidín non o profanar en absoluto, porque, malia as miñas clases e o meu estudio, ao ter sempre levado unha vida uniforme e sinxela, conservara na miña mente toda a claridade das luces primitivas; os preceptos do mundo non as escureceran en absoluto e a miña pobreza afastábame das tentacións que ditan os sofismas do vicio.

Esta resolución foi precisamente o que me perdeu; o meu respecto polo leito doutra persoa deixou as miñas faltas ao

descuberto. Foi preciso expiar o escándalo: preso, interdito de culto e expulsado, fun moito máis vítima dos meus escrúpulos que da miña incontinencia, e comprendín, polos reproches que acompañaron á miña desgraza, que só cómpre a miúdo con agravar a falta para escapar do castigo.

Poucas experiencias semellantes levan lonxe unha mente que reflexiona. Ao ver a través de tristes observacións derrubar-se as ideas que tiña sobre o xusto, o honesto e todos os deberes do home, cada día perdía algunha das opinións que recibira. Ao non seren suficientes as que me quedaban para constituíren un corpo que puidera sosterse por si mesmo, sentín pouco a pouco escurecerse na miña mente a evidencia dos principios, e reducido finalmente a non saber xa o que pensar, cheguei ao mesmo punto no que vós estades, coa diferenza de que a miña incredulidade, froito serodio dunha idade máis madura, formárase con máis traballo e debía ser máis difícil de destruír.

Estaba eu nesas disposicións de incerteza e dúbida que Descartes esixe para a procura da verdade. Ese estado está pouco feito para durar, é inquietante e penoso e só o interese do vicio ou a preguiza da alma nos mantén nel. Non tiña en absoluto o corazón corrompido dabondo como para me compracer naquel, e nada conserva mellor o hábito de reflexionar que o feito de estar máis contento de si mesmo que da súa fortuna.

Meditaba, daquela, sobre o triste destino dos mortais, aboia-dos nese mar das opinións humanas, sen temón e sen búxola, e entregados ás súas tormentosas paixóns, sen outro guía máis que un piloto inexperiencedado que descoñece o seu camiño e que non sabe nin de onde ven nin a onde vai. Díciame: “Amo a verdade, búscoa e non a dou atopado; que ma amosen e eu pegareime a ela. Por que ten ela que escapar á solicitude dun corazón feito para adoralala?”

Aínda que eu teña experimentado grandes males, nunca teño levado unha vida tan constantemente desagradable como neses tempos de desacougo e ansiedade nos que, errando sen cesar

de dúbida en dúbida, só extraía das miñas longas meditacións incerteza, escuridade e contradicións sobre a causa do meu ser e sobre a regra dos meus deberes.

Como é que se pode ser escéptico por sistema e de boa fe? Non sería eu capaz de entendela. Eses filósofos, ou non existen ou son os máis infortunados dos homes. A dúbida sobre as cousas que nos importa coñecer é un estado violento de máis para a mente humana: esta non resiste moito tempo e decídese malia súa dunha maneira ou doutra, preferindo enganarse a non crer nada.

O que dobraba a miña dificultade era que, ao ter nacido nunha Igrexa que o decide todo, que non permite dúbida ningunha, un só punto rexeitado facíame rexeitar todo o resto, e que a imposibilidade de admitir tantas decisións absurdas separábame tamén das que non o eran. Ao me dicir “crede todo” impedíanme crer cousa ningunha, e eu non sabía onde me deter.

Consultei os filósofos, folleei os seus libros e examinei as súas diversas opinións. Atopeinos a todos fachendosos, afirmativos e dogmáticos, mesmo no seu pretendido escepticismo, sen ignoraren nada, sen probaren nada, burlándose uns dos outros, e este punto, común a todos, pareceume o único no que todos eles teñen razón. Triunfantes cando atacan, carecen de vigor ao se defenderen. Se sopesades as razóns, veredes que só as teñen para destruír, se contades as súas voces cada un fica reducido á súa; só se poñen de acordo para discutir. Escoitalos non era o medio de saír da miña incerteza.

Comprendín que a insuficiencia da mente humana é a primeira causa desta prodixiosa diversidade de sentimentos e que o orgullo é a segunda. Nós non temos en absoluto as medidas desta máquina inmensa, non podemos calcular as relacións dela; non coñecemos nin as súas primeiras leis nin a súa causa final; ignorámonos a nós mesmos; non coñecemos nin a nosa natureza nin o noso principio activo; apenas sabemos se o

home é un ser simple ou composto; misterios impenetrables rodéannos por todas partes; están por riba da rexión sensible; para traspasalos cremos ter intelixencia e só temos imaxinación. Cadaquén ábrese a través deste mundo imaxinario un camiño que considera o correcto; ninguén pode saber se o seu conduce á meta. Con todo, queremos penetrar todo, coñecelo todo. A única cousa que non sabemos en absoluto é ignorar o que podemos saber. Preferimos decidirnos ao azar e crer o que non é antes de confesar que ningún de nós pode ver o que é. Pequena parte dun gran todo do que os límites nos escapan e que o seu autor entrega ás nosas tolas discusións, somos fatos dabondo para querer decidir o que é en si mesmo este todo e o que nós somos en relación a el.

Aínda que os filósofos estivesen en condicións de descubrir a verdade: quen de entre eles se interesaría por esta? Cada un sabe ben que o seu sistema non está mellor fundado que os outros, mais deféndeo porque é seu. Non existe un só deles que, chegado a coñecer o verdadeiro e o falso, non preferise a mentira que atopou á verdade descuberta por outro. Onde está o filósofo que pola súa gloria non había enganar de bo grado ao xénero humano? Onde está aquel que no segredo do seu corazón se propón un obxectivo diferente ao de se distinguir? Con tal de que se eleve por riba do vulgo, con tal de que borre o brillo dos seus competidores: que outra cousa pide? O esencial é pensar de xeito diferente aos demais. Entre os crentes é ateo, entre os ateos sería crente.

O primeiro froito que tirei destas reflexións foi aprender a limitar as miñas procuras a aquilo que me interesaba de xeito inmediato; a descansar nunha profunda ignorancia sobre todo o resto, e a non me preocupar ata a dúbida senón polas cousas que me importaba saber.

Comprendín tamén que, lonxe de me libraren das miñas dúbidas inútiles, os filósofos non farían senón multiplicar as que me atormentaban e non resolverían ningunha delas. Tomei, da-

quela, outra guía, e dixenme: “Consultemos a luz interior, hame extraviar menos do que me extravían eles, ou cando menos o meu erro será meu e corrompereime menos seguindo as miñas propias ilusións que entregándome ás súas mentiras.”

Entón, repasando na miña mente as diversas opinións que me seduciran sucesivamente dende o meu nacemento, vin que, aínda que ningunha delas fose dabondo evidente para producir inmediatamente a convicción, presentaban diversos graos de verosimilitude, e que o asentimento interior aceptábaas ou refugábaas en diferentes medidas. Despois desta primeira observación, comparando entre elas todas estas diferentes ideas, mantendo silenciados os prexuizos, atopei que a primeira e a máis común era tamén a máis sinxela e a máis razoable, e que para reunir todos os sufraxios só lle faltaba ter sido proposta a última. Imaxínade a todos os vosos filósofos antigos e modernos tras esgotaren os seus estraños sistemas de forzas, de posibilidades, de fatalidade, de necesidade, de átomos, de mundo animado, de materia viva e de materialismo de toda caste, e, despois deles todos, o ilustre Clarke iluminando a Terra, anunciando finalmente o Ser dos seres e o dispensador das cousas. Con que universal admiración, con que aplauso unánime non tería sido recibido este novo sistema tan grande, tan consolador, tan sublime e tan axeitado para elevar a alma, para lle dar unha base á virtude, e ao mesmo tempo tan sorprendente, tan luminoso, tan simple, e, ao meu ver, con menos cousas incomprendibles para a mente humana que as absurdas que se atopan en calquera outro sistema! Eu dicíame: “As obxeccións insolubles son comúns a todos porque a mente do home é demasiado limitada para resolvelas, daquela non constitúen proba contra ningún pola súa preferencia pero: que diferenza entre as probas directas! Seica non debe ser preferido o único deles que explica todo, cando non presenta máis dificultades que os outros?”.

Levando, pois, en min o amor á verdade como toda filosofía, e como todo método unha regra doada e sinxela que me dis-

pensa da fútil sutileza dos argumentos, retomo con esta regra o exame dos coñecementos que me interesan, resolto á admitir como evidentes todos aqueles aos que na sinceridade do meu corazón non lles poderei negar o meu consentimento, e por verdadeiros todos aqueles que eu crea que teñen unha ligazón necesaria cos primeiros, e a deixar os outros todos na incerteza, sen os rexeitar nin os admitir, e sen me atormentar en esclarecelos cando non conducen a nada útil para a práctica.

Pero quen son eu? Que dereito teño a xulgar as cousas e que é o que determina os meus xuízos? Se estes son arrastrados e forzados polas impresións que reciben, fatígame en van na procura, esta non se fará ou farase en por ela mesma, sen que eu me entremeta a dirixila. Cómpre, daquela, virar en primeiro lugar a miña ollada cara a min para coñecer o instrumento que quero utilizar, e ata qué punto podó fiarme do seu emprego.

Eu existo e teño sentidos que me afectan. Velaí a primeira verdade coa que bato e a que me vexo forzado a asentir. Teño un sentimento propio da miña existencia ou síntoa unicamente a través das miñas sensacións? Velaí a miña primeira dúbida, que no momento presente me é imposible resolver. Porque, ao estar continuamente afectado por sensacións, sexa inmediatamente ou a través da memoria: como podó eu saber se o sentimento do *eu* é algo fóra destas mesmas sensacións e se pode existir independente delas?

As miñas sensacións teñen lugar en min, pois que me fan sentir a miña existencia, mais a súa causa éme allea, pois que me afectan malia ser eu quen as ten, e non depende de min producilas nin aniquilalas. Concibo, pois, nidiamente que a miña sensación, que son eu, e a súa causa ou o seu obxecto, que está fóra de min, non son a mesma cousa.

Así, non só existo eu, senón que existen outros seres, a saber, os obxectos das miñas sensacións, e mesmo que eses obxectos non fosen máis que ideas, segue sendo certo que estas ideas non son eu.

Ora ben, a todo o que eu sinto fóra de min e opera sobre os meus sentidos chámolle materia, e a todas as porcións de materia que concibo reunidas en seres individuais, chámolles corpos. Así, todas as discusións dos idealistas e dos materialistas non significan nada para min. As distincións sobre a aparencia e a realidade dos corpos son quimeras.

Velaí estou, tan seguro da existencia do universo como da miña. A seguido, reflexiono sobre os obxectos das miñas sensacións e, atopando en min a facultade de comparalas, síntome dotado dunha forza activa que antes non sabía que tiña.

Percibir é sentir, comparar é xulgar: xulgar e sentir non son a mesma cousa. A través da sensación os obxectos ofrécense a min separados, illados, tal como son na natureza; a través da comparación, móvoos, transpórtoos, por dicir así, póusoos un enriba do outro para me pronunciar sobre a súa diferenza ou sobre a súa similitude, e en xeral sobre todas as súas relacións. Para min, a facultade distintiva do ser activo ou intelixente é poderlle dar un sentido á palabra *é*. En van procuro no ser puramente sensitivo esa forza intelixente que superpón e despois se pronuncia, non a daría visto na súa natureza. Este ser pasivo ha sentir cada obxecto por separado, ou mesmo ha sentir o obxecto total, formado dos dous, mais carente de forza ningunha para os repregar un sobre doutro, non os ha comparar nunca e non os ha xulgar en absoluto.

Ver dous obxectos á vez non é ver as súas relacións nin xulgar sobre as súas diferenzas; percibir varios obxectos uns fóra dos outros non é contalos. Podo ter no mesmo instante a idea dun pau grande e dun pau pequeno sen comparalos, sen xulgar que un é máis pequeno que o outro, como podo ver á vez a miña man enteira sen facer o cómputo dos dedos¹³⁰. Estas

¹³⁰ As relacións do señor de La Condamine fálannos dun pobo que só sabía contar ata tres. Con todo, os homes que compuñan ese pobo, ao teren mans tiñan visto moitas veces os seus dedos sen saberen contar ata cinco.

ideas comparativas de *máis grande*, *máis pequeno*, igual que as ideas numéricas de *un*, *dous*, etc. non son, de certo, sensacións, aínda que a miña mente só as produza con ocasión das miñas sensacións.

Dinnos que o ser sensitivo distingue unhas sensacións das outras a través das diferenzas que teñen entre elas estas mesmas sensacións; isto pide unha explicación. Cando as sensacións son diferentes, o ser sensitivo distíngueas a través das súas diferenzas; cando son semellantes distíngueas porque sente unhas fóra das outras. Outramente: como había el distinguir dous obxectos iguais nunha sensación simultánea? Cumpría necesariamente que confundise eses dous obxectos e os tomase polo mesmo, sobre todo nun sistema no que se pretende que as sensacións representativas da extensión non son extensas.

Cando as dúas sensacións a comparar son percibidas, a súa impresión está feita, cada obxecto é sentido, os dous son sentidos, mais non por iso é sentida a súa relación. Se o xuízo desta relación só fose unha sensación e me viñese unicamente do obxecto, os meus xuízos non me habían enganar nunca, pois nunca é falso que eu senta o que sento.

Daquela, por que é que me engano sobre a relación destes dous paus, sobre todo se non están paralelos? Por que é que digo, por exemplo, que o pau pequeno é o terzo do grande cando non é máis que o cuarto? Por que é que a imaxe, que é a sensación, non está conforme co seu modelo, que é o obxecto? É porque eu son activo cando xulgo, porque a operación que compara é defectuosa, e porque o meu entendemento que xulga as relacións mestura os seus erros coa verdade das sensacións que só amosan os obxectos.

Engadídelle a isto unha reflexión que vos ha sorprender —estou seguro— cando teñades pensado niso: é que se nós fíramos puramente pasivos no emprego dos nosos sentidos, non había existir entre eles comunicación ningunha; habíanos ser imposible coñecer que o corpo que tocamos e o obxecto que

vemos son o mesmo. Ou non habiamos sentir endexamais nada fóra nosa, ou habería para nós cinco substancias sensibles das que non teriamos medio ningún de percibir a identidade.

Déaselle tal ou cal nome a esa forza da miña mente que une e compara as miñas sensacións, chámesele atención, meditación, reflexión ou como se queira, sempre é certo que ela está en min e non nas cousas, que son eu só quen a produce, aínda que só a produza con ocasión da impresión que fan os obxectos sobre min. Sen ser dono de sentir ou non sentir, si que o son de examinar máis ou menos o que sento.

Daquela, non son simplemente un ser sensitivo e pasivo senón un ser activo e intelixente, e, diga o que diga a filosofía, ousarei pretender o honor de pensar. Só sei que a verdade está nas cousas e non na miña mente que as xulga, e que canto menos de meu poño nos xuízos que fago, máis seguro estou de me achegar á verdade. Así, a miña regra de me entregar ao sentimento máis que á razón vese confirmada pola razón mesma.

Téndome, por dicilo así, asegurado de min mesmo, comezo a mirar fóra de min e considérome, cunha especie de estremecemento, lanzado, perdido neste vasto universo e como afogado na inmensidade dos seres, sen saber nada do que eles son nin entre eles nin en relación comigo. Estúdiosos, obsérvoos, e o primeiro obxecto que se presenta a min para comparalos son eu mesmo.

Todo o que percibo a través dos sentidos é materia, e deduzo todas as súas propiedades das calidades sensibles que ma fan percibir e que son inseparables dela. Véxoa unhas veces en movemento e outras en repouso¹³¹, do que infiro que nin o repouso nin o movemento son esenciais dela; mais ao ser o movemento

¹³¹ Este repouso é só relativo, se se quere, mais xa que no movemento observamos máximos e mínimos, concibimos moi claramente un dos termos extremos que é o repouso, e concibímolos tan nidiamente que mesmo temos tendencia a tomar por absoluto o repouso que só é relativo. Ora ben, non é certo que o movemento pertenza á esencia da materia se podemos concibir esta en repouso.

unha acción, é o efecto dunha causa da que o repouso é só a ausencia. Daquela, cando nada actúa sobre a materia esta non se move, e pola mesma razón de que é indiferente ao repouso e ao movemento, o seu estado natural é estar en repouso.

Percibo nos corpos dúas castes de movemento, a saber: movemento comunicado e movemento espontáneo ou voluntario. No primeiro, a causa motriz é allea ao corpo movido, e no segundo está dentro dela; non hei concluír diso que o movemento dun reloxo, por exemplo, é espontáneo, porque se nada alleo ao resorte actuase sobre el, non tendería a endereitarse e non subiría a cadea. Pola mesma razón, non lle concederei tampouco espontaneidade aos fluídos nin ao mesmo lume que orixina a súa fluidez¹³².

Preguntarédeme se os movementos dos animais son espontáneos, e eu direivos que non o sei, mais que a analoxía está a prol da afirmación. Preguntarédeme aínda como sei, daquela, que existen movementos espontáneos, e eu direivos que o sei porque o sento. Quero mover o meu brazo e móvo, sen que este movemento teña outra causa inmediata senón a miña vontade. En van se intentaría razoar para destruír en min ese sentimento: é máis forte que toda evidencia; significaría o mesmo que probarme que non existo.

Se non houberse espontaneidade ningunha nas accións dos homes nin en nada do que se fai sobre a terra, seríanos moito máis difícil imaxinar a primeira causa de todo movemento. O que son eu, séntome tan persuadido de que o estado natural da materia é estar en repouso e que non ten en por ela forza ningunha para actuar, que ao ver un corpo en movemento xulgo decontado que, ou é un corpo animado ou ese movemento lle foi comunicado. A miña mente refuga todo asentimento á idea

¹³² Os químicos miran o floxisto ou elemento do lume como espaxado, inmóbil e estancado nos compostos dos que forma parte, ata que unhas causas alleas despréndeno, reúnenno, póneno en movemento e trócano en lume.

da materia non organizada que se move en por ela ou produce algunha acción.

Porén, este universo visible é materia, materia espaxada e morta¹³³ que no seu todo non ten nada da unión, da organización, do sentimento común das partes dun corpo animado, pois que é certo que nós que somos partes non nos sentimos en absoluto no seu todo. Este mesmo universo está en movemento, e nos seus movementos regulados, uniformes e suxeitos a leis constantes, non ten nada desa liberdade que aparece nos movementos espontáneos dos homes e dos animais. Daquela, o mundo non é un gran animal que se move en por si; existe, entón, algunha causa dos seus movementos allea a el, que eu non percibo; mais a persuasión interior vólleme esta causa tan sensible que non podo ver correr o sol sen imaxinar unha forza que o impulsa, ou se a terra xira, coido sentir unha man que a fai xirar.

Se cómpre admitir unhas leis xerais que teñen coa materia relacións que non percibo: que me adiantaría a min? Ao non ser estas leis seres reais, substancias, teñen, daquela, algún outro fundamento que me resulta descoñecido. A experiencia e a observación fixéronnos coñecer as leis do movemento e estas leis determinan os efectos sen amosaren as causas. Non abondan para explicar o sistema do mundo e a marcha do universo. Descartes, con dados, formaba o ceo e a terra, mais non puido darlle o primeiro abalo a estes dados nin poñer en xogo a súa forza centrífuga senón coa axuda dun movemento de rotación. Newton atopou a lei da atracción, mais a atracción, só por ela, reduciría axiña o universo a unha masa inmóbil; a esta lei cumpriu unirlle unha forza proxectil para lles facer describir curvas aos corpos celestes. Que Descartes nos diga a lei física que fixo xirar os seus turbillóns; que Newton nos amose a man que lanzou os planetas sobre a tanxente das súas órbitas.

¹³³ Fixen os máximos esforzos para concibir unha molécula viva sen poder acadalo. A idea da materia que sente sen ter sentidos paréceme inintelixible e contraditoria. Para adoptar ou rexeitar esta idea cumpría comezar por comprendela, e confeso que non teño esa felicidade.

As primeiras causas do movemento non están na materia; ela recibe o movemento e comunícao, mais non o produce. Canto máis observo a acción e reacción das forzas da natureza actuando unhas sobre as outras, máis creo que, de efecto en efecto, cómpre remontarse sempre a algunha vontade como causa primeira, porque supor un progreso de causas ata o infinito é non supor ningunha en absoluto. Nunha palabra: todo movemento que non é producido por outro, só pode provir dun acto espontáneo, voluntario; os corpos inanimados só actúan co movemento e non existe verdadeira acción sen vontade. Velái o meu primeiro principio. Coido, daquela, que unha vontade move o universo e anima a natureza. Velái o meu primeiro dogma, ou o meu primeiro artigo de fe.

Como é que unha vontade produce unha acción física e corporal? Non o sei, mais en min experimento que a produce. Quero actuar e actúo, quero mover o meu corpo e o meu corpo móvese; mais que un corpo inanimado e en repouso se dea movido por el mesmo ou produza o movemento é cousa incomprendible e sen exemplo. A vontade dáseme a coñecer polos seus actos, non pola súa natureza. Coñezo esa vontade como causa motriz, mais concibir a materia produtora do movemento é concibir claramente un efecto sen causa, é non concibir absolutamente nada.

Non me resulta máis factible concibir cómo a miña vontade move o meu corpo que cómo as miñas sensacións afectan a miña alma. Non sei mesmo por que un destes misterios ten semellado máis explicable que o outro. Canto a min, quer cando son pasivo, quer cando son activo, o medio de unión das dúas substancias paréceme absolutamente incomprendible. É moi estraño que se parta desta incomprendibilidade mesmo para confundir as dúas substancias, coma se unhas operacións de naturezas tan diferentes se explicasen mellor nun só suxeito que en dous.

O dogma que acabo de establecer é escuro, é certo, mais finalmente ofrece un sentido e non ten el nada que lle repug-

ne nin á razón nin á observación: pódese dicir outro tanto do materialismo? Seica non está claro que se o movemento fose esencial á materia, sería inseparable dela, estaría sempre no mesmo grao, sempre o mesmo en cada porción de materia, sería incomunicable, non podería aumentar nin diminuír, e non se podería mesmo concibir a materia en repouso? Cando me din que o movemento non lle é esencial senón necesario, quéneme desviar con palabras que serían máis doadas de refutar se tivesen algo máis de sentido. Porque, ou o movemento da materia procede dela mesma e, daquela, élle esencial, ou, se procede dunha causa allea, non é necesario para a materia senón en tanto que a causa motriz actúa sobre ela: entramos na primeira dificultade.

As ideas xerais e abstractas son a fonte dos máis grandes erros dos homes; endexamais a falarica da metafísica fixo descubrir unha soa verdade e encheu a filosofía de absurdos que producen vergoña tan axiña como os dispen da súa grandilocuencia. Dícideme, meu amigo, se cando vos falan dunha forza cega espallada por toda a natureza levan á vosa mente algunha verdadeira idea. Cóidase dicir algo con estas vagas expresións de forza universal e movemento necesario e mais non se di nada en absoluto. A idea do movemento non é outra cousa mais que a idea do transporte dun lugar a outro, non existe movemento sen algunha dirección, porque un ser individual non se daría movido a un tempo en todos os sentidos. Daquela: en que sentido se move necesariamente a materia? Ten toda a materia feita corpo un movemento uniforme, ou cada átomo ten o seu movemento propio? Segundo a primeira idea, o universo enteiro debe formar unha masa sólida e indivisible; segundo a outra, non debe formar máis que un fluído espaxado e incoherente sen que sexa posible endexamais que dous átomos se reúnan. En que dirección se fará este movemento común de toda a materia? Se cada molécula de materia ten a súa dirección particular: cales serán as causas de todas esas direccións e de todas esas dife-

renzas? Se cada átomo ou molécula de materia non fixese máis que xirar sobre o seu propio centro nunca nada había saír fóra do seu lugar, e non existiría movemento comunicado; mesmo cumpriría aínda que este movemento circular fose determinado nalgún sentido. Atribuírllle á materia o movemento por abstracción é dicir palabras que non significan nada, e atribuírllle un movemento determinado é supor unha causa que o determine. Canto máis multiplico as forzas particulares, máis causas novas teño que explicar, sen atopar nunca ningún axente común que as dirixa. Lonxe de poder imaxinar ningunha orde na colaboración fortuíta dos elementos, non dou mesmo imaxinado o combate deles, e o caos do universo é para min máis inconcibible que a súa harmonía. Comprendo que o mecanismo do mundo pode non ser intelixible para a mente humana, mais tan axiña como un home se pon a explicalo debe dicir cousas que os homes entendan.

Se a materia movida me amosa unha vontade, a materia movida seguindo certas leis amósame unha intelixencia: este é o meu segundo artigo de fe. Actuar, comparar, escoller, son operacións dun ser activo e pensante. Daquela este ser existe. “Onde o vedes vós existir?”, ídesme preguntar vós. “Non só nos ceos que rolan e no astro que nos ilumina; non só no interior de min mesmo senón na ovella que paxa, no paxaro que voa, na pedra que cae e na folla que leva o vento”.

Emito xuízos sobre a orde do mundo –aínda que ignore a fidelidade dela– porque para xulgar sobre esta orde abóndame con comparar as partes entre elas, estudar a súa colaboración, as súas relacións, e reparar na súa concertación. Ignoro o motivo polo que o universo existe, mais non deixo de ver como é modificado, non deixo de percibir a íntima correspondencia pola que os seres que o compoñen se prestan unha mutua colaboración. Son coma un home que vise por primeira vez un reloxo aberto e non deixase de admirar o seu labor, aínda que non coñecese a utilización da máquina e non tivese visto a súa

esfera. “Non sei –diría el– para qué serve a totalidade, mais vexo que cada peza está feita para as outras, admiro ao obreiro no detalle da súa obra, e estou ben seguro de que todas estas engrenaxes unicamente marchan así concertadas porque teñen unha finalidade común que me é imposible percibir.”

Comparemos as finalidades particulares, os medios e as relacións ordenadas de toda caste, e despois escoitemos o sentimento interior: que mente sa pode refugar a súa testemuña? A que ollos libres de prevención non lles anuncia a orde sensible do universo unha suprema intelixencia? Cantos sofismas non cómpre amarear para descoñecer a harmonía dos seres e a admirable colaboración de cada peza na conservación das outras? Que me falen tanto como queiran de combinacións e de posibilidades: de que é que vos serve reducirme ao silencio se non podeades levarme á persuasión? Como me habedes tirar o sentimento involuntario que vos desmente sempre malia min? Se os corpos organizados se teñen combinado fortuitamente de mil maneiras antes de tomaren formas constantes, se primeiro se formaron estómagos sen bocas, pés sen cabezas, mans sen brazos, órganos imperfectos de toda caste que pereceron a falta de se poderen conservar: por que é que ningún destes intentos informes non asombra xa as nosas miradas? Por que é que a natureza se prescribiu finalmente unhas leis ás que nun principio non se suxeitara? Non debo sorprendeme de que unha cousa aconteza cando é posible, e estou de acordo en que a dificultade de que aconteza é compensada pola cantidade dos lanzamentos. Con todo, se me viñesen dicir que uns caracteres de imprenta lanzados ao azar produciron a *Eneida* toda arranxadiña, non me dignaría eu mesmo a dar un paso para comprobar a mentira. “Esquecedes –hanme dicir– a cantidade dos lanzamentos”. Mais cantos destes lanzamentos é preciso que eu presupoña para facer verosímil a combinación? Canto a min, que só vexo un, aposto infinito contra un a que o seu produto non é efecto do azar. Engadide que as combinacións e as posibilidades non

han dar endexamais senón produtos da mesma natureza que os elementos combinados, que a organización e a vida non han resultar dun lanzamento de átomos, e que un químico que combine compostos non ha facer que sintan e pensen no seu cruxol¹³⁴.

Lin a Nieuwentyt con sorpresa, e case con escándalo. Como é que este home puido querer facer un libro dos portentos da natureza que amosan a sabedoría do seu Autor? Aínda que o seu libro fose tan groso coma o mundo non daría esgotado o seu asunto, e tan axiña como un quere entrar nos detalles escapa o portento máis grande, que é a harmonía e o acordo do todo. Xa só a xeración dos corpos vivos e organizados é o abismo do espírito humano; a barreira insuperable que a natureza puxo entre as diversas especies a fin de que non se confundisen amosa as súas intencións coa maior evidencia. Non se contentou con establecer a orde senón que tomou medidas certas para que nada puidese perturbala.

Non existe un ser no universo que non poida, baixo algún aspecto, ser visto como o centro común de todos os outros, arredor do que todos están ordenados, de xeito que todos son reciprocamente fins e medios en relación uns cos outros. A mente confúndese e pérdese nesta infinidade de relacións, das que ningunha se ve confundida nin perdida na multitude. Cantas absurdas suposicións para deducir toda esta harmonía do cego mecanismo da materia movida fortuitamente! Os que negan a unidade de intención que se manifesta nas relacións de todas as partes deste gran todo, en van cobren o seu galimatías con abstraccións, coordinacións, principios xerais e termos emble-

¹³⁴ Seica creríamos –se non existise a proba– que a extravagancia humana pode ser levada a este punto? *Amatus Lusitanus* aseguraba ter visto un homiño do tamaño dun polgar encerrado nun vaso que *Julius Camillus*, cal outro Prometeo, fabricara a través da ciencia alquímica. Paracelso, en *De natura rerum*, ensina a maneira de producir estes homiños, e sostén que os pigmeos, os faunos, os sátiros e as ninfas foron enxendrados pola química. Efectivamente, non se me ocorre que haxa nada que facer para establecer a posibilidade destes feitos se non é adiantar que a materia orgánica resiste á ardor do lume, e que as súas moléculas poden conservarse vivas nun forno de reverbero.

máticos: fagan o que fagan, éme imposible concibir un sistema de seres tan constantemente ordenados sen que conciba unha intelixencia que o ordena. Non depende de min crer que a materia pasiva e morta puido producir seres intelixentes, que aquilo que non pensa en absoluto puido producir seres que pensan.

Creo, daquela, que o mundo está gobernado por unha vontade poderosa e sabia; véxoa, ou mais ben síntoa, e impórtame sabelo; mais este mesmo mundo: é eterno ou creado? Existe un principio único das cousas? Existen dous ou varios? E cal é a natureza deles? Non o sei e non me importa. A medida que estes coñecementos se fagan interesantes para min heime esforzar en adquirilos; ata entón renuncio a cuestións ociosas que poden preocupar o meu amor propio, mais que son inútiles para a miña conduta e superiores á miña razón.

Lembrádevos sempre de que eu non inculco o meu sentimento senón que o expoño. Que a materia sexa eterna ou creada, que exista un principio pasivo ou que non exista, sempre é seguro que o todo é un e anuncia unha intelixencia única; porque non vexo nada que non estea ordenado no mesmo sistema e que non concorra para o mesmo fin, a saber a conservación do todo na orde establecida. A este Ser que quere e que pode, a este Ser activo en por el mesmo, a este Ser, en fin, sexa cal sexa, que move o universo e ordena todas as cousas, chámolle eu Deus. Xúntolle a este nome as ideas de intelixencia, de potencia e de vontade que xa reunín, e a de bondade que é unha consecuencia necesaria delas; mais non por iso coñezo mellor o Ser ao que llo dei; escapa de igual xeito aos meus sentidos e ao meu entendemento; canto máis penso nel, máis me confundo: sei de maneira moi segura que existe, e que existe en por el mesmo; sei que a miña existencia está subordinada á súa, e que todas as cousas que coñezo están absolutamente no mesmo caso. Percibo a Deus por todas partes nas súas obras; síntoo en min, véxoo arredor de min, mais tan axiña como quero contemplalo en si mesmo, tan axiña como quero buscar onde está, o

que é, cal é a súa substancia, escápame e a miña mente turbada non percibe máis nada.

Convencido da miña insuficiencia, non hei razoar endexa-mais sobre a natureza de Deus a non ser que me vexa forzado polo sentimento das súas relacións comigo. Estes razoamentos sempre son temerarios, un home sabio só debe entregarse a eles tremelicando e na seguridade de que non está feito para profundar aí, porque o que é máis inxurioso para a divindade non é non pensar nela senón pensar mal sobre ela.

Despois de ter descuberto aqueles seus atributos polos que coñezo a súa existencia, volvo a min e procuro o rango que ocupo na orde das cousas que goberna e que eu podo examinar. Atópome indiscutiblemente no primeiro pola miña especie, porque a través da miña vontade e dos instrumentos que están no meu poder para executala teño máis forza para actuar sobre todos os corpos que me rodean –ou para prestarme ou subtraerme como me parece á súa acción– que a que ten ningún deles para actuar sobre min malia miña só a través do impulso físico, e, porque pola miña intelixencia son o único que ten control sobre a totalidade. Que ser, aquí embaixo, agás o home, sabe observar a todos os outros, medir, calcular, prever os seus movementos e os seus efectos, e unir, por dicilo así, o sentimento da existencia común co da súa existencia individual? Que ten de ridículo pensar que todo está feito para min, se eu son o único que sabe pór todo en relación con el?

Daquela, é certo que o home é o rei da terra que habita, porque non só el doma os animais todos e dispón dos elementos polo seu enxeño senón que é o único na terra que sabe dispor deles, e aínda se apropia –a través da contemplación– dos propios astros aos que non se pode achegar. Que me amosen outro animal na terra que saiba utilizar o lume e admirar o sol. O que! Eu podo observar e coñecer os seres e as súas relacións, podo sentir o que é orde, beleza e virtude, podo contemplar o universo, elevarme ata a man que o goberna, podo amar o ben

e practicalo: e hábíame comparar eu cos animais? Alma ruín, é a túa triste filosofía a que te volve semellante a eles; ou, máis ben, en van queres ti envilecerte: o teu xenio testemuña un dos teus principios, o teu corazón benefactor desmente a túa doutrina e o mesmo abuso das túas facultades proba a excelencia delas pese a ti.

Canto a min, que non teño un sistema que soste, eu, home sinxelo e verdadeiro que a furia de ningún partido arrastra e que non aspira ao honor de ser xefe de seita, contento do lugar no que Deus me puxo, non vexo nada mellor despois del que a miña especie, e se tivese que escoller o meu lugar na orde dos seres: que podería escoller superior a ser home?

Esta reflexión prodúceme menos orgullo que emoción porque ese estado non é en absoluto unha escolla miña e non foi debido ao mérito dun ser que aínda non existía. Seica me podo ver distinguido así sen felicítarme por ocupar este posto de honor e sen bendicir a man que me colocou nel? Do meu primeiro retorno a min nace no meu corazón un sentimento de recoñecemento e de bendición cara o Autor da miña especie, e deste sentimento a miña primeira homenaxe á divindade benefactora. Adoro a potencia suprema e conmóvome coas súas benéficas accións. Non preciso que me ensinen ese punto, dítamo a propia natureza. Seica non é unha consecuencia natural do amor de si honrar aquilo que nos protexe e amar aquilo que quere o noso ben?

Mais cando, para coñecer logo o meu lugar individual dentro da miña especie, considero os diversos rangos desta e os homes que os ocupan: que me acontece? Que espectáculo! Onde está a orde que antes observara? O cadro da natureza non me ofrece senón harmonía e proporcións, o do xénero humano non me ofrece senón confusión e desorde! Entre os elementos reina o concerto e os homes están no caos! Os animais son felices, só o seu rei é miserable! Oh, sabedoría: onde están as túas leis? Oh, providencia: seica é así como rexes o mundo? Ser benefactor: que aconteceu co teu poder? Vexo o mal por riba da terra.

Seica criades, meu bo amigo, que destas tristes reflexións e destas contradicións aparentes se formaron na miña mente as sublimes ideas da alma que ata entón non resultaran das miñas procuras? Meditando sobre a natureza do home coidei descubrir nela dous principios distintos: un elevábao ao estudio das verdades eternas, ao amor da xustiza e da fermosura moral, ás rexións do mundo intelectual das que a contemplación fai as delicias do sabio, e o outro abaixábao cabo del mesmo, suxeitábao ao imperio dos sentidos, ás paixóns que son ministros destes, e contrariaba a través delas todo o que o sentimento do primeiro lle inspiraba. Ao me sentir arrastrado e combatido por estes dous movementos contrarios, dicíame eu: “Non, o home non é un: quero e máis non quero, síntome a un tempo escravo e máis libre, vexo o ben e ámo e máis practico o mal, son activo cando escoito a razón e mais pasivo cando as miñas paixóns me arrastran, e o meu tormento peor, cando sucumbo, é sentir que puiden resistir.

Meu mozo, escoitade con confianza porque sempre hei ser de boa fe. Se a conciencia é obra dos prexuízos sen dúbida me engano e non hai moral demostrada, mais se preferirse a todo é unha inclinación natural do home, e a pesares diso o primeiro sentimento da xustiza é innato no corazón humano, que aquel que sostén que o home é un ser sinxelo resolva estas contradicións e eu xa non recoñezo máis que unha substancia.

Repararedes en que pola palabra substancia eu entendo en xeral o ser dotado dalgunha calidade primitiva e feita abstracción de todas as modificacións particulares ou secundarias. Entón, se todas as calidades primitivas que coñecemos poden reunirse nun mesmo ser non debemos admitir máis que unha substancia, pero se algunhas delas se exclúen mutuamente existen tantas substancias diversas como exclusións equivalentes se poden facer. Reflexionade sobre isto; canto a min, só preciso –diga o que diga Locke– coñecer a materia como extensa e divisible para estar seguro de que non pode pensar,

e cando un filósofo veña dicirme que as árbores senten e que os penedos pensan¹³⁵, por moito que me enrede nos seus sutís argumentos, non poderei ver nel senón un sofista de mala fe que prefire atribuírle o sentimento ás pedras antes que concederlle unha alma ao home.

Supoñamos un xordo que nega a existencia dos sons porque nunca bateron na súa orella. Coloco á súa vista un instrumento de corda e fago soar o seu unísono por medio doutro instrumento do grupo. O xordo ve vibrar a corda e eu digo: “–É o son o que o fai”. “–Nada diso –di el– a causa da vibración da corda está nela mesma, é unha calidade común a todos os corpos vibraren así.” “–Amosádeme, daquela, esa vibración nos outros corpos –volvo eu– ou, cando menos, a súa causa nesta corda.” “–Non podo –replica o xordo– mais polo feito de non concibir como vibra esta corda: por que teño eu que ir explicar iso por medio dos vosos sentidos, dos que non teño a menor idea? É explicar un feito escuro por medio dunha causa aínda máis escura. Volvédeme sensibles os vosos sons ou digo que non existen”.

Canto máis reflexiono sobre o pensamento e sobre a natureza da mente humana, máis creo que o razoamento dos materialistas

¹³⁵ Paréceme que, lonxe de dicir que os penedos pensan, a filosofía moderna descubriu, pola contra que os homes non pensan en absoluto. Na natureza xa só reconece seres sensitivos, e toda a diferenza que atopa entre un home e unha pedra é que un home é un ser sensitivo que ten sensacións e a pedra un ser sensitivo que non as ten. Pero se é certo que toda materia sente: onde concibiría eu a unidade sensitiva ou o eu individual? Seica será en cada molécula de materia ou en corpos agregativos? Situarei igualmente esta unidade nos fluídos e máis nos sólidos, nos compostos e máis nos elementos? Disque na natureza só hai individuos, mais: cales son eses individuos? Esa pedra é un individuo ou unha agregación de individuos? É un único ser sensitivo ou contén tantos como grans de area? Se cada átomo elemental é un ser sensitivo: como hei concibir eu esa íntima comunicación pola cal un se sente no outro, de xeito que os dous eu se confunden nun? A atracción pode ser unha lei da natureza da que descoñecemos o misterio, mais cando menos concibimos que, ao actuar a atracción segundo a masa, non é en absoluto incompatible coa extensión e a indivisibilidade. Seica concibides a mesma cousa tocante ao sentimento? As partes sensibles son extensas, mais o ser sensitivo é indivisible e único, non se parte, existe enteiro ou non existe: o ser sensitivo non é, daquela, un corpo. Non sei como o entenden os nosos materialistas, mais paréceme que as mesmas dificultades que lles fixeron rexeitar o pensamento deberíanlles facer rexeitar tamén o sentimento, e non vexo por que, despois de teren dado o primeiro paso, non habían dar tamén o outro. Que máis lles custaría? E dado que están seguros de que non pensan: como é que ousan afirmar que senten?

asemella ao do xordo. Están xordos, efectivamente, á voz interior que lles está a gritar nun ton difícil de descoñecer: “Unha máquina non pensa en absoluto, non existe movemento nin figura que produzan a reflexión. Algo en ti procura romper as ataduras que o apertan. O espazo non é a túa medida, o universo enteiro non é grande abondo para ti, os teus sentimentos, os teus desexos, a túa inqueda e mesmo o teu orgullo teñen un principio diferente ao deste corpo estreito no que te sentes encadeado.

Ningún ser material é activo por el mesmo, e eu sono. Por moito que me discutan iso, séntoo, e ese sentimento que me fala é máis forte que a razón que o combate. Teño un corpo sobre o que os outros actúan e que actúa sobre eles; esta acción recíproca non é dubidosa, mais a miña vontade é independente dos meus sentidos: consinto ou resisto, sucumbo ou venzo, e sinto perfectamente en min mesmo cando fago o que quixen facer ou cando o único que fago é ceder ás miñas paixóns. Sempre teño a potestade de querer, non a forza de executar. Cando me entrego ás tentacións actúo seguindo o impulso dos obxectos externos. Cando eu me reprocho esa febleza só escoito a miña vontade; son escravo polos meus vicios e libre polos meus remordementos; o sentimento da miña liberdade só se borra en min cando me perverto e impido finalmente que a voz da alma se eleve contra a lei do corpo.

Só coñezo a vontade polo sentimento da miña, e non coñezo moito mellor o entendemento. Cando me preguntan cal é a causa que determina a miña vontade, pregunto eu á miña vez cal é a causa que determina o meu xuízo; porque é claro que estas dúas causas só fan unha, e se se comprende ben que o home é activo nos seus xuízos, que o seu entendemento non é máis que o poder de comparar e de xulgar, verase que a súa liberdade non é máis que un poder semellante ou derivado dese; el escolle o bo de igual xeito que xulgou o verdadeiro, se xulga incorrectamente escolle mal. Cal é, pois, a causa que determina a súa vontade? É o seu xuízo. E cal é a causa que determina o

seu xuízo? E a súa facultade intelixente, é a potestade de xulgar: a causa determinante está nel mesmo. Pasado isto, xa non entendo máis nada.

Sen dúbida non son libre de non querer o meu propio ben, non son libre de querer o meu mal, mais a miña liberdade consiste niso mesmo, que non podo querer máis que o que me convén –ou o que eu estimo así– sen que nada estraño a min me determine. Seica se deriva disto que eu non son dono de min porque non son dono doutro ser distinto a min?

O principio de toda acción está na vontade dun ser libre e non nos daríamos remontado alén diso. Non é a palabra *liberdade* a que non significa nada, é a de *necesidade*. Supor algún acto e algún efecto que non deriven dun principio activo é, de certo, supor efecto sen causa, é caer no círculo vicioso. Ou non existe primeiro impulso, ou todo primeiro impulso carece de causa anterior, e non existe verdadeira vontade sen liberdade. O home é, daquela, libre nas súas accións, e como tal animado por unha substancia inmaterial; este é o meu terceiro artigo de fe. Destes tres primeiros deduciredes doadamente todos os demais sen que eu continúe a contalos.

Se o home é activo e libre, actúa por el mesmo; todo o que el fai libremente non entra no sistema ordenado da Providencia e non pode serlle imputado. Ela non quere o mal que fai o home ao abusar da liberdade que lle concede, mais non llo impide facer, sexa porque por parte dun ser tan feble este mal é nulo aos ollos dela, ou sexa porque ela non o impediría sen interferir na súa liberdade e sen facer un mal maior ao degradar a súa natureza. Ela fíxoo libre non para que fixese o mal senón para que escollese facer o ben; ela púxoo en situación de facer esta escolla utilizando ben as facultades coas que o dotou, mais limitou tanto as forzas do home que o abuso de liberdade que lle deixa non pode perturbar a orde xeral. O mal que o home fai recae sobre el mesmo, sen cambiar nada do sistema do mundo, sen impedir que a propia especie humana se conserve

malia telo. Murmurar porque Deus non lle impide facer o mal é murmurar porque a creou cunha natureza excelente, porque puxo nas súas accións a moralidade que as endurece, porque lle concedeu o dereito á virtude. O supremo gozo está no contento de un mesmo, é para merecermos este contento para o que estamos situados na terra e dotados de liberdade, para o que estamos tentados polas paixóns e refreados pola conciencia. Que máis podía facer en favor nosa a propia potencia divina? Seica podía introducir a contradición na nosa natureza e concederlle o premio por ter actuado ben a quen non tiña o poder de facer o mal? O que? Para lle impedir ao home ser malo, era preciso limitalo ao instinto e facelo animal? Non, Deus da miña alma, endexamais te hei reprochar o tela feito á túa imaxe para que eu puidese ser libre, bo e feliz coma ti!

É o abuso das nosas facultades o que nos volve infelices e malvados. As nosas coitas, as nosas preocupacións e as nosas mágoas véñennos de nós. O mal moral é indiscutiblemente obra nosa, e o mal físico non sería nada sen os nosos vicios que nolo volveron sensible. Seica non é para nos conservar, para o que a natureza nos fixo sentir as nosas necesidades? Seica a dor do corpo non é un sinal de que a máquina se avaría e unha advertencia para solucionalo? A morte... Seica os malvados non envelenan a súa vida e máis a nosa? Quen é o que había querer vivir sempre? A morte é o remedio para os males que vós vos provocades, a natureza quixo que non sufrirades sempre. Que pouco suxeito aos males está o home que vive na sinxeleza primitiva! Vive case sen doenzas e sen paixóns, e non prevé nin sente a morte; cando a sente, as súas miserias fanlla desexable: dende ese momento xa non é un mal para el. Se nos contentáramos con sermos o que somos non teríamos que deplorar a nosa sorte, mais por buscarmos un benestar imaxinario ocasionámonos mil males reais. Aquel que non sabe aturar un pouco de sufrimento debe agardar sufrir moito. Cando un ten derramado a súa constitución por medio dunha vida desordenada quere restablecela

con remedios; ao mal que un sente engádelle o mal que teme; a previsión da morte vólvelle horrible e acelérraa; canto máis quere fuxir dela máis a sente, e morre de pavor durante toda a súa vida murmurando contra a natureza dos males que se fixo ao ofendela.

Home, non busques máis ao autor do mal, ese autor es ti mesmo. Non existe outro mal que o que ti fas ou o que ti sofres, e un e máis outro proceden de ti. O mal xeral non pode existir senón na desorde, e eu vexo no sistema do mundo unha orde que non se pode desmentir. O mal particular non está máis que no sentimento do ser que sofre, e este sentimento, o home non o recibiu da natureza, foi el mesmo quen se dotou del. A dor ten pouca influencia sobre alguén que, ao ter reflexionado pouco, non ten nin lembranza nin previsión. Retirade os nosos funestos progresos, retirade os nosos erros e os nosos vicios, retirade a obra do home e todo está ben.

Onde todo está ben nada é inxusto. A xustiza é inseparable da bondade. Ora ben, a bondade é o efecto necesario dunha potencia sen límite e do amor de si mesmo esencial a todo ser que se sente. Aquel que pode todo, estende, por dicilo así, a súa existencia coa dos seres. Producir e conservar son o acto perpetuo da potencia; ela non actúa sobre o que non existe, Deus non é o Deus dos mortos: non podería ser destrutor e malo sen se prexudicar. Aquel que pode todo non pode querer máis que o que está ben¹³⁶. Daquela, o Ser soberanamente bo, xa que é soberanamente potente debe ser tamén soberanamente xusto, outramente contradiciríase a si mesmo, porque o amor á orde que o produce chámase *bondade* e o amor á orde que o conserva chámase *xustiza*.

Din que Deus non lle debe nada ás súas criaturas; eu creo que lles debe todo o que lles prometeu ao lles dar o ser. Ora

¹³⁶ Cando os antigos chamaban *Optimus Maximus* ao Deus supremo, dicían algo moi certo, mais dicindo *Maximus Optimus* terían falado con maior exactitude, pois a súa bondade procede da súa potencia: é bo porque é grande.

ben, é prometerlles un ben o darlles a idea e facerlles sentir a necesidade deste. Canto máis entro eu en min mesmo, máis me interrogo e máis leo estas palabras escritas na miña alma: *Sé xusto e serás feliz*. Con todo, isto non acontece en absoluto se consideramos o estado presente das cousas: o malvado prospera e o xusto permanece oprimido. Mirade tamén que indignación prende en nós cando esta expectativa se ve frustrada! A conciencia érguese e murmura contra o seu autor; bérralle laiando: “Enganáchesme!”.

“Enganeite, temerario? Quen cho dixo? Seica a túa alma está aniquilada? Seica deixaches de existir? Oh, Bruto, meu fillo! Non lixes a túa nobre vida ao rematala: non deixes a túa esperanza e a túa gloria co teu corpo nos campos de Filipo. Por que é que dis: “A virtude non é nada” cando vas gozar do premio da túa? Pensas que vas morrer, pois non: vas vivir e é entón cando eu hei cumprir todo o que che prometín”.

Diríase, polos murmurios dos impacientes mortais, que Deus lles debe a recompensa antes do mérito, e que ten obriga de pagar a súa virtude de antemán. Sexamos bos primeiro e logo habemos ser felices! Non esixamos o premio antes da vitoria nin o salario antes do traballo. “Non é na liza –dicía Plutarco– cando os vencedores dos nosos xogos sagrados son coroados, é despois de a teren percorrido”.

Se a alma é inmaterial, pode sobrevivir ao corpo, e se lle sobrevive a providencia está xustificada. Aínda que eu non tivese máis proba da inmaterialidade da alma que o triunfo do malvado e a opresión do xusto neste mundo, xa só iso habíame impedir dubidalo. Unha disonancia tan chocante na harmonía universal faríame tratar de resolvela. Habíame eu dicir: “Non todo acaba para nós coa vida, todo regresa á orde coa morte”. Verdadeiramente tería a complicación de me preguntar onde está o home cando todo o que el tiña de sensible está destruído. Esta cuestión xa non é unha dificultade para min tan axiña como recoñecín dúas substancias. É moi sinxelo que durante a

miña vida corporal, ao non percibir nada senón polos meus sentidos, o que non está sometido a eles me escape. Cando a unión do corpo e a alma se rompeu, concibo que un pode disolverse e a outra conservarse. Por que é que a destrución dun había arrastrar á destrución do outro? Ao contrario, por seren de naturezas tan diferentes, na súa unión atopábanse nun estado violento, e cando esta unión cesa os dous regresan ao seu estado natural. A substancia activa e viva recupera toda a forza que empregaba en mover a substancia pasiva e morta. Malfadadamente –séntoo ben a través dos meus vicios– o home non vive senón a medias durante a súa vida, e a vida da alma non comeza senón coa morte do corpo.

Mais cal é esta vida? E é a alma inmortal pola súa natureza? O meu entendemento limitado non concibe cousa ningunha sen límites; todo o que chamamos infinito escápame. Que podoo eu negar ou afirmar? Que razoamentos podoo facer sobre aquilo que non podoo concibir? Creo que a alma sobrevive ao corpo suficientemente para o mantemento da orde; quen sabe se é suficiente para durar sempre? Con todo, concibo como o corpo se degrada e se destrúe a través da división das partes, mais non podoo concibir unha destrución semellante do ser pensante, e ao non imaxinar como este pode morrer, presumo que non morre. Dado que esta presunción me consola e que non ten nada de irracional: por que había eu temer entregarme a ela?

Sento a miña alma; coñezoo a través do sentimento e do pensamento; sei que existe sen saber o que é a súa esencia; non podoo razoar sobre ideas que non teño. O que sei ben é que a identidade do *eu* non se prolonga máis que pola súa memoria, e que para ser o mesmo realmente, cómpre que eu me lembre de ter sido. Ora ben, non podería recordar despois da miña morte o que fun durante a miña vida se non recordo tamén o que sentín, e por conseguinte o que fixen, e non dubido de que esta lembranza chegue un día a facer felices aos bos e a atormentar aos malvados. Aquí embaixo, mil paixóns ardentes absorben o

sentimento interno e fan que se desvíen os remordementos. As humillacións e as desgrazas que atrae o exercicio das virtudes impiden sentir todos os encantos destas. Mais, cando liberados das ilusións que nos provocan os corpos e os sentidos gocemos da contemplación do Ser supremo e das verdades eternas que orixina, cando a beleza da orde bata en todas as potencias da nosa alma e esteamos unicamente preocupados en comparar o que fixemos co que debemos ter feito, daquela a voz da conciencia ha recuperar a súa forza e o seu imperio; daquela a voluptuosidade pura que nace do contento de si mesmo e a mágoa amarga de terse envilecido han distinguir a través de sentimentos inesgotables a sorte que cadaquén se preparou. Non me preguntedes, meu bo amigo, se haberá outras fontes de felicidade e de coitas, ignóroo, e abonda coas que imaxino para me consolar desta vida e facerme esperar outra. Non digo que os bos vaian ser recompensados, porque: que outro ben pode acadar un ser excelente senón o de existir segundo a súa natureza? O que digo é que han ser felices, porque, ao telos feitos sensibles o seu autor, o autor de toda xustiza, non os fixo para sufrir, e porque, ao non teren abusado da súa liberdade na terra, non trabucaron o seu destino por medio da súa falta; con todo sufriron nesta vida, polo que serán compensados na outra. Este sentimento fúndase menos sobre o mérito do home que sobre a noción de bondade que me parece inseparable da esencia divina. Non fago máis que supor as leis da orde observadas e a Deus constante nel mesmo¹³⁷.

Non me preguntedes tampouco se os tormentos dos malvados serán eternos; ignóroo aínda e non teño a fútil curiosidade de esclarecer cuestións inútiles. Que me importa o que será dos malvados? Interésame pouco a súa sorte. Con todo cústame crer

¹³⁷ *Non por nós, non por nós, Señor,
senón polo teu nome e honor,
oh, Deus, fainos revivir!*
(Salmos, 115)

que vaian ser condenados a tormentos sen fin. Se a suprema xustiza se vinga, víngase dende esta vida. Vós e os vosos erros, oh, nacións, sodes os seus ministros, ela emprega os males que vós vos facedes para castigar os crimes que os atraeron. É nos vosos corazóns insaciabes, roídos de envexa, de avaricia e de ambición, onde, no seo da vosas falsas prosperidades, as paixóns vingadoras castigan os vosos estragos. Que necesidade hai de ir buscar o inferno á outra vida? Xa está dende esta no corazón dos malvados.

Alí onde rematan as nosas necesidades percedoiras, alí onde cesan os nosos desexos insensatos deben cesar tamén as nosas paixóns e os nosos crimes. De que perversidade serían susceptibles uns espíritos puros? Ao non teren necesidade de nada: por que habían ser eles malvados? Se, privados dos nosos groseiros sentidos, toda a súa felicidade está na contemplación dos seres só saberían querer o ben, e calquera que deixa de ser malvado: seica pode ser miserable para sempre endexamais? Velaí o que me inclino a crer sen magoarme decidindo sobre o asunto. Oh, ser clemente e bo! Sexan cales sexan os teus decretos, adóroos; se castigas aos malvados, anulo eu a miña feble razón diante da túa xustiza. Mais se os remordementos destes infortunados deben apagarse co tempo, se os seus males deben rematar e a mesma paz nos espera de igual xeito a todos un día, eu lóuvote por iso. Seica o malvado non é o meu irmán? Cantas veces tentei eu semellarme a el? Que, liberado da súa miseria, perda tamén a malignidade que o acompaña, que sexa feliz coma min; lonxe de incitar os meus ciúmes, a súa felicidade só se engadirá á miña.

É así como contemplando a Deus nas súas obras e estudiándoo a través daqueles seus atributos que me importaba coñecer, logrei estender e aumentar gradualmente a idea, de primeiras imperfecta e limitada, que eu me facía deste Ser inmenso. Mais se esta idea se volveu máis nobre e máis grande, tamén está menos proporcionada á razón humana. A medida que me ache-

go en espírito á eterna luz, o seu fulgor cégame e pertúrbame, e véxome forzado a abandonar todas as nocións terrestres que me axudaban a imaxinalo. Deus xa non é corporal e sensible; a suprema intelixencia que rexe o mundo xa non é o propio mundo. Elevo e fatigo en van a miña mente concibindo a súa esencia. Cando penso que é ela a que lle dá vida e actividade á substancia viva e activa que rexe os corpos animados, cando sento dicir que a miña alma é espiritual e que Deus é un espírito, indígnome contra este envilecemento da esencia divina. Como se Deus e a miña alma fosen da mesma natureza! Como se Deus non fose o único ser absoluto, o único ser verdadeiramente activo que sinte, que pensa e que quere por el mesmo, e de quen nós recibimos o pensamento, o sentimento, a actividade, a vontade, a liberdade e máis o ser. Nós somos libres só porque el quere que o sexamos, e a súa substancia inexplicable é para as nosas almas o que as nosas almas son para os nosos corpos. Se creou a materia, os corpos, os espíritos e o mundo, non o sei. A idea de creación confúndeme e excede o meu alcance; creo nela tanto como podo concibila; mais sei que el formou o universo e todo o que existe, que fixo todo e ordenou todo. Deus é eterno, sen dúbida, mais: seica a miña mente pode abranguer a idea da eternidade? Por que contentarme eu con palabras sen idea? O que concibo é que el existe antes das cousas, que existirá entrementes estas subsistan e que había existir mesmo máis alá se todo debese rematar un día. Que un ser que non concibo lle dea a existencia a outros seres só resulta escuro e incompreensible, mais que o ser e a nada se convertan en por eles un ao outro resulta unha contradición palpable, resulta un claro absurdo.

Deus é intelixente, mais: como o é? O home é intelixente cando razoa e a suprema intelixencia non precisa razoar; non existen para ela premisas nin conclusións, non existe mesmo proposición; ela é puramente intuitiva, ve igualmente todo o que existe e todo o que pode existir; todas as verdades non forman para ela senón unha única idea, como todos os lugares un único

punto e todos os tempos un único momento. A potencia humana actúa a través dos medios, a potencia divina actúa a través dela mesma: Deus pode porque quere, a súa vontade enxendra o seu poder. Deus é bo, non hai cousa ningunha máis manifesta, pero a bondade no home é o amor aos seus semellantes, e a bondade de Deus é o amor á orde, porque é a través da orde que el mantén o que existe e une cada parte co todo. Deus é xusto, estou convencido, e iso é unha consecuencia da súa bondade. A inxustiza dos homes é obra destes e non del: a desorde moral que testemuña contra a providencia a ollos dos filósofos non fai senón demostrala aos meus ollos. Mais a xustiza do home é darlle a cadaquén o que lle pertence e a xustiza de Deus pedirlle a cadaquén contas do que el lle deu.

Se chego a descubrir sucesivamente estes atributos dos que non teño ningunha idea absoluta é a través de conclusións forzadas, a través do bo uso da miña razón, mais afirmoos sen comprendelos, e no fondo ven sendo non afirmar nada. Por moito que eu me diga “Deus é así”, séntoo e demóstrome que é así mais non concibo por iso mellor cómo Deus pode ser así.

En fin, canto máis me esforzo en contemplar a súa esencia infinita menos a concibo; pero ela existe e iso abóndame; canto menos a concibo máis a adoro. Humíllome e dígolle: “Ser dos seres, eu existo porque ti existes, meditar en ti sen cesar é elevarme ata a miña orixe. O máis digno emprego da miña razón é anularse diante túa: o meu arroubo de espírito, o encanto da miña febleza, é sentirme cangado coa túa grandeza”.

Despois de ter deducido así –da impresión dos obxectos sensibles e do sentimento interior que me leva a xulgar sobre as causas segundo as miñas luces naturais– as principais verdades que me importaba coñecer, réstame procurar que preceptos debo tirar delas para a miña conduta, e que regras debo prescribirme para cumprir o meu destino na terra segundo a intención daquel que me colocou nela. Seguindo sempre o meu método, non tiro estas regras dos principios dunha alta filosofía senón

que as atopo no fondo do meu corazón escritas pola natureza en caracteres imborrables. Só teño que me interrogar sobre aquilo que quero facer: todo o que sento que está ben, está ben; todo o que sento que está mal, está mal; o mellor de todos os casuístas é a conciencia, e só cando releamos con ela recorreremos ás sutilezas do razoamento. O primeiro de todos os coidados é o de si mesmo; con todo: cantas veces a voz interior nos di que ao facermos o noso ben a conta doutra persoa causamos o mal! Coidamos seguir o impulso da natureza e estamos a lle resistir: ao escoitarmos o que ela lles di aos nosos sentidos estamos a desprezar o que lles di aos nosos corazóns; o ser activo obedece, o ser pasivo dá ordes. A conciencia é a voz da alma, as paixóns son a voz do corpo. Seica resulta sorprendente que con frecuencia estas dúas linguaxes se contradigan? E daquela: cal temos que escoitar? Con demasiada frecuencia a razón nos engana; temos demasiado arraizado o dereito a recusalas; mais a conciencia endexamais engana, é a verdadeira guía do home, é para a alma o que o instinto é para o corpo¹³⁸ ; quen a sigue obedece á

¹³⁸ A filosofía moderna, que non admite máis que o que explica, non pode admitir esa escura facultade chamada *instinto*, que semella guiar sen ningún coñecemento adquirido aos animais cara a algunha finalidade. O instinto, segundo un dos nosos máis sabios filósofos, non é senón un hábito privado de reflexión, mais adquirido reflexionando, e da maneira como el explica ese progreso debemos concluir que os rapaces reflexionan máis que os homes; paradoxo estraño dabondo como para pagar a pena examinalo. Sen entrar aquí nesta discusión, pregunto que nome debo darlle ao ardor co que o meu can lles fai a guerra ás toupas que non come, á paciencia con que as espreita por veces durante horas enteiras, e máis á habilidade coa que as pilla, as tira do buraco no momento en que asoman, e as mata loguiño para deixalas alí, sen que endexamais ninguén o adestrara nesta caza e lle aprendera que alí había toupas. Pregúntome aínda, e isto é o máis importante, por que a primeira vez que eu ameacei a este mesmo can el se deitou co lombo contra o chan e as patas repregadas, nunha actitude suplicante, a máis propia para conmoerme. Teríase gardado moito de permanecer nesa postura se eu, sen me deixar dobrear, lle batera nese estado? O que! O meu can, aínda pequerrechiño, e case despois de nacer: seica adquirira xa ideas morais e sabía o que era a clemencia e a xenerosidade? Que luces adquiridas facían que el esperase calmarme abandonándose así á miña disposición? Todos os cans do mundo fan aproximadamente a mesma cousa no mesmo caso, e non estou aquí a dicir nada que calquera non poida comprobar. Que os filósofos que rexeitan tan desdeñosamente o instinto, teñan a ben explicar este feito a través da única acción das sensacións e dos coñecementos que elas nos fan adquirir: que o expliquen dunha maneira satisfactoria para todo home sensato e entón eu non hei ter máis nada que dicir e xa non hei falar de instinto.

natureza e non teme desviarse. “Este punto é importante –proseguiu o meu benefactor ao ver que eu ía interrompelo– permite que me deteña un pouco máis en esclarecelo”.

Toda a moralidade das nosas accións está no xuízo que nos facemos delas. Se é certo que o ben está ben, debe estalo no fondo dos nosos corazóns como nas nosas obras, e o primeiro premio da xustiza é sentir que é practicada. Se a bondade moral corresponde á nosa natureza, o home non podería ser san de espírito nin estar ben constituído senón en canto que é bo. Se non corresponde e o home é naturalmente malvado, non pode deixar de selo sen se corromper e a bondade só é nel un vicio contra natura. Feito para lles facer mal aos seus semellantes, como o lobo para esganar a súa presa, un home humano sería un animal tan depravado como un lobo compasivo, e a virtude unicamente nos produciría remordementos.

Entremos en nós mesmos, meu amigo mozo! Examinemos, deixando a parte todo interese persoal, a que nos conducen as nosas inclinacións. Que espectáculo nos agrada máis: o dos tormentos ou o da felicidade doutras persoas? Que é máis grato de facer e nos deixa unha impresión máis agradable despois de telo feito: unha boa acción ou unha acción ruín? En que vos interesades vós nos teatros? Son as falcatrúas as que vos producen pracer? É polos castigados autores destas por quen vertedes bágoas? “Todo nos é indiferente –din eles– agás o noso interese; e polo contrario, a dozura da amizade e da humanidade consólanos nas nosas coitas; e mesmo nos nosos praceres estaríamos demasiado sós e seríamos demasiado miserables se non tiveramos con quen compartilos”. Se non hai nada moral no corazón do home: de onde lle veñen, daquela, eses devezos de admiración polas accións heroicas, eses arroubos de amor polas grandes almas? Ese entusiasmo da virtude: que relación ten co noso interese particular? Por que había querer eu ser Catón, o que esgaza as súas entrañas, antes que César, o triunfador? Tirade dos nosos corazóns ese amor ao fermoso e tirades todo o

encanto da vida. Aquel do que as ruíns paixóns afogaron na súa alma estreita estes sentimentos deliciosos, aquel que a poder de se concentrar no seu interior acaba por non amar a ninguén agás a el mesmo, non ten xa devezos, o seu corazón xeado non palpita xa de alegría, endexamais un doce entenrecemento humedece os seus ollos, non goza xa de nada; o malfadado xa non sente nin vive: está xa morto.

Mais, calquera que sexa a cantidade de malvados na terra, existen poucas desas almas cadavéricas feitas insensibles, agás o seu interese, a todo o que é xusto e bo. A inicuidade só presta en canto que un se aproveita dela; en todo o resto, un quere que o inocente sexa protexido. Vemos nunha rúa ou nun camiño un acto de violencia e de inxustiza? No instante elévase dende o fondo do corazón un movemento de carraxe e de indignación e lévanos a tomar a defensa do oprimido; pero un deber máis poderoso reténnos e as leis tírannos o dereito de protexermos a inocencia. Polo contrario, se algún acto de clemencia ou de xenerosidade bate nos nosos ollos: Que admiración! Que amor nos inspira! Quen é o que non se di: “Quixera ter eu feito o mesmo” Impórtanos seguramente moi pouco que un home teña sido malvado ou xusto hai dous mil anos, e mais na Historia antiga aféctanos o mesmo interese que se todo iso tivese acontecido nos noso días. Que máis me teñen a min os crimes de Catilina? Seica teño medo de ser vítima súa? Por que, daquela, teño o mesmo horror por el que se fose contemporáneo meu? Non odiamos só os malvados por nos prexudicaren senón por seren malvados. Non só queremos ser felices nós, queremos tamén a felicidade dos outros, e cando esa felicidade non lle costa nada á nosa, auméntaa. Ao final, malia nós, doémonos dos malfadados; cando somos testemuña do seu mal, sufrimos por eles. Nin os máis perversos darían perdido completamente esta inclinación, o que a miúdo ponos en contradición con eles mesmos. O ladrón que esbulla ás persoas que pasan, aínda tapa a desnudez do pobre, e o máis feroz asasino sostén a un home que cae desfalecido.

Fálase do berro dos remordementos que castiga en segredo os crimes agachados e os pon en evidencia tan a miúdo. Quen de nós, por desgraza, non oíu nunca esta importuna voz ? Falamos por experiencia e quixeramos afogar ese sentimento tiránico que nos produce tantos tormentos. Obedezamos á natureza: habemos coñecer con canta dozura reina e canto engado se atopa –despois de tela escoitado– en proporcionar boa testemuña dun mesmo. O malvado témesse e foxe de si, alédase botándose fóra del, rolda arredor súa cos ollos inquietos e procura un obxecto que o divirta; sen a sátira amarga, sen a rexouba insultante, sempre había estar triste; a risa burlona é o seu único pracer. Polo contrario, a serenidade do xusto é interior, a súa risa non ten malignidade senón ledicia, leva a orixe desta no seu interior; síntese tan contento só como entre un círculo; non tira a súa alegría dos que o rodean senón que llela comunica.

Ollade todas as nacións do mundo, percorrede todas as historias. No medio de tantos cultos inhumanos e estraños, no medio desa prodixiosa diversidade de costumes e de caracteres, habedes atopar por todas partes as mesmas ideas de xustiza e de honestidade; por todas partes as mesmas nocións do ben e do mal. O antigo paganismo enxendrou deuses abominables que aquí embaixo teriamos castigado como criminais e que só ofrecían como cadro da felicidade suprema falcatrúas que cometer e paixóns que contentar. Mais en van descendía dende a morada eterna o vicio armado dunha autoridade sagrada, porque o instinto moral rexeitábao do corazón dos homes. Celebrando a libertinaxe de Xúpiter, admirábase a confianza de Xenocrates; a casta Lucrecia adoraba a impúdica Venus; o intrépido Romano facía sacrificios ao medo, invocaba ao deus que mutilou a seu pai, e morría sen murmurar a mans do seu: as máis desprezables divindades foron servidas polos máis grandes homes. A santa voz da natureza, máis forte que a dos deuses, facíase respectar na terra e semellaba relegar ao ceo o crime cos culpables.

Existe, daquela, no fondo das almas, un principio innato de xustiza e de virtude, sobre o que, malia os nosos propios pre-

ceptos, xulgamos as nosas accións e as dos outros como boas ou malas, e é a este principio ao que lle dou o nome de conciencia.

Mais á esta palabra oio erguerse dende todas partes o clamor dos pretendidos sabios: “Erros da infancia! Prexuizos da educación! –gritan todos en coro– No espírito humano non hai máis nada que o que se introduce coa experiencia e non xulgamos cousa ningunha senón sobre as ideas adquiridas”. E aínda fan máis: este acordo evidente e universal de todas as nacións ousan eles rexeitalo, e contra a resplandecente unidade de xuízo dos homes van procurar nas tebras algún exemplo escuro e coñecido só por eles, como se todas as inclinacións da natureza fosen anuladas pola depravación dun pobo, e como se dende o momento en que existen monstros a especie humana non contase para nada. Mais: de que lle serven ao escéptico Montaigne tantos traballos que pasa para desenterrar nun recuncho do mundo un costume oposto ás nocións de xustiza? De que lle serve concederlles aos máis sospeitosos viaxeiros a autoridade que lles nega aos escritores máis célebres? Algúns usos incertos e estraños, baseados en causas locais descoñecidas para nós: van destruír a indución xeral tirada da achega de todos os pobos, opostos en todo o restante e confidentes neste único punto? Oh, Montaigne! Ti que presumes de franqueza e de verdade, sé sincero e verdadeiro – se é que un filósofo pode selo– e dime se existe algún país na terra onde sexa un crime manter a fe, ser clemente, benefactor e xeneroso, onde o home de ben sexa desprezable e o pérfido reciba honores.

Dise que cada un contribúe ao ben público polo seu propio interese, mais, daquela: como é que o xusto contribúe no seu propio prexuízo? Que é ir cara á morte polo seu propio interese? Sen dúbida ninguén se move senón polo seu ben, mais, se non existe un ben moral que ter en conta, nunca se han explicar polo interese propio máis que as accións dos malvados. Pódese mesmo crer que non se ha intentar ir máis lonxe. Sería unha filosofía abominable de máis aquela na que un considerase

molestas as accións virtuosas, na que só puidese saír do apuro atribuíndolles ruíns intencións e motivos sen virtude, na que se vira forzado a denigrar a Sócrates e a calumniar a Régulo. Se algún día chegasen a xermolar entre nós tales doutrinas, a voz da natureza e máis a da razón ergueríanse sen cesar contra elas e non lles deixarían endexamais a un só dos seus partidarios a escusa de selo de boa fe.

Non é a miña intención entrar aquí en discursos metafísicos que exceden o meu alcance e o voso, e que no fondo non conducen a nada. Xa vos dixen que non quería filosofar convosco senón axudavros a consultar o voso corazón. Mesmo se todos os filósofos demostrasen que estou trabucado, se vós estimades que teño razón non quero máis nada.

Para iso só cómpre que distingades as nosas ideas adquiridas dos nosos sentimentos naturais, porque sentimos antes de coñecer; e do mesmo xeito que non aprendemos a coñecer o noso ben e a fuxir do noso mal, senón que esta vontade venmos da natureza, igualmente o amor ao bo e o odio ao malo son tan naturais en nós coma o amor a nós mesmos. Os actos da conciencia non son xuízos senón sentimentos. Aínda que todas as nosas ideas nos cheguen do exterior, os sentimentos que as aprecian están no noso interior, e é só a través destes como coñecemos a conveniencia ou a inconveniencia que existe entre nós e as cousas que debemos procurar ou das que debemos fuxir.

Existir para nós é sentir; a nosa sensibilidade é indiscutiblemente anterior á nosa intelixencia e tivemos sentimentos antes que ideas. Calquera que sexa a causa do noso ser, ela asegurou a nosa conservación ao nos fornecer sentimentos axeitados á nosa natureza e non se podería negar que cando menos estes son innatos. Estes sentimentos, tocante ao individuo, son o amor de si, o medo da dor, o terror da morte e o desexo do benestar. Mais se –como non podemos dubidalo– o home é sociable por natureza, ou cando menos feito para chegar a selo, só pode selo por outros sentimentos innatos relativos á súa especie; porque

se só se considera a necesidade física, esta debe de certo dispersar os homes en lugar de reunilos. Ora ben, é do sistema moral formado a través desta dobre relación consigo mesmo e cos seus semellantes de onde nace o impulso da conciencia. Coñecer o ben non é amalo, o home non ten a conciencia innata daquel, mais tan axiña como a súa razón llo fai coñecer, a súa conciencia lévao a amalo: é este sentimento o que é innato.

Daquela, meu amigo, non creo que sexa imposible explicar a través das consecuencias da nosa natureza o principio inmediato da conciencia independente da nosa propia razón, e, mesmo que fose imposible, tampouco sería necesario, porque, xa que os que negan este principio admitido e recoñecido por todo o xénero humano non proban que non existe senón que se contentan con afirmalo, cando nós afirmamos que existe, temos tanto fundamento coma eles, e por riba nós temos o testemuño interior e a voz da conciencia que declara a prol de si mesma. Se as primeiras luciñas do xuízo nos cegan e confunden ao comezo os obxectos á nosa vista, agardemos que os nosos ollos volvan abrirse e se afagan, e moi logo volveremos ver estes obxectos á luz da razón, tales coma a natureza nolos mostraba ao primeiro; ou, mellor, sexamos máis sinxelos e menos fatos, limitémonos aos primeiros sentimentos que atopamos en nós mesmos, pois que sempre é a eles onde nos conduce de novo o estudio se é que aquela non nos desviou.

Conciencia! Conciencia! Instinto divino, inmortal e celeste voz, guía seguro dun ser ignorante e limitado mais intelixente e libre, xuíz infalible do ben e do mal que volves ao home semellante a Deus, es ti quen causa a excelencia da súa natureza e a moralidade das súas accións, sen ti non sento nada en min que me eleve por riba dos animais non sendo o triste privilexio de me desviar de erro en erro coa axuda dun entendemento sen regras e dunha razón sen principios.

Grazas ao ceo velaí estamos liberados de todo ese espantoso aparato filosófico; podemos ser homes sen sermos sabios; dis-

pensados de consumir a nosa vida no estudio da moral, temos por pouco custe un guía máis seguro nese inmenso dédalo das opinións humanas. Mais non abonda con que ese guía exista, cómpre saber recoñecelo e seguilo. Se lles fala a todos os corazóns: por que, daquela, hai tan poucos que o entenden? Eh, é porque nos fala na lingua da natureza que todo nos fixo esquecer. A conciencia é tímida, gusta do retiro e da paz, a xente e o ruído asústana, os prexuízos que a fan nacer son os seus máis crueis inimigos e ela foxe ou cala diante deles; a voz ruidosa destes afoga a súa e impídelle facerse oír; o fanatismo ousa arremedala e ditar o crime no seu nome. Finalmente, fártase de ver que non lle fan caso. Non nos di máis nada, non nos responde, e despois de tan longo desprezo cara a ela, costa tanto facer que volva como custou desterrala.

Cantas veces nas miñas procuras me teño sentido canso da frialdade que sentía arredor miña! Cantas veces a tristura e o noxo, ao verteren o seu veneno sobre as miñas primeiras meditacións, volvéronmas insoportables! O meu árido corazón só presataba un lánguido e morno celo ao amor á verdade. Eu dicíame: “Por que me vou atormentar procurando o que non existe? O ben moral só é unha quimera, o único bo que existe son os praceres dos sentidos”. Ai! Unha vez que perdemos o gusto polos praceres da alma, que difícil é recuperalo! E canto máis difícil aínda é obtelo cando nunca se tivo! Se existe un home miserable abondo como para non ter feito en toda a súa vida nada que ao lembralo o contentase e o satisfixese por ter vivido, ese home había ser incapaz de se coñecer nunca, e, por non sentir a bondade que convén á súa natureza, permanecería forzosamente malvado e sería eternamente infeliz. Mais: coidades vós que existe en toda a terra un só home tan depravado como para non ter endexamais entregado o seu corazón á tentación de facer o ben? Esta tentación é tan natural e tan doce que é imposible resistirlle sempre, e a lembranza do pracer que produciu unha vez abonda para recordala sen cesar. Infelizmente, ao comezo é moi

duro satisfacela; un ten mil razóns para se negar á inclinación do seu corazón; a falsa prudencia apréixaa nos límites do *eu* humano; cómpren mil esforzos de coraxe para ousar franquealos. Compracerse en facer ben é o premio por telo feito, e ese premio obtense só despois de telo merecido. Nada é máis apetecible que a virtude, mais cómpre gozar dela para atopala así. Cando un quere abrazala, semellante ao Proteo da fábula, ela adopta ao primeiro mil formas espantosas e non se amosa finalmente baixo a súa máis que a aqueles que nunca desistiron.

Combatido sen cesar polos meus sentimentos naturais, que falaban a prol do interese común, e a miña razón, que relacionaba todo comigo, tería eu aboiado durante toda a miña vida nesta continua alternativa, facendo o mal e amando o ben, e sempre contrario a min mesmo, se unhas novas luces non tivesen iluminado o meu corazón, se a verdade que ancorou as miñas opinións non tivese tamén asegurado a miña conduta e non me tivese posto de acordo comigo mesmo. En van queren establecer a virtude só por medio da razón: que base sólida pode fornecérselle? “A virtude –din eles– é o amor á orde”. Mais: pode e debe este amor triunfar en min sobre o do meu benestar? Que me dean unha razón clara e suficiente para preferilo. No fondo, o seu pretendido principio é un puro xogo de palabras, porque tamén eu digo que o vicio é o amor á orde tomado nun sentido diferente. Existe algunha orde moral en todos os lugares nos que existe sentimento e intelixencia. A diferenza é que o bo ordénase en relación á totalidade e o malvado ordena a totalidade en relación a el. Este faise o centro de todas as cousas en canto que o outro mide o seu radio e se mantén dentro da circunferencia. Daquela, é ordenado en relación ao centro común que é Deus, e en relación a todos os círculos concéntricos que son as criaturas. Se a Divindade non existe, unicamente razoa o malvado e o bo só é un insensato.

Ai, meu rapaz! Quixera que poidades sentir un día de canto peso un se libera cando, despois de ter esgotado a vaidade

das opinións humanas e saboreado o amarguexo das paixóns, atopa finalmente tan pertiño de si o camiño da sabedoría, o premio dos traballos desta vida e a fonte da felicidade da que desesperara. Todos os deberes da lei natural, case borrados do meu corazón pola inxustiza dos homes, trázanse nel de novo en nome da xustiza eterna que mos impón e mos ve cumprir. Xa non sento en min máis que a obra e o instrumento do gran Ser que quere o ben, que o fai, que fará o meu a través da colaboración das miñas vontades coas súas, e a través do bo uso da miña liberdade; acepto a orde que el establece, seguro de gozar eu mesmo un día desta orde e de atopar nela a miña felicidade, porque: que felicidade máis doce existe que a de sentirse ordenado nun sistema no que todo está ben? Presa da dor, sopórtoa con paciencia pensando en que é pasaxeira e procede dun corpo que non é meu. Se fago unha boa acción sen testemuña, sei que é vista e deixo constancia para a outra vida da miña conduta nesta. Ao sufrir unha inxustiza dígame: “O ser xusto que rexe todo saberá resarcirme por ela”. As necesidades do meu corpo e as miserias da miña vida fanme a idea da morte máis soportable. Serán menos ataduras que romper cando sexa necesario abandonar todo.

Por que a miña alma está sometida aos meus sentidos e encadeada a este corpo que a escraviza e a magoa? Non o sei; seica entrei eu nas decisións de Deus? Mais podo sen temeridade formar modestas conxecturas. Dígame: “Se o espírito do home permanecera libre e puro: que mérito tería el en amar e seguir a orde que vira establecida e que non tería interese ningún en perturbar? Sería feliz, é certo, mais faltaríalle á súa felicidade o grao máis sublime, a gloria da virtude e o bo testemuño de si mesmo; só sería como os anxos, e sen dúbida o home virtuoso ha ser máis ca eles”. Unida a un corpo mortal por lazos non menos poderosos que incomprensibles, o coidado da conservación deste corpo incita á alma a relacionar todo con el e infúndelle un interese contrario á orde xeral que, con todo, ela é capaz

de ver e de amar; é entón cando o bo uso da súa liberdade se converte á vez no mérito e na recompensa, e ela prepárase unha felicidade inalterable combatendo as súas paixóns terrestres e manténdose na súa primeira vontade.

Se, mesmo no estado de abaixamento no que nos atopamos durante esta vida todas as nosas primeiras inclinacións son lexítimas, se todos os nosos vicios proceden de nós mesmos: por que nos queixamos de estarmos subxugados por eles? Por que lle reprochamos ao autor das cousas os males que nós nos facemos e os inimigos que armamos contra nós mesmos? Ah, non estraguemos ao home! El sempre ha ser bo sen esforzo e sempre feliz sen remordemento! Os culpables que se din obrigados ao crime son tan mentireiros como malvados; como é que non ven que a febleza da que se queixan é a súa propia obra, que a súa primeira depravación procede da súa vontade e que, a forza de querer ceder diante das súas tentacións acaban cedendo malia eles e vólvenas irresistibles? Sen dúbida, non depende xa de si mesmos non seren malvados e febles, mais dependeu deles non chegar a selo. Permaneceríamos ben doadamente a nosos mesmos e das nosas paixóns, mesmo durante esta vida, se cando aínda non están adquiridos os nosos costumes, cando a nosa mente comeza a abrirse, soubésemos ocupala cos obxectos que debe coñecer para apreciar aqueles que descoñece; se quixésemos sinceramente iluminarnos, non para brillar aos ollos dos demais senón para ser bos e sabios segundo a nosa natureza e para nos facermos felices practicando os nosos deberes! Este esforzo parécenos tedioso e duro porque xa só pensamos nel corrompidos polo vicio, entregados xa ás nosas paixóns. Establecemos os nosos xuízos e a nosa estima antes de coñecermos o ben e o mal, e, despois, relacionando todo con esta medida falsa non lle damos a nada o seu xusto valor.

Existe unha idade na que o corazón, libre aínda mais ardente, inqueda, ávido da felicidade que non coñece, búscaa cunha incerteza curiosa, e enganado polos sentidos crávase finalmen-

te sobre a súa fútil imaxe, e cre atopala onde non está. Estas ilusións duraron no meu caso demasiado tempo. Por desgraza recoñecinas tarde de máis e non puiden destruílas de a feito; han durar tanto como este corpo mortal que as provoca. Cando menos, sedúcenme en van porque non me dan enganado xa: coñézoas tal como son e ao seguilas desprézoas. Lonxe de ver nelas o obxecto da miña felicidade, vexo o seu obstáculo. Aspiro ao momento no que, liberado das trabas do corpo hei ser *eu* sen contradición e sen división, e só hei precisar de min para ser feliz. Agardándoo, xa o son dende esta vida, porque conto pouco os males todos, porque a miro como case allea ao meu ser e porque todo o verdadeiro ben que podo tirar dela depende de min.

Para me elevar de antemán tanto como se pode a este estado de felicidade, de forza e de liberdade exercítome nas sublimes contemplacións. Medito sobre a orde do universo, non para explicala a través de vans sistemas senón para admirala sen cesar, para adorar o sabio autor que se fai sentir nela. Converso con el, impregno todas as miñas facultades coa súa divina esencia, emociónome cos seus benfeitos, bendígoos polos seus dons, mais non lle prego: que lle había eu pedir? Que cambiase para min o curso das cousas e fixese milagres a meu favor? Eu, que debo amar por riba de todo a orde establecida pola súa sabedoría e mantida pola súa providencia: había querer que esta orde fose perturbada para min? Non, este desexo temerario merecería máis ser castigado que colmado. Non lle pido tampouco o poder de obrar ben: por que pedirlle o que xa me deu? Seica non me deu a conciencia para amar o ben, a razón para recoñecelo e a liberdade para escollelo? Se obro mal non teño escusa; fágoos por que quero; pedirlle que cambie a miña vontade é pedirlle o que el me pide a min; é querer que el faga o meu labor e eu recolla o salario deste; non estar contento da miña condición é non querer ser xa home, é querer outra cousa distinta á que existe, é querer a desorde e o mal. Fonte de xustiza e de verdade, Deus clemente e bondadoso, na miña confianza en ti, o supremo des-

exo do meu corazón é que se faga a túa vontade! Uníndolle eu a miña, fago o que ti fas, aplaudo a túa vontade, coído compartir de antemán a suprema felicidade que é o seu premio.

Na xusta desconfianza de min mesmo, a única cousa que lle pido, ou mellor, que espero da súa xustiza, é que endereite o meu erro, se é que me desvío e ese erro resulta perigoso para min. Polo feito de ser de boa fe non me considero infalible. As miñas opinións que me parecen máis certas, se cadra son mentiras, porque: cal é o home que non se aferra ás súas e cantos homes se atopan de acordo en todo? En van a ilusión que me engana ven a min, só el pode curarme dela. Fixen o que puiden para acadar a verdade mais a súa fonte está demasiado elevada. Cando me faltan as forzas para ir máis lonxe: de que podó ser eu culpable? É ela quen se debe achegar”.

O bondadoso clérigo falara con vehemencia, estaba conmovido e eu tamén o estaba. Coidaba estar a oír ao divino Orfeo cantar os primeiros himnos e aprenderlles aos homes o culto dos deuses. Con todo, vía moreas de obxeccións que lle facer mais non lle fixen ningunha porque eran menos sólidas que embarazosas e porque a persuasión estaba a prol del. A medida que me falaba segundo a súa conciencia, a miña semellaba confirmarme o que el me dixerá.

“Os sentimentos que acabades de me expor –díxenlle eu– parécenme máis novos polo que confesades ignorar que polo que dicides crer. Vexo niso pouca diferenza co teísmo ou a relixión natural que os cristiáns aparentan confundir co ateísmo ou a irrelixión, que é a doutrina directamente oposta. Mais no estado actual da miña fe, para adoptar as vosas posicións eu teño máis que subir que baixar, e atopo difícil quedar exactamente no punto no que vós estades a menos de eu ser tan sabio coma vós. Para ser cando menos tan sincero, quero consultar comigo mesmo. É o sentimento interior o que debe conducirme ao voso exemplo, e vós aprendéstesme que despois de lle ter

imposto silencio durante moito tempo reavivalo non é cousa dun momento. Levo as vosas palabras no meu corazón, cómpre que as medite. Se despois de ter ben consultado comigo mesmo quedo tan convencido coma vós, habedes ser o meu último apóstolo, e eu hei ser o voso prosélito ata a morte. Continuade, con todo, a me instruír; ata o momento dixéstesme só a metade do que debo saber. Faládeme da revelación, das escrituras, deses dogmas escuros sobre os que eu vou errante dende a miña infancia sen poder concibilos nin crelos, e sen saber admitilos nin rexeitalos”.

“Si, meu rapaz –dixo el abrazándome– acabarei de vos dicir o que penso; non quero abriros o meu corazón a medias. Mais o desexo que vós me manifestades era necesario para autorizarme a non ter ningunha reserva convosco. Non vos teño dito nada ata aquí que non crese útil para vós e do que non estivese intimamente convencido. O exame que me queda por facer é ben diferente; só vexo nel dificultade, misterio e escuridade e só sinto por el incerteza e desconfianza. Non me decido senón tremelicando, e dígovos máis as miñas dúbidas que os meus pareceres. Se os vosos sentimentos fosen máis estables eu había de dubidar en vos expor os meus, pero no estado no que estades habedes de gañar pensando coma min¹³⁹. Polo resto, non lle concedades aos meus discursos senón a autoridade da razón; ignoro se estou no erro. É difícil cando un discute non adoptar ás veces o ton afirmativo, mais lembrade que aquí todas as miñas afirmacións non son senón razóns de dubidar. Procurade a verdade vós mesmo, canto a min só vos prometo ter boa fe.

No que vos expoño só vedes a relixión natural. Resulta ben estraño que sexa precisa outra! Por onde coñecerei eu esa necesidade? De que podo ser culpable servindo a Deus segundo as luces que lle dá á miña mente e os sentimentos que inspiran ao meu corazón? Que pureza de moral, que dogma útil para o home

¹³⁹ Velai o que o bondadoso vicario podería dicirlle arestora ao público, penso eu.

e honroso para o seu autor podo eu tirar dunha doutrina positiva que non os poida tirar sen ela do bo uso das miñas facultades? Amosádeme o que se pode engadir aos deberes da lei natural para o ben da sociedade e para a miña propia vantaxe e qué virtude fariades nacer dun novo culto, que non sexa consecuencia do meu. As máis grandes ideas da Divindade véñennos unicamente da razón. Mirade o espectáculo da natureza e escoitade a voz interior. Seica Deus non lle dixo todo aos nosos ollos, á nosa conciencia e ao noso xuízo? Que máis é o que os homes nos han dicir? As súas revelacións só degradan a Deus atribuíndolle as paixóns humanas. Lonxe de esclarecer as nocións do gran Ser, vexo que os dogmas particulares enléanas, que lonxe de as ennobrecer envilécenan, que aos misterios inconcibibles que o arrodean engádenlles contradicións absurdas; que volven ao home orgulloso, intolerante e cruel, que en lugar de establecer a paz na terra, levan a ela o ferro e o fogo. Pregúntome para que serve todo iso, sen saberme responder. Aí só vexo os crimes dos homes e as miserias do xénero humano.

Dinme que cumpría unha revelación para lles aprender aos homes a maneira como Deus quería ser servido; apórtase como proba a diversidade dos cultos estraños que estes instituíron e non se ve que esta mesma diversidade procede da fantasía das revelacións. Dende que os pobos se determinaron a facer falar a Deus, cada un fíxoo falar á súa maneira e fíxolle dicir o que quixo. De ter escoitado só o que Deus lle di ao corazón do home non tería habido nunca máis que unha relixión na terra.

Cumpría un culto uniforme, estou de acordo, mais: seica este punto era tan importante como para precisar todo o aparato da potencia divina para establecelo? Non confundamos o ceremonial da relixión coa relixión. O culto que Deus pide é o do corazón, e este, cando é sincero é sempre uniforme; é ter unha vaidade ben tola imaxinar que Deus se tome tanto interese pola forma do hábito do sacerdote, pola orde das palabras que pronuncia, polos xestos que fai no altar e por todas as súas xenuflexións. Ei, meu amigo, conserva a túa altura toda e sempre

estarás suficientemente perto do chan! Deus quere ser adorado en espírito e en verdade, este deber é de todas as relixións, de todos os países e de todos os homes. Tocante ao culto exterior, se é que debe ser uniforme para estar ben ordenado, é puramente un asunto de civilización, non se precisa revelación para isto.

Non comecei por todas estas reflexións. Arrastrado polos prexuízos da educación e por ese perigoso amor propio que sempre quere levar ao home por riba da súa esfera, ao non poder elevar as miñas febles concepcións ata o gran Ser esforzábame en abaixalo ata min. Achegaba as relacións infinitamente afastadas que el estableceu entre a súa natureza e a miña. Quería comunicacións máis inmediatas e instrucións máis particulares, e non contento con facer a Deus semellante ao home, para eu mesmo ser privilexiado entre os meus semellantes, quería luces sobrenaturais, quería un culto exclusivo, quería que Deus me dixera o que non lles tiña dito a outros, ou o que outros non darían entendido coma min.

Considerando o punto ao que eu chegara como o punto común do que partían todos os crentes para chegaren a un culto máis iluminado, non atopaba na relixión natural senón os elementos de toda relixión. Examinada esta diversidade de seitas que reinan na terra e se acusan mutuamente de mentira e de erro; preguntaba: “–Cal é a boa?”. Cadaquén respondíame: “–É a miña¹⁴⁰”. Cadaquén dicía: “–Só eu e os meus partidarios pen-

¹⁴⁰ “Todos –di un bondadoso e sabio clérigo– din que a teñen e a cren (e todos utilizan esta xerga) non dos homes nin de criatura ningunha senón de Deus.

Mais a dicir verdade, sen adobiar nin disfrazar cousa ningunha, non é nada diso; son, dígase o que se diga, sostidas por mans e medios humanos; o primeiro testemuño é a maneira en que as relixións foron recibidas no mundo e aínda o son todos os días polos individuos: a nación, o país, o lugar, é quen dá a relixión: un é da do lugar onde naceu e foi educado: somos circuncisos, bautizados, xudeus, mahometanos, cristiáns, antes de sabermos que somos homes, a relixión non é escolla e elección nosa; testemuño posterior son a vida e os costumes tan pouco concordantes coa relixión; testemuño de que en ocasións humanas e ben lixeiras un vai contra o sentido da súa relixión”. Charron, *Da sabedoría*, l. II, cap. 5, p. 257. Edición de Bordeos, 1601.

Existen grandes indicios de que a sincera profesión de fe do virtuoso teoloxal de Condom non tería sido moi diferente da do vicario saboiano.

samos correctamente, os outros todos están errados”. “–E como sabedes vós que a vosa seita é a boa?”. “–Porque Deus o dixo.” “–E quen vos dixo que Deus o dixo?”. “–O meu pastor díxome que crea iso e eu créoo; asegúrame que todos os que din cousa diferente a el menten, e non os escoito”.

“O que? – pensaba eu– Seica a verdade non é única? E o que é certo en min pode ser falso en vós? Se o método do que sigue o bo camiño e do que se desvía é o mesmo: que mérito ou que culpa ten un máis que o outro? A súa escolla é efecto do azar, imputarlle é inicuidade; é recompensar ou castigar por ter nacido nun ou noutro país. Ousar dicir que Deus o xulga así é aldraxar a súa xustiza”.

Ou todas as relixións son boas e gratas para Deus, ou, se é que existe unha que lles prescribe aos homes e que castiga por descoñecer, el deulle signos certos e manifestos para ser distinguida e coñecida como única verdadeira. Estes signos son de todo tempo e todo lugar, igualmente sensibles a todos os homes, grandes e pequenos, sabios e ignorantes, Europeos, Indios, Africanos e salvaxes. Se existise unha relixión na terra fóra da que non houbera senón sufrimento eterno e se nalgún lugar do mundo tan só un mortal de boa fe non resultase abraiado pola súa evidencia, o Deus desta relixión había ser o máis inicuo e cruel dos tiranos.

Procuramos, daquela, sinceramente a verdade? Non lle concedamos nada ao dereito do nacemento e á autoridade dos pais e dos pastores senón que pasemos polo exame da conciencia e da razón todo o que eles nos aprenderon dende a nosa infancia. En van me gritan eles: “Somete a túa razón”, igual pode dicir-me o que me está a enganar: cómprenme razóns para someter a miña razón.

Toda a teoloxía que eu podo adquirir por min mesmo a través da inspección do universo e o bo uso das miñas facultades límitase ao que vos teño explicado antes. Para saber máis sobre ela cómpre recorrer a medios extraordinarios. Estes medios non se poderían basear na autoridade dos homes porque, ao non

ser ningún home doutra especie diferente a min, todo o que un home coñece naturalmente podo coñecelo tamén eu, e outro home pódese enganar tanto coma min: cando eu creo o que el di non é porque o di senón porque o demostra. O testemuño dos homes non é, daquela, no fondo, máis que o da miña propia razón e non engade nada aos medios naturais que Deus me forneceu para coñecer a verdade.

Apóstolo da verdade: que tedes, daquela, que me dicir que eu non poida xulgar? “–O propio Deus falou, escoitade a súa revelación”. “–Iso é outra cousa. Deus falou! Velaí de certo unha frase importante. E a quen lle falou?”. “–Faloulle aos homes”. “–E logo porque eu non oín nada?”. “Encargou a outros homes que vos transmitisen a súa palabra”. “Xa entendo: son homes os que van dicirme o que Deus dixo. Gustaríame máis ter oído ao propio Deus; non lle tería custado moito máis e eu tería estado ao abeiro da sedución”. “–El protéxevos dela pondo de manifesto a misión dos seus enviados.” “–E como?”. “–A través de prodixios”. “–E onde están estes prodixios?”. “–En libros”. “–E quen fixo estes libros?”. Homes”. “–E quen viu estes prodixios?”. “–Hai homes que dan testemuña”. “–O que! Sempre testemuñas humanas? Sempre homes que me contan o que outros homes teñen contado! Cantos homes entre Deus e eu! Malia todo, vexamos, examinemos, comparemos, verifiquemos. Oh, se Deus se tivese dignado a me dispensar de todo este traballo: teríao eu servido co corazón menos disposto?”.

Considerade, meu amigo en que horrible discusión estou metido; que inmensa erudición preciso para remontar ás máis altas antigüidades, para examinar, sopesar e confrontar as profecías, as revelacións, os feitos e todos os monumentos de fe propostos en todos os países do mundo, para determinar as súas épocas, lugares, autores e ocasións! Que xusteza de crítica me é necesaria para distinguir os documentos auténticos dos supostos, para comparar as obxeccións coas respostas, as traducións cos orixinais, para xulgar a imparcialidade das testemuñas, o seu bo sentido, as súas luces, para saber se non se suprimiu nada, non

se engadiu nada, non se transtrocou, mudou ou falsificou nada, para descubrir as contradicións que permanecen, para xulgar qué peso debe ter o silencio dos adversarios nos feitos alegados contra eles, se estas alegacións foron coñecidas por eles, se fixeron caso abondo como para dignarse a responder, se os libros eran abondo comúns como para que os nosos chegasen a eles, se nós tivemos boa fe dabondo como para lles dar curso aos seus entre nós e para deixar neles as súas máis fortes obxeccións tal e como as formularon.

Recoñecidos como irrefutables todos estes monumentos, cómpre pasar logo ás probas da misión dos seus autores; cómpre saber ben as leis das sortes, as probabilidades eventuais para xulgar qué predición pode cumprirse sen milagre; o xenio das linguas orientais para distinguir o que nestas linguas é predición e o que só é figura oratoria; qué feitos están na orde da natureza e qué feitos non están nela, para dicir ata qué punto un home hábil pode fascinar os ollos dos simples, pode asombrar mesmo á xente ilustrada; procurar de que índole debe ser un prodixio, e qué autenticidade debe ter non só para que o crean senón para que se poida castigar o feito de dubidar del; comparar as probas dos verdadeiros e falsos prodixios e atopar as regras seguras para diferencialos; dicir finalmente por que Deus escolle para dar testemuño da súa palabra medios que precisan eles mesmos tanta testificación, como se el se burlase da credulidade dos homes e evitase de intento os verdadeiros medios de convencelos.

Supoñamos que a maxestade divina se digna baixarse abondo como para facer a un home o órgano das súas vontades sagradas: seica é razoable e xusto esixir que todo o xénero humano obedeza a voz deste ministro sen facer recoñecelo como tal? Existe equidade en non lle dar por todo credencial máis que algúns signos privados feitos diante de pouca xente escura, e das que o resto dos homes todos non ha saber nunca nada senón o que oíu dicir? Se en todos os países do mundo se tivesen por verdadeiros todos os prodixios que o pobo e os simples manteñen

ter visto, cada seita sería a boa, existirían máis prodixios que acontecementos naturais, e o maior de todos os milagres sería que alí onde existen fanáticos perseguidos non existisen milagres. É a orde inalterable da natureza a que mellor amosa o ser supremo; se tivesen lugar moitas excepcións, eu non sabería xa que pensar diso, e, canto a min, creo demasiado en Deus como para crer en tantos milagres tan pouco dignos del.

Que un home veña falarnos deste xeito: “Mortais, anúnciovos a vontade do Altísimo, recoñecede na miña voz a aquel que me envía. Ordénolle ao sol que cambie o seu curso, ás estrelas que adopten outra disposición, ás montañas que se achancen, ás vagas que se eleven, á terra que tome outro aspecto”. Con estes portentos: quen non ha recoñecer no instante ao señor da natureza? Esta non lle obedece aos impostores, os seus milagres teñen lugar en encrucilladas, desertos e cuartos, é alí onde non lles sae barato atopar un pequeno número de espectadores predispostos a crer todo. Quen é o que ousará dicirme cantas testemuñas oculares son precisas para facer digno de fe un prodixio? Se os vosos milagres, feitos para probar a vosa doutrina, precisan eles mesmos ser probados: de que serven? Tanto tiña non facelos.

Queda en fin o exame máis importante na doutrina anunciada. Porque, dado que os que din que Deus fai aquí embaixo milagres pretenden que o Diaño ás veces os imita, cos prodixios mellor testificados non nos vemos máis adiantados que antes; e dado que os magos do Faraón ousaban na propia presenza de Moisés facer os mesmos signos que el facía por orde expresa de Deus: por que, na ausencia daquel, non terían eles pretendido cos mesmos títulos a mesma autoridade? Así, logo, despois de ter probado a doutrina a través do milagre cómpre probar o milagre a través da doutrina¹⁴¹, por medo a tomar a obra do Demo como obra de Deus. Que pensades vós deste dialelo?

¹⁴¹ Figura formalmente en mil lugares das Escrituras, e entre outros no *Deuteronomio*, capítulo XIII, onde se di que se un profeta que anuncia deuses estranxeiros confirma as súas palabras a través de prodixios e o que predí acontece, lonxe de lle ter consideración ningunha, débese dar morte a este profeta. Daquela, cando os pagáns daban morte aos apóstolos

Esa doutrina procedente de Deus debe levar o sagrado carácter da divindade; non só debe aclararnos as ideas confusas que o razoamento traza na nosa mente senón que tamén debe propornos un culto, unha moral e preceptos axeitados aos únicos atributos polos que concibimos a súa esencia. Se ela non nos aprendese, logo, senón cousas absurdas e sen razón, se non nos inspirase senón sentimentos de aversión cara aos nosos semellantes e de pavor cara a nós mesmos, se non nos pintase senón un Deus colérico, ciumento, vingador, parcial e odiador dos homes, un Deus da guerra e dos combates sempre disposto a destruír e fulminar, sempre falando de tormentos e penas e gabándose de castigar mesmo aos inocentes, o meu corazón non se vería atraído cara a ese Deus terrible, e eu evitaría abandonar a relixión natural para abrazar esta, porque ben vedes que cumpría necesariamente optar. “O voso Deus non é o noso”, hábilles eu dicir aos seus adeptos. O que comeza por escollerse un único pobo e proscribir ao resto do xénero humano non é o pai común dos homes, o que destina ao suplicio eterno o maior número das súas criaturas non é o Deus clemente e bondadoso que a miña razón me amosou.

A respecto dos dogmas, ela dime que estes deben ser claros, luminosos e abraiantes de evidencia. Se a relixión natural é insuficiente, é pola escuridade que esta deixa nas grandes verdades que nos ensina: é a revelación a que nos ten que ensinar estas verdades dunha maneira sensible para a mente humana,

que lles anunciaban un deus estranxeiro e probaban a súa misión a través de predicións e milagres, non vexo que houbera que lles obxectar nada sólido que eles non puidesen no instante volver contra nosa. Que facer, logo, nun caso semellante? Só unha cousa: regresar ao razoamento e deixar quedar os milagres. Mellor tería sido non recorrer a eles. Ese é o bo sentido máis sinxelo, que non se dá escurecido senón a poder de distincións cando menos moi sutís. Sutilezas no Cristianismo! Daquela: Xesucristo enganouse prometéndolles o reino dos ceos aos simples? Daquela: enganouse ao comezar o máis fermoso dos seus discursos felicitando aos pobres de entendemento, se é preciso tanto entendemento para comprender a súa doutrina e aprender a crer nel? Cando me teñades probado que debo someterme, todo irá perfectamente, mais para me probardes iso poñédevos ao meu alcance, poñede os vosos razoamentos en proporción á capacidade dun pobre de entendemento, ou, senón, xa non recoñezo en vós ao verdadeiro discípulo do voso mestre, e non é a súa doutrina a que vós me anunciades.

poñelas ao seu alcance, facerllas concibir a fin de que as crea. A fe asegúrase e afírmase a través do entendemento, a mellor de todas as relixións é infaliblemente a máis clara: quen carga de misterios e de contradicións o culto que me predica apréndeme con iso mesmo a desconfiar del. O Deus que eu adoro non é en absoluto un Deus das tebras, non me dotou dun entendemento para me prohibir o seu uso; dicirme que someta a miña razón é aldraxar ao seu autor. O ministro da verdade non tiraniza en absoluto a miña razón; ilumínaa.

Temos deixado a parte toda autoridade humana, e sen ela non daría eu visto como un home pode convencer a outro predicándolle unha doutrina non razoable. Poñamos un momentíño a discutir a estes dous homes e busquemos o que poden dicirse con esa aspereza de linguaxe ordinaria entre as dúas partes.

O INSPIRADO: A razón ensínavos que o todo é máis grande que unha parte, mais eu ensínovos de parte de Deus que a parte é máis grande que o todo.

O RAZOADOR: E quen sodes vós para ousardes dicirme que Deus se contradí? E a quen eu hei crer preferentemente: a el que me ensina a través da razón as verdades eternas ou a vós que me anunciades de parte súa un absurdo?

O INSPIRADO: A min, porque o meu ensino é máis positivo e vovos probar irrefutabilmente que é el quen me envía.

O RAZOADOR: Como! Ídesme probar que é Deus quen vos envía testemuñar contra súa? E de que tipo han ser as vosa probas para me convencer que é máis seguro que Deus me fale a través da vosa boca que a través do entendemento co que me dotou?

O INSPIRADO: O entendemento co que vos dotou! Home cativo e finchado! Como se forades o primeiro impío que se desvía na súa razón corrompida polo pecado!

O RAZOADOR: Home de Deus, tampouco vós non habiades ser o primeiro falsario que dá a súa arrogancia como proba da súa misión.

O INSPIRADO: O que! Tamén din insultos os filósofos?

O RAZOADOR: Ás veces, cando os santos lles dan exemplo.

O INSPIRADO: Oh, eu teño dereito a dicilos, falo de parte de Deus!

O RAZOADOR: Sería ben que amosásedes os vossos títulos antes de utilizardes os vossos privilexios.

O INSPIRADO: Os meus títulos son auténticos. A terra e os ceos han testemuñar ao meu favor. Prégovos que sigades ben os meus razoamentos.

O RAZOADOR: Os vossos razoamentos! Non pensades o que dicides. Seica ensinarme que a miña razón me engana non ven sendo rexeitar o que ela me ten dito por vós? Calquera que queira refutar a razón debe convencer sen utilizala. Porque, supoñamos que ao razoar vós me convencestes: como saberei eu se non é a miña razón corrompida polo pecado quen me fai aprobar o que vós me dicides? Por outra banda: cal proba e cal demostración máis evidente que o axioma que debe destruír poderedes empregar vós endexamais? Pódese crer tan ben que un siloxismo é unha mentira como que a parte é máis grande que o todo.

O INSPIRADO: Que diferenza! As miñas probas non teñen réplica, son de orde sobrenatural.

O RAZOADOR: Sobrenatural! Que significa esa palabra? Non a entendo.

O INSPIRADO: Cambios na orde da natureza, profecías, milagres, prodixios de toda caste.

O RAZOADOR: Prodixios! Milagres! Endexamais vin nada diso.

O INSPIRADO: Vírono outros por vós. Moreas de testemuñas... O testemuño dos pobos...

O RAZOADOR: E o testemuño dos pobos é de orde sobrenatural?

O INSPIRADO: Non, pero cando é unánime é irrefutable.

O RAZOADOR: Non existe nada máis irrefutable que os principios da razón, e non se pode autorizar un absurdo baseándose no testemuño dos homes. Outra vez máis: vexamos probas sobrenaturais, porque a testificación do xénero humano non a é.

O INSPIRADO: Corazón endurecido, a graza non vos fala!

O RAZOADOR: Non é culpa miña, porque segundo vós cómpre ter xa recibido a graza para sabela pedir. Comezade, daquela, a falarme no seu lugar.

O INSPIRADO: É o que estou a facer e vós non me escoitades! E mais: que dicides das profecías?

O RAZOADOR: Digo en primeiro lugar que non teño oído máis profecías do que milagres teño visto. E digo ademais que ningunha profecía había ter autoridade para min.

O INSPIRADO: Servidor do Demo! E por que as profecías non teñen autoridade para vós?

O RAZOADOR: Porque para que a tivesen cumprían tres cousas imposibles de reunir, a saber: que eu presenciase a profecía, que eu presenciase o acontecemento e que me demostrasen que este acontecemento non puido cadrar fortuitamente coa profecía. Porque –así ela fose máis precisa, máis clara e máis luminosa que un axioma de xeometría– dado que a claridade dunha predición feita ao azar non fai imposible o seu cumprimento, se este cumprimento acontece non proba nada en rigor a prol do que o predixo.

Mirade, daquela, a que se reducen as vosas pretendidas probas sobrenaturais, os vosos milagres e as vosas profecías. A crer todo iso fiándose na palabra doutro e a someter á autoridade dos homes a autoridade de Deus cando lle fala á miña razón. Se as verdades eternas que a miña mente concibe puidesen sufrir algún dano non habería xa para min ningunha caste de certeza, e lonxe de estar seguro de que vós me falades de parte de Deus, nin mesmo estaría eu seguro de que el existira.

Velaí ben dificultades, meu rapaz, e iso non é todo. Entre tantas relixións diversas que se proscriben e se exclúen mutuamente, só unha é a boa, se é que hai algunha que o é. Para recoñecela non abonda con examinar unha, cómpre examinalas todas e, sexa na materia que sexa, non se debe en absoluto

condenar sen escoitar¹⁴²; é preciso comparar os obxectos coas probas, saber o que cadaquén opón aos outros e o que lles responde. Canto máis nos parece demostrado un sentimento, máis debemos procurar en que se fundamentan tantos homes para non o atoparen así. Sería preciso ser moi simple para crer que abonda con escoitar aos doutores do seu bando para se instruír nas razóns do bando contrario. Onde están os teólogos que presumen de boa fe? Onde están aqueles que para refutaren as razóns dos seus adversarios non comezan por as enfebleceren? Cadaquén brilla no seu bando mais hai quen no medio dos seus ten moita bamborriña coas súas probas e faría moito o parvo con estas mesmas probas entre a xente doutro bando. Querédesvos instruír nos libros? Canta erudición cómpre adquirir! Cantas linguas cómpre aprender! Cantas bibliotecas cómpre follear! Que inmensa lectura cómpre facer! Quen me ha guiar na escolla? Dificilmente se ha atopar nun país os mellores libros do bando contrario, e con maior razón os de todos os bandos; e se se atopasen habían ser axiña refutados. O ausente sempre está no erro, e unhas ruíns razóns ditas con seguridade borran doadamente as boas expostas con desprezo. Por outra parte a miúdo non hai cousa máis enganosa que os libros e non transmite con menor fidelidade os sentimentos dos que o escribiron. Se quixestes vulgar sobre a fe católica a partir do libro de Bossuet atopástesvos lonxe de onde pensabades despois de terdes vivido entre nós. Vistes que a doutrina coa que se responde aos protestantes non é a que se ensina ao pobo e que o libro de Bossuet non semella case ás instrucións do púlpito. Para ben vulgar a relixión non cómpre estudiala nos libros dos seus adeptos, cómpre aprendela entre eles, o que é moi diferente. Cada un ten

¹⁴² Plutarco conta que os estoicos, entre outros estraños paradoxos, sostiñan que nun xuízo contradictorio era inútil escoitar as dúas partes porque –dicían eles– ou o primeiro probou o que dicía ou non o probou. Se o probou, xa está dito todo e a parte contraria debe ser condenada; se non o probou, el está no erro e debe ser desestimado. Encontro que o método de todos aqueles que admiten unha revelación exclusiva asemella moito ao destes estoicos. Tan axiña como cada quen pretende ser o único que ten razón, para escoller entre tantas partes compre escoitalas a todas, outramente un é inxusto.

as súas tradicións, os seu sentido, os seus costumes e os seus prexuízos que determinan o espírito da súa crenza e que cómpre engadir a ela para xulgala.

Cantos grandes pobos hai que non imprimen libros e non len os nosos! Como van xulgar as nosas opinións? Como imos nós xulgar as súas? Facemos burla deles e eles desprézannos, e se os nosos viaxeiros os ridiculizan, eles, para volvérnolo, non teñen máis que viaxar entre nós. En que país non existe xente sensata, xente de boa fe, xente honesta amiga da verdade que para profesala só busca coñecela? Con todo, cadaquén vea no seu culto e atopa absurdos os cultos das outras nacións. Daquela, ou estes cultos estranxeiros non son tan extravagantes como nos parecen, ou a razón que nós atopamos nos nosos non proba nada.

Temos tres relixións principais en Europa. Unha admite unha única revelación, outra admite dúas, e a outra admite tres. Cada unha detesta e maldí as outras dúas, acúsaas de cegueira, de dureza, de teimosía e de mentira. Que home imparcial ousará xulgar entre eles se primeiro non sopesou ben as súas probas e escoitou ben as súas razóns? A que só admite unha revelación é a máis antiga e semella a máis segura, a que admite tres é a máis moderna e semella máis consecuenta, a que admite dúas e rexeita a terceira pode ben ser a mellor, mais ten de certo todos os prexuízos contra dela; a inconsecuencia salta á vista.

Nas tres revelacións os libros sagrados están escritos en linguas descoñecidas para os pobos que as seguen. Os xudeus non entenden xa o hebreo, os cristiáns non entenden nin o hebreo nin o grego, os Turcos e os Persas non entenden o árabe, e os propios Árabes modernos xa non falan a lingua de Mahoma. Seica non é unha maneira ben sinxela de instruír aos homes falarlles sempre nunha lingua que non entenden? “Tradúcense estes libros” –han dicir. Bonita resposta! Quen me asegura que estes libros son fielmente traducidos, que é mesmo posible que o sexan? E, se Deus lles fala tanto aos homes: por que cómpre que precise un intérprete?

Endexamais hei dar concibido que aquilo que todo home ten a obriga de saber se atope encerrado dentro dos libros, e que aquel que non ten ao seu alcance nin libros nin xente que os entendan se vexa castigado cunha ignorancia involuntaria. Sempre libros! Que manía! Como Europa está chea de libros, os Europeos míranos como indispensables, sen considerar que nas tres cuartas partes da terra nunca se teñen visto. Seica os libros todos non foron escritos por homes? Daquela: como é que o home os precisaría para coñecer os seus deberes? E que medios tiña para coñecelos antes de que estes libros foran feitos? Ou ha aprender estes deberes por el mesmo ou está dispensado de os coñecer.

Os nosos católicos fan moito barullo coa autoridade da Igrexa, mais: que gañan eles niso se para estableceren esta autoridade lles cómpre un aparato de probas tan grande como ás outras seitas para estableceren directamente a súa doutrina? A Igrexa decide o que a Igrexa ten dereito a decidir. Seica non é unha autoridade ben probada? Saíde dela e volvedes entrar en todas as nosas discusións.

Coñecedes moitos cristiáns que teñan pasado o traballo de examinar coidadosamente o que o xudaísmo alega contra deles? Se algúns viron algo diso é nos libros dos cristiáns. Boa maneira de se instruíren sobre as razóns dos seus adversarios! Mais: como facer? Se alguén ousase publicar entre nós algúns libros nos que se favorecese abertamente ao xudaísmo habíamos castigar ao autor, ao editor e mais ao libreiro¹⁴³. Esta vixía é cómoda e segura para ter sempre razón. Dá gusto refutar á xente que non se atreve a falar.

¹⁴³ Entre mil feitos coñecidos velaquí un que non precisa comentario. No século XVI, condenados polos teólogos católicos ao lume sen distinción todos os libros dos xudeus, o ilustre e sabio Reuchlin, consultado neste asunto, atraeu enriba súa terribles ataques que houberon causar a súa perda, só por ser da opinión de que se podían conservar aqueles destes libros que non mantiñan nada contrario ao cristianismo e que trataban materias indiferentes á relixión.

Aqueles de nós que teñen a posibilidade de conversar con xudeus non deron adiantado moito máis. Os malfadados séntense á nosa mercé; a tiranía que se exerce contra eles vólveos medoñentos; saben o pouco que a inxustiza e a crueldade lle custan á caridade cristiá: que van eles ousar dicir sen se exporen a que os acusemos de blasfemia? A cobiza vólvenos ciumentos e eles son ricos de máis como para non estaren no erro. Os máis sabios e os máis ilustrados sempre son os máis circunspectos. Habedes converter a algún miserable pagado para calumniar á súa seita, habedes facer falar á algún ruín bufariñeiro que ha ceder para vos agradar, habedes triunfar sobre a súa ignorancia ou a súa covardía en canto que os seus doutores han sorrir en silencio pola vosa ineptitude. Mais: credes que nos lugares nos que se sentisen seguros habiades triunfar tan doadamente sobre eles? Na Sorbona resulta claro como o día que as predicións do Mesías se refiren a Xesucristo. Entre os rabinos de Amsterdam resulta igual de claro que aquelas non teñen a menor relación con el. Nunca hei crer ter oído ben as razóns dos Xudeus ata que teñan un Estado libre, escolas e universidades nas que poidan falar e discutir sen perigo. Só daquela poderemos saber o que teñen que dicir.

En Constantinopla os Turcos expoñen as súas razóns, mais nós non ousamos expor as nosas; alí tócanos a nós apandar. Se os Turcos esixen de nós para Mahoma –no cal nós non cremos– o mesmo respecto que nós esiximos para Xesucristo por parte dos Xudeus, que tampouco cren nel: seica os Turcos se enganan e nós temos razón? Sobre que principio equitativo resolveremos esta cuestión?

As dúas terceiras partes do xénero humano non son nin Xudeus nin mahometanos nin cristiáns. E cantos millóns de homes non teñen endexamais sentido falar de Moisés, de Cristo ou de Mahoma? Négase isto e afírmase que os nosos misioneiros van por todas partes. Dise moi axiña, mais: van eles ao corazón da África, aínda descoñecida e onde xamais ningún Europeo

penetrou ata agora? Van á Tartaria mediterránea seguir a cabalo as hordas ambulantes, ás que nunca un estranxeiro se achegou e que lonxe de ter sentido falar do Papa apenas coñecen o Gran Lama? Van aos continentes inmensos de América, onde hai nacións enteiras que aínda non saben que uns pobos doutro mundo puxeron os pés enriba do seu? Van ao Xapón. do que as súas manobras fixeron que os expulsasen para sempre, e onde os seus predecesores son coñecidos polas xeracións que nacen unicamente como intrigantes raposeiros que viñeron cun celo hipócrita apoderarse devagariño do imperio? Van aos haréns dos príncipes da Asia anunciar o evanxeo a milleiros de pobres escravos? Que fixeron as mulleres desta parte do mundo para que ningún misioneiro poida predicarlles a fe? Seica irán todas elas ao inferno por teren estado recluídas?

Aínda que fose certo que o Evanxeo é anunciado pola Terra toda: que ganariamos con iso? A véspera do día en que o primeiro misioneiro chegou a un país seguramente morreu alí alguén que non puido oírlo. Ora ben, dicídeme: que faremos con el? Aínda que non houbese en todo o universo máis que un home ao que nunca lle tivesen predicado o cristianismo, a obxección sería tan forte como pola cuarta parte do xénero humano.

Cando os ministros do Evanxeo se teñen feito escoitar polos pobos afastados: que foi que lles dixeron que se puidese admitir razoablemente baixo a súa palabra e que non pedise a máis exacta comprobación? “Vós anunciádesme un Deus que naceu e morreu hai dous mil anos no outro extremo do mundo en non sei que viliña, e dicídesme que todos os que non teñan crido ese misterio han ser condenados. Velaí unhas cousas ben estrañas para crelas tan axiña só pola autoridade dun home que non coñezo! Por que o voso Deus fixo ocorrer tan lonxe de min os acontecementos dos que quería obrigarme a estar instruído? Seica é un crime ignorar o que pasa nas antípodas? Podo adiviñar que houbo noutro hemisferio un pobo hebreo e unha cidade de Xerusalén? Sería tanto como obrigarme a saber o que acon-

tece na Lúa! Dicides que vindes para ensinarmo, mais: por que non viñestes ensinarllo ao ao meu pai? Ou por que condenades ao bo deste vello polo feito de non ter sabido nunca nada do asunto? Seica debe ser castigado eternamente pola vosa preguiza, el que era tan bo e tan benefactor e que só procuraba a verdade? Actua de boa fe, e despois poñédevos no meu lugar: mirade se eu debo só polo voso testemuño crer todas as cousas increíbles que me dicides e conciliar tantas inxustizas co Deus xusto que me anunciades. Deixádeme, por favor, ir ver ese país afastado onde se operan tantos portentos inauditos neste; que eu vaia saber por que os habitantes desa Xerusalén trataron a Deus coma a un bandido. Non o recoñeceron como Deus, polo que dicides. Que había facer, daquela, eu que nunca sentín falar del senón a través vosa? Vós engadides que foron castigados, espallados, asoballados e escravizados, e que ningún deles se achega xa á mesma vila. Seguramente mereceron todo iso, mais os habitantes de hoxe: que é o que din do deicida dos seus predecesores? Négano e tampouco non recoñecen a Deus como Deus. Daquela, tanto tiña deixar estar aos fillos dos demais.

O que! Nesta mesma vila na que Deus morreu nin os antigos nin os novos habitantes o recoñeceron e vós queredes que o recoñeza eu, que nacín dous mil anos despois a dúas mil leguas de alí! Non vedes que antes de lle conceder fe a ese libro, que vós chamades sagrado e que eu non entendo en absoluto, debo saber por outras persoas distintas a vós cando e por quen foi feito, como se conservou, como chegou a vós e o que din no país como argumentos aqueles que o rexeitan aínda que saiban tan ben coma vós todo canto vós me aprendedes? Ben vos decatades de que cómpre necesariamente que eu vaia a Europa, a Asia e a Palestina examinar todo por min mesmo; cumpría que eu estivese tolo para vos escoitar antes dese momento.

Non só estas palabras me parecen razoables senón que manteño que todo home sensato debe nun caso semellante falar así e enviar ben lonxe ao misioneiro que antes da verificación

das probas quere apresurarse a instruílo e bautizalo. Mais eu manteño que non existe revelación contra a que as mesmas obxeccións non teñan tanta e máis forza que contra o cristianismo. De onde se deduce que se existe unha relixión verdadeira e todo home está obrigado a seguila baixo pena de condenación, cómpre pasar a vida estudiándoas todas, profundando nelas, comparándoos, percorrendo os países nos que se estableceron: ninguén está exento do primeiro deber do home, ninguén ten dereito a se fiar do xuízo doutra persoa. O artesán que vive só do seu traballo, o labrador que non sabe ler, a rapariga delicada e tímida, o tolleito que apenas dá saída da súa cama todos sen excepción deben estudar, meditar, discutir, viaxar e percorrer o mundo: xa non existirá un pobo fixo e estable; a Terra enteira estará cuberta só de peregrinos que van con moitos gastos e longas fatigas verificar, comparar e examinar en por eles os cultos diversos que se seguen. Daquela, adeus aos oficios, ás artes, ás ciencias humanas e todas as ocupacións civís; non pode xa haber outro estudio que o da relixión: a duras penas aquel que teña gozado da saúde máis robusta, que teña empregado mellor o seu tempo, utilizado mellor a súa razón e vivido a maior cantidade de anos ha saber na súa vellez a que aterse, e xa será moito se antes da súa morte aprende en que culto debería ter vivido.

Queredes mitigar este método e concederlle a menor influencia á autoridade dos homes? Devolvédelles todo no momento: e, se o fillo dun cristián fai ben en seguir sen un exame profundo e imparcial a relixión de seu pai, por que o fillo dun Turco había facer mal en seguir de igual xeito a relixión do seu? Desafío a todos os intolerantes do mundo a que respondan a iso algo que satisfaga a un home sensato.

Apertados por estas razóns, uns prefiren facer a Deus inxusto e castigar aos inocentes co pecado de seu pai antes de renunciaren ao seu bárbaro dogma. Os outros saen do apuro enviando amablemente a un anxo a instruír a calquera que nunha ignorancia invencible tivese vivido moralmente ben. Fermoso in-

vento, ese anxo! Non contentos con nos aferrollaren a través das súas artes, poñen ao propio Deus na necesidade de utilizalas.

Mirade, meu fillo, a que absurdo levan o orgullo e máis a intolerancia cando cadaquén quere abondar no seu sentido e cre ter razón exclusiva sobre o resto do xénero humano. Tomo por testemuña a ese Deus de paz, que adoro e vos anuncio, de que todas as miñas procuras foron sinceras; mais ao ver que nunca tiñan nin terían éxito e que me afundía nun océano sen ribeiras, retrocedín e apreixei a miña fe entre as miñas nocións primitivas. Nunca puiden crer que Deus me ordenase baixo pena do inferno ser tan sabio. Daquela pechei de novo os libros todos. Existe só un que está aberto a todos os ollos: é o da natureza. É neste grande e sublime libro onde aprendo a servir e adorar ao seu divino autor: ninguén ten escusa para non o ler porque lles fala a todos os homes nunha lingua intelixible para todas as mentes. Aínda que eu tivese nacido nunha illa deserta, aínda que non tivese visto a ningún home máis ca min, aínda que non tivese nunca sabido o que se fixo antigamente nun recuncho do mundo, se exercito a miña razón, se a cultivo, se utilizo ben as facultades inmediatas que Deus me dá, aprendería por min mesmo a coñecelo, a amalo, a amar as súas obras, a querer o ben que el quere e a cumprir para lle agradecer todos os meus deberes na Terra. Que é o que todo o saber dos homes me aprenderá a maiores?

A respecto da revelación, se eu fose mellor razoador ou estivese mellor instruído, se cadra había sentir a súa verdade e a súa utilidade para aqueles que teñen a felicidade de recoñecela, mais se vexo no seu favor probas que non podo combater tamén vexo contra dela obxeccións que non dou resolto. Existen tantas razóns sólidas a prol e en contra que ao non saber o que decidir non a admito nin a rexeito; rexeito só a obriga de recoñecela, porque esta pretendida obriga é incompatible coa xustiza de Deus, e porque lonxe de eliminar así os obstáculos para a salvación el teríao multiplicado, teríao feito insuperables para

a maioría do xénero humano. Fóra diso, permanezo neste punto nunha dúbida respectuosa. Non teño a presunción de me crer infalible: outros homes puideron decidir o que a min me semella indeciso, razoo para min e non para eles, nin os critico nin os imito, o seu xuízo pode ser mellor que o meu, mais non teño culpa se non é o meu.

Confésovos tamén que a maxestade das Escrituras asómbrame, a santidadade do Evanxeo fálalle ao meu corazón. Mirade os libros dos filósofos con toda a súa pompa, que pequenos son á beira deste! Seica é posible que un libro a un tempo tan sublime e tan sinxelo sexa obra dos homes? Seica é posible que o que fai a historia non sexa el propio máis que un home? É ese o ton dun entusiasta ou dun ambicioso adepto? Que dozura e que pureza nos seus costumes! Que conmovedora graza nas súas instrucións! Que elevación nas súas máximas! Que profunda sabedoría nos seus discursos! Que presenza de espírito, que finura e que xusteza nas súas respostas! Que dominio sobre as súas paixóns! Ulo o home, ulo o sabio que sabe actuar, sufrir e morrer sen febleza e sen ostentación? Cando Platón pinta o seu xusto imaxinario¹⁴⁴, cuberto por todo o oprobio do crime e digno de todos os premios da virtude, está a pintar trazo por trazo a Xesucristo; a semellanza é tan sorprendente que todos os Pais a sentiron e non é posible enganarse sobre ela. Que prexuízos e que cegueira non cómpre ter para ousar comparar o fillo de Sofronisco co fillo de María! Que distancia dun ao outro! Sócrates, morrendo sen dor e sen ignominia, mantivo doadamente ata o final o seu personaxe, e se esta fácil morte non tivese honrado a súa vida dubidaríase se Sócrates con todo o seu enxeño foi outra cousa que un sofista. El inventou, segundo se di, a moral. Outros antes ca el tññana posto en práctica e el non fixo senón dicir o que eles fixeran, non fixo senón poñer en leccións os seus exemplos. Aristides fora xusto antes de que Sócrates tivese dito o que era

¹⁴⁴ *De Republica*. Diálogos, 2.

a xustiza, Leónidas morrera polo seu país antes de que Sócrates tivese feito un deber de amar a patria, Esparta era sobria antes de que Sócrates tivese louvado a sobriedade. Antes de que el tivese definido a virtude Grecia abundaba en homes virtuosos. Mais: onde é que Xesús tomara entre os seus esta moral elevada e pura do que só el deu as leccións e o exemplo¹⁴⁵? No seo do máis furioso fanatismo fíxose oír a máis alta sabedoría, e a sinxeleza das máis heroicas virtudes honrou ao máis vil de todos os pobos. A morte de Sócrates, filosofando tranquilamente cos seus amigos, é a máis doce que se poda desexar; a de Xesús, expirando entre tormentos, aldraxado, ridiculizado e maldito por todo un pobo, é a máis horrible que se poida temer; Sócrates, collendo a copa de veneno bendice a aquel que lla presenta e que chora; Xesús, no medio do suplicio terrible, prega polos seus encarnizados verdugos. Si: se é que a vida e a morte de Sócrates son a dun sabio, a vida e a morte de Xesús son a dun Deus. Seica diremos que a historia do Evanxeo está inventada a pracer? Meu amigo, non é así como se inventa, e os feitos de Sócrates, dos que ninguén dubida, están menos testificados que os de Xesucristo. No fondo, ven sendo arredar a dificultade sen a destruír; sería máis concibible que moitos homes postos de acordo tivesen fabricado este libro do que o é que un só teña fornecido o seu asunto. Endexamais uns autores xudeus terían atopado nin ese ton nin esa moral, e o Evanxeo ten caracteres de verdade tan grandes, tan sorprendentes e tan perfectamente inimitables que o seu inventor sería máis asombroso que o seu heroe. Con todo iso, este mesmo Evanxeo está inzado de cousas increíbles, de cousas que repugnan a razón e resultan imposibles de concibir nin de admitir a todo home sensato! Que facer no medio de todas estas contradicións? Ser sempre modesto e circunspecto, meu rapaz; respectar en silencio o que un non sa-

¹⁴⁵ Mirade no Sermón da montaña o paralelo que el mesmo fai entre a moral de Moisés coa súa. Mateu, c.5, V, 21 e seguintes.

bería nin rexeitar nin comprender, e humillarse diante do gran Ser, o único que sabe a verdade.

Velaí o escepticismo involuntario no que quedei; mais este escepticismo non me resulta en absoluto penoso, porque non se estende aos puntos esenciais da práctica e estou ben decidido tocante aos principios dos meus deberes todos. Sirvo a Deus na sinxeleza do meu corazón. Só procuro saber o que importa para a miña conduta; canto aos dogmas que non inflúen nin sobre as accións nin sobre a moral e que atormentan a tanta xente, non me causan moita pena. Miro todas as relixións particulares como outras tantas institucións salutíferas que prescriben en cada país unha maneira uniforme de honrar a Deus a través dun culto público, e que poden ter todas elas as súas razóns no clima, no goberno, o xenio do pobo ou noutra causa local que fai preferible unha a outra segundo as épocas e os lugares. Creo que todas elas son boas cando serven a Deus axeitadamente: o culto esencial é o do corazón. Deus non rexeita a súa homenaxe, cando é sincera, baixo calquera forma que lla ofrezan. Chamado a aquela que profeso no servizo da Igrexa, cumpro nela con toda exactitude posible os coidados que me prescribiron e a miña conciencia reprocharíame que faltase a eles voluntariamente nalgún punto. Despois dun longo interdito, sabedes que obtiven pola mediación do señor de Mellaredo o permiso de retomar as miñas funcións para axudarme a vivir. Noutro tempo dicía eu misa coa lixeireza que un pon á longa nas cousas máis graves cando as fai con demasiada frecuencia. Tras dos meus novos principios celébroa con máis veneración: imprégnome da maxestade do Ser supremo, da súa presenza, da insuficiencia do espírito humano que concibe tan pouco o que se refire ao seu autor. Matinando en que lle dirixo os votos do pobo baixo unha forma prescrita, sigo coidadosamente todos os ritos; recito atentamente; aplícome en non omitir nunca a menor palabra nin a menor cerimonia; cando se achega o momento da consagración, recóllome para facela con todas as disposicións que esixen a

Igrexa e mais a grandeza do sacramento; trato de anular a miña razón diante da suprema intelixencia; dígame: quen es ti para medires a potencia infinita? Pronuncio con respecto as palabras sacramentais e doulles a este propósito toda a fe que depende de min. Aconteza o que aconteza con este misterio inconcibible, non temo que no día do xuízo sexa eu castigado por telo profanado algunha vez no meu corazón.

Honado co sagrado ministerio, aínda que no derradeiro rango, non hei facer nin dicir endexamais nada que me volva indigno de cumprir os meus sublimes deberes. Heilles predicar sempre a virtude aos homes, heinos exhortar sempre a facer o ben, e en tanto que poida heilles dar exemplo. Non dependerá de min o lles facer a relixión amable; non dependerá de min consolidar a súa fe nos dogmas verdadeiramente útiles e que todo home está obrigado a crer, mais queira Deus que endexamais eu lles predique o dogma cruel da intolerancia, que endexamais os induza a detestar o seu próximo, a lles dicir a outros homes: “Habedes ser condenados”¹⁴⁶. Se eu tivese un rango máis notable esta reserva podería atraerme complicacións, mais son demasiado pequeno para ter moito que temer e non podo caír moito máis baixo do que estou. Ocorra o que ocorra, non hei blasfemar en absoluto contra a xustiza divina nin mentir en absoluto contra o Espírito Santo.

Durante moito tempo ambicionei o honor de ser cura; aínda o ambiciono mais xa non o espero. Meu bo amigo, non atopo cousa tan fermosa como ser cura. Un bo cura é un ministro da bondade igual que un bo maxistrado é un ministro da xustiza. Un cura non ten nunca que facer o mal; se non pode sempre

¹⁴⁶ O deber de seguir e amar a relixión do seu país non se estende ata os dogmas contrarios á boa moral tales como o da intolerancia. É este dogma horrible o que arma aos homes uns contra outros e os volve a todos inimigos do xénero humano. A distinción entre a tolerancia civil e a tolerancia teolóxica é pueril e va. Estas dúas tolerancias son inseparables e non se pode admitir unha sen a outra. Mesmo non vivirían en paz cos homes uns anxos que os miraran como os inimigos de Deus.

facer o ben por el mesmo, sempre está no seu lugar cando o solicitan, e a miúdo lógrao cando sabe facerse respectar. Ai, se algún día nas nosas montañas tivese eu algún pobre curato de boas xentes para servir había ser feliz, pois paréceme que había facer felices aos meus fregueses. Non os faría ricos, mais había compartir a súa pobreza, tiraríala delo o estigma e o desprezo, máis insupportable que a indixencia. Faríalles amar a concordia e a igualdade, que a miúdo expulsan a miseria e fana sempre soportable. Cando visen que eu non estaba en nada mellor ca eles e mais vivía contento, habían aprender a conformarse coa súa sorte e a vivir contentos coma min. Nas miñas instrucións vencellaríame menos ao espírito da Igrexa que ao espírito do Evanxeo, onde o dogma é sinxelo e a moral sublime, onde se ven poucas prácticas relixiosas e moitas obras de caridade. Antes de lles ensinar o que cómpre facer, habíame esforzar sempre en practicalo a fin de que visen ben que todo o que lles digo pénsao. Se tivese protestantes na miña veciñanza ou na miña parroquia, non os había diferenciar en absoluto dos meus verdadeiros fregueses en todo o que depende da caridade cristiá; incitaríalos a todos por igual a se amaren entre eles, a se miraren como irmáns, a respectaren todas as relixións e a viviren en paz cada un coa súa. Penso que solicitarlle a alguén que abandone aquela na que naceu é solicitarlle que obre mal e, por conseguinte, obrar mal un mesmo. Esperando máis grandes luces, manteñamos a orde pública; en todos os países respectemos as leis, non perturbemos o culto que elas prescriben e non induzamos en absoluto aos cidadáns a desobediencia; porque non sabemos de certo se constitúe un ben para eles abandonaren as súas opinións por outras e sabemos de maneira moi certa que é un mal o desobedecer as leis.

Acabo de vos recitar coa miña propia boca, meu amigo mozo, a miña profesión de fe tal como Deus a le no meu corazón; vós sodes o primeiro a quen lla fixen; vós sodes se cadra o único a quen endexamais lla hei facer. En canto que quede algunha boa

crenza entre os homes cómpre non turbar as almas sosegadas nin alarmar a fe das persoas sinxelas con dificultades que non poden resolver e que os preocupan sen iluminalos. Mais dende o momento en que todo está esfancado débese conservar o tronco a costa das pólas; as consciencias abaneantes, inseguras, case apagadas e no estado no que eu vin a vosa precisan ser consolidadas e espertadas, e para restablecelas sobre verdades eternas cómpre acabar de arrancar os piares flotantes cos que elas pensan aínda que se sosteñen.

Vós estades na idade crítica na que a mente se abre á certeza, na que o corazón recibe a súa forma e o seu carácter e na que un se determina para toda a vida sexa para ben ou para mal. Máis tarde a substancia está endurecida e as pegadas novas xa non se marcan. Mozo, recibide na vosa alma aínda flexible o cuño da verdade. Se eu estivese máis seguro de min mesmo tería adoptado convosco un ton dogmático e decidido, mais son home, ignorante e suxeito ao erro: que podía facer? Abrinvos o meu corazón sen reserva; o que teño por seguro déivolo como tal; deivos as miñas dúbidas como dúbidas, as miñas opinións como opinións; expúxenvos as miñas razóns para dubidar e para crer. Agora sodes vós quen ten que xulgar; tomastes tempo; esta precaución é sabia e faime pensar ben de vós. Comezade por poñer a vosa conciencia en situación de querer ser iluminada. Sede sincero con vós mesmo. Apropíadevos nos meus sentimentos daquilo que vos convenceu e desbotade o resto. Aínda non estades abondo corrompido polo vicio como para vos arriscardes a escoller mal. Propoñeríavos que dialogáramos entre nós sobre iso, mais tan axiña como un discute, quéntase; a fachenda e a obstinación mestúranse e a boa fe xa non se atopa alí. Meu amigo, non discutades nunca porque coa discusión non se aclara un mesmo nin aclara aos outros. Canto a min, só despois de moitos anos de meditación tomei a miña opción; mantéñome nela: a miña conciencia está tranquila e o meu corazón está contento. Se quixese recomezar un novo exame dos meus sen-

timentos non introduciría nel un amor máis puro á verdade, e a miña mente, xa menos activa, estaría en peor situación de coñecela. Permanecerei como estou, por medo a que, converténdose insensiblemente o gusto pola contemplación nunha paixón ociosa, non me faga amornecer no exercicio dos meus deberes, e por medo a volver caír no meu primeiro pironismo sen volver atopar a forza para saír del. Vai transcorrida máis da metade da miña vida e xa só teño o tempo preciso para tirar proveito do resto e borrar os meus erros por medio das miñas virtudes. Se me engano é malia min. Aquel que le no fondo do meu corazón sabe ben que eu non amo a miña cegueira. Na impotencia de me tirar dela polas miñas propias luces, o único medio que me queda para saír dela é unha vida boa, e se das propias pedras Deus é quen de suscitarlle fillos a Abraham, todo home ten dereito a esperar ser iluminado cando se fai digno de selo.

Se as miñas reflexións vos conducen a pensar igual que eu penso, os meus sentimentos son os vosos e temos a mesma profesión de fe, velaquí o consello que vos dou: non expoñades máis a vosa vida ás tentacións da miseria e da desesperación, non a arrastredes máis con ignominia á mercé dos estranxeiros e rematade de comer o ruín pan da esmola. Regresade á vosa patria, retomade a relixión dos vosos pais, seguídea na sinceridade do voso corazón e non a abandonedes xa; ela é moi sinxela e moi santa, considéroa entre todas as relixións que existen enriba da Terra aquela que ten unha moral máis pura e coa que a razón se contenta mellor. Canto aos gastos da viaxe, non teñades perda, xa o solucionaremos. Tampouco non temades a vergoña dun retorno humillante; cómpre ruborizarse por cometer unha falta e non por reparala. Vós aínda estades na idade na que todo se perdoa mais na que xa non se peca impunemente. Cando queirades escoitar a vosa conciencia, mil vans obstáculos han desaparecer ante a voz dela. Habedes sentir que na incerteza na que nos atopamos é unha inescusable presunción o profesar unha relixión distinta á aquela na que se naceu, é unha falsidade non practicar sinceramente aquela que se profesa. Se un se desvía, privase dunha

grande escusa ante o tribunal do xuíz soberano. Seica non ha el perdoar máis doadamente o erro no que un foi alimentado antes que o que un ousou escoller por si mesmo?

Meu fillo, mantede a vosa alma en condicións de desexar sempre que exista un Deus, e nunca habedes dubidalo. De por parte, sexa calquera a opción que poidades tomar, pensade que os verdadeiros deberes da relixión son independentes das institucións dos homes, que un corazón xusto é o verdadeiro templo da divindade, que en todo país e toda seita amar a Deus por riba de todo e ao próximo como a si mesmo é o sumario da lei, que non existe ningunha relixión que dispense dos deberes da moral, que só estes son esenciais, que o culto interior é o primeiro destes deberes e que sen a fe non existe ningunha virtude verdadeira.

Fuxide daqueles que baixo o pretexto de explicaren a natureza sementan nos corazóns dos homes desoladoras doutrinas e teñen un escepticismo aparente cen veces máis afirmativo e máis dogmático que o ton decidido dos seus adversarios. Baixo o altivo pretexto de que só eles son iluminados, auténticos e de boa fe, sométennos imperiosamente ás súas terminantes decisións e pretenden darnos por verdadeiros principios das cousas os inintelixibles sistemas que eles construíron na súa imaxinación. Polo demais, derrubando, destruindo e esmagando cos pés todo o que os homes respectan, títanlles aos aflixidos o último consolo da súa miseria e aos poderosos e os ricos o único freo das súas paixóns, arrancan do fondo dos corazóns o remordemento do crime e a esperanza da virtude, e gábanse aínda de seren os benefactores do xénero humano. “Endexamais – din eles– a verdade prexudica aos homes”. Tamén o eu creo, e no meu parecer é unha gran proba de que o que eles ensinan non é a verdade¹⁴⁷.

¹⁴⁷ Os dous bandos atácanse reciprocamente a través de tantos sofismas que sería unha empresa inmensa e temeraria querer enumeralos todos; xa é moito anotar algúns deles a medida de que se van presentando. Un dos máis usuais do bando filosófico é opor un suposto pobo de bos filósofos a un pobo de malos cristiáns, coma se un pobo de verdadeiros

Mozo bondadoso, sede sincero e verdadeiro sen orgullo, sabede ser ignorante e non vos enganaredes nin a vós nin aos outros. Se algún día os vosos talentos cultivados vos poñen en condicións de lles falar aos homes, non lles faledes nunca senón

filósofos fose máis fácil de facer que un pobo de verdadeiros cristiáns! Non sei se entre os individuos é máis doado de atopar un que o outro, pero sei ben que dende que se trata dos pobos cómpre supor algúns que abusen da filosofía sen relixión igual que os nosos abusan da relixión sen filosofía, e iso paréceme que cambia moito o estado da cuestión.

Bayle demostrou ben que o fanatismo é máis pernicioso que o ateísmo, e iso é irrefutable, mais o que non tivo coidado en dicir, e non é menos certo, é que o fanatismo, aínda que sanguinario e cruel, é con todo unha paixón grande e forte que eleva o corazón do home, que lle fai desprezar a morte, que lle infunde un pulo prodixioso e que só cómpre dirixir mellor para tirar del as máis sublimes virtudes, en tanto que a irrelixión e en xeral o espírito razoador e filosófico ata a vida, efemina, envilece as almas, concentra todas as paixóns na baixaza do interese particular, na abxección do eu humano, e socava así pola calada os verdadeiros fundamentos de toda sociedade, porque o que os intereses particulares teñen entre eles en común é tan pouco que endexamais ha equilibrar o que teñen de oposto.

Se o ateísmo non fai verter o sangue dos homes, é menos por amor da paz que por indiferenza ante o ben; vaia todo como vaia, impórtalle pouco ao pretendido sabio con tal de que el permaneza no acougo do seu gabinete. Os seus principios non causan a morte dos homes, mais impídelles que nazan destruindo os costumes que os multiplican, arredándoos da súa especie, reducindo todos os seus afectos a un secreto egoísmo tan funesto para a poboación como para a virtude. A indiferenza filosófica asemella a tranquilidade do Estado baixo o despotismo; é a tranquilidade da morte; é máis destrutiva que a propia guerra.

Así, o fanatismo, aínda que máis funesto nos seus efectos inmediatos que o que hoxe se chama espírito filosófico, éo moito menos nas súas consecuencias. Por outra banda, é doado exhibir fermosos preceptos en libros, mais a cuestión é saber se concordan ben coa doutrina, se derivan necesariamente dela, e iso é o que non pareceu claro ata hoxe. Queda por saber aínda se a filosofía, ben a xeitiño e enriba do trono, había gobernar ben a runfadela, o interese, a ambición e as pequenas paixóns do home, e se había practicar esta humanidade tan doce que nos gaba coa pluma na man.

Tocante aos principios, a filosofía non pode facer ningún ben que a relixión non faga aínda mellor, e a relixión fai moitos que a filosofía non sería quen de facer.

Tocante á práctica é outra cousa, mais aínda cómpre examinala. Ningún home segue en todo punto a súa relixión cando ten unha, é certo. Os máis deles practicamente non a teñen e non seguen en absoluto a que teñen, tamén é certo; mais, finalmente, algúns teñen unha que seguen cando menos parcialmente, e non hai dúbida de que existen motivos relixiosos que lles impiden a miúdo obrar mal e obteñen deles virtudes e accións louvables que non terían lugar sen estes motivos.

O que un frade se negue a devolver un depósito: que indica senón o feito de que un parvo llo confiara? Se Pascal se tivera negado a devolver un, probaría que Pascal era un hipócrita, e máis nada. Pero un frade!... Daquela: seica é a xente que trafica coa relixión quen a ten? Todos os crimes que se fan entre o clero como fóra del non proban que a Relixión sexa inútil senón que moi pouca xente ten relixión.

segundo a vosa conciencia, sen vos complicardes en se vos van aplaudir. O abuso do saber produce a incredulidade. Todo sabio desdeña o sentimento vulgar, cada un quere ter un propio del. A orgullosa filosofía leva ao espírito antirreligioso como

Os nosos gobernos modernos débenlle irrefutablemente ao cristianismo a súa máis sólida autoridade e as súas revolucións menos frecuentes; este volveunos a eles menos sanguinarios, o que se proba polos feitos ao comparalos cos gobernos antigos. A relixión mellor coñecida, ao arredar o fanatismo, suavizou máis os costumes cristiáns. Este cambio non é obra das Letras, porque alí por onde elas teñen brillado non por iso foi máis respectada a humanidade; as crueldades dos Atenenses, dos Exipcios, dos emperadores de Roma e dos Chinos dan fe. Cantas obras de misericordia son labor do Evanxeo! Cantas restituicións e reparacións non obriga a facer entre os católicos a confesión! Cantas reconciliacións e esmolos non causa entre nós a proximidade dos momentos da comunión! Canto menos ávidos non volvía aos usurpadores o xubileu dos hebreos e cantas miserias non prevía! A fraternidade legal unía a toda a nación e non se vía entre eles un mendigo, e tampouco non se ve entre os Turcos, onde son innumerables as fundacións piadosas. Eles son, por principio relixioso, hospitalarios mesmo cos inimigos do seu culto.

“Os mahometanos din, –segundo Chardin–, que despois do exame que seguirá á resurrección universal, todos os corpos irán pasar por unha ponte chamada *Poul-Serrho* que se ergue sobre o lume eterno, ponte á que se pode chamar, din eles, o terceiro e derradeiro exame e o verdadeiro xuízo final, porque é alí onde se fará a separación entre os bos e os malos, etc.

“Os Persas, –prosegue Chardin–, están moi oufanos desa ponte, e cando alguén padece unha ofensa da que non acadara reparación a través de ningunha vía nin en ningunha época, o seu derradeiro consolo é dicir: *“Pois ben, vállame o Deus vivo! Hasmo pagar o dobre no día derradeiro; non has pasar o Poul-Serrho sen que antes me deas satisfacción: heime agarrar á beira da túa chupa e heime botar ás túas pernas”*. Teño visto a moita xente eminente e de todo tipo de profesións que, por medo a que berrasen así *“A e!”* cando pasase por riba desa terrible ponte, pedíalle aos que se queixaban deles que os perdoasen: tenme pasado a min iso cen veces. Xente de calidade, que me importunara obrigándome a facer accións distintas ás que quixera eu ter feito, abordábame ao cabo dalgún tempo cando pensaba que xa pasara o enfado e diciame: *“Rógocho, halal becon antchisra”*, é dicir: *“Vólveme lícito ou xusto este asunto”*. Algúns mesmo me fixeron regalos e favores a fin de que eu os perdoase declarando que o facía de corazón. A causa disto non é outra que a crenza de que non se dará pasado a ponte do inferno en tanto que non se teña devolto o último céntimo á aqueles aos que se asoballou”. (T. 7, in-12, p.50)

Seica hei crer que a idea desta ponte que repara tantas iniquidades nunca as prevén? Seica non resulta claro que se lles tirasen aos Persas esta idea, convencéndoo de que non existe nin *Poul-Serrho* nin nada que se lle asemelle onde os oprimidos sexan vingados dos seus tiranos despois da morte iso había deixar a estes moi contentos e os liberaría do coidado de calmaren aos malfadados? Resulta, daquela, falso que esta doutrina non fose prexudicial; non sería, daquela, verdade.

Filósofo, as túas leis morais son moi fermosas, mais, por favor, amósame a súa ratificación. Deixa un momento de barallar e dime nidiamente o que colocas no lugar de *Poul-Serrho*.

a devoción cega leva ao fanatismo. Evitade estes extremos. Permanecedes sempre firme no camiño da verdade ou do que vos pareza selo na sinxeleza do voso corazón, sen endexamais vos desviardes del por vaidade nin por febleza. Ousade profesar a Deus entre os filósofos; ousade predicarlles humanidade aos intolerantes. Habedes se cadra ser o único do voso bando, mais vós mesmo habedes levar en vós un testemuño que vos ha dispensar do dos homes. Que vos amen ou vos odien, que vos lean ou desprezen os vosos escritos, non importa: dicide o que é certo e facede o que está ben; o que lle importa ao home é cumprir os seus deberes sobre a Terra, e é esquecéndose del mesmo como traballa a prol de si. Meu rapaz, o interese particular engánavos, só a esperanza do xusto non engana.

Transcribín este escrito, non como unha regra dos sentimentos que un debe seguir en materia de relixión senón como un exemplo da maneira como un pode razoar co seu alumno para non se arredar do método que tratei de establecer. En tanto que un non lle concede nada á autoridade dos homes nin aos prexuízos do país onde naceu, as luces da razón, elas soas, non poden na institución da natureza conducirnos máis lonxe que a relixión natural, e é a iso ao que eu me limito co meu Emilio. Se debe haber outra, xa non teño eu niso o dereito de ser o seu guía; só el debe escollela.

Nós traballamos concertadamente coa natureza, e namentres ela forma ao home físico nós tratamos de formar ao home moral, mais os nosos progresos non son os mesmos. O corpo é xa robusto e forte cando aínda a alma é languidecente e feble e –faga o que poida facer a arte humana– sempre o temperamento precede á razón. É contendo un e excitando a outra como temos impartido ata aquí todos os nosos coidados, a fin de que o home fose sempre un no máximo posible. Desenvolvendo o

natural, temos desviado a súa sensibilidade nacente; témolo regulado cultivando a razón. Os obxectos intelectuais moderaban a impresión dos obxectos sensibles. Remontando ao principio das cousas témolo subtraído ao imperio dos sentidos; resultaba sinxelo elevarse do estudio da natureza á procura do seu autor.

Dende o momento en que temos chegado alí: que novas influencias temos establecido sobre o noso alumno! Cantos medios novos temos para lle falar ao seu corazón! É só entón cando el atopa o seu verdadeiro interese en ser bo, en facer o ben lonxe das olladas dos homes e sen se ver forzado polas leis, en ser xusto entre Deus e el, en cumprir o seu deber, mesmo a costa da súa vida, e en conducir o seu corazón cara á virtude, non só polo amor da orde, ante a que cadaquén prefire sempre o amor de si, senón polo amor ao autor do seu ser, amor que se confunde con ese mesmo amor de si, para gozar finalmente da felicidade duradeira que o acougo dunha boa conciencia e a contemplación deste Ser supremo lle prometen na outra vida, despois de ter utilizado ben esta. Saíde de aí, xa non vexo senón inxustiza, hipocrisía e mentira entre os homes; o interese particular, que na competencia triunfa necesariamente sobre todas as cousas, apréndelle a cada un deles a adobiar o vicio coa máscara da virtude. Que todos os demais homes produzan o meu ben a costa do seu, que todo se relacione unicamente comigo, que todo o xénero humano morra, se é necesario, no sufrimento e a miseria para aforrarme a min un momento de dor ou de fame; tal é a linguaxe interior de todo incrédulo que razoa. Si, mantereino toda a miña vida: calquera que dixo no seu corazón “Non existe Deus” e fala doutra maneira non é senón un mentireiro ou un insensato.

Lector, por moito que eu faga decátome ben de que vós e mais eu nunca habemos ver ao meu Emilio baixo os mesmos trazos. Vós habédesvolo figurar sempre semellante aos vosos mozos; sempre tarabelo, fanfurríñas e vertolán, errante de festa en festa e de brincadeira en brincadeira sen xamais ser capaz

de se afincar en cousa ningunha. Habedes rir ao me verdes facer un contemplativo, un filósofo, un verdadeiro teólogo, dun mozo ardente, vivo, arroutado e fogoso que se atopa na idade máis rebulinte da vida. Habedes dicir: “Este soñador continúa a perseguir aínda a súa quimera; ao nos dar un alumno do seu feitío, non só o forma senón que o crea, tírao do seu cerebro e, coidando seguir sempre a natureza, arrédase dela a cada momento”. Eu, comparando o meu alumno cos vossos, apenas atopo o que poden ter en común. Alimentado de xeito tan diferente, resulta case un milagre se lles asemella en algo. Como ten pasado a infancia en medio de toda a liberdade que eles adoptan na mocidade, comeza a adoptar na mocidade a regra á que os someteron sendo rapaces. Estes non ven nela máis que a longa tiranía dos mestres, coidan non saíren da infancia se non é sacudíndose toda caste de xugo¹⁴⁸; resárcense entón da longa coerción na que os mantiveron, igual que un preso liberado dos ferros estira, move e dobra os seus membros.

Emilio, polo contrario hónrase facéndose home e suxeitándose ao xugo da razón nacente; o seu corpo, xa formado, non precisa os mesmos movementos e comeza a se deter en por el, en canto que a súa mente, desenvolvida a medias, trata á súa vez de coller pulo. Así, a idade da razón non é para uns senón a idade da licenza, e para o outro convértese na idade do razoamento.

Queredes saber quen –eles ou el– están mellor conformados coa orde da natureza? Considerade as diferenzas naqueles que están máis ou menos afastados desta: observade os mozos das aldeas e mirade se son tan fanfurriñeiros coma os vossos. “*Durante a infancia dos salvaxes –di o señor Le Beau– vese que están sempre activos e ocupándose en diferentes xogos que*

¹⁴⁸ Non existe ninguén que mire a infancia con tanto desprezo como aqueles que saen dela, igual que non existe país no que se distinga con maior aplicación o rango que naqueles onde a desigualdade non é grande e cada quen ten sempre medo de ser confundido co seu inferior.

*lles sacoden o corpo, mais apenas deron atinxido a idade da adolescencia vólvense acougados e matinaidores, e xa non se adican senón practicamente a xogos serios ou de azar*¹⁴⁹". Ao estar Emilio educado en toda a liberdade dos rapaces labregos e dos rapaces salvaxes, ao medrar debe mudar e deterse coma eles. Toda a diferenza é que en lugar de actuar unicamente para xogar ou para se alimentar, nos seus traballos e nos seus xogos el ten aprendido a pensar. Chegado, logo, a ese estadio a través daquel camiño, atópase completamente preparado para estoutro no que o introduzo; os temas de reflexión que lle presento excitan a súa curiosidade porque son fermosos por eles mesmos e porque son completamente novos para el e está en condicións de entendelos. Polo contrario, enfatiados e excedidos polas vosas insulas leccións, as vosas longas morais e os vosos eternos catecismos: como é que os vosos mozos non habían rexeitar o exercicio da mente que lles volveron triste, os pesados preceptos cos que non cesaron de cangalos e as meditacións sobre o autor do seu ser a quen se converteu en inimigo dos seus praceres? Cara a todo iso só teñen concibido aversión e noxo, e a coerción fixo que o repelesen. De que maneira se van entregar agora cando comezan a dispoñer de si mesmos? Cómpre algo novo para lles agradar, non lles cómpre xa máis nada do que se lles di aos rapaces. É o mesmo para o meu alumno: cando se fai home fállolle como a un home e só lle conto cousas novas; é precisamente porque estas anoxan aos outros polo que el debe atopalas do seu gusto.

Velaí como lle fago gañar tempo dobremente retardando en proveito da razón o progreso da natureza. Mais: seica retardei realmente ese progreso? Non, non fixen máis que impedir que a imaxinación o acelerase; equilibrei con leccións doutro tipo as leccións precoces que o mociño recibe fóra. Namentres que o torrente das nosas institucións o arrastra, atraelo en sentido contrario por medio doutras institucións non é tiralo do seu sitio, é mantelo nel.

¹⁴⁹ "Aventuras do señor C. Le Beau, avogado no Parlamento". T. II, p.70.

Finalmente chega o verdadeiro momento da natureza, cómpre que chegue. Dado que é preciso que o home morra, é preciso que se reproduza, a fin de que a especie dure e a orde do mundo sexa conservada. Cando a través dos signos dos que vos teño falado presintades o momento crítico, abandonade instantaneamente para sempre o voso antigo ton con el. Aínda é o voso discípulo, mais xa non é o voso alumno. É o voso amigo, é un home: tratádeo de agora en diante como tal.

“O que! Teño que abdicar da miña autoridade cando máis necesaria me é? Cómpre abandonar a el mesmo o adulto no momento en que menos sabe conducirse e cando máis se desvía? Cómpre renunciar aos meus dereitos cando máis importante é para el que eu os utilice?”. Os vosos dereitos! Quen vos di que renunciades a eles? Só agora comezan para el. Ata aquí non obtiñades nada del senón mediante a forza ou a argucia; a autoridade e a lei do deber éranlle descoñecidas; cumpría obrigalo ou enganalo para que vos obedecese. Mais mirade con cantas cadeas novas tendes rodeado o seu corazón. A razón, a amizade, o recoñecemento, mil afectos fálanlle cun ton que non pode descoñecer. O vicio aínda non o volveu xordo ás súas voces. Aínda só é sensible ás paixóns da natureza. A primeira de todas, que é o amor de si, entrégavolo a vós; o hábito tamén volo entrega. Se o arrebatado dun momento o arranca, o arrepentimento devólvevollo no instante; o sentimento que o liga a vós é o único permanente, todos os demais pasan e bórranse mutuamente. Non o deixedes corromper e sempre ha ser dócil; só comeza a ser rebelde cando xa está pervertido.

Confeso que, se batendo frontalmente cos seus desexos nacentes tratarades parvamente como crimes as novas necesidades que se fan sentir nel, non vos había escoitar durante moito tempo, mais tan axiña como abandonedes o meu método eu non respondo xa de nada. Pensade sempre que sodes o auxiliar da natureza, endexamais habedes ser o seu inimigo.

Mais: que opción tomar? Aquí non se espera outra alternativa que favorecer as súas inclinacións ou combatelas, tiranizalo

ou compracelo, e as dúas cousas teñen tan perigosas consecuencias que un vacila moitísimo na escolla.

O primeiro medio que se ofrece para resolver esta dificultade é casalo axiña; é indiscutiblemente a saída máis segura e máis natural. Con todo, dubido que sexa a mellor é a máis útil; xa direi máis adiante as miñas razóns, no entanto concordo en que cómpre casar aos mozos na idade núbil, mais esta idade venlles antes de tempo, somos nós quen a temos tornado precoz e debemos prolongala ata a madurez.

Se só cumprise escoitar as inclinacións e seguir o que indican, axiña estaría feito, mais hai tantas contradicións entre os dereitos da natureza e as nosas leis sociais que para concilialos cómpre arredarse e dar rodeos sen cesar: cómpre empregar moita arte para impedir que o home social sexa completamente artificial.

Sobre as razóns antes expostas estimo que cos medios que xa dei e outros semellantes pode un estender cando menos ata os vinte anos a ignorancia dos desexos e a dureza dos sentidos. Isto é tan certo que entre os Xermanos un mozo que perdía a virxindade antes deste momento quedaba difamado, e os autores atribúen con razón á continencia destes pobos na mocidade o vigor da súa constitución e a multitude dos seus fillos.

Pódese mesmo prolongar moito esta época e hai poucos séculos nada era máis común na propia Francia. Entre outros exemplos coñecidos, o pai de Montaigne –home non menos escrupuloso e verdadeiro que forte e ben constituído– xuraba terse casado virxe aos trinta anos despois de ter servido durante moito tempo nas guerras de Italia, e pódese ver nos escritos do seu fillo canto vigor e ledicia conservaba o pai cando tiña máis de sesenta anos. Seguramente a opinión contraria obedece máis ao nosos costumes e aos noso prexuízos que ao coñecemento da especie en xeral.

Podo, daquela, deixar aparte o exemplo da nosa mocidade pois non proba nada para quen non foi educado coma ela. Considerando que a natureza non ten niso un prazo fixo que

non se poida avanzar ou retardar, coído poder, sen saír da súa lei, supor que Emilio permaneceu ata aí grazas aos meus coitados na súa primitiva inocencia e vexo esta leda época perto de rematar. Rodeado de perigos cada vez máis grandes, vaime escapar faga eu o que eu faga. Á primeira ocasión –e esta ocasión non ha tardar en nacer– vai seguir o cego instinto dos sentidos; pódese apostar mil contra un que vai perderse. Moito teño reflexionado sobre os costumes dos homes para non ver a influencia invencible deste primeiro momento sobre o resto da súa vida. Se disimulo e fago coma quen non vexo nada, el aproveita a miña febleza: coidando enganarme desprézame e eu son cómplice da súa perda. Se trato de volvelo ao bo camiño, xa non é momento porque non me escoita; fágome para el incómodo, odioso e insoportable: non ha tardar moito en se librar de min. Non teño, pois, senón unha opción razoable para tomar: protexelo cando menos das sorpresas do erro e amosarlle claramente os perigos que o rodean. Ata aquí eu detíño a través da súa ignorancia, agora é a través das súas luces como cómpre detelo.

Estas novas instrucións son importantes e convén retomar as cousas dende máis enriba. Velaquí o momento de –por así dicilo– darlle contas, de lle amosar a utilización do seu tempo e do meu, de lle declarar o que é el e o que son eu, o que eu fixen e o que fixo el, o que nos debemos un ao outro, todas as súas relacións morais, todos os compromisos que contraeu, todos os que contraeron con el, ata que punto ten chegado no progreso das súas facultades, que camiño lle queda por facer, as dificultades que vai atopar nel, os medios de superar estas dificultades, en que lle podo axudar aínda, en que só el pode a partir de agora axudarse e finalmente o punto crítico no que se encontra, os novos perigos que o rodean e todas as sólidas razóns que deben comprometelo en velar atentamente por si mesmo antes de escoitar os seus nacentes desexos.

Reparade en que para conducir a un adulto cómpre ir a contrafío de todo o que tedes feito para conducir a un rapaz. Non

vaciledes en instruílo nestes perigosos misterios que lle tedes escondido durante tanto tempo tan coidadosamente. Dado que cómpre que finalmente o saiba, é importante que non os aprenda nin a través doutra persoa nin a través de si mesmo senón unicamente de vós. Dado que agora se ve forzado a combater, cómpre, por medo a unha sorpresa, que coñeza ao seu inimigo.

Nunca os mozos que un atopa sabios nestas materias sen saber como chegaron a selo conseguírono impunemente. Ao non poder ter un obxecto honesto, esta indiscreta instrución lixa cando menos a imaxinación dos que a reciben e predisponos aos vicios daqueles que a imparten. E non é todo: hai domésticos que se insinúan así na mente dun rapaz, gañan a súa confianza, fanlle mirar ao seu aio coma un personaxe triste e enfadoso, e un dos temas favoritos das súas conversas secretas é falar mal del. Cando o rapaz se atopa nesa situación, o mestre pode retirarse: xa non ten cousa boa que facer.

Mais: por que o rapaz escolle confidentes particulares? Sempre pola tiranía dos que o gobernan. Por que había esconderse deles se non se vira forzado a se esconder? Por que se había queixar deles se non tivese ningún motivo de queixa? Naturalmente, son os seus primeiros confidentes; na présa coa que lles ven dicir o que pensa vese que coida ter pensado só a medias ata o momento en que llelo dixo. Confiade en que se o rapaz non teme pola vosa parte nin sermón nin reprimenda, havos contar todo, e que ninguén ha atreverse a lle confiar nada que vos deba calar cando estea seguro de que non vos cala nada.

O que me fai confiar máis no meu método é que, seguindo os seus efectos da maneira máis exacta que me sexa posible, non vexo unha situación na vida do meu alumno que non me deixe algunha imaxe agradable del. No mesmo momento no que os furores do temperamento o arrastran e, levantado contra a man que o detén, rebule e comeza a me escapar, nas súas axitacións, nas súas arroutadas, atopo aínda a súa primeira sinxeleza. O seu corazón, tan puro coma o seu corpo, non coñece moito máis o

disfraz que o vicio; nin os reproches nin o desprezo téñeno volto covarde e nunca o ruín temor lle aprendeu a disfrazarse: ten toda a indiscreción da inocencia, é inxel sen escrúpulo; aínda non sabe para que serve enganar. Non pasa un movemento pola súa alma sen que a súa boca ou os seus ollos o digan, e a miúdo coñezo eu antes ca el os sentimentos que experimenta.

En canto continúe a abrimme así, libremente, a súa alma e a me dicir con pracer o que sente, non teño nada que temer, pero se se volve máis tímido, máis reservado, e eu percibo nos seus diálogos o primeiro apuro da vergoña, xa o instinto está a se desenvolver, non hai un momento que perder e se non me dou présa en instruílo moi axiña ha ser instruído malia min.

Mais dun lector, mesmo adoptando as miñas ideas, ha pensar que só se trata dunha conversa tomada ao azar e que todo está xa feito. Ah, non é así como o corazón humano se goberna! O que e dicimos non significa nada se non temos preparado o momento de dicilo. Antes de sementar cómpre labrar a terra: a semente da virtude agroma dificilmente, cómpren longos preparativos para a facer enraizar. Unha das cousas que volven máis inútiles as predicacións é que se fan a todo o mundo indiferentemente, sen discernimento e sen escolla. Como é que se pode pensar que o mesmo sermón lles convén a tantos oíntes de tan diversas disposicións, tan diferentes mentalidades, humores, idades, sexos, condicións e pareceres? Non existen se cadra dous aos que poida convir aquilo que se di a todos, e todos os nosos afectos teñen tan pouca constancia que non existen se cadra dous momentos na vida de cada home nos que o mesmo discurso faga sobre el a mesma impresión. Xulgade se cando os sentidos inflamados allean o entendemento e tiranizan a vontade é tempo de escoitar as graves leccións da sabedoría. Non invoquedes nunca a razón dos mozos, mesmo na idade da razón, sen os ter primeiro posto en condicións de comprendela. A maior parte dos discursos perdidos sono moito máis por culpa dos mestres que por culpa dos discípulos. O sabichoso e o profesor din aproximadamente as mesmas cousas, mais o primeiro

dío en todas as ocasións e o segundo días só cando está seguro do seu efecto.

Como un somnábulo errante durante o seu sono camiña durmindo pola beira dun precipicio, no que había caír se o espertasen de repente, así o meu Emilio, no sono da ignorancia, escapa a uns perigos que non ve. Se o esperto cun sobresalto está perdido. Tratemos primeiro de afastalo do precipicio e despois xa o espertaremos para guialo máis lonxe.

A lectura, a soidade, a ociosidade, a vida mol e sedentaria, o trato coas mulleres e os mozos, velaí os sendeiros perigosos que franquear na súa idade e que o manteñen sen cesar a carón do perigo. É a través doutros obxectos sensibles como eu desvío os seus sentidos, é trazando outro vieiro para as mentes como as aparto do que comezaban a coller. É exercitando o seu corpo en traballos duros como deteño a actividade da imaxinación que o arrastra; cando os brazos traballan moito a imaxinación repousa, cando o corpo está moi canso o corazón non se quenta. A precaución máis rápida e máis doada é arrancalo do perigo local. De primeiras lévoa fóra das cidades, lonxe dos obxectos capaces de tentalo. Mais non é dabondo: en que deserto, en que salvaxe asilo ha escapar el das imaxes que o perseguen? Non é nada afastar os obxectos perigosos se non afasto tamén a lembranza deles, se non atopo a arte de distancialo de todo, se non o distraio del mesmo. Tanto tiña deixalo senón onde estaba.

Emilio sabe un oficio, mais este oficio non é aquí o noso recurso; gústalle a agricultura e enténdea, mais a agricultura non nos é dabondo; as ocupacións que coñece convértense nunha rutina, entregándose a elas está como se non fixese nada; pensa en calquera outra cousa, a cabeza e os brazos actúan separadamente. Cómprelle unha nova ocupación que lle interese pola súa novidade, que o manteña atento, que lle guste, que o aplique, que o exercite, unha ocupación que o entusiasme e á que se entregue por enteiro. Ora ben, a única que me parece reunir todas estas condicións é a caza. Se a caza é algunha vez un pracer inocente, se algunha vez é conveniente para o home,

é arestora cando cómpre recorrer a ela. Emilio ten todo o necesario para triunfar nela: é robusto, hábil, paciente e infatigable. Infaliblemente halle tomar gusto a este exercicio; ha poñer nel todo o ardor da súa idade; ha perder nel, polo menos durante un tempo, as perigosas inclinacións que nacen da moleza. A caza endurece o corazón igual que o corpo, habitúa ao sangue e a crueza. Fixeron a Diana inimiga do amor, e a alegoría é moi xusta. As languideces do amor só nacen nun doce acougo, un violento exercicio afoga os sentimentos tenros. Nos bosques e lugares campestres, o amante e o cazador son afectados dun xeito tan distinto que sobre os mesmos obxectos eles dirixen imaxes completamente diferentes. As sombraxes frescas, os arboredos e os doces asilos do primeiro non son para o outro senón matos, tobos e cochos; alí onde un só oe reiseñores e rechouchíos, o outro figúrase cornos de caza e ladridos de cans; un só imaxina driadas e ninfas, o outro só monteiros, trupelos e cabalos. Paseade polo campo con estas dúas castes de homes e, na diferenza da súa linguaxe, habedes coñecer axiña que a Terra non ten para eles un aspecto semellante e que o feitío das súas ideas é tan diferente como a escolla dos seus praceres.

Comprendo como se reúnen estes gustos e como se atopa finalmente tempo para todo, mais as paixóns da mocidade non se reparten así: dádelle unha única ocupación que lle guste e todo o restante ha ser axiña esquecido. A variedade dos desexos procede da dos coñecementos, e os primeiros praceres que un coñece son durante moito tempo os únicos que un procura. Non quero que toda a mocidade de Emilio decorra matando animais, e non pretendo mesmo xustificar en todo esta feroz paixón; abóndame, para darme sangue frío ao falar dela e proporcionarme o tempo de pintala sen excitala, con que ela serva de xeito suficiente para suspender unha paixón máis perigosa.

Existen épocas na vida humana que están feitas para non ser esquecidas endexamais. Tal é para Emilio a da instrución da que estou a falar; debe influír sobre o resto dos seus días.

Tratemos, daquela, de gravala na súa memoria de xeito que non se borre en absoluto. Un dos erros da nosa época é empregar a razón demasiado núa, coma se os homes fosen só mente. Descoidando a lingua dos signos que lle falan á imaxinación temos perdido a máis enérxica das linguaxes. A impresión da palabra é sempre feble e fálaselle ao corazón moito mellor a través dos ollos que a través dos ouvidos. Querendo darlle todo ao razoamento temos reducido a palabras os nosos preceptos e non temos posto nada nas accións. A razón, só en por ela, non é activa; ás veces retén, raramente excita e endexamais fixo nada grande. Razoar sempre é a manía das mentes pequenas. As almas fortes teñen ben outra linguaxe e é a través desta linguaxe como se convence e se fai actuar.

Reparo en que nos séculos modernos os homes só teñen influencia uns sobre outros a través da forza e do interese, en canto que os antigos actuaban moito máis pola persuasión e os afectos da alma porque non descoidaban a lingua dos signos. Todos os convenios facíanse con solemnidade para volvelos máis inviolables; antes de que a forza fose establecida os deuses eran os maxistrados do xénero humano: era diante deles onde os particulares facían os seus tratados, as súas alianzas, e pronunciaban as súas promesas; a face da Terra era o libro no que se conservaban os arquivos. Penedos, árbores, moreas de pedras consagradas por estes actos e feitas respectables para os homes bárbaros, eran as follas deste libro aberto sen cesar aos ollos todos. O pozo do xuramento, o pozo do vivinte e vidente, o vello carballo de Mambré, a morea da testemuña, velaí cales eran os monumentos, groseiros mais augustos, da santidade dos contratos; ninguén tería ousado, cunha man sacrílega, atentar contra estes monumentos, e a fe dos homes estaba máis asegurada pola garantía destas testemuñas mudas do que o está hoxe todo o van rigor das leis.

No goberno, o augusto aparato da potencia real impúñalles aos súbditos. Unhas marcas da dignidade, un trono, un cetro,

un manto de púrpura, unha coroa ou un tirelo eran para eles cousas sagradas: estes signos respectados facíanlles venerable ao home que vían ornado con el; sen soldados, sen ameazas, tan axiña como aquel falaba era obedecido. Agora que se finxe abolir eses signos¹⁵⁰: que é que acontece con este desprezo? Que a maxestade real bórrase de todos os corazóns, que os reis non se fan xa obedecer senón a poder de tropas e que o respecto dos súbditos só reside no castigo. Os reis xa non pasan o traballo de levaren a súa diadema nin os grandes as marcas das súas dignidades, mais cómpre ter cen mil brazos sempre dispostos para facer executar as súas ordes. Aínda que isto lles semelle se cadra máis fermoso, é doado ver que á longa este cambio non lles vai traer proveito.

É prodixioso o que os antigos fixeron coa elocuencia, mais esta elocuencia non consistía só en fermosos discursos ben arranxados, e nunca tivo maior efecto que cando o orador falaba menos. O que se dicía con máis viveza non se expresaba a través de palabras senón a través de signos; non o dicían, amosábano. O obxecto que se expón á vista abala a imaxinación, excita a curiosidade, mantén a mente na espera do que se vai dicir e a miúdo só este obxecto di todo. Trasíbulo e Tarquino cortando cabezas de papoulas, Alexandro aplicando o seu selo enriba da boca do seu favorito, Dióxenes camiñando diante de Zenón: seica non falaban mellor que si tivesen feito longos discursos? Que circunloquio daría expresado tan ben as mesmas ideas? Darío, internado na Escitia co seu exército, recibe de parte do rei dos escitas un paxaro, unha ra, un rato e cinco fre-

¹⁵⁰ O clero romano conservounos moi habilmente, e a exemplo del algunhas repúblicas, entre elas a de Venecia. Tamén o goberno veneciano, malia á caída do Estado, goza aínda, baixo o aparato da súa antiga maxestade, de todo o afecto e de toda a adoración do pobo, e despois do Papa adobiado coa súa tiara non existe se cadra rei nin potentado nin home no mundo tan respectado coma o dogo de Venecia, sen poder, sen autoridade, mais sacralizado pola súa pompa e adobiado baixo o seu corno ducal cun toucado de muller. Esta cerimonia do Bucentauro, que fai rir tanto aos parvos, farialle ao populacho de Venecia verter todo o seu sangue a prol do mantemento do seu tiránico goberno.

chas. O embaixador entrégalle o seu presente e el marcha sen dicir nada. Nos nosos días este home tería pasado por tolo. Esta terrible arenga foi entendida e Darío apresurouse a regresar ao seu país como puido¹⁵¹. Substituíde estes signos cunha carta. Canto máis ameazante sexa, menos ha asustar: non ha ser senón unha fanfarronada da que Darío só tería rido.

Que de atencións entre os romanos á lingua dos signos! Diferentes vestidos segundo as idades e segundo as condicións, togas, saios, pretextas, bulas, laticlavos, cadeiras, lictores, feixes, machadas, coroas de ouro, de herbas, de follas, ovacións, triunfos; todo entre eles era aparato, representación, cerimonia, e todo impresionaba os corazóns dos cidadáns. Ao estado importáballe que o pobo se reunise en tal lugar mellor que en tal outro, que vise ou non vise o Capitolio, que estivese ou non virado cara ao Senado, que deliberase tal ou tal outro día preferentemente. Os acusados cambiaban de roupa, os candidatos tamén a cambiaban, os guerreiros non se gababan das súas fazañas e amosaban as súas feridas. Cando da morte de César imaxino a un dos noso oradores, querendo conmover ao pobo, esgotar todos os tópicos da arte para facer unha patética descrición das súas chagas, do seu sangue e do seu cadáver; Antonio, aínda que elocuente, non di nada diso: fai traer o corpo. Que retórica!

Mais esta digresión arrástrame insensiblemente lonxe do meu asunto igual que fan moitas outras, e as miñas desviacións son frecuentes de máis para poder ser longas e tolerables; daquela volvo a el.

Non razoedes nunca secamente coa mocidade. Revestide a razón dun corpo se queredes facerlla sensible. Facede pasar polo corazón a linguaxe da mente a fin de que se faga com-

¹⁵¹ A anécdota procede de Herodoto e era moi coñecida. Rabelais recollíaa xa no *Cuarto Libro* en 1552. O significado da mensaxe era: "Se os Persas non voan para o ceo coma os paxaros, ou non se agachan no centro da Terra coma os ratos, ou non se acochan na profundidade dos estanques coma as ras, han ser exterminados polas frechas dos Escitas" (N. do T.).

prender. Repíto: os fríos argumentos poden determinar as nosas opinións, non as nosas accións; fannos crer e non actuar: demóstrase o que cómpre pensar e non o que cómpre facer. Se iso é certo tocante a todos os homes, éo con maior razón tocante aos mozos, aínda envoltos nos seus sentidos e que teñen máis imaxinación que pensamento.

Daquela, heime gardar moito, mesmo despois dos preparativos dos que teño falado, de ir de súpeto ao cuarto de Emilio para lle botar pesadamente un longo discurso sobre o asunto do que o quero instruír. Hei comezar por conmover a súa imaxinación. Hei escoller o momento, o lugar e os obxectos máis favorables para a impresión que quero provocar. Hei chamar, por así dición, a toda a natureza a testificar os nosos diálogos; hei por como testemuña ao Ser eterno, do que aquela é obra, da verdade dos meus discursos, e heino pór como xuíz entre Emilio e mais eu; hei marcar o lugar no que nos atopamos, os penedos, os bosques e as montañas que nos rodean como monumentos dos seus compromisos e dos meus. Hei pór nos meus ollos, no meu acento e no meu xesto o entusiasmo e o ardor que quero inspirarlle. Daquela heille falar e el hame escoitar, eu entenrecereime e el conmoverase. Impregnándome da santidade dos meus deberes heille facer os seus máis respectables; hei animar a forza do razoamento con imaxes e figuras; non hei ser demasiado longo e difuso en fríos preceptos senón abundante en sentimentos que desbordan. A miña razón será grave e sentenciosa mais o meu corazón nunca terá dito abondo. É entón cando amosándolle todo o que levo feito por el heillo amosar como feito para min mesmo. E ha ver no meu tenro afecto a razón de todos os meus coidados. Que sorpresa e que abalo lle vou dar ao cambiar de súpeto de linguaxe! En lugar de estreitarlle o espírito falándolle sempre do seu interese, é só do meu do que lle hei falar de agora en diante, e heino conmover máis; hei inflamar o seu corazón mozo con todos os sentimentos de amizade, de xenerosidade e de recoñecemento que xa fixen nacer e que son tan doces de

alimentar. Heino apertar contra o meu seo vertendo sobre el bágoas de tenrura, e heille dicir: “Ti es o meu ben, o meu fillo, a miña obra; é da túa felicidade do que eu espero a miña; se frustras as miñas esperanzas róubasme vinte anos da miña vida e causas a desgraza da miña vellez”. É así como un se fai escoitar por un mozo e grava no fondo do seu corazón a lembranza do que se lle di.

Ata agora tratei de dar exemplos da maneira como un aio debe instruír ao seu discípulo nas ocasións difíciles. Tratei de facer outro tanto nesta, mais despois de moitos intentos renuncio, convencido de que a lingua francesa é demasiado preciosa para soportar nunca nun libro a sinxeleza das primeiras instrucións sobre certos asuntos.

A lingua francesa é –segundo se di– a máis casta das linguas; eu, pola miña banda, considéroa a máis obscena, porque coido que a castidade dunha lingua non consiste en evitar coitadosamente as expresións deshonestas senón en non telas. En efecto, para evitalas cómpre que un pense nelas, e non existe unha lingua na que sexa máis difícil falar puramente en todos os sentidos que a francesa. O lector, sempre máis hábil en atopar sentidos obscenos que o autor en arredalos, escandalízase e alporízase por todo. Como é que o que pasa a través de oídos impuros non había contraer o seu lixo? Polo contrario, un pobo de bos costumes ten termos axeitados para cada cousa e estes termos son sempre honestos porque sempre son empregados honestamente. É imposible imaxinarmos unha linguaxe máis modesta que a da Biblia, precisamente porque nela todo se di con inxeleza. Para tornar inmodestas as mesmas cousas abonda con traducilas ao francés. O que eu debo dicirlle ao meu Emilio non terá nada que non sexa honesto e casto aos seus oídos, mais para atopalo así na lectura cumpriría ter un corazón tan puro coma o seu.

Eu pensaría mesmo que unhas reflexións sobre a verdadeira pureza do discurso e a falsa delicadeza do vicio poderían ter un

lugar útil nos diálogos de moral aos que este tema nos conduce porque ao aprender a linguaxe da honestidade debe aprender tamén o da decencia, e cómpre ben que saiba por que estas dúas linguaxes son tan diferentes. Sexa como sexa, eu sosteño que en lugar de fútiles preceptos cos que se aboucan antes de tempo os oídos da mocidade –e dos que ela se burla na idade en que serían convenientes– se un agarda, se é que prepara o momento de facerse oír e lle expon daquela as leis da natureza con toda a súa verdade, se lle mostra a sanción destas mesmas leis nos males físicos e morais que provoca a súa infracción nos culpables, se falándolle deste inconcibible misterio da xeración une á idea do atractivo que o autor da natureza lle dá a este acto o do vencello exclusivo que o torna delicioso, o dos deberes de fidelidade e pudor que o envolven e que dobran o seu encanto ao cumprir o seu obxecto, se en lle pintando o matrimonio non só como a máis doce das sociedades senón como o máis inviolable e máis santo de todos os contratos lle expón con forza todas as razóns que volven unha atadura tan sagrada respectable para todos os homes e que cobren de odio e maldición a calquera que ousa lixar a súa pureza, se lle traza un cadro impresionante e verdadeiro dos horrores da libertinaxe, do seu estúpido embrutecemento, da pendente insensible a través da que unha primeira desorde conduce a todos e arrastra finalmente a quen se entrega á súa perda; se –diciá eu– un lle amosa con evidencia como no gusto pola castidade se conteñen a saúde, a forza, a coraxe, as virtudes, o amor mesmo e todos os verdadeiros bens do home, sosteño que entón se lle ha facer esta mesma castidade desexable e amable, e que se ha atopar o seu espírito dócil aos medios que lle dean para conservala, porque en tanto que un a conserva, respéctaa: só a despreza despois de tela perdido.

Non é certo que a tendencia cara ao mal sexa indomable e que un non sexa dono de vencela antes de ter adquirido o hábito de sucumbir a ela. Aurelio Víctor di que moitos homes, levados polo amor, pagaron voluntariamente coa súa vida unha noite de

Cleopatra, e este sacrificio non é imposible para a ebriedade da paixón. Mais supoñamos que o home máis furioso e que menos goberna os seus sentidos vise o aparato do suplicio, seguro de perecer nel entre os tormentos un cuarto de hora despois. Dende ese momento, non só este home se volvería superior ás tentacións senón que mesmo lle había custar pouco resistir a elas; moi axiña a imaxe espantosa que as acompañaría había distraelo delas, e constantemente rexeitadas habían cansarse de volver. É só a mornura da nosa vontade a que provoca toda a nosa febleza, e sempre un ten forza para facer o que desexa fortemente: *Volenti nihil difficile*¹⁵². Ah, se detestáramos o vicio tanto como amamos a vida habiámonos abster tan doadamente dun crime agradable como dun veneno mortal dentro dun manxar delicioso!

Como é que non vemos que se todas as leccións que lle damos a un mocíño sobre este punto fracasan é porque non son de razón para a súa idade e que en toda idade é importante revestir a razón con formas que a fagan amar? Faládelle gravemente cando é preciso, mais que o que lle dicides teña sempre un atractivo que o force a vos escoitar. Non combatades os seus desexos secamente, non afoguedes a súa imaxinación, guiádea por medo a que enxendre monstros. Faládelle do amor, das mulleres e dos praceres; facede que atope nas vosas conversas un encanto que agrade ao seu corazón mozo; non aforredes nada para vos converter no seu confidente, só a ese título habedes ser verdadeiramente o seu mestre; daquela, non temades xa que os vosos diálogos o aburran: havos facer falar máis do que vós habedes querer.

Non dubido un momento de que se, seguindo estes preceptos, souben eu adoptar todas as precaucións necesarias e dirixirle ao meu Emilio os discursos axeitados para a conxuntura á que o progreso dos anos o fixo chegar, non acade por el mesmo

¹⁵² "Nada é difícil para o que quere" (N. do T.).

o punto ao que eu quero conducilo, non se poña con solicitude baixo a miña salvagarda e non me diga con toda a calor da súa idade, impresionado polos perigos dos que se ve rodeado: “Oh, meu amigo, meu protector, meu mestre! Volvede tomar a autoridade que queredes pousar no momento en que máis importante é para min que a conserveis; ata aquí tiñádela só pola miña febleza, agora terédela pola miña vontade, e por iso hame ser máis sagrada. Defendédeme de todos os inimigos que me asedian, e sobre todo daqueles que eu levo dentro e que me traizoan; vela-de pola vosa obra a fin de que permaneza digna de vós. Quero obedecer ás vosas leis, quéroo sempre: é a miña vontade constante. Se algún día vos desobedezo ha ser malia min; facédeme libre protexéndome contra as miñas paixóns que me violentan; impedídeme ser o seu escravo e forzádeme a ser o meu propio amo non obedecendo aos meus sentidos senón á miña razón”.

Cando teñades levado ao voso alumno a ese punto (e se non chega a el será culpa vosa), gardádevos de lle coller a palabra demasiado rapidamente, por medo a que se algún día o voso mandato lle parece rudo de máis non crea que ten o dereito a subtraerse del acusándovos de telo sorprendido. É nese momento cando a reserva e da gravidade se atopan no seu lugar, e ese ton halle impoñer tanto máis canto que será a primeira vez que volo teña visto adoptar.

Habédeslle dicir entón: “Mociño, contraedes con rapidez uns compromisos penosos; cumpriría coñecelos para estar en situación de formalizalos, e vós non sabedes con que furor os sentidos arrastran aos vosos semellantes ao abismo dos vicios baixo a atracción do pracer. Vós non tedes unha alma abxecta, seino ben; non habedes violar nunca a vosa palabra, mais: cantas veces se cadra vos habedes arrepentir de tela dado! Cantas veces habedes maldicir á aquel que vos quere, cando para vos furtar dos males que vos ameazan se vexa forzado a vos partir o corazón! Tal como Ulises, conmovido polo canto das sereas, lles berraba aos seus condutores que o desencadearan, seduci-

do pola atracción dos praceres vós habedes querer romper as ataduras que vos molestan; habédesme importunar coas vosas queixas, habédesme reprochar a miña tiranía cando máis tenramente ocupado en vós eu estea; non pensando máis que en vos facer feliz heime atraer todo o voso odio. Oh, meu Emilio! Endexamais hei soportar a dor de che ser odioso; a túa felicidade mesma é cara de máis a este prezo. Bondadoso mociño: seica non vedes que obrigándovos a obedecerme vós obrigádesme a vos conducir, a esquecerme de min para me adicar a vós, a non escoitar nin as vosas queixas nin os vosos murmurios, a combater sen cesar os vosos desexos e os meus? Vos impoñédesme un xugo máis duro que o voso. Antes de nos cargarmos os dous con el consideremos as nosas forzas; tomade tempo, dádemo a min para pensar no asunto, e sabede que o máis lento en prometer é sempre o máis fiel en manter”.

Sabede tamén vós mesmo que canto máis difícil vos volve des tocante ao compromiso, máis facilidades a súa execución. É importante que o mociño senta que promete moito e que vós prometedes aínda máis. Cando teña chegado o momento e el teña, por dicilo así, asinado o contrato, cambiade entón de linguaxe: poñede tanta dozura no voso mandato como severidade tedes anunciado. Habédeslle dicir: “Meu amigo mozo, fáltavos experiencia mais eu teño actuado de xeito que non vos faltase a razón. Estadades en condicións de ver en todas partes os motivos da miña conduta; só cómpre esperar para iso que teñades sangue frío. Comezade sempre por obedecer e logo pedídeme contas das miñas ordes; eu hei estar disposto a vos dar razón delas tan axiña como vós esteades en condicións de me entender, e nunca hei ter medo de vos tomar como xuíz entre vós e eu. Vos prometedes ser dócil e eu prometo non utilizar esa docilidade máis que para vos facer o máis feliz dos homes. Teño como garante da miña promesa a sorte da que tedes gozado ata aquí. Atopade alguén da vosa idade que teña pasado unha vida tan doce coma a vosa e non vos hei prometer máis nada”.

Despois do establecemento da miña autoridade, o meu primeiro coidado será arredar a necesidade de utilizala. Non hei aforrar nada para me instalar cada vez máis na súa confianza, para me volver cada vez máis o confidente do seu corazón e o árbitro dos seus praceres. Lonxe de combater as inclinacións da súa idade, heinas considerar para ser o amo delas. Hei entrar nas súas perspectivas para dirixilas, non lle hei buscar a expensas do presente unha felicidade afastada. Non quero que sexa feliz un día senón sempre, se é posible.

Aqueles que queren conducir sabiamente a mocidade para preservala dos ichós dos sentidos, preséntanlle o amor como algo horroroso e no que sería un crime pensar á súa idade, como se o amor estivese feito para os vellos. Ningunha destas leccións enganosas que o corazón desmente convence. O mocinho, conducido por un instinto máis seguro, ri secretamente dos tristes preceptos aos que finxe asentir e só espera o momento de volvelos inútiles. Todo isto é contrario á natureza. Seguindo un camiño oposto eu hei chegar de xeito máis seguro ao mesmo obxectivo. Non hei temer agarimar nel o doce sentimento do que está ávido, heillo pintar como a suprema felicidade da vida, porque efectivamente o é; en llo pintando, quero que se entregue a el. Facéndolle sentir o moito encanto que engade á atracción dos sentidos a unión dos corazóns heino anoxar da libertinaxe e heino volver sabio volvéndoo namorado.

Que limitado cómpre ser para só ver nos nacentes desexos dun mozo un obstáculo para as leccións da razón! Eu vexo neles o verdadeiro medio de facelo dócil a estas mesmas leccións. Só a través das paixóns temos influencia sobre as paixóns; é a través do seu poderío como cómpre combater a tiranía delas, e é sempre da propia natureza de quen cómpre tirar os instrumentos propios para regulala.

Emilio non está feito para permanecer sempre solitario ; como membro da sociedade debe cumprir os deberes para con ela. Feito para vivir cos homes, debe coñecelos. Coñece o home

en xeral, quédanlle por coñecer os individuos. Sabe o que se fai no mundo, quédanlle ver como se vive nel. É momento de lle amosar o exterior dese gran escenario do que xa coñece todos os mecanismos ocultos. Xa non ha consagrarlle a admiración estúpida dun rapaciño tarabelo senón o discernimento dun espírito recto e xusto. As súas paixóns poderano embelear, sen dúbida: cando é que non embelecen aos que se entregan a elas? Mais, cando menos non o han enganar as dos demais. Se as ve, ha velas coa ollada do sabio, sen ser arrastrado polos seus exemplos nin seducido polos seus prexuízos.

Igual que existe unha idade propia para o estudio das ciencias, existe unha para captar ben o comportamento na sociedade. Calquera que aprende este comportamento demasiado novo ségueo toda a súa vida sen escolla, sen reflexión, e, aínda que con suficiencia, sen saber ben endexamais o que fai. Mais aquel que o aprende e que ve as súas razóns ségueo con maior discernimento, e por conseguinte con maior xusteza e graza. Dádeme un rapaz de doce anos que descoñeza todo e aos quince anos devólvovalo tan sabio coma o que vós instruístes dende a primeira idade, coa diferenza de que o saber do meu ha residir no seu xuízo. Da mesma maneira, introducide na sociedade un mozo de vinte anos: ben guiado, nun ano ha ser máis amable e máis asisadamente cortés que aquel que fose criado nela dende a súa infancia, porque, ao ser o primeiro capaz de sentir as razóns de todos os procedementos relativos á idade, á condición e ao sexo que constitúen este comportamento, pode reducilos a principios e estendelos aos casos non previstos, namentres que o outro, ao non ter máis que a rutina por toda regra, vese en apuros tan axiña como o tiran dela.

As señoritas francesas son todas educadas en conventos ata que as casan. Seica se ve que lles custe entón adoptar esas maneiras que lles son tan novas? Seica se ha acusar ás mulleres de París de teren aspecto torpe e apurado e de ignoraren o comportamento na sociedade por non teren sido introducidas nela

dende a súa infancia? Este prexuízo procede das propias xentes de mundo que, ao non coñeceren nada máis importante que esa pequena ciencia, imaxinan falsamente que un só pode adicarse dende cedo para adquirila.

É certo que tampouco cómpre agardar de máis. Calquera que ten pasado toda a súa mocidade lonxe do gran mundo conserva o resto da súa vida un aspecto apurado e forzado, un xeito de falar sempre fóra de propósito, maneiras pesadas e pouco hábiles das que non o libra o hábito de vivir nel, e que non adquiren senón un novo ridículo co esforzo que fai para liberarse delas. Cada tipo de instrución ten o seu momento propio que cómpre coñecer e os seus perigos que cómpre evitar. É sobre todo a través desta como se adquiren, mais tampouco eu expoño ao meu alumno sen precaución para protexelo delas.

Cando o meu método aborda todas as perspectivas dun mesmo obxecto, e evitando un inconveniente prevén outro, considero entón que é bo e que estou no certo. É o que coído ver na solución que me suxire aquí. Se quero ser austero e seco co meu discípulo hei perder a súa confianza e axiña se ha esconder de min. Se quero ser compracente, fácil, ou pechar os ollos: de que lle serve estar baixo a miña garda? O único que fago é autorizar a súa desorde e aliviar a súa conciencia a conta da miña. Se o introduzo na sociedade co único proxecto de instruílo, hase instruír máis do que eu quero. Se o manteño afastado dela ata o final: que terá aprendido de min? Todo, se cadra, non sendo a arte máis necesaria para o home e o cidadán, que é saber vivir cos seus semellantes. Se eu lle dou aos seus coidados unha utilidade demasiado afastada, ha ser como nula para el: só fai caso do presente. Se me contento con lle fornecer diversións: que ben lle fago? Amolece e non se constrúe en absoluto.

Nada de todo iso. Só a miña solución resolve todo. “O teu corazón –dígolle ao mocíño– precisa unha compañeira: vamos buscar a que che convén. Non a habemos atopar doadamente, se cadra; o verdadeiro mérito sempre é raro, mais non nos

apresuremos nin nos botemos atrás. Sen dúbida existe unha e finalmente habémola atopar, ou cando menos a que se aproxima máis a ela”. Cun proxecto tan grato para e, introdúzoa na sociedade: que necesidade teño de dicir máis? Non vedes que fixen todo?

Ao lle pintar a amada que lle destino, imaxínade se saberei facerme escoitar por el, se saberei facerlle agradables e queridas as calidades que debe amar, se saberei dispor todos os seus sentimentos de acordo co que debe procurar ou fuxir! Cómpre que eu sexa o máis zoupón dos homes se non o volvo de antemán namorado sen saber de quen. Non importa que o obxecto que lle pinte sexa imaxinario, abonda con que o anoxe daqueles que poderían tentalo; abonda con que atope por todas partes comparanzas que lle fagan preferir a súa quimera antes que os obxectos reais que han bater con el. E que é o verdadeiro amor, propiamente, se non é quimera, mentira e ilusión? Un ama moito máis a imaxe que se forma que o obxecto ao cal a aplica. Se un vise o que ama exactamente tal como é, non existiría xa o amor enriba da Terra. Cando un deixa de amar, a persoa á que se amaba segue sendo a de antes, mais un xa non a ve igual. O veo da aparencia cae e o amor esváese. Ora ben, fornecéndolle o obxecto imaxinario son dono das comparacións e impido doadamente a ilusión dos obxectos reais.

Non quero, por iso, que se engane a un mociño pintándolle un modelo de perfección que non poida existir, senón que hei escoller os defectos da súa namorada ata o punto que lle convenzan, que lle agraden e que lle sirvan para corrixir os seus. Non quero tampouco que se lle minta afirmando falsamente que o obxecto que se lle pinta existe, mais se a imaxe lle parece axiña ha desexar un orixinal. Do desexo á suposición e doado o traxecto; é cousa dunhas hábiles descrições que baixo trazos máis sensibles han darlle a este obxecto imaxinario un maior aire de verdade. Quixera chegar ata nomeala e diría rindo: “Chamémoslle *Sofía* á vosa futura namorada: *Sofía* é un nome

de bo augurio; se a que vós escolledes non o leva, cando menos será digna de levalo; podémoslle facer ese honor de antemán”. Despois de todos estes detalles, se sen afirmar nin negar escapamos a través de pretextos, as súas sospeitas han virar en certeza: ha crer que lle fan un misterio coa esposa que lle destinan e que ha vela cando sexa o momento. Se chega aí unha vez, e se se escolleron ben os trazos que cómpre amosarlle, todo o resto é fácil, pódese expolo na sociedade case sen risco; defendédeo só dos seus sentidos, o seu corazón está seguro.

Mais –chegue el a personificar ou non o modelo que souben facerlle amable– este modelo, se está ben feito, non o ha vencer menos a todo o que se lle asemella e non lle ha dar menos distanciamento de todo o que non se lle asemella que se tivese un obxecto real. Que vantaxe para preservar o seu corazón dos perigos aos que a súa persoa debe verse exposta, para reprimir os seus sentidos a través da súa imaxinación, para arrancalo sobre todo destas fornecedoras de educación que a fan pagar tan cara e non forman a un mozo na cortesía senón tirándolle toda a honestidade! Sofía é tan modesta! Con que ollos ha ver el as insinuacións daquelas? Sofía ten tanta sinxeleza! Como ha apreciar el os seus aires? Existe demasiada distancia entre as ideas e as observacións del como para que estas se lle cheguen a facer un día perigosas.

Todos aqueles que falan do goberno dos rapaces seguen os mesmos prexuízos e os mesmos preceptos porque observan mal e reflexionan peor aínda. Non é nin a través do temperamento nin a través dos sentidos como comeza a desviarse a mocidade, é a través da opinión. Se fose aquí cuestión dos rapaces educados nos colexios e das raparigas educadas nos conventos, faría eu ver que é certo, mesmo tocante a eles, porque as primeiras leccións que captan uns e outros, as únicas que frutifican, son as do vicio e non é a natureza quen os corrompe, é o exemplo. Mais abandonemos aos internos dos colexios e dos conventos aos seus malos costumes, nunca terán remedio. Falo unica-

mente da educación doméstica. Tomade un mozo educado sabiamente na casa de seu pai en provincias e examinádeo no momento en que chega a París ou entra na sociedade; habedes atopar que pensa correctamente sobre as cousas honestas e que ten a vontade tan sa mesmo como a razón. Atoparedes nel desprezo polo vicio e horror pola bandallada. Coa soa mención dunha prostituta habedes ver nos seus ollos o escándalo da inocencia. Sosteoño que non existe un que se dea resolto a entrar só nas tristes moradas destas malpocadas aínda que soubese como actuar e tivese necesidade delas

Pasados seis meses, considerade de novo ao mesmo mozo e non o habedes recoñecer. Expresións libres, frases subidas de ton e aires descoidados farían tomar por outro home se as súas chufas sobre a súa primitiva sinxeleza e a súa vergoña cando lla lembran non amosasen que é o mesmo e que se ruboriza diso. Moito se ten formado en tan pouco tempo! De onde ven un cambio tan grande e tan brusco? Do progreso do temperamento? Seica non tería o seu temperamento feito o mesmo progreso na casa paterna e sen adoptar nela, con seguridade, nin este ton nin estas expresións? Dos primeiros praceres dos sentidos? Ben ao contrario, cando un comeza a entregarse a eles síntese temeroso, inquieto e fuxe do pleno día e do ruído. As primeiras voluptuosidades son sempre misteriosas, o pudor adúbaas e agáchaas: a primeira namorada non volve desvergoñado senón tímido. Completamente absorbido nun estado tan novo para el, o mozo recóllese para saborealo e treme sempre co medo de perdelo. Se é ruidoso non é nin voluptuoso nin tenro; en tanto que se gabe é que non gozou.

Só outras maneiras de pensar teñen producido estas diferenzas. O seu corazón aínda é o mesmo mais as súas opinións teñen mudado. Os seus sentimentos, máis lentos en se alteraren, hanse alterar finalmente debido a elas e é só entón cando estará verdadeiramente corrompido. Apenas ten entrado na sociedade toma unha segunda educación completamente oposta

á primeira, a través da cal aprende a desprezar o que estimaba e a estimar o que desprezaba: fanlle mirar as leccións dos seus pais e dos seus mestres como unha lería pedante e os deberes que lle teñen predicado como unha moral pueril que se debe desdeñar ao ser grande. Cóidase obrigado por honor a cambiar de conduta; faise emprendedor sen desexos e fato por vergoña mal entendida. Búrlase dos bos costumes antes de lles ter tomado gusto aos malos, e presume de bandallo sen saber de bandallada. Nunca hei esquecer a confesión dun oficial mozo dos Gardas Suízos que se aburría moito cos praceres ruidosos dos seus compañeiros e non ousaba negarse a eles por medo a que se riran del. “Exercítome niso –dicía– como en tomar tabaco malia a miña repugnancia; o gusto chegará co costume: cómpre non seguir sendo sempre un rapaz”.

Así, logo, é moito menos da sensualidade que da fachenda do que cómpre preservar a un mozo que entra na sociedade; cede máis ás inclinacións dos outros que as súas, e o amor propio orixina máis libertinos que o amor.

Establecido isto, pregunto se existe sobre a Terra enteira algún mellor armado que o meu contra todo o que pode atacar os seus costumes, os seus sentimentos e os seus principios. Se existe un en mellores condicións de resistir o torrente. Porque: contra que sedución non ten el defensa? Se os seus desexos o arrastran cara ao sexo non atopa nel o que busca e o seu corazón preocupado conteno. Se os seus sentidos o abalan e o apuran: onde ha atopar como contentalos? O horror ao adulterio e á bandallada afástaos por igual das mulleres públicas e das mulleres casadas, e sempre é a través dun deses dous estados como comezan as desordes da mocidade. Unha rapariga casadeira pode ser coqueta, mais non ha ser desvergoñada, non se ha ir botar enriba dun mozo que pode casar con ela se a coida asisada; por outra banda ha ter alguén que a vixile. Emilio, pola súa banda, non se ha entregar totalmente a el mesmo; os dous terán cando menos como gardas o temor e a vergoña, inseparables dos pri-

meiros desexos; non han pasar de súpeto ás derradeiras familiaridades e non han ter tempo de chegar a elas gradualmente sen obstáculos. Para actuar doutro xeito cómpre que tivese xa tomado leccións dos seus compañeiros, que tivese aprendido deles a se burlar do seu comedimento, a se volver insolente coa súa imitación. Mais: que home existe no mundo menos imitador que Emilio? Que home se guía menos polo ton gracioso que aquel que non ten prexuízos e non sabe conceder nada aos dos demais? Traballei durante vinte anos en armalo contra os burlóns, halles cumprir máis dun día para facer del a súa vítima porque o ridículo só é, aos ollos del, a razón dos parvos e nada o volve máis insensible á chufa que o feito de estar por riba da opinión. No canto de bromas precisa razóns, e mentres se manteña así non teño medo de que mo leven uns mozos tolos; teño a prol de min a conciencia e a verdade. Se é preciso que o prexuízo se mesture, un vencello de vinte anos tamén é algo; endexamais lle han facer crer que eu o teña enfasiado con fútiles leccións, e nun corazón dereito e sensible a voz dun amigo fiel e verdadeiro ha saber ben borrar os gritos de vinte engaioladores. Como só é cousa, daquela, de lle amosar que eles o enganan e que finxindo tratalo como home trátano realmente como rapaz, hei procurar ser sempre sinxelo, mais grave e claro, nos meus razoamentos a fin de que senta que son eu quen o trata como home. Heille dicir: “Vedes que unicamente o voso interese, que é o meu, dita as miñas palabras, non podo ter ningún outro; mais: por que eses mozos queren convencervos? É porque queren engaiolarvos: non vos aprecian, non teñen interese ningún por vós, teñen por todo motivo un despeito secreto ao ver que valedes máis ca eles; quérvos rebaixar á súa cativa medida e só vos reprochan que vos deixedes gobernar a fin de vos poderen gobernar eles. Seica podedes crer que tedes algo que gañar deste cambio? Seica a súa sabedoría é tan superior, logo? Seica o seu vencello dun día é máis forte que o meu? Para lle conceder algún peso a esta burla, cumpría poderllo conceder á súa autoridade e: que

experiencia teñen eles para elevaren os seus preceptos por riba dos nosos? Non fixeron máis que imitar a outros tarabelos igual que queren ser imitados á súa vez. Para se poñeren por riba dos pretendidos prexuízos de seus pais escravízanse aos dos seus compañeiros. Non vexo o que gañan niso, mais vexo que perden con seguridade dúas grandes vantaxes, a do afecto paterno, do que os consellos son tenros e sinceros, e máis a da experiencia, que fai xulgar sobre o que un coñece porque os pais foron fillos e os fillos non foron pais”.

“Mais: considerádelos sinceros cando menos canto aos seus tolos preceptos? Nin mesmo iso, querido Emilio, engánanse para vos enganaren a vós, non están de acordo consigo mesmos. O seu corazón desménteos sen cesar e a miúdo a súa boca contradílos. Un deles ridiculiza todo o que é honesto e mais estaría desesperado se a súa muller pensase coma el. Outro levará esta indiferenza dos costumes ata aos da muller que aínda non ten, ou, para colmo de infamia, aos da muller que xa ten; pero ide máis lonxe, faládelle de súa nai e habedes ver se pasa de bo grado por ser o fillo do adulterio e o fillo dunha muller de mala vida, por adoptar falsamente o apelido dunha familia, por lle roubar o seu patrimonio ao herdeiro natural, habedes ver, en fin, se se deixa tratar pacientemente de bastardo! Quen de entre vós ha querer que se lle faga á súa filla a deshonra coa que cobre á doutro? Non existe ninguén que non atentase mesmo contra a vosa vida se chegásedes a adoptar con el na práctica todos os principios que se esforza en vos transmitir. É así como eles descubren finalmente a súa inconsecuencia e como se sente que ningún deles cre o que di. Velaí razóns, querido Emilio: sopesade as súas se é que as teñen e comparade. Se quixese eu usar coma eles o desprezo e a burla, habíádelos ver tan ridiculizados se cadra ou máis ca min. Mais non teño medo dun exame serio. O triunfo dos burlóns é de corta duración; a verdade permanece e a risa insensata deles esváese”.

Non imaxinades como Emilio pode ser dócil aos vinte anos? Que diferentemente pensamos! Eu non concibo como puido

selo aos dez, porque: que influencia tiña eu sobre el a aquela idade? Precisei quince anos de coidados para me arranxar esta influencia. Daquela non o educaba, preparáboo para ser educado; agora estao abondo como para ser dócil; recoñece a voz da amizade e sabe obedecer á razón. Déixolle, é certo, a aparencia da independencia, pero nunca o tiveron máis suxeito, pois estao porque quere estalo. En tanto que non puideron facerme amo da súa vontade seguino sendo da súa persoa; non me arredaba del nin un paso. Agora déixoo ás veces consigo mesmo porque o goberno sempre. Cando me arreda del abrázoo e dígolle con aire tranquilo: “Emilio, confíote ao meu amigo, entrégote ao seu corazón honesto, é el quen me ha responder de ti”.

Non é asunto dun momento o corromper afectos sans que non recibiron ningunha alteración precedente e borrar principios derivados inmediatamente das primeiras luces da razón. Se algún cambio se fai neles durante a miña ausencia, esta endexamais ha ser suficientemente longa; el nunca ha saber suficientemente esconderse de min para que eu non me decate do perigo antes de o mal chegar e que non estea atento para lle pór remedio. Igual que un non se corrompe de súpeto, non aprende de súpeto a disimular, e se algunha vez un home é pouco hábil nesta arte ese é Emilio, que non tivo na súa vida unha soa ocasión de utilizala.

A través destes coidados e doutros semellantes considéroo tan ben preservado dos obxectos estraños e dos preceptos vulgares que preferiría velo no medio da peor compañía de París que só no seu cuarto ou nun parque, abandonado a toda a inqueda da súa idade. Por moito que fagamos, de todos os inimigos que poden atacar a un mozo, o máis perigoso e o único que non se dá afastado é el mesmo. Con todo, este inimigo só é perigoso por culpa nosa porque, como teño dito mil veces, é unicamente a través da imaxinación como se espertan os sentidos. A súa necesidade non é propiamente unha necesidade física, non é certo que sexa unha verdadeira necesidade. Se endexamais un

obxecto lascivo tivese batido nos nosos ollos, se endexamais unha idea deshonesto tivese entrado na nosa mente, se cadra endexamais esta pretendida necesidade se tería feito sentir en nós e teríamos permanecido castos sen tentacións, sen esforzos e sen méritos. Non se sabe que fermentacións xordas excitan certas situacións e certos espectáculos no sangue da mocidade sen que saiba distinguir ela a causa desta primeira inqueda, que non é fácil de calmar e non tarda en renacer. O que son eu, canto máis cavilo nesta importante crise e nas súas causas próximas ou afastadas, máis me convenzo de que un solitario educado nun deserto sen libros, sen instrución e sen mulleres, había morrer alí virxe á idade á que tivese chegado.

Mais non é aquí asunto dun salvaxe desa caste. Educando un home no medio dos seus semellantes e para a sociedade, é imposible e é mesmo irrazoable crialo sempre nesta salutífera ignorancia, e o peor que existe para a sabedoría é ser sabio a medias. A lembranza dos obxectos que bateron en nós e as ideas que temos adquirido séguennos ao noso retiro e pobóano malia nós con imaxes máis engaiolante que os mesmos obxectos e tornan a soidade tan funesta para aquel que as leva alí como útil é para o que se mantén sempre só.

Velade, daquela, coidadosamente polo mozo: poderá el protexerse de todo o resto mais sodes vós quen o tedes que protexer del. Non o deixedes só nin de día nin de noite, deitádevos cando menos no seu cuarto. Desconfíade do instinto tan axiña como non vos limitades xa a el; é bo mentres actúa só, é sospeitoso des que se mestura coas institucións dos homes; non é preciso destruílo, é preciso regulalo e isto se cadra é máis difícil que aniquilalo. Sería moi perigoso que lle aprendese ao voso alumno a desviar os seus sentidos e prover nas ocasións de satisfacelos; se chegase a coñecer unha vez esta perigosa provisión está perdido. Dende entón ha ter sempre enervados o corpo e o corazón; ha levar ata a tumba os tristes efectos deste hábito, o máis funesto ao que un mozo poida estar sometido. Sen dúbida valería

máis aínda... se os furores dun temperamento ardente se fixesen invencibles, meu querido Emilio, compadézote, mais non hei dubidar nin un momento, non hei permitir que a finalidade da natureza sexa eludida. Se é preciso que te escravice un tirano, entrégote preferentemente a aquel do que te podó liberar; aconteza o que aconteza, heite arrancar máis doadamente das mulleres que de ti.

Ata os vinte anos o corpo medra; ten necesidade de toda a súa substancia; a continencia está entón na orde da natureza, e un falta unicamente a ela a expensas da súa constitución. Despois dos vinte anos a continencia é un deber de moral; importa para aprender a reinar sobre si mesmo, a permanecer dono dos seus apetitos, mais os deberes morais teñen as súas modificacións, as súas excepcións e as súas regras. Cando a febleza humana volve inevitable unha alternativa, entre dous males prefiramos o menor; en todo estado de causa vale máis cometer unha falta que contraer un vicio.

Lembrádevos que xa non é do meu alumno do que estou a falar aquí, é do voso. Escravízanvos as paixóns que tedes deixando fermentar nel? Cedede, logo, ante elas abertamente e sen lle disfrazar a súa vitoria; se sabedes amosarlle en pleno día ha estar el menos fachendoso que avergoñado, e vós habédesvos preparar o dereito a guialo durante o seu extravío para cando menos facerlle evitar os precipicios. Importa que o discípulo non faga nada que o mestre non saiba e non queira, nin mesmo o que está mal, e vale cen veces máis que o aio aprobe unha falta e se engane antes de que sexa enganado polo seu alumno e a falta se cometa sen el saber nada. Aquel que cre deber seu pechar os ollos ante algo, vese axiña obrigado a pechalos ante todo; o primeiro engano tolerado trae outro, e esta cadea non acaba xa senón no derrubamento de toda orde e no desprezo de toda lei.

Outro erro que xa teño combatido, mais que nunca ha saír das mentes cativas, é aparentar sempre dignidade maxistral e

querer pasar por un home perfecto na mente do seu discípulo. Este método é un contrasentido. Como é que non ven eles que ao quererem fortalecer a súa autoridade estana destruíndo? Que para facer escoitar o que se di cómpre porse no lugar daqueles aos que un se dirixe, e que cómpre ser home para saber falarlle ao corazón humano? Toda esta xente perfecta non conmove nin convence, un sempre se di que a ela lle resulta moi doado combater unhas paixóns que non sente. Amosádelle as vosas feblezas ao voso alumno se o queredes curar das súas; que vexa en vós os mesmos combates que el experimenta, que aprenda co voso exemplo a se vencer e que non diga como os demais: “Estes vellos enrabeçados por non seren xa mozos queren tratar á xente nova como vellos, e dado que todos os seus desexos están apagados, presentan os nosos coma un crime”.

Montaigne di que lle preguntou un día ao señor de Langey cantas veces nas súas negociacións de Alemaña se tiña embebedado para servir ao rei. Eu preguntarlle de grado ao aio de certo mozo cantas veces ten entrado nun mal lugar para servir ao seu alumno. Cantas veces? Engánome. Se a primeira non lle tira para sempre ao libertino o desexo de regresar alí, se non acada del o arrepentimento e a vergoña, se el non verte no voso peito torrentes de bágoas, abandonádeo decontado. Non é máis que un monstro ou vós non sodes máis que un imbécil; endexamais lle habedes servir para nada. Mais deixemos estas solucións extremas, tan tristes como perigosas e que non teñen relación ningunha coa nosa educación.

Cantas precaucións é preciso adoptar cun mozo ben nacido antes de o expor ao escándalo dos costumes do século! Estas precaucións son penosas mais indispensables: é a negligencia neste punto a que perde a mocidade toda; é pola desorde da primeira idade como os homes dexeneran e vémoslos converterse no que son hoxe. Ruíns e covardes nos seus mesmos vicios, non teñen senón almas cativas porque os seus corpos gastados foron corrompidos cedo; apenas lles queda suficiente vida

para se moveren. Os seus sutís pensamentos marcan espíritos sen consistencia; non saben sentir nada grande e nobre; non teñen nin sinxeleza nin vigor. Godallentos en todo e baixamente malvados, son só finchados, larcháns e falsos, non teñen mesmo coraxe abondo para seren ilustres asasinos. Tales son os desprezables homes que forman a crápula de mocidade. Se se atopase entre eles un só que soubese ser temperado e sobrio, que soubese no medio deles preservar o seu corazón, o seu sangue e os seus costumes do contaxio do exemplo, aos trinta anos había el esmagar todos estes insectos e converterse no seu amo con menos traballo do que tivo para permanecer amo de si propio.

Por pouco que o nacemento ou a fortuna tivese feito por Emilio, el había ser ese home se quixese, pero desprezaos de máis para se dignar a escravizalos. Vexámolo agora no medio deles, entrando na sociedade non para triunfar nela senón para coñecela e para atopar alí unha compañeira digna del.

Calquera que sexa o rango co que teña nacido, calquera que sexa a compañía na que comeza a introducirse, o seu comezo ha ser sinxelo e sen escintileo; queira Deus que non sexa infortunado abondo como para brillar nela: as calidades que impresionan á primeira ollada non son as súas; nin as ten nin as quere ter. Concédelles demasiado pouco valor aos xuízos dos homes como para llelo conceder aos seus prexuízos, e non lle preocupa que o aprecien antes de coñecelo. O seu xeito de se presentar non é nin modesto nin finchado, é natural e auténtico; non coñece dificultade nin disfraz e está no medio dun círculo tal como está só e sen testemuñas. Seica por iso vai ser groseiro, desdeñoso e sen atención por ninguén? Ben ao contrario: se cando está só non fai de menos aos outros homes: por que os había facer de menos ao vivir con eles? Non os prefire a el nas súas maneiras porque non os prefire a el no seu corazón, mais non lles amosa, tampouco, unha indiferenza que está ben lonxe de ter: se non ten as fórmulas da cortesía, ten os coidados da humanidade. Non lle gusta ver sufrir a ninguén; non lle ha ceder o seu sitio

a outro por macacada senón que lla ha ceder de grado por bondade se ao velo esquecido considera que este esquecemento o mortifica, porque ao meu mozo halle custar menos permanecer de pé voluntariamente que ver ao outro estar así á forza.

Aínda que en xeral Emilio non aprecia aos homes, non lles ha amosar desprezo porque os compadece e se doe deles. Ao non lles poder dar gusto polos bens reais, déixalles os bens da opinión cos que eles se contentan, por medo a que, en llos tirando inutilmente, non os volva máis infelices que antes. Non é, pois, disputador nin amigo de levar a contraria; tampouco non é compracente e louvamiñeiro; di o seu parecer sen combater o de ninguén porque ama a liberdade por riba de todas as cousas e porque a franqueza é un dos seus máis fermosos dereitos.

Fala pouco porque apenas lle importa que se ocupen del. Pola mesma razón só di cousas útiles; outramente: que é o que habería impulsalo a falar? Emilio é instruído de máis como para ser lingoreteiro algún día. O moito cacarexo procede necesariamente ou da pretensión de enxeño, da que despois falarei, ou do valor que se lles concede a unhas lilailas das que parvamente se cre que os outros fan tanto caso coma vós. Aquel que coñece cousas dabondo como para lles conceder a todas o seu verdadeiro valor non fala nunca demasiado, porque sabe apreciar tamén a atención que lle conceden a el e o interese que lle poden prestar ás súas falas. En xeral a xente que sabe pouco fala moito e a xente que sabe moito fala pouco: é sinxelo que un ignorante atope importante todo o que sabe e que o diga a todo o mundo. Mais un home instruído non abre doadamente o seu repertorio; tería demasiado que dicir, e aínda ve máis que dicir despois del. E cala.

Lonxe de resultar chocante para as maneiras dos outros, Emilio confórmase a elas de bastante bo grado, non para parecer instruído sobre os costumes nin para aparentar aires de home cortés senón polo contrario por medo a que o distingán, para evitar ser visto, e endexamais está máis ao seu xeito que cando non están atentos a el.

Aínda que entrando na sociedade ignora completamente as maneiras dela, non é por iso tímido e medoñento; se se oculta non é por apuro, é porque para ver ben cómpre non ser visto. Porque o que pensan del non lle preocupa practicamente, e o ridículo non lle produce o menor medo. Iso fai que, ao estar sempre tranquilo e con sangue frío, non se inquiete a causa da vergoña mal entendida. Miren para el ou non, sempre fai o mellor que pode aquilo que fai, e, sempre ao seu xeito para observar ben aos outros, adopta os costumes cunha facilidade que non poden ter os escravos da opinión. Pódese dicir que adopta máis axiña o costume da sociedade precisamente porque fai pouco caso dela.

Non vos enganedes, con todo, sobre a súa compostura e non a vaiades comparar coa dos vosos agradables mozos. El é firme e non suficiente, as súas maneiras son libres e non desdeñosas: o aire insolente só lles pertence aos escravos, a independencia non ten nada de afectada. Endexamais teño visto un home con grandeza de alma amosala no seu porte; esta afectación é moito máis propia das almas ruíns e finchadas que só poden impola así. Leo nun libro que, presentándose un día un estranxeiro na sala do famoso Marcel, este preguntoulle de que país era. “–*Son inglés* – responde o estranxeiro. “–*Vós inglés?* – replica o danzante– *Seríades desa illa na que os cidadáns toman parte da administración pública? Non, señor: esa testa baixada, esa mirada tímida e ese andar inseguro anúncianme só un escravo co título de elector*¹⁵³”.

Non sei se este xuízo amosa un gran coñecemento da verdadeira relación que existe entre o carácter dun home e o seu

¹⁵³ Como se houbera cidadáns que non fosen membros da cidade e que non formasen parte como tales, da autoridade soberana! Mais os Franceses, ao teren xulgado conveniente usurpar ese respectable nome de “cidadáns”, dado antigamente aos membros das cidades dos Galos, desnaturalizaron a idea ata o punto de que nela xa non se recoñece máis nada. Un home que acaba de escribirme moitas parvadas contra a *Nova Heloísa* adornou a súa sinatura co título de *Cidadán de Paimbeuf* e creu que me facía unha broma excelente.

exterior. Eu, que non teño a honra de ser profesor de danza, tería pensado totalmente o contrario. Tería dito: “*Este Inglés non é cortesán; nunca teño sentido dicir que os cortesáns levasen a testa baixa e tivesen un andar inseguro: un home tímido ante un danzante podería ben non selo na Cámara dos Comúns*”. Con seguridade ese tal señor Marcel debe tomar aos seus compatriotas por Romanos!

Cando un ama, quere ser amado; Emilio ama aos homes e, daquela, quérelles agradar. Con maior razón quere agradarlles ás mulleres. A súa idade, os seus principios, o seu proxecto, todo concorre a alimentar nel ese desexo. Digo *os seus principios* porque eles teñen moito que ver; os homes que os teñen son os verdadeiros adoradores das mulleres. Non teñen, como os demais, non sei que falaricada burlona de galantería senón que teñen un agarimo máis certo, máis tenro e que ven do corazón. Eu recoñecería cabo dunha mociña, entre cen mil bandallos, a un home que ten principios e que domina a natureza. Xulgade o que pode ser Emilio cun temperamento totalmente novo e tantas razóns para resistir! Á beira delas, creo que ha ser por veces tímido e hase ver apurado, mais con toda seguridade este apuro non lles ha desagradar a elas, e as menos pillabanas aínda terán con moita frecuencia a arte de gozaren con el e de o aumentaren. Polo demais, a súa solicitude ha cambiar sensiblemente de forma segundo os estados. Ha ser máis modesto e máis respectuoso coas mulleres e máis vivo e máis tenro coas raparigas casadeiras. Non perde de vista o obxectivo das súas procuras e sempre é a quen llas lembra a quen el lle presta maior atención.

Ninguén ha ser máis exacto en todos os miramentos baseados sobre a orde da natureza e mesmo sobre a boa orde da sociedade, mais os primeiros han ser sempre preferidos aos outros e el ha respectar máis un particular maior ca el antes que un maxistrado da súa idade. Ao ser, logo, de ordinario, un dos máis novos das reunións nas que se atope, ha ser sempre un dos máis modestos, non pola vaidade de semellar humilde

senón por un sentimento natural e baseado na razón. Non ha ter en absoluto o impertinente saber vivir dun mozo fato que para divertir á compañía fala máis alto que os sabios e lles corta a palabra aos máis vellos: non ha autorizar pola súa parte a resposta dun vello fidalgo a Luís XV que lle preguntaba cal era a época que prefería, se a súa ou a actual. *“Maxestade, pasei a miña mocidade respectando os anciáns, cómpre que pase a miña vellez respectando aos rapaces”*.

Ao ter unha alma tenra e sensible, mais non apreciar cousa ningunha polo valor que lle impón a opinión, aínda que lle gusta agradar aos demais hase preocupar pouco de que estes o consideren. De onde se deduce que ha ser máis afectuoso que cortés, que endexamais ha ter bamba nin fasto e que o ha emocionar máis unha caricia que mil gabanzas. Polas mesmas razóns, non ha descoidar nin as súas maneiras nin o seu porte, mesmo ha poder coidar un pouco o seu adobío, non para parecer un home de gusto senón para facer máis agradable a súa figura; nunca recorrerá ao marco dourado e nunca o sinal da riqueza lixará o seu arranxo.

Vese que todo iso non esixe pola miña parte un despregue de preceptos e que é só efecto da súa primeira educación. Preséntannos con gran misterio os usos da sociedade como se na idade na que un adopta eses usos non os adoptase con naturalidade e como se non fose nun corazón honesto onde cómpre buscar as súas primeiras leis! A verdadeira cortesía consiste en demostrar agarimo cara aos homes; amósase sen dificultade cando un o ten, e é quen non o ten quen se ve obrigado a reducir a artificio as súas aparencias.

“O máis infortunado efecto da cortesía en uso é ensinar a arte de prescindir das virtudes que ela imita. Que nos inspiren na educación a humanidade e a beneficencia, e habemos ter cortesía ou non a habemos precisar.

Se non temos aquela que se anuncia a través dos encantos, habemos ter a que anuncia o home de ben e o cidadán; non habemos precisar recorreremos á falsidade.

En lugar de ser artificioso para agradar, abundará con ser bo, en lugar de ser falso para adular as feblezas dos outros, abundará con ser indulxente.

Aqueles cos que utilizaremos tales procedementos non se han ver ensoberbecidos nin corrompidos por estes; unicamente serán agradecidos e con eles faranse mellores”¹⁵⁴.

Paréceme que se existe unha educación que debe producir o tipo de cortesía esixida aquí polo señor Duclos, é aquela da que agora tracei o plano.

Concordo, con todo, en que con regras tan diferentes Emilio non ha ser como todo o mundo, e Deus o garde de selo endexamais; pero naquilo no que será diferente dos outros non ha ser el molesto nin ridículo; a diferenza ha ser sensible sen ser incómoda. Emilio ha ser, se se quere, un amable estranxeiro. Ao primeiro hanlle perdoar as súas singularidades dicindo: “*Hase ir formando*”. Despois estarán totalmente afeitos ás súas maneiras e, ao veren que non as troca, hanllas perdoar aínda dicindo: “*El é dese xeito*”.

Non o han festexar como un home apreciable, mais hano apreciar sen saberen por que; ninguén ha gabar o seu enxeño, mais hano tomar de grado como xuíz entre a xente de enxeño; o seu será nidio e limitado, ha ter o entendemento recto e o xuízo san. Ao non correr endexamais detrás das ideas novas, non sabería pretender ter enxeño. Eu fíxenlle sentir que todas as ideas saudables e verdadeiramente útiles para os homes foron as primeiras coñecidas, que elas constitúen en todas as épocas os verdadeiros lazos da sociedade e que só lles queda aos espíritos transcendentales distinguírense a través de ideas perniciosas e funestas entre o xénero humano. Esta maneira de se facer admirar practicamente non o conmove: sabe onde pode atopar a felicidade da súa vida e en que pode contribuír á felicidade doutras persoas. A espera dos seus coñecementos

¹⁵⁴ “*Consideracións sobre os costumes deste século*”, polo señor Duclos, p. 65.

non se estende máis lonxe que o que lle é proveitoso. O seu camiño é estreito e ben marcado; ao non se ver tentado de saír del permanece confundido cos que o seguen, non quere nin desviarse nin brillar. Emilio é un home de bo sentido que non quere ser outra cousa: por moito que queiran insultalo con este título, hase sentir sempre honrado por el.

Aínda que o desexo de agradar non o deixe xa completamente indiferente sobre a opinión doutras persoas, non ha tomar desta opinión máis que o que se relacione directamente con el, sen se preocupar das apreciacións arbitrarias que só teñen por lei a moda ou os prexuízos. Ha ter o orgullo de querer facer ben todo o que faga, e mesmo de querer facelo mellor que outro. Na carreira ha querer ser o máis lixeiro, na loita o máis forte, no traballo o máis hábil, nos xogos de destreza o máis destro, mais ha procurar pouco as vantaxes que non están claras por elas mesmas e que precisan ser constatadas a través do xuízo doutra persoa, tal como ter máis enxeño ca outro, falar mellor, ser máis sabio, etc. e aínda menos aquelas que non dependen en absoluto da persoa, como ter máis alto nacemento, ser estimado máis rico, de máis creto, máis considerado ou imporse a través dun maior fasto.

Apreciando aos homes porque son os seus semellantes, ha apreciar sobre todo a aqueles que máis se asemellan a el, porque se ha sentir bo, e xulgando esta semellanza a través da conformidade dos gustos nos asuntos morais, en todo o que se refire ao bo carácter ha sentirse satisfeito por ser aprobado. Non ha dicir precisamente: “Alégrome porque me aproban” senón “Alégrome porque aproban aquilo que fixen ben, alégrome de que a xente que me honra se honre a si mesma; en tanto que xulguen de xeito tan san ha resultar fermoso obter a súa estima”

Estudiando os homes a través do seu comportamento na sociedade, igual que os estudiaba antes a través das súas paixóns na historia, ha ter a miúdo ocasión de reflexionar sobre o que agrada ou choca ao corazón humano. Velo aí filosofando sobre

os principios do gusto, e velaí o estudio que lle convén durante esta época.

Canto máis lonxe un vai procurar as definicións do gusto, máis se desvía; o gusto non é máis que a facultade de xulgar o que agrada ou desagrada ao maior número. Saídevos de aí e xa non habedes saber o que é o gusto. Non se deduce diso que exista tanta xente de gusto como da outra, porque, aínda que a maioría xulgue ben cada obxecto, existen poucos homes que xulguen igual ca ela sobre os obxectos todos, e aínda que a concorrencia dos gustos máis xerais constituía o bo gusto, existe pouca xente de gusto. De igual maneira que existen poucas persoas fermosas aínda que a reunión dos trazos máis comúns constituía a fermosura.

Cómpre observar que aquí non se trata do que nos gusta porque nos é útil nin do que odiamos porque nos fai dano. O gusto só se exercita sobre cousas indiferentes ou dun interese de lecer como moito, e non sobre aquelas que teñen que ver coas nosas necesidades; para xulgar destas non é necesario o gusto, abonda unicamente co apetito. Velaí o que volve tan difíciles e, paréceme a min, tan arbitrarias as puras decisións do gusto, porque fóra do instinto que o determina xa non vemos a razón destas decisións. Debemos distinguir aínda entre as súas leis nas cousas morais e as súas leis nas cousas físicas. Nestas, os principios do gusto semellan absolutamente inexplicables, mais é importante observar que o moral entra en todo o que ten que ver coa imitación¹⁵⁵: explicámonos así fermosuras que parecen físicas e que realmente non o son. Engadirei que o gusto ten regras locais que o fan dependente en mil cousas dos climas, os costumes, o goberno e cousas de institucións; que tamén hai outras que teñen que ver coa idade, o sexo e o carácter, e que é neste sentido no que cómpre non discutir sobre os gustos.

¹⁵⁵ Isto está demostrado nun ensaio sobre o *Principio da melodía*, que se ha encontrar na recolleita dos meus escritos.

O gusto está na natureza de todos os homes, mais non o teñen todos na mesma medida, non se desenvolve en todos no mesmo grao e en todos está suxeito a se alterar por diversas causas. A medida do gusto que podemos ter depende da sensibilidade que temos recibido; o seu cultivo e a súa forma dependen da compañía na que temos vivido. Primeiramente cómpre vivir en compañías numerosas para facer moitas comparacións, en segundo lugar cómpren compañías de lecer e de ociosidade, porque nas dos negocios temos por regra non o pracer senón o interese; en terceiro lugar, cómpren compañías nas que a desigualdade non sexa demasiado grande, a tiranía de opinión sexa moderada e reine a voluptuosidade máis que a vaidade, porque no caso contrario a moda afoga o gusto, e non procuramos xa o que gusta senón o que distingue.

Neste último caso xa non é certo que o bo gusto sexa o do maior número. Por que? Porque o obxecto cambia. Daquela a multitude xa non ten xuízo propio, non xulga xa máis que seguindo os que considera máis ilustrados ca ela; non aproba o que está ben senón o que aqueles aprobaron. En todas as épocas, facede que cada home teña o seu propio sentimento, e o que é máis agradable en si ha ter sempre a maioría das adhesións.

Nos seus traballos os homes non fan nada fermoso senón por imitación. Os verdadeiros modelos todos do gusto están na natureza: canto máis nos afastamos do mestre máis desfigurados se ven os nosos cadros. Daquela, é dos obxectos que amamos dos que tiramos os nosos modelos, e a fermosura de fantasía, suxeita ao capricho e á autoridade, non é máis nada que o que lle gusta a aqueles que nos guían.

Os que nos guían son os artistas, os grandes e os ricos, e o que os guía a eles é o seu propio interese ou a súa propia vaidade; estes para exhibiren a súa riqueza e os outros para se aproveitaren dela compiten na procura de novos medios de gasto. A través disto o gran luxo establece o seu poderío e fai gustar o que é difícil e custoso; daquela a pretendida fermosura, lonxe

de imitar a natureza, non é tal senón a forza de contrariala. Velaí como o luxo e o mal gusto son inseparables. Alí onde o gusto é dispendioso, é falso.

É sobre todo no trato dos dous sexos onde o gusto, bo ou malo, toma forma; o seu cultivo é un efecto necesario do obxecto desta sociedade. Mais cando a facilidade de gozar fai amornecer o desexo de agradar, o gusto debe dexenerar, e esa é, paréceme a min, outra das razóns máis sensibles polas que o bo gusto ten que ver cos bos costumes.

Consultade o gusto das mulleres nas cousas físicas e que teñen que ver co xuízo dos sentidos e o dos homes nas cousas morais e que dependen máis do entendemento. Cando as mulleres sexan o que deben ser hanse limitar ás cousas da súa competencia e han vulgar sempre correctamente, mais desde que se teñen establecido como árbitros da literatura, desde que se puxeron a vulgar os libros e a facelos con toda a forza, xa non se dan recoñecido en nada. Os autores que consultan ás mulleres sabias sobre as súas obras están sempre seguros de ser mal aconsellados; os galáns que as consultan sobre o seu adobío van sempre ridiculamente compostos. Hei ter axiña ocasión de falar dos verdadeiros talentos deste sexo, da maneira de cultivalos e das cousas sobre as que as súas decisións deben ser entón escoitadas.

Velaí as consideracións elementais que eu hei establecer como principios ao razoar co meu Emilio sobre unha materia que non lle é en absoluto indiferente na circunstancia na que se atopa e na procura que o ocupa. E a quen debe ela serlle indiferente? O coñecemento do que pode ser agradable ou desagradable para os homes non só é necesario para aquel que os precisa senón tamén para aquel que quere serlles útil; é mesmo importante agradarlles para servilos, e a arte de escribir non é en absoluto un estudio ocioso cando o empregamos en facer escoitar a verdade.

Se para cultivar o gusto do meu discípulo tivese eu que escoller entre uns países onde este cultivo aínda está por nacer e

outros no que xa estivese dexenerado seguiría a orde inversa: comezaría o seu percorrido por estes últimos e acabaría polos primeiros. A razón desta escolla é que o gusto se corrompe por unha delicadeza excesiva que volve sensible as cousas que a maior parte dos homes non albisca: esta delicadeza conduce ao espírito de discusión, porque canto máis rebiricocados se fan os obxectos máis se multiplican; este rebiricocamento volve o tacto máis delicado e menos uniforme. Fórmanse entón tantos gustos como cabezas existen. Nas discusións sobre a preferencia, esténdense a filosofía e as luces e é así como se aprende a pensar. As observacións finas non poden practicamente ser feitas máis que por xente de moito mundo, dado que impresionan despois de todas as demais e que a xente pouco habituada ás compañías numerosas esgotan nelas a súa atención sobre os trazos grosos. Non existe se cadra actualmente un lugar civilizado na terra onde o gusto xeral sexa peor que en París. Con todo é nesta capital onde o bo gusto se cultiva, e aparecen poucos libros estimados en Europa dos que o autor non se tivese formado en París. Aqueles que pensan que abonda con ler os libros que se fan alí, engánanse; apréndese moito máis na conversa cos autores que nos seus libros e os propios autores non son as persoas coas que máis se aprende. É o espírito das sociedades o que desenvolve unha cabeza pensante e que leva a vista tan lonxe como ela pode ir. Se tedes un escintileo de xenio, ide pasar un ano en París. Moi axiña habedes ser todo o que podeades ser ou endexamais habedes ser nada.

Pódese aprender a pensar nos lugares onde reina o mal gusto, mais cómpre non pensar como os que teñen ese mal gusto, e é ben difícil que iso non aconteza cando un permanece con eles durante moito tempo. Cómpre perfeccionar cos seus coidados o instrumento que xulga evitando empregalo coma eles. Gardareime de pulir o xuízo de Emilio ata alteralo, e cando teña el o tacto fino dabondo como para sentir e comparar os diversos gustos dos homes será sobre obxectos máis simples onde o hei levar fixar o seu.

Adicareime a iso dende moito antes aínda para lle conservar un gusto puro e san. No tumulto da disipación hei saberme arranxar con el conversas útiles e, dirixíndoas sempre cara a obxectos que lle agradan, hei ter coidado en llos volver tan amenos como instrutivos. Velaquí o tempo da lectura e dos libros agradables, velaquí o tempo de lle aprender a analizar o discurso, a volvelo sensible a todas as fermosuras da elocuencia e da dicción. Pouca cousa é aprender linguas por elas mesmas, o seu uso non é tan importante como se cre, mais o estudio das linguas leva ao da gramática xeral. Cómpre aprender o latín para saber o francés, cómpre estudar e comparar un e outro para entender as regras da arte de falar.

Existe, por outra banda, unha certa sinxeleza de gusto que vai ao corazón e que só se atopa nos escritos dos antigos. Na elocuencia, na poesía e en toda caste de literatura haos atopar, como na historia, abundantes en cousas e sobrios en xulgar. Os nosos autores, pola contra, din pouco e pronuncian moito. Darnos sen cesar o seu xuízo como lei non é a maneira de formar o noso. A diferenza dos dous gustos faise sentir en todos os monumentos, e mesmo nas tumbas. As nosas están cubertas de gabanzas; enriba das dos antigos líanse feitos.

*Sta viator, Heroem calcas*¹⁵⁶.

Se eu tivese atopado este epitafio enriba dun monumento antigo, tería de primeiras adiviñado que aquel era moderno, porque non hai nada tan común como os heroes entre nós, mais entre os antigos eran raros. En lugar de dicir que un home era un heroe eles terían dito o que fixera para selo. Comparede co epitafio deste heroe o do efeminado Sardanápalo:

*Construín Tarso e Anquialo nun día,
e agora estou morto.*

¹⁵⁶ "Para, camiñante, estás a pisar un heroe". Esta frase figura no epitafio do xeneral François de Mercy, enterrado no campo de batalla de Nordlingen en 1645 (N. do T.).

Cal deles di máis na vosa opinión? O noso estilo lapidario, coa súa empoladura, só é bo para soprar ananos. Os antigos amosaban os homes ao natural e víase que eran homes. Xenofonte, honrando a memoria dalgúns guerreiros mortos a traizón na retirada dos dez mil, dixo: “*Morreron irreprochables na guerra e máis na amizade*”. Velaí todo, mais considere nesta gabanza tan corta e tan simple de que é que o autor debía ter o corazón cheo. Malpocado o que non atope isto encantador!

Líanse estas palabras gravadas enriba dun mármore nas Termópilas:

*Camiñante, vaille dicir a Esparta que estamos aquí
mortos por obedecer as súas santas leis.*

Vese ben que non é a Academia das Inscricións¹⁵⁷ a que compuxo esta.

Estou enganado se o meu alumno, que lle concede tan pouco valor ás palabras, non dirixe a súa primeira atención sobre estas diferenzas e se elas non inflúen na escolla das súas lecturas. Arrastrado pola baril elocuencia de Demóstenes, ha dicir: “É un orador”. Mais lendo a Cicerón, ha dicir: “É un avogado”.

En xeral, Emilio halle tomar máis gusto aos libros dos antigos que aos nosos, unicamente porque, ao seren os primeiros, os antigos están máis perto da natureza e porque o seu xenio é máis propio deles. Dixeran o que dixeran La Motte e máis o abade Terrasson, non existe verdadeiro progreso de razón na especie humana, porque todo o que se gaña por un lado pérdese polo outro, porque todos os espíritos parten sempre do mesmo punto e porque –ao ser tempo perdido para aprender a pensar un mesmo o tempo que se emprega en saber o que outros pen-

¹⁵⁷ A *Académie des Inscriptions et Belles Lettres* é a equivalente da que noutros países se denomina Academia da Historia. Creada en 1664, orixinalmente estaba formada por un reducido grupo de membros da *Académie Française* –da lingua– e tiña como misión redactar as inscricións latinas dos monumentos erixidos baixo Luís XIV e os lemas das medallas acuñadas en honor deste (N. do T.).

saron— temos máis luces adquiridas e menos vigor mental. As nosas mentes son igual que os nosos brazos exercitadas en facer todo con ferramentas e nada en por elas. Fontenelle dicía que toda esta discusión sobre os antigos e os modernos reducíase a saber se as árbores de antes eran máis grandes que as de hoxe. Se a agricultura tivese cambiado non sería impertinente formular esta pregunta.

Despois de o ter feito remontarse así ás fontes da pura literatura amósolle tamén os seus sumidoiros nos depósitos dos modernos compiladores, xornais, traducións e dicionarios; bota el unha ollada sobre todo iso e despois déixao para non volver endexamais alí. Fágolle oír, para que se alede, o larapeteo das Academias, fágolle observar que cada un dos que as compoñen vale sempre máis só que con elas, e con iso ha tirar en por el a consecuencia da utilidade de todos estes fermosos establecementos.

Lévoo aos espectáculos non para estudar os costumes senón o gusto, porque é maiormente alí onde este se amosa á aqueles que saben pensar. “Deixade os preceptos e a moral —heille eu dicir— non é aquí onde cómpre aprendelos”. O teatro non está feito para a verdade, está feito para agradar e para divertir aos homes; non existe unha escola na que se aprenda tan ben a arte de os deleitar e de interesar o corazón humano. O estudio do teatro conduce ao da poesía, teñen exactamente o mesmo obxectivo. Con que Emilio teña unha faísca de gusto por ela: con canto pracer ha cultivar as linguas dos poetas, o grego, o latín e o italiano! Estes estudos han ser para el divertimentos sen coacción e por iso han prestarlle moito máis; han ser para el deliciosos nunha idade e nunhas circunstancias nas que o corazón se interesa con tanto engado por toda caste de belezas feitas para conmovelo. Imaxinádevos por unha banda ao meu Emilio e pola outra a un pillabán de colexio lendo o cuarto libro da *Eneida* ou a Tíbulo ou o *Banquete* de Platón. Que diferenza! Que conmovido se ve o corazón dun con aquilo que nin mesmo afecta ao outro. Oh, querido mocíño, para, suspende a

túa lectura, véxote demasiado emocionado! Paréceme ben que a linguaxe do amor che agrade, mais non que te desvíe. Sé home sensible, mais sé home prudente. Se só es un dos dous, non es nada. Polo demais, que el triúñe ou non nas linguas mortas, nas letras ou na poesía, impórtame pouco. Non ha por esa causa valer menos se non sabe nada de todo isto, e non é de todas esas badallocaladas do que se trata na súa educación.

O meu principal obxectivo ao lle aprender a sentir e amar a fermosura en todas as especies é fixar nela as súas afeccións e os seus gustos, impedir que os seus apetitos naturais se alteren e que non procure un día na súa riqueza os medios de ser feliz que debe atopar máis perto del. Xa dixen noutra parte que o gusto non era senón a arte de ser experto en cousas pequenas, e iso é moi certo: mais, dado que é dun tecido de cousas pequenas do que depende o atractivo da vida, tales coidados non son en absoluto indiferentes; é a través destes dos que nós aprendemos a enchela cos bens postos ao noso alcance en toda a verdade que poden ter para nós. Non me refiro en absoluto aquí aos bens morais que teñen que ver coa boa disposición da alma, senón só ao que é sensualidade e voluptuosidade real, excluídos os prexuízos e a opinión.

Permítaseme, para mellor desenvolver a miña idea, abandonar un momento a Emilio, do que o corazón puro e san non pode servir como regra para ninguén, e procurar en min mesmo un exemplo máis sensible e máis próximo aos costumes do lector.

Existen condicións sociais que semellan cambiar a natureza e fundar de novo –quer para mellor quer para peor– aos homes que se ven nelas. Un covarde faise valente ao entrar no rexeimento de Navarra. Non é só na milicia onde se adquire o espírito de corpo, e non é sempre para ben como os seus efectos se fan sentir. Teño pensado cen veces con espanto que se eu tivese a desgraza de desempeñar hoxe en certo país un emprego que estou pensando, mañá había ser case inevitablemente tirano, malversador, destrutor do pobo, nocivo para o Príncipe e inimi-

go por condición de toda humanidade, de toda equidade e de toda caste de virtude.

Igualmente, se eu fose rico tería feito todo o que cómpre para chegar a selo. Sería, daquela, insolente e baixo, sensible e delicado só para min, implacable e duro para todo o mundo, espectador desdeñoso das miserias da canalla (porque non había darlles xa outro nome aos indixentes, para facer esquecer que noutro tempo eu pertencín á súa clase). Finalmente, había eu facer da miña fortuna o instrumento dos meus praceres que sería o único que me ocupase, e ata alí había eu ser como os demais.

Mais no que penso que había ser moi diferente é en que eu había ser sensual e voluptuoso antes que orgulloso e finchado, e que me había entregar ao luxo da moleza moito antes que ao luxo da ostentación. Había ter mesmo algunha vergoña en exhibir de máis a miña riqueza, e sempre había crer que vía ao envexoso que eu esmagaba co meu fasto dicirlles á orela aos seus veciños: “*Velaí un loubán que ten moito medo a que recoñezan que o é!*”.

Destá inmensa profusión de bens que cobren a Terra eu había procurar o que me é máis agradable e que mellor podo captar: para iso a primeira utilización da miña riqueza sería mercar o lecer e a liberdade, ao que engadiría a saúde se tivese prezo, mais como esta só se merca coa temperanza e sen saúde non existe verdadeiro pracer na vida, había eu ser temperado por sensualidade.

Había permanecer sempre tan perto da natureza como fose posible para agarimar os sentidos que recibín dela, totalmente seguro de que canto máis puxera do seu nos meus gozos, máis realidade había atopar niso. Na escolla dos obxectos de imitación había tomala sempre como modelo, nos meus apetitos habíalle dar preferencia, nos meus gustos habíaa consultar sempre, nas viandas había sempre querer as que ela lles dá o mellor preparo e que pasan por menos mans para chegar ás nosas mesas. Había anticiparme ás falsificacións da fraude e ir diante do pracer. A miña parva e groseira larpadela non había

enriquecer a un mordomo, non me había el vender a peso de ouro gato por lebre; a miña mesa non había estar aparatosamente cuberta de magnífico lixo e preadas de lonxe; había prodigar o meu propio esforzo para satisfacer a miña sensualidade, porque daquela este esforzo constitúe un pracer en si mesmo e engádese ao que se espera del. Se quixese probar un prato do cabo do mundo había ir como Apicio buscalo antes que mandar traelo. Porque aos pratos máis exquisitos fálalles sempre un adubo que non se trae con eles e que ningún cociñeiro lles dá: o aire do clima que os produciu.

Pola mesma razón, non había imitar aos que, ao non se atoparen ben senón onde non están, poñen sempre en contradición as estacións con elas mesmas e os climas en contradición coas estacións; que, procurando o verán no inverno e o inverno no verán, van pasar frío a Italia e calor ao norte sen pensaren que coidando fuxir do rigor das estacións atópano nos lugares onde non se aprendeu a protexerse del. Eu había permanecer no sitio e facer todo o contrario: quixera tirar dunha estación todo o que ten de agradable e dun clima todo o que hai de particular nel. Había ter unha diversidade de praceres e de hábitos que non se habían asemellar e que sempre habían estar na natureza; había ir pasar o verán a Nápoles e o inverno a Petersburgo, quer respirando un doce céfiro semideitado nas frescas grutas de Tarento, quer na iluminación dun Palacio de xeo, sen folgos e fatigado polos praceres do baile.

Quixera no servizo da miña mesa e no adobío da miña morada imitar con adornos moi sinxelos a variedade das estacións e tirar de cada unha delas todas as súas delicias sen anticipala sobre as que as han seguir. Dá traballo e non gusto perturbar así a orde da natureza, arrancarlle produtos involuntarios que ela dá a seu pesar, na súa maldición¹⁵⁸, e que ao non teren calidade nin sabor non poden alimentar o estómago nin agarimar

¹⁵⁸ Alusión á maldición bíblica despois de que Adán tivera probado a mazán no Paraíso (Xénese, 3, 17): "Maldita sexa a terra pola túa culpa..." (N. do T.).

o padal. Nada é máis insípido que os primeiros froitos; só con grandes gastos un rico de París, coas súas estufas e os seus invernadoiros, dá logrado ter todo o ano na súa mesa unicamente malos legumes e malos froitos. Se tivese eu cereixas cando hai xeada e melóns ambarados no cerne do inverno: con que pracer había probalos cando o meu padal non precisa que o humedezan nin que o refresquen? Nos ardores da canícula: habíame ser moi agradable a pesada castaña? Había eu preferila, cando sae do cazolo, á grosella, á fresa e aos froitos que quitan a sede e ofrece a terra sen tantos coidados? Cubrir a cheminea no mes de xaneiro con vexetación forzada e con flores pálidas e sen recendo supón menos adobiar o inverno que desadobiar a primavera, supón privarse do pracer de ir aos bosques buscar a primeira violeta, axexar o primeiro gromo e exclamar nun estremecemento de alegría: “Mortais, non estades abandonados: a natureza aínda vive”.

Para estar ben servido tería poucos criados, xa o teño dito e é ben repetilo aínda. Un burgués tira moito máis auténtico servizo do seu único lacaiio que un duque dos dez señores que o rodean. Teño pensado cen veces que cando, na mesa, teño o meu vaso á miña beira bebo no momento en que me peta, en canto que se tivese moito servizo e moita cerimonia sería preciso que vinte voces repetisen “A beber!” antes de que puidese dar apagado a miña sede. Todo o que un fai a través doutro faino mal, fágao como faga. Non había eu enviar a ninguén facer a compra onde os vendedores: eu mesmo había ir. Iría para que os meus servidores non tratasen con eles antes ca min, para escoller de maneira máis segura e pagar menos caro, iría para facer un exercicio agradable, para ver un pouco o que acontece fóra da miña casa; iso recrea e ás veces instrúe: iría en fin, por ir, sempre é algo. O aburrimiento comeza coa vida demasiado sedentaria, cando un trafega moito abúrrese pouco. Un porteiro e uns lacaios son malos intérpretes, non quixera ter sempre a esa xente entre eu e o resto do mundo nin andar sempre co estroni-

cio dunha carroza, coma se tivese medo de que me abordasen. Os cabalos dun home que utiliza as súas pernas sempre están preparados; se están cansos ou enfermos el sábeo antes que calquera outro, e non ten medo a verse obrigado a quedar na casa baixo este pretexto cando o seu cocheiro queira tomarse algún tempo: camiñando non hai mil complicacións que o fan mirrar de impaciencia nin quedar parado no momento no que quixese voar. Finalmente, se ninguén nos serve nunca tan ben coma nós mesmos —aínda que un fose máis poderoso que Alexandre e máis rico que Crespo— un só debe recibir dos demais os servizos que non pode tirar de si mesmo.

Non quixera ter un palacio como morada porque neste palacio só había vivir nun cuarto. Toda habitación común non é de ninguén e o cuarto de cada un dos meus domésticos hábame ser tan alleo coma o do meu veciño. Os orientais, aínda que moi voluptuosos, teñen aloxamento e mobiliario moi sinxelos. Miran a vida coma unha viaxe, e a súa casa coma unha pouxada. Esta idea prende pouco en nosoutros, os ricos, que os amañamos para vivir sempre, mais aínda que eu tivese unha diferente había producir o mesmo efecto. Hábame semellar que establecerme con tanto aparato nun lugar sería desterrarme de todos os outros e pórme preso, por así dicilo, no meu palacio. Xa o mundo é un palacio bastante bo: ou seica non é todo do rico cando quere gozar del? *Ubi bene, ibi patria*, ese é o seu lema, os seus lares son os lugares nos que o diñeiro pode todo, o seu país está en todas partes polas que dá pasado a súa caixa forte, igual que Filipo se apoderaba de calquera praza forte na que dese entrado un mulo cargado de diñeiro. Daquela: por que circunscribirse con paredes e portas como para endexamais saír de alí? Seica me expulsa dun lugar unha epidemia, unha guerra ou unha revolta? Voume a outro e atopo que o meu hostel chegou alí antes ca min. Por que pasar o traballo de me facer eu un cando os constrúen para min por todo o universo? Por que, con tanta présa por vivir, prepararme dende tan lonxe gozos que podo atopar dende hoxe? Un non se daría feito un destino

agradable poñéndose constantemente en contradición consigo mesmo. É así como Empédocles lles reprochaba aos habitantes de Agrixento que amoreasen os praceres como se tivesen un día para vivir e que constrúsen como se endexamais fosen morrer.

Por outra banda: para que me serve un aloxamento tan fasto se teño tan pouco con que poboalo e menos con que enchelo? Os meus mobles habían ser sinxelos coma os meus gustos; non había ter nin galería nin biblioteca, sobre todo se me gustase a lectura e fose entendido en cadros. Sabería entón que tales coleccións endexamais están completas e que o defecto do que falta produce maior contrariedade que non ter nada. Nisto a abundancia orixina a miseria: non existe un coleccionista que non a tivese experimentado. Cando un é entendido non as debe facer en absoluto; non temos un gabinete para lles amosar aos outros cando sabemos utilízalo para nós.

O xogo non é unha diversión de home rico, é o recurso dun desocupado e os meus praceres habíanme dar demasiado que facer como para me deixar moito tempo en enchelo tan mal. Ao ser eu solitario e pobre, non xogo en absoluto, non sendo algunhas veces ao xadrez, e iso como moito. Se eu fose rico había xogar aínda menos e só un xoguiño moi pequeno para non ver descontentos nin estalo eu. Ao carecer de motivo, o interese do xogo na opulencia non pode endexamais trocarse en furor máis que nunha mente mal feita. O proveito que un home rico pode tirar do xogo sempre lle é menos sensible que a perda, e dado que a forma dos xogos moderados que usan o beneficio á longa fai que en xeral supoña máis perdas que gaños, non se pode, cando un razoa ben, afeccionarse moito a unha diversión na que os riscos de toda caste están contra si. Aquel que alimenta a súa vaidade coas preferencias da fortuna pode buscalas en obxectos moito máis estimulantes, e estas preferencias non se plasman menos no xogo máis pequeno que no máis grande. O gusto polo xogo, froito da avaricia e do aburrimiento, só prende nunha mente e nun corazón baleiros, e paréceme que eu había

ter suficientes sentimento e coñecementos como para prescindir de tal suplemento. Vese raramente aos pensadores compracérense moito no xogo, que suspende este hábito ou vírao cara áridas combinacións. Tamén, un dos bens e se cadra o único que produciu o gusto polas ciencias é amortecer un pouco esta sólida paixón: preferírase exercitarse en probar a utilidade do xogo antes que entregarse a el. Eu habíao combater entre os xogadores e tería máis pracer en me burlar deles véndoos perder que en lles gañar o seu diñeiro.

Había eu ser o mesmo na miña vida privada e no trato coa sociedade. Querería que a miña fortuna causase benestar en todas partes e non fixese endexamais sentir desigualdade. O ouropel do adobío é incómodo baixo mil aspectos. Para conservar no medio dos homes toda a liberdade posible quixera ir composto de xeito que en todas as categorías parecera que estou no meu lugar e que non me diferenciase en ningún; que sen afectación nin cambio sobre a miña persoa fose eu pobo na baiuca e boa sociedade no palacio real. Por medio diso, máis dono da miña conduta, poñería sempre ao meu alcance os praceres de todos os estamentos. Existen, segundo se di, mulleres que lles pechan a súa porta aos puños dourados e non reciben a ninguén que non leve encaixe. Daquela, eu iría pasar a miña xornada a outra parte, mais se estas mulleres fosen novas e bonitas podería ás veces pór encaixe para pasar alí a noite como moito.

O único vencellamento das miñas compañías sería a mutua estima, a afinidade dos gustos e a concordancia dos caracteres. Habíame eu entregar a elas como home e non como rico, e non había tolerar endexamais que o seu engado se vise envelenado polo interese. Se a miña opulencia me tivese deixado algo de humanidade había estender ao lonxe os meus servizos e os meus favores, mais quixera ter arredor de min unha sociedade e non unha corte, amigos e non protexidos, non había eu ser o patrón dos meus convidados, había ser o seu anfitrión. A independencia e a igualdade habíanlle deixar ás miñas relacións todo o

candor da benquerenza, e alí onde nin o deber nin o interese entrasen para nada só o pracer e a amizade habían ser a lei.

Un non merca ao seu amigo nin á súa namorada. É doado ter mulleres con diñeiro, máis é o medio de endexamais ser o namorado de ningunha. Lonxe de que o amor estea á venda, o diñeiro mátao infaliblemente. Calquera que pague, fose el o home máis merecente do amor, xa só polo feito de pagar non pode ser amado moito tempo: axiña el ha pagarlle a outro, ou máis ben estoutro será pagado cos cartos del, e nese dobre vencello formado polo interese e pola bandallada, sen amor, sen honor e sen verdadeiro pracer, a muller ávida, infiel e miserable –tratada polo ruín que recibe de igual maneira que ela trata ao parvo que dá diñeiro– queda así sen débeda cara a ningún dos dous. Sería doce ser liberal con quen se ama se non fose un mercado. Só coñezo un medio de satisfacer esta inclinación coa súa namorada sen envelenar o amor: é darlle todo e despois ser alimentado por ela. Queda por saber onde está a muller con quen este procedemento non resultase extravagante.

Aquel que dicía: “Eu posúo a Lais¹⁵⁹ sen que ela me posúa”, dicía unha frase sen enxeño. A posesión que non é recíproca non é nada, todo o máis é a posesión do sexo pero non a do individuo. Ora ben, onde a moral do amor non se atopa: por que darlle tanta importancia ao que queda? Nada é tan fácil de atopar. Un muleiro está niso máis perto da felicidade que un millonario.

Ah! Se se puidesen desenvolver suficientemente as consecuencias do vicio: que lonxe do propio beneficio había un atopalo dende o momento en que tivese obtido o que quería! Por que esta bárbara avidez en corromper a inocencia, en facer unha vítima súa dun obxecto mozo ao que se debía ter protexido e a quen con este primeiro paso estase arrastrando inevitablemente a un abismo de miserias do que sairá só coa morte? Brutalidade, fachenda, parvura, erro e máis nada. Este mesmo

¹⁵⁹ Cortesá grega da antigüidade, amante do filósofo Aristipo (N. do T.).

pracer non é da natureza, é da opinión, e da opinión máis ruín, xa que deriva do desprezo dun mesmo. Aquel que se sente o derradeiro dos homes teme a comparación con calquera outro e quere pasar primeiro para ser menos odioso. Considerade se os que teñen maior avidez por este imaxinario prebe son algunha vez mozos dignos de amar e de agradecer e serían máis escusables pola dificultade. Non, con boa figura, mérito e sentimentos un teme pouco a experiencia da súa namorada, e nunha xusta confianza dille: “Ti coñeces os praceres, non importa; o meu corazón prométeche uns que endexamais chegaches a coñecer”.

Mais un vello sátiro, gastado pola godallada, sen engado, sen miramentos, sen respectos, sen ningunha caste de decencia, incapaz, indigno de agradecer a toda muller que sexa coñecedora da xente merecente de amor, cre suplir todo iso cabo dunha mocíña inocente gañando velocidade sobre a experiencia e proporcionándolle a primeira emoción dos sentidos. A súa derradeira esperanza é agradecer co favor da novidade, ese é indiscutiblemente o motivo secreto deste capricho; mais engánase: o horror que el provoca non está menos na natureza do que están os desexos que quixera excitar; engánase tamén no seu tolo esperar; esta mesma natureza ten coidado en reivindicar os seus dereitos: toda rapaza que se vende xa se ten dado previamente, e ao se ter dado escollendo, fai a comparanza que el teme. Merca este, pois, un pracer imaxinario e non é menos aborrecido.

Canto a min, por moito que cambie ao ser rico, existe un punto no que endexamais hei cambiar. Se non me quedan bos costumes nin virtude hame quedar polo menos algo de gusto, de sentido, de delicadeza, e iso hame protexer de utilizar inxenuamente a miña fortuna correndo detrás de quimeras, de esgotar a miña bolsa e a miña vida facéndome traizoar e burlar por rapazas. Se eu fose mozo había buscar os praceres da mocidade, e ao quereiros con toda a súa voluptuosidade non os había buscar como home rico. Se seguise sendo tal como eu son, sería outra cousa: limitaríame prudentemente aos praceres da miña

idade, cataría os gustos dos que podo gozar e afogaría aqueles que só provocarían o meu suplicio. Non había ir ofrecer a miña barba gris aos desdéns burlóns das mociñas, non soportaría ver as miñas noxentas caricias provocarlles náuseas, prepararlles a conta miña os relatos máis ridículos e imaxinalas describindo os feos praceres do macaco vello en vinganza por telos aturado. Se uns hábitos mal combatidos tivesen trocado os meus antigos desexos en necesidades, había se cadra satisfacelos, mais con vergoña, ruborizándome de min. Eliminaría a paixón da necesidade, apañaría-me o mellor que me fose posible e limitaría-me a iso, non faría da miña febleza unha ocupación, e sobre todo non quería ter mais que unha soa testemuña. A vida humana ten outros praceres cando aqueles lle faltan; correndo en van detrás dos que foxen, un prívase dos que aínda nos deixan. Cambiemos de gustos cos anos, non despracemos as idades nin as estacións; cómpre ser un mesmo en todas as épocas e non loitar contra a natureza. Estes vans esforzos gastan a vida e impídenos utilizala.

O pobo practicamente non se aburre, a súa vida é activa. Se as súas diversións non son variadas son escasas; moitos días de fatiga fanlle catar con delicia uns poucos días de festa. Unha alternativa de longos traballos e cortos praceres fai de adubo para os praceres da súa condición. Para os ricos, a súa grande praga é o aburrimiento: no seo de tantas diversións reunidas con tanto gasto, no medio de tanta xente que traballa para lles agradar, consómeos e mátaos o aburrimiento; pasan a súa vida en fuxir e ser acadados por el, están carregados co seu peso insoportable. Sobre todo as mulleres, que non saben xa ocuparse nin divertirse, son devoradas por el baixo o nome de vapores¹⁶⁰

¹⁶⁰ A Medicina antiga supuña que dende o sangue e diversos humores elevábanse ao cerebro exhalacións que producían diversos problemas e molestias como atordoamento, vertixe, cefalalxias, depresións, etc. Estes eran denominados xenericamente "vapores" (N. do T.).

e transfórmase nun terrible mal que lles tira ás veces a razón e finalmente a vida. Eu non coñezo destino máis horrible que o dunha bonita muller de París non sendo o do elegantiño unido a ela que, cambiado igualmente en muller ociosa, afástase así dobremente da súa condición, e a quen a vaidade de ser home de éxito lle fai soportar a longura dos días máis tristes que nunca ten pasado unha criatura humana.

Os convencionalismos, as modas, os hábitos derivados do luxo e da aparencia encerran o curso da vida na máis enfastiosa uniformidade. O pracer que un quere ter aos ollos dos demais pérdese para todo o mundo: nin o teñen eles nin o ten un mesmo¹⁶¹. O ridículo, que a opinión teme por riba de calquera cousa, sempre está ao carón dela para tiranzala e castigala. Nunca un é ridículo máis que en determinadas formas; quen sabe variar as súas situacións e os seus praceres borra hoxe a impresión de onte, é como inexistente na mente dos homes mais goza porque está enteiriño en cada hora e en cada cousa. A miña única forma constante sería esa, en cada situación non me había ocupar de ningunha outra e sempre había catar cada día nel mesmo, como independente do anterior e do seguinte. Igual que había ser pobo entre o pobo había ser campesiño no campo, e cando falase de agricultura o paisano non se habería burlar de min. Non iría construírme unha cidade no agro e instalar no fondo dunha bisbarra as Tullerías diante da miña morada. Na encostiña dalgún agradable outeiro ben sombreado tería unha casiña rústica, unha casiña branca con contraventás verdes e, aínda que un teito de colmo sexa o mellor en calquera estación, había preferir magnificamente, non a triste lousa senón a tella

¹⁶¹ Dúas mulleres da sociedade, para aparentaren divertirse moito, teñen como norma non deitarse ata ás cinco da mañá. No rigor do inverno, os seus domésticos pasan a noite na rúa a esperar por elas, con moitas molestias para evitaren conxelarse. Unha noite, ou mellor unha mañá, estes entran na estancia na que aquelas dúas persoas tan divertidas deixaban correr as horas sen contalas: atópanas completamente soas, durmindo cada unha na súa butaca.

porque esta ten un aspecto máis limpo e máis ledo que o colmo, porque no meu país non se cobren as casas doutro xeito e mais porque me había lembrar algo a época feliz da miña mocidade. Tería como patio un curral e como corte unha vacariza para ter lácteos, que tanto me gustan. Tería unha horta como xardín e como parque un fermoso eixido semellante a aquel do que falaremos máis en diante. Os froitos, a discreción dos paseantes, non serían contados nin collidos polo meu xardineiro e a miña avara magnificencia non había exhibir á vista unhas soberbias espaleiras que apenas se ousasen tocar. Ora ben, esta pequena prodigalidade había ser pouco custosa porque tería escollido o meu asilo nalgunha bisbarra afastada na que se ve pouco diñeiro e moitos produtos da terra, e na que reinan a abundancia e a pobreza.

Alí había eu reunir unha compañía, máis escolleita que numerosa, de amigos amantes e coñecedores do pracer, de mulleres que puidesen saír da súa butaca e prestárense aos xogos campestres, a coller ás veces, en troques da lanzadeira e das cartas, a cana de pescar, o visgo, o angazo das mallas e o coleiro da vendima. Alí habíanse esquecer todos os aires da cidade e convertidos en aldeáns na aldea atopariámonos entregados a moreas de diversións variadas que só nos darían cada serán a dificultade da escolla para o día seguinte. O exercicio e a vida activa forneceríanos un estómago novo e novos gustos. Todas as nosas comidas serían festíns nas que a abundancia había prestar máis que a delicadeza. A alegría, os traballos rústicos e máis os xogos reloucantes son os primeiros cociñeiros do mundo, e os finos prebes son ben ridículos para a xente que está en movemento dende o raiante do sol. O servizo non tería máis orde que elegancia e o comedor estaría en todas partes, no xardín, nunha barca ou debaixo dunha árbore. Por veces, ao lonxe, perto dun nacedoiro, enriba da herba verdecente e fresca, debaixo duns matos de abeneiros ou de abelairas, unha longa procesión de ledos comensais había levar cantando o prepero do festín.

Teríase a herbiña como mesa e como cadeira, as beiras da fonte servirían de alzadeiro e o postre había pendurar das árbores. As viandas serían servidas sen orde porque o apetito dispensaría dos modais. Ao se preferir cada un abertamente a todos os outros, había atopar ben que todos os outros se preferiran igualmente a el: desta familiaridade cordial e moderada había nacer, sen grosería, sen falsidade e sen coacción, un divertido conflito cen veces máis encantador que a cortesía e máis apropiado para unir os corazóns. Nada de importunos lacaios a espiaren os nosos discursos, a criticaren polo baixo o noso comportamento, a contaren os nosos anacos con ollos sabios, a se divertiren en nos facer esperar para beber e a murmuraren por un xantar demasiado longo. Nós habíamos ser os nosos criados para sermos os nosos amos, cadaquén sería servido por todos, o tempo pasaría sen contalo, xantar sería folgar e duraría tanto como o ardencia do día. Se pasase cabo de nós algún labrador de volta á laboura cos seus trebellos ao lombo, habíalle eu alegrar o corazón con ledas falas e grolos de bo viño que lle farían levar máis ledamente a súa miseria. E tamén tería eu o pracer de me sentir conmoover un pouco as entrañas e de me dicir en segredo: "Aínda son home".

Se algunha festa campestre reunise os habitantes do lugar, eu había ser dos primeiros en ir a ela coa miña compañía. Se algúns casamentos, máis benditos polo ceo que os das cidades, tivesen lugar na veciñanza, habíase saber que me gusta a alegría e habíanme invitar. Habíalle eu levar a esta boa xente algúns galanos, sinxelos coma eles, que contribuirían á festa e atoparía alí, como troco, bens dun valor inestimable moi pouco coñecidos polos meus iguais: a franqueza e o verdadeiro pracer. Había comer alegremente no extremo da súa longa mesa, cantar en coro o retrouso dunha vella canción campesiña e bailar na súa eira co corazón máis ledado que no baile da Ópera.

“Ata aquí todo vai portentosamente –habíanme dicir– mais: que pasa coa caza? Seica se pode vivir no campo sen cazar?”.

Xa entendo: eu só quería unha quinta e estaba errado. Como supoño que son rico, preciso, logo, praceres exclusivos, praceres destrutivos; eses son asuntos diferentes. Preciso terras, devesas, gardas, foros, honores señoriais e, sobre todo, incenso e auga bendita.

Moi ben, mais esta terra terá veciños celosos dos seus dereitos e desexosos de usurparen os dos demais: os nosos gardas han rifar, e se cadra tamén os amos: velaí veñen os altercados, as liortas, as xenreiras, e cando menos os preitos, o que non é xa moi agradable. Os meus vasallos non han ver con moito agrado como as miñas lebres lles segan o trigo e os meus porcos bravos lles apañan as fabas. Ao non se atrever ninguén a matar o inimigo que destrúe o seu traballo, ha querer cando menos botalo fóra das súas terras: despois de ter pasado o día a cultivar as súas leiras será preciso que pasen a noite en gardalas; han ter mastíns, tambores, cornos e chocas; e con todo ese rebumbio han perturbar o meu sono. Hei pensar malia min na miseria desa pobre xente e non hei poder deixar de ma reprochar. Se tivese a honra de ser príncipe, todo iso non me había conmoer practicamente, mais eu, recién chegado, novo rico, aínda hei ter o corazón algo rústico.

Iso non é todo: a abundancia de animais de caza ha tentar aos cazadores, axiña hei ter furtivos que castigar; hei necesitar prisións, carcereiros, arqueiros e galeras: todo iso paréceme cruel dabondo. As mulleres destes malfadados han vir asediar a miña porta e importunarme cos seus berros, e ou ben será preciso que as expulsen ou ben que as maltraten. A pobre xente que non tivese cazado furtivamente e á que os meus animais lles teñan derramado a colleita hase vir queixar, pola súa banda; uns han ser castigados por teren matado os animais de caza, outros arruinados por non lles ter tocado. Que triste alternativa! Só hei ver por todos os lados obxectos de miseria e só hei oír laios. Iso debe perturbar moito, paréceme a min, o pracer de matar a esgalla moreas de perdices e de lebres case baixo os pés dun mesmo.

Queredes liberar os praceres das súas penas! Quitádelles a exclusión: canto máis comúns os deixedes para os homes máis puros os habedes catar. Daquela, eu non hei facer nada do que acabo de dicir senón que, sen cambiar de gustos, hei seguir o que supoño menos custoso. Hei establecer a miña residencia campestre nunha bisbarra na que a caza sexa libre para todo o mundo e na que eu poida ter esa diversión sen complicacións. A caza será máis rara, pero haberá máis habilidade na súa procura e no pracer de esperala. Lembro como lle batía o corazón a meu pai co vó da primeira perdiz e como choutaba de ledicia cando atopaba a lebre que viña seguindo o día enteiro. Si, manteño que só co seu can, cargado co seu fusil, co seu capacho, co seu corno de pólvora e a súa pequena presa, regresaba polo serán, rendido de fatiga e todo rabuñado polas silvas, máis contento da súa xornada que todos os vosos cazadores de salón, que, montados nun bo cabalo e seguidos por vinte fusís cargados, non fan senón cambialos, disparar e matar de arredor súa sen arte, sen gloria e case sen exercicio. O pracer non é, daquela, menor, e o inconveniente elimínase cando un non ten nin terra que gardar nin furtivo que castigar nin miserable que atormentar. Velaí, logo, unha razón sólida para a preferencia. Faga un o que faga, non atormenta sen fin aos homes sen recibir tamén algún malestar, e as longas maldicións do pobo tornan tarde ou cedo amargos os animais cazados.

Outra vez máis: os praceres exclusivos son a morte do pracer. As verdadeiras diversións son as que un comparte co pobo, as que un quere ter só para si xa non as ten: se os muros que ergo arredor do meu parque forman un triste valado, o único que fixen con moitos gastos foi privarme do pracer do paseo; velaí estou obrigado a ilo buscar lonxe. O demo da propiedade infecta todo o que toca. Un rico quere ser por todas partes o dono e non se atopa ben senón alí onde non o é; vese forzado de fuxir sempre de si mesmo. Canto a min, faría nese punto, sendo rico, o que fixen sendo pobre. Máis rico agora cos bens dos outros

do que nunca había ser cos meus, apodérome de todo o que me convén na miña veciñanza; non existe conquistador máis decidido ca min; usúrpolles mesmo aos príncipes; acomódome sen distinción en todos os terreos abertos que me agradan; doulles nomes, dun fago o meu parque, doutro a miña terraza, e velaí estou convertido no seu dono. Dende entón paseo por eles impunemente, regreso a miúdo para manter a súa posesión, gasto tanto como me peta o chan a poder de camiñar riba del, e nunca me han convencer de que o titular do predio do que me apropio tira maior beneficio dos cartos que este lle produce en comparanza co que eu tiro do seu terreo. Se acaso veñen molestarme con foxos e sebes impórtame pouco: collo o meu parque ao lombo e vouno pousar a outro lugar; non faltan sitios nos arredores e hei ter moito tempo para roubar aos meus veciños antes de que me falte abeiro.

Velaí algunhas mostras do verdadeiro gusto na escolla dos praceres agradables; velaí con que ánimo se goza; o resto todo non é senón ilusión, quimera e parva vaidade. Calquera que se aparte destas regras, por moi rico que poida ser, ha comer o seu ouro feito estrume e endexamais ha coñecer o valor da vida.

Hanme obxectar, sen dúbida, que tales diversións están ao alcance de todos os homes e que un non precisa ser rico para os catar: é precisamente ao que eu quería chegar. Un ten pracer cando quere telo; é unicamente a opinión a que volve todo difícil, a que expulsa a felicidade de diante nosa, e é cen veces máis doado ser feliz que parecelo. O home de gusto e verdadeiramente voluptuoso non ten nada que facer coa riqueza: abóndalle con ser libre e dono de si mesmo. Calquera que goce de saúde e non lle falte o necesario, se arranca do seu corazón os bens da opinión é rico dabondo: é a *aurea mediocritas*¹⁶² de Horacio. Xente de caixa forte, buscade, daquela, outra utilización para a vosa

¹⁶² É dicir o *feliz termo medio*, arredado do exceso dos extremos e baseado no gozo das cousas sinxelas cotiáns (N. do T.).

opulencia porque para o pracer non serve de nada. Emilio non ha saber todo iso mellor ca min, pero, ao ter o corazón máis puro e máis san, hao sentir aínda mellor, e as súas observacións todas na sociedade o único que farán será confirmarllo.

Pasando así o tempo, seguimos na procura de Sofía e non a atopamos. Importaba que non a atopásemos tan axiña, e nós témola buscado alí onde eu estaba ben seguro que non se atopaba¹⁶³.

Finalmente o momento urxe; é o momento de procurala seriamente, por medo a que tome a outra por ela, e que só recoñeza o seu erro demasiado tarde. Adeus, logo, París, cidade célebre, cidade de ruído, de fume e de lama, na que as mulleres xa non cren na honra nin os homes na virtude. Adeus, París; nós procuramos o amor, a felicidade e a inocencia. Endexamais habemos estar suficientemente lonxe de ti.

LIBRO QUINTO

Velaí chegamos ao derradeiro acto da mocidade, mais aínda non estamos no desenlace. Non é ben que o home estea só. Emilio é home, témoslle prometido unha compañeira e cómpre darlla. Esta compañeira é Sofía. En que lugares se abeira? Onde ha habemos topar? Para atopala cómpre coñecela. Saibamos primeiro o que ela é e despois habemos xulgar mellor sobre os lugares onde vive, e cando a teñamos atopado aínda non todo estará feito. *“Dado que o noso fidalgo mozo – di Locke– está próximo a casar, é tempo de deixalo cabo da súa namorada”*. E nese punto acaba a súa obra. Canto a min, que non teño a honra de educar un fidalgo, evitarei imitar a Locke niso.

¹⁶³ *Mulierem fortem quis inveniet? Procul, et de ultimis finibus pretium ejus.* (Proverbios, 31, 10) [Rousseau cita a tradución latina deste texto da Biblia, escrito en hebreo. A tradución en galego sería: *Quen atopará unha muller virtuosa? O seu valor é superior ao das perlas* (N. do T.).]

SOFÍA OU A MULLER

Sofía debe ser muller igual que Emilio é home, é dicir, ter todo o que lle convén á constitución da súa especie e do seu sexo para desempeñar o seu lugar na orde física e moral. Comecemos por examinar as coincidencias e as diferenzas entre o seu sexo e o noso.

En todo o que non ten que ver co sexo a muller é home; ten os mesmos órganos, as mesmas necesidades, as mesmas facultades; a máquina está construída da mesma maneira, as súas pezas son as mesmas e o funcionamento dunha é o da outra, a figura é semellante e baixo calquera perspectiva que se considere, máis ou menos non hai diferenza.

En todo o que ten que ver co sexo a muller e o home teñen en todas as cousas relacións e diferenzas; a dificultade de comparalos procede de determinar na constitución dun e doutra o que é do sexo e o que non o é. Pola anatomía comparada e mesmo a través da simple inspección atópanse entre os dous diferenzas xerais que semellan non ter que ver co sexo e mais, con todo, teñen que ver a través de vencellos que non estamos en condicións de percibir. Non sabemos ata onde poden estenderse eses vencellos, o único que sabemos con certeza é que todo o que teñen en común é da especie e que todo o que teñen diferente é do sexo. Baixo este dobre punto de vista atopamos entre eles tantas relacións e tantas oposicións que se cadra é un dos portentos da natureza o ter podido facer dous seres tan semellantes constituíndoos dunha maneira tan diferente.

Estas relacións e estas diferenzas deben influír no terreo moral; esta consecuencia é sensible, conforme á experiencia, e amosa a futilidade das disputas sobre a diferenza ou a igualdade dos sexos. Como se cada un dos dous ao camiñar cara aos fins da natureza segundo o seu destino particular non fose máis perfecto niso que se fose máis semellante ao outro! No que teñen en

común son iguais, no que teñen diferente non son comparables: unha muller perfecta e un home perfecto non deben parecerse máis de mentalidade que de rostro, e a perfección non é susceptible dun máis ou dun menos.

Na unión dos sexos cada un contribúe igualmente ao obxectivo común, mais non da mesma maneira. Desta diversidade nace a primeira diferenza determinable entre as relacións morais dun e doutro. Un debe ser activo e forte, o outro pasivo e feble; cómpre por necesidade que un queira e poida; abonda con que o outro resista pouco.

Establecido este principio, dérvase del que a muller está feita especialmente para lle agradar ao home. Se o home debe agradarlle a ela, á súa vez, é por unha necesidade menos directa, o seu mérito está no poder, xa só polo feito de ser forte agrada. Non é esta a lei do amor, estou de acordo, mais é a da natureza, anterior ao propio amor.

Se a muller está feita para agradar e para ser conquistada, debe facerse agradable ao home en vez de provocalo: a violencia dela está nos seus encantos, é a través deles como debe obrigalo a atopar a súa forza e a utilizala. A arte máis segura de animar esta forza é volvela necesaria a través da resistencia. Daquela, o amor propio únese ao desexo e un triúnfala coa vitoria que o outro lle fai levar. De aí nacen o ataque e a defensa, a audacia dun sexo e a timidez do outro, e finalmente a modestia e a vergoña coas que a natureza arma ao feble para suxeitar ao forte.

Quen pode pensar que esta teña prescrito indiferentemente as mesmas insinuacións a uns e outros, e que o primeiro en formar os seus desexos deba ser tamén o primeiro en os testemuñar? Que estraña depravación de xuízo! Ao ter a empresa consecuencias tan diferentes para os dous sexos: seica é natural que teñan a mesma audacia en se entregaren a ela? Como non se ve que, sendo a posta común tan desigual, se a reserva non lle impuxese a un a moderación que a natureza impón ao outro axiña había resultar a ruína dos dous e o xénero humano había

perecer a través dos medios establecidos para conservalo? Coa facilidade que as mulleres teñen para conmoer os sentidos dos homes e ir despertar ao fondo dos seus corazóns os restos dun temperamento case apagado, se houberse un clima malfadado sobre a Terra no que a filosofía tivese introducido este uso – sobre todo nos países quentes onde nacen máis mulleres que homes– tiranizados por elas estes serían finalmente as súas vítimas e veríanse todos arrastrar á morte sen poderen defenderse endexamais.

Se as femias dos animais non teñen a mesma vergoña: que se deduce? Seica teñen, como as mulleres, desexos ilimitados aos que esta vergoña lles serve de freo? O desexo non lles ven senón coa necesidade; satisfeita a necesidade o desexo cesa, non rexeitan xa o macho por finximento¹⁶⁴ senón realmente: fan todo o contrario do que facía a filla de Augusto: xa non reciben pasaxeiros cando o navío leva a súa carga. Mesmo cando elas están libres, as súas épocas de boa vontade son cortas e pasan axiña, empúxaas o instinto e o instinto detenas. Onde estará o complemento dese instinto negativo nas mulleres cando lles teñades quitado o pudor? Agardar que elas non se preocupen xa dos homes é agardar que estes non sirvan xa para nada.

O Ser supremo quixo honrar en todo á especie humana; ao lle dar ao home inclinacións sen medida dálle ao mesmo tempo a lei que as regula, a fin de que sexa libre e se controle a si mesmo. Ao entregalo a paixóns inmoderadas, el únelles a estas paixóns a razón para gobernalas. Ao entregar a muller a desexos ilimitados, el únelles a estes desexos o pudor para contelos. Por riba, aínda engade unha recompensa momentánea ao bo emprego das súas facultades, a saber, o gusto que un atopa nas cousas honestas cando fai delas a regra das súas accións. Todo iso ben vale, paréceme a min, o que o instinto dos animais.

¹⁶⁴ Xa teño observado que os rexeitamentos de mexericada e garatuxa son comúns a case todas as femias, mesmo entre os animais, e mesmo cando están máis dispostas a se renderen; cómpre non ter observado endexamais os seus manexos para estar en desacordo niso.

Daquela, compartá ou non compartá a femia do home os seus desexos e queira ou non satisfacelos, sempre o rexeita a el e sempre se defende, mais non sempre coa mesma forza nin, por conseguinte, co mesmo éxito. Para que o atacante venza cómpre que o atacado permita ou dispoña iso; porque: cantos hábiles medios non ten el para obrigar ao agresor a usar a forza! O máis libre e máis doce de todos os actos non admite violencia real. A natureza e a razón opóñense a ela: a natureza, provendo ao máis feble con tanta forza como precisa para resistir cando quere, e a razón, establecendo que unha violencia real non só é o máis brutal de todos os actos senón o máis contrario para a súa finalidade. Sexa porque o home declara así a guerra á súa compañeira e a autoriza a defender a súa persoa e a súa liberdade a conta da mesma vida do agresor, sexa porque só a muller é xuíz do estado no que se atopa, e que un rapaz non tería pai se calquera home puidese usurpar os seus dereitos.

Velaquí pois unha terceira consecuencia da constitución dos sexos: é que o máis forte é aparentemente o amo e realmente depende do máis feble; e isto non por un frívolo uso da galantería nin por unha orgullosa necesidade de protector senón por unha invariable lei da natureza que, ao lle dar á muller máis facilidade para excitar os desexos que ao home para satisfacelos, fai depender a este, malia que os teña, da querenza da outra e obríga a tratar á súa vez de agradarlle para obter que ela consinta en lle permitir ser o máis forte. Daquela, o máis doce que existe para o home na súa vitoria é dubidar se é a febleza quen cede ante a forza ou se é a vontade quen se rende, e a astucia ordinaria da muller é deixar sempre esa dúbida entre ela e el. A mentalidade das mulleres responde niso perfectamente á súa constitución: lonxe de se ruborizaren da súa febleza, prézanse diso; os seus tenros músculos non teñen resistencia; aparentan non poderen erguer os máis lixeiros fardos; daríalles vergoña ser fortes. Por que todo iso? Non é só para pareceren delicadas, é por unha precaución máis hábil: prepáranse escusas para lonxe, e, por se fose preciso, o dereito a seren febles.

O progreso das luces adquiridas polos nosos vicios cambiou moito nese punto as antigas opinións entre nós, e xa case non se fala de violencias, dende que estas son tan pouco necesarias e que os homes non cren xa nelas¹⁶⁵; en tanto que son moi comúns nas altas antigüidades gregas e xudías, porque estas mesmas opinións están na simplicidade da natureza e só a experiencia da libertinaxe puido desenraizalas. Se se citan nos nosos días menos actos de violencia, non se debe con seguridade a que os homes sexan máis temperados senón a que teñen menos credulidade, e que determinada queixa que antigamente convencería a pobos simples nos nosos días só atraería risas burlonas, polo que convén máis calar. Hai no *Deuteronomio* unha lei pola que unha rapaza da que abusaron era castigada co sedutor se é que o delito fora cometido na cidade, mais se fora cometido no campo ou en lugares apartados, só o home era castigado: “*Porque –di a lei– a rapaza berrou e non a oíron*”. Esta benigna interpretación aprendíalles ás rapazas a non se deixaren sorprenden en lugares frecuentados.

O efecto desta diversidade de opinións sobre os costumes é sensible. A galantería humana é obra delas. Os homes, ao atoparen que os seus praceres dependían do sexo fermoso máis do que eles creran, cativaron esta vontade a través de cumprimentos dos que este resarciunos ben.

Reparade en como o físico nos leva insensiblemente ao moral, e como da groseira unión dos sexos nacen pouco a pouco as máis doces leis do amor. O poderío das mulleres non é seu porque o quixeron os homes senón porque así o quere a natureza; era delas antes de que semellasen telo; aquel mesmo Hércules que coidou facerlles violencia ás cincuenta fillas de Tespio viuse, con todo, obrigado a escapar cabo de Onfalia, e o forte Sansón non era tan forte como Dalila. Este poderío é das mulleres e non

¹⁶⁵ Pode haber tal desproporción de idade e de forza que exista unha violencia real, mais tratando aquí do estado relativo dos sexos segundo a orde da natureza, considéroos os dous na relación común que constitúe ese estado.

lles pode ser quitado, mesmo cando abusan del. Se algunha vez puidesen perdelo xa habería moito tempo que o terían perdido.

Non existe paridade ningunha entre os dous sexos tocante á consecuencia do sexo. O macho só é macho en certos momentos e a femia é femia durante toda a súa vida, ou cando menos durante toda a súa mocidade; todo a remite sen cesar ao seu sexo, e para cumprir ben as funcións deste cómprelle unha constitución proporcionada a el. Cómprelle tino durante o seu embarazo, cómprelle repouso no parto, cómprelle unha vida mol e sedentaria para aleitar aos seus fillos e cómprelle para educalos paciencia e máis dozura, un celo e un afecto que nada faga desaparecer. Ela serve de vencello entre estes e o pai, en por ela fai que os ame e dálle a confianza de os chamar seus. Canto agarimo e coidados non lle compren para manter unida a toda a familia! E finalmente todo iso non deben ser virtudes senón gustos, sen o cal a especie humana apagaríase axiña.

A rixidez dos deberes relativos aos dous sexos non é nin pode ser a mesma. Cando a muller se queixa niso da inxusta desigualdade que o home introduce aí, engánase; esta desigualdade non é unha institución humana, ou cando menos non é obra do prexuízo senón da razón: é aquel de entre eles dous que a natureza encargou da garda dos rapaces o que lle ten que responder dela ao outro. Sen dúbida non lle está permitido a ninguén violar a súa palabra, e todo marido infiel que priva á súa muller do único premio dos austeros deberes do seu sexo é un home inxusto e bárbaro, mais a muller infiel fai máis: dissolve a familia e rompe todos os vencellos da natureza; ao lle dar ao home fillos que non son del traizoa a uns e a outros, une a perfidia á infidelidade. Cústame traballo ver que desorde e que crime non ten relación con este. Se existe unha condición lamentable no mundo é a dun malfadado pai que, sen confianza na súa muller, non se atreve a entregarse aos máis doces sentimentos do seu corazón, que ao abrazar ao seu fillo dúbida se é que non está a abrazar ao fillo doutro, a prenda da súa deshonra, o raptor do

ben dos seus propios fillos. Que é daquela a familia senón unha sociedade de inimigos secretos que unha muller culpable arma un contra outro obrigándoos a finxir que se aman entre eles?

Daquela, non importa só que a muller sexa fiel senón que sexa considerada tal polo seu marido, polos seus próximos e por todo o mundo. Importa que sexa modesta, atenta, reservada, e que leve aos ollos dos demais igual que a súa propia conciencia o testemuño da súa virtude: se importa que un pai ame aos seus fillos, importa que estime á nai deles. Tales son as razóns que colocan a propia aparencia entre os deberes das mulleres e fan que a honra e a reputación non lles sexan menos indispensables que a castidade. Destes dous principios deriva coa diferenza moral dos sexos un motivo novo de deber e de conveniencia que lles prescribe especialmente as mulleres a atención máis escrupulosa pola súa conduta, as súas maneiras e o seu porte. Soster vagamente que os dous sexos son iguais e que os seus deberes son os mesmos é perderse en fútiles declamacións, é non dicir nada en tanto que non se responda a iso.

Seica non é unha maneira de razoar ben sólida o dar excepcións como resposta ás leis xerais tan ben fundadas? “As mulleres –dicides vós– non sempre fan fillos”. Non, mais o seu destino propio é facelos. O que! Porque hai no universo un cento de grandes cidades nas que as mulleres, vivindo licenciosamente, fan poucos fillos, pretendedes vós que a condición das mulleres é faceren poucos? E que había ser das vosas cidades, se as aldeas afastadas nas que as mulleres viven máis sinxelamente e máis castamente non reparasen a esterilidade das señoras? En cantas bisbarras as mulleres que non teñen máis que catro ou cinco fillos pasan por pouco fecundas¹⁶⁶! En fin, que esta ou estotra muller faga poucos fillos: que importa? É por iso a

¹⁶⁶ Sen iso a especie esmorecería necesariamente. Para que se conserve cómprelle, como media, que cada muller teña aproximadamente catro fillos porque dos rapaces que nacen morre case a metade antes de que poidan ter outros, e cómpren os dous restantes para representaren o pai e a nai. Mirade se as cidades vos van fornecer esta poboación.

muller menos nai? Non é a través de leis xerais como a natureza e os costumes deben conformar esta condición?

Aínda que houbese entre os embarazos uns intervalos tan longos como queiramos supor: vai unha muller cambiar así bruscamente e alternativamente de xeito de vivir sen perigo e sen risco? Vai ser hoxe ama de leite e mañá guerreira? Vai cambiar de temperamento e de gustos como un camaleón de cores? Vai pasar de súpeto da sombra, do enclaustramento e das tarefas domésticas ás agresións do aire, aos traballos, ás fatigas e aos perigos da guerra? Vai ser ora medoñenta¹⁶⁷ ora valente, ora delicada e ora robusta? Se aos mozos educados en París lles custa soportar o oficio das armas, unhas mulleres que nunca se teñen enfrontado ao sol e que apenas saben camiñar: vano soportar despois de cincuenta anos de moleza? Van emprender este duro oficio á idade na que os homes o abandonan?

Existen países nos que as mulleres paren case sen dor e alimentan aos seus fillos case sen traballos, estou de acordo, mais nestes mesmos países os homes van semi-nús en calquera estación, tumban ás bestas feroces, levan unha canoa igual que un fardelo, fan cacerías de setecentas ou oitocentas leguas, dormen á intemperie enriba do chan e pasan varios días sen comer. Cando as mulleres se volven robustas, os homes vólvense aínda máis, cando os homes amolecen, as mulleres amolecen máis: cando os dous termos cambian igualmente, a diferenza segue sendo a mesma.

Platón na súa República dálle ás mulleres os mesmos exercicios que aos homes. Ben o creo! Ao ter quitado do seu goberno as familias particulares e ao non saber xa que facer coas mulleres viuse forzado a facelas homes. Ese fermoso xenio tiña combinado e previsto todo: el ía por diante dunha obxección que se cadra ninguén tería pensado facerlle, mais resolveu mal

¹⁶⁷ A timidez das mulleres é un instinto máis da natureza contra o dobre risco que corren durante o seu embarazo.

a que lle fan. Non estou a falar desa pretendida comunidade de mulleres da que o reproche tan repetido proba que aqueles que llo fan nunca o leron; estou a falar desa promiscuidade civil que confunde en todas partes os dous sexos nos mesmos empregos, nos mesmos traballos, e non pode deixar de enxendrar os máis intolerables abusos; estou a falar desa subversión dos máis doces sentimentos da natureza, inmolados a un sentimento artificial que só pode subsistir a través deles; como se non fose necesaria unha influencia natural para formar vencellos de convenio; como se o amor que un ten aos seus próximos non fose o principio do que se lle debe ao Estado, como se non fose a través da patria pequena que é a familia a maneira en que o corazón se vencella á grande; como se non fosen o bo fillo, o bo marido e o bo pai os que fan o bo cidadán!

Des que queda demostrado unha vez que o home e a muller non están nin deben estar constituídos igual en carácter nin en temperamento, derívase que non deben ter a mesma educación. Seguindo as direccións da natureza, deben actuar concertadamente, mais non deben facer as mesmas cousas; a finalidade dos traballos é común mais os traballos son diferentes e, conseguintemente, os gustos que os dirixen. Despois de termos tratado de formar o home natural, para non deixarmos imperfecta a nosa obra, vexamos como debe formarse tamén a muller que lle convén a este home.

Queredes ser sempre ben guiado? Seguide sempre as indicacións da natureza. Todo o que caracteriza o sexo debe ser respectado como establecido por ela. Vós dicides constantemente: “As mulleres teñen este ou estoutro defecto que nós non temos”. O voso orgullo engánavos, serían defectos en vós, son calidades nelas; todo iría menos ben se non as tivesen. Impedídelles a estes pretendidos defectos que dexeneren, mais gardádevos de destruílos.

As mulleres, pola súa banda, non cesan de gritar que nós as educamos para seren finchadas e coquetas, que as divertimos

constantemente con puerilidades para seguirmos sendo máis doadamente os seus amos; críticannos a nós os defectos que nós lles reprochamos. Que tolería! E dende cando son os homes os que se mesturan na educación das fillas? Que é o que lles impide ás nais educalas como lles praza? Elas non teñen colexios, que gran desgraza! Pois quixera Deus que non os houbera para os rapaces, habían ser educados máis sensatamente e máis honestamente! Seica obrigan ás vosas fillas a perder o seu tempo en parvadas? Fanlles pasar malia elas a metade da súa vida a se asearen a exemplo voso? Impídevos instruílas e mandalas instruír á vosa vontade? É culpa nosa se nos agradan cando son fermosas, se os melindres nos seducen, se a arte que aprenden de vós nos atrae e nos afaga, se nos gusta velas vestidas con gusto, se lles deixamos afiar canto queiran as armas coas que nos dominan? Ei! Tomade a decisión de educalas como homes e elas han consentir de bo grado! Canto máis queiran parecerse a eles, menos os han gobernar, e daquela os homes han ser verdadeiramente os amos.

Non todas as facultades comúns aos dous sexos están repartidas de xeito igual entre eles, mais consideradas en conxunto compénsanse. A muller vale máis como muller e menos como home; en todas partes onde fai valer os seus dereitos leva ela a vantaxe, en todas partes onde quere usurpar os nosos queda por baixo de nós. Non se pode responderlle a esta verdade xeral senón a través de excepcións, maneira constante de argumentar dos galantes partidarios do sexo fermoso.

Cultivar nas mulleres as calidades do home e descoidar as que lle son propias é manifestamente traballar en prexuízo delas: as astutas veno demasiado ben como para deixarse enganar. Tratando de usurpar as nosas vantaxes non abandonan as súas, mais acontece niso que, ao non poderen atender ben unhas e mais outras porque son incompatibles, quedan elas por baixo do seu alcance sen se poderen situar ao noso, e perden a metade da súa valía. Crédeme, nai asisada, non fagades da voso

filla un home de ben como para darlle un desmentido á natureza, facede dela unha muller de ben e podeades estar segura de que valerá máis para ela que para nós.

Seica disto se deriva que deba ser educada na ignorancia de todas as cousas e limitada unicamente ás funcións da casa? Fará o home da súa compañeira a súa criada? Privarase cabo dela do encanto máis grande da sociedade? Para mellor suxeitala: impediralle sentir nin coñecer cousa ningunha? Converteraa nun verdadeiro autómatas? Sen dúbida que non: non o dixo así a natureza, que lles dá ás mulleres unha mente tan agradable e tan fina. Ao contrario, esta quere que elas pensen, que xulguen, que amen, que coñezan, que cultiven a súa mente igual que a súa figura; son as armas que lles dá para suplir a forza que lles falta e para dirixir a nosa. Elas deben aprender moitas cousas, mais só as que convén que saiban.

Quer que eu considere o destino particular do sexo, quer que observe as súas inclinacións, quer que conte os seus deberes, todo concorre igualmente a indicarme a forma de educación que lle convén. A muller e o home están feitos un para o outro, mais a súa mutua dependencia non é igual: os homes dependen das mulleres a través dos seus desexos, as mulleres dependen dos homes a través dos seus desexos e das súas necesidades. Sobreviviriamos mellor nós sen elas que elas sen nós. Para que teñan o necesario, para que estean na súa condición, cómpre que nós llela deamos, que queiramos dállela e que as estimemos dignas diso; dependen dos nosos sentimentos, do valor que lle concedemos ao seu mérito e do caso que nós lles facemos aos seus encantos e ás súas virtudes. A través da propia lei da natureza, as mulleres, tanto elas como os seus fillos, están á mercé do xuízo dos homes: non abonda con que sexan estimables, cómpre que sexan estimadas; non lles abonda con seren fermosas, cómpre que agraden; non lles abonda con seren prudentes, cómpre que as recoñezan como tales; o seu honor non está só na súa conduta senón na súa reputación e non é posible

que aquela que consinte en pasar por infame poida nunca ser honrada. O home, actuando ben, non depende máis que de si mesmo e pode desafiar o xuízo público, mais actuando ben a muller non ten feita máis que a metade da súa tarefa, e o que se pense dela non lle importa menos que o que ela realmente é. Derívase diso que o sistema da súa educación debe ser a este respecto contrario ao da nosa: a opinión é a tumba da virtude entre os homes e o seu trono entre as mulleres.

Da boa constitución das nais depende en primeiro lugar a dos fillos, do coidado das mulleres depende a primeira educación dos homes; das mulleres dependen aínda os seus costumes, as súas paixóns, os seus gustos, os seus praceres e a súa propia felicidade. Así, toda a educación das mulleres debe estar relacionada cos homes. Agradarlles, serlles útiles, facérense amar e honrar por eles, educalos de novos, coidalos de grandes, aconsellalos, consolalos, facerlles a vida agradable e doce, velaí os deberes das mulleres en todas as épocas, e o que se lles debe aprender dende a súa infancia. En tanto que un non remonte a este principio hase arredar da meta, e todos os preceptos que lle dean non han servir de nada para a súa felicidade nin para a nosa.

Mais, aínda que toda muller queira agradarlles aos homes e deba querelo, hai moita diferenza entre querer agradarlle ao home de mérito, ao home verdadeiramente digno de ser amado, e querer agradar a eses amiguiños das saias que deshonran ao seu sexo e máis ao que eles imitan. Nin a natureza nin a razón poden inclinar á muller a amar nos homes aquilo que se asemella a elas, e tampouco é adoptando as maneiras destes como debe procurar que eles a amen.

Daquela, cando abandonando o ton modesto e pousado do seu sexo adoptan o aire destes tarabelos, lonxe de seguiren a súa vocación están a renunciar a ela, están a se tiraren a elas mesmas os dereitos que coidan usurpar: “Se fósemos doutro xeito –din– non lles habíamos gustar aos homes”, e máis menten. Cómpre estar tola para amar aos tolos, o desexo de atraer

a esa xente amosa o gusto daquela que se entrega a iso. Se non existisen homes frívolos a muller habíase apresurar a facelos, e as frivolidades deles son máis obra súa que as súas deles. A muller que ama aos homes verdadeiros e que quere agradarlles adopta medios axeitados para o seu propósito. A muller é coqueta por condición mais a súa coquetería cambia de forma e de obxecto segundo as súas miras; regulemos estas miras de acordo coas da natureza e a muller ha ter a educación que lle convén.

Ás rapaciñas gústalles o adobío case ao naceren: non contentas con seren bonitas queren que as atopen así; vese nos seus acenos que este labor xa lles interesa, e, apenas están en situación de comprender o que lles din, diríxenas falándolles do que se ha pensar delas. O mesmo motivo, proposto moi imprudentemente aos rapaciños, dista moito de ter sobre eles o mesmo poder. Con tal de seren independentes e de teren pracer preocúpanse ben pouco do que poidan pensar deles. Só os suxeitan á mesma lei a poder de tempo e de traballo.

Proceda de onde proceda, esta primeira lección para as rapazas é moi boa. Dado que o corpo nace, por dicilo así, antes que a alma, o primeiro cultivo debe ser o do corpo. Esta orde é común aos dous sexos, mais o obxectivo deste cultivo é diferente: nun este obxectivo é o desenvolvemento das forzas, no outro o dos agrados. Non que estas calidades deban ser exclusivas en cada sexo, só a orde está invertida: cómprelles forza abondo ás mulleres para faceren con garridez todo o que fan e cómprelles habilidade abondo aos homes para faceren con facilidade todo o que fan.

A través da extrema moleza das mulleres comeza a dos homes. As mulleres non deben ser robustas coma eles senón para eles, para que os homes que nazan delas tamén o sexan. Nisto os conventos ou os pensionatos teñen un alimento groseiro, pero moitas brincas, carreiras e xogos ao aire libre e no xardín son preferibles á casa paterna, na que unha rapaza delicadamente alimentada, sempre agarimada ou reprendida, sempre sentada

baixo os ollos da súa nai nun cuarto ben pechado, non se atreve a se erguer nin a camiñar nin a falar nin a alentar, e non ten un minuto de liberdade para xogar, choutar, correr, berrar e entregarse á fogaxe propia da súa idade: sempre ou relaxamento perigoso ou severidade mal entendida, nunca nada segundo a razón. Velaí como arruínan o corpo e o corazón da mocidade.

As rapazas de Esparta exercitábanse como os rapaces nos xogos militares, non para iren á guerra senón para criaren un día fillos capaces de soste as fatigas dela. Non é iso o que eu aprobo: para lle dar soldados ao Estado non é necesario que as nais teñan levado o mosquete e feito o exercicio ao estilo prusiano, mais atopo que en xeral a educación grega era moi ben entendida neste punto. As rapazas aparecían a miúdo en público, non mesturadas cos rapaces senón reunidas entre elas. Non existía unha festa nin un sacrificio nin unha cerimonia nas que non se visen grupos de fillas dos primeiros cidadáns coroadas de flores, cantando himnos, formando coros de baile, levando cestas, ánforas e ofrendas e presentándolles aos sentidos corrompidos dos gregos un espectáculo encantador e propio para equilibrar o mal efecto da súa indecente ximnasia. Por pouca impresión que este costume fixese nos corazóns dos homes, sempre era excelente para lle dar ao sexo unha boa constitución na mocidade a través de exercicios agradables, moderados e saudables, e para aguzar e formar o seu gusto a través do continuo desexo de agradar sen xamais expor os seus costumes.

Tan axiña como estas mozas eran casadas non se vían xa en público; pechadas nas súas casas, limitaban todos os seus coidados ao seu fogar e a súa familia. Tal é a maneira de vivir que a natureza e a razón lle prescribe ao sexo; así daquelas mulleres nacían os homes máis sans, máis robustos e mellor feitos da Terra, e a pesares da mala sona dalgunhas illas consta que de entre todos os pobos do mundo –sen exceptuar mesmo os Romanos– non se cita ningún no que as mulleres teñan sido a un tempo máis prudentes e dignas de amar e teñan reunido mellor os costumes e a fermosura que na antiga Grecia.

Sábese que a comodidade dos vestidos, que non molestaban ao corpo, contribuía moito a deixar nos dous sexos esas fermosas proporcións que vemos nas súas estatuas e que aínda serven de modelo para a arte cando a natureza desfigurada cesou de nos fornecer outro. De todas esas trabas medievais, desa morea de ataduras que manteñen os nosos membros pexados por todas partes, eles non tiñan nin a primeira. As súas mulleres ignoraban o emprego deses corpiños de balea cos que as nosas, mais que marcaren o seu van defórmano. Non podo concibir que este abuso, levado en Inglaterra ata un punto inconcibible, non faga ao final dexenerar a especie, e manteño mesmo que o obxectivo do agrado proposto a través deles é de mal gusto. Non resulta agradable ver a unha muller cortada en dúas como unha avespa; choca á vista e fai sufrir á imaxinación. A fineza do van ten, igual que todo o restante, as súas proporcións e a súa medida, e cando se supera é certamente un defecto. Este defecto sería mesmo evidente para os ollos ao mirar núa á persoa: por que había el ser unha cousa fermosa baixo o vestido?

Non me atrevo a apurar as razóns polas que as mulleres se obstinan en poñeren así unha coiraza: un peito que cae, un ventre que engorda, etc. Desagrada moito nunha persoa de vinte anos, estou de acordo, mais non resulta chocante xa aos trinta, e como cómpre malia nós ser en todo tempo o que lle prace á natureza e o ollo do home non se engana, estes defectos son menos desagradables en calquera idade que a parva simulación dunha rapaciña de corenta anos.

Todo o que molesta e forza á natureza é de mal gusto; isto é certo tanto para os adobíos do corpo como para os adornos do espírito. A vida, a saúde, a razón e o benestar deben ir diante de todo; a graza non vai sen comodidade; a delicadeza non é a languidez e non hai que estar enfermo para agradecer. Excítase a piedade cando se sofre, mais o pracer e o desexo procuran a frescura da saúde.

Os rapaces dos dous sexos teñen moitas diversións comúns, e así debe ser: seica non as teñen igualmente cando son grandes?

Teñen tamén gustos propios que os distinguen. Os rapaces procuran o movemento e o ruído: tambores, trompos, carriños. As raparigas prefiren o que entra pola vista e serve para o ornato: espellos, xoias, panos, e sobre todo monecas. A moneca é a diversión específica deste sexo; velaí con toda evidencia o seu gusto determinado polo seu destino. O físico da arte de agradar está no adobío, é todo o que unhas criaturas poden cultivar desta arte.

Mirade unha rapaciña pasar o día arredor da súa moneca, cambiala sen cesar de enfeites, vestila e desvestila cen e mil veces, procurar continuamente novas combinacións de adornos, ben ou mal axustados, non importa: aos dedos fáltalles habilidade, o gusto non está formado, mais xa se amosa a inclinación. Nesta eterna ocupación o tempo corre sen que ela se decate, pasan as horas e non se dá de conta, esquece mesmo as comidas, ten máis fame de adobío que de alimento. “Mais –diredes vós– está a preparar a súa moneca, non a súa persoa”. Sen dúbida: ve a súa moneca e non se ve ela mesma, non pode facer nada para si, non está formada, non ten talento nin forza, aínda non é nada. Está enteiriña na súa moneca, pon nela toda a súa coquetería e non a ha deixar alí para sempre: agarda o momento de ela mesma ser a súa moneca.

Velaí pois un primeiro gusto ben definido: non tedes máis que seguilo e regulalo. É seguro que a pequena quixera con todo o seu corazón saber adornar a súa moneca, facerlle os nós ás mangas, o dengue, os volantes e o encaixe; en todo iso fana depender tan duramente da boa vontade de outro que lle sería moito máis cómodo deberlle todo ao seu enxeño. Así ven a razón das primeiras leccións que lle dan; non son tarefas que lle prescriben, son deferencias que teñen con ela. E, en efecto, case todas as rapaciñas aprenden con repugnancia a ler e escribir, mais canto a manexar a agulla é o que aprenden sempre con gusto. Imaxinan que xa son grandes e matinan con pracer en que estes talentos poderán un día servirlles para se adornaren.

Aberto este primeiro camiño, é fácil de seguir: a costura, o bordado e o encaixe veñen por si sós. A tapicería xa non lles

agrada tanto. Os mobles están demasiado lonxe delas e non teñen que ver coa persoa senón con outras opinións. A tapicería é a diversión das mulleres. Cando son rapazas nunca atopan nela un gran pracer.

Estes progresos voluntarios hanse estender doadamente ao deseño, porque esta arte non é indiferente da de se compor con gusto, mais eu non querería que se aplicase á paisaxe e aínda menos á figura. Abóndalles coas follaxes, froitas, flores, panos e todo o que pode servir para lles dar un contorno elegante aos enfeites e facer delas mesmas un patrón de bordado cando non o atopan ao seu gusto. En xeral, se é importante para os homes limitaren os seus estudos aos coñecementos prácticos, é aínda máis importante para as mulleres porque a vida destas, aínda que menos laboriosa, ao ser ou deber ser máis asidua nas súas tarefas e máis interrompida por tarefas diversas, non lles permite escoller entregarse a ningún talento en prexuízo dos seus deberes.

Digan o que digan os graciosos, o bo sentido atópase igualmente nos dous sexos. As rapazas en xeral son máis dóciles que os rapaces, e débese mesmo utilizar sobre elas maior autoridade, como direi axiña. Mais non se deduce que se deba esixir delas nada do que non poidan ver a utilidade. A arte das nais é mostrárllela en todo o que lles prescriben, e iso é tanto máis doado canto que a intelixencia nas rapazas é máis precoz que nos rapaces. Esta regra desterra do seu sexo igual que do noso non só todos os estudos ociosos que non conducen a nada bo, e nin mesmo volven máis agradables os outros para quen os efectúa, senón mesmo todos aqueles que non son útiles para esa idade e que a criatura non pode prever para unha idade máis avanzada. Se non quero que apuren un rapaz a aprender a ler, con maior razón non quero que forcen a iso ás rapazas antes de lles facer sentir ben para que serve a lectura, e pola maneira en que lles amosan de ordinario esta utilidade séguese máis a propia idea do que ensina que a delas. Despois de todo: onde

está a necesidade de que unha rapaza saiba ler e escribir dende tan cedo? Vai ter decontadiño unha casa que gobernar? Hai moi poucas que non abusan –máis que usan– desta ciencia fatal, e todas son algo curiosas de máis como para non aprenderen sen que as forcen cando teñan vagar e ocasión. Se cadra deberían elas aprender a utilizar os números ante todo, porque nada ofrece unha utilidade máis sensible en todo momento nin pide máis longa utilización nin deixa tanta posibilidade de erro como as contas. Se a pequena só obtivese as cereixas da súa merenda por medio dunha operación aritmética, respóndovos de que ben axiña había saber calcular.

Coñezo unha rapaza nova que aprendeu a escribir antes que a ler, e que comezou a escribir coa agulla antes de escribir coa pluma. De toda a escritura só quixo ao principio facer a letra O. Facíaa sen parar, grandes e pequenas, de todos os tamaños, letras O unhas dentro das outras e sempre trazadas ao revés. Malfadadamente, un día en que estaba ocupada neste útil exercicio viuse nun espello, e atopando que esta actitude forzada non a agraciaba nada, cal outra Minerva tirou coa pluma e non quixo xa volver facer máis letras O. Ao seu irmán, escribir non lle gustaba máis que a ela, pero o que lle molestaba era o traballo e non o aspecto que este lle daba. Procuraron outra maneira para que volvese á escritura; a rapaciña era delicada e presumida, non entendía que a súa roupa servise para as súas irmás, e como a marcaban deixaron xa de marca-la. Foille necesario aprender a marca-la ela mesma, e pódese imaxinar o resto do progreso.

Xustifícase sempre as tarefas que lles impoñedes ás rapazas, mais impoñédellas sempre. A ociosidade e a indocilidade son os dous defectos máis perigosos para elas e dos que menos se cura cando se contraeron. As rapazas deben ser vixilantes e laboriosas. E non é todo: deben sentirse molestas dende moi cedo. Esta desgraza –se é que para elas a é– é inseparable do seu sexo e nunca se libran dela se non é para sufrir outras máis crueis.

Toda a súa vida se verán suxeitas á molestia máis continua e severa, que é a dos convencionalismos. Cómpre exercitalas antes na coerción a fin de que non lles custe nunca e dean do-meado todos os seus caprichos para sometelos á vontade doutra persoa. Se quixesen traballar sempre deberían forzalas algunha vez a non faceren nada. A disipación, a frivolidade e a inconstancia son defectos que nacen doadamente dos seus primeiros gustos corrompidos e sempre seguidos. Para previr este abuso aprendédelles sobre todo a se venceren. Nos nosos insensatos preparativos de futuro, a vida da muller de ben é un combate perpetuo contra ela mesma; é xusto que este sexo comparta a mágoa dos males que nos causou.

Impedide que as rapazas se aburran coas súas ocupacións e se entusiasmen coa súas diversións, como acontece sempre nas educacións vulgares nas que se pon, como di Fenelón, todo o aburrimiento dunha banda e todo o pracer da outra. Se un segue as regras anteriores, o primeiro destes dous inconvenientes só terá lugar cando as persoas que estean con elas lles desagraden. Unha rapaciña que lle quere á súa nai ou á súa amiga ha traballar o día enteiro á súa beira sen se aburrir: xa só a pibela vaina resarcir de toda a súa molestia. Mais se quen a dirixe é insopon- table, halle tomar o mesmo desagrado a todo o que aquela faga á súa vista. Resulta moi difícil que as que non se atopan máis a gusto coas súas nais que con calquera persoa no mundo poidan un día ir polo bo camiño, mais para vulgar os seus verdadeiros sentimentos cómpre estudialos e non fiarse do que elas din, porque son aduladoras, disimuladas e saben disfrazarse dende moi cedo. Non se debe tampouco dispoñer que lle queiran á súa nai, o afecto non ven por obriga e aquí non serve a coerción. Só o vencellamento, os coidados e o hábito farán que a filla lle queira á nai se é que esta non fixo nada que atraía a súa xen-reira. A propia molestia en que a manteñen, ben dirixida, lonxe de enfeblecer este vencellamento, o único que fará é aumentalo porque, ao ser a dependencia un estado natural das mulleres, as rapazas séntense feitas para obedecer.

Pola mesma razón de que teñen ou deben ter pouca liberdade lévana ata o exceso a que lles deixan. Extremadas en todo, entréganse aos seus xogos aínda con mais pulo que os rapaces; este é o segundo dos inconvenientes dos que acabo de falar. Debe moderarse ese pulo pois é a causa de distintos vicios propios das mulleres tales como o capricho e o enlevo cos que unha muller se entusiasma hoxe por un determinado obxecto que no outro día nin mesmo ha mirar. A inconstancia dos gustos éelles tan funesta como o seu exceso, e un e máis outro proceden da mesma fonte. Non lles tiredes a alegría, as risas, o ruído e os xogos toleiróns, mais impedídelles que se farten dun para correr ao outro, non permitades que nin un só momento da súa vida carezan xa de freo. Afacédeas a verse interromper no medio dos seus xogos e a verse levar a outras tarefas sen murmurar. Só o hábito abonda tamén nisto, porque o único que fai é secundar a natureza.

Destá coerción habitual resulta unha docilidade que as mulleres precisan durante toda a súa vida, pois nunca deixan de estar suxeitas ou ben a un home ou ben aos xuízos dos homes, e nunca lles permiten poñerse por riba destes xuízos. A primeira e a máis importante calidade dunha muller é a dozura; feita para obedecer a un ser tan imperfecto como o home, a miúdo tan cheo de vicios e sempre tan cheo de defectos, ela debe aprender dende cedo a sufrir mesmo a inxustiza e a soportar os erros dun marido sen se queixar. Non é para el para quen debe ser doce: a acritude e a teimosía das mulleres o único que fan é aumentar os seus males e o mal proceder dos maridos; estes senten que non é con esas armas como elas deben vencelos. O ceo non as fixo insinuantes e persuasivas para se volveren roñonas, non as fixo febles para seren imperiosas, non lles deu unha voz tan doce para diciren insultos, non lles proporcionou trazos tan delicados para os desfiguraren coa carraxe. Cando se enfadan esquécense de si mesmas; teñen a miúdo razón en se queixar, mais non a teñen nunca en rosmar. Cadaquén debe manter o

ton do seu sexo; un marido demasiado doce pode volver unha muller impertinente, mais, non sendo que un home sexa un monstro, a dozura dunha muller encamíñao e triunfa sobre el tarde ou cedo.

Que as rapazas sexan sempre submisas, pero que as nais non sexan sempre inexorables. Para facer dócil a unha rapaza nova non é preciso facela infeliz, para facela modesta non é necesario embrutecela. Polo contrario, non me parecería mal que lle deixaran utilizar unha pouca habilidade, non en eludir o castigo se desobedecera senón en se librar de obedecer. Non é cousa de lle facer penosa a súa dependencia, abonda con lla facer sentir. A astucia é un talento natural do sexo e, convencido de que todas as inclinacións naturais son boas e rectas por si mesmas, eu son do parecer de que cultiven esta igual que as outras: só se trata de previr o seu abuso.

Sobre a verdade desta consideración remítome a calquera observador de boa fe. Non quero que examinen niso ás propias mulleres; as nosas molestas institucións poden obrígalas a agudizar a súa mente. Quero que examinen ás rapazas, ás rapaciñas, que, por así dicir, acaban de nacer. Que as comparen cos rapaciños da mesma idade e, se estes non semellan pousóns, atordoados e parvos ao seu lado, estarei indiscutiblemente errado. Permítaseme un único exemplo collido entre toda a inxenuidade pueril.

É moi corrente prohibirles aos rapaces que pidan cousa ningunha na mesa, porque se cre que a mellor maneira de educalos ben é sobrecargándoos con preceptos inútiles. Como se un anaco disto ou isto outro non puidese ser axiña concedido ou denegado¹⁶⁸ sen facer morrer constantemente de cobiza aguilloada pola esperanza a un pobre rapaz. Todo o mundo coñece a habelencia dun mociño sometido a esta lei que, ao ser

¹⁶⁸ Un rapaz vólvese importuno cando lle dá resultado selo, mais non ha pedir dúas veces a mesma cousa se a primeira resposta é sempre irrevocable.

esquecido no momento de servir de comer, pediu sal. Non direi que lle poderían rifar por ter pedido directamente sal e indirectamente carne; a omisión era tan cruel que mesmo se tivese infrinxido abertamente a lei e tivese dito sen viravoltas que tiña fame, non podo crer que o chegasen a castigar. Mais velaí como fixo na miña presenza unha rapaciña de seis anos nun caso moito máis difícil, porque ademais de que tiña rigorosamente prohibido pedir nunca nada nin directa nin indirectamente, a desobediencia non podería ser perdoada xa que ela comera de todos os pratos a excepción dun único que esqueceran servirlle e que ela cobizaba moito.

Ora ben, para conseguir que reparasen este esquecemento sen que puidesen acusala de desobediencia, pasándolle revista a todos os pratos, sinalou co dedo dicindo en voz alta a medida de que os amosaba: “*Común disto; común disto*”, mais pasou de xeito tan visible sen dicir nada diante do prato do que non comera, que alguén, decatándose, díxolle: “*É disto: comestes?*”. “*Oh, non!*” dixo docemente a comellonciña baixando os ollos. Non vou engadir eu nada, comparade: esta saída é unha astucia de rapariga, a outra é unha astucia de rapaz.

O que é está ben e ningunha lei xeral é mala. Esta habelencia particular dada ao sexo é un resarcimento moi equitativo da forza que ten de menos, sen o cal a muller non había ser a compañeira do home, había ser a súa escrava. É a través desta superioridade de talento como mantén a súa igualdade con el e como o goberna obedecéndolle. A muller ten todo contra ela: os nosos defectos, a súa timidez e a súa febleza; ao seu favor só ten a súa arte e a súa fermosura. Seica non é xusto que cultive unha e máis outra? Mais a fermosura non é xeral; perece a causa de mil accidentes, pasa cos anos e o hábito destrúe o seu efecto. Só a agudeza é o verdadeiro recurso do sexo. Non esa agudeza parva á que lle dan tanto valor na sociedade e que non serve en absoluto para facer feliz a vida, senón a agudeza da súa condición, a arte de tirar partido da nosa e de se aproveitar das nosas propias vantaxes.

Non sabemos o útil que nos é esta habelencia a nós mesmos, o moito encanto que engade á unión dos dous sexos, o moito que serve para reprimir a fogaxe dos fillos, o moito que contén aos maridos brutais e o moito que mantén uns bos matrimonios que a discordia había perturbar sen ela. As mulleres artificiosas e malas abusan, seino ben: mais de que é que o vicio non abusa? Non destruamos os instrumentos da felicidade polo feito de que os malos os utilizan ás veces para facer dano.

Pódese brillar polo adobío pero non se agrada máis que pola persoa. Os nosos enfeites non somos nós, a miúdo desloquen a poder de rebuscamento e a miúdo os que fan notar máis á que os leva son aqueles que menos se notan. A educación das rapazas neste punto é un total contrasentido. Prométnlles adornos como recompensa, fanlles gustar os rebiricoques rebuscados, “*Que bonita está!*” dinlles cando están moi adornadas. E, moi ao contrario, deberíaselles facer comprender que tanto enfeite só ten como obxectivo esconder defectos e que o verdadeiro triunfo da beleza é brillar por si mesma. O amor polas modas é de mal gusto porque os rostros non cambian con elas e ao permanecer igual a cara, o que lle acae unha vez acáelle sempre.

Se eu vise á rapaza pavonearse cos seus rebiricoques había mostrarme inquieto pola súa cara así disfrazada e polo que poderían pensar diso. Diría: “Todos estes adornos engalánana de máis, é mágoa: coidades que podería soportar outros máis sinxelos? É fermosa abondo como para prescindir disto ou daquilo?”. Se cadra será ela a primeira en rogar que lle tiren este adorno e que xulguen; é o caso de aplaudir se así acontece. Non a había eu gabar nunca tanto como cando se arranxase da maneira máis sinxela. Cando non mire o adobío máis que como un complemento das grazas da súa persoa e como unha concesión tácita de que precisa socorro para agradar, non ha alardear dos seus enfeites senón que ha ser humilde, e se máis engalanada que de costume escoita dicir dela: “*Que bonita está!*” hase poñer vermella de coraxe.

Polo resto, hai caras que teñen necesidade de adobío, mais non as hai que esixan ricos rebiricoques. Os adobíos ruínosos son vanagloria do rango e non da persoa, e proceden unicamente do prexuízo. A verdadeira coquetería é por veces algo rebuscada, mais nunca é fastuosa, e Xuno arranxábase máis soberbiamente que Venus. “*Ao non poderes facela fermosa, fala rica*”, dicíalle Apeles a un pintor ruín que pintaba a Helena moi cargada de rebiricoques. Teño observado tamén que os máis pomposos adobíos anunciaban case sempre mulleres feas: non se podería ter unha vaidade máis desafortunada. A unha rapaza que teña gusto e desprece a moda dádlle fitas, gasa, muselina e flores. Sen diamantes, sen pompóns e sen encaixe¹⁶⁹ hase facer un enfeite que a volverá cen veces máis encantadora do que a farían todos os brillantes panos da Duchapt¹⁷⁰.

Como o que está ben está ben sempre e cómpre estar sempre o mellor posible, as mulleres expertas en adobíos escollen os bos e lévanos adoito, non os cambiando a diario; ocúpanse menos deles que as que non saben con cales quedar. O verdadeiro coidado do ornato quere pouco atavío: as damiñas novas raramente levan atavíos aparatosos: o traballo e as leccións enchen a súa xornada. Con todo, en xeral arránxanse con tanto coidado como as señoras –a excepción do colorette– e a miúdo con mellor gusto. O abuso do enfeite non é o que se pensa, procede moito máis do aburrimiento que da presunción. Unha muller que pasa seis horas a se enfeitar non ignora que non resulta máis vistosa que a que só pasa media hora, mais é tempo que se lle gaña á esmagadora longura do día, e vale máis divertirse consigo mesma que aburrirse completamente. Sen o enfeite:

¹⁶⁹ Ás mulleres que teñen suficientemente branca a pel como para prescindir do encaixe causaríanlles moita coraxe ás demais se non o levasen. Case sempre son persoas feas as que levan as modas e as fermosas fan o parvo suxeitándose a elas.

¹⁷⁰ A Duchapt era unha coñecida comerciante de modas que tiña a súa tenda perto da Ópera (N. do T.).

que había ela facer da súa vida dende o mediodía ata as nove? Reunindo criadas de arredor súa divírtese en impacientalas: xa logrou algo. Evita estar soa cun marido que unicamente ve a esa hora: logrou moito máis. E despois veñen as vendedoras, os tratantes en chambos, os homiños empregados, os escritoriños, os versos, as cancións, os folletos; sen o enfeite endexamais había dar reunido todo iso tan ben. O único proveito real relacionado co asunto é o pretexto de se exhibir un pouco máis que cando está vestida, mais este proveito se cadra non é tan grande como se pensa e as mulleres, no momento de se enfeitaren, non gañan tanto como elas dirían. Dádelle sen escrúpulos unha educación de muller ás mulleres, facede que lles gusten as tarefas do seu sexo, que teñan modestia, que saiban velar polo seu fogar e ocuparse da súa casa; o moito enfeite ha caír por si mesmo, e só ha ter como consecuencia un mellor gusto no arranxo.

A primeira cousa que ao medraren observan as rapazas novas é que todos estes atractivos foráneos non lles son suficientes se non teñen outros propios delas. Un non pode endexamais dotarse de fermosura e non se adquire a coquetería dun día para outro, mais pode xa procurar darlles un aire agradable aos xestos, un acento engaiolador á voz, adoptar un porte garrido, camiñar con elegancia, manter posturas gráciles e utilizar en todo momento as súas vantaxes. A voz esténdese, asegúrase e colle timbre, os brazos desenvólvense, o andar faise firme e ela decátase de que, independentemente da maneira en que se arranxe, existe unha arte en facerse mirar. Dende entón xa non se trata só de agulla e enxeño, preséntanse novos talentos e fan sentir xa a súa utilidade.

Sei que os severos profesores queren que non se lles aprenda ás rapazas nin canto nin danza nin ningunha das artes agradables. Paréceme gracioso! E a quen queren logo que llelo aprendan? Aos rapaces? A quen lles pertence ter estes talentos preferentemente: aos homes ou ás mulleres? “A ninguén”, han responder eles. “As cancións profanas son crimes, a danza un

invento do demo, unha rapaza non debe ter outra diversión que o seu traballo e a oración”. Velaí unhas extrañas diversións para unha criatura de dez anos! Canto a min, teño moito medo de que todas estas santiñas que forzan a pasar a infancia rezando a Deus non pasen a mocidade noutra cousa, e non recuperen o mellor que poidan, de casadas, o tempo que estiman ter perdido de rapazas. Considero que cómpre respectar o que lle convén á idade tanto como ao sexo, que unha rapaza non debe vivir como a súa avoa, que debe ser lizgaira, rebuldeira e reloucante, cantar e bailar tanto como lle pete e probar todos os inocentes praceres da súa idade: xa chegará demasiado cedo o tempo de ser pousada e de adoptar un porte máis serio.

Mais seica a propia necesidade deste cambio é verdadeiramente real? Non é, se cadra, outro froito dos nosos prexuízos? Suxeitando as mulleres honradas a uns tristes deberes desterrouse do matrimonio todo o que podía facelo agradable para os homes. Seica é de estrañar se o ambiente taciturno que ven reinar nos seus fogares os bota deles ou se se ven pouco tentados por abrazar un estado tan pouco grato? A poder de extremar os deberes todos, o cristianismo vólveos impracticables e vans, a poder de lles prohibir ás mulleres o canto, a danza e todas as diversións do mundo, vólveas rabuxentas, roñonas e insoportables nas súas casas. Non existe relixión na que o matrimonio estea sometido a uns deberes tan severos e na que se vexa desprezado un compromiso tan sagrado. Fíxose tanto para impedir ser amables ás mulleres que se volveu indiferentes aos maridos. Non debía ser así; enténdoo moi ben, mais digo que debía ser así pois a fin de contas os cristiáns son homes. Canto a min, quixera que, para lle gustar ao marido que ha ter, unha rapaza inglesa cultivase os talentos agradables con tanto interese como unha rapaza albanesa os cultiva para o harén de Ispahán. “Os maridos –hase dicir– non se preocupan demasiado de todos estes talentos”. Estou totalmente de acordo cando estes talentos, lonxe de seren empregados para lles gustar, serven só de

engado para atraer ao seu fogar a mozos desvergoñados que os deshonran. Mais: pensades que unha muller amable e sabia, adornada deses talentos e que os consagrara á diversión do seu marido, non había contribuír á felicidade da súa vida e non lle había impedir, cando saíse do seu gabinete coa cabeza esgotada, que fose buscar leceres fora da súa casa? Seica ninguén ten visto felices familias así reunidas nas que cadaquén sabe aportar a súa contribución ás diversións comúns? Que diga el se a confianza e a familiaridade que se unen e se a inocencia e a dozura dos praceres que se saborean non contrarrestan o ruído dos praceres públicos.

Reduciron demasiado a arte os talentos agradables. Xeneralizáronos demasiado; fixeron de todo regra e precepto, e volveron moi enfadoso para as rapazas novas o que para elas só debe ser diversión e xogos rebuldeiros. Non imaxino nada máis ridículo que ver un vello profesor de danza e de canto dirixirse con aire enrabeado a unhas rapazas novas que só queren rir, e adoptar para lles ensinar a súa ciencia un ton máis pedante e maxistral que se se tratase do catecismo. Seica, por exemplo, a arte de cantar repousa na música escrita? Non se podería volver a voz flexible e xusta, aprender a cantar con gusto e mesmo a acompañar sen coñecer unha soa nota? Vailles o mesmo tipo de canto a todas as voces? Vailles o mesmo método a todas as mentes? Endexamais me han facer crer que as mesmas actitudes, os mesmos pasos, os mesmos movementos, os mesmos xestos e as mesmas danzas acaen igual a unha moreniña arrichada e salgarita e a unha fermosa loira alta de ollos lánguidos. Daquela, cando vexo a un profesor darlles exactamente ás dúas as mesmas leccións, digo: “Este home segue a súa rutina mais non entende nada da súa arte”.

Preguntan se ás rapazas lles comprenden profesores ou profesoras. Non o sei; gustárame que non precisasen nin uns nin outras, que aprendesen libremente o que teñen tanta inclinación a querer aprender e que non se vise errar constantemente

polas nosas cidades tantos saltimbancos charramangueiros. Fáiseme difícil crer que o trato desa xente non sexa máis perxudicial para as rapazas do que útiles son as súas leccións, e que a súa falarica, o seu ton e os seus aires non lles proporcionen ás súas alumnas o primeiro gusto polas frivolidades para eles tan importantes das que aquelas non han tardar moito en facer, seguindo o seu exemplo, a súa única ocupación.

Nas artes que só teñen o agrado como obxecto todo pode servirilles de mestre ás rapazas novas. O seu pai, a súa nai, o seu irmán, a súa irmá, as súas amigas, as súas aias, o seu espello e, sobre todo, o seu propio gusto. Non se lles debe propór ese ensino, teñen que ser elas as que o pidan: non se debe facer dunha recompensa un deber, e é sobre todo nesta caste de estudos onde o primeiro éxito é querer triunfar. Polo demais, se cómpren necesariamente leccións regradas, non hei decidir eu sobre o sexo de quen as debe dar. Non sei se cómpre que un profesor de danza colla a unha alumna noviña pola súa man delicada e branca, que lle mande acortar a saia, levantar a vista, despregar os brazos e erguer un peito palpitante, mais sei ben que por nada do mundo quixera eu ser ese profesor.

A través do enxeño e os talentos fórmase o gusto; a través do gusto a mente ábrese insensiblemente ás ideas da fermosura en todos os xéneros e finalmente ás nocións morais relacionadas con ela. Se cadra é esta unha das razóns polas que o sentimento da decencia e da honestidade se insinúa máis cedo nas rapazas que nos rapaces, porque para crér que este sentimento precoz procede do labor das aias cumpría estar moi mal informado sobre o feitío das súas leccións e sobre o progreso da mente humana. O talento de falar ten o rango principal dentro da arte de agradar: é só a través del como se poden engadir novos encantos a aqueles aos que os sentidos se afán polo costume. É a mente a que non só vivifica o corpo senón que en certo sentido o renova. É a través da sucesión dos sentimentos e das ideas como ela anima e varía a fisionomía, e é a través dos discursos

que inspira como a atención, mantida en movemento, sostén durante moito tempo o mesmo interese cara ao mesmo obxecto. É, coído eu, por todas estas razóns polas que as rapazas adquiren tan axiña un agradable parolicar, como poñen acento nas súas palabras mesmo antes de sentilas, e como os homes se divirten tan cedo en escoitalas, mesmo antes de poderen entendelas. Eles espían o primeiro momento desta intelixencia para captaren tamén o do sentimento.

As mulleres teñen a lingua flexible, falan máis cedo, máis doadamente e dun xeito máis agradable que os homes. Acúsanas tamén de falar máis; debe ser así e eu mudaría de grado este reproche en gabanza: a boca e os ollos teñen nelas a mesma actividade e pola mesma razón. O home di o que sabe, a muller di o que agrada; un para falar precisa coñecementos e a outra gusto; un debe ter como obxecto principal as cousas útiles, a outra as agradables. As súas falas só deben ter como forma común a da verdade.

Non se debe, daquela, frear a leria das rapazas como a dos rapaces con esta dura pregunta: “*Para que serve iso?*”, senón con estoutra á que non resulta máis doado responder: “*Que consecuencia terá iso?*”. Nesta primeira idade na que, ao non poderen aínda distinguir o ben e o mal, non son elas xuíces de ninguén, débense impor como lei non diciren nunca máis que cousas agradables a quen lle falan, e o que volve máis difícil a práctica desta regra é que sempre está subordinada á primeira, que é non mentir nunca.

Vexo niso outras moitas dificultades aínda, pero son dunha idade máis avanzada. Polo de agora só lles pode costar ás rapazas para ser verdadeiras séreno sen grosería, e como por natureza esa grosería lles repugna, a educación apréndelles doadamente a evitala. Observo en xeral no trato da sociedade que a cortesía dos homes é máis servicial e a das mulleres máis acariñadora. Esta diferenza non procede de institución, é natural. O home parece procurar máis servirvos e a muller

agradarvos. Derívase diso que, calquera que sexa o carácter das mulleres, a súa cortesía é menos falsa que a nosa, non fai máis que estender o seu primeiro instinto, pero cando un home finxe preferir o meu interese ao seu, por moitas cores que lle poña a esta mentira estou seguro de que di unha. Daquela, non lles costa case ás mulleres seren corteses, nin por conseguinte ás rapazas aprenderen a selo. A primeira lección ven da natureza, a arte non fai máis que seguila e determinar segundo os nosos costumes baixo que forma debe amosarse. Respecto da cortesía entre elas é unha cousa totalmente distinta. Poñen un aire tan forzado e unhas atencións tan frías que, ao se molestaren mutuamente, non teñen gran coidado en esconder a súa molestiae semellan sinceras na súa mentira ao non trataren case de disfrazala. Con todo, as rapazas novas forman ás veces realmente amizades máis francas. Á súa idade, a alegría fai a función da bondade natural e ao estaren contentas delas mesmas estano de todo o mundo. Constátase tamén que se bican de mellor grado e se acarician con máis gracilidade diante dos homes, orgullosas de aguilloar impunemente a súa cobiza a través da imaxe dos favores que saben facerlles desexar.

Se non se deben permitir aos rapaces preguntas indiscretas, con maior razón débense prohibir ás rapazas, de quen a curiosidade satisfeita ou mal eludida ten unha consecuencia moi distinta, vista a súa penetración para intuir os misterios que lles esconden e a súa habilidade para descubrilos. Mais, sen permitir as súas interrogacións, quixera eu que as interrogasen moito a elas propias, que se tivese coidado en facelas falar, que as picaran para incitalas a falar doadamente, para volvelas vivas á resposta, para lles desatar a mente e a lingua **entrementres** que se pode facelo sen perigo. Estas conversas, sempre levadas con alegría, mais manexadas con arte e ben dirixidas, orixinarían unha diversión encantadora para esta idade e poderían levar aos corazóns inocentes destas persoas novas as primeiras e se cadra as máis útiles leccións de moral que na súa vida han ter,

aprendéndolles baixo o atractivo do pracer e da vaidade que calidades son as que estiman verdadeiramente os homes e en que consiste a gloria e a felicidade dunha muller de ben.

Compréndese ben que se os rapaces varóns non están en condicións de se formaren ningunha verdadeira idea sobre relixión, con maior razón a mesma idea está por riba da concepción das rapazas. Por isto mesmo quixera falarlles a elas máis cedo deste asunto, porque se cumprise agardar a que estivesen en condicións de conversar metódicamente sobre estas cuestións profundas, correríase o risco de non lles falar nunca. A razón das mulleres é unha razón práctica que lles fai atopar moi habilmente os medios de chegar a unha finalidade coñecida, mais que non lles fai atopar esa finalidade. A relación social dos sexos é admirable. Desta sociedade resulta unha persoa moral da que a muller é o ollo e o home o brazo, mais cunha dependencia tal unha do outro que é do home de quen a muller aprende o que cómpre ver, e da muller de quen o home aprende o que cómpre facer. Se a muller puidese remontarse tan ben como o home aos principios e o home tivese tan ben coma ela o espírito do detalle, sempre independentes un do outro habían vivir nunha discordia eterna e a súa sociedade non podería subsistir. Mais na harmonía que reina entre eles todo tende cara á finalidade común, non se sabe quen aporta máis do seu, cadaquén segue o impulso do outro, cadaquén obedece e ámbolos dous son os amos.

Pola mesma razón de que a conduta da muller está suxeita á opinión pública, a súa crenza está suxeita á autoridade. Toda rapaza debe ter a relixión da súa nai e toda muller a do seu marido. Aínda que esta relixión fose falsa, a docilidade que somete á nai e á filla á orde da natureza borra diante de Deus o pecado do erro. Non estando en condicións de seren elas mesmas xuíces, deben recibir a decisión dos pais e dos maridos como a da Igrexa.

Ao non poderen tirar delas soas a regra da súa fe, as mulleres non poden pór como límites os da evidencia e a razón, mais ao

se deixaren levar por mil impulsos alleos sempre están aquén ou alén a verdade. Sempre extremadas, son todas libertinas ou devotas, non se ve que saiban reunir a prudencia coa piedade. A fonte do mal non está só no carácter desmedido do seu sexo senón tamén na autoridade mal regulada do noso: a libertinaxe dos costumes faina despreciar, o medo do arrepentimento faina tiránica, e velaí como se fai dela sempre demasiado ou demasiado pouco.

Dado que a autoridade debe regular a relixión das mulleres, non se trata tanto de lles explicar as razón que hai para crer como de lles expór nidiamente o que se cre. Porque a fe que se lles dá ás ideas escuras é a primeira fonte do fanatismo, e a que se esixe para as cousas absurdas leva á tolemia ou á incredulidade. Non sei a que conducen máis os nosos catecismos, se a ser impío ou fanático, mais ben sei que orixinan necesariamente un ou outro.

En primeiro lugar, para lles ensinar a relixión ás rapazas non fagades nunca desta un obxecto de tristeza e de molestia, nunca unha tarefa nin un deber. Por conseguinte, non lles fagades endexamais aprender de memoria nada relacionado con ela, nin mesmo as oracións. Contentádevos con rezardes regularmente as vosas diante súa sen as obrigardes con todo a vos acompañar. Facédeas cortas seguindo a instrución de Xesucristo. Facédeas sempre co recollemento e co respecto axeitados; pensade que ao lle solicitar ao Ser supremo a atención de nos escoitar, en equivalencia nós tamén debemos póla no que lle imos dicir.

Importa menos que unhas rapazas coñezan de contado a súa relixión do que importa que a coñezan ben e sobre todo que a estimen. Cando llela volvedes onerosa, cando lles pintades sempre a Deus enfadado con elas, cando lles impoñedes no seu nome mil deberes penosos que nunca vos ven desempeñar a vós: que outra cousa poden elas pensar senón que saber o catecismo e rezarlle a Deus son deberes de rapaciñas, e que outra cousa poden desexar senón ser grandes para se liberaren coma

vós de toda esta suxeición? Exemplo! Exemplo, sen iso nunca un triunfa en nada cos rapaces.

Cando lles explicades artigos de fe, que sexa en forma de instrución directa, e non a través de preguntas e respostas. Elas non deben nunca responder máis que o que pensan e non o que lles ditaron. Todas as respostas do catecismo son un contrasentido: é o alumno o que instrúe ao mestre. Son mesmo mentiras en boca dos rapaces, xa que eles explican o que non entenden e afirman o que non están en condicións de crer. Entre os homes máis intelixentes, que me amosen aos que non menten ao diciren o catecismo.

A primeira pregunta que eu vexo no noso é esta: “*Quen vos creou e trouxo ao mundo?*”, ao que a rapariga, crendo firmemente que foi a súa nai, responde, con todo, sen dubidar que foi Deus. A única cousa que ela ve niso é que a unha pregunta que case non entende dálle unha resposta que non entende en absoluto.

Quixera que un home que coñecese ben o progreso da mente dos rapaces tivese a ben facer para eles un catecismo. Había ser se cadra o libro máis útil que endexamais se tivese escrito, e non había ser, na miña opinión o que menos honra lle dese ao seu autor. O que é seguro é que se ese libro fose bo non había semellar en nada aos nosos.

Un catecismo tal só ha ser bo cando ás preguntas o rapaz lles dea por si mesmo as respostas sen aprendelas. Claro que en ocasións el terá que preguntar á súa vez. Para facer entender o que quere dicir cumpría unha especie de modelo e recoñezo ben o que me falta para trazalo. Intentarei cando menos dar unha lixeira idea del.

Imaxino, daquela, que para chegarmos á primeira pregunta do noso catecismo cumpría que este comezase máis ou menos así:

A CRIADA: Lembrádesvos da época en que a vosa nai era unha rapaza?

A PEQUENA: Non, miña criada.

A CRIADA: E logo como non? Vós que tedes tan boa memoria...

A PEQUENA: E que non estaba no mundo.

A CRIADA: Daquela non vivistes sempre?

A PEQUENA: Non.

A CRIADA: E habedes vivir sempre?

A PEQUENA: Si.

A CRIADA: Sodes nova ou vella?

A PEQUENA: Son nova.

A CRIADA: E a vosa avoa: é nova ou vella?

A PEQUENA: É vella.

A CRIADA: E foi nova?

A PEQUENA: Si.

A CRIADA: E por que non o é xa?

A PEQUENA: Por que se fixo vella.

A CRIADA: E vós habédesvos facer vella coma ela?

A PEQUENA: Non sei¹⁷¹.

A CRIADA: Onde van os vosos vestidos do ano pasado?

A PEQUENA: Desfixéronos.

A CRIADA: E por que os desfixeron?

A PEQUENA: Porque me eran demasiado pequenos.

A CRIADA: E por que vos eran demasiado pequenos?

A PEQUENA: Porque medrei.

A CRIADA: E habedes medrar máis?

A PEQUENA: Oh, si!

A CRIADA: E que se volven as rapazas grandes?

A PEQUENA: Vólvense mulleres.

A CRIADA: E que se volven as mulleres?

A PEQUENA: Vólvense nais.

A CRIADA: E as nais: que se volven?

¹⁷¹ Se en todos os sitios onde eu puxen "Non sei", a pequena responde doutro xeito, cómpre desconfiar da súa resposta e facerlla explicar coidadosamente.

A PEQUENA: Vólvense vellas.
 A CRIADA: Daquela: volverédesvos vella?
 A PEQUENA: Cando sexa nai.
 A CRIADA: E que se volven os vellos?
 A PEQUENA: Non sei.
 A CRIADA: Que se volveu o voso avó?
 A PEQUENA: Morreu¹⁷²
 A CRIADA: E por que morreu?
 A PEQUENA: Porque era vello.
 A CRIADA: Que se volve, daquela, a xente vella?
 A PEQUENA: Morre.
 A CRIADA: E vós, cando sexades vella, que...?
 A PEQUENA (interrompéndoa): Ai, miña criada! Eu non quero morrer.
 A CRIADA: Miña nena, ninguén quere morrer e mais todo o mundo morre.
 A PEQUENA: Como? Seica mamai vai tamén morrer?
 A CRIADA: Como todo o mundo. As mulleres vólvense vellas igual que os homes, e a vellez conduce á morte.
 A PEQUENA: Que cómpre facer para volverse vello moi tarde?
 A CRIADA: Vivir con prudencia cando un é novo.
 A PEQUENA: Miña criada, eu hei ser sempre prudente.
 A CRIADA: Mellor para vós. Mais, escoitade: coidades que viviredes sempre?
 A PEQUENA: Cando sexa moi vella, moi vella...
 A CRIADA: O que?

¹⁷² A pequena ha dicir iso porque o sentiu dicir, mais hai que comprobar se ten idea precisa da morte, porque esta idea non é tan sinxela nin está tan a altura dos rapaces como se pensa. Pódese ver no poemiña de *Abel* un exemplo da maneira como se lle debe dar. Esta obra encantadora respira unha sinxeleza deliciosa da que un non se dá alimentado de máis para conversar cos rapaces. [A obra a que alude Rousseau nesta nota é *A morte de Abel*, do escritor suízo de lingua alemá Salomon Gessner (N. do T.).]

A PEQUENA: Cando un é tan vello, vós dicides que ten que morrer.

A CRIADA: Daquela habedes morrer un día?

A PEQUENA: Si, por desgraza.

A CRIADA: Quen vivía antes ca vós?

A PEQUENA: Meu pai e miña nai.

A CRIADA: E quen vivía antes ca eles?

A PEQUENA: Seu pai e súa nai.

A CRIADA: Quen ha vivir despois de vós?

A PEQUENA: Os meus fillos.

A CRIADA: Quen ha vivir despois deles?

A PEQUENA: Os seus fillos.

Etc.

Seguindo este camiño atópase para a raza humana, a través de inducións sensibles, un comezo e un final como para todas as cousas, e dicir, un pai e unha nai que non tiveron pai nin nai, e uns fillos que non terán fillos¹⁷³. Non é senón despois dunha longa sucesión de preguntas semellantes como está suficientemente preparada a primeira pregunta do catecismo. Só entón pódese facela e a criatura pode entendela. Mais, de alí á segunda resposta, que é, por así dicilo, a definición da esencia divina: que inmenso salto! Cando será cuberto este intervalo? Deus é un espírito! E que é un espírito? Irei eu embarcar o dunha criatura nesta escura metafísica da que os homes teñen tanta dificultade de se tirar? Non é unha rapariga a que ten que resolver estas preguntas, todo o máis é ela quen ten que facelas. Daquela eu habíalle responder sinxelamente: "Preguntádesme o que é Deus. Non é fácil de dicir. Non se pode oír nin ver nin tocar a Deus, coñecémolo só a través das súas obras. Para xulgar sobre o que é, agardade a saber o que el fixo".

¹⁷³ A idea da eternidade non podería aplicarse ás xeracións humanas co consentimento da mente. Toda sucesión numérica reducida a acto é incompatible con esta idea.

Se os nosos dogmas teñen todos a mesma verdade, non todos teñen por iso a mesma importancia. É moi indiferente para a gloria de Deus que nos sexa coñecida en todas as cousas, mais é importante para a sociedade humana e para cada un dos seus membros que todo home coñeza e cumpra os deberes que lle impón a lei de Deus cara ao seu próximo e cara a si mesmo. Velaí o que debemos constantemente ensinarnos uns aos outros, e velaí sobre todo o que os pais e as nais teñen a obriga de instruír aos seus fillos. Que sexa unha virxe a nai do seu creador, que enxendrara a Deus ou só a un home ao que Deus se xuntou, que a substancia do pai e do fillo sexa a mesma ou sexa só semellante, que o espírito proceda dun dos dous que son o mesmo ou conxuntamente dos dous, non vexo que a decisión destas cuestións aparentemente esenciais teña maior importancia para a especie humana que saber o día da lúa no que se debe celebrar a Pascua, se cómpre rezar o rosario, xaxuar, gardar abstinencia, falar latín ou francés na igrexa, adornar as paredes con imaxes, dicir ou oír a misa, e non ter muller propia. Que cadaquén pense niso como lle pete, eu ignoro o que tal pode interesarlle aos demais, canto a min non me interesa en absoluto. Mais o que me interesa, a min e a todos os meus semellantes, é que cadaquén saiba que existe un árbitro do destino da humanidade de quen todos somos fillos e que nos prescribe a todos sermos xustos, amarnos uns aos outros, sermos benefactores e misericordiosos, mantermos os nosos compromisos con todo o mundo, mesmo cos nosos inimigos e os seus, que a aparente felicidade desta vida non é nada, que existe outra despois dela na que este Ser supremo será o remunerador dos bos e o xuíz dos malos. Estes dogmas e os dogmas semellantes son os que importa ensinar á mocidade e convencer deles a todos os cidadáns. Calquera que os combate merece castigo, sen dúbida; é perturbador da orde e inimigo da sociedade. Calquera que os salta e quere suxeitarnos ás súas opinións particulares ven ao mesmo punto por un camiño oposto; para establecer a orde á súa maneira el turba a paz,

no seu temerario orgullo vólvese intérprete da divindade, esixe no seu nome as homenaxes e respectos dos homes, faise Deus no seu lugar tanto como lle é posible. Deberían castigalo como sacrílego se é que non o castigasen como intolerante.

Deixade, pois, todos estes dogmas misteriosos que para nós son unicamente palabras sen ideas, todas estas doutrinas estrañas das que o inútil estudio fai o papel de virtudes para os que se entregan a elas e serve máis para volvelos tolos que para volvelos bos. Mantede sempre os vosos fillos no círculo estreito dos dogmas que se refiren á moral. Convencédeos de que para nós a única cousa que nos é útil saber é o que nos aprende a obrar ben. Non fagades das vosas fillas unhas teólogas e unhas pensadoras, non lles aprendades das cousas do Ceo máis que o que serve para a sabedoría humana. Afacédeas a se sentiren sempre baixo os ollos de Deus, a telo como testemuña dos seus actos, dos seus pensamentos, da súa virtude, dos seus praceres, a practicaren o ben sen ostentación, porque el ámao, a sufriren o mal sen murmurar, porque el háas resarcir, e a seren, en fin, todos os días da súa vida aquilo que estarán moi contentas de ter sido cando comparezan diante del. Velaí a verdadeira relixión, velaí a única que non é susceptible de abuso nin de impiedade nin de fanatismo. Que prediquen tanto como queiran outras máis sublimes, canto a min, non recoñezo outra máis ca esta.

Polo resto, é ben observarmos que ata a idade na que a razón se ilumina e o sentimento nacente fai falar á conciencia, o que está ben ou mal para as rapazas novas é o que a xente que as rodea decidiu que así fose. O que se lles ordena está ben, o que se lles prohíbe está mal; non deben saber máis nada. Vese nisto cómo é aínda máis importante para elas que para os rapaces a escolla das persoas que deben tratalas e ter algunha autoridade sobre elas. Ao final chega o momento en que elas comezan a vulgar as cousas en por elas, e entón é o momento de cambiarmos o plano da súa educación.

Disto xa falei se cadra de máis ata aquí. A que imos reducir as mulleres se só lles damos como norma os prexuízos públicos?

Non abaxemos ata ese punto o sexo que nos goberna e que nos honra cando non o temos envilecido. Existe para toda especie humana unha regra anterior a da opinión. É á inflexible dirección desta regra á que se deben ater todas as demais. Ela xulga o propio prexuízo, e só en canto a estima dos homes concorda con ela debe esa estima ser autoridade para nós.

Esta regra é o sentimento interior. Non vou repetir o que xa se dixo antes: abóndame con observar que se esas dúas regras non concorren na educación das mulleres esta ha ser sempre defectuosa. O sentimento sen a opinión non lles ha dar esa delicadeza de alma que adorna os bos costumes co honor da sociedade, e a opinión sen o sentimento non fará nunca delas senón unhas mulleres falsas e deshonestas que colocan a aparencia no lugar da virtude.

É importante, pois, para elas cultivar unha facultade que sirva como árbitro entre as dúas guías, que non deixe que a conciencia se desvíe, e que endereite os erros do prexuízo. Esa facultade é a razón, mais ante esta palabra: cantas preguntas se erguen! Son as mulleres capaces dun razoamento sólido? É importante que o cultiven? Cultivarano con éxito? É útil este cultivo para as funcións que se lles impoñen? É compatible coa sinxeleza que lles convén?

As diversas maneiras de encarar e resolver estas preguntas fan que, caíndo nos excesos contrarios, uns limiten á muller a coser e tecer no seu fogar coas súas criadas, e así só fan dela a primeira criada do amo. Os outros, non contentos con aseguraren os seus dereitos, fan que ela usurpe aínda os nosos, porque deixala por riba nosa nas calidades propias do seu sexo e volvela igual a nós en todo o restante: que outra cousa ven sendo senón trasladarlle á muller a primacía que a natureza lle dá ao marido?

A razón que conduce ao home ao coñecemento dos seus deberes non é moi complexa; a razón que conduce á muller ao coñecemento dos seus aínda é máis sinxela. A obediencia e a fidelidade que lle debe ao seu marido, o agarimo e os coidados

que lles debe aos seus fillos son consecuencias tan naturais e tan sensibles da súa condición que non pode sen mala fe rexeitar o seu consentimento ao sentimento interior que a guía nin descoñecer o deber na inclinación que aínda non está alterada.

Non criticaría eu sen distinción que unha muller fose relegada unicamente aos traballos do seu sexo e que a deixasen nunha profunda ignorancia en todo o restante, mais para iso cumprían costumes públicos moi sinxelos e moi sans ou unha maneira de vivir moi retirada. En cidades grandes e entre homes corrompidos esa muller sería demasiado fácil de seducir; a miúdo a súa virtude dependería só das ocasións e neste século filosófico cómpre que teña unha a toda proba. Cómpre que saiba de antemán o que lle poden dicir e máis o que ela pode pensar sobre iso.

Por outra banda, sometida ao xuízo dos homes, debe merecer a súa estima, e debe sobre todo obter a do seu esposo. Non só debe facerlle amar a súa persoa senón facerlle aprobar a súa conduta: debe xustificar diante do público a escolla que aquel fixo e facer honrar ao marido co honor que lle manifestan á muller. Ora ben: como é que ela ha facer todo iso se ignora as nosas institucións, se non sabe nada dos nosos usos, das nosas normas de sociedade e non coñece nin a orixe dos xuízos humanos nin as paixóns que os determinan? Dende o instante en que depende ao tempo da súa propia conciencia e das opinións dos demais cómpre que aprenda a comparar estas dúas regras, a concilialas e a preferir só a primeira cando están en oposición. Convértese no xuíz dos seus xuíces, decide cando debe someterse a eles e cando debe recusalos. Antes de rexeitar ou admitir os seus prexuíces, sopesaos; aprende a remontarse á súa orixe, a previlos, a volvelos favorables a ela: ten coidado en non se atraer nunca a censura cando o seu deber permite evitalo. Nada de todo iso pode efectuarse ben sen cultivar o seu espírito e a súa razón.

Regreso sempre ao principio e el fornéceme a solución de todas as miñas dificultades. Estudio o que existe, procuro a súa causa e atopo finalmente que o que existe está ben. Entro en

casas abertas das que o dono e a dona fan os honores conxuntamente. Ámbolos dous tiveron a mesma educación, ámbolos dous son de igual cortesía, ámbolos dous igualmente provistos de gusto e de agudeza, ámbolos dous animados polo mesmo desexo de acoller á súa sociedade e de despedir a cada un contento deles. O marido non omite ningún coidado para estar atento a todo: vai, ven, dá voltas e fai mil esforzos; quixera ser todo atención. A muller queda no seu sitio; un círculo pequeno reúnese arredor dela e semella ocultarlle o resto da xuntanza; con todo, non acontece nada que ela non vexa, non marcha ninguén a quen ela non tivese falado; non omitiu nada do que puidese interesarlles a todos, non dixo nada a ninguén que non resultase agradable, e sen alterar nada, a persoa de menos importancia da reunión non se ve máis esquecida que a principal. Serven a mesa e séntanse; o home, sabedor das afinidades da xente, colocara de acordo co que sabe; a muller, sen saber nada, non se ha equivocar. Xa terá lido nos ollos e nas actitudes as afinidades todas e cadaquén hase atopar situado como desexa estar. Non digo que alguén vaia ser esquecido á hora do servizo. O dono da casa, cando deu voltas, puido non ter esquecido a ninguén. Mais a muller adiviña o que se mira con pracer e volo ofrece, ao falar co seu veciño ten o ollo no extremo da mesa, distingue aquel que non come porque non ten fame daquel que non se atreve a servirse ou a pedir porque é torpe ou tímido. Ao se levantar da mesa cadaquén coida que ela só pensou nel, ninguén pensa que ela tivese tempo de comer un bocado, mais o certo é que comeu máis ca ninguén.

Cando todo o mundo marchou fálase do que aconteceu, o home relata o que lle contaron, o que dixeron e fixeron aqueles cos que conversou. Se a muller non é nese punto sempre a máis exacta, pola contra viu o que se dixo baixiño no outro extremo da sala, sabe o que tal persoa pensou, a que obedecía tal frase ou tal xesto; apenas houbo un movemento expresivo que ela non interpretase de contado e case sempre conforme á verdade.

A mesma mentalidade que fai triunfar a unha muller de mundo na arte de gobernar a súa casa fai triunfar a unha coqueta na arte de divertir a varios pretendentes. O manexo da coquetería esixe un discernimento aínda máis fino que o da cortesía porque, con tal de que unha muller cortés sexa así con todo o mundo, sempre ten actuado ben, mais a coqueta, con esta torpe uniformidade, había perder axiña o seu dominio. A poder de querer contemplar a todos os seus amantes había botalos atrás. Na sociedade, os modos que un adopta con todos os homes non deixan de agradarlle a cadaquén: con tal de que un sexa ben tratado non mira máis fondo sobre as preferencias, pero no amor un favor que non é exclusivo constitúe un insulto. Un home sensible preferiría cen veces ser maltratado el só que acariñado con todos os demais, e o peor que lle pode acontecer é que non o distinguan. Cómpre, daquela, que unha muller que quere conservar varios namorados convenza a cada un deles de que é o seu preferido, e que o convenza á vista dos demais, aos que convence do mesmo á vista del.

Queredes ver un personaxe en apuros? Colocade a un home entre dúas mulleres coas que teña relacións secretas e despois observade o papel tan parvo que ha facer. Colocade no mesmo caso unha muller entre dous homes (é seguro que o exemplo non ha ser máis raro) e asombrarédesvos da habelencia con que ela ha despistar aos dous e ha facer que cada un se ría do outro. Ora ben, se esta muller lles testemuñase a mesma confianza e adoptase con eles a mesma familiaridade: como habían resultar enganados un momento? Tratándoos do mesmo xeito: non amaría que teñen os mesmos dereitos sobre ela? Oh, canto mellor fai que todo iso! Lonxe de tratalos da mesma maneira, aparenta actuar con desigualdade entre eles e faino tan ben que o que ela agarima coida que é por afecto, e o que maltrata coida que é por despeito. Así, cadaquén, contento do reparto, vea ocuparse sempre del cando o certo é que só se ocupa dela mesma.

No desexo xeral de agradar, a coquetería suxire medios semellantes. Os caprichos só repelerían se non fosen manexados

sabiamente, e é dispensándoos con arte como ela os converte nas máis fortes cadeas dos seus escravos.

*Usa ogn'arte la donna, onde sia colto
Nella sua rete alcun novello amante;
Ne con tutti, ne sempre un stesso volto
Serba, ma cangia a tempo atto e semiante*¹⁷⁴.

En que se basea toda esta arte se non é en observacións finas e continuas que lle fan ver a cada momento o que acontece no corazón dos homes, e que a dispoñen a levar a cada movemento secreto a forza que cómpre para suspendelo ou aceleralo? E esta arte apréndese? Non, nace coas mulleres, todas a teñen e nunca os homes a teñen no mesmo grao. Tal é un dos caracteres distintivos do sexo. A presenza de ánimo, a penetración e as observacións finas son a ciencia das mulleres, a habilidade en se aproveitaren delas é o seu talento.

Velaí o que é, e xa vimos por que debe ser así. “As mulleres son falsas”, dinnos. “Non, vólvense”. O don propio delas é a habilidade e non a falsidade; nas verdadeiras inclinacións do seu sexo, mesmo mentindo, non son falsas. Por que consultades a súa boca cando non é ela a que debe falar? Consultade os seus ollos, a súa tez, a súa respiración, o seu aire medoñento, a súa mol resistencia: velaí a linguaxe que a natureza lles dá para responder. A boca sempre di *non*, e debe dicilo, mais o acento que ela lle une non sempre é o mesmo, e este acento non sabe mentir. Seica a muller non ten as mesmas necesidades que o home, sen ter o mesmo dereito a testemuñalas? O seu destino sería demasiado cruel se mesmo nos desexos lexítimos non tivese ela unha linguaxe equivalente á que non se atreve a ter. Ou cómpre que o seu pudor a volva malfadada? Non precisa

¹⁷⁴ Cita de Torcuato Tasso na *Xerusalén libertada* (IV, 87): “Usa a muller todas as artes, para coller nas súas redes algún novo namorado, e nin con todos nin sempre conserva o mesmo rostro, senón que a cada momento cambia de acto e de semblante” (N. do T.).

unha arte de comunicar as súas inclinacións sen as descubrir? Que habilidade non precisa para facer que lle rouben o que está ardendo por conceder? Canto non lle importa aprender a conmover o corazón do home sen dar a impresión de pensar nel? Que discurso encantador non é o da mazá de Galatea e a súa torpe fuxida¹⁷⁵? Que terá que engadir ela a iso? Iralle dicir ao pastor que a segue entre os salgueiros que só foxe coa intención de atraelo? Mentiría, por así dicir, porque daquela xa non o había atraer. Canto máis reserva ten unha muller, máis arte debe ter, mesmo co seu marido. Si, eu sosteño que mantendo a coquetería dentro dos seus límites fana modesta e verdadeira, fan dela unha lei da honestidade.

“A virtude é unha”, dicía moi ben un dos meus adversarios¹⁷⁶. Non se pode descompoñela para admitir unha parte e rexeitar a outra. Cando un a ama, ámaa en toda a súa integridade, e cando pode négalle o seu corazón —e permanentemente a súa boca— aos sentimentos que non debe ter. A verdade moral non é o que existe senón o que está ben; o que está mal non debería existir, e non debe ser confesado, sobre todo cando esta confesión lle dá un efecto que non tería sen ela. Se eu me vise tentado a roubar, e ao dicilo tentase a outro para ser o meu cómplice: seica declararlle a miña tentación non sería sucumbir a ela? Por que dicides que o pudor volve falsas ás mulleres? Por outra banda: seica as que máis o perden son máis verdadeiras que as outras? Lonxe diso: son mil veces máis falsas. Non se chega a este punto de depravación senón a poder de vicios que se conservan todos e que só reinan favorecidos pola intriga e a mentira.¹⁷⁷ Polo con-

¹⁷⁵ Nas *Bucólicas* (III, 64–72), de Virxilio, Galatea lánzalle ao pastor Dametas unha mazá para aguilloalo e foxe (N. do T.).

¹⁷⁶ Trátase de Charles Bordes, que criticou a obra de Rousseau *Discurso sobre as ciencias e as artes* dicindo que se daba “un mestre para o exercicio de cada virtude, aínda que a virtude sexa indivisible” (N. do T.).

¹⁷⁷ Ben sei que as mulleres que tomaron abertamente a opción nun determinado punto pretenden facer valer esta franqueza e xuran que, a excepción diso, non hai nada estimable que non se atope nelas, mais tamén sei ben que nunca elas teñen convencido senón aos parvos. Quitado o maior freo do seu sexo: que queda que as reteña e a que honra lle farán

trario, as que aínda teñen vergoña, que non se glorian das súas faltas, que saben ocultar os seus desexos aos mesmos que llelos inspiran, aquelas dos que eles arrancan con maior dificultade as confesións, son, por outra banda, as máis verdadeiras, as máis sinceras, as máis constantes en todos os seus compromisos e de quen máis se pode confiar na súa palabra.

Só coñezo a mademoiselle de Lenclos¹⁷⁸ que puidese ser citada como excepción recoñecida a estas observacións. Tamén mademoiselle de Lenclos foi considerada un prodixio. Desprezando as virtudes do seu sexo conservara, segundo se di, as do noso: gaban a súa franqueza, a súa rectitude, a seguridade do seu trato, a súa fidelidade na amizade. En fin, para rematar o cadro da súa gloria dise que ela se vovera home: noraboa. Mais, con toda a súa alta reputación, eu non tería querido a ese home nin como amigo nin como namorada.

Todo isto non está tan fóra do meu asunto como parece. Vexo cara a onde tenden os preceptos da filosofía moderna ridiculizando o pudor do século e a súa pretendida falsidade, e vexo que o efecto máis seguro desta filosofía será quitarlle ás mulleres do noso sexo a pouca honra que lles quedou.

Sobre estas consideracións coido que se pode determinar en xeral que tipo de cultivo lle convén ao espírito das mulleres e sobre que obxectos debemos volver as súas reflexións dende a súa mocidade.

caso despois de teren renunciado á que é propia delas? Unha vez que se acomodaron ás súas paixóns non teñen xa interese ningún en resistir a elas: *nec femina amissa pudicitia alia abnuerit*. Endexamáis un autor coñeceu mellor o corazón humano dos dous sexos que o que dixo isto. [Rousseau cita unha frase de Tácito: "Cando unha muller ten perdido o pudor, non hai nada que refugue" (N. do T.).]

¹⁷⁸ Anne ou *Ninon* de Lenclos (1616–1705) é case un mito debido á súa azarosa vida, a súa liberdade sexual e a súa agudeza e cultura. Na madurez reuniu no seu salón o máis flamante da vida social e cultural parisiense que, nun medio predominantemente burgués e machista, lle rendeu admiración e afecto. O propio Luís XIV tiña moi en conta a súa opinión e a raíña Cristina de Suecia visitouna en París. É verdade que iso tivo que, en certo sentido, converterse en home. Segundo Voltaire *Ninon* só rezou unha oración: "Meu Deus, facede de min un home de ben e nunca me fagades unha muller de ben" (N. do T.).

Xa o teño dito, os deberes do seu sexo son máis doados de ver que de cumprir. A primeira cousa que deben elas aprender é a estimalos en consideración ás súas vantaxes; é o único medio de volvelos fáciles. Cada condición e cada idade ten os seus deberes. Un recoñece axiña os seus con tal de amalos. Honrade a vosa condición de muller e sexa calquera o rango no que o Ceo vos coloque sempre habedes ser unha muller de ben. O esencial é ser como vos fixo a natureza, xa se é demasiado como queren os homes.

A procura das verdades abstractas e especulativas, dos principios, dos axiomas das ciencias, todo o que tende a xeneralizar as ideas non é do ámbito das mulleres: os estudos deben dirixirse todos á práctica, son elas quen deben facer a aplicación dos principios que o home atopou e elas quen deben facer as observacións que conducen ao home ao establecemento destes principios. Todas as reflexións das mulleres, no que non atinxe inmediatamente aos seus deberes, deben tender ao estudio dos homes ou aos coñecementos agradables que só teñen o gusto como obxectivo porque en canto ás obras de xenio, exceden o seu alcance; tampouco teñen suficiente xusteza e atención para triunfaren nas ciencias exactas, e canto aos coñecementos físicos, corresponden ao máis activo e máis decidido dos dous, ao que ve máis obxectos, ao que ten máis forza e a exercita máis en xulgar sobre as relacións dos seres sensibles e as leis da natureza. A muller, que é feble e non ve nada no exterior, aprecia e xulga os móbiles que pode utilizar para suplir a súa febleza, e estes móbiles son as paixóns dos homes. A súa mecánica propia é máis forte que a nosa, todas as súas pancas van facer abalar o corazón humano. Todo o que o seu sexo non pode facer en por el e que lle é necesario e agradable, cómpre que teña a arte de nolo facer querer. Cómpre, daquela, que estudie a fondo o espírito do home, non abstractamente o espírito do home en xeral, senón o espírito dos homes que a rodean, o espírito dos homes aos que está suxeita por lei ou por opinión. Cómpre que aprenda a pe-

netrar nos seus sentimentos a través dos seus discursos, a través dos seus actos, das súas olladas e dos seus xestos. Cómpre que a través dos seus discursos, dos seus actos, das súas olladas e dos seus xestos, saiba darlle os sentimentos que a el lle gustan, sen dar a impresión mesmo de pensar niso. Eles han filosofar mellor que ela sobre o corazón humano, mais ela ha ler mellor que eles nos corazóns dos homes. Son as mulleres as que teñen que atopar, por dicilo así, a moral experimental, e nós que reducila a un sistema. A muller ten máis agudeza e o home ten máis xenio, a muller observa e o home razoa; desta colaboración resultan a luz máis clara e a ciencia máis completa que poida adquirir por el mesmo o espírito humano, nunha palabra: o máis seguro coñecemento de si e dos outros que estea ao alcance da nosa especie. Velaí como a arte pode tender constantemente a perfeccionar o instrumento dado pola natureza.

O mundo é o libro das mulleres, cando len mal nel é culpa súa ou cégaas algunha paixón. Con todo, a verdadeira nai de familia, lonxe de ser unha muller de mundo, non se ve menos recluída na súa casa que a relixiosa no seu claustro. Cumpría, daquela, facer para as rapazas que casan como se fai ou como se debe facer con aquelas que se meten en conventos: amosarlles os praceres que abandonan antes de deixalas renunciar a eles, por medo a que a falsa imaxe destes praceres que descoñecen non veña un día desviar os seus corazóns e perturbar a felicidade do seu retiro. En Francia as rapazas viven en conventos e as mulleres corren o mundo. Entre os antigos era todo o contrario. As rapazas tiñan, como xa dixen, moitos xogos e festas públicas. As mulleres vivían retiradas. Este hábito era máis razoable e mantiña mellor os costumes. Ás rapazas casadeiras permíteselles un tipo de coquetería: divertirse é a súa gran ocupación. As mulleres teñen outras tarefas nos seus fogares e xa non teñen que buscar marido, mais non habían atopar beneficio nesta reforma e desafortunadamente elas marcan a pauta. Nais, cando menos facede das vosas fillas as vosas compañeiras. Dádelles

un sentido recto e unha alma honesta e logo non lles escondades nada do que un ollo casto pode mirar. O baile, os festíns, os xogos e mesmo o teatro, todo o que mal visto constitúe o encanto dunha imprudente mocidade, pode ser ofrecido sen perigo a uns ollos sans. Canto máis vexan elas estes praceres ruidosos máis cedo se han fartar deles.

Estou escoitando o clamor que se eleva contra min. “Que rapaza resiste este perigoso exemplo? Apenas teñen visto o mundo que a todas a cabeza lles dá voltas; ningunha quere abandonalo”. Pode ser, mais antes de lles ofrecerdes este enganoso cadro: preparástedelas ben para miralo sen emoción? Anunciásteslles ben os obxectos que representa? Pintástesllos tal como eles son? Armástelas ben contra as ilusións da vaidade? Levastes aos seus corazóns mozos o gusto dos verdadeiros praceres que non se atopan nese tumulto? Que precaucións e que medidas tomastes para protexelas do falso gusto que as desvía? Lonxe de opordes nada no seu espírito ao dominio dos prexuízos públicos, vós alimentástelas neles! Fixésteslles amar de antemán todas as frívolas diversións que atopan. Facédesllas aínda amar entregándose a elas. Unhas rapazas novas que entran na sociedade non teñen outra aia que a súa nai, a miúdo máis tola que elas e que non pode amosarlles os obxectos dun xeito distinto ao que ela os ve. O seu exemplo, máis forte que a razón mesmo, xustifícaos diante dos seus propios ollos, e a autoridade da nai é para a filla unha escusa sen réplica. Cando eu quero que unha nai introduza á súa filla na sociedade, é baixo o suposto de que lla ha facer ver tal como é.

O mal comeza aínda máis cedo. Os conventos son verdadeiras escolas de coquetería. Non desa coquetería honesta da que falei, senón da que produce todas as tachas das mulleres e orixina as máis extravagantes presuntuosas. Ao saír de alí para entrar de golpe nas sociedades ruidosas hai mulleres novas que ao comezo se senten nelas no seu lugar. Foron educadas para vivir alí: seica cómpre estrañarse de que se atopen ben nelas?

Non adiantarei o que vou dicir sen temor de tomar un prexuízo por unha observación, mais paréceme que en xeral nos países protestantes existe maior vencellamento familiar, máis dignas esposas e máis terras nais que nos países católicos, e se iso é así non se pode dúbida de que esta diferenza sexa en parte debida á educación dos conventos.

Para amar a vida sosegada e doméstica cómpre coñecela; cómpre ter sentido a súa dozura dende a infancia. Só na casa paterna se colle gusto pola propia casa, e a ningunha muller que non foi educada pola súa nai ha gustarlle educar aos seus fillos. Malfadadamente, xa non existe educación privada nas grandes cidades. A sociedade está tan xeneralizada e mesturada que non existe abeiro para o retiro e mesmo na propia casa un está en público. A poder de vivir con toda a xente un xa non ten familia e apenas coñece aos seus parentes, veos coma extraños e a sinxeleza dos costumes domésticos apágase coa doce familiaridade que constitúe o seu encanto. É así como se zuga co leite o gusto polos praceres da época e os preceptos que se ven triunfar nela.

Impónselles ás rapazas unha suxeición aparente para atopar algúns inxenuos que casen con elas pola súa actitude. Mais estúdiade un momentíño a estas rapazas novas: baixo un aire disciplinado disfrazan mal a cobiza que as devora e xa se le nos seus ollos o ardente desexo de imitar ás súas nais. O que cobizan non é un marido senón a licenza do matrimonio. Que necesidade teñen dun marido con tantos recursos para prescindir del? Mais precísase un marido para encubrir estes recursos¹⁷⁹. A modestia está no seu rostro e a libertinaxe no fondo do seu corazón; a propia modestia finxida é un signo diso. Aparéntana

¹⁷⁹ A vía do home na súa mocidade era unha das catro cousas que o Sabio non podía comprender; a quinta era a desvergoña da muller adúltera *quae comedit, et tergens os suum dicit: non sum operata malum*. (Proverbios, XXX, 20) ["que come, e limpando a boca di: non cometín mal ningún" Nota do tradutor]

unicamente para se poderen desprender máis axiña dela. Mulleres de París e de Londres, rógovos que me perdoedes. Ningunha residencia exclúe os milagres, mais eu non os coñezo, e se unha soa de entre vós ten alma verdadeiramente honesta, daquela non entendo nada das nosas institucións.

Todas estas educacións diversas entregan de igual maneira unhas rapazas novas ao gusto dos praceres da alta sociedade e ás paixóns que nacen axiña deste gusto. Nas grandes cidades a depravación comeza coa vida e nas pequenas comeza coa razón. Unhas mocías provincianas educadas en desprezar a feliz sinxeleza dos seus costumes apresúranse en vir a París para compartir a corrupción das nosas; os vicios adornados co fermoso nome de talentos son o único obxecto da súa viaxe, e avergoñadas á chegada por se atoparen tan lonxe da nobre licenza das mulleres da cidade non tardan en merecer ser da capital. Onde coidades vós que comeza o mal? Nos lugares onde o proxectan ou nos que o realizan?

Non quero que dende a provincia unha nai sensata leve á súa filla a París para lle amosar estes cadros tan perniciosos para outras, mais digo que se acontecese iso, ou ben esta filla está mal educada ou eses cadros han ser pouco perigosos para ela. Con gusto, sentido e amor ás cousas honestas non os atopa tan atractivos como son para quen se deixa encantar por eles. Obsérvanse en París as mozas descerebradas que veñen a toda presa adoptar o ritmo da cidade e poñerse á moda durante seis meses para se faceren apupar o resto da súa vida, mais: quen observa aquelas que, repelidas por todo este estronicio volven para a súa provincia contentas co seu destino despois de telo comparado co que degoran as outras? Cantas mulleres novas teño visto, traídas á capital por maridos compracentes e libres de instalarse nela, convencelos elas mesmas do contrario e regresaren con máis gusto do que viñeran dicíndolles tenramente a véspera da súa volta: “Ah, regresemos á nosa cabana! Vivimos máis felices nela que nestes palacios”. Non se sabe canta boa

xente queda aínda sen dobregar o xeonllo diante do ídolo e despreza o seu culto insensato. Só as tolas son ruidosas, as mulleres prudentes non causan sensación.

Se a pesar da corrupción xeral, dos prexuízos universais e da mala educación das rapazas aínda moitas conservan un xuízo a toda proba: que ha ocorrer cando este xuízo teña sido alimentado por medio de instrucións axeitadas, ou, por dicir mellor, cando non se teña alterado por medio de instrucións viciosas? Porque todo consiste sempre en conservar ou restablecer os sentimentos naturais. Non se trata para iso de aburrir ás rapazas coas vosas longas prédicas nin de as abourar coa ladaíña dos vosos secos moralismos. Os moralismos son para os dous sexos a morte de toda boa educación. Unhas leccións tristes serven para lle coller xenreira a aqueles que as imparten e a todo o que eles digan. Non se trata, ao lles falar ás rapazas novas, de lles meter medo cos seus deberes nin de agravar a canga que lles impón a natureza. Ao lles expoñer estes deberes sede precisa e fácil, non lles deixedes crer que cumprilos é algo morriñento; non adoptedes aspecto enfadado nin rostro amuado. Todo o que debe chegar ao corazón debe saír del; o seu catecismo de moral debe ser tan claro como o seu catecismo de relixión, mais non debe ser tan grave. Amosádelles nos mesmos deberes a fonte dos seus praceres e o fundamento dos seus dereitos. Seica é tan penoso amar para ser amada, volverse amable para ser feliz, volverse estimable para ser obedecida e honrarse para se facer honrar? Que fermosos son estes dereitos! Que respectables son! Que gratos para o corazón do home cando a muller sabe facelos valer! Non hai que agardar os anos nin a vellez para gozar deles. O seu poderío comeza coas súas virtudes; apenas a súa atracción se desenvolve xa reina a través da dozura do seu carácter e volve imponente a súa modestia. Que home insensible e bárbaro non suaviza a súa fereza e non adopta maneiras máis atenciosas cunha rapaza de dezaseis anos amable e prudente, que fala pouco, que escoita, que transmite decencia na súa actitude e

honestidade nas súas palabras, a quen a súa fermosura non fai esquecer nin o seu sexo nin a súa mocidade e que sabe interesar por medio da súa propia timidez e atraer o respecto que mostra con todo o mundo?

Estes testemuños, aínda que externos, non son frívolos; non están fundados só na atracción dos sentidos, parten dese sentimento íntimo que temos nós todos de que as mulleres son os xuíces naturais do mérito dos homes. Quen quere ser desprezado polas mulleres? Ninguén en absoluto, nin mesmo aquel que xa non as quere amar. E a min, que lles digo verdades tan duras: coidades que os seus xuízos me son indiferentes? Non, quero máis a súa adhesión que a vosa, lectores a miúdo máis mulleres ca elas. Ao desprezar os seus costumes quero tamén honrar a súa xustiza. Pouco importa que me odien se as obrigo a me estimar.

Que de cousas grandes se habían facer con este resorte se se soubese poñelo en funcionamento! Malfadado o século no que as mulleres perden o seu ascendente e no que os seus xuízos non contan xa para os homes! É o derradeiro grao da depravación. Todos os pobos que tiveron bos costumes respectaron ás mulleres. Mirade Esparta, mirade os Xermanos, mirade Roma; Roma, sede da gloria e da virtude se é que algunha vez estas tiveron unha na Terra. Foi alí onde as mulleres honraban as fazañas dos grandes xenerais, onde elas choraban publicamente aos pais da patria, onde os seus votos ou o seu dó eran consagrados como o máis solemne xuízo da República. Alí todas as grandes revolucións procederon das mulleres: por medio dunha muller Roma adquiriu a liberdade, por medio dunha muller os plebeos obtiveron o consulado, por medio dunha muller acabou a tiranía dos decemviros, por medio das mulleres a Roma sitiada foi salvada das mans dun proscrito. Galantes franceses: que teriades vós dito ao verdes pasar esta procesión tan ridícula para os vosos ollos burleiros? Teriadela acompañado dos vosos apupos. Con que ollos tan diferentes vemos os mesmos obxectos! E se

cadra todos temos razón. Formade ese cortexo con fermosas damas francesas e non recoñezo nada máis indecente, mais compoñédeo con Romanas e todos teredes os ollos dos Volscos e o corazón de Coriolano¹⁸⁰.

Aínda direi máis, e sosteño que a virtude non é menos favorable para o amor que para os outros dereitos da natureza, e que a autoridade das namoradas non gaña nela menos que a das mulleres e as nais. Non existe verdadeiro amor sen entusiasmo e non existe entusiasmo sen un obxecto de perfección, real ou quimérico mais existente sempre na imaxinación. Con que se van inflamar uns amantes para os que esta percepción non é máis nada e que só ven no que aman o obxecto do pracer dos sentidos? Non, non é así como a alma se quenta e se entrega a ese enlevo sublime que provoca o delirio dos amantes e o encanto da súa paixón. Todo é só ilusión no amor, confésoo, mais o que é real son os sentimentos con que nos anima cara á verdadeira fermosura que el nos fai amar. Esta fermosura non se atopa no obxecto que se ama, senón que é produto dos nosos erros. E mais que importa? Sacrifica un menos por iso todos os seus sentimentos baixos a este modelo imaxinario? Impregna por iso menos o corazón coas virtudes que se lle atribúen ao que el ama? Distánciase por iso menos da baixeza do eu humano? Onde está o verdadeiro amante que non está disposto a inmolar a súa vida pola súa namorada, e onde está a paixón sensual e groseira nun home que quere morrer? Burlámonos dos paladíns! É que eles coñecían o amor e nós só coñecemos a bandallada. Cando estes preceptos novelescos comezaron a facerse ridículos, ese cambio foi menos produto da razón que dos malos costumes.

¹⁸⁰ Xeneral romano que foi desterrado e se refuxiou no pobo veciño dos Volscos, aos que sublevou contra Roma. Cando tiña sitiada esta urbe, súa nai, Veturia, e súa muller, Volumnia, convencérono de que levantase o asedio. El é o *proscrito* do que Rousseau fala unhas liñas máis enriba (N. do T.).

En calquera século que sexa, as relacións naturais non cambian, a conveniencia ou inconveniencia que resulta delas continúa sendo a mesma, os prexuízos, baixo o finchado nome de “razón”, non cambian máis que de aparencia. Sempre ha ser grande e fermoso reinar sobre si mesmo, aínda que fose para obedecer a unhas opinións fantásticas, e os verdadeiros motivos de honra hanlle falar sempre ao corazón de toda muller de xuízo que saiba procurar na súa condición a felicidade da vida. A castidade debe ser unha virtude deliciosa para unha fermosa muller que ten algunha elevación de alma. En tanto que ela ve toda a terra aos seus pés, triunfa sobre todas as cousas e sobre si mesma: levanta no seu propio corazón un trono ao que todo ven render homenaxe; os sentimentos tenros ou celosos, mais sempre respectuosos cos dous sexos, e a estima universal e a súa propia páganlle sen cesar como tributo de gloria os combates duns poucos instantes. As privacións son pasaxeiras mais o seu premio é permanente. Que gozo é para unha alma nobre o orgullo da virtude unida á fermosura! Crede unha heroína de novela, ha saborear voluptuosidades máis exquisitas que as Lais e as Cleopatras, e cando a súa fermosura xa non estea presente, a súa gloria e os seus praceres aínda seguirán; só ela saberá gozar do pasado.

Canto máis grandes e penosos son os deberes, máis sensibles e fortes deben ser as razóns sobre as que se basean. Existe unha certa linguaxe devota coa que, sobre os asuntos máis graves, aboucan os oídos das rapazas novas sen producir persuasión. Desta linguaxe demasiado desproporcionada para as súas ideas e do pouco caso que elas lle fan en segredo nace a facilidade de ceder ás súas inclinacións, por falta de razóns para resistir tiradas das propias cousas. Unha rapaza educada con siso e piadosamente ten sen dúbida fortes armas contra as tentacións, mais aquela de quen unicamente alimentan o corazón, ou mais ben as orellas, coa lareta mística convértese infaliblemente en presa do primeiro sedutor hábil que a emprenda. Endexamais

unha rapaza nova e fermosa ha desprezar o seu corpo, endexamais se ha affixir de boa fe polos grandes pecados que a súa fermosura fai cometer, endexamais ha chorar sinceramente e diante de Deus por ser obxecto de cobiza, endexamais poderá crer no fondo dela mesma que o máis doce sentimento do corazón é unha invención de Satanás. Dádelle outras razóns internas e para ela mesma, porque estas non han penetrar. Aínda será peor se se introduce a contradición nas súas ideas e, despois de tela humillado envilecendo o seu corpo e os seus encantos como porcaría do pecado, fanlle a continuación respectar como templo de Xesucristo ese mesmo corpo que lle volveron tan desprezable. As ideas demasiado sublimes e demasiado baixas son igualmente insuficientes e non poden asociarse: cómpre unha razón ao alcance do sexo e da idade. A consideración do deber só ten forza en canto que se xuntan a ela motivos que nos levan a cumprilo:

*Quae quia non liceat non facit, illa facit*¹⁸¹.

Non se sospeitaría que é Ovidio o que formula un xuízo tan severo.

Queredes, daquela, inspirarlles amor polos bos costumes ás rapazas novas sen lles dicir constantemente “Tede siso”? Infundídelles un gran interese en telo, facédelles sentir todo o valor do siso e habedes facer que o amen. Non abonda con tomar ese interese por un futuro que está lonxe, amosádello no mesmo momento, nas relacións da súa idade, no carácter dos seus amantes. Debuxádelles o home de ben, o home de mérito, aprendédelles a recoñecelo, a amalo e a amalo para elas, probádelles que a amigas, esposas ou namoradas, só este home pode facelas felices. Conseguide a virtude a través da razón, facéde-

¹⁸¹ “Porque a que non o fai só porque non está permitido, xa o está facendo” (Ovidio, *Amores*, III, 4, verso 4) (N. do T.).

lles sentir que o poderío do seu sexo e todas as súas vantaxes non se sosteñen só na súa boa conduta e nos seus bos costumes senón tamén nos dos homes, que teñen pouca influencia sobre almas ruíns e baixas e que non se sabe servir á namorada máis que como se sabe servir á virtude. Estade entón segura que ao lles debuxardes os costumes dos nosos días habedes inspirarlles un sincero noxo por eles, ao lles amosardes a xente de moda habédesllesla facer desprezar, só lles habedes infundir afastamento dos seus preceptos, aversión aos seus sentimentos, desdén ás súas fútiles galanterías, habédeslles facer nacer unha ambición máis nobre: a de reinar sobre almas grandes e fortes, a das mulleres de Esparta, que era gobernar homes. Unha muller atrevida, desvergoñada e intrigante, que só sabe atraer aos amantes a través da coquetería e conservalos a través dos favores, fai que obedezan como criados nas cousas servís e comúns; nas cousas importantes e graves carece de autoridade sobre eles. Mais a muller a un tempo honesta, amable e asisada, a que obriga aos seus a respectala, a que ten reserva e modestia, aquela, nunha palabra, que sostén o amor a través da estima, envíaos cun sinal ao cabo do mundo, ao combate, á gloria, á morte, a onde ela queira. Este poderío é fermoso, parécese a min, e paga a pena obtelo¹⁸².

Velaí en que espírito foi educada Sofía, con máis coidado que pena, e máis ben seguindo o seu gusto que obstaculizádo. Digamos agora unhas palabras sobre a súa persoa segundo o retrato que eu lle fixen a Emilio e segundo como el mesmo imaxina a esposa que pode facelo feliz.

¹⁸² Brantôme di que no tempo de Francisco I unha rapaza nova que tiña un namorado larapeteiro impúxolle un silencio absoluto e ilimitado que el mantivo durante dous anos enteiros tan fielmente que creron que se volvera mudo a causa dunha enfermidade. Un día, en plena reunión, a súa namorada, que nese tempo en que o amor se facía con misterio non era coñecida como tal, gabouse de curalo de inmediato, e fíxoo con esta única palabra: "Falade". Seica non existe algo grandioso e heroico nese amor? Que outra cousa máis tería feito a filosofía de Pitágoras con todo o seu fasto? Que muller podería hoxe contar con tal silencio só un día, aínda que debese pagalo con todo o prezo que fose capaz?

Non repetirei nunca dabondo que deixo os prodixios aparte. Emilio non é ningún e Sofía tampouco o é. Emilio é home e Sofía muller, velaí toda a súa gloria. Na confusión dos sexos que reina entre nós case é un prodixio ser do seu.

Sofía é ben nacida, é dunha bondade natural. Ten o corazón moi sensible e esta extrema sensibilidade proporciónalle ás veces unha actividade da imaxinación difícil de moderar. Ten a mente menos xusta que penetrante, o amor fácil e con todo desigual, o rostro común mais agradable, unha fisionomía que promete alma e que non mente; pódese abordala con indiferenza, mais non abandonala sen devoción. Outras teñen boas calidades que lle faltan a ela, outras teñen en maior medida as que ela ten, mais ningunha ten calidades mellor combinadas para producir un feliz carácter. Sabe tirar partido dos propios defectos, e se fose máis perfecta había agradar moito menos.

Sofía non é fermosa, mais á súa beira os homes esquecen as mulleres fermosas e as mulleres fermosas atópanse descontentas de si mesmas. Apenas é bonita na primeira impresión, pero canto máis se mira máis fermosa resulta; ela gaña onde tantas outras perden, e o que gaña xa non o perde. Pódense ter uns ollos máis bonitos, unha máis bonita boca, unha figura máis imponente, mais non se daría tido un van mellor feito, unha máis bonita tez, unha man máis branca, un pé máis curriño, unha mirada máis doce e unha fisionomía máis conmovedora. Sen deixar pampo, ela interesa e engada sen que se poida dicir por que.

A Sofía gústalle o adobío e é experta nel. A súa nai non ten outra doncela; ten moito gusto para vestirse con xeito, mais odia os vestidos ricos; no seu vese sempre a sinxeleza unida á elegancia; non lle gusta o que brilla senón o que acae. Ignora cales son as cores de moda, mais sabe portentosamente as que lle son favorables. Non existe unha rapaza nova que semelle composta con menos coidado e que leve un enfeite máis rebuscado: nin unha soa peza do seu está posta ao azar e o artificio non se ve en ningunha. O seu adobío é moi modesto aparentemente e moi

coqueto na realidade; non exhibe os seus encantos senón que os encobre, mais ao encobrilos sabe facelos imaxinar. Ao vela un dise: “Velaí unha rapaza modesta e asisada”, mais en tanto que un permanece cabo dela os ollos e o corazón vagan por riba de toda a súa persoa sen que un poida separalos, e diríase que todo este enfeite tan sinxelo está posto no seu lugar só para ser quitado peza a peza pola imaxinación.

Sofía ten talentos naturais, sénteos e non os descoidou, mais ao non ter sido inclinada a poñer moita arte no seu cultivo contentouse con exercitar a súa bonita voz en cantar ben e con gusto, os seus peñños en camiñar con lixeireza, doadamente e con gracilidade, e en facer a reverencia en toda caste de situacións sen incomodidade nin torpeza. Polo demais, non tivo outro profesor de canto que seu pai nin outra profesora de danza que súa nai, e un organista da veciñanza deulle no clavecín algunhas leccións de acompañamento que ela cultivou soa dende entón. Ao primeiro non trataba máis que de colocar o mellor posible as mans sobre esas teclas negras, despois atopou que o son agre e seco do clavecín volvía máis doce o son da voz e pouco a pouco fíxose sensible á harmonía; finalmente, ao medrar, comezou a sentir os encantos da expresión e amar a música por si mesma. Pero trátase de gusto máis que de talento, non sabe ler unha música seguindo as notas.

O que mellor sabe Sofía, e o que lle fixeron aprender con máis coidado, son as tarefas do seu sexo, mesmo aquelas que non son habituais como cortar e coser os seus vestidos. Non existe un labor de agulla que non saiba facer e que non faga con gusto, mais o traballo que prefire a calquera é o encaixe porque non hai outro que proporcione unha actitude máis agradable e no que os dedos se exerciten con maior gracilidade e lixeireza. Aplícase tamén en todos os detalles do fogar. Entende de cociña e do seu servizo, sabe o prezo dos alimentos e coñece as súas calidades, sabe moi ben levar as contas e sérvelle de mordomo á súa nai. Feita para ser tamén ela un día nai de familia, ao go-

bernar a casa paterna aprende a gobernar a súa, pode suplir ás criadas nas súas funcións e faino de grado. Nunca un sabe mandar ben senón o que sabe facer en por si: esa é a razón pola que a súa nai a ocupa dese xeito. Pero Sofía non mira tan lonxe. O seu primeiro deber é o de filla e é o único que pensa en cumprir agora. A súa única idea é servir á súa nai e aliviala dunha parte das súas tarefas. Con todo, é certo que non os cumpre todos con igual pracer. Por exemplo, aínda que sexa comedora non lle gusta a cociña: o seu detalle ten algo que lle desagrada; nunca atopa nela limpeza abondo. Nese punto é dunha delicadeza extrema, e esta delicadeza, levada ata o exceso, converteuse nun dos seus defectos: deixaría ir a comida toda polo lume antes de luxar a súa manga. Endexamais quixo inspeccionar a horta polo mesmo motivo. A terra parécelle suxa e tan axiña como ve estrume parece que xa lle cheira.

Débelle este defecto ás leccións da súa nai. Segundo ela, entre os deberes da muller uns dos primeiros é a limpeza, deber especial e indispensable imposto pola natureza. Non existe no mundo unha cousa máis noxenta que unha muller suxa, e o marido ao que esta lle repugna non se engana. Tanto lle predicou ela este deber á súa filla dende a infancia, tanta limpeza lle esixiu tocante á súa persoa, á súa roupa, aos seus apousentos, ao seu traballo e ao seu aseo, que todas estas atencións convertidas en hábito ocupan gran parte do seu tempo e presiden aínda o restante, de sorte que facer ben o que ela fai só é a segunda das súas preocupacións: a primeira é sempre facelo con limpeza.

E mais todo iso non dexenerou en finchada afectación nin en moleza; o refinamento do luxo non se atopa en absoluto aí. Nunca no seu apousento ten entrado máis que simple auga, non coñece outro perfume que o das flores e endexamais o seu marido ha respirar outro máis doce que o seu alento. Finalmente, a atención que lle presta ao aspecto externo non lle fai esquecer que debe a súa vida e o seu tempo a tarefas máis nobres: ignora

ou desdeña esa excesiva limpeza do corpo que luxa a alma; Sofía e moito máis que limpa: é pura.

Xa dixen que Sofía era comedora. Érao por natureza, mais fíxose sobria por hábito e agora éo por virtude. Non acontece coas rapazas igual que cos rapaces, que se pode ata un certo punto gobernalos a través da gula. Esta inclinación non deixa de ter consecuencias para o sexo, é demasiado perigoso deixarlle. A pequena Sofía, na súa infancia, ao entrar soa no gabinete da súa nai non sempre regresaba de baleiro e non tiña unha fidelidade a toda proba tocante ás lambetadas e os caramelos. A súa nai sorprendeuna, reprendeuna, castigouna e fíxoa xaxuar. Acabou finalmente por convencela de que os caramelos derramaban os dentes e de que comer de máis engordaba o van. Así se corrixiu Sofía, e ao medrar tomou outros gustos que a desviaron desta sensualidade baixa. Nas mulleres como nos homes, tan axiña como o corazón se anima a gula deixa de ser un vicio dominante. Sofía conservou o gusto propio do seu sexo, gústanlle os lácteos e os doces, gústanlle os peperetes e os entremeses, pero moi pouco a carne e nunca probou o viño nin os licores fortes. Ademais, come de todo moi moderadamente; o seu sexo, menos laborioso que o noso, precisa menos reparación. En todas as cousas gústalle o bo e sábeo catar: sabe tamén acomodarse ao que non o é sen que esta privación lle custe.

Sofía ten o espírito agradable sen ser brillante, e sólido sen ser profundo; un espírito do que un non di nada porque non o atopa nunca mellor ou peor que o seu. Sempre ten o que lle gusta á xente que lle fala, aínda que non estea moi adornado de acordo coa idea que temos do cultivo do espírito das mulleres, porque o seu non se formou a través da lectura senón só a través das conversas de seu pai e súa nai, das súas propias reflexións e das observacións que fixo no pouco mundo que viu. Sofía ten por natureza alegría, mesmo era estrebilleira na súa infancia mais pouco a pouco a súa nai tivo coidado en reprimir o seu aire toleirón, por medo a que axiña un cambio demasiado súbito

fixese necesario realizalo no momento. Daquela, fíxose modesta e reservada mesmo antes do que debera, e agora que chegou ese tempo élle máis doado conservar o ton que adoptou do que lle sería adoptalo sen indicar a razón dese cambio. É unha cousa grata vela entregarse ás veces, debido a un resto daquel comportamento, a vivacidade propias da infancia, e despois, de súpeto, volver entrar nela mesma, calar, baixar os ollos e ruborizarse; ben cómpre que o tramo intermedio entre as dúas idades participe un pouco de cada unha das dúas.

Sofía é dunha sensibilidade demasiado grande como para conservar unha perfecta igualdade de humor, mais ten demasiada dozura como para que esta sensibilidade sexa moi importante para os demais; só a ela lle fai mal. Que digan unha soa palabra que a fire e ela non se amúa, mais o seu corazón ínchase e ela trata de escapar para ir chorar. Que no medio dos seus choros seu pai ou súa nai a chamen e lle digan unha soa palabra, e xa ven ela no instante a xogar e rir enxugando habilmente os ollos e tratando de afogar os seus saloucos.

Tampouco está completamente exenta de capricho. O seu humor, se se extrema un pouquiño de máis, dexenera en rebeldía, e entón esquécese dela mesma. Mais deixádelle tempo para volver a ela e a súa maneira de borrar o fallo fará del case un mérito. Se a castigan é dócil e submisa, e vese que a súa vergoña non procede tanto do castigo como da falta. Se non lle din nunca nada non deixa de reparala por ela mesma, mais dunha maneira tan franca e con tanta gracilidade que non é posible gardarlle xenreira. Bicaría a terra diante do último criado sen que este abaixamento representase para ela a menor dificultade, e tan axiña como a perdoan, a súa ledicia e as súas caricias amosan de canto peso se sente aliviado o seu corazón. Nunha palabra, sofre con paciencia os fallos dos outros e repara con pracer os seus. Tal é a amabilidade natural do seu sexo antes de que nós o teñamos estragado. A muller está feita para ceder diante do home e para soportar mesmo a súa inxustiza; nunca

habedes reducir aos rapaces ao mesmo punto. O sentimento interior érguese e revólvese neles contra a inxustiza; a natureza non os fixo para tolerala.

gravem

*Pelidae stomachum cedere nescii*¹⁸³.

Sofía é relixiosa, mais dunha relixiosidade razoable e sinxela: poucos dogmas e menos prácticas de devoción. Ou mais ben, ao non coñecer outra práctica esencial que a moral, consagra a súa vida enteira a servir a Deus facendo o ben. En todas as instrucións que seus pais lle deron sobre isto, habituárona a unha submisión respectuosa dicíndolle sempre: “Miña filla, estes coñecementos non son propios da vosa idade, xa o voso marido vos ha instruír cando sexa o momento”. Polo demais, en lugar de longos discursos de piedade eles conténtanse con lla predicar a través do seu exemplo, e este exemplo está gravado no corazón dela.

Sofía ama a virtude, este amor converteuse na súa paixón dominante. Ámaa porque non existe nada tan fermoso como a virtude; ámaa porque a virtude fai a gloria da muller e porque unha muller virtuosa parécelle case igual aos anxos; ámaa como único camiño da verdadeira felicidade, e porque non ve máis que miseria, abandono, mágoa e ignominia na vida dunha muller deshonestas; ámaa, en fin, como prezada polo seu respectable pai e pola súa tenra e digna nai. Non contentos de se sentiren felices coa propia virtude, estes queren estalo tamén coa súa, e a primeira felicidade é para ela a esperanza de os facer felices á súa vez. Todos estes sentimentos inspíranlle un entusiasmo que lle elevan a alma e ten todas as súas pequenas inclinacións suxeitas a unha paixón tan nobre. Sofía será casta e honesta ata o seu derradeiro suspiro; xurouno no fondo da

¹⁸³ Cita de Horacio (*Odas*, I,6, 5-6): “A forte carraxe do fillo de Peleo non sabe ceder” (N. do T.).

súa alma e xurouno nun momento no que xa sentía todo o que costa manter tal xuramento: xurouno cando tería debido revocar ese compromiso se é que os seus sentidos estivesen feitos para reinaren sobre ela.

Sofía non ten a sorte de ser unha amable Francesa fría por temperamento e coqueta por presunción, que quere mellor brillar que agradar, que busca a diversión e non o pracer. Devóraa unicamente a necesidade de amar, que ven distraela e perturbar o seu corazón nas festas. Perdeu a súa antiga alegría e os xogos rebuldeiros xa non están feitos para ela. Lonxe de temer o aburrimiento da soidade ela búscala, nese momento pensa naquel que debe tornarllo doce. Importúnana todos os indiferentes, non precisa unha corte senón un namorado; prefire agradarlle só a un home e gustarlle sempre antes que erguer no seu propio favor o grito da moda que dura un día e no día seguinte vírase en apupo.

As mulleres teñen o xuízo formado antes que os homes. Ao estaren á defensiva case dende a súa infancia e encargadas dun depósito difícil de gardar, o ben e o mal sonlles coñecidos máis cedo por necesidade. Sofía, precoz en todo porque o seu temperamento a inclina a selo, tamén ten o xuízo formado máis cedo que outras rapazas da súa idade. Non hai nada extraordinario niso: a madurez non é a mesma en todas partes ao mesmo tempo.

Sofía está instruída sobre os deberes e os dereitos do seu sexo e máis do noso. Coñece os defectos dos homes e os vicios das mulleres. Tamén coñece as calidades e as virtudes contrarias e gravounas todas no fondo do seu corazón. Non se pode ter unha idea máis alta sobre a muller de ben que a que ela concibiu, e esta idea non a espanta, mais pensa con maior compracencia no home de ben, no home de mérito, sente que está feita para ese home, que é digna del e que pode devolverlle a felicidade que ha recibir. Sente que ha saber recoñecelo doadamente: só se trata de atopalo.

As mulleres son os xuíces naturais do mérito dos homes igual que estes o son do mérito das mulleres; é o seu recíproco dereito e nin uns nin outras o ignoran. Sofía coñece este dereito e utilízao, mais coa modestia que lle acae á súa mocidade, á súa inexperiencia, á súa condición. Só xulga as cousas que están á súa altura e non as xulga máis que cando iso serve para desenvolver algún precepto útil. Só fala dos ausentes coa maior circunspección, sobre todo se son mulleres. Pensa que o que as volve maledicentes e criticadoras é falaren do seu sexo: en tanto que se limitan a falar do noso son sempre xustas. Daquela, Sofía limítase a iso. Canto ás mulleres, só fala algunha vez para dicir o ben que delas coñece, é un honor que considera deberlle ao seu sexo, e, canto a aquelas das que non sabe dicir nada bo non di cousa ningunha, enténdese.

Sofía ten pouca práctica do mundo, mais é obsequiosa, atenta e pon graza en todo o que fai. Unha natureza feliz sérvelle mellor que moita arte. Ten unha certa cortesía propia dela que non se sostén en fórmulas, que non está suxeita ás modas, que non cambia con estas e que non fai nada por hábito, mais que procede dun verdadeiro desexo de agradar e que agrada. Non coñece os cumprimentos triviais e non inventa outros máis rebuscados; non di que queda moi recoñecida, que lle fan un gran honor, que non se tomen o traballo, etc. e menos aínda se preocupa por construír bonitas frases. Ante unha atención ou unha cortesía establecida responde cunha reverencia ou un simple “*agradézovolo*”, mais esta expresión dita pola súa boca equivale a outra. Ante un auténtico favor deixa falar o seu corazón e non é un cumprimento o que este atopa. Endexamais soportou que o costume francés lle impuxera a canga das mexericadas, como é, ao pasar dunha habitación a outra, tender a man enriba dun brazo sexaxenario que ela desexaría moito soster. Cando un empoleirado galán lle ofrece este impertinente favor ela deixa o solícito brazo enriba da escaleira e lánzase en dous chimpos na habitación dicindo que non está coxa. En efecto, aínda que non

sexa alta nunca quixo levar moito tacón: ten os pés suficientemente pequenos como para prescindir deles.

Non só se mantén en silencio e respecto coas mulleres senón mesmo cos homes casados ou moito máis vellos ca ela; nunca ha aceptar situarse por riba súa senón por obediencia e ha recuperar o seu sitio por baixo tan axiña como poida, porque sabe que os dereitos da idade van antes que os do sexo, ao presupoñerse en favor deles a sabedoría, que debe honrarse ante todo.

Cos rapaces da súa idade é outra cousa: precisa un ton diferente para llelo impoñer, e sabe adoptalo sen abandonar a aire modesto que lle acae. Se son tamén modestos e reservados conservará con eles de bo grado a amable familiaridade da mocidade. As súas conversas, cheas de inocencia, serán bolreantes mais decentes; se se volven serias ela quere que sexan útiles, e se dexeneran en louvamiñas faraas rematar axiña, porque despreza sobre todo a leria da galantería como ofensiva para o seu sexo. Sabe ben que o home que ela busca non utiliza esa leria, e nunca soporta de grado outro falar que non lle acaia a aquel do que leva gravado o carácter no fondo do seu corazón. A alta opinión que ten dos dereitos do seu sexo, o orgullo de alma que a pureza dos seus sentimentos lle dá, esa enerxía da virtude que sente en si mesma e que a volve respectable aos seus propios ollos, fanlle escoitar con indignación as frases lambidas coas que pretenden divertila. Non as recibe con carraxe manifesta senón cun aplauso irónico que desconcerta ou un ton frío que non se espera. Que un bonito falariqueiro lle recite palabras gasalleiras, que gabe con agudeza a dela, a súa fermosura, as súas grazas e o valor da felicidade de lle agradar, e é quen de interrompelo dicíndolle educadamente: “ Señor, sospeito moito que eu coñezo esas cousas mellor ca vós; se non temos nada máis interesante que dicir coido que podemos rematar aquí a conversa”. Acompañar estas palabras cunha gran reverencia e logo atoparse a vinte pasos del é só cousa dun instante para ela. Preguntádelle aos vossos amiguíños das saias se resulta doado cacarexar diante dun espírito tan esguiro coma ese.

E máis non se trata de que non lle guste moito que a gaben, con tal de que sexa por ben e que poida crer que efectivamente pensan o bo que din dela. Para parecer conmovido polo seu mérito cómpre comezar por demostralo. Unha homenaxe fundada sobre a estima pode agradar o seu corazón altivo, mais todo escarnio galante é sempre rexeitado; Sofía non está feita para exercitar os pequenos talentos dun titereteiro.

Cunha madurez de xuízo tan grande e tan formada dende todos os puntos de vista como unha rapaza de vinte anos, Sofía aos quince non será tratada como unha nena polos seus pais. Apenas vexan nela a primeira inquedanza da mocidade hanse apresurar, diante do progreso, a facer o que cómpre; hanlle dirixir palabras tenras e sensatas. As palabras tenras e sensatas son propias da súa idade e do seu carácter. Se ese carácter é tal como imaxino: por qué seu pai non había falarlle máis ou menos así:

“Sofía, sodes xa unha moza feita e unha non chega a selo para permanecer sempre así. Queremos que sexades feliz; queremos por nós, porque a nosa felicidade depende da vosa. A felicidade dunha rapaza de ben é facer feliz a un home de ben; cómpre, logo, pensar en casarvos; cómpre pensalo dende cedo porque do casamento depende o destino da vida, e nunca se ten tempo abondo para pensalo.

“Nada é máis difícil que a escolla dun bo marido, se non é se cadra a dunha boa muller. Sofía, vós habedes ser esa muller rara, habedes ser a gloria da nosa vida e a felicidade da nosa vellez: mais sexan cales sexan os méritos cos que contedes, non faltan homes na Terra que teñan aínda máis ca vós. Non existe ningún que non se sentise honrado en vos lograr e existen moitos que vos honrarían máis a vós. Entre estes, trátase de encontrar un que vos acaia, de coñecelo e facer que el vos coñeza.

“A maior felicidade do matrimonio depende de tantas afeccións que é unha tolemia quererlas reunir todas. Cómpre en primeiro lugar asegurarse das máis importantes; cando as de-

mais se atopan aprovéitanse e cando faltan prescíndese delas. A felicidade perfecta non existe na Terra, pero o maior dos infortunios, e o que sempre podemos evitar, é sermos infortunados pola nosa propia culpa.

“Existen afinidades naturais, existen outras de institución e outras que se fundamentan só na opinión. Os pais son xuíces dos dous primeiros tipos, os fillos sono unicamente do primeiro. Nos casamentos que se fan pola da autoridade dos pais unicamente se miran as afinidades de institución e de opinión: non son as persoas as que casan, son as condicións e os bens, mais todo iso pode cambiar porque só as persoas permanecen sempre e lévanse a todas partes con elas. Malia a fortuna, só a través das relacións persoais pode un casamento ser feliz ou infeliz.

“A vosa nai era unha muller de boa condición e eu era rico; velaí as únicas consideracións que levaron aos nosos pais a nos unir. Eu perdín os meus bens e ela perdeu o seu apelido. Esquecida pola súa familia: de que lle serve hoxe a categoría coa que naceu? Nos nosos desastres, a unión dos nosos corazóns consolounos de todo, a conformidade dos nosos gustos fíxonos escoller este retiro e nel vivimos felices na pobreza, valéndonos en todo un ao outro. Sofía é o noso tesouro común, bendicimos o ceo por nolo ter dado e nos ter tirado todo o resto. Mirade, miña rapariga, onde nos levou a providencia! As afinidades que nos fixeron casar esvaecéronse e non somos felices máis que por obra daquelas que non contaron para nada.

“Son os esposos os que teñen que se complementar. O seu primeiro vencello debe ser a mutua inclinación: os seus ollos e os seus corazóns deben ser os seus primeiros guías porque, como o seu primeiro deber ao estaren unidos é o de amarse e como amar ou non amar non depende de nós mesmos, este deber comporta necesariamente outro que é comezar por amarse antes de se unir. É ese o dereito da natureza que nada pode derrogar: aqueles que o obstaculizaron con tantas leis civís tivéronlle máis consideración á orde aparente que á felicidade

do matrimonio e aos costumes dos cidadáns. Vedes, miña Sofía, que non vos predicamos unha moral difícil. Unicamente tende a facervos dona de vós mesma e a remitirvos a vós a escolla do voso esposo.

“Despois de ter dito as nosas razóns para vos deixar enteira liberdade, é xusto que vos falemos tamén das vosas para usala con siso. Miña filla, sodes boa e razoable, tedes rectitude e piedade, tedes os talentos que lles conveñen ás mulleres de ben e non estades desprovista de agrados, mais sodes pobre, tedes os bens máis estimables e carecedes dos que máis se estiman. Non aspiredes, logo, máis que ao que podeades obter e regulade a vosa ambición non sobre os vosos xuízos ou os nosos senón sobre a opinión dos homes. Se só fose cousa de igualdade de mérito, ignoro a que debería limitar as vosas esperanzas, mais non as elevedes por riba da vosa fortuna e non esquezades que ela está no nivel máis baixo. Aínda que un home digno de vós non conte esta desigualdade como un obstáculo, debeades, daquela, facer o que el non ha facer: Sofía debe imitar á súa nai e só entrar nunha familia que se honre con ela. Vós non vistes a nosa opulencia pois nacestes durante a nosa pobreza; volvédes-nola doce e compartídelo sen pena. Crédeme, Sofía, non busques bens dos que nós bendicimos ao Ceo por nos ter librado. Só catamos a felicidade despois de termos perdido a riqueza.

“Sodes demasiado atractiva como para non lle agradar a ninguén, e a vosa miseria non é tanta como para que un home de ben se sinta en apuros por causa vosa. Hanvos buscar, e se cadra xente que non vos merece. Se se mostrasen a vós tales como son, estimariádelos no que valen e todo o seu fasto non se vos había impoñer durante moito tempo, mais aínda que teñades bo xuízo e sexades entendida en méritos fáltavos experiencia e ignorades ata que punto os homes poden simular. Un hábil falsario pode estudar os vosos gustos para vos seducir e finxir diante de vós virtudes que non teña. Habíavos perder antes de que vos decatardes diso, Sofía, e só habíades recoñecer o voso

error para lamentalo. A máis perigosa de todas as trampas, e a única que a razón non pode evitar, é a dos sentidos. Se algunha vez tedes o infortunio de caír nela, non habedes ver máis que ilusións e quimeras, os vossos ollos han quedar fascinados, o voso xuízo hase turbar, a vosa vontade hase corromper, o voso propio erro havos ser grato, e mesmo que estivédes en situación de coñecelo, non quereriades volver atrás. Miña filla, é á razón de Sofía a quen vos eu entrego, non vos entrego á inclinación do seu corazón. En tanto teñades sangue frío, seguidе sendo o voso propio xuíz, mais tan axiña como vos namoredes, devolvédelle á vosa nai o coidado de vós.

“Propóñovos un acordo que vos sinale a nosa estima e res-tableza entre nós a orde natural. Os pais escollen o esposo da súa filla e unicamente a consultan polas formas; tal é o costume. Nós faremos entre nós todo o contrario: vós escolleredes e nós seremos consultados. Utilizade o voso dereito, Sofía, utilizádeo libremente e con siso. O esposo que vos acae debe ser elixido por vós e non por nós, mais somos nós quen debemos xulgar se non vos enganades sobre as afinidades e sen sabelo non facedes mais que o que vós queredes. O nacemento, os bens, o rango e a opinión non entran nas nosas razóns. Tomade un home de ben do que a persoa vos agrade e do que o carácter vos acaia, sexa el quen sexa, e nós aceptámolo como xenro noso. A súa riqueza ha ser sempre suficiente se ten brazos e bos costumes e se ama a familia. O seu rango será sempre suficientemente ilustre se o ennobrece a través da virtude. E aínda que toda a Terra nos criticase: que importa? Non procuramos a aprobación pública, abóndanos coa vosa felicidade.”

Lectores, ignoro que efecto fará un discurso semellante sobre as rapazas educadas á vosa maneira. Canto a Sofía, poderá non responder con palabras. A vergoña e o entenrecemento non a deixarían expresar doadamente, mais estou ben seguro de que ha quedar gravado no seu corazón durante o resto da súa vida e que se se pode contar con algunha resolución humana é coa que a fará ser digna da estima de seus pais.

Poñámonos no peor dos casos e deámoslle un temperamento ardente que lle fai penosa unha longa espera. Eu digo que o seu xuízo, os seus coñecementos, o seu gusto, a súa delicadeza e, sobre todo, os sentimentos cos que o seu corazón foi alimentado dende a infancia hanlle opoñer á impetuosidade dos sentidos un contrapeso que lle será suficiente para vencelos ou cando menos para resistirilles moito tempo. Morrería mártir da súa condición antes que aflixir a seus pais, casar cun home sen mérito e expoñerse ás coitas dun matrimonio mal complementado. A liberdade mesma que recibiu non fai senón proporcionarlle unha nova elevación de alma e volvela máis difícil canto a escolla do seu señor. Co temperamento dunha Italiana e a sensibilidade dunha Inglesa, ten para frear o seu corazón e os seus sentidos o orgullo dunha Española, que, mesmo buscando un namorado non atopa doadamente o que estima digno dela.

Non lle pertence a todo o mundo sentir canto pulo pode darlle á alma o amor polas cousas honestas, e canta forza pode un atopar en si mesmo cando quere ser sinceramente virtuoso. Hai xente á que todo o que é grande parécelle quimérico e que na súa baixa e ruín razón non coñece o que a mesma tolemia da virtude pode sobre as paixóns humanas. Non se debe falarlle a esa xente máis que con exemplos; peor para ela se se obstina en negalos. Se eu lle dixese que Sofía non é un ser imaxinario, que só o seu nome é invento meu, que a súa educación, os seus costumes, o seu carácter e a súa mesma figura existiron realmente, e que a súa memoria cústalle aínda bágoas a toda unha honesta familia, sen dúbida non o había crer en absoluto, mais, en fin: que arrisco eu acabando sen reviravoltas a historia dunha rapaza tan semellante a Sofía que esta historia podería ser a súa sen que un se sorprendese? Créana verdadeira ou non, pouco importa. Se se quere, eu terei contado ficcións, mais sempre terei explicado o meu método e irei sempre cara aos meus obxectivos.

A rapaza nova co temperamento que acabo de cargar a Sofía tiña, por outra banda, todas as coincidencias que podían facer-

lle merecer o seu nome, polo que llo deixo. Despois da conversa que relatei, seu pai e súa nai, xulgando que os bos partidos non virían presentarse á aldeíña onde vivían, mandárona pasar un inverno na cidade na casa dunha tía a quen se informou en segredo do motivo desta viaxe. Porque a oufana Sofía levaba no fondo do seu corazón o nobre orgullo de saber triunfar sobre si mesma, e por moita necesidade que tivese dun marido tería morto solteira antes de decidirse a ir buscalo.

Para responder ás miras de seus pais, súa tía presentouna nas casas, levouna ás reunións e ás festas, fíxolle ver a sociedade, ou mais ben fixo que esta a vira a ela, porque Sofía preocupábase pouco por todo este rebumbio. Púidose observar, con todo, que non fuxía dos mozos de figura agradable que parecían decentes e modestos. Tiña, mesmo dentro da súa reserva, unha certa arte en atraelos que semellaba bastante á coquetería, mais despois de ter conversado con eles dúas ou tres veces fartábase. Moi axiña ela substituíña este aire de autoridade que semella aceptar as homenaxes por unha actitude máis humilde e unha cortesía máis refugadora. Sempre atenta a ela mesma, non lles deixaba xa ocasión de lle facer o menor favor: era dicir de maneira suficiente que non quería ser a súa namorada.

Endexamais os corazóns sensibles teñen amado os praceres ruidosos, fatua e estéril felicidade da xente que non sente nada e que cre que atordecir a súa vida é gozar dela. Sofía, ao non atopar o que procuraba e desesperando de chegar a atopalo así, aburriuse da cidade. Amaba tenramente a seus pais, nada lle compensaba a separación deles, nada era capaz de facerllos esquecer e volveu reunirse con eles moito tempo antes do prazo fixado para o seu regreso.

Apenas retomou as súas funcións na casa paterna viuse que, conservando a mesma conduta, tiña cambiado de humor. Distraíase, impacientábase, estaba triste e soñadora e escondíase para chorar. Ao primeiro pensaron que se namorara e que lle daba vergoña: faláronlle do asunto e ela negouno. Declarou que

non tiña visto a ninguén que puidese conmover o seu corazón; e Sofía non mentía en absoluto.

E mais a súa languidez aumentaba sen cesar e a súa saúde comezaba a alterarse. A súa nai, inquieta por este cambio, resolveu finalmente saber a súa causa. Colleuna en privado e puxo en acción esa linguaxe insinuante e esas caricias invencibles que só o agarimo materno saben empregar. “Miña filla, ti a quen levei nas miñas entrañas e levo constantemente no meu corazón, verte os segredos do teu no peito da túa nai. Cales son, logo, eses segredos que unha nai non pode saber? Quen se doe das túas mágoas? Quen as comparte? Quen quere alivialas senón teu pai e eu? Ai, miña filla: queres que morra a causa da túa dor sen coñecela?”.

Lonxe de lle ocultar as coitas á súa nai, a rapariga non pedía outra cousa que tela como consolo e confidente mais a vergoña impedíalle falar e a súa modestia non atopaba linguaxe que describise un estado tan pouco digno dela como a emoción que turbaba os seus sentidos malia súa. Finalmente, ao lle servir a propia vergoña de indicio para a súa nai, arrancoulle esas humillantes confesións. Lonxe de atormentala con inxustas reprimendas, consolouna, compadeceuna e chorou con ela; era demasiado asisada como para considerar como crime un mal que só a súa virtude volvía tan cruel. Mais: por que soportar sen necesidade un mal que tiña tan fácil e lexítimo remedio? Por que non utilizaba a liberdade que lle eran? Por que non aceptaba un marido e non o escollía ela? Seica non sabía que a súa sorte só dependía de si mesma e que calquera que fose a súa escolla sería confirmada, dado que non podía facer unha que non fose honesta? Mandáranas á cidade e non quixera quedar alí, presentáranse varios bos partidos e ela rexeitáraos a todos. Que agardaba, daquela? Que quería? Que contradición tan inexplicable!

A resposta era sinxela. Se non se tratase máis que dunha axuda para a mocidade, a escolla faríase moi axiña, mais un

señor para a toda a vida non é tan fácil de escoller, e dado que non se poden separar estas dúas escollas, cómpre agardar, e a miúdo perder a mocidade antes de atopar o home co que se quere pasar a vida. Tal era o caso de Sofía: precisaba un namorado, mais este namorado debía ser un marido, e para o corazón que precisaba o seu era case tan difícil de atopar un como o outro. Todos estes mozos tan brillantes só tiñan con ela a afinidade da idade, e as outras faltábanlle sempre. O seu espírito superficial, a súa bamborriña, a súa falarica, os seus costumes sen normas e os seus frívolos arremedos anoxábana. Procuraba un home e só atopaba uns macacos, procuraba unha alma e non a atopaba.

“Que malfadada son! –dicíalle ela á súa nai– Necesito amar e non vexo nada que me agrade. O meu corazón rexeita a todos aqueles que os meus sentidos atraen. Non vexo ningún que non excite os meus desexos nin tampouco ningún que non os free, e un gusto sen estima non pode durar. Ah, non está aí o home que lle cómpre á vosa Sofía! O seu modelo encantador está gravado dende moito antes na súa alma. Só pode amalo a el, só pode volvelo feliz a el e só pode ser feliz con el. Prefire consumirse e combater constantemente, prefire morrer infeliz e libre que desesperada cabo dun home que ela non daría amado e ao que tamén volvería infeliz; vale máis deixar de existir que existir só para sufrir”.

Impresionada por estas singularidades, súa nai atopounas estrañas de máis como para non sospeitar algún misterio. Sofía non era nin preciosa nin ridícula. Como é que esta delicadeza extremada podería cadrarlle, a ela a quen só lle aprenderan tanto dende a infancia a se amoldar á xente coa que tiña que vivir e facer de necesidade virtude? Este modelo do home atractivo que lle encantara tanto e volvía tan a miúdo ás súas conversas fíxolle conxecturar a súa nai que o capricho tiña algún outro fundamento que aínda ignoraba e que Sofía non dixera todo. A infortunada, sobrecargada coa súa secreta pena, non buscaba

senón desabafar. A súa nai apértaa, ela dubida, réndese por fin e, saíndo sen dicir nada, regresa un momento despois cun libro na man. “Compadece de á vosa malfadada filla, a súa tristura non ten remedio e o seu pranto non pode estiñar. Queredes saber a causa? Pois velaí está!” –dixo ela botando o libro sobre a mesa. A nai colle o libro e ábreo; eran as *Aventuras de Telémaco*¹⁸⁴. Ao primeiro non entende nada deste enigma, mais a poder de preguntas e de escuras respostas ve, cunha sorpresa fácil de comprender, que a súa filla é a rival de Eucaris¹⁸⁵.

Sofía amaba a Telémaco, e amábaos cunha paixón da que nada podería curala. Tan axiña como seu pai e súa nai coñeceron esa manía, ríronse dela e coidaron volvela ao bo camiño a través da razón. E enganáronse: non toda a razón estaba do lado deles, tamén Sofía tiña a súa e sabía facela valer. Cantas veces os fixo calar utilizando contra eles os seus propios razoamentos, demostrándolles que foran eles os que fixeran todo mal, que non a formaran para un home da súa época, que cumpría por necesidade que adoptase as maneiras de pensar do seu marido ou que ela lle transmitise as súas, que lle volveran imposible o primeiro medio pola maneira como a educaran e que era precisamente o outro o que ela buscaba. “Dádeme –dicía ela– un home imbuído dos meus preceptos ou que poida conducilo a eles e caso con el, mais ata ese momento: por que me rosma-

¹⁸⁴ Obra do sacerdote e brillante humanista Fénelon que foi publicada en 1699, pretendidamente sen o consentimento do autor. Fénelon era figura destacada na corte de Luís XIV e aío do seu neto, o príncipe de Borgoña, para o que escribiu aquela obra. Era ademais arcebispo de Cambrai. Luís XIV prohibiu a obra pois baixo o seu feito alegórico educaba un futuro rei na crítica do absolutismo do avó. Esta publicación agravou a súa difícil posición xa que Fénelon mantiña unha dura polémica teolóxica con Bossuet, bispo de Meaux e práctica cabeza da Igrexa católica de Francia, aío á súa vez do fillo de Luís XIV. Bossuet logrou a condena polo Papa das teses de Fénelon, o que supuxo a práctica desaparición deste da vida pública. Na Europa do século XVIII e XIX *As aventuras de Telémaco* foi moi utilizado como libro de lectura escolar e moitas veces era lido en francés. Por ese motivo non é raro atopalo en Galiza nesa lingua en bibliotecas públicas e privadas (N. do T.).

¹⁸⁵ Ninfa da que, na obra devandita, se namora perdidamente Telémaco (N. do T.).

des? Compadecédeme. Son malfadada, non estou tola. Seica o corazón depende da vontade? Non foi meu propio pai quen o dixo? É culpa miña se amo o que non hai? Non son visionaria, non quero un príncipe, non procuro a Telémaco pois sei que só é unha ficción: procuro alguén que lle asemelle. E por que ese alguén non pode existir xa que eu existo, eu que me considero un corazón tan semellante ao seu? Non, non deshonremos así á humanidade, non pensemos que un home atractivo e virtuoso é unha quimera. Existe, vive e se cadra anda á miña procura, procura unha alma que o saiba amar. Mais quen é el? Onde está? Ignóroo, non é ningún dos que teño visto e sen dúbida non é ningún dos que hei ver. Oh, miña nai! Por que me fixestes a virtude demasiado amable? Se só podo amala a ela, o erro é menos meu ca voso”.

Levarei este triste relato ata o seu final tráxico? Contarei os longos debates que o precederon? Representarei unha nai impaciente que troca en rigores as súas primitivas caricias? Amosarei un pai irritado que esquece os seus primeiros compromisos e trata como a unha tola á máis virtuosa das fillas? Pintarei, finalmente, á infortunada aínda máis vencellada á súa quimera por causa da persecución que lle fan sufrir, camiñando a pasos lentos cara á morte e baixando cara á tumba no momento no que coidan conducila ao altar? Non, afastos estes obxectos funestos. Non preciso ir tan lonxe para amosar a través dun exemplo abondo impresionante, paréceme a min, que malia os prexuízos nados dos costumes do século, o entusiasmo do honesto e do fermoso non lles é máis alleo ás mulleres que aos homes, e que non existe nada que baixo a dirección da natureza non se poida obter delas como de nós.

Detéñenme aquí para me preguntar se é a natureza quen nos prescribe tomar tantos traballos para reprimir desexos inmoderados. Respondo que non, mais que tamén non é a natureza a que nos infunde tantos desexos inmoderados. Ora ben, todo o que non é dela está contra ela, téño demostrado mil veces.

Devolvámoslle ao noso Emilio a súa Sofía; resucitemos esa atractiva rapaza para lle proporcionar unha imaxinación menos viva e un destino máis feliz. Eu quería pintar unha muller ordinaria e a poder de lle elevar a alma turbei a súa razón. Eu mesmo me desviei. Volvamos sobre os nosos pasos. Sofía só ten unha bondade natural nunha alma común; todo o que ten por enriba dos outros é efecto da súa educación.

Propúxenme neste libro dicir todo o que se podía facer, deixándolle a cadaquén a escolla do que está ao seu alcance tocante ao que de correcto puiden dicir. Pensara dende o comezo en formar dende cedo á compañeira de Emilio e en educalos un para o outro e un co outro. Mais reflexionando no asunto cheguei á conclusión de que todos estes arranxos demasiados prematuros eran malentendidos, e que era absurdo destinar dous rapaces a se uniren antes de poder coñecer se esa unión estaba na orde da natureza e se terían entre eles as relacións axeitadas para formala. Non hai que confundir o que é natural dentro do estado salvaxe e o que é natural dentro do estado social. No primeiro estado todas as mulleres lles acaen a todos os homes porque uns e outros só teñen aínda a forma primitiva e común; no segundo –ao estar desenvolvido cada carácter por medio das institucións sociais, e ao ter recibido cada mentalidade a súa forma propia e determinada, non unicamente a través da educación senón da colaboración ben ou mal concertada entre a natureza e a educación– non se pode xa combinalos senón presentándoos un ao outro para ver se se acaen baixo todos os puntos de vista, ou para preferir cando menos a escolla que produce máis afinidades.

O mal reside en que ao desenvolver os caracteres o estado social distingue os rangos, e que ao non ser unha destas ordes semellante á outra, canto máis se distinguen as condicións máis

se confunden os caracteres. De aí os casamentos mal combinados e todas as desordes que derivan deles, de onde se ve, por unha consecuencia evidente, que canto máis nos afastamos da igualdade máis se alteran os sentimentos naturais, canto máis medra o intervalo entre os grandes e os pequenos máis se relaxa o vencello conxugal, canto máis ricos e pobres hai, hai menos pais e maridos. Nin o señor nin o escravo teñen xa familia: cada un dos dous unicamente ve o seu estado.

Queredes prever os abusos e efectuar casamentos felices? Afogade os prexuízos, esquecede as institucións humanas e consultade a natureza. Non unades persoas que unicamente concordan dentro dunha condición dada e que non han concordar xa se esta condición mudase senón persoas que concordan en calquera situación na que se atopen, en calquera país no que habiten, en calquera rango no que poidan caír. Non digo que as relacións convencionais sexan indiferentes no casamento, digo que a influencia das relacións naturais prima tanto sobre a daquelas que é unicamente ela a que decide o destino da vida, e que hai tal coincidencia de gustos, de humores, de sentimentos e de caracteres que debería inducir a un pai sabio – fose príncipe ou monarca– a lle dar sen dubidar ao seu fillo a rapaza coa que tivese todas estas afinidades, aínda que nacera nunha familia sen honra ou fose filla do verdugo. Si, sosteño que, aínda que debesen caír enriba de dous esposos ben unidos todos os infortunios imaxinables, han eles gozar dunha maior felicidade verdadeira chorando xuntos que a que terían posuíndo todas as fortunas da Terra envelenadas pola desunión dos corazóns.

Daquela, en lugar de lle destinar dende a infancia unha esposa ao meu Emilio, agardei a coñecer a que lle convén. Non son eu o que dá ese destino, é a natureza; a miña misión é atopar a escolla que ela fixo. A miña misión, e digo a miña e non a do pai porque ao me confiar o seu fillo cédeme o seu lugar e substitúe o seu dereito polo meu. Son eu o verdadeiro pai de Emilio, son eu quen o fixo home. Tería refugado educalo se non tivese

sido dono de casalo segundo a súa escolla, e dicir, a miña. Só o pracer de facer feliz a alguén pode pagar o que costa poñer a un home en condicións de chegar a selo.

Mais non creades, tampouco, que para atopar a esposa de Emilio agarde a que este estivese en situación de busca. A finxida procura é só un pretexto para lle facer coñecer as mulleres, a fin de que saiba o valor da que lle convén. Dende hai moito tempo Sofía xa está atopada, e se cadra Emilio xa a viu, mais só ha recoñecela cando chegue o momento.

Aínda que non sexa necesaria a igualdade de condicións no casamento, cando esta igualdade se une ás outras coincidencias dálles un valor novo; non entra en comparación con ningunha mais fai inclinar a balanza cando está igualada.

Un home, a menos que sexa monarca, non pode buscar unha muller en todos os estamentos, porque os prexuízos que el non terá haos atopar nos demais e pode que non obtivera debido a iso unha rapaza que lle acaese. Daquela, existen unhas normas de prudencia que deben limitar a procura dun pai asisado. Non debe querer darlle ao seu fillo unha posición por riba do seu rango, porque non depende del. Aínda que puidese non debería quere-lo porque: que lle importa o rango ao mozo, cando menos ao meu? E máis ao ascender expónse a mil males reais que ha sentir durante toda a vida. Mesmo digo que non debe querer compensar bens de diferentes naturezas, como a nobreza e o diñeiro, porque cada un dos dous lle engade menos valor ao outro do que alteracións recibe del, porque ademais nunca hai acordo sobre a estimación común, e porque, en fin, a preferencia que cada un lle concede á súa aparencia prepara a discordia entre dúas familias e moitas veces entre dous esposos.

É tamén moi diferente para a orde do matrimonio que o home se alfe por enriba ou por embaixo súa. O primeiro caso é contrario de a feito á razón, o segundo é máis conforme: como a familia só entronca coa sociedade a través do cabeza de familia, é a condición deste a que rexe á familia enteira. Cando se alía nun rango

máis baixo non descende senón que eleva á súa esposa. Polo contrario, tomando unha muller por riba súa, abáixaa sen el se elevar. Así, no primeiro caso hai ben sen mal e no segundo mal sen ben. Ademais, está na orde da natureza que a muller lle obedeza ao home. Daquela, cando a toma nun rango inferior, a orde natural e mais a orde civil concordan e todo vai ben. Pasa o contrario cando, aliándose por riba súa, o home ponse na alternativa de lesionar o seu dereito ou o seu recoñecemento, e de ser ingrato ou desprezado. Daquela, a muller, pretendendo a autoridade, convértese en tirano para el e o señor, trocado en escravo, atópase como a máis ridícula e a máis miserable das criaturas. Tales son eses malfadados favoritos que os reis de Asia honran e atormentan coa súa alianza e que –segundo se di– para se deitaren coas súas mulleres só se atreven a entrar polos pés da cama.

Agardo que moitos lectores, lembrándose de que lle apoño á muller un talento natural para gobernar ao home, me acusen aquí de contradición. E mais engánanse. Existe moita diferenza entre arrogarse o dereito a mandar e gobernar a aquel que manda. O dominio da muller é un dominio de dozura, de habilidade e de compracencia, as súas ordes son caricias e as súas ameazas son choros. Debe reinar na casa como un ministro no Estado, facéndose mandar o que ela quere. Neste sentido consta que os mellores matrimonios son aqueles nos que a muller ten máis autoridade. Mais, cando descoñece a voz do cabeza de familia, cando quere usurpar os seus dereitos e mandar ela, nunca resulta desta desorde máis que miseria, escándalo e deshonra.

Queda a escolla entre as iguais e as inferiores a el, e penso que hai aínda algunha restrición que facer tocante a estas últimas, porque é difícil atopar no refugallo do pobo unha esposa capaz de facer feliz a un home de ben; non porque a xente sexa máis viciosa nos derradeiros rangos que nos primeiros senón porque hai neles pouca idea sobre o que é fermoso e honesto, e porque a inxustiza dos outros estamentos faille ver a este a xustiza nos seus propios vicios.

Por natureza, o home practicamente non pensa. Pensar é unha arte que aprende como todas as outras, e mesmo con maior dificultade. Non coñezo en canto aos dous sexos máis que dúas categorías realmente distinguibles: unha, a das persoas que pensan, e outra, a das que non pensan en absoluto, e esta diferenza procede unicamente da educación. Un home da primeira destas categorías non debe aliarse na outra porque o máis grande encanto da unión fáltalle á súa cando tendo muller vese reducido a pensar el só. As persoas que pasan exactamente a vida enteira traballando para vivir non teñen outra idea senón a do seu traballo ou do seu interese, e toda a súa mente semella estar no extremo dos seus brazos. Esta ignorancia non prexudica nin á probidade nin aos bos costumes, moitas veces mesmo contribúe a elas, moitas outras un acomódase aos seus deberes a poder de pensar neles e acaba por substituír as cousas por unha xerga. A conciencia é o máis iluminado dos filósofos, non é preciso saber os *Oficios* de Cicerón para ser home de ben, e a muller máis honesta do mundo se cadra é quen menos sabe o que é a honestidade. Pero non é menos certo que só unha mente cultivada volve agradable o trato, e é unha cousa triste para un pai de familia que se atopa a gusto na súa casa verse forzado a pecharse nel mesmo e non poder facerse entender por ninguén.

Por outra banda: como é que unha muller que non ten hábito ningún de reflexionar vai educar aos seus fillos? Como vai discernir o que lles acae? Como vai predispoñelos ás virtudes que non coñece e ao mérito do que non ten idea ningunha? Só ha saber consentilos ou ameazalos, volvelos insolentes ou medoñentos; fará deles uns macacos amaneirados ou uns rillotes tarabelos, nunca unhas mentes agudas nin uns rapaces queridos.

Daquela, non lle acae a un home con educación desposar unha muller que non a teña, nin, en consecuencia, nun rango no que non podería habela. Mais eu queredría aínda cen veces mellor unha rapaza sinxela e groseiramente educada que unha rapaza sabichosa e cultiparla que viñese establecer na miña

casa un tribunal de literatura do que ela se faría presidenta. Unha muller cultiparla é o flaxelo do seu marido, dos seus fillos, dos seus amigos, dos seus criados e de todo o mundo. Dende a sublime elevación do seu fermoso xenio, desdeña todos os seus deberes de muller e comeza sempre por facerse home, ao xeito de Mademoiselle de Lenclos. Fóra sempre é ridícula e moi xustamente criticada, porque non pode un deixar de selo tan axiña como sae da súa condición e non está feito para a que quere tomar. Todas esas mulleres de grandes talentos só enganan sempre aos parvos. Sábese sempre quen é o artista que sostén a pluma ou o pincel cando elas traballan. Sábese quen é o discreto home de letras que lles dita en segredo os seus oráculos. Toda esta charlatanería é indigna dunha muller de ben. Aínda que tivese verdadeiros talentos, a súa pretensiosidade envileceríaos. A súa dignidade consiste en ser ignorada, a súa gloria na estima do seu marido, os seus praceres na felicidade da súa familia. Lector, diríxome a vós en persoa, respondédeme de boa fe. Que vos produce mellor opinión dunha muller ao entrardes no seu cuarto? Que vola fai abordar con máis respecto? Vela ocupada nos labores do seu sexo e nos coidados do seu fogar, rodeada da roupa dos seus fillos, ou atopala escribindo versos no seu toucador, rodeada de folletos de todo tipo e de escribiños pintados de todas as cores? Toda rapaza literata permanecerá solteira toda a vida mentres non haxa máis que homes asisados enriba da Terra:

*Quaeris cur nolim te ducere, Galla? Diserta es*¹⁸⁶.

Despois destas consideracións ven a do rostro. É a primeira que impresiona e a derradeira que un debe facer, mais tampouco cómpre contala como nada. No matrimonio paréceme que antes de buscar a gran fermosura hai que fuxir dela. A fermosura gástase axiña coa posesión; ao cabo de seis semanas

¹⁸⁶ Cita de Marcial (*Epigramas*, XI, 20): " Preguntas, Galla, por qué non quero casar contigo: es elocuente" (N. do T.).

xa non é nada para o posuidor, mais os seus perigos duran tanto como ela. A menos que unha muller fermosa sexa un anxo, o seu marido é o máis malfadado dos homes; e mesmo se fose un anxo: como había ela impedir que non estivese constantemente rodeado de inimigos? Se a extrema fealdade non fose noxenta eu preferiríaa á extrema fermosura porque, ao se converteren en nada unha e mais outra en pouco tempo para o marido, a fermosura vólvese un inconveniente e a fealdade unha vantaxe; mais a fealdade que produce noxo é a maior infelicidade; este sentimento, lonxe de borrarse, aumenta constantemente e tór-nase en xenreira. Semellante matrimonio é un inferno; valería máis estar mortos que unidos así.

Desexade en todo a moderación sen exceptuar niso a fermosura. Un rostro agradable e gasalleiro que non inspira amor senón benquerenza é o que se debe preferir; non prexudica ao marido e a súa vantaxe vírase en común proveito. As grazas non se gastan como a fermosura: viven e renóvanse sen cesar, e ao cabo de trinta anos de matrimonio unha muller de ben con grazas gústalle ao seu marido como o primeiro día.

Tales son as reflexións que me decidiron na escolla de Sofía. Alumna da natureza como Emilio, está feita para el máis ca ningunha outra. É igual a el por nacemento e por mérito, e inferior por riqueza. Non encanta á primeira ollada, pero gusta cada día máis. O seu maior encanto só actúa gradualmente, só se despreza na intimidade do trato e o seu marido hao sentir máis que ninguén no mundo; a súa educación non é nin brillante nin descoidada; ten gusto sen estudos, talentos sen arte, xuízo sen coñecementos. A súa mente non sabe, mais está cultivada para aprender, é unha terra ben preparada que só agarda a semente para producir. Nunca leu outro libro que o de Barrême¹⁸⁷ e mais

¹⁸⁷ O matemático François Barrême (1640–1703) é autor, entre outros traballos, dun libro de economía comercial e doméstica chamado *Libro das contas feitas do gran comercio* (1670). A escrupulosidade de Barrême –de quen o apelido aparece ás veces escrito Barême– facíalle recoller en resumos e gráficos os datos numéricos estudados, o que tiña unha evidente utilidade práctica; desa sistematización procede a palabra *baremo* (N. do T.).

Telémaco, que caeu nas súas mans por azar, mais: seica unha rapaza capaz de se apaixonar por *Telémaco* ten un corazón sen sentimento e un espírito sen delicadeza? Que atractiva ignorante! Feliz o destinado a instruíla. Ela non ha ser o profesor do seu marido senón o seu discípulo, e lonxe de querer suxeitalo aos seus gustos ha adoptar os del. Ha valer máis para el que se fose sabia: terá o pracer de lle ensinar todo. É tempo por fin de que se vexan, traballemos en achegalos.

Marchamos de París tristes e en visos. Este lugar de latricada non é o noso centro. Emilio volve unha ollada desdeñosa cara a esa gran cidade e di con despeito: “Cantos días perdidos en fútiles procuras! Ah, non é aí onde está a esposa do meu corazón! Meu amigo, vós sabíadelo ben, mais o meu tempo non vos custa e os meus males fanvos sufrir pouco”. Míroo a fite e digo sen me conmoer: “Emilio: credes o que estades a dicir?”. No momento sáltame ao pescozo todo confuso e apértame entre os seus brazos sen responderme. Esa é sempre a súa resposta cando comete un erro.

Velaí estamos a través dos campos como verdadeiros cabaleiros errantes, non na procura de aventuras coma eles –porque nós, polo contrario, fuximos destas ao abandonarmos París– senón imitando bastante o seu aspecto errante e desigual, quer picando esporas quer camiñando a pasiños pequenos. A poder de seguir a miña práctica terase finalmente captado o seu espírito, e non imaxino que ningún lector suficientemente precavido polos hábitos nos supoña aos dous durmidos dentro dunha dilixencia ben pechada, indo sen ver nin observar nada, anulando o intervalo entre a saída e a chegada e, na nosa veloz marcha, perdendo o tempo para aproveitalo.

Os homes din que a vida é corta e eu vexo que se esforzan en volvela así. Ao non saberen utilizala quéixanse da rapidez do tempo, e eu vexo que corre demasiado lento para o seu gusto. Sempre pendentes do obxectivo ao que tenden, ven con mágoa o intervalo que os separa del: un quixera estar no día seguinte,

outro no próximo mes, outro dentro de dez anos. Ninguén quere vivir hoxe, ninguén está contento da hora presente, todos atopan que pasa demasiado lentamente. Cando se queixan de que o tempo corre demasiado rápido están mentindo. Pagarían de bo gusto por poder aceleralo. Utilizarían de bo grado a súa fortuna en consumir a súa vida enteira, e se cadra non existe ninguén que non reducise os seus anos a unhas pouquiñas horas se fose dono de eliminar de acordo co seu aburrimiento as que lle pesaban e de acordo coa súa impaciencia as que o separaban do momento desexado. Hai quen pasa a metade da súa vida indo de París a Versalles e de Versalles a París, da cidade ao campo e do campo á cidade, e dun barrio a outro –véndose moi apurado para utilizar o seu tempo se non tivese o segredo de perdelo así– e que se afasta adrede dos seus asuntos para ocuparse en ir buscalos. Cre gañar o tempo que emprega en exceso e que outramente non sabería como empregar. Ou ben, polo contrario, corre por correr, e vai en dilixencia sen outro obxectivo que o de regresar do mesmo xeito. Mortais: seica non habedes cesar xamais de calumniar a natureza? Por que laiavros de que a vida é corta se aínda non o é abondo ao voso gusto? Se existe un só entre vós que saiba introducir suficiente temperanza nos seus desexos como para degorar que o tempo corra, non ha estimar a vida demasiado corta. Vivir e gozar han ser para el a mesma cousa, e aínda que morrese novo morrerá colmado de días.

Mesmo se non tivese máis que esta vantaxe o meu método, só por isto sería preferible a calquera outro. Eu non eduquei ao meu Emilio para desexar nin para agardar senón para gozar, e cando el proxecta os seus desexos alén do presente non é con ardor abondo impetuoso como para se ver importunado pola lentitude do tempo. Non só gozará co pracer de desexar senón co de ir cara ao obxectivo que desexa e as súas paixóns son tan moderadas que sempre el está máis onde está que onde estará.

Daquela, non viaxamos como correos senón como viaxeiros. Non pensamos só nos dous termos senón no intervalo que os

separa. A propia viaxe é un pracer para nós. Non a facemos tristemente sentados e como aprisionados nunha gaioliña ben pechada. Non viaxamos coa moleza e o repouso das mulleres. Non tiramos nin o aire libre nin a visión dos obxectos que nos rodean, nin a comodidade de contemplalos ao noso gusto cando nos prace. Emilio non entrou endexamais nunha dilixencia e unicamente vai en postas cando ten presa. Mais: que lle pode meter presa a Emilio algunha vez? Só unha cousa: gozar da vida. Engadirei “...e facer o ben cando pode”? Non, porque iso mesmo é gozar da vida.

Só concibo un xeito de viaxar máis agradable que ir a caballo: ir a pé. Partimos cando nos convén, paramos á nosa vontade, facemos tanto ou tan pouco exercicio como queremos. Observamos todo o país. Desvíámonos para a dereita ou para a esquerda, examinamos todo o que nos agrada e parámonos en todos os miradoiros. Vexo un río? Rodéoo. Un bosque mesto? Vou embaixo da súa sombra. Unha gruta? Visítoa. Unha canteira? Examino os minerais. En todos os sitios onde me topo ben, quedo. No momento en que me aburro, voume. Non dependo nin dos cabalos nin do cocheiro. Non preciso escoller camiños feitos nin rotas cómodas, paso por todos os sitios polos que pode pasar un home; vexo todo o que un home pode ver e, ao depender só de min mesmo, gozo de toda a liberdade da que un home pode gozar. Se o mal tempo me para e o aburrimiento me vence, daquela collo cabalos. Se estou canso... mais Emilio practicamente non cansa. É robusto: por que había cansar? Leva a todas partes con que divertirse. Entra na casa dun artesán e traballa; exercita os seus brazos para repousar os seus pés.

Viaxar a pé é viaxar como Tales, Platón e Pitágoras. Cústame entender como un filósofo pode decidirse a viaxar doutro xeito e subtraerse ao exame das riquezas que pisa cos pés e que a Terra prodiga a súa vista. Quen é o que, amando un pouco a agricultura, non quere coñecer os produtos propios do clima dos

lugares que atravesa e a maneira de cultivalos? Quen é o que, tendo un pouco de gusto pola historia natural, pode decidirse a pasar un terreo sen examinalo, unha roca sen descornechala, uns montes sen herborizar ou uns callaos sen buscar fósiles? Os vossos filósofos de salón estudian a historia natural en gabinetes; coleccionan chafalladas, saben nomes e non teñen idea ningunha da natureza. Pero o gabinete de Emilio é máis rico que o dos reis: ese gabinete é a Terra enteira. Cada cousa está alí no seu lugar: o naturalista que o coida colocou todo moi ordenadamente; d'Aubenton¹⁸⁸ non o faría mellor.

Cantos praceres diferentes reúne un con esta agradable maneira de viaxar! Sen contar a saúde que se fortalece e o humor que se aleda. Sempre vin os que viaxaban en bos coches moi cómodos estaren en visos, tristes, rosmando ou sufrindo, e os camiñantes sempre ledos, lixeiros e contentos con todo. Canto ri o corazón cando un se está achegando ao tobo! Que saborosa parece unha comida groseira! Con que pracer un repousa na mesa! Que bo sono se bota nun mal leito! Cando un non quere máis que chegar pode correr en dilixencia, mais cando quere viaxar ten que ir a pé.

Se antes de que teñamos feito cincuenta leguas do xeito que imaxino Sofía non está esquecida, non son eu moi hábil ou Emilio é pouco curioso porque con tantos coñecementos elementais é difícil que non se vexa tentado por adquirir máis. Un é curioso na proporción en que é instruído; sabe precisamente dabondo como para querer aprender.

Entre tanto, un obxecto atrae outro e seguimos avanzando. Púxenlle á nosa primeira carreira unha meta afastada; o seu pretexto é fácil: ao marcharmos de París cómpre buscar muller lonxe.

¹⁸⁸ O naturalista d'Aubenton (1716–1800) colaborou con Buffon na *Historia natural*. Hoxe o seu apelido escríbese Daubenton. (Nota do traductor)

Un día, despois de nos termos desviado máis do ordinario por valiñas e montes nas que non se ve camiño ningún, non damos atopado o noso. Impórtanos pouco: todos os camiños son bos con tal de que se chegue. Mais aínda cómpre chegar a algures cando se ten fame. Felizmente atopamos un paisano que nos leva a súa cabana e comemos con moito apetito o seu magro xantar. Ao nos ver tan cansos e tan esfameados, dinos: “Se Deus vos tivese levado ao outro lado do outeiro, teriades sido mellor recibidos... teriades atopado unha casa de paz... xente caritativa... moi boa xente!... non teñen mellor corazón ca min pero son máis ricos, aínda que seica o eran ben máis algún día... non teñen necesidades, grazas a Deus, e toda a bisbarra se alegra do que lles queda”.

Ante esa expresión de “boa xente”, o corazón do bondadoso Emilio ábrese. “Meu amigo –di el mirando para min– vamos a esa casa de donos abenzoados polos seus veciños, terei moito gusto en velos e se cadra tamén eles terán gusto en vernos a nós. Estou seguro de que nos han recibir ben: se son dos nosos nós habemos ser dos deles”.

Indicada ben a casa, marchamos e vagamos polos bosques; un gran ballón de chuva sorpréndenos de camiño e retrásanos sen nos deter. Finalmente orientámonos e polo serán chegamos á casa designada. Na aldea que a rodea, esta casa, aínda que sinxela, é a única que ten certa aparencia. Presentámonos e pedimos hospitalidade; mándannos falar co amo e el fainos algunhas preguntas, mais educadamente. Sen lle contar o motivo da nosa viaxe contámoslle o noso desvío. El conservou da súa antiga opulencia a facilidade de coñecer a condición das persoas polas súas maneiras: calquera que teña vivido na boa sociedade raramente se engana niso. Con este pasaporte admítennos.

Amósannos un apouso moi pequeno mais limpo e cómodo; acenden lume e atopamos nel roupa branca, vestidos e todo o que precisamos. “O que! –di Emilio todo sorprendido– Diríase que nos esperaban! Canta razón tiña o paisano! Canta

atención! Canta bondade! Canta previsión! E para uns descoñecidos! Coido estar no tempo de Homero”. “Sede sensible a isto –dígolle eu– mais non vos estrañedes: en todas partes nas que os forasteiros son raros son ben recibidos; nada volve tan hospitalario como non precisar selo moi a miúdo; é a afluencia dos hóspedes a que destrúe a hospitalidade. No tempo de Homero case non se viaxaba e os viaxeiros eran benvidos en todas partes. Nós somos se cadra a única xente de paso que viron aquí en todo o ano.” “Non me importa –prosigue– iso mesmo é un eloxio, o saber prescindir de hóspedes e recibilos sempre ben”.

Secos e recompostos imos reunirnos co dono da casa; preséntanos á súa muller e ela recíbenos non só con educación senón con bondade. O honor das súas olladas é para Emilio. Unha nai no caso no que ela está, raramente ve sen inquedaanza, ou cando menos sen curiosidade, entrar na súa casa un home desa idade.

Mandan apurar a cea por mor de nós. Ao entrarmos no comedor vemos cinco cubertos, sentámonos e queda un baleiro. Entra unha rapaza nova, fai unha gran reverencia e séntase con modestia sen falar. Emilio, ocupado pola fame ou polas respostas, saúdaa, fala e come. O principal obxecto da súa viaxe está tan lonxe do seu pensamento como el se cre aínda lonxe da meta. A conversa xira sobre o extravío dos nosos viaxeiros.– “Meu señor –dille o dono da casa– parecédesme un mozo amable e asiado, e iso faime pensar que chegastes aquí, o voso aío e mais vós, cansos e mollados como Telémaco e Mentor á illa de Calipso”. “É certo –responde Emilio– que atopamos aquí a hospitalidade de Calipso”. O seu mentor engade: “E máis os encantos de Eucaris”. Pero Emilio coñece a Odisea e non leu *Telémaco*; non sabe o quen é Eucaris. Tocante á rapaza nova, véxoa ruborizarse ata os ollos, baixados sobre o seu prato, e non se atrever a alentar. A nai, que repara no seu apuro, faille un aceno ao pai e este cambia de conversación. Falando da súa soidade, adéntrase insensiblemente no relato dos acontecementos que o confinaron alí; dos infortunios da súa vida, a constancia

da súa esposa, o consolo que atoparon na súa unión, a vida doce e sosegada que levan no seu retiro, e todo sen dicir nunca unha palabra sobre a rapaza. Todo isto forma un relato agradable e emotivo que un non pode escoitar sen interese. Emilio, conmovido e emocionado, deixa de comer para escoitar. Finalmente, no momento no que o máis honesto dos homes se estende con máis pracer sobre o vencellamento da máis digna das mulleres, o viaxeiro mozo, fóra de si, apértalle ao marido a man que lle tiña collida, e coa outra toma tamén a man da muller, enriba da cal debrúzase con emoción regándoa de bágoas. A inxenua vivacidade do mozo encanta a todo o mundo, pero a rapaza, máis sensible ca ninguén a esta marca do seu bo corazón, coída ver a Telémaco afectado polos infortunios de Filoctetes. Leva ás agachadas os ollos sobre el para mellor examinar o seu rostro e non atopa nel nada que desminta a comparación. O seu aspecto desenvolto ten liberdade sen arrogancia, as súas maneiras son vivas sen atordoamento, a súa sensibilidade volve a súa ollada máis doce e a súa fisionomía máis conmovedora: a rapaza nova, ao velo chorar, está disposta a mesturar as súas bágoas coas del. Fréaa de tan fermoso pretexto unha secreta vergoña; xa se está a reprochar os choros dispostos a escapar dos seus ollos como se estivese mal vertelos pola súa familia.

A nai, que dende o comezo da cea non cesou de velar por ela, ve a súa incomodidade e libéraa enviándoa a facer un recado. Un minuto despois volve a rapaza, mais tan mal recuperada que a súa desorde é visible aos ollos de todos. A nai dille docemente. “Sofía, repañédevos: non habedes rematar de chorar polas coitas dos vosos pais? Vós que os consolades delas, non sexades máis sensible ca eles mesmos”.

Ante o nome de Sofía teriades visto sobresaltarse a Emilio. Impresionado por un nome tan querido, desperta cun chimpó e bota unha ollada ávida sobre aquela que ousa levalo. “Sofía, oh Sofía! Sodes vós a que o meu corazón busca? Sodes vós a que o meu corazón ama?”. Obsérvaa e contéplaa cunha especie de

temor e desconfianza. Non ve exactamente a figura que el se tiña debuxado; non sabe se a que ve vale máis ou menos. Estudia cada trazo, axexa cada movemento e cada xesto e atópalle a todo mil interpretacións confusas; sería quen de dar a metade da súa vida para que ela dixese só unha palabra. Míframe inqueda e turbado, os seus ollos fanme a un tempo cen preguntas e cen reproches. Semella dicirme a cada ollada: “Guiádeme mentres é tempo. Se o meu corazón se entrega e se engana, non me hei recuperar na miña vida”.

Emilio é o home que menos sabe disfrazarse no mundo. Como se había disfrazar no máis grande afogo da súa vida, entre catro espectadores que o examinan e do que o máis distraído aparentemente é en realidade o máis atento? A súa desorde non escapa aos ollos penetrantes de Sofía; os seus infórmana polo demais de que ela é o seu obxecto: ve que esta inquedanza aínda non é amor, mais: que importa? Ocúpase dela e abonda con iso; ha ser ben infeliz se el se ocupa impunemente.

As nais teñen ollos igual que as súas fillas, e ademais experiencia. A nai de Sofía sorrí co éxito dos nosos proxectos. Le nos corazóns dos dous mozos, ve que é o momento de suxeitar o do novo Telémaco e fai falar á súa filla. A filla, coa súa dozura natural, responde cun ton tímido que aínda mellora o seu efecto. Ao primeiro son desta voz Emilio rendeuse: é Sofía, xa non ten dúbida. E se non fose, xa había ser demasiado tarde para desdicirse.

É entón cando os engados desta rapaza encantadora van en torrentes ao seu corazón e comeza a beber a grandes tragos o veneno co que ela o embebeda. Xa non fala, xa non responde, só ve a Sofía, só oe a Sofía. Se ela di unha palabra el abre a boca, se ela baixa os ollos el báixaos, se a ve respirar suspira, é a alma de Sofía a que parece animalo. Como ten cambiado a súa en poucos momentos! Xa non lle toca a Sofía tremer, tócalle a Emilio. Adeus á liberdade, á inxenuidade e á franqueza! Confuso, apurado e temeroso, non ousa xa mirar arredor súa

por medo a ver que o miran. Con vergoña por deixarse penetrar, quixera volveuse invisible para todo o mundo a fin de saciarse de contemplala sen ser observado. Sofía, polo contrario, tranquilízase co temor de Emilio; ve o seu triunfo e goza del:

*Nol mostra già, ben che in suo cor ne rida*¹⁸⁹.

Sofía non cambiou a súa compostura, mais a pesar dese aire modesto e eses ollos baixados, o seu tenro corazón palpita de alegría e dille que atopou a Telémaco.

Se entro aquí na historia –se cadra inxenua e sinxela de máis– dos seus inocentes amores, hanse mirar estes detalles como un xogo frívolo, o que será errado. Non se considera suficientemente a influencia que debe ter a primeira relación dun home cunha muller no decurso da vida dun e doutro. Non se ve que unha primeira impresión tan viva como a do amor –ou da inclinación que fai o papel deste– ten longos efectos dos que non se observa a cadea na sucesión dos anos, mais que non deixan de actuar ata á morte. Damos nos tratados de educación moita leria inútil e pedante sobre os quiméricos deberes dos rapaces e non nos din unha palabra da parte máis importante e difícil de toda educación, a saber, a crise que serve de paso da infancia ao estado de home. Se eu dei podido facer estes ensaios útiles nalgún lugar, ha ser sobre todo por terme estendido moito ao longo desa parte esencial, omitida por todos os demais, e por non me ter deixado botar atrás nesa empresa por falsas delicadezas nin asustar por dificultades de expresión. Se dixen o que cómpre facer, dixen o que debín dicir, impórtame pouco ter escrito unha novela. A da natureza humana é unha novela bastante fermosa. Se só se atopa neste escrito: seica é culpa miña? Debería ser a historia da miña especie; vós que a corrompedes sodes quen facedes do meu libro unha novela.

¹⁸⁹ Cita de Tasso (*Xerusalén libertada* IV, 33): “Non o amosa , aínda que no seu corazón ría”. (Nota do traductor).

Outra consideración que reforza a primeira é que aquí non se trata dun mozo entregado dende a infancia ao temor, á cobiza, ao orgullo e a todas as paixóns que serven de instrumento ás educacións comúns, que se trata dun mozo do que temos aquí non só o primeiro amor senón a primeira paixón de todo tipo, que desta paixón –a única, se cadra, que ha sentir vivamente en toda a súa vida– depende a derradeira forma que debe tomar o seu carácter. As súas maneiras de pensar, os seus sentimentos e os seus gustos, fixados por unha paixón duradeira, van adquirir unha consistencia que non ha permitir que se alteren xa.

Compréndese que entre Emilio e máis eu, durante a noite que segue, tal velada non se ocupe toda en durmir. O que? Seica a simple coincidencia dun nome debe ter tanto poder sobre un home asinado? Seica non hai máis que unha Sofía no mundo? Seica todas elas se asemellan de alma como de nome? Seica todas as que chegue a ver son a súa? Non é unha tolemia entusiasmarse así por unha descoñecida coa que nunca falou? Agardade, mozo: examínade e observade. Aínda non sabedes mesmo quen sodes e, en oíndovos, creríase que estabades xa na vosa casa.

Non é o momento das leccións, e estas non están feitas para ser escoitadas. O único que fan é darlle ao mozo un novo interese por Sofía a través do desexo de xustificar a súa inclinación. Esa relación entre os nomes, ese encontro que cre fortuíto, e mesmo a miña reserva, o único que fan é irritar a súa vivacidade: Sofía parécelle xa demasiado estimable como para non estar seguro de facer que eu a queira.

Pola mañá, sospeito moito que no seu ruín vestido de viaxe Emilio ha tratar de comporse o máis posible. Non deixa de facelo e eu río do seu afán por adaptarse á roupa branca da casa. Entro no seu pensamento e leo nel compracido que procura, preparando devolucións e trocos, establecerse unha especie de correspondencia que lle dea dereito a facer envíos e a volver alí.

Esperaba atopar a Sofía un pouco máis composta tamén pola súa banda e enganeme. Esa coquetería vulgar é boa para aque-

les aos que só se quere agradar. A do verdadeiro amor é máis refinada, ten outras pretensións. Sofía vestiuse aínda dun xeito máis sinxelo que a véspera e mesmo máis descoidadamente, aínda que cunha limpeza sempre escrupulosa. Só vexo coque-tería neste descoido porque vexo nel afectación. Sofía sabe ben que un adobío máis rebuscado é unha declaración, pero non sabe que un adobío máis descoidado tamén é outra; demostra que un non se contenta con agradar a través do arranxo senón que quere agradar a través da persoa. E que é o que lle importa ao amante como se arranxe con tal de que vexa que se ocupa del? Xa segura do seu dominio, Sofía non se limita a impresionar cos seus encantos os ollos de Emilio se o seu corazón non vai na procura deles; non lle abonda xa con que el os vexa, quere que os supoña. Seica non viu suficientes como para ter obriga de adiviñar o resto?

Hai que crer que durante as nosas conversas desta noite Sofía e súa nai tampouco permaneceron mudas. Arrancáronse confesións e déronse instrucións. No outro día reunímonos, ben preparados. Non hai doce horas que os nosos mozos se viron, aínda non se dixeron unha palabra e xa se ve que se entenden. O seu contacto non é familiar, é forzado e tímido, non se falan; os seus ollos baixados semellan evitarse, e iso mesmo é un signo de complicidade. Evítanse, mais concertadamente, senten xa a necesidade do misterio antes de se teren dito nada. Ao marchar, pedimos permiso para vir persoalmente traer o que levamos. A boca de Emilio pídelles este permiso ao pai e á nai namentres que os seus ollos inquedos, virados cara a filla, pídenllo con moita máis insistencia. Sofía non di nada, non fai aceno ningún, semella non ver nin oír nada, mais ruborízase e ese rubor é unha resposta aínda máis clara que a dos seus pais.

Permítennos volver sen invitarnos a permanecer. Esta conduta é acaída: sírveselles de comer aos viaxeiros que teñen dificultades para se albergaren mais non é decente que un namorado durma na casa da súa amada

Apenas estamos fóra desta querida casa Emilio pensa en establecernos nos arredores; a cabana máis próxima seméllalle xa demasiado lonxe. Querería durmir nos foxos do castelo. “Mozo tarabelo! –dígolle cun ton compadecido– O que? Xa vos cega a paixón? Seica xa non vedes nin as normas de sociedade nin a razón? Malfadado, coidades amar e queredes deshorrar á vosa amada! Que han dicir dela cando saiban que un mozo que sae da súa casa dorme nos arredores? Dicides que a amades! Sodes vós, daquela, o que lle habedes facer perder a reputación? É ese o pago da hospitalidade que os seus pais vos concederon? Causaredes o oprobio daquela da que agardades a felicidade?”. “E que importan –responde con vivacidade– os fútiles discursos dos homes e as súas inxustas sospeitas? Seica non me aprendestes vós mesmo a non facer caso ningún delas? Quen sabe mellor ca min o que tal honro a Sofía e o que tal quero respectala? O meu vencellamento non vai causar a súa vergoña, causará a súa gloria, será digno dela. Cando o meu corazón e os meus coitados lle rendan por todas partes a homenaxe que merece: en que podo eu aldraxala?”. “Querido Emilio –continúo, abrazándoo– estades a razoar para vós, aprendede a razoar para ela. Non comparedes o honor dun sexo co do outro; teñen principios completamente diferentes. Estes principios son igual de sólidos e razoables pois que derivan igualmente da natureza e que a mesma virtude que vos fai desprezar para vós os comentaristas dos homes obrígvos a respectalos para a vosa amada. O voso honor está en vós só, e o seu depende doutras persoas. Descoidalo sería ferir o voso propio, e non vos rendedes o que vos debedes se vós sodes a causa de que non lle rendan o que se lle debe a ela”.

Entón, explicándolle as razóns destas diferenzas, fágolle sentir a inxustiza que habería en querer contalas como se non existiran. Quen lle dixo que ha ser el o esposo de Sofía, da que ignora os sentimentos e de quen o corazón ou os pais se cadra xa teñen compromisos anteriores? Ela, a quen non coñece e se

cadra non ten con el ningunha das afinidades que poden facer feliz un matrimonio? Seica ignora que todo escándalo é para unha rapaza unha mancha indeleble que nin mesmo o casamento con aquel que a causou dá borrado? E quen é o home sensible que quere perder a aquela que ama? Quen é o home de ben que lle quere facer chorar perpetuamente a unha malfadada o infortunio de lle ter gustado?

O mozo, asustado polas consecuencias que lle fago albiscar e sempre extremado nas súas ideas, coida xa non estar nunca lonxe abondo da residencia de Sofía. Dobra o paso para fuxir máis axiña; mira arredor nosa se non nos escoitan: sacrificaría mil veces a súa felicidade ante o honor da que ama; preferiría non volver vela na vida a lle causar un só desgusto. É o primeiro froito dos traballos que eu pasei dende a súa mocidade para lle formar un corazón que saiba amar.

Trátase, logo, de atopar un abeiro afastado pero a man. Procuramos e informámonos; dinnos que a algo máis de dúas leguas hai unha vila; imos tratar de aloxarnos nela mellor que nas aldeas máis próximas nas que a nosa estadía se faría sospeitosa. É alí onde finalmente chega o novo namorado cheo de amor, de esperanza, de ledicia e sobre todo de bos sentimentos. Velaí cómo, dirixindo pouco a pouco a súa nacente paixón cara ao que é bo e honesto, dispoño eu insensiblemente todas as súas inclinacións a adoptaren a mesma conformación.

Estoume achegando ao termo da miña carreira; albíscoo xa ao lonxe. Todas as grandes dificultades están vencidas, todos os grandes obstáculos superados, non me queda máis nada laborioso que facer que non estragar a miña obra apresurándome a consumala. Na incerteza da vida humana, evitemos sobre todo a falsa prudencia de inmolar o presente ante o porvir; a miúdo ven sendo inmolar o que existe ante o que non ha existir. Fagamos feliz ao home en todas as idades, por medo a que tras moitos coidados non morra antes de ter chegado a selo. Ora ben, se existe unha época para gozar da vida é con seguridade o final

da adolescencia, cando as facultades do corpo e da alma teñen adquirido o seu máis grande vigor e cando o home, no medio da súa percorrido, ve dende o máis lonxe os dous extremos que lle fan sentir a brevidade deste. Se a imprudente mocidade se engana, non é no feito de querer gozar, é en que procura o gozo onde non está, e que preparándose un porvir miserable non sabe mesmo utilizar o momento presente.

Considerade ao meu Emilio, con vinte anos cumpridos, ben formado, ben constituído de mente e de corpo, forte, san, bulideiro, espelido, robusto, na plenitude dos sentidos, da razón, da bondade e da humanidade, dotado de bos costumes e de gusto, amante da fermosura, practicador do ben, libre do dominio das paixóns crueis, exento do xugo da opinión mais sometido á lei da prudencia e dócil á voz da amizade, posuidor de todos os talentos útiles e de varios talentos agradables, pouco preocupado polas riquezas, portador dos seus recursos no cabo dos seus brazos e sen medo á falta de pan pase o que pase. Velo aí agora embebedado cunha paixón nacente: o seu corazón ábrese ao primeiro lume do amor; as súas doces ilusións constrúenlle un novo universo de delicia e de gozo; ama un obxecto merecente de amor, e aínda máis merecente polo seu carácter que pola súa persoa; espera, agarda un regreso que sente que lle deben. É da relación dos corazóns, é da concorrencia dos sentimentos honestos dos que se formou a súa primeira inclinación. Esta inclinación debe ser duradeira; entrégase con confianza, con razón mesmo, ao máis encantador delirio, sen temor, sen mágoa, sen remordemento, sen outra inquedaanza máis que aquela da que é inseparable o sentimento da felicidade. Que lle pode faltar á súa? Mirade, buscade, imaxinade o que aínda precisa e pode concordar co que ten. El reúne todos os bens que un pode obter ao tempo; non se pode engadir ningún senón a expensas doutro; está tan feliz como un home pode estar. Iría eu neste momento acurtar un destino tan doce? Iría eu perturbar unha voluptuosidade tan pura? Ah, todo o valor da vida está na felicidade que

cata! Que podería eu devolverlle que valera o que lle tería quitado? Mesmo levándoo ao colmo da felicidade destruíría o seu maior encanto: esta felicidade suprema é cen veces máis doce na espera que na obtención; gózase máis dela cando se espera que cando se cata. Oh, meu bo Emilio, ama e sé amado! Goza moito tempo antes de posuír, goza á vez do amor e da inocencia, constrúe o teu paraíso na Terra agardando o outro: eu non hei acurtar esa época feliz da túa vida. Hei tecer para ti o encanto, heino prolongar o máximo posible. Desafortunadamente, cómpre que remate, e que remate en pouco tempo, mais eu hei facer cando menos que dure sempre na túa memoria e que non te arrepiñas endexamais de telo catado.

Emilio non esquece que temos que facer devolucións. Tan axiña como están preparadas, collemos cabalos e imos rapidamente. Desta vez, ao marchar xa quería el ter chegado; cando o corazón se abre ás paixóns, ábrese ao tedio da vida. Se eu non perdín o tempo, a súa enteira non ha transcorrer así.

Desafortunadamente, o camiño está moi cortado e a bisbarra é fragosa. Perdémonos e el decátase o primeiro e, sen impacientarse, sen queixarse, pon toda a atención en volver atopar o camiño. Vaga moito tempo antes de se orientar, e sempre co mesmo sangue frío. Para vós isto non é nada, mais para min é moito porque coñezo que por natureza é arroutado: estou a ver o froito dos traballos que pasei dende a súa infancia para endurecelo aos golpes da necesidade.

Por fin chegamos. O recibimento que nos fan é moito máis sinxelo e máis afectuoso que a primeira vez; xa somos vellos coñecidos. Emilio e Sofía saúdanse con algo de embarazo e seguen sen se falar: que se habían dicir en presenza nosa? A conversa que necesitan non precisa testemuñas. Paseamos pola horta. Esta horta ten por xardín unha cortiña moi ben trazada e por parque un pomar cuberto de grandes e fermosas árbores froiteiras de toda caste, cortado en diversos sentidos por fermosos regatos e cantóns cheos de flores. “Que lugar tan fermoso!

–exclama Emilio impregnado de Homero e sempre entusiasmado– Coido estar vendo a horta de Alcino”. A rapaza quixera saber quen é Alcino, e a nai preguntao. “Alcino –dígolles eu– era un rei de Corcira que tiña un xardín descrito por Homero e que foi criticado pola xente de gusto como demasiado sinxelo e demasiado pouco ornado¹⁹⁰. Este Alcino tiña unha filla amable que a véspera de que un estraño recibise hospitalidade na casa de seu pai soñou que tería axiña un marido.” Sofía, abraida ruborízase, baixa os ollos e morde a lingua; non podemos imaxinar unha confusión tal. O pai, que se comprace en aumentala, toma a palabra e di que a princesa moza ía ela mesma lavar a roupa no río. “Seica podedes crer – prosigue– que desdeñaría tocar os panos de mesa suxos dicindo que cheiraban ao roballo?”. Sofía, tocada polo golpe, esquecendo a súa timidez natural escúsase con vivacidade; o seu papai sabe ben que todo o lenzo miúdo non daría tido outra lavandeira distinta a ela se a deixaran¹⁹¹ e que tería feito máis con moito pracer se llo ordenaran. Mentres el fala, ela mira para min ás agachadas cunha inqueda da que non pododo deixar de rir ao ler no seu corazón inxel a alarma

¹⁹⁰ “Ao saír do palacio atópase unha vasta horta de catro ferrados, pechada e amuralhada de arredor, plantada con grandes árbores floridas que producen peras e granadas, e outras das máis fermosas especies: figueiras de doce froito e oliveiras verdecentes. Nunca durante todo o ano quedan estas fermosas árbores sen froitos, polo inverno e o verán o doce alento do vento do oeste fai a un tempo enxermar unhas e madurer outras. Vese a pera e a mazán envellecer e mirrar na súa árbore, o figo na figueira e o acio na raíz. A viña inesgotable non cesa de traer novas uvas; fan cocer e confeitar unhas ao sol nunha eira en tanto que se vendiman outras, deixando na planta as que aínda están en flor, en agrazo, ou que comezan a se pór negras. Nun dos extremos, dous cadrados ben cultivados e cubertos de flores todo o ano, están ornados con dúas fontes, das que unha distribúe por todo o xardín e outra, despois de ter atravesado o palacio, conduce a un edificio elevado da cidade para dar de beber aos cidadáns”.

Tal é a descrición do xardín real de Alcino no sétimo libro da *Odisea*, onde, para vergoña dese vello soñador de Homero e dos príncipes do seu tempo, non se ven nin emparados nin estatuas nin fervezas nin macizos de céspede.

¹⁹¹ Confeso que lle agradezo á nai de Sofía que non a deixara estragar co xabrón unhas mans tan dondas como as súas, que Emilio debe bicar tan a miúdo.

que a obriga a falar. Seu pai ten a crueldade de aumentar este atrapallamento preguntándolle cun ton burleiro por que fala por ela e o que ten en común coa filla de Alcino. Avergoadada e tremelicando non se atreve xa a alentar nin a mirar a ninguén. Rapariga encantadora, xa non é tempo de finxir, velaí que vos tedes declarado, mal que vos pese.

De contado esta escena esquécese, ou parece esquecerse; ben afortunadamente para Sofía Emilio é o único que non entendeu nada. O paseo continúa e os nosos mozos, que ao primeiro ían á nosa beira, teñen dificultade en se acompañaren á lentitude da nosa marcha; insensiblemente vannos precedendo, achéganse e finalmente camiñan á par, e vémoslos bastante lonxe diante nosa. Sofía semella atenta e pousada, Emilio fala e acena con ardor: non parece que a conversa os aburra. Ao cabo dunha boa hora regresamos, chamámoslos e volven, mais eles lentamente, e se ve que aproveitan o tempo. Finalmente, de súpeto, cesa a súa conversa antes de que estean á altura de podermos oílos e dobran o paso para se reuniren connosco. Emilio abórdanos con aspecto aberto e garimoso, os seus ollos escintilan de alegría; con todo, víraos con algo de inqueda cara a nai de Sofía para ver o recibimento que lle vai facer. Sofía non ten, con moita diferenza, unha actitude tan solta; ao se achegar semella toda confusa por verse a soas diante dun home, ela que tan a miúdo se atopou con outros sen se ver apurada e sen que nunca o atopasen mal. Vai correndo xunto á súa nai algo acorada dicindo unhas poucas palabras que non significan gran cousa, como para dar a impresión de estar aí dende hai tempo.

Pola serenidade que se debuxa no rostro destes amables rapaces vese que esa conversa aliviou dun gran peso os seus corazóns mozos. Non están menos reservados un que o outro, mais a súa reserva é menos incómoda. Xa só procede do respecto de Emilio, da modestia de Sofía e da honestidade dos dous. Emilio atreveuse a lle dirixir unhas palabras; ás veces ela atreveuse a responder, mais nunca abre a boca por iso sen cruzar os ollos

cos da nai. O cambio que parece nela máis sensible é tocante a min. Testemuñame unha consideración máis solícita, mírame con interese, fálame afectuosamente, está atenta ao que pode agradarme; vexo que me honra coa súa estima e que non lle é indiferente obter a miña. Comprendo que Emilio lle falou de min; diríase que conspiraron para gañarme. E mais non é nada: a propia Sofía non se gaña tan rápido. Terá se cadra el máis necesidade do meu favor con ela que do dela comigo. Parella encantadora!... Pensando que o corazón sensible do meu amigo mozo me concedeu moito espazo na súa primeira conversa coa súa amada, gozo do premio do meu esforzo. A súa amizade pagoume todo.

Reitéranse as visitas. As conversas entre os nosos mozos fanse máis frecuentes. Emilio, embebedado de amor, coída xa tocar a súa felicidade. Con todo, non obtén unha confesión formal de Sofía; ela escóitao e non lle di nada. Emilio coñece toda a súa modestia; tanto comedimento estráñalle pouco; sente que non está mal cabo dela; sabe que son os pais os que casan aos fillos e supón que Sofía agarda unha orde de seus pais; pídelle permiso para solíciala e ela non se opón; fálame a min e eu falo no nome del, mesmo na súa presenza. Que sorpresa para el saber que Sofía depende só dela, e que para facelo feliz ela non ten máis que quere-lo. Comeza a non entender xa nada da súa conduta. A súa confianza diminúe. Alármase, vese menos adiantado do que coidaba estar, e é entón cando o amor máis tenro utiliza a súa linguaxe máis conmovedora para dobregala.

Emilio non está feito para adiviñar o que lle prexudica: se non llo din non o ha saber na vida, e Sofía é orgullosa de máis para llo dicir. As dificultades que o deteñen causaríanlle apuros a outra, ela non esqueceu as leccións de seus pais. Ela é pobre e Emilio rico, ben o sabe. Canta necesidade ten el de facerse estimar por ela! Que mérito non lle cómpre para borrar esta desigualdade! Mais: como había pensar el nestes obstáculos? Sabe Emilio se é rico? Dígnase mesmo a informarse sobre iso? Grazas ao ceo non

ten necesidade ningunha de selo, sabe ser benfeitor de todos xeitos, o ben que fai tírao do seu corazón e non da súa bolsa. Dálles aos malfadados o seu tempo, os seus coidados, os seus afectos e a súa persoa, e na estimación das súas axudas apenas ousa contar como algo o diñeiro que espalla sobre os indixentes.

Ao non saber a que se debe a súa desgraza, atribúea á súa propia culpa porque: quen ousaría acusar de capricho ao obxecto da súa adoración? A humillación do amor propio aumenta a mágoa do amor rexeitado. Xa non se achega a Sofía con esta amable confianza dun corazón que se sente digno do seu; está temeroso e tremelicante diante dela. Non espera xa conmovela a través do agarimo, trata de dobregala a través da compaixón. Ás veces a súa paciencia cánsase e o despeito está preparado para substituíla. Sofía semella presentir estes arrebatos e mírao. Só con esta mirada desármao e intimídao: está máis sometido que antes.

Turbado por esta resistencia obstinada e este silencio invencible, desabafa o seu corazón no do seu amigo. Pousa nel as dores deste corazón ferido pola tristeza; implora a súa existencia e os seus consellos. “Que misterio tan impenetrable! Interésase polo meu destino, non o podo dubidar: lonxe de evitarme, a ela gústalle a miña compañía. Cando chego demostra alegría, e tristura cando marchoo. Recibe os meus coidados con vontade e o meu favor parece agradarlle; dígñase a darme opinións e ás veces mesmo ordes. Con todo, rexeita a miña solicitude e os meus rogos. Cando ouso falar de unión imponme silencio imperiosamente, e se engado unha palabra, marcha de contado. Por que estraña razón quere ela que eu sexa seu sen querer oír falar de ser ela miña? Vós a quen honra, vós a quen estima e a quen non ousará mandar calar, falade e facédea falar; servide ao voso amigo, coroade a vosa obra; non volvades os vosos funestos coidados sobre o voso alumno. Ah! O que el ten de vós provocará a súa miseria se non rematades a súa felicidade!”.

Fálolle a Sofía e arráncolle con pouco traballo o segredo que xa sabía antes de que ela mo dixese. Obteño con máis dificultade

o permiso de informar del a Emilio; finalmente obtéño e utilízoo. Esa explicación súmeo nunha estrañeza da que non se dá recuperado. Non entende nada desa delicadeza, non imaxina o que uns escudos máis ou menos supoñen para o carácter e para o mérito. Cando lle fago entender o que supoñen para os prexuízos bótase a rir e, transportado de alegría, quere marchar de contado, ir rachar todo, tirar con todo e renunciar a todo para ter o honor de ser tan pobre como Sofía e regresar digno de ser o seu esposo.

“O que! –digo eu deténdoo e rindo á miña vez da súa impetuosidade– Seica esta cabeciña moza non ha madurar, e despois de terdes filosofado durante toda a vosa vida non habedes aprender endexamais a razoar? Como é que non vedes que seguindo o voso insensato proxecto ides empeorar a vosa situación e volver a Sofía máis intratable? É unha pequena vantaxe ter algunhas riquezas máis ca ela, sería outra moi grande terllas sacrificado todas e se o seu orgullo non pode decidirse a vos ter a primeira obriga: como se había decidir a vos ter a outra? Se ela non pode permitir que un marido poida reprocharlle tela enriquecido, seica vai permitir que poida reprocharlle terse empobrecido por ela? Ei, malfadado! Temede que non sospeite que tivestes este proxecto. Pola contra, gastade con moderación e coidado por amor dela, polo medo a que non vos acuse de querer vencela a través da habilidade e de sacrificarlle de bo grado o que perdedes por descoido.

Credes, no fondo, que unha gran riqueza lle mete medo e que a súa oposición ven precisamente pola riqueza? Non querido Emilio, ten unha causa máis sólida e máis grave no efecto que produce esa riqueza na alma do posuidor. Ela sabe que os que os teñen sempre prefiren os bens da fortuna a todo. Todos os ricos contan o ouro antes que o mérito. Na aposta común do diñeiro e dos favores, atopan sempre que estes nunca dan pagado o outro e pensan que llos deben en por eles cando se ten pasado toda a vida en servilos comendo o seu pan. Que tedes, daquela, que facer vós, Emilio, para tranquilizala dos seus temores? Facede

que vos coñeza ben, o que non é asunto dun día. Amosádelle nos tesouros da vosa nobre alma con que rescatar aqueles que tedes o infortunio de compartir. A poder de constancia e de tempo superade a súa resistencia. A poder de sentimentos grandes e poderosos forzádea a que esqueza as vosas riquezas. Amádea, servídea e servide aos seus respectables pais. Probádelle que estes coidados non son efecto dunha paixón tola e pasaxeira senón de principios imborrables gravados no fondo do voso corazón. Honrade dignamente o mérito aldraxado pola fortuna; é o único medio de reconcilialo co mérito que esta favoreceu.”

Pódese concibir que enlevo de alegría lle produce este discurso ao mozo e canta confianza e esperanza lle devolven, canto se felicita o seu honesto corazón por ter que facer para agradar a Sofía todo o que faría por el mesmo aínda que Sofía non existira ou el non estivese namorado dela. Por pouco que se teña comprendido o seu carácter: quen é o que non ha imaxinar a súa conduta nesta ocasión?

Velaí, daquela, que estou convertido no confidente dos meus dous bondadosos mozos e no mediador dos seus amores! Fermoso emprego para un aio! Tan fermoso que na vida teño feito nada que me elevase tanto diante dos meus propios ollos e que me volvese tan contento de min mesmo. Polo demais, este emprego non deixa de ter as súas cousas agradables: non son mal recibido na casa, fíanme a min o coidado de manter aos amantes dentro da orde. Emilio, sempre co temor de desagradarme, nunca foi tan dócil. A mociña cólmame de atencións sobre as que non son inxenuo e das que só tomo para min as que me corresponden. É así como ela se resarce indirectamente do respecto no que mantén a Emilio. Ela faille na miña persoa mil tenras caricias e preferiría morrer antes de llas dar a el mesmo. E el, que sabe que eu non quero prexudicar os seus intereses, está encantado polo meu bo entendemento con ela. Consólase cando ela rexeita o seu brazo no paseo para preferir o meu. Afástase sen murmurar apertándome a man e dicíndome bai-

xiño coa voz e coa ollada: “Amigo, falade por min”. Séguenos cos ollos interesado. Trata de ler os nosos sentimentos nos nosos rostros e de interpretar as nosas frases a través dos nosos acenos: sabe que nada do que se di entre nós lle é indiferente. Bondadosa Sofía, que cómodo se sente o voso corazón sincero cando sen serdes oída por Telémaco podedes conversar co seu Mentor! Con que amable franqueza vós deixádeslle ler nese tenro corazón todo o que pasa nel! Con que pracer lle mostrades toda a vosa estima polo seu alumno! Con que emocionante inxenuidade lle deixades penetrar uns sentimentos máis doces! Con que finxida carraxe refugades ao importuno cando a impaciencia o obriga a vos interromper! Con que encantador despeito lle reprochades a súa indiscreción cando ven impedirvos que digades ou que oiades algo bo sobre el e que tiredes sempre das miñas respostas algunha nova razón para amalo!

Chegado así a facerse permitir como amante declarado, Emilio fai valer todos os seus dereitos: fala, mete présa, solicita e importuna. Que lle falen duramente ou que o maltraten, pouco lle importa con tal de se facer escoitar. Finalmente obtén, non sen traballo, que Sofía pola súa banda consinta en adoptar abertamente sobre el a autoridade dunha dona, que lle prescriba o que debe facer, que mande en vez de rogar, que acepte en lugar de agradecer, que regule o número e o tempo das visitas e que lle prohiba vir ata determinado día e quedar pasada determinada hora. Todo iso non se fai como xogo senón moi seriamente, e se ela aceptou eses dereitos con dificultade, úsaos cun certo rigor que reduce a miúdo ao pobre Emilio a lamentar terllos dado. Mais, ordene ela o que ordene, el non replica e, a miúdo, cando marcha para obedecer, mira para min con ollos cheos de alegría que me din: “Ben vedes que ela tomou posesión de min”. No entanto, a orgullosa obsérvao polo baixo e sorrí en segredo da oufanía do seu escravo.

Albani e Rafael, prestádeme o pincel da voluptuosidade. Divino Milton, apréndelle á miña groseira pluma a describir

os praceres do amor e da inocencia. E mais non, escondede as vosas artes mentireiras diante da santa verdade da natureza. Tede só corazóns sensibles e almas honestas, despois deixade vagar a vosa imaxinación sen forzala sobre os enlevos dos dous amantes mozos que, baixo os ollos dos seus pais e dos seus guías, se entregan sen perturbación á doce ilusión que os agarima e, na embriaguez dos desexos, avanzando lentamente cara á meta entrelazan de flores e grilandas o feliz vencello que debe unilos ata a tumba. Tantas imaxes encantadoras embriáganme, únoas sen orde nin concerto, o delirio que me causa impídeme vencellalas. Oh! Quen ten un corazón e non ha saber pintar dentro de si mesmo o cadro delicioso das diversas actitudes do pai, da nai, da filla, do aio e do alumno, e mais da colaboración duns e outros na unión da parella máis encantadora da que o amor e a virtude poidan causar a felicidade?

É arestora cando, afanándose verdadeiramente por agradar, Emilio comeza a sentir o valor dos talentos dos que se dotou. A Sofía gústalle cantar e el canta con ela; fai máis: ensínalle música. Ela é viva e lizgaira, gústalle brincar e el baila con ela, muda os seus brincos en pasos e perfecciónaa. Estas leccións son encantadoras, animadas pola alegría rebuldeira que suaviza o tímido respecto do amor. Permíteselle a un amante impartir estas leccións voluptuosamente; permíteselle ser o señor da súa dona.

Teñen un vello clavecín todo derramado. Emilio comono e afínao. É fabricante de instrumentos igual que carpinteiro; sempre tivo por norma aprender a prescindir da axuda doutro en todo o que puidese facer el mesmo. A casa está emprazada nun lugar pintoresco e el debuxa diferentes vistas nas que ás veces Sofía puxo a man e coas que ela adorna o gabinete de seu pai. Os seus marcos non son dourados e non precisan selo. Ao ver debuxar a Emilio, imitándoo, ela perfecciónase co seu exemplo, cultiva todos os talentos e o seu encanto aumenta a fermosura de todos eles. Seu pai e súa nai lembran a antiga opulencia ao volveren ver brillar ao seu redor as belas artes

que por elas soas llela facían apreciable. O amor adornou toda a súa casa; por si só fai reinar nela, sen gastos e sen traballos, os mesmos praceres que noutro tempo só reunían alí a poder de cartos e de tedio.

Do mesmo xeito que o idólatra enriquece con tesouros que estima o obxecto do seu culto e orna sobre o altar o deus que adora, o amante, por moito que vexa perfecta a súa amada, quere engadirlle sen cesar novos ornatos. Ela non os precisa para lle agradar, mais el precisa ornala: é unha nova homenaxe que coida renderlle, é un novo interese que lle engade ao pracer de contemplala. Seméllalle que nada fermoso está no seu sitio cando non adorna a suprema beleza. É un espectáculo a un tempo conmovedor e risible ver a Emilio apurado por lle aprender a Sofía todo o que sabe, sen consultar se o que quere aprenderlle é do seu gusto ou lle acae. Fálalle de todo, explícalle todo cunha présa pueril; coida que non ten máis que dicilo e no momento ela hao entender. Figúrase de antemán o pracer que terá en razoar e filosofar con el, considera inútil todo o que adquiriu e non pode exhibir diante dos seus ollos. Case se ruboriza de saber unha cousa que ela non saiba.

Velaí está el, logo, dándolle leccións de Filosofía, de Matemáticas, de Historia, de todo, nunha palabra. Sofía prés-tase con pracer ao seu celo e trata de aproveitalo. Cando dá logrado impartir as súas leccións de xeonllos diante dela, que contento está Emilio! Cre ver aberto o ceo. Con todo, esta situación, máis incómoda para a alumna que para o mestre, non é a máis favorable para a instrución. Non se sabe, daquela, demasiado ben que facer cos ollos para evitar os que os perseguen, e cando se atopan a lección non vai a mellor.

A arte de pensar non é allea ás mulleres, mais só deben rozar as ciencias de razoamento. Sofía comprende todo e non retén moito. Os seus progresos máis grandes están na Moral e as cousas do gusto, tocante á Física só retén algunha idea das leis xerais e do sistema do mundo. Ás veces, nos paseos que

eles dan contemplando os portentos da natureza, os seus corazóns inocentes e puros atrevéñense a elevarse ata o seu autor. Non temen a súa presenza: esparéxense conxuntamente diante del.

“O que! Dous namorados na flor da idade empregan o seu encontro a soas para falar de Relixión! Pasan o seu tempo recitando o catecismo?”. De que serve envilecer o que é sublime? Si, sen dúbida recítano coa ilusión que os encanta; vense perfectos, ámanse e dialogan con entusiasmo sobre o que lle dá valor á virtude. Os sacrificios que lle fan vólvenllela máis prezada. Nos enlevos que cómpre vencer verten ás veces xuntos unhas bágoas máis puras que o rocío do ceo e estas doces bágoas constitúen o encanto da súa vida; están no máis encantador delirio que nunca teñan experimentado unhas almas humanas. As propias privacións engádense á súa felicidade e cos seus sacrificios hónranos diante dos seus propios ollos. Homes sensuais, corpos sen almas, un día eles han coñecer os vosos praceres e toda a vida han ter morriña da época feliz na que os negaron un ao outro.

Malia este bo entendemento, non deixa de haber ás veces disensións, e mesmo disputas. Nin a amada carece de caprichos nin o amante de arroutadas, mais estas pequenas treboadas pasan rapidamente e non fan máis que reforzar a unión; a propia experiencia apréndelle a Emilio a non temelas tanto; as reconciliacións sempre lle son máis vantaxosas do que prexudiciais lle son as rifas. O froito da primeira fíxolle esperar das demais outro tanto e enganouse. Pero, en fin, se non tira sempre un proveito tan sensible, sempre gaña nelas ver confirmado por Sofía o interese sincero que ten polo seu corazón. Quérese saber cal é, logo, ese proveito? Estou de acordo; canto máis que este exemplo me ha dar oportunidade para expoñer un precepto moi útil e para combater outro moi funesto.

Emilio ama, daquela non é temerario, e concíbese aínda mellor que a impetuosa Sofía non é unha rapaza que lle tolere familiaridades. Como a prudencia ten en todo o seu límite, ta-

chariámola máis de excesiva dureza que de excesiva indulxencia, e o seu propio pai teme ás veces que o seu extremado orgullo dixerere en altanaría. Nos máis secretos encontros a soas, Emilio non se atrevería a solicitar o menor favor nin mesmo a aparentar aspirar a el, e cando ela consinte en pasar o seu brazo baixo o del no paseo –graza que non deixa converterse en dereito– apenas se atreve, suspirando, a apreixar este brazo contra o peito. Con todo, despois de estar tanto tempo coutado, aventúrase a bicar furtivamente o seu vestido e varias veces é afortunado dabondo para que ela consinta en non decatarse. Un día no que quere tomar algo máis abertamente a mesma liberdade, ela determina enconralo moi mal. El obstínase e ela irrírase: o despeito díttalle unhas frases ferintes. Emilio non as atura sen réplica e o resto do día pásano amuados, separándose moi descontentos.

Sofía non se sente a xeito. A súa nai é a súa confidente: como lle había esconder a súa coita? É a súa primeira rifa, e unha rifa dunha hora é un asunto tan grande! Arrepíntese da súa falta, súa nai permítelle rectificala e seu pai ordénallo.

No día seguinte, Emilio, inqueda, volve máis cedo que de ordinario. Sofía está no toucador da súa nai, e o pai está tamén no mesmo cuarto. Emilio entra con respecto, mais con aire triste. Apenas o pai e a nai o saudaron, Sofía vólvese e, presentándolle a man, pregúntalle cun ton acariciador cómo lle vai. Está claro que esta bonita man só se adianta así para ser bicada; el recíbea e non a bica. Sofía, un pouco avergoñada, retíraa con tanta gracilidade como lle é posible. Emilio, que non está afeito ás maneiras das mulleres e non sabe para que serve un capricho, non o esquece doadamente e non se calma tan axiña. O pai de Sofía, ao vela en apuros, acaba de desconcertala con ferretes. A pobre rapaza, confundida e humillada, non sabe xa o que fai e daría o mundo enteiro por atreverse a chorar. Canto máis se couda, máis se enche o seu corazón. Finalmente escápalle unha bágoa malia ela. Emilio ve esta bágoa, bótase de xeonllos dian-

te dela, cóllepelle a man e bícaa varias veces abalado. “A fe que sodes bo de máis –di o pai escachando a rir– Eu tería menos indulxencia con todas estas tolas e había castigar a boca que me ofendera”. Emilio, embravecido por estas palabras volve unha ollada suplicante cara á nai e, coitando ver un signo de consentimento, achégase tremendo ao rostro de Sofía, que vira a cabeza e, para salvar a boca, expón unha meixela de rosas. O indiscreto non se contenta con ela. Resístenlle feblemente. Que bico, se non fose tomado baixo os ollos dunha nai! Severa Sofía, tede conta de vós: hanvos pedir a miúdo bicar o voso vestido a condición de que o rexeitedes algunha vez.

Despois deste castigo exemplar, o pai sae para facer algunha cousa e a nai manda fóra a Sofía con algún pretexto e despois diríxelle a palabra a Emilio dicíndolle cun ton bastante serio: “Señor, penso que un mozo tan ben nacido e tan ben educado coma vós, que ten bos sentimentos e costumes, non querría pagar coa deshonra dunha familia a amizade que ela lle testemuña. Eu non son túzara nin mexeriqueira, ben sei o que cómpre pasar na mocidade rebuldeira, e o que permitín ante os meus ollos demóstravolo suficientemente. Consultade ao voso amigo sobre os vosos deberes e havos dicir a diferenza que existe entre os xogos que autoriza a presenza dun pai e dunha nai e máis as liberdades que un toma lonxe deles abusando da súa confianza e mudando en trampas os mesmos favores que á vista deles son só cousas inocentes. Havos dicir, señor, que a miña filla só cometeu convosco o erro de non ver dende a primeira vez o que non debía nunca permitir. Havos dicir que todo o que se toma como un favor convértese nel, e que é indigno dun home honrado abusar da sinxeleza dunha rapaza para usurpar en segredo as mesmas liberdades que ela pode permitir diante de todo o mundo. Porque sabemos o que a urbanidade pode tolerar en público, mais ignoramos onde se detén na sombra do misterio aquel que se fai único xuíz das súas fantasías”.

Despois desta xusta reprimenda moito máis dirixida a min que ao meu alumno, esta asisada nai abandónanos e déixame

na admiración da súa rara prudencia que dá pouca importancia a que biquen dela a boca da súa filla e se asusta de que se atrevan a bicar o seu vestido en privado. Reflexionando na tolemia dos noso preceptos, que sacrifican sempre a verdadeira honestidade ante o decoro, comprendo por que a linguaxe é máis casta canto máis corrompidos están os corazóns, e por que os procederes son máis escrupulosos canto máis deshonestos son os que os teñen.

Impregnando nesta ocasión o corazón de Emilio cos deberes que debería terlle ditado antes, venme unha reflexión nova que se cadra honra máis a Sofía e que, con todo, eu evito comunicarlle ao seu namorado. É que está claro que este pretendido orgullo que lle reprochan non é máis que unha precaución moi asisada para se protexer dela mesma. Ao ter o infortunio de se sentir cun temperamento combustible teme a primeira muxica e afásta todo o que pode. Non é por orgullo polo que é severa, é por humildade. Toma sobre Emilio o dominio que teme non ter sobre Sofía, sérvese dun para combater á outra. Se fose máis confiada sería moito menos orgullosa. Excluído este único punto: que rapaza no mundo é máis doada e máis doce? Quen soporta máis pacientemente unha ofensa? Quen teme máis causarlla a outra persoa? Quen ten menos pretensións en todo non sendo na virtude? E aínda non é da súa virtude do que está orgullosa, estao por conservala, e cando pode entregarse sen riscos á inclinación do seu corazón, ata acaricia ao seu namorado. Mais a discreta nai non lle conta todos estes detalles nin ao pai mesmo: os homes non deben saber todo.

Lonxe mesmo de semellar enorgullecerse coa súa conquista, Sofía fíxose con iso aínda máis afaible, e menos esixente con todo o mundo, non sendo se cadra co único que produciu este cambio. O sentimento da independencia non incha xa o seu nobre corazón. Triunfa con modestia sobre unha vitoria que lle costa a súa liberdade. Ten unha actitude menos libre e fala con máis timidez dende que non sinte xa a palabra *namorado* sen

ruborizarse. Mais a través da súa incomodidade transparenta o contento, e esa mesma vergoña non é un sentimento gravoso. É sobre todo cos visitantes mozos con quen é máis sensible a diferenza da súa conduta. Dende que xa non os teme, a extrema reserva que tiña con eles relaxouse moito. Decidida a súa escolla, amósase sen escrúpulos graciosa cos indiferentes; menos difícil sobre o mérito deles dende que xa non lle interesa, atópaos sempre suficientemente atractivos tratándose de persoas que nunca significarán nada para ela.

Se o verdadeiro amor puidese utilizar a coquetería, eu coiraría ver algunhas pegadas dela na maneira como Sofía se comporta con eles en presenza do seu namorado. Diríase que, non contenta da ardente paixón coa que o abrasa a través dunha exquisita mestura de reserva e de caricias, non lle molesta irritar aínda esta mesma paixón cunha pouca inqueda. Diríase que, alegrando deliberadamente aos seus convidados mozos, destina ao tormento de Emilio as grazas dunha xovialidade que non se atreve a manifestar con el. Mais Sofía é demasiado atenta, demasiado boa e demasiado asisada como para atormentalo realmente. Para temperar este perigoso estimulante, o amor e a honestidade fanlle función de prudencia: sabe alarmalo e tranquilizalo precisamente cando cómpre, e se algunhas veces o inqueda, nunca o entristece. Perdoemos a preocupación que, polo medo que ten a que nunca estea suficientemente prendido, causa ela ao que ama

Mais: que efecto causará sobre Emilio esta pequena manobra? Poñerase ciumento ou non? É o que cómpre examinar, pois tales digresións entran tamén no obxecto do meu libro e afástanme pouco do meu asunto.

Fixen ver anteriormente como nas cousas que só dependen da opinión se introduce esta paixón no corazón do home. Mais no amor é outra cousa: os ciúmes parecen daquela estar tan ligados á natureza que un ten moita dificultade en crer que non procedan dela, e o propio exemplo dos animais, entre os

que moitos son furiosamente ciumentos, semella establecer sen réplica o sentimento oposto. Seica é a opinión dos homes a que lles aprende aos galos a se despedazaren e aos touros a se bateren ata a morte?

A aversión contra todo o que perturba e combate os nosos praceres é un movemento natural, iso é indiscutible. Ata certo punto, o desexo de posuír en exclusiva o que nos parece está tamén no mesmo caso. Mais cando este desexo, convertido en paixón, se transforma en furor ou nunha fantasía receosa e soturna chamada ciúmes, daquela é outra cousa. Esta paixón pode ser natural ou non; cómpre distinguir.

O exemplo tirado dos animais foi previamente examinado no *Discurso sobre a desigualdade*, e agora que penso nel de novo este exame parécese suficientemente sólido como para atreverme a remitir a el aos lectores. Engadirei só ás distincións que fixen nese escrito que os ciúmes procedentes da natureza teñen moito que ver coa potencia do sexo e que cando esta potencia é ou semella ser ilimitada eses ciúmes están no seu máximo, porque daquela o macho, ao medir os seus dereitos polas súas necesidades, non pode nunca mirar a outro macho senón como un competidor importuno. Nestas mesmas especies, as femias, ao obedecérenlle sempre ao primeiro que chega, só lles pertencen aos machos polo dereito de conquista e provocan entre eles combates eternos.

Polo contrario, nas especies nas que un se une con unha, nas que o axuntamento produce unha especie de vencello moral, unha especie de casamento, a femia, ao pertencer por escolla ao macho que ela se deu, rexeita polo xeral a calquera outro, e o macho, que ten como garantía da súa fidelidade ese afecto preferente, inquédase tamén menos coa visión dos outros machos e vive máis sosegadamente con eles. Nestas especies, o macho comparte o coidado dos pequenos, e por unha desas leis da natureza que non deixamos de observar sen emoción, semella que a femia lle devolve o apego que lle ten aos seus fillos.

Ora ben, considerando a especie humana na súa sinxeleza primitiva, é doado ver a través da potencia limitada do macho e da temperanza dos seus desexos que está destinado pola natureza a se contentar cunha femia só; o que se confirma a través da igualdade numérica dos individuos dos dous sexos, cando menos nos nosos climas, igualdade que varía con moita diferenza nas especies nas que a maior forza dos machos reúne varias femias para un só. E aínda que o home non choque como o pombo, e que por non ter tampouco mamas para aleitar estea, neste sentido, na clase dos cuadrúpedes, os fillos arrástranse e son febles durante tanto tempo que a nai e eles dificilmente prescindirían do apego do pai e dos cuidados que son consecuencia del.

Todas as observacións concorren, logo, en probar que o furor ciuimento dos machos dalgunhas especies de animais non se pode en absoluto tomar como conclusión para o home, e a propia excepción dos climas meridionais nos que está establecida a poligamia non fai máis que confirmar aínda o principio, pois que é da pluralidade das mulleres de onde ven a tiránica precaución dos maridos, e o sentimento da súa propia febleza leva ao home a recorrer á coerción para eludir as leis da natureza.

Entre nós —onde estas mesmas leis son tocante a iso menos eludidas e sono nun sentido contrario e máis odioso— os ciúmes teñen o seu motivo nas paixóns sociais máis que no instinto primitivo. Na maioría das relacións de galantería, o amante odia moito máis aos seus rivais do que ama á súa namorada; se teme non ser o único escoitado é por efecto dese amor propio do que xa teño mostrado a orixe, e nel a vaidade sofre moito máis que o amor. Por outra banda, as nosas torpes institucións volveron ás mulleres tan disimuladas¹⁹² e acenderon tan fortemente os seus

¹⁹² O tipo de disimulo que entendo aquí é oposto ao que lles acaee e que procede da natureza; un consiste en disfrazar os sentimentos que teñen, e o outro en finxir os que non teñen. Todas as mulleres do mundo pasan a súa vida usando como trofeo a súa pretendida sensibilidade e nunca aman cousa ningunha non sendo a si mesmas.

apetitos que apenas se pode contar co seu máis probado apego, e xa non poden elas marcar preferencias que tranquilicen o temor dos competidores. Canto ao amor verdadeiro, é outra cousa. Fixen ver no escrito xa citado que ese sentimento non é tan natural como se pensa, e que existe moita diferenza entre o doce hábito que lle fai ao home collerlle lei á súa compañeira e ese ardor desenfreado que o embebeda coa atracción quimérica dun obxecto que xa non ve como é. Esta paixón que unicamente respira exclusións e preferencias só difire da vaidade en que esta, ao esixir todo e non conceder nada, é sempre inicua, en tanto que o amor, ao dar sempre tanto como esixe, é por si mesmo un sentimento cheo de equidade. Por outra banda, canto máis esixente, máis crédulo é: a propia ilusión que o provoca faino fácil de convencer. Se o amor é inqueda, a estima é confiada, e endexamais nun corazón honesto existiu o amor sen a estima, porque ninguén, no que ama, ama máis que as calidades das que fai caso.

Esclarecido ben isto todo, pódese dicir con seguridade de que tipo de ciúmes será capaz Emilio, porque, dado que apenas esta paixón xermola no corazón humano, a súa forma unicamente está determinada pola educación. Emilio namorado e ciumento non ha ser colérico, receoso e desconfiado, senón delicado, sensible e temeroso; hase alarmar máis do que se ha irritar; adicarase moito máis a gañar á súa amada que a ameazar ao seu rival, e se pode hao arredar como un obstáculo sen odialo como a un inimigo. Se o odia non ha ser pola audacia de lle disputar un corazón que el pretende senón polo perigo real de perdelo que lle fai correr. O seu inxusto orgullo non se ha ofender parvamente por que se atrevan a competir con el; comprendendo que o dereito de preferencia está unicamente fundado sobre o mérito e que o honor está no triunfo, ha redobrar os esforzos para se facer atractivo e probablemente ha ter éxito. A xenerosa Sofía, excitando o seu amor con algunhas alarmas, saberá regulalas ben e resarcilo, e os competidores, que só eran tolerados para poñelo a proba, non han tardar en ser arredados.

Mais: a onde me sinto eu insensiblemente arrastrado? Oh, Emilio: en que te converteches? Seica dou recoñecido en ti ao meu alumno? Que abaixado te vexo! Onde vai aquel mozo formado tan duramente, que desafiaba o rigor das estacións, que entregaba o seu corpo aos máis rudos traballos e a súa alma unicamente ás leis da sabedoría, inaccesible aos prexuízos e ás paixóns, que non cedía senón ante a razón e que non dependía de nada que non fose el mesmo? Agora, amolecido por unha vida ociosa, déixase gobernar por mulleres; as diversións delas son as súas ocupacións e as súas vontades son as súas leis. Unha rapaza é árbitro do seu destino e el ponse de gatiñas e dobrégase diante dela: o grave Emilio é o xoguete dunha nena!

Tal é a mudanza das escenas da vida. Cada idade ten os seus resortes que a fan mover, mais o home sempre é o mesmo. Aos dez anos é manexado polos doces, aos vinte por unha namorada, aos trinta polos praceres, aos corenta pola ambición e aos cincuenta pola avaricia. Cando é que unicamente corre atrás da sabedoría? Feliz o que levan a ela a pesar súa! Que importa a guía empregada con tal de que o conduza ao obxectivo? Os propios heroes e sabios teñen pagado este tributo á febleza humana, e hai quen ten rompido fusos cos dedos sen que por iso deixase de ser un gran home.

Queredes estender á vida enteira o efecto dunha educación feliz? Prolongade durante a mocidade os bos hábitos da infancia, e cando o voso alumno é o que debe ser facede que sexa o mesmo en todas as épocas; velaí a última perfección que vos queda por dar á vosa obra. É por iso, sobre todo, polo que importa deixarlles un aio aos mozos, porque, por outra banda, pouco hai que temer que non saiban namorar sen el. O que engana aos mestres, e sobre todo aos pais, é que coidan que unha maneira de vivir exclúe a outra, e que tan axiña como un é grande debe renunciar a todo o que facía cando era pequeno. Se iso fose así: de que serviría coidar a infancia, dado que o bo ou mal uso que se fixese había esvaecerse con ela e que ao adoptar maneiras

de vivir absolutamente diferentes adoptaríanse necesariamente outras maneiras de pensar?

Igual que só as grandes enfermidades provocan na memoria solución de continuidade, practicamente só as grandes paixóns provócana nos costumes. Aínda que os nosos gustos e as nosas inclinacións cambien, este cambio, por veces bastante brusco ,é suavizado polos hábitos. Na sucesión das nosas tendencias, igual que nunha boa gradación de cores, o hábil artista debe facer imperceptibles as transicións, confundir e mesturar as tonalidades e, para que ningunha destaque, estender varias ao longo de todo o seu traballo. Esta regra vese confirmada pola experiencia: a xente inmoderada cambia todos os días de afectos, de gustos e de sentimentos e ten só por toda constancia o hábito do cambio, mais o home ordenado volve sempre ás súas antigas prácticas e non perde, mesmo na vellez, o gusto dos praceres que amaba de neno.

Se facedes que ao pasar a unha nova idade os mozos non desprecen a que a precedeu, que ao contraeren novos hábitos non abandonen os antigos, e que sigan querendo facer o que está ben sen consideraren o momento no que comezaron, entón, e só entón, teredes salvado a vosa obra e estaredes seguros deles ata o final dos seus días, porque a revolución que cómpre temer máis é a da idade pola que agora velades. Como sempre temos morriña dela perdemos despois con maior dificultade os gustos que conservamos, en tanto que cando son interrompidos non os recuperamos na vida.

A maioría dos hábitos que coidades facer contraer aos rapaces e aos mozos non son verdadeiros hábitos, porque só os adoptaron pola forza e, ao seguilos malia súa, unicamente esperan a ocasión de se librar deles. A un non lle entra o gusto de estar en prisión a forza de permanecer nela: daquela, o hábito, lonxe de diminuír a aversión, auméntaa. Non lle acontece así a Emilio que, ao non ter feito nada na súa infancia senón voluntariamente e con pracer, o único que fai ao seguir actuando do mesmo

xeito cando é home é engadir o imperio do hábito á dozura da liberdade. A vida activa, o traballo dos brazos, o exercicio e o movemento, fixéronselle tan necesarios que non podería renunciar a eles sen sufrir. Reducilo de súpeto a unha vida mol e sedentaria sería aprisionalo, encadealo, mantelo nunha situación violenta e forzada, e non teño dúbida ningunha de que o seu humor e a súa saúde se verían igualmente alteradas. Apenas dá respirado a gusto nun cuarto totalmente pechado, precisa o aire libre, o movemento e a fatiga. Mesmo de xeonllos diante de Sofía non pode evitar ás veces mirar de esguello o campo e desexar percorrelo con ela. Con todo, cando cómpre permanecer permanece, mais está inqueda e axitado, semella debaterse, permanece porque está con grillóns. Vós habedes dicir que esas son, daquela, necesidades ás que eu o sometín, suxeicións que lle provoqueei, e todo iso é certo: sometino ao estado de home.

Emilio ama a Sofía, mais: cales son os primeiros encantos que o prenderon? A sensibilidade, a virtude e o amor ás cousas honestas. Ao amar este amor na súa namorada: teríao perdido para el propio? Que lle custou Sofía á súa vez? Todos os sentimentos que son naturais no corazón do seu amante: a estima dos verdadeiros bens, a sobriedade, a sinxeleza, o xeneroso desinterese, o desprezo do fasto e das riquezas. Emilio tiña estas virtudes antes de que o amor llas impuxera. Daquela: en que cambiou Emilio realmente? Ten novas razóns de ser el mesmo; é o único punto no que é diferente de como era.

Non imaxino que ao ler este libro cunha pouca atención ninguén poida crer que todas as circunstancias da situación na que se atopa se reuniron así por casualidade arredor del. Seica foi por casualidade polo que, fornecendo as cidades tantas rapazas atractivas, a que lle gusta unicamente se atopa no fondo dun retiro afastado? É por casualidade polo que a atopa? É por casualidade polo que se acaen? É por casualidade polo que non poden aloxarse no mesmo lugar? É por casualidade polo que só atopa un abeiro tan lonxe dela? É por casualidade polo que a ve

tan esporadicamente e está obrigado a pagar con tantas fatigas o pracer de vela ás veces? Dicides que se efemina? Ao contrario: endurecese; cómpre que sexa tan robusto como eu o fixen para resistir as fatigas que Sofía lle fai soportar.

Alóxase a algo máis de dúas leguas dela. Esta distancia é o fol da fragua, é a través dela como lles dou témpera ás frechas do amor. Se estivesen aloxados porta con porta ou puidese ir vela sentado con moleza nunha boa carroza amaríaa ben a xeito, amaríaa como un Parisiense. Seica Leandro tería querido morrer por Hero se o mar non o tivese separado dela? Lector, aforrádeme palabras; se estades feito para entenderme habedes seguir ben as miñas regras a través dos detalles.

As primeiras veces que fomos ver a Sofía collemos cabalos para ir máis rápido. Atopamos cómoda esta solución e á quinta vez seguimos collendo cabalos. Esperábannos; a máis de media legua da casa albiscamos xente no camiño. Emilio obsérvaa, o corazón bátelle, achégase e reconece a Sofía, bótase abaixo do cabalo, corre, voa e chega ao pé da amable familia. A Emilio gústanlle os bos cabalos, o seu é vivo e séntese libre e escapa a través dos campos; eu persígoo, acádoo con dificultade e tráioo de volta. Malfadadamente, Sofía tenlles medo aos cabalos e eu non me atrevo a achegarme a ela. Emilio non ve nada, mais Sofía cóntalle ao oído o traballo que deixou tomar ao seu amigo. Emilio ven correndo todo avergoñado, colle os cabalos e queda atrás; é xusto que a cadaquén lle chegue o seu turno. Marcha diante para desfacerse das nosas monturas. Deixando así a Sofía atrás del, xa non atopa o cabalo un transporte tan cómodo. Volve sen folgos e reúnese connosco a medio camiño.

Na viaxe seguinte Emilio xa non quere cabalos. “E logo? –pregúntolle eu– Non temos máis que levar un lacaio que se ocupe deles”. “Ah! –di– e imos sobrecargar así a esta respectable familia? Ben vedes que quere darlle de comer a todos, a homes e mais a cabalos”. “É certo –sigo eu– que teñen a nobre hospitalidade da indixencia. Os ricos, avaros dentro do

seu fasto, unicamente aloxan aos seus amigos, mais os pobres aloxan tamén aos cabalos dos seus amigos”. “Vamos a pé –di el– Seica non vos atrevedes, vós que de tan bo corazón compartides os fatigosos praceres do voso rapaz?”. “Con moito gusto”, retruco ao momento. Polo que me parece tampouco o namorar quere tanto ruído.

Ao nos achegarmos, atopamos á nai e á filla máis lonxe aínda que a primeira vez. Viñemos como unha frecha. Emilio está bañado en suor: unha man querida dígñase pasarlle un pano polas meixelas. Por moitos cabalos que houberse no mundo, non habiamos vernos tentados a utilízalos a partir de agora.

Con todo, resulta ben cruel non poder nunca pasar o serán xuntos. O verán vai avanzando e os días comezan a diminuír. Dixésemos o que puidésemos dicir, non nos permiten nunca regresar de noite, e cando non vimos dende a mañá, cómpre volvermos marchar case tan axiña como chegamos. A poder de queixarnos e de se inquedar por nós, a nai pensa finalmente que en realidade non se nos pode aloxar na casa por decoro, mais que poden atoparnos un albergue na aldea para durmir nel algunha vez. A estas palabras Emilio bate palmas e sente un arreguizo de alegría; e Sofía, sen pensalo, bica algo máis a miúdo á súa nai o día en que atopou esta solución.

Pouco a pouco, a dozura da amizade e a familiaridade da inocencia establécense e consolídanse entre nós. Os días prescritos por Sofía ou pola súa nai vou de ordinario co meu amigo, e tamén ás veces déixoo ir só. A confianza eleva a alma e xa non se debe tratar a un home como a un neno. E que tería eu adiantado ata entón se o meu alumno non merecese a miña estima? Tamén me acontece ir sen el; daquela está triste e non refunga: de que había servir que refungase? E mais ben sabe que eu non vou prexudicar os seus intereses. Polo resto, vaiamos xuntos ou separados, compréndese que ningún tempo nos arreda, orgullosos de chegarmos nun estado que poida facer que se doían de nós. Desafortunadamente, Sofía prohíbenos este honor e non

permite que veñamos con mal tempo. É a única vez que a atopo rebelde ás regras que lle dito en segredo.

Un día no que el foi só e non o espero ata o seguinte, véxoo chegar no mesmo serán e dígolle abrazándoo: “O que, meu querido Emilio! Volves onde o teu amigo!”. Mais en lugar de responder aos meus cariños dime con algo de humor: “Non creades que volvo tan cedo polo meu gusto, volvo malia min. Quixo ela que viñese; veño por ela e non por vós”. Tocado por esta inxenuidade, abrázoo de novo dicíndolle: “Alma franca, amigo sincero, non me roubes o que me pertence. Se ves por ela é por min polo que o dis; a túa volta é obra súa, mais a túa franqueza é miña. Conserva sempre este nobre candor das boas almas. Pódese deixar ás persoas indiferentes pensar o que elas queiran, mais é un crime tolerar que un amigo nos dea mérito polo que non fixemos por el”.

Gárdome moito de rebaixar aos seus ollos o valor desta confesión atopando nela máis amor que xenerosidade e dicíndolle que el pretende menos quitarse o mérito da volta que atribuírlo a Sofía; mais velaí cómo me desvela o fondo do seu corazón sen pensalo. Se veu de vagar a pasiños e soñando nos seus amores, Emilio só é o namorado de Sofía; se chega ás alancadas, excitado e rosmando un pouco, Emilio é o amigo do seu mentor.

Vemos a través destas disposicións que o meu mozo está ben lonxe de pasar a vida cabo de Sofía e de vela tanto como quixera. Unha viaxe ou dúas por semana limitan os permisos que recibe, e as súas visitas, moitas veces só de media xornada, raramente se estenden ao día seguinte. Emprega moito máis tempo en esperar vela ou en felicitarse por tela visto que en vela realmente. Mesmo no que utiliza nas viaxes, pasa menos xunto dela que en achegarse ou afastarse. Os seus praceres, verdadeiros, puros e deliciosos, pero menos reais que imaxinarios, estimulan o seu amor sen efeminar o seu corazón.

Os días que non a ve non está ocioso e sedentario. Eses días aínda é Emilio, non está en absoluto transformado. Polo xeral percorre os campos dos arredores, continúa coa súa Historia

Natural, observa, examina as terras, a súa produción e os seus cultivos; compara os traballos que ve cos que coñece. Busca os motivos das diferenzas; cando xulga outros métodos preferibles aos do lugar transmítellos aos campesiños; se propón unha forma mellor de arado, mándaa facer segundo os seus debuxos; se atopa unha canteira de marga, apréndelles a utilización, descoñecida na bisbarra; a miúdo pon en persoa mans á obra; eles asómbranse ao velo manexar os seus trebellos máis doadamente do que eles mesmos, cavar regos máis profundos e máis dereitos que os seus, sementar con máis equilibrio, orientar alcouves con máis intelixencia. Non se burlan del como dun falariqueiro de agricultura, ven que realmente a coñece. Nunha palabra: estende o seu celo e os seus coidados a todo o que ten utilidade primaria e xeral, mesmo se non se limita a iso. Visita as casas dos labregos, infórmase da súa situación, da súa familia, do número dos seus fillos, da cantidade das súas terras, da natureza do produto, das súas saídas, dos seus recursos, das súas cargas, das súas débedas, etc.

Dá pouco diñeiro, sabendo que de ordinario é mal empregado, mais el mesmo dirixe a súa utilización e fai que lles renda malia eles. Fornécelles obreiros para os traballos que precisan, e moitas veces págalles os seus xornais. A un faille levantar ou cubrir a súa cabana medio caída, ao outro faille arrotear a súa terra abandonada por falta de medios, ao outro dálle unha vaca, un cabalo ou gando de todo tipo en substitución do que perdeu. Dous veciños están a punto de preitear, el convénceos e fai que se aveñan; un campesiño cae enfermo e el fai que o coiden, coidándoo el mesmo¹⁹³; outro vese asoballado por un veciño

¹⁹³ Coidar un campesiño enfermo non consiste en purgalo, darlle drogas e enviarlle un cirurxián. Non é en absoluto diso só do que ten necesidade esa pobre xente nas súas enfermidades; é de alimento mellor e máis abundoso. Xaxuade vós cando teñades febre, mais cando a teñen os vosos campesiños, dádelles carne e viño: case todas as enfermidades veñen da miseria e do esgotamento: a súa mellor tisana está na vosa adega e o seu único boticario debe ser o voso carniceiro.

poderoso e el protéxeo e aconséllao; uns pobres mozos tratan de unirse e el axúdaos a casar; unha boa muller perdeu o seu fillo querido e el vaina ver e consólaa, non marcha en absoluto tan axiña como entrou; non desdeña aos indixentes e non ten presa por marchar de onde os malfadados; xanta con frecuencia na casa dos campesiños aos que lles dá axuda e acepta tamén facelo na daqueles que non a precisan. Converténdose no benefactor duns e no amigo doutros, non deixa en absoluto de ser o seu igual. Finalmente, fai sempre coa súa persoa tanto ben como co seu diñeiro.

Ás veces dirixe o seu andar a carón da feliz morada: podería esperar ver a Sofía ás agachadas, mirándoa pasear sen que o vira. Mais Emilio nunca ten voltas na súa conduta, non sabe e non quere eludir nada. Ten esa amable delicadeza que agrada e nutre o amor propio coa boa testemuña de si. Respecta rigorosamente o seu desterro e nunca se achega abondo como para que o azar lle forneza o que só lle quere deber a Sofía. Pola contra, vaga con pracer polos arredores na procura das pisadas da súa amada, entenrecéndose polos traballos que ela tomou e polos camiñadas que tivo a ben facer para compracelo. A véspera dos días nos que debe vela, irá a algunha granxa veciña encargar unha colación para o día seguinte. O paseo diríxese por esa banda sen que o pareza; éntrase como por casualidade, atópanse froitos, pasteis e nata. A larpeira de Sofía non é insensible a estas atencións e faille de bo grado honor á nosa previsión, porque eu sempre formo parte do cumprimento aínda que non tivese participación ningunha no coidado que o provoca; é unha viravolta de rapariga para verse menos apurada en dar as grazas. O pai e eu comemos pasteis e bebemos viño mais Emilio ponse no fato das mulleres, sempre á espreita para roubar algún prato de nata no que Sofía teña metido a culler.

A propósito dos pasteis fállolle a Emilio das súas antigas carreiras. Eles queren saber o que son esas carreiras. Explícoo e rin; pregúntanlle se aínda sabe correr. “Mellor que nunca

–responde– lamentaría moito telo esquecido”. Alguén do grupo tería moitas ganas de velo correr e non se atreve a dicilo, mais outro encárgase de facer a proposta; el acepta, reúnen a dous ou tres mozos dos arredores; establecen un premio e, para mellor imitarmos os antigos xogos, poñemos un pastel na meta. Todos están listos; o papai dá o sinal batendo coas mans. O áxil Emilio fende o aire e atópase na meta da carreira cando apenas teñen saído os meus tres zoupóns. Emilio recibe o premio das mans de Sofía e, non menos xeneroso que Eneas, dálles presentes a todos os vencidos.

No medio do brillante triunfo, Sofía atrévese a desafiar ao vencedor e gábase de correr tan ben coma el. Este non rexeita entrar en liza con ela e, en tanto que Sofía se prepara para entrar na carreira, arregaza a súa saia polos dous lados e, máis preocupada por exhibir unha fina perna ante os ollos de Emilio que por vencelo nese combate, mira se as saias están cortas dabondo, el di unhas palabras no oído da nai; esta sorrí e fai un aceno de aprobación. Vai entón el colocarse á par da súa competidora, e aínda ben non se deu o sinal cando xa ela parte e voa como un paxaro.

As mulleres non están feitas para correr; cando foxen é para seren acadadas. Correr non é a única cousa que fan sen habilidade, mais é a única que fan con pouca garridez: os seus cóbados, botados para atrás e pegados ao seu corpo, danlles un aspecto ridículo e os altos tacóns nos que se empleiran fanlles semellar unhas lagostas que quixeran correr sen saltar.

Emilio, ao non imaxinar que Sofía corra mellor que outra muller, non se digna a saír do seu lugar e míraa marchar cun sorriso burleiro. Sofía é lixeira e leva tacón baixo, non precisa artificio ningún para aparentar ter pes pequenos. Toma a dianteira con tal rapidez que para acadar a esta nova Atalanta el só ten o tempo preciso cando a ve tan lonxe diante súa. Sae, daquela, á súa vez, semellante a unha aguia que se lanza sobre a súa presa. Perséguea, pégase aos seus talóns e acádaa finalmente, ela xa

sen folgos, e pasa suavemente o seu brazo esquerdo de arredor súa, levántaa coma unha pluma e, apreixando contra o seu corazón esta doce carga, remata así a carreira e fai que ela sexa a primeira en tocar a meta. Despois, berrando *Vitoria de Sofía!* pousa un xeonllo no chan diante dela e declárase vencido.

A estas diversas ocupacións únese a do oficio que temos aprendido. Polo menos un día por semana, e todos aqueles nos que o mal tempo non nos permite andar polo campo, imos Emilio e eu traballar onde un mestre artesán. Alí non traballamos para nos mantermos en forma, como persoas que están por riba desa condición, senón autenticamente e como verdadeiros obreiros. Ao nos atopar un día no labor o pai de Sofía, non deixa de relatarlles con admiración o que viu á súa muller e á súa filla. “Ide ver –dilles– a ese mozo ao obradoiro e habedes ver se despreza a condición dos pobres!”. Pódese imaxinar con que pracer oe Sofía estas palabras. Volven falar do asunto e gustaríalles sorprendelo traballando. Pregúntanme sen aparentaren nada e, despois de se teren asegurado do día, collen unha calesa e veñen á vila nese momento.

Ao entrar no obradoiro, Sofía ve no outro extremo un mozo en bata, co cabelo recollido descoidadamente e tan ocupado no que fai que non a ve; párase e faille un aceno á súa nai. Emilio, cunha trencha nunha man e o mazo na outra, remata unha entalla. Logo, serra unha táboa e pon unha parte dela debaixo do barrilete para pulila. Ese espectáculo non fai en absoluto rir a Sofía senón que a conmove e lle infunde respecto. Muller, honra ao teu señor, é el quen traballa para ti, quen gaña o teu pan e quen te mantén: velaí o home.

En tanto que elas permanecen atentas en observalo, eu véxoas e tírolle da manga a Emilio. El dá a volta, veas, solta as ferramentas e lánzase cun grito de alegría. Despois de se ter entregado ao primeiro enlevo fai que se senten e volve ao traballo. Mais Sofía non dá permanecido sentada: levántase con vivacidade, percorre o obradoiro, examina as ferramentas, toca as pranchas pulidas, recolle labras do chan, mira as nosas

mans e despois di que este oficio lle gusta porque é limpo. A toleirona intenta mesmo imitar a Emilio. Coa súa branca e débil man pousa un cepillo enriba da táboa. O cepillo escorrega e non morde. Eu coído ver o Amor polos aires rir e bater as ás; coído oílo proferir gritos de alegría e dicir: *Hércules está vingado!*

Entrementres, a nai faille preguntas ao artesán: “–Señor: canto lles pagades a estes mozos?”. “–Señora, doulles a cada un vinte soldos por día e máis mantéñoos, mais se este rapaz quixese, gañaría ben máis, porque é o mellor obreiro do país”. “–Vinte soldos por día e máis mantédelos!” di a nai mirándonos conmovida. “–Si, señora, é así”, afirma o artesán. Tras estas palabras corre xunto Emilio, abrázao, apréixao contra o seu peito vertendo bágoas sobre el sen poder dicir outra cousa senón repetir varias veces: “Meu fillo! Meu fillo!”.

Despois de teren pasado algún tempo falando connosco mais sen nos desviar, dille a nai á filla: “Vámonos, faise tarde; non debemos facernos esperar”. Despois achegándose a Emilio, dálle un golpiño na meixela dicíndolle: “Ei, bo obreiro, non queredes vir connosco?”. El respóndelle cun ton moi triste: “Estou comprometido, preguntádelle ao mestre”. Pregúntanlle ao mestre se está de acordo prescindir de nós. Responde que non pode. “Teño traballos urxentes que hai que entregar pasado mañá – di– Contando con estes señores refuguei obreiros que se presentaron, e se agora eles me faltan xa non sei onde atopar outros e non vou poder entregar o encargo no día prometido”. A nai non replica nada, agarda que Emilio fale. Emilio baixa a cabeza e cala. “Meu señor –dille ela algo sorprendida por este silencio– seica non tedes nada que lle dicir a iso?”. Emilio mira agarimosamente á rapaza e só responde estas palabras: “Ben vedes que teño que quedar”. Nesas, as damas parten e déixanos. Emilio acompañaas ata a porta, séguelas cos ollos todo o que pode, suspira e vólvese poñer o traballo sen falar.

De camiño, a nai, ofendida, fálalle á súa filla da estrañeza deste proceder. “O que! –di– seica era tan difícil contentar ao

mestre sen se ver obrigado a quedar? Este mozo tan pródigo que reparte diñeiro sen necesidade, seica non sabe xa atopalo nas ocasións axeitadas?”. “Ai, mamai –responde Sofía– Deus non queira que Emilio lle dea tanta importancia ao traballo servíndose del para romper un compromiso persoal, para quebrantar impunemente a súa palabra e facer quebrantar a de outro! Sei ben que el resarciría doadamente ao obreiro polo lixeiro prexuízo que a súa ausencia lle causase, mais ao tempo escravizaría a súa alma ás riquezas, afaría-se a poñelas no lugar dos seus deberes e a crer que un está dispensado de todo con tal de que pague. Emilio ten outra maneira de pensar, e eu espero non ser a causa de que cambie dela. Pensades que non lle custou nada quedar? Mamai, non vos enganedes: é por min polo que queda, ben o vin nos seus ollos”.

Non é que Sofía sexa indulxente tocante aos verdadeiros coitados do amor. Ao contrario, é dominadora e esixente; preferiría non ser amada en absoluto antes que selo moderadamente. Ten o nobre orgullo do mérito que se sente, se estima e quere ser honrado tanto como el se honra. Desdeñaría un corazón que non sentise todo o valor do seu, que non a amase polas súas virtudes tanto e máis que polos seus encantos; un corazón que non preferise o seu propio deber antes que a ela e que non a preferise a ela antes que a calquera outra cousa. Non quixo ningún namorado que só a recoñecese como a súa lei: quere reinar sobre un home que ela non teña desfigurado. É así como despois de envilecer aos compañeiros de Ulises Circe os desdeña e se entrega a el, o único que non puido facer cambiar

Mais, exceptuado este dereito inviolable e sagrado, preocupada en exceso por todos os seus, axexa con canto escrúpulo os respecta Emilio, con canto celo cumpre a súa vontade, con canta habelencia a adiviña, con canta atención chega no momento prescrito. Ela non quere nin que se retarde nin que se anticipe, quere que sexa exacto. Anticiparse é preferirse a ela,

retardarse é menosprezala. Menosprezar a Sofía! Iso non acontecería dúas veces. A inxusta sospeita dunha houbo botar todo a perder, mais Sofía é equitativa e sabe ben reparar os seus erros.

Unha tarde espéranos: Emilio recibiu a orde. Saen a recibirnos e nós non chegamos. “Que foi deles? Que mal lles puido acontecer? Non ven ninguén de parte súa!”. Transcorre o serán na nosa espera. A pobre Sofía pensa que morremos, desólase, atorméntase e pasa a noite a chorar. Dende a tardiña enviaron un mensaxeiro para que se informase sobre nós e levase noticias nosas á mañá seguinte. O mensaxeiro volve acompañado doutro da nosa parte que dá as nosas excusas de palabra e di que estamos ben de saúde. Un momento despois aparecemos nós persoalmente. Daquela a escena cambia: Sofía enxuga as súas bágoas, ou se as verte son de rabia. O seu altivo corazón non gañou tranquilizándose sobre a nosa vida: Emilio vive e fíxose agardar inutilmente.

Cando chegamos, quérese ir pechar. Queren que quede e cómpre quedar, mais, tomando unha decisión instantánea, simula un aire tranquilo e contento que daría enganado a outros. O pai ven diante nosa e dinos: “Tivestes preocupados aos vós amigos, aquí hai xente que non volo vai perdoar doadamente”. “E logo quen, papai?” – di Sofía co sorriso máis grácil que pode finxir. “E que vós importa –responde o pai– con tal de que non sexades vós?”. Sofía non replica e baixa os ollos sobre o seu labor. A nai recíbenos cun aire frío e estudiado. Emilio, confuso, non se atreve a abordar a Sofía. Ela é a primeira en falar, pregúntalle como se atopa, invítao a sentarse e simula tan ben que o pobre mozo, que aínda non entende nada da linguaxe das paixóns violentas, é vítima deste sangue frío e case está a punto de se ofender pola súa banda.

Para desenganalo, vou coller a man de Sofía, quero pousar nela os meus beizos como fago ás veces; ela retíraa bruscamente coa expresión de “*Señor!*” pronunciada tan singularmente que ese movemento involuntario descóbrea no instante aos ollos de Emilio.

A propia Sofía, ao ver que se traizoou, fórzase menos. O seu aparente sangue frío trócase nun desprezo irónico. Responde a todo o que lle din con monosílabos pronunciados con voz lenta e pouco segura, como temendo deixar translucir demasiado nela o acento da indignación. Emilio, medio morto de espanto, míraa con dor e trata de instala a cruzar os ollos cos seus para ler mellor os seus verdadeiros sentimentos. Sofía máis irritada pola súa confianza bótalle unha mirada que lle quitan as ganas de solicitar unha segunda. Emilio, abraiado e tremelicando, xa non se atreve –afortunadamente para el– a falarlle nin a mirala porque, aínda que el non fose culpable, se dera soportado a súa ira, non llo tería perdoado ela nunca.

Ao ver, daquela, que me toca a min a vez e que é tempo de explicarse, volvo xunto a Sofía. Cóllolle de novo a man que agora non retira pois está a piques de se lle varrer o sentido. Dígolle docemente: “Querida Sofía, somos malfadados, mais vós sodes razoable e xusta; non nos habedes xulgar sen nos oír: escoitádenos”. Ela non responde e eu falo así:

“Marchamos onte ás catro. Sinaláranos as sete como hora de chegada e sempre tomamos algo máis de tempo do necesario para podermos descansar en nos achegando aquí. Xa fixéramos os tres cuartos do camiño cando uns laios dolorosos chegaron aos nosos oídos; procedían dunha engroba do outeiro, a algunha distancia nosa. Acudimos aos gritos e atopamos un malfadado labrego que ao volver da cidade un pouco cargado de viño no seu cabalo caíra del tan violentamente que partira unha perna. Gritamos pedindo socorro; ninguén responde, intentamos volver subir o ferido ao seu cabalo e non o damos feito porque ao menor movemento o malfadado sofre dores horribles. Tomamos a determinación de atar o cabalo no bosque, algo arredado, e despois, formando unha padiola cos nosos brazos pousamos nela ao ferido e levámolo o máis suavemente que puidemos seguindo as súas indicacións sobre o camiño que cómpre seguir para chegarmos á súa casa. O percorrido era longo e tivemos

que descansar varias veces. Por fin chegamos, rendidos de fatiga, e atopamos con amarga sorpresa que xa coñeciamos a casa e que este miserable que levabamos con tanta dificultade era o mesmo que nos acollera tan cordialmente o día da nosa primeira chegada aquí. No afogo no que estabamos todos non nos recoñeceramos ata ese momento.

“Só tiña dous cativiños. A punto de lle dar un terceiro, a súa muller levou unha impresión tan grande ao velo chegar que sentiu dores agudas e deu a luz poucas horas despois. Que facer nesa situación nunha cabana afastada onde non se pode esperar ningún socorro? Emilio tomou a decisión de ir coller o cabalo que deixáramos no bosque, montar nel e correr ao galope buscar un cirurxián na cidade. Deulle o cabalo ao cirurxián e, ao non ter podido atopar tan cedo unha parteira, regresou a pé cun criado despois de vos ter enviado un propio, en tanto que, apurado como podedes imaxinar entre un home cunha perna rota e unha muller librando, eu preparaba na casa todo o que podía considerar necesario para socorrer a ámbolos dous.

“Non vos contarei con detalle o resto porque non é cuestión diso agora. Eran as dúas da mañá antes de que tivésedes un e outro un momento de acougo. Finalmente, regresamos antes de abrir o día ao noso abeiro próximo de aquí, onde agardamos a hora de que despertádes para vos dar conta do noso accidente”.

Calo sen engadir nada. Mais antes de que fale ninguén, Emilio achégase á súa namorada, eleva a voz e dille con máis seguridade da que eu puidese esperar: “Sofía sodes árbitro do meu destino, ben o sabedes. Podédesme facer morrer de dor, mais non esperedes facerme esquecer os dereitos da humanidade: para min son máis sagrados que os vosos e nunca hei renunciar a eles por vós”.

Sofía, ante estas palabras, en lugar de responder érguese, pásalle un brazo de arredor do pescozo, dálle un bico na meixela, e despois, tendéndolle a man cunha delicadeza inimitable, dille: “Emilio, toma esta man, é túa. Sé cando queiras o meu esposo e o meu señor. Hei tratar de merecer esta honra”.

Apenas o abrazou, o pai, encantado, bate palmas gritando “Outro! Outro!” e Sofía, sen se facer rogar, dálle de contado dous bicos na outra meixela, mais case no mesmo momento, arrepiada por todo o que acababa de facer, corre entre os brazos da súa nai e agacha nese seo materno o seu rostro aceso de vergoña.

Non vou describir a alegría común; todo o mundo debe sentila. Despois do xantar, Sofía pregunta se habería moita distancia para ir ver eses pobres enfermos. Sofía deséxao e é unha boa obra: imos alá. Atopámoslos en dous leitos separados, pois Emilio mandara traer un. Atopamos arredor deles xente que os coida, pois Emilio encargárase diso. Mais, por riba de todo, os dous están en tan mala postura que sofren tanto pola incomodidade como polo seu estado. Sofía fai que lle dean un mandil da muller e vaina acomodar no seu leito, despois fai o mesmo co home. A súa man suave e lixeira sabe ir na procura de todo o que os manca e fai repousar con maior moleza os seus membros doridos. Eles séntense xa aliviados coa súa chegada; diríase que Sofía adiviña todo o que lles fai mal. A esta rapaza tan delicada non a fan recuar nin a sucidade nin o cheirume, e sabe facer desaparecer unha e máis outro sen llo encargar a ninguén e sen que os enfermos se sentan atormentados. Ela, que sempre vemos tan modesta e ás veces tan desdeñosa, ela que por nada do mundo tería tocado coa punta do dedo o leito dun home, dálle a volta e cambia ao ferido sen escrúpulo ningún e pono nunha situación máis cómoda para que poida permanecer nela moito tempo. O celo da caridade é equivalente á modestia; o que fai, faino con tanta lixeireza e habilidade que aquel séntese aliviado sen case decatarse de que o tocaron. A muller e o marido bendicen a coro á amable rapaza que os socorre, se doe deles e os consola. É un anxo do ceo que Deus lles envía, ten o seu rostro e a súa garrideza, ten a súa dozura e a súa bondade. Emilio, conmovido, contémplaa en silencio. Home, ama á túa compañeira: Deus dácha para te consolar nas túas coitas, para te aliviar nos teus males: velaí a muller.

Bautizan ao recién nacido. Os dous namorados preséntano, ardendo no fondo dos seus corazóns por lles dar este mesmo traballo a outros. Aspiran ao momento desexado; coidan tocalo, todos os escrúpulos de Sofía desapareceron, mais chegan os meus. Aínda non están onde eles pensan: cómpre que sexa a vez de cada un.

Unha mañá na que levan dous días sen se ver, entro no cuarto de Emilio cunha carta na man e dígolle mirándoo a fite: “Que fariades vós se vos informaran de que Sofía morreu?”. Bota un grito moi grande, érguese batendo as mans e, sen dicir unha palabra mira para min cunha ollada perdida. “Respondede, veña” –prosigo coa mesma tranquilidade. Daquela, irritado polo meu sangue frío, achégase cos ollos acesos de carraxe e, deténdose nunha actitude case ameazadora di: “O que faría... non o sei, pero o que sei é que non volvería ver na vida a quen me informara diso”. “Tranquilizádevos –respóndolle sorrindo– está viva e ben de saúde, pensa en vós e espéranos esta tarde. Mais, vamos dar unha voltiña e falar un pouco”.

A paixón que lle preocupa non lle permite xa entregarse como antes a conversas de puro razoamento, cómpre interesalo en se volver atento ás miñas leccións por medio desta propia paixón. É o que fixen con ese terrible preámbulo, agora que estou ben seguro de que me ha escoitar.

“Cómpre ser feliz, meu querido Emilio, esa é a finalidade de todo ser sensible. É o primeiro desexo que nos imprimiu a natureza e o único que non nos abandona nunca. Mais: onde está a felicidade? Quen o sabe? Cadaquén a busca e ninguén a atopa. Utilízase a vida en perseguila e mórrese sen tela acadado. Meu amigo mozo, cando do teu nacemento collinte nos meus brazos e, poñendo ao Ser supremo por testemuña do compromiso que ousei contraer, prometín consagrar os meus días á felicidade dos teus. Sabía eu mesmo a que me comprometía? Non, sabía unicamente que ao te facer feliz eu estaba seguro de selo. Ao facer para ti esta útil procura volvíaa común aos dous.

“En tanto que ignoramos o que debemos facer, o siso consiste en permanecermos inactivos. É, entre todas as regras, aquela que o home precisa máis e a que sabe seguir menos. Procurar a felicidade sen saber onde está é expoñerse a afastarse dela; é correr tantos riscos contrarios como camiños existen para perderse. Mais non lle pertence a todo o mundo saber non actuar. Na inquedanza na que nos mantén a arela do benestar, preferimos enganarnos perseguíndoo antes que non facermos nada na súa procura, e unha vez que temos saído do lugar no que podemos coñecelo xa non sabemos regresar.

“Coa mesma ignorancia tratei de evitar a mesma falta. Tomando coidado de ti decidín non dar un paso inutilmente e impedir que ti o deses. Mantívenme no camiño da natureza agardando que ela me mostrase o da felicidade. Aconteceu que era o mesmo e que, sen pensar nel, eu tñaio seguido.

“Sé a miña testemuña, sé o meu xuíz: nunca te hei recusar. Os teus primeiros anos non foron sacrificados en favor dos que debían seguilos; gozaches de todos os bens que a natureza che dera. Dos males aos que ela te suxeitou e dos que eu non te puiden protexer, unicamente sentiches os que podían endurecerte ante os outros. Nunca sufriches ningún senón para evitar outro maior. Non coñeciches nin a xenreira nin a escravitude. Libre e contento, permaneciches xusto e bo, porque a coita e o vicio son inseparables e nunca o home se volve malo senón cando é desventurado. Poida o recordo da túa infancia prolongarse deica a túa vellez: non temo que endexamais o teu bondadoso corazón se lembre dela sen dirixir unhas bendicións á man que a gobernou.

“Cando entraches na idade da razón protexinte da opinión dos homes. Cando o teu corazón se volveu sensible preserveite do dominio das paixóns. Se tivese podido prolongar esta calma interior deica á fin da túa vida, tería posto a salvo a miña obra e ti habías ser sempre tan feliz como un home pode selo, mais, querido Emilio, por moito que eu tempere a túa alma no Estixio,

non podo facela en todas partes invulnerable; levántase un novo inimigo que aínda non aprendiches a vencer e do que xa non te podo salvar. Ese inimigo es ti mesmo. A natureza e a fortuna deixáronte libre. Ti podías aturar a miseria, podías soportar as dores do corpo, e as da alma éranche descoñecidas. Só dependías da condición humana e agora dependes de todos os vencellos que te formaches; aprendendo a desexar volvícheste escravo dos teus desexos. Sen que nada mude en ti, sen que nada te fira, sen que nada toque ao teu ser: cantas dores poden atacar a túa alma! Cantos males podes sentir sen estares enfermo! Unha mentira, un erro ou unha dúbida pódete levar á desesperación.

“Vías no teatro os heroes, entregados a dores extremas, facer ecoar o escenario cos seus gritos insensatos, aflixirse como mulleres, chorar como nenos e merecer así o público aplauso. Lémbrete do escándalo que che causaban eses laios, eses berros e eses prantos nuns homes dos que só se debían esperar actos de constancia e de firmeza. “O que! – dicías ti todo indignado– Son eses os exemplos que nos dan para seguir e os modelos que nos ofrecen para imitar? Seica teñen medo de que o home non sexa pequeno dabondo, malfadado dabondo e feble dabondo se non veñen aínda venerar a súa febleza baixo a falsa imaxe da virtude?” Meu amigo mozo, sé máis indulxente de agora en diante coa escena: velaí estás convertido nun dos seus heroes.

“Sabes sufrir e morrer, sabes aturar a lei da necesidade nos males físicos, mais aínda non lles impuxeches leis aos apetitos do corazón, e é dos nosos afectos moito máis que das nosas necesidades do que nace a confusión da nosa vida. Os noso desexos son extensos e a nosa forza é case nula. O home está atrelado a mil cousas polos seus degaros, e por si mesmo non está atrelado a nada, nin mesmo á súa propia vida; canto máis aumenta os seus vencellos máis multiplica as súas coitas. Todo está unicamente de paso na Terra. Todo o que amamos hanos escapar cedo ou tarde e aferrámonos a el como se debese

durar eternamente. Que arrepió coa simple sospeita da morte de Sofía! Seica contaches con que había vivir sempre? Seica non morre ninguén á súa idade? Ten que morrer, meu fillo, e se cadra antes ca ti. Quen sabe se arestora mesmo está viva? A natureza suxeitárate só a unha morte e ti suxeitaste a outra, velaí estás no caso de morrer dúas veces.

“Así, sometido ás túas paixóns desordenadas, canta mágoa vas dar! Sempre privacións, sempre perdas, sempre alarmas. Non has gozar mesmo do que se che deixa. O medo a perder todo hache impedir posuíres cousa ningunha; por ter querido seguir unicamente as túas paixóns endexamais poderás satisfacelas. Has procurar sempre o acougo e el ha fuxir sempre diante túa. Has ser miserable e haste volver malvado. E como poderías non selo ao non teres máis lei que os teus desexos desenfreados? Se non podes soportar privacións involuntarias: como te has impoñer unhas voluntariamente? Como has saber sacrificar a inclinación diante do deber e resistirlle ao teu corazón para escoitares a túa razón? Ti que xa non queres ver a aquel que che informe da morte da túa amada: como habías ver a aquel que quixese quitarcha viva? Aquel que ousara dicirche: “Morreu para ti, a virtude afástate dela”? Se cómpre vivir con ela, aconteza o que aconteza, estea Sofía casada ou non, esteas ti libre ou non, ámete ou ódiete ela, concédancha ou néguencha, non importa, ti quérela, cómpre posuíla a calquera prezo que sexa. Dime, logo, diante de que crime se detén aquel que non ten máis lei que os degaros do seu corazón e non sabe resistir a nada do que desexa.

“Meu fillo, non existe felicidade sen coraxe, nin virtude sen combate. A palabra *virtude* procede de *forza*; a forza é a base de toda virtude. A virtude só lle pertence a un ser feble por natureza e forte por vontade; é niso no que consiste o mérito do home xusto, e aínda que lle chamemos a Deus “bondadoso”, non lle chamamos “virtuoso” porque non precisa esforzo para facer o ben. Para te explicar esta palabra tan profanada agardei

a que estiveses en condicións de me entenderes. En tanto que a virtude non custa nada de practicar temos pouca necesidade de coñecela. Esta necesidade ven cando as paixóns espertan, e xa chegou para ti.

“Educándote en toda a simplicidade da natureza, en lugar de te predicar penosos deberes protexinte dos vicios que fan penosos eses deberes, e volvinche a mentira menos odiosa que inútil, aprendinche menos a lles dar a todos o que lles pertence que a te preocupar só do que é teu. Fíxente antes bo que virtuoso, mais aquel que só é bo permanece tal unicamente cando ten pracer en selo, e a bondade crébase e perece baixo do choque das paixóns humanas; o home que unicamente é bo, unicamente é bo para si mesmo.

“Que é, daquela, o home virtuoso? É aquel que sabe vencer os seus afectos. Porque, en tanto que sigue a súa razón e a súa conciencia cumpre o seu deber, mantense dentro da orde e nada pode separalo. Ata aquí ti só eras libre aparentemente: non tiñas máis que a liberdade precaria dun escravo ao que non lle mandaron nada. Agora sé realmente libre, aprende a ser o teu propio amo, manda no teu corazón, Emilio, e has ser virtuoso.

“Velaí, logo, outra aprendizaxe que facer, e esta aprendizaxe é máis penosa que a primeira, porque a natureza libéranos dos males que nos impón ou apréndenos a soportalos, mais non nos di nada sobre os que proceden de nós, abandónanos a nós mesmos, déixanos, vítima das nosas paixóns, sucumbir ás nosas fútiles dores e glorificarnos aínda coas bágoas das que deberiamos ruborizarnos.

“Esta é a túa primeira paixón. Se cadra é a única digna de ti. Se a sabes rexer como home, ha ser a derradeira; ti has someter todas as demais e non has obedecer senón á da virtude.

“Esta paixón non é criminal, ben o sei; é tan pura como as almas que a senten. Formouna a honestidade e alimentouna a inocencia. Felices amantes! Os encantos da virtude non fan máis que se engadir para vós aos do amor, e o doce lazo que

vos agarda non é menos o premio á vosa sabedoría que ao voso vencellamento. Mais, dime, home sincero: seica esta paixón tan pura aferrolloute menos a ela? Fixécheste menos escravo dela? E se mañá deixase de ser inocente: afogaríala mañá mesmo? Agora é o momento de probar as túas forzas, xa non é tempo cando cómpre utilízalas. Esas arriscadas probas deben facerse lonxe do perigo. Un non se exercita no combate diante do inimigo senón que se prepara antes da guerra e se presenta xa completamente preparado.

“É un erro distinguir entre as paixóns permitidas e prohibidas, para se entregar ás primeiras e rexeitar as outras. Todas son boas cando un é o amo delas e todas son malas cando un deixa que estas o suxeiten. O que nos está prohibido pola natureza é estender os nosos vencellos máis lonxe do que as nosas forzas, o que nos está prohibido pola razón é querer o que non podemos obter, o que nos está prohibido pola conciencia non é ser tentados senón deixarnos vencer polas tentacións. Non depende de nós termos ou non termos paixóns, mais depende de nós reinarmos sobre elas. Todos os sentimentos que dominamos son lexítimos e todos os que nos dominan son criminais. Un home non é culpable de amar á muller doutro se mantén esta malfadada paixón suxeita á lei do deber, e é culpable de amar á súa propia muller ata o punto de inmolar todo ante ese amor.

“Non agardes de min longos preceptos de moral: só teño un que che dar e ese comprende os outros todos. Sé home, abriga o teu corazón nos límites da túa condición. Estudia e coñece eses límites; por moi estreitos que sexan un non é infeliz en tanto que se pecha neles; éo só cando quere traspasalos: éo cando nos seus insensatos desexos sitúa na categoría do posible o que non o é. Éo cando esquece o seu estado de home para se forxar uns imaxinarios dos que sempre volve caír no seu. Os únicos bens dos que custa a privación son aqueles aos que un cre ter dereito. A evidente imposibilidade de obtelos distancia deles; os desexos sen esperanza non atormentan. Un esmoleiro non

está atormentado polo desexo de ser rei e un rei non quere ser Deus senón cando coida que xa non é home.

“As ilusións do orgullo son a orixe dos nosos maiores males, mais a contemplación da miseria humana volve sempre moderado ao sabio. Mantense no seu lugar e non rebule para saír del, non utiliza inutilmente as súas forzas para gozar do que non pode conservar, e empregando todas en posuír ben o que ten é en realidade máis poderoso e máis rico ca nós desexando moito menos. Sendo un ser mortal e perecedeiro: había ir eu formarme ataduras eternas nesta Terra na que todo muda, todo pasa e da que hei desaparecer mañá? Oh, Emilio, meu fillo, perdéndote: que me había quedar de ti? E máis cómpre que aprenda a perderte porque: quen sabe cando te me levarán?

“Queres, logo, vivir feliz e sabio? Non ates o teu corazón senón á beleza que non perece; que a túa condición limite os teus desexos, que os teus deberes vaian antes que as túas inclinacións; estende a lei da necesidade ás cousas morais: aprende a perder o que che pode ser tirado; aprende a abandonar todo cando a virtude ordene, a te situares por riba dos acontecementos, a separares o teu corazón sen que o esgacen, a seres valente na adversidade a fin de non seres endexamais miserable; a seres firme no teu deber a fin de non seres endexamais criminal. Daquela has ser feliz malia a fortuna, e sabio malia as paixóns. Daquela has atopar na mesma posesión dos bens fráxiles unha voluptuosidade que nada poderá turbar; halos posuír sen que eles te posúan, e has sentir que o home a quen lle escapa todo só goza do que sabe perder. Non has ter, é certo, a ilusión dos praceres imaxinarios, non has ter tampouco as dores que son o seu froito. Has gañar moito neste troco porque esas dores son frecuentes e reais e eses praceres son escasos e fútiles. Vencedor sobre tantas opinións enganosas, has selo aínda sobre aquela que lle dá tan grande valor á vida. Has pasar a túa sen afoego e hala terminar sen arrepío: haste apartar dela igual que de todas as cousas. Que outros, embargados polo terror, pensen

que ao abandonala cesan de existir; ti, sabedor do seu baleiro, has coidar comezar. A morte é o final da vida do malvado e o comezo da do xusto”.

Emilio escóitame cunha atención mesturada con inqueda. Teme algunha conclusión sinistra a este preámbulo. Presinte que, ao lle amosar a necesidade de exercitar a forza da alma, quero sometelo a ese duro exercicio e, coma un ferido que ten un arreguizo ao ver achegarse o cirurxián, coida xa sentir na ferida a man dolorosa mais salvadora que lle impide apodrecer.

Inseguro, turbado e apurado por saber a onde quero chegar, en lugar de responder pregúntame, mais con temor. “Que cómpre facer?”, dime case tremelicando e sen se atrever a levantar os ollos. “O que cómpre facer! –respondo eu con firmeza– Cómpre deixar a Sofía”. “Que dices? –exclama con arrebatado– Deixar a Sofía! Deixala, enganala, ser un traidor, un falsario, un perxuro!...”. “O que! –prosigo eu interrompendo– É de min de quen Emilio teme aprender a merecer semellantes nomes?”. “Non –continúa el coa mesma impetuosidade– Nin de vós nin doutro: eu hei saber malia vós conservar a vosa obra; hei saber non merecelos”.

Eu agardaba esta primeira furia. Deixo que pase sen conmoerme. Se eu non tivese a moderación que lle predico, estaría bonito que lla predicase! Emilio coñéceme demasiado como para me crer capaz de esixir del nada que estea mal, e sabe ben que estaría mal deixar a Sofía no sentido que el lle dá a esta expresión. Agarda, daquela, que eu me explique. Entón, prosigo o meu discurso.

“Credes, querido Emilio, que un home, en calquera situación na que se atope, pode ser máis feliz do que vós o sodes dende hai tres meses? Se o credes, desenganádevos. Antes de catar os praceres da vida esgotastes a súa felicidade. Non hai nada alén do que vós sentistes. A felicidade dos sentidos é pasaxeira. O estado habitual do corazón perde sempre nela. Vós gozastes máis pola esperanza do que endexamais habedes

gozar na realidade. A imaxinación que adorna o que un desexa abandónaa no momento da posesión. Excepto o único Ser que existe por si mesmo, non hai nada fermoso non sendo o que non existe. Se ese estado puidese durar sempre, vós teríades atopado a felicidade suprema. Mais todo o que ten relación co home reséntese da súa caducidade; todo é finito, todo é pasaxeiro na vida moderna, e aínda que o estado que nos volve feliz durase sen cesar, o hábito de gozar del tiraríanos o gusto. Se nada muda fóra, o corazón muda; a felicidade abandónanos ou nós abandonámola.

“O tempo que vós non mediádes transcorría durante o voso delirio. Remata o verán e achégase o inverno. Aínda que puidésemos continuar as nosas carreiras nunha estación tan ruda non nolo habían permitir. Cómpre malia nós, cambiar de maneira de vivir, esta non pode durar máis. Estou a ver nos vosos ollos impacientes que esta dificultade non vos causa moito apuro: a confesión de Sofía e os vosos propios desexos suxírenvos un medio doado de evitar a neve e de non ter xa que viaxar para ir vela. A solución é sen dúbida cómoda, mais chegada a primavera a neve funde e o matrimonio permanece; cómpre pensar en todas as estacións.

“Queredes casar con Sofía e aínda non hai cinco meses que a coñecedes! Queredes casar con ela non porque vos acaídes un ao outro senón porque vos gusta. Como se o amor non se engana-se nunca sobre as afinidades e os que comezan por amarse non rematasen nunca por odiarse. Sofía é virtuosa, seino, mais: éo dabondo? É suficiente con ser persoas honestas para se acaír? Non é a súa virtude a que poño en dúbida senón o seu carácter. Seica o dunha muller se amosa nun día? Sabedes en cantas situacións cómpre tela visto para coñecer a fondo o seu humor? Catro meses de vencellamento poden respondervos por toda a vida? Se cadra dous meses de ausencia faránvola esquecer; se cadra outro agarda só a que vos afastedes para vos borrar do seu corazón; se cadra ao voso regreso ides atopala tan indiferente

como sensible a tedes atopado ata agora. Os sentimentos non dependen dos principios, Sofía pode seguir sendo moi honesta e deixar de vos amar. Será constante e fiel, inclínome a crelo, mais: quen vos responde dela e quen lle responde a ela de vós en tanto que non vos puxestes a proba? Agardaredes para esta proba a que xa vos sexa inútil? Agardaredes para coñecervos a que xa non poidades separarvos?

“Sofía non ten dezaoto anos e vós apenas pasades dos vinte-dous; esta idade é a do amor, mais non a do casamento. Que pai e que nai de familia! Ei! Para saber educar rapaces agardade cando menos a deixar de selo vós! Sabedes a cantas rapazas novas as fatigas do embarazo soportadas antes da idade lles enfebleceron a constitución, arruinaron a saúde e acurtaron a vida? Sabedes cantos rapaces quedaron enganidos e febles por falta de ser alimentados nun corpo suficientemente formado? Cando a nai e o fillo medran a un tempo e a substancia necesaria para o crecemento de cada un dos dous se reparte, nin un nin outra teñen o que lles destinaba a natureza: como pode ser que non se resintan os dous diso? Ou eu coñezo moi mal a Emilio ou ha preferir ter unha muller e fillos robustos antes de contentar a súa impaciencia a custa da vida e da saúde deles.

“Falemos de vós. Aspirando ao estado de esposo e de pai: meditastes ben os seus deberes? Ao vos converterdes en cabeza de familia ídesvos converter en membro do Estado. E que é ser membro do Estado: sabédelo? Sabedes o que son goberno, leis e patria? Sabedes a que prezo se vos permite vivir e por quen debedes morrer? Credes ter aprendido todo e aínda non sabedes nada. Antes de ocupar un lugar na sociedade aprendede a coñecela e a saber que categoría vos acae nela.

“Emilio, cómpre deixar a Sofía. Non digo abandonala; se vós fosedes capaz diso ela había ser moi feliz por non ter casado convosco; cómpre deixala para regresar digno dela. Non sexades tan finchado como para crerdes merecela xa. Canto vos queda por facer! Vide cumprir esa nobre tarefa; vide aprender a so-

portar a ausencia; vide gañar o prezo da felicidade a fin de que ao voso retorno poidades honrarvos con algo cabo dela e pedir a súa man non como un favor senón como unha recompensa.”

Aínda non exercitado en loitar contra si mesmo, aínda non habituado a desexar unha cousa e querer outra, o mozo non se rende: resiste e discute. Por que se había el negar á felicidade que o espera? Tardar en aceptala: non sería desdeñar a man que lle é ofrecida? Seica é necesario afastarse dela para se informar do que debe saber? E mesmo se fose necesario: por que non lle había deixar unhas ataduras indisolubles, a prenda segura do seu regreso? Sendo o seu esposo está disposto a seguirme, estando unidos déixaa sen medo... “Unirvos para separaros, querido Emilio, que contradición! É fermoso que un amante poida vivir sen a súa amada, mais un marido non debe nunca deixar sen necesidade á súa muller. Para curar os vosos escrúpulos, vexo que as vosas dilacións deben ser involuntarias: cómpre que lle poidades dicir a Sofía que a deixades malia vós. Estade, logo, contento, e dado que non lle obedecedes á razón, recoñece outro amo. Non esquecestes o compromiso que adoptastes comigo. Emilio, cómpre deixar a Sofía: quéroo eu.”

Ante estas palabras baixa a cabeza, cala, matina un momento, e logo, mirándome con seguridade, dime: “Cando marchamos?” “Dentro de oito días –dígolle eu– Cómpre preparar a Sofía para esta marcha. As mulleres son máis febles; débemoslles consideracións e, ao non ser esta ausencia un deber para ela como para vós, estalle permitido soportala con menos valentía.”

Estou tentadísimo de prolongar ata á separación dos meus mozos o diario dos seus amores, mais dende hai tempo veño abusando da indulxencia dos lectores: abreviemos, unha vez, para rematar. Hase atrever Emilio a levar aos pés da súa amada a mesma seguridade que acaba de lle amosar ao seu amigo? Canto a min, iso creo; é da autenticidade mesma do seu amor da que debe tirar esa seguridade. Estaría máis confuso diante dela se lle custase menos deixala. Habíaa deixar como un culpable, e este

papel é sempre embarazoso para un corazón honesto. Pero canto máis custa o sacrificio, máis se honra el ante os ollos da que llo fai penoso. Non ten medo de que ela se engane sobre o motivo que o determina. Semella dicirle en cada ollada: “Oh, Sofía! Le no meu corazón e sé fiel, non tes un amante sen virtude”.

A orgullosa Sofía, pola súa banda, trata de soportar con dignidade o golpe imprevisto que a bate. Esfórzase en aparentar insensible, mais, dado que non ten como Emilio o honor do combate e da vitoria, a súa firmeza sostense menos. Chora e salaia malia ela e o terror de ser esquecida agreea a dor da separación. Non é diante do seu namorado onde chora, non é a el a quen lle amosa os seus terrores; afogaríase antes de deixar escapar un suspiro na súa presenza. Son eu quen recibe as súas queixas, quen ve as súas bágoas, a quen ela simula tomar como confidente. As mulleres son hábiles e sábense disfrazar; canto máis refunga en segredo contra a miña tiranía, máis atenta está en agradarme; sente que a súa sorte está nas miñas mans.

Consóloa, tranquilízoa e respóndolle do seu amante, ou máis ben do seu esposo: que lle garde a mesma fidelidade que el teña para ela e dentro de dous anos hao ser, xúroo. Ela apréciame dabondo como para non crer que quero enganala. Son o garante de cada un dos dous respecto do outro. Os seus corazóns, a súa virtude, a miña probidade, a confianza de seus pais, todo os tranquiliza, mais: de que serve a razón contra a debilidade? Sepáranse como se non deberan volverse a ver.

É entón cando Sofía lembra os laios de Eucaris e se cre realmente no lugar dela. Non deixemos durante a ausencia espertar estes amores fantasiosos. “Sofía –díxenlle un día– facede un troco de libros con Emilio. Dádelle o voso *Telémaco* a fin de que aprenda a lle asemellar e que el vos dea *O espectador*¹⁹⁴, que a vós vos agrada ler. Estudiade nel os deberes das mulleres de

¹⁹⁴ A obra de Joseph Addison *O espectador ou O Sócrates moderno* (N. do T.).

ben e pensade que dentro de dous anos estes deberes han ser os vossos”. Este troco gústalle aos dous e proporciónalles confianza. Finalmente chega o día triste: cómpre separarse.

O digno pai de Sofía, con quen eu concertei todo, abrázame recibindo a miña despedida, e despois, colléndome a parte, dime estas palabras cun ton grave e un lixeiro acento de firmeza: “Eu fixen todo para vos compracer; sabía que estaba a tratar cun home de honor: unicamente me queda unha cousa que vos dicir. Lembra que o voso alumno asinou o seu contrato de matrimonio na boca da miña filla”.

Que diferenza na contención dos dous namorados! Emilio, impetuoso, ardente, axitado e fóra de si, lanza gritos, verte torrentes de bágoas sobre as mans do pai, da nai e da filla, abraza saloucando a todos os domésticos e repite mil veces as mesmas cousas con tal desorde que en calquera outra ocasión faría rir. Sofía, soturna, pálida, con ollos apagados e mirada sombría, permanece quieta, non di nada, non chora e non ve a ninguén, mesmo a Emilio. Por moito que lle colla as mans e a apreixe nos seus brazos, segue inmóbil, insensible ás súas bágoas, aos seus agarimos e a todo o que lle fai: para ela el xa ten marchado. Canto máis emocionante é este cadro que o pranto importuno e os laios ruidosos do seu amante! El ve, sénteo e queda ferido. Arrástroo con dificultade; se o deixo un momento máis xa non ha querer marchar. Estou encantado de que leve consigo esta triste imaxe. Se algunha vez se ve tentado de esquecer o que lle debe a Sofía, lembrándolla tal como a viu no momento da marcha, terá que ter o corazón ben alleado se non o dou reconducido a ela.

SOBRE AS VIAXES

Preguntan se é ben que os mozos viaxen e discútese moito sobre diso. Se se formulase doutro xeito a pregunta e se pregun-

tase se é ben que os homes teñan viaxado se cadra non habería tanta discusión¹⁹⁵.

O abuso dos libros mata a ciencia. Credo saber o que se leu un cóidase dispensado de aprendelo. Demasiada lectura serve só para facer presuntuosos ignorantes. De todos os séculos de literatura non existiu ningún no que se lese tanto coma neste, e ningún onde a xente fose menos sabia. De todos os países de Europa non hai ningún no que se impriman tantas historias, relacións e viaxes como en Francia, e ningún onde menos se coñeza o xenio e os costumes das outras nacións. Tantos libros fannos descoidar o libro do mundo no que, se aínda lemos, cadaquén permanece na súa folla. Mesmo se a frase *Seica se pode ser Persa?*¹⁹⁶ me fose descoñecida, adiviñaríaa, oíndoa pronunciar, que procede do país no que os prexuizos nacionais reinan máis, e do sexo que máis os propaga.

Un Parisiense coida coñecer aos homes e só coñece aos Franceses. Na súa cidade, sempre chea de estranxeiros, mira a cada estranxeiro como un fenómeno extraordinario que non ten igual no resto do universo. Cómpre ter visto de perto aos burgueses desa gran cidade, cómpre ter vivido con eles, para crer que con tanta agudeza se poida ser tan estúpido. O estraño é que cada un deles ten lido se cadra dez veces a descrición do país do que un habitante lle vai provocar tanta admiración.

¹⁹⁵ Xa dous séculos antes Montaigne defendía a necesidade das viaxes e a visita dos países estranxeiros "para traer principalmente deles os humores destas nacións e as súas maneiras, e para fregar e limar o noso cerebro contra o doutras persoas", sinalando que quixera que comezasen a pasear ao home dende a súa máis tenra infancia. A cultura francófona incorporou axiña esta idea na frase proverbial "as viaxes forman á mocidade" (N. do T.).

¹⁹⁶ Nas súas *Cartas persas*, Montesquieu imaxina dous Persas chegados a Francia que se escriben entre eles e escriben aos seus amigos relatando o seu asombro ante a sociedade francesa. Trátase dunha crítica mordaz e divertida. Na carta número 30, un deles conta como, despois de ser observado sen acougo como se fose un ser estraño caído do ceo, decide vestirse ao xeito occidental e pasa totalmente desapercibido, máis se por casualidade alguén dicía que era persa decontado sentía un ruxerruxe arredor del: *Ah! Ah! O señor é persa? Como se pode ser persa?* (N. do T.).

É demasiado ter que furar a un tempo os prexuízos dos autores e máis os nosos para chegarmos á verdade. Teño pasado a miña vida a ler relacións de viaxes e nunca dei atopado dúas que me desen a mesma idea sobre o mesmo pobo. Comparando o pouco que podía observar co que tiña lido, acabei por deixar alí os viaxeiros e botar en falta o tempo que consagrara a instruírme coa súa lectura, ben convencido de que como observación de toda caste non cómpre ler senón ver. Sería certo se acontecera que todos os viaxeiros fosen sinceros, que só dixesen o que viron ou o que cren e que unicamente disfrazasen a verdade coas cores falsas que ela adopta ante os seus ollos. Que sucede cando ademais cómpre deseenguedellala das súas mentiras e da súa mala fe?

Deixemos, logo, o recurso dos libros que nos gaban a aqueles que están feitos para contentarse con eles. É bo, igual que a arte de Raimón Llull, para aprender a larapetar sobre o que non se sabe, é bo para adestrar a uns platóns de quince anos a filosofar dentro dalgúns círculos e para instruír a unha tertulia sobre os hábitos de Exipto e das Indias, confiando na palabra de Paul Lucas ou de Tavernier¹⁹⁷.

Considero como precepto indiscutible que calquera que só viu un pobo, en lugar de coñecer aos homes só coñece á xente coa que viviu. Velaí, pois, outra maneira aínda de formular a mesma pregunta das viaxes: Abonda con que un home ben educado só coñeza aos seus compatriotas ou é importante para el coñecer aos homes en xeral? Non hai aquí xa nin discusión nin dúbida. Mirade como a solución dunha pregunta difícil depende ás veces do xeito de formulala!

Mais, para estudar os homes: cómpre percorrer a terra enteira? Cómpre ir ao Xapón observar aos Europeos? Para coñecer a especie: cómpre coñecer a todos os individuos? Non, hai homes

¹⁹⁸ Tavernier e Lucas fixeron distintas viaxes a Oriente nos séculos XVII e XVIII (N. do T.).

que se asemellan tanto que non paga a pena estudialos por separado. O que viu dez Franceses viunos todos; e, aínda que non se poida dicir outro tanto dos Ingleses e dalgúns outros pobos, con todo, é certo que cada nación ten o seu carácter propio e específico que se tira por indución, non da observación dun só dos seus membros senón de varios. O que ten comparado dez pobos coñece aos homes igual que o que viu a dez Franceses coñece aos Franceses.

Para instruírse non abonda con percorrer países. Cómpre saber viaxar. Para observar cómpre ter ollos e dirixilos cara ao obxecto que un quere coñecer. Existe moita xente ás que os viaxes instrúen aínda menos que os libros porque ignoran a arte de pensar, xa que na lectura o seu espírito cando menos é guiado polo autor, e nas viaxes non saben ver nada por eles mesmos. Outros non se instrúen porque non queren instruírse. O seu obxectivo é tan diferente que non os impresiona; é unha gran casualidade se un ve de maneira exacta o que non se preocupa por mirar. De todos os pobos do mundo, o francés é o que máis viaxa, pero embebido dos seus hábitos confunde todo o que non se lle asemella. Hai Franceses en todos os recunchos do mundo. Non hai país onde se atope tanta xente que teña viaxado como en Francia. Con todo, de todos os pobos de Europa, o que máis ve menos os coñece. O Inglés viaxa tamén, mais doutro xeito; cómpre que estes dous pobos sexan contrarios en todo. A nobreza inglesa viaxa, a nobreza francesa non viaxa; o pobo francés viaxa, o pobo inglés non viaxa. Esta diferenza paréceme ir en honor do derradeiro. Os Franceses case sempre teñen algunha mira interesada nas súas viaxes, mais os Ingleses non van buscar fortuna entre as outras nacións se non é a través do comercio e coas mans cheas; cando viaxan é para verter alí o seu diñeiro, non para vivir de moca; son orgullosos de máis como para andaren de gatiñas fóra do seu país. Iso fai tamén que se instrúan mellor no estranxeiro que os Franceses, que teñen un obxectivo diferente na cabeza. E mais os Ingleses

tamén teñen os seus prexuizos nacionais; mesmo teñen máis ca ninguén, pero estes prexuizos están menos relacionados coa ignorancia que coa paixón. O Inglés ten os prexuizos do orgullo e o Francés os da presunción.

Como todos os pobos menos cultivados son en xeral moi sabios, os que viaxan menos viaxan mellor porque, ao estaren menos avanzados ca nós nas nosas frívolas procuras e menos ocupados polos obxectos da nosa fútil curiosidade, préstalle toda a súa atención ao que é verdadeiramente útil. Practicamente non coñezo máis que os Españois que viaxen dese xeito. En tanto que un Francés vai correndo xunto dos artistas dun país, que un Inglés fai que lle debuxen algunha antigüidade e que un Alemán leva o seu *álbum*¹⁹⁹ xunto a todos os sabios, o Español estudia en silencio o goberno, os costumes e a organización social, e é o único dos catro que, de regreso á súa casa, leva do que viu algunha observación útil para o seu país.

Os antigos viaxaban pouco, lían pouco e facían poucos libros, e mais nos que conservamos deles vese que se observaban mellor uns aos outros do que nós observamos aos nosos contemporáneos. Sen nos remontarmos aos escritos de Homero, o único poeta que nos traslada aos países que describe, non se lle pode negar a Herodoto a honra de ter pintado os costumes na súa historia –aínda que esta consista máis en narracións que en reflexións– mellor do que fan os nosos historiadores todos cargando os seus libros con retratos e caracteres. Tácito describiu mellor os Xermanos do seu tempo do que ningún escritor describiu aos Alemáns de hoxe. Indiscutiblemente, os que están versados na historia antiga coñecen mellor aos Gregos, aos Cartaxineses, aos Romanos, aos Galos e aos Persas do que ningún pobo dos nosos días coñece aos seus veciños.

¹⁹⁹ Para que lle escriban e asinen nel (N. do T.).

É preciso confesar tamén que, ao se borraren de día en día, os caracteres orixinais dos pobos fanse pola mesma razón máis difíciles de captar. A medida que as razas se mesturan e os pobos se confunden, vense pouco a pouco desaparecer estas diferenzas nacionais que antigamente sorprendían á primeira ollada. Noutro tempo cada nación permanecía máis pechada en si mesma, había menos comunicacións, menos viaxes, menos intereses comúns ou contrarios, menos relacións políticas e sociais de pobo a pobo; non había tantos deses atafegos reais chamados negociacións nin embaixadores ordinarios ou con residencia permanente; as grandes negociacións eran raras, había pouco comercio afastado e o pouco que había era feito polo príncipe, que se servía de estranxeiros, ou por xente desprezada que non lle marcaba a pauta a ninguén e non achegaban ás nacións. Hai cen veces máis relacións agora entre Europa e Asia do que había antigamente entre a Galia e España: xa só Europa estaba máis esfrangullada do que a Terra enteira o está hoxe.

Engadide a iso que os pobos antigos, ao se miraren na súa maioría como autóctonos ou orixinarios do seu propio país, ocupábano dende tempo abondo como para ter perdido a memoria dos séculos recuados nos que os seus antepasados se estableceran nel e terlle deixado tempo ao clima para imprimir sobre eles pegadas duradeiras, en tanto que entre nós, despois das invasións dos Romanos, as recentes emigracións dos bárbaros mesturaron e confundiron todo. Os Franceses de hoxe xa non son aqueles grandes corpos loiros e brancos doutra época, os Gregos xa non son aqueles fermosos homes feitos para serviren de modelo á arte; a figura dos mesmos Romanos cambiou de carácter igual que de natureza; os Persas, orixinarios de Tartaria, perden cada día a súa fealdade primitiva a través da mestura do sangue circásico. Os Europeos xa non son Galos, Xermanos, Iberos ou Alóbrogos; son só Escitas diferentemente dexenerados tocante á figura e aínda máis tocante aos costumes.

Velaí por que as antigas distincións das razas, das calidades do aire e do terreo marcaban máis fortemente de pobo a pobo os

temperamentos, as figuras, os costumes e os caracteres do que todo iso pode marcarse nos nosos días nos que a inconstancia europea non lle deixa a ningunha causa natural tempo para imprimir a súa pegada, e nos que os bosques abatidos, as lagoas desecadas e a terra máis uniformemente cultivada –aínda que peor– xa non deixan, mesmo no físico, a mesma diferenza de terra a terra e de país a país.

Se cadra, con semellantes reflexións apresuraríanse menos en ridiculizar a Herodoto, a Ctesias e a Plinio por teren representado aos habitantes dos diversos países con trazos orixinais e diferenzas marcadas que xa non vemos. Cumpría volver atopar os mesmos homes para recoñecer neles as mesmas figuras; cumpría que nada os tivese cambiado para que tivesen permanecido os mesmos. Se puidésemos considerar á vez todos os homes que teñen existido: seica poderíamos dúbida de que non os atoparíamos máis variados de século a século do que hoxe se atopan de nación a nación?

Ao mesmo tempo que as observacións se fan máis difíciles, fanse máis descoidadamente e peor; é outra razón do pouco éxito das nosas investigacións na historia natural do xénero humano. A instrución que un tira das viaxes refírese ao obxectivo que as fai emprender. Cando este obxectivo é un sistema de filosofía, o viaxeiro nunca ve máis que o que quere ver; cando este obxectivo é o interese, absorbe toda a atención dos que se entregan a el. O comercio e as artes que mesturan e confunden os pobos impiden tamén que se estudien. Cando coñecen o proveito que poden gañar un co outro: que máis precisan saber?

É útil para o home coñecer todos os lugares nos que se pode vivir a fin de escoller despois aqueles onde se pode vivir máis comodamente. Se cadaquén se bastase a si mesmo, non lle importaría coñecer máis que o país que pode alimentalo. O salvaxe, que non precisa a ninguén e non cobiza nada no mundo, non coñece e non busca coñecer outros países fóra do seu. Se se ve forzado a estenderse para subsistir, foxe dos luga-

res habitados polos homes; só quere a compañía dos animais e só os precisa a eles para se alimentar. Mais para nós, aos que a vida social nos é necesaria e que non podemos xa prescindir de comer homes, o interese de cada un de nós é frecuentar os países onde máis homes se atopan. Velái porque todo aflúe a Roma, a París e a Londres. É sempre nas capitais onde o sangue humano se vende máis barato. Así só se coñecen os pobos grandes, e os pobos grandes aseméllanse todos.

“Temos –dise– sabios que viaxan para instruírse”. É un erro, os sabios viaxan por interese como os demais. Xa non se atopa ningún platón e ningún pitágoras, ou se existen é moi lonxe de nós. Os noso sabios viaxan só por orde da Corte; envíanos, custéanlles os gastos e páganlles para ver tal ou cal obxectivo, que con toda seguridade non é un obxectivo moral. Débenlle todo o seu tempo a este obxectivo único e son demasiado honestos como para roubaren os seus cartos. Se a algún país polo que poidan ter curiosidade viaxan a expensas deles, nunca é para estudiaren os homes, é para os instruíren. Non é de ciencia do que precisan senón de ostentación. Como habían aprender nas súas viaxes a se sacudiren o xugo da opinión? Fanas unicamente por ela.

Hai moita diferenza entre viaxar para ver países ou para ver pobos. O primeiro obxectivo é sempre o dos curiosos, o outro só é accesorio para eles. Debe ser todo o contrario para aquel que quere filosofar. O rapaz observa as cousas esperando o momento de poder observar os homes. O home debe comezar por observar aos seus semellantes, e logo observa as cousas se ten tempo.

Daquela, é razoar mal o concluír que as viaxes son inútiles, que facemos mal en viaxar. Mais, recoñecida a utilidade das viaxes: deducirase que conveñen a todo o mundo? Moi lonxe diso, conveñen, polo contrario, só a moi pouca xente: só conveñen aos homes suficientemente firmes neles como para escoitar as leccións do erro sen se deixaren seducir, e para ver o exemplo do vicio sen se deixaren arrastrar. As viaxes empuxan a

natureza de cada un cara á súa inclinación e acaban de facer ao home bo ou malo. Calquera que regresa de percorrer o mundo é á súa volta o que ha ser toda a vida; volven máis malos que bós porque marcha máis xente inclinada ao mal que ao ben. Os mozos mal educados e mal guiados contraen nas súas viaxes todos os vicios dos pobos que frecuentan e ningunha das virtudes mesturadas a estes vicios, mais aqueles que naceron felizmente, aqueles dos que se cultivou ben a boa natureza e viaxan co verdadeiro propósito de se instruír volven todos mellores e máis sabios do que marcharan. Así ha viaxar o meu Emilio; así tiña viaxado ese mozo digno dun mellor século de quen Europa, asombrada, admirou o mérito e que morreu polo seu país na flor da idade, mais que merecería vivir, e de quen a tumba, adornada polas súas únicas virtudes, agardaba para que a honrasen a que unha man estranxeira sementase nela flores²⁰⁰.

Todo o que se fai segundo a razón debe ter as súas regras. As viaxes, tomadas como unha parte da educación, deben ter as súas. Viaxar por viaxar é andar errante, ser vagabundo; viaxar para se instruír tamén é un obxectivo demasiado vago: a instrución que non ten unha finalidade determinada non é nada. Quixera inculcarlle ao mozo un interese sensible por se instruír, e este interese ben escollido establecería tamén a natureza da instrución. É sempre a consecuencia do método que eu tratei de practicar.

Ora ben, despois de se ter considerado polas súas relacións físicas cos outros seres e polas súas relacións morais cos outros homes, quedalle considerarse polas súas relacións sociais cos seus concidadáns. Cómpre para iso que comece por estudar a natureza do goberno en xeral, as diversas formas de goberno, e finalmente o goberno particular baixo o que naceu, para saber

²⁰⁰ Ao parecer trátase de Louis-Marie Fouquet, conde de Gisors, ao que Rousseau aludiu xa no libro II (ver nota 84) e que morreu no decurso da Guerra dos Sete Anos na batalla de Crefeld, en 1758 (N. do T.).

se convén vivir alí porque, por un dereito que ninguén pode abrogar, todo home, ao se facer maior e dono de si mesmo faise tamén dono de renunciar ao contrato polo que está unido á comunidade abandonado o país no que ela está establecida. Non é senón por medio da estradía que fai neste despois da idade da razón polo que se supón que confirma tacitamente o compromiso que adoptaron os seus devanceiros. Adquire o dereito de renunciar á súa patria igual que á sucesión de seu pai. Tamén, ao ser o lugar de nacemento un don da natureza, un cede do seu ao renunciar. Polo dereito rigoroso, todo home permanece libre asumindo riscos calquera que sexa o lugar onde naza, a menos que se someta voluntariamente ás leis para adquirir o dereito a ser protexido daqueles.

Entón, diríalle, por exemplo: “Ata aquí tedes vivido baixo a miña dirección, non estabades en condicións de vos gobernar vós mesmo. Mais estádesvos achegando á idade na que as leis, ao vos deixaren dispor da vosa riqueza, fanvos dono da vosa persoa. Ídesvos atopar só na sociedade, dependente de todo, mesmo do voso patrimonio. Tendes en proxecto establecervos e este proxecto é louvable, é un dos deberes do home; mais antes de casardes cómpre saber qué home queredes ser, en qué queredes pasar a vosa vida, qué medidas queredes tomar para asegurarvos o pan a vós e á vosa familia, porque aínda que non sexa preciso facer de tal preocupación o seu asunto principal, cómpre, con todo, que un pense niso unha vez. Querédesvos comprometer na dependencia dos homes que desprezades? Queredes establecer a vosa fortuna e determinar o voso estado a través de relacións sociais que vos han deixar constantemente á discreción doutras persoas e vos han forzar, para lles escapar aos loubáns, a convertervos tamén vós en loubán?”.

Nese momento hei describir todos os medios posibles de facer render a riqueza propia, sexa no comercio, sexa nos cargos, sexa nas finanzas, e heille amosar que non existe un só que non presente perigos para correr, que non o deixe nun estado

precario e dependente, e non o obrigue a regular os seus costumes, os seus sentimentos e a súa conduta segundo o exemplo e prexuízos dos demais.

“Existe –dixelle– outro medio de empregar o propio tempo e a propia persoa; é alistarse no servizo, é dicir alugarse por uns bos cartos para ir matar xente que non nos fixo mal ningún. Este oficio ten gran estima entre os homes e fanlles un caso extraordinario a aqueles que só serven para iso. Por riba, lonxe de vos dispensar dos outros recursos, fáivolos máis necesarios, porque entra tamén no honor desta condición arruinar aos que se consagran a ela. É certo que non todos se arruinan. Mesmo está chegando a moda de, insensiblemente, enriquecerse nela igual que nas outras. Mais temo que ao vos explicar como fan para logralo os que o acadan poida transmitirvos curiosidade por imitalos.

Saberedes tamén que neste oficio mesmo non é xa cuestión de coraxe nin de valor– se non é se cadra cabo das mulleres– que, polo contrario, o máis rastreiro, o máis baixo e o máis servil sempre recibe máis honores; que se decidides querer facer simplemente o voso oficio habedes ser desprezado, odiado e se cadra expulsado, e polo menos cangado de inxustizas e suplantado por todos os vosos compañeiros por terdes feito o voso servizo na trincheira cando eles facían o seu no toucador”.

Ben se pode sospeitar que todos estes empregos diversos non han ser moi do gusto de Emilio. “E logo que? –hame el dicir– Seica me esqueceron os xogos da infancia? Seica perdín os brazos? Seica se me esgotou a forza? Seica xa non sei traballar? Que me importan todos os vosos bonitos empregos e todas as parvas opinións dos homes? Non coñezo outra gloria que a de ser benfeitor e xusto, non coñezo outra felicidade que a de vivir independente co que se ama, gañando todos os días apetito e saúde co seu traballo. Todas estas dificultades das que me falades non me alteran. Por toda riqueza non quero máis que unha quinta nalgún recuncho do mundo. Hei poñer nela toda a miña avaricia en facela render e hei vivir sen inqueda. Sofía e máis o meu agro, e hei ser rico”.

“Si, meu amigo, abonda para a felicidade do sabio unha muller e un eido que sexan seus. Mais estes tesouros, aínda que modestos, non son tan correntes como pensades. Vós atopastes o máis raro, falemos do outro.

“Un agro que sexa voso, querido Emilio! E en que lugar o habedes escoller? En que recuncho da Terra habedes poder dicir: “Aquí son o meu amo e o do terreo que me pertence”? Sábese en que lugares é doado facerse rico, mais: quen sabe onde un pode prescindir de selo? Quen sabe onde un pode vivir independente e libre, sen ter necesidade de lle facer mal a ninguén e sen medo a recibilo? Credes que o país onde está sempre permitido ser home de ben é tan doado de atopar? Se existe algún medio lexítimo e seguro de subsistir sen intrigas, sen historias e sen dependencias, concordo en que é o de vivir do traballo das propias mans cultivando a propia terra, mais: onde se atopa o Estado no que se pode dicir “ A terra que estou a pisar é miña”? Antes de escoller esta terra feliz, asegurádevos ben de atopardes nela a paz que buscades; gardádevos de que un goberno violento, unha relixión perseguidora e uns costumes perversos non veñan perturbarvos. Poñédevos ao abeiro dos impostos desmedidos que devorarían o froito dos vosos esforzos, e dos preitos sen fin que consumirían os vosos fondos. Facede de xeito que ao vivirdes xustamente non teñades que lle facer as beiras a ningún intendente²⁰¹ ou substituto del, a ningún xuíz, crego, veciño poderoso ou loubán de calquera caste, sempre dispostos a vos atormentar se non tedes coidado con eles. Poñédevos sobre todo ao abeiro das aldraxes dos grandes e dos ricos, pensade en que en todas partes as súas terras poden lindar coa viña de Nabot. Se a vosa desgraza quere que un home do lugar merque ou constrúa unha casa perto da vosa cabana, asegurádevos de que non ha atopar, baixo ningún pretexto, a maneira de invadir o voso herdo para

²⁰¹ O intendente era un alto funcionario, delegado do rei nunha ou varias rexións, que gozaba de amplas atribucións (N. do T.).

completala, ou de que non habedes ver, se cadra, dende o día seguinte, absorber todos os vosos recursos por un amplo camiño grande. De que se conservades crédito para facer fronte a todos eses inconvenientes vale tanto conservar tamén as vosas riquezas porque non vos ha custar máis gardalas. A riqueza e o crédito afíncanse mutuamente, un sempre se sostén mal sen o outro.

“Teño máis experiencia ca vós, querido Emilio, vexo mellor a dificultade do voso proxecto. E mais é fermoso e honrado, e habíavos facer realmente feliz. Esforcémonos en executalo. Teño unha proposta que vos facer. Consagremos os dous anos que tomamos ata o voso regreso a escollermos un abeiro en Europa onde poidades vivir feliz coa vosa familia ao amparo de todos os perigos dos que vos acabo de falar. Se o acadamos, teredes atopado a verdadeira felicidade buscada en van por tantos outros e non habedes ter perda do voso tempo. Se non o acadamos, habedes curar dunha quimera; habédesvos consolar dunha desgraza inevitable e habédesvos someter á lei da necesidade”.

Non sei se todos os meus lectores albiscarán ata onde nos vai levar a procura así proposta, mais sei ben que, se a volta das miñas viaxes comezadas e continuadas con este proxecto, Emilio non regresa versado en todas as materias de goberno, de costumes públicos e de todo tipo de preceptos de Estado, cómpre que el ou eu esteamos moi desprovistos de intelixencia un e de xuízo o outro.

O dereito político aínda está por facer, e pódese presumir que non ha nacer endexamais. Grocio, mestre de todos os nosos sabios neste eido, é só un rapaz, e o que é peor: un rapaz de mala fe. Cando oio elevar a Grocio ata as nubes e cubrir a Hobbes de execración, vexo cantos homes sensatos len ou comprenden a estes dous autores. A verdade é que os seus principios son exactamente semellantes, só difiren na expresión. Difiren tamén no método. Hobbes apoiase en sofismas e Grocio en poetas, teñen todo o restante en común.

O único moderno en condicións de crear esta grande e inútil ciencia tería sido o ilustre Montesquieu. Mais non tivo coitado

en tratar sobre os principios do dereito político, contentouse con tratar do dereito positivo dos gobernos establecidos e non hai nada no mundo máis diferente que estes dous estudos.

Porén, aquel que quere xulgar saudablemente sobre os gobernos tales como existen, ten a obriga de reunir ámbolos dous; cómpre saber o que debe ser para xulgar ben sobre o que é. A maior dificultade para esclarecer estas importantes materias reside en interesar a un particular en discutilas, en responder a estas dúas preguntas: “Que me importa?” e máis: “Que lle podo facer?” Nós puxemos ao noso Emilio en condicións de se responder ás dúas.

A segunda dificultade ven dos prexuízos da infancia, dos preceptos nos que un foi alimentado e sobre todo da parcialidade dos autores que, ao falaren sempre da verdade da que practicamente non se preocupan, pensan unicamente no seu interese, do que non falan. Ora ben, o pobo non concede nin cátedras nin pensións nin prazas nas Academias; que se xulgue como deben establecer os seus dereitos esta xente! Eu fixen de xeito que esta dificultade fose tamén nula para Emilio. Apenas sabe o que é goberno; a única cousa que lle importa é atopar o mellor; o seu obxectivo non é escribir libros, e se algunha vez os escribe non ha ser para lles facer as beiras aos poderosos senón para establecer os dereitos da humanidade.

Queda unha terceira dificultade, máis especiosa que sólida, e que non quero resolver nin formular; abóndame con que non asuste o meu celo. Claro que en procuras deste tipo son menos necesarios grandes talentos que sincero amor á xustiza e verdadeiro respecto á verdade. Daquela, se as materias de goberno poden ser tratadas con equidade, eu penso que aquí temos o caso: agora ou nunca.

Antes de observar cómpre establecerse unhas regras para as súas observacións: cómpre construírse unha escala para trasladar a ela as medidas que se adoptan. Os nosos principios de dereito político son esa escala. As nosas medidas son as leis políticas de cada país.

Os nosos elementos son claros e sinxelos, tomados directamente da natureza das cousas. Hanse formar das cuestións discutibles entre nós que non habemos converter en principios senón cando estean suficientemente resoltas.

Por exemplo, remontando primeiro ao estado natural, examinaremos se os homes nacen escravos ou libres, asociados ou independentes, se se reúnen voluntariamente ou pola forza, se algunha vez a forza que os reúne pode constituír un dereito permanente polo que esta forza anterior obriga, mesmo cando ten outra por riba, de xeito que dende a forza do rei Nemrod –que, segundo se di, someteu aos primeiros pobos– todas as demais forzas que destruíron a esta convertéronse en inicuas e usurpadoras e só existen como lexítimos reis os descendentes de Nemrod ou os seus beneficiarios. Ou ben se, cesando esta primeira forza, a forza que a sucede obriga a súa vez e destrúe a obriga da outra, de sorte que un só se ve obrigado a obedecer cando está forzado e vese dispensado tan axiña como pode resistirse. Este dereito parece que non engadiría gran cousa á forza e practicamente non sería mais que un xogo de palabras.

Examinaremos se non se pode dicir que toda enfermidade ven de Deus, e se se deduce diso que é un crime chamar ao médico.

Examinaremos tamén se estamos obrigados en conciencia a lle dar a bolsa a un bandido que nola pide no camiño real mesmo cando podemos esconderlla, porque, despois de todo, a pistola que leva tamén é un poder.

Se a palabra “poder” nesta ocasión quere dicir outra cousa distinta a un poder lexítimo, e por conseguinte sometida ás leis das que provén o seu ser.

Supoñendo que rexeitemos ese dereito de forza e que admitamos o da natureza ou o a autoridade paterna como principio das sociedades, investigaremos a medida desta autoridade, como está fundada sobre a natureza e se ten outra razón que a utilidade do fillo, a súa debilidade e o amor natural que o pai lle ten. Se, daquela, a debilidade do fillo cesase e a súa razón

madurase: seica non se converte no único xuíz natural do que convén para a súa conservación, e por conseguinte no seu propio dono, e independente de calquera outro home, mesmo seu pai? Porque aínda é máis seguro que o fillo se ama a si mesmo máis do que o pai ama ao fillo.

Se, morto o pai, os fillos teñen que lle obedecer ao máis vello ou a calquera outro que non teña con eles o vencello natural do pai, e se de xeración en xeración haberá sempre un xefe único ao que toda a familia teña que obedecer. Nese caso investigaríamos como a autoridade podería nalgunha ocasión ser compartida, e con que dereito habería na Terra toda máis dun xefe que gobernase ao xénero humano.

Suposto que os pobos se tivesen formado por escolla, distinguiremos entón o dereito do feito, e preguntaremos se –estando así submisos aos seus irmáns, tíos ou pais, non porque estivesen obrigados senón porque así o decidiron– este tipo de sociedade non entra sempre na asociación libre e voluntaria.

Pasando despois ao dereito de escravitude, examinaremos se un home pode lexitimamente allearse a outro sen restrición, sen reserva e sen ningunha caste de condición. É dicir, se pode renunciar á súa persoa, á súa vida, á súa razón, ao seu *eu*, a toda moralidade nas súas accións, e, nunha palabra, deixar de existir antes da súa morte, malia a natureza que o encarga directamente da súa propia conservación e malia a súa conciencia e a súa razón, que lle prescriben o que debe facer e aquilo do que se debe abster.

Se houbese algunha reserva, algunha restrición no acto da escravitude, discutiremos se este acto non se converte entón nun verdadeiro contrato, no que, ao non ter cada un dos dous contratantes nesta calidade un superior común²⁰², permanecen os seus propios xuíces tocante ás condicións do contrato, e por

²⁰² Se tivesen un, este superior común non había ser outro que o soberano, e daquela o dereito de escravitude fundado sobre o dereito de soberanía non sería o principio diste.

conseguinte libres cada un nesta parte e donos de rompelo tan axiña como se consideren lesionados.

Se un escravo non pode allearse sen reserva ao seu amo: como é que un pobo pode allearse sen reserva ao seu xefe? E se o escravo permanece xuíz da observancia do contrato polo seu amo: como é que o pobo non ha permanecer xuíz da observancia do contrato polo seu xefe?

Forzados a retroceder, e considerando o sentido da palabra colectiva “pobo”, investigaremos se para establecelo non cómpre un contrato –cando menos tácito– anterior ao que supoñemos.

Dado que antes de se elixir un rei o pobo é un pobo: que é o que o fixo tal senón o contrato social? O contrato social é, daquela, a base de toda sociedade civil, e é na natureza deste acto onde cómpre buscar a da sociedade que el forma.

Investigaremos cal é o teor deste contrato, e se non se pode aproximadamente enuncialo a través desta fórmula: *Cada un de nós pon en común os seus bens, a súa persoa, a súa vida e todo o seu poder baixo a suprema dirección da vontade xeral, e recibimos corporativamente a cada membro como parte indivisible da totalidade.*

Suposto isto, para definir os termos que precisamos repararemos en que en lugar da persoa particular de cada contratante este acto de asociación produce un corpo moral e colectivo composto de tantos membros como voces. Esta persoa pública toma en xeral o nome de *corpo político*, que é chamado polos seus membros Estado cando é pasivo, *soberano* cando é activo e *poder* ao comparalo cos seus semellantes. Tocante aos propios membros, adoptan o nome de pobo colectivamente e chámanse en particular *cidadáns* como membros da *cidade* ou partícipes da autoridade soberana, e *súbditos* en tanto que sometidos á mesma autoridade.

Repararemos en que este acto de asociación encerra un compromiso recíproco do público e dos particulares, e que cada individuo, ao contratar, por dicilo así, consigo mesmo, atópase

comprometido nunha dobre relación: a saber, como membro do soberano cos particulares, e como membro do Estado co soberano.

Repararemos aínda en que, ao non se ver ninguén obrigado a manter os compromisos que só adoptou consigo mesmo, a deliberación pública que pode obrigar a todos os súbditos co soberano a causa das dúas diferentes relacións nas que cada un deles é considerado, non pode obrigar ao Estado consigo mesmo. A través diso vemos que non existe nin pode existir outra lei fundamental propiamente dita distinta ao pacto social. O que non significa que o corpo político non poida, en certos aspectos, comprometerse con outros, porque en relación co estranxeiro el convértese entón nun ser simple, nun individuo.

Ao non teren as dúas partes contratantes, a saber cada particular e máis o público, ningún superior común que poida xulgar as súas diferenzas, examinaremos se cada un dos dous permanece dono de romper o contrato cando lle praza, é dicir de renunciar a el pola súa parte tan axiña como se considera lesionado.

Para esclarecer esta cuestión, repararemos en que, segundo o pacto social, ao non poder o soberano actuar senón a través de vontades comúns e xerais, os seus actos non deben igualmente ter so obxectivos xerais e comúns, de onde se deduce que un particular só podería ser lesionado directamente polo soberano se o fosen todos, o que é imposible pois que sería quererse facer mal a si mesmo. Así, o contrato social nunca precisa outro garante que a forza pública, porque a lesión só pode proceder dos particulares, e daquela non son por iso libres ao seu compromiso senón castigados por telo quebrantado.

Para ben decidir sobre todas as cuestións semellantes, teremos coidado en nos lembrar sempre que o pacto social é dunha natureza particular e propia del só, xa que o pobo só contrata consigo mesmo, é dicir o pobo corporativamente como soberano cos particulares como súbditos. Condición que causa todo o

artificio de xogo da máquina política, e única que volve lexítimos, razoables e sen perigo uns compromisos que sen iso serían absurdos, tiránicos e sometidos aos abusos máis enormes.

Ao non estaren os particulares sometidos máis que ao soberano, e ao non ser autoridade soberana outra cousa que a vontade xeral, veremos cómo cada home que obedece ao soberano non se obedece máis que a si mesmo, e cómo un é máis libre no pacto social que no estado da natureza.

Despois de ter feito a comparación da liberdade natural coa liberdade civil tocante ás persoas, faremos tocante aos bens a do dereito de propiedade co dereito de soberanía, do eido particular co eido superior. Se é sobre o dereito de propiedade sobre o que está fundada a autoridade soberana, este dereito é o que esta debe respectar máis; é inviolable e sagrado para ela en tanto que permanece como un dereito particular e individual; tan axiña como é considerado común a todos os cidadáns está sometido á vontade xeral e esta vontade pode anulalo. Así, o soberano non ten dereito ningún a lle tocar ao ben dun particular nin de varios, mais pode lexítimamente apoderarse do ben de todos, como aconteceu en Esparta no tempo de Licurgo, en tanto que a abolición das débedas por Solón foi un acto ilexítimo.

Dado que nada, fóra a vontade xeral, obriga aos súbditos, investigaremos como se manifesta esta vontade, por que signos está un seguro de recoñecela, o que é unha lei e cales son os verdadeiros caracteres da lei. Este asunto é completamente novo: a definición da lei está aínda por facer.

No momento en que o pobo considera en particular a un ou varios dos seus membros o pobo divídese. Fórmase entre o todo e a súa parte unha relación que fai deles dous seres separados, dos que a parte é un e o todo menos esa parte o outro. Mais o todo menos a súa parte non é o todo; en tanto que subsiste esa relación, xa non existe logo ningún todo senón dúas partes desiguais.

Polo contrario, cando todo o pobo resolve sobre todo o pobo, só se considera a si mesmo, e se se forma unha relación é do

obxecto enteiro baixo determinado punto de vista co obxecto enteiro baixo o outro punto de vista, sen ningunha división do todo. Daquela, o obxecto sobre o que se resolve é xeral, e a vontade que resolve tamén é xeral. Examinaremos se existe algún outro tipo de acto que poida levar o nome de lei.

Se o soberano só pode falar a través de leis, e se a lei só pode sempre ter un obxecto xeral e relativo igualmente a todos os membros do Estado, dedúcese que o soberano nunca ten o poder de resolver nada sobre un obxecto particular, e como, malia todo, importa para a conservación do Estado que se decida tamén sobre cousas particulares, investigaremos como pode facerse iso.

Os actos do soberano só poden ser actos de vontade xeral, leis; comprenden despois actos determinantes, actos de forza ou de goberno para a execución desas mesmas leis, e estes, polo contrario só poden ter obxectos particulares. Así, o acto a través do que o soberano resolve que se elixirá o xefe é unha lei, e o acto a través do cal se elixe este xefe en execución da lei non é senón un acto de goberno.

Velaí, pois, unha terceira relación baixo a que o pobo reunido pode ser considerado, a saber, como maxistrado ou executor da lei que produciu como soberano²⁰³.

Examinaremos se é posible que o pobo se desprenda do seu dereito de soberanía para revestir con el a un home ou a varios porque, ao non ser o acto de elección unha lei e ao non ser soberano neste acto o propio pobo, non se ve como pode, daquela, transferir un dereito que non ten.

Ao consistir a esencia da soberanía na vontade xeral, tampouco non se ve como se pode asegurar que unha vontade par-

²⁰³ Estas cuestións e proposicións están na súa maioría extraídas do tratado *Do contrato social*, extraído tamén el dunha obra máis grande emprendida sen ter en conta as miñas forzas e abandonada dende hai moito tempo. O pequeno tratado que separei dela, e do que este é o sumario, ha ser publicado a parte.

particular sempre ha estar de acordo con esa vontade xeral. Débese antes ben presumir que ha ser contrario a ela, porque o interese privado tende sempre ás preferencias e o interese público á igualdade, e mesmo se ese acordo fose posible abondaría con que non fose necesario e indestrutible para que non puidese resultar del o dereito soberano.

Investigaremos se, sen quebrantaren o pacto social, os xefes do pobo, baixo calquera nome que sexan elixidos, poden algunha vez ser outra cousa que os oficiais do pobo, aos que este ordena facer executar as leis. Se estes xefes non lle deben contas da súa administración e non están eles mesmos sometidos ás leis que teñen o encargo de facer observar.

Se o pobo non pode allear o seu dereito supremo: seica pode confialo por algún tempo? Se non pode darse un amo: seica pode darse representantes? Esta cuestión é importante e merece discusión.

Se o pobo non pode ter nin soberano nin representantes, examinaremos como pode producir el mesmo as súas leis; se debe haber moitas leis, se debe cambialas a miúdo, se é doado que un gran pobo sexa o seu propio lexislador.

Se o pobo romano non era un gran pobo.

Se é ben que existan grandes pobos.

Séguese das consideracións precedentes que existe no Estado un corpo intermedio entre os súbditos e o soberano, e este corpo intermedio, formado por un ou varios membros, está encargado da administración pública, da execución das leis e do mantemento da liberdade civil e política.

Os membros deste corpo chámanse *maxistrados* ou *reis*, é dicir gobernadores. O corpo enteiro, considerado a través dos homes que o compoñen chámase *príncipe* e considerado a través da súa acción chámase *gobierno*.

Se consideramos a acción do corpo enteiro actuando sobre si mesmo, é dicir a relación do todo co todo ou do soberano co Estado, podemos comparar esta relación coa dos extremos

dunha proporción continua, da que o goberno constitúe o termo medio. O maxistrado recibe do soberano as ordes que dá ao pobo e, compensado todo, o seu produto ou o seu poder está no mesmo grao que o produto ou o poder dos cidadáns que son súbditos por unha banda e soberanos pola outra. Non se podería alterar ningún dos tres termos sen romper no instante a proporción. Se o soberano quere gobernar, ou se o príncipe quere dar leis, ou se o súbdito se nega a obedecer, a desorde sucede á regra e o Estado, disolvido, cae no despotismo ou na anarquía.

Supoñamos que o Estado estea composto por dez mil cidadáns. O soberano non pode ser considerado mais que colectivamente e en tanto que corpo, mais cada particular ten como súbdito unha existencia individual e independente. Así o soberano é ao súbdito igual que dez mil a un: é dicir que cada membro do Estado só ten pola súa banda a dezmilésima parte da autoridade soberana aínda que lle estea sometido todo enteiro. Que o pobo estea composto por cen mil homes non cambia o estado dos súbditos, e cada un leva sempre todo o poder das leis, en tanto que o seu sufraxio, reducido a unha cenmilésima, ten dez veces menos influencia na súa relación. Así, ao permanecer o súbdito sempre un, a relación do soberano aumenta en razón do número dos cidadáns. De onde se deduce que canto máis se agranda o Estado, máis diminúe a liberdade.

Ora ben, canto menos están as vontades particulares en relación coa vontade xeral, é dicir os costumes coas leis, máis debe aumentar a forza reprimente. Por outra banda, ao lle dar o tamaño do Estado aos depositarios da autoridade pública máis tentacións e medios de abusaren dela, máis forza ten o goberno para conter ao pobo e máis debe ter o soberano á súa vez para conter ao goberno.

Séguese desta dobre relación que a proporción continua entre o soberano, o príncipe e máis o pobo non é unha idea arbitraria senón unha consecuencia da natureza do Estado. Séguese tamén que, ao ser fixo un dos extremos, a saber, o pobo, todas as

veces que a razón dobrada aumenta ou diminúe, a razón simple aumenta ou diminúe á súa vez, o que non pode facerse sen que o termo medio cambie outras tantas veces. Do que podemos tirar a consecuencia de que non hai unha constitución de goberno única e absoluta senón que debe haber tantos gobernos diferentes en natureza como Estados hai diferentes en tamaño.

Se canto máis numeroso é o pobo menos relación teñen os costumes coas leis, examinaremos se por unha analoxía evidente dabondo non se pode dicir tamén que canto máis numerosos son os maxistrados máis débil é o goberno.

Para esclarecer este precepto distinguiremos na persoa de cada maxistrado tres vontades esencialmente diferentes. Primeiro a vontade propia do individuo que só tende cara á súa vantaxe particular. En segundo lugar a vontade común dos maxistrados que está unicamente en relación co proveito do Príncipe, vontade que podemos chamar vontade de corpo, que é xeral en relación co goberno e particular en relación co Estado do que o goberno forma parte. En terceiro lugar, a vontade do pobo ou vontade soberana, que é xeral tanto en relación co Estado considerado pobo como en relación co goberno considerado parte do todo. Nunha lexislación perfecta, a vontade particular e individual debe ser case nula e a vontade de corpo propia do goberno moi subordinada, e por conseguinte a vontade xeral e soberana é a regra de todas as outras todas. Polo contrario, segundo a orde natural, estas diferentes vontades fanse máis activas a medida de que se concentran; a vontade xeral sempre é a máis feble, a vontade de corpo ten o segundo posto, e a vontade particular é preferida a todo. De xeito que cadaquén é primeiramente un mesmo, despois maxistrado, e despois cidadán. Gradación directamente oposta á que esixe a orde social.

Exposto isto, supoñeremos que o goberno está entre as mans dun só home. Velaí a vontade particular e a vontade de corpo perfectamente reunidas, e esta, por conseguinte, no maior grao de intensidade que poida acadar. Ora ben, como é deste grao do

que depende o uso da forza e como a forza absoluta do goberno, ao ser sempre a do pobo, non varía, dedúcese que o máis activo dos gobernos é o dun só.

Polo contrario, unamos o goberno coa autoridade suprema, fagamos do soberano o príncipe e dos cidadáns outros tantos maxistrados. Daquela, perfectamente confundida a vontade de corpo coa vontade xeral, non terá máis actividade ca ela e deixará a vontade particular con toda a súa forza. Así o goberno, sempre coa mesma forza absoluta, estará no seu mínimo de actividade.

Estas regras son indiscutibles, e outras consideracións serven para confirmalas. Vese, por exemplo, que os maxistrados son máis activos no seu corpo do que o cidadán é no seu, e que por conseguinte a vontade particular ten niso moita máis influencia. Porque cada maxistrado está case sempre encargado dalgunha función particular de goberno, en tanto que cada cidadán considerado a parte non ten ningunha función da soberanía. Por outra banda, canto máis se estende o Estado, máis aumenta a súa forza real, aínda que esta non aumente en razón da súa extensión; mais, ao permanecer o mesmo o Estado, por moito que se multipliquen os maxistrados o goberno non adquire unha maior forza real, porque é depositaria da do Estado, que supoñemos sempre igual. Así, por esta pluralidade, a actividade do goberno diminúe sen que a súa forza poida aumentar.

Despois de termos atopado que o goberno se relaxa a medida de que os maxistrados se multiplican, e que, canto máis numeroso é o pobo máis debe aumentar a forza reprimente do goberno, concluiremos que a relación dos maxistrados co goberno debe ser inversa á dos súbditos co soberano: é dicir, que canto máis se agrande o Estado, máis debe estreitarse o goberno, tanto que o número dos xefes diminúe en razón do aumento do pobo.

Para establecer a continuación esa diversidade de formas baixo denominacións máis precisas, repararemos en primeiro lugar en que o soberano pode confiar o depósito do goberno a todo o pobo ou a maior parte do pobo, de xeito que haxa máis ci-

dadáns maxistrados que cidadáns simples particulares. Dáselle o nome de Democracia a esta forma de goberno.

Ou ben pode estreitar o goberno entre as mans dun menor número, de xeito que haxa máis simples cidadáns que maxistrados, e esta forma leva o nome de Aristocracia.

Finalmente, pode concentrar todo o goberno entre as mans dun maxistrado único. Esta terceira forma é a máis común e chámase Monarquía ou goberno real.

Repararemos en que todas estas formas, ou cando menos as dúas primeiras, son susceptibles de máis ou menos e mesmo teñen unha gran latitude. Porque a Democracia pode abranguer todo o pobo ou estreitarse ata a metade. A aristocracia, á súa vez, pode dende a metade do pobo apreixarse indeterminadamente ata os números máis pequenos. A propia Realeza admite ás veces un reparto, sexa entre o pai e o fillo, sexa entre dous irmáns, ou sexa de maneira distinta. Había sempre dous reis en Esparta, e no Imperio romano téñense visto ata oito emperadores a un tempo sen que puidese dicirse que o Imperio estivese dividido. Hai un punto no que cada forma de goberno se confunde coa seguinte, e baixo tres denominacións específicas o goberno é realmente capaz de tantas formas como cidadáns ten o Estado.

Hai máis: ao poderen estes gobernos en certos aspectos subdividirse en diversas partes, unha administrada dun xeito e outra doutro, pode resultar destas tres formas combinadas unha multitude de formas mixtas das que cada un é multiplicable por todas as formas simples.

En todo tempo se ten discutido moito sobre a mellor forma de goberno, sen considerar que cada unha é a mellor en certos casos e a peor noutros. Canto a nós, se nos diferentes Estados o número dos maxistrados²⁰⁴ debe ser inverso ao dos cidadáns,

²⁰⁴ Lembrárase que só entendo falar aquí de maxistrados supremos ou xefes da nación ao non seren os outros máis que os seus substitutos en tal ou cal parte.

concluiremos que en xeral o goberno democrático convenlles aos Estados pequenos, o aristocrático aos medianos e o monárquico aos grandes.

É polo fío destas investigacións como chegaremos a saber cales son os deberes e os dereitos dos cidadáns e se se poden separar uns dos outros. O que é a patria, en que consiste exactamente e en que pode coñecer cada un se ten unha patria ou non a ten.

Despois de ter considerado así cada tipo de sociedade civil en si mesma, compararémoslas para observar as súas diferentes relacións. Unhas grandes e outras pequenas; unhas fortes e outras febles, atacándose, agredíndose, destruíndose mutuamente e causando nesta acción e reacción continua máis miserables e custándolles a vida a máis homes que se tivesen observado todos eles a súa liberdade primitiva. Examinaremos se non se fixo demasiado ou demasiado pouco na institución social; se, namentres que as sociedades conservan entre elas a independencia da natureza, os individuos sometidos ás leis e aos homes non permanecen expostos aos males dos dous estados sen teren as vantaxes, e se non valería máis que non existira ningunha sociedade civil no mundo antes de que houberse varias. Seica non é ese estado mixto que participa en ámbolos dous e non asegura nin un nin outro, *per quem neutrum licet, nec tanquam in bello paratum esse, nec tanquam in pace securum*²⁰⁵? Seica non é esa asociación parcial e imperfecta a que produce a tiranía e a guerra? E seica a tiranía e a guerra non son os máis grandes flaxelos da humanidade?

Examinaremos finalmente o tipo de remedios que se lles buscaron a estes inconvenientes a través das ligas e confederacións que, deixando a cada Estado amo do interior, ármano

²⁰⁵ Cita de Séneca (*De tranquillitate animi*, I, 1): "que non permite nin estar preparado na guerra ni estar seguro na paz" (N. do T.).

no exterior contra todo agresor inxusto. Investigaremos como se pode establecer unha boa asociación federativa, o que pode facela duradeira e ata que punto se pode estender o dereito da confederación sen prexudicar o da soberanía.

O abade de Saint Pierre²⁰⁶ propuxera unha asociación de todos os Estados de Europa para manteren entre eles unha paz perpetua. Seica esta asociación era factible? E, supoñendo que tivese sido establecida: sería presumible que dese durado²⁰⁷? Estas investigacións condúcennos directamente a todas as cuestións de dereito público que poden acabar de esclarecer as do dereito político.

Finalmente expoñeremos os verdadeiros principios do dereito da guerra, e examinaremos por que Grocio e os demais só proporcionaron falsos.

Non me estrañaría que no medio de todos os nosos razoamentos o meu mozo, que ten bo sentido, dixese interrompéndome: “Diríase que construímos o noso edificio con madeira e non con homes, de tan exactamente que trazamos cada peza coa regra!”. “É certo, meu amigo, mais pensade que o dereito non se prega ás paixóns dos homes e que se trataba entre nós de establecer primeiro os verdadeiros principios do dereito político. Agora que os nosos alicerces están botados, vide examinar o que os homes construíron enriba deles e habedes ver cousas ben bonitas!”.

Daquela, fágolle ler o *Telémaco* e seguir o seu camiño: imos na procura da feliz Salento e do bo Idomeneo, asisado a poder de infortunios. De camiño atopamos a moitos Protesilaos e a ningún Filocles. Tamén é posible atopar a Adrasto, rei dos Daonianos. Mais deixemos aos lectores imaxinaren as nosas viaxes ou facelas no noso lugar cun *Telémaco* na man e non lles

²⁰⁶ Ver nota 103.

²⁰⁷ Despois de que escribín isto, as razóns *en pro!* foron expostas no extracto deste proxecto; as razóns *en contra*, cando menos as que me pareceron sólidas, hanse atopar na recolleita dos meus escritos a continuación dese mesmo extracto.

suxiramos aplicacións magoantes que o propio autor descarta ou fai malia el.

Polo demais, ao non ser Emilio rei nin eu Deus, non nos atormentamos por non podermos imitar a Telémaco e a Mentor no ben que lles facían aos homes: ninguén sabe mellor ca nós permanecer no seu lugar e ninguén desexa menos saír del. Sabemos que a mesma tarefa é dada a todos e que calquera que ama o ben con todo o seu corazón e o fai con todo o seu poder cumpriuna. Sabemos que Telémaco e Mentor son quimeras. Emilio non viaxa como home ocioso e fai maior ben que se fose príncipe. Se fósemos reis xa non seríamos benfeitores; se fósemos reis e benfeitores faríamos sen sabelo mil males verdadeiros por un ben aparente que coidásemos facer. Se fósemos reis e asisados, o primeiro ben que quereríamos facernos a nós mesmos e aos demais sería abdicar da realeza e converternos de novo no que somos.

Xa dixen o que volve as viaxes infrutuosas para todo o mundo. O que as volve aínda máis infrutuosas para a mocidade é o xeito como llas fan facer. Os aios, máis curiosos pola súa diversión que pola súa instrución, lévana de cidade en cidade, de palacio en palacio, de círculo en círculo ou, se son doutos e letrados, fanlles pasar o tempo a correr bibliotecas, a visitar arqueólogos, a cachear monumentos antigos e a transcribir vellas inscricións. En cada país ocúpanse doutro século: é como se se ocupasen doutro país; de xeito que, despois de teren percorrido Europa con grandes gastos, entregados ás frivolidades ou ao aborrecemento, regresan sen teren visto nada do que pode interesarlles nin teren aprendido nada do que pode serlles útil.

Todas as capitais se asemellan, todos os pobos e todos os costumes mestúranse e confúndense nelas; non é aí onde cómpre ir estudar as nacións. París e Londres non son aos meus ollos máis que a mesma cidade. Os seus habitantes teñen algúns prexuízos diferentes, pero non teñen máis uns ca os outros, e todos os seus preceptos prácticos son os mesmos. Sabemos que

tipos de homes se deben xuntar nas cortes. Sabemos que costumes debe producir en todas partes o amoreamento do pobo e a desigualdade das fortunas. Tan axiña como me falan dunha cidade composta por duascenas mil almas, sei de antemán como se vive nela. O que había eu saber sobre os lugares a maiores diso non paga a pena ilo coñecer.

É nas rexións recuadas –onde hai menos movemento e comercio, onde os estranxeiros van menos de viaxe e onde os habitantes se desprazan menos e cambian menos de fortuna e de condición– onde cómpre ir estudar o xenio e os costumes dunha nación. Mirade a capital, ao pasardes, mais ide observar o país ao lonxe. Os Franceses non están en París, están na Turena, os Ingleses son máis Ingleses na Mercia²⁰⁸ que en Londres e os Españois máis Españois na Galiza que en Madrid. É nestas grandes distancias onde se manifesta o carácter dun pobo e se amosa tal como é sen mestura: é aí onde se fan sentir mellor os bos e os malos efectos do goberno, igual que a medida dos arcos é máis exacta no extremo dun raio máis grande.

As relacións necesarias dos costumes co goberno foron tan ben expostas no libro *Do espírito das leis* que non podemos facer nada mellor que recorrer a esta obra para estudiamos esas relacións. Mais en xeral hai dúas regras doadas e sinxelas para vulgar sobre a bondade relativa dos gobernos. Unha é a poboación. En todo país que se despoboa o Estado tende á súa ruína, e o país que máis se poboa, aínda que fose máis pobre, é infaliblemente o mellor gobernado.

Mais para iso cómpre que esa poboación sexa un efecto natural do goberno e dos costumes, porque se se fixese por medio de colonias ou doutras vías accidentais e pasaxeiras, habían demostrar, daquela, o mal a través do remedio. Cando Augusto

²⁰⁸ Antigo reino anglo situado nos Midlands que existiu entre os séculos VII e IX e tivo como capital Lichfield (N. do T.).

promulgou leis contra o celibato, estas leis amosaban xa o esmorecemento do Imperio romano. Cómpre que a bondade do goberno leve aos cidadáns a casar e non que a lei os obrigue; non hai que examinar o que se fai pola forza –porque a lei que combate a constitución elúdese e faise inútil– senón o que se fai por influencia dos costumes e por inclinación natural do goberno, porque só estes medios teñen un efecto constante. A política do bondadoso abade de Saint Pierre era procurar sempre un pequeno remedio para cada mal particular, en lugar de remontar á súa orixe común e ver que non se podían curar senón todos a un tempo. Non é cousa de tratar por separado cada chaga que se presenta no corpo dun enfermo senón de depurar a masa do sangue que os produce todos. Disque en Inglaterra existen premios para a agricultura; eu non os quero; só ese feito demóstrame que aquela non ha brillar durante moito tempo.

A segunda marca da bondade relativa do goberno e das leis tírase tamén da poboación, mais doutro xeito, é dicir da súa distribución e non da súa cantidade. Dous Estados iguais en tamaño e en número de homes poden ser moi desiguais en forza, e o máis poderoso dos dous é sempre aquel que ten os habitantes máis uniformemente espallados polo territorio; o que non ten tan grandes cidades, e por conseguinte brilla menos, sempre ha vencer ao outro. Son as grandes cidades as que esgotan un Estado e provocan a súa febleza; a riqueza que producen é unha riqueza aparente e ilusoria, son moitos cartos e pouco efecto. Disque a cidade de París equivale a unha rexión para o rei de Francia; eu penso que lle custa varias, que en máis dun aspecto París é alimentado polas rexións e que a maior parte dos ingresos delas vértense nesta cidade e alí quedan, sen endexamais retornaren ao pobo nin ao rei. É inconcibible que neste século de calculadores non haxa ningún que saiba ver que Francia sería moito máis poderosa se París fose eliminada. Non só o pobo mal distribuído non é vantaxoso para o Estado senón que é máis ruinoso que o propio despoboamento dado

que o despoboamento non causa máis que un produto nulo e o consumo mal entendido causa un produto negativo. Cando oio a un Francés e máis a un Inglés, todos fachendosos da grandeza das súas capitais, discutiren entre eles cal ten máis habitantes, se París ou Londres, para min é como se discutisen sobre cal dos dous pobos ten o honor de ser peor gobernado.

Estudiade un pobo fóra das súas cidades, só así o habedes coñecer. Non é nada ver a forma aparente dun goberno enfeitado polo aparato da Administración e a xerga dos administradores se é que non se estudia tamén a súa natureza a través dos efectos que produce sobre o pobo e en todos os chanzos da Administración. Ao se atopar repartida entre todos estes chanzos a diferenza entre a forma e o fondo, só abranguéndoos a todos eles se coñece esta diferenza. En tal país, é a través das manobras dos subdelegados²⁰⁹ como se comeza a sentir o espírito do ministerio; en tal outro cómpre ver elixir os membros do parlamento para xulgar se é certo que a nación é libre; en calquera país que sexa, resulta imposible que aquel que non viu máis que as cidades coñeza o goberno, dado que o espírito deste non é o mesmo para a cidade que para o campo. Ora ben, é o campo o que conforma o país e é o pobo do campo o que conforma a nación.

Ese estudio dos diferentes pobos nas súas rexións recuadas e na sinxeleza do seu xenio orixinal fornece unha observación xeral ben favorable ao meu epígrafe²¹⁰, e ben consoladora para o corazón humano. É que todas as nacións, así observadas, parecen valer moito máis: canto máis se achegan á natureza máis predomina no seu carácter a bondade. Non é senón ao se pecharren nas cidades, non é senón ao se alteraren a poder de cultura, como se corrompen e mudan en vicios agradables e perniciosos algúns defectos máis groseiros que malignos.

²⁰⁹ Axentes que tiñan a función de informaren aos intendentes (N. do T.).

²¹⁰ Refírese ao epígrafe posto no comezo do libro, a cita de Séneca *Sanabilibus aegrotamus..* (N. do T.).

Desta observación resulta unha nova vantaxe do xeito de viaxar que eu propoño, no sentido en que, ao permaneceren os mozos pouco tempo nas grandes cidades nas que reina unha horrible corrupción, vense menos expostos a contraela e conservan no medio dos homes máis sinxelos e nas sociedades menos numerosas un xuízo máis seguro, un gusto máis san e uns costumes máis honestos. Mais, polo resto, non é de temer moito este contaxio tocante ao meu Emilio; ten todo o que cómpre para se protexer del. Entre todas as precaucións que eu adoptei para iso, doulle moita importancia ao afecto que ten no seu corazón.

Non se sabe xa o que pode o verdadeiro amor sobre as inclinacións dos mozos, porque ao non o coñeceren mellor ca eles, os que os gobernan desvíanos daquel. E máis é preciso que un mozo ame ou que sexa un bandallo. É doado impresionar polas aparencias. Hanme citar a mil mozos que, disque, viven moi castamente sen amor, mais que me citen un home feito, un verdadeiro home que manifeste ter pasado así a súa mocidade e que sexa de boa fe. En todas as virtudes, en todos os deberes só se busca a aparencia; eu busco a realidade e engánome se é que para chegar a ela existen outros medios distintos aos que dou.

A idea de facer namorar a Emilio antes de que viaxase non é invención miña. Velaí a anécdota que mo suxeriu.

Estaba eu en Venecia visitando ao aio dun mozo inglés. Era no inverno e estabamos a carón do lume. O aio recibe as cartas do correo. Leas e despois vólvelle ler unha en voz alta ao seu alumno. Estaba en inglés e eu non entendín nada, mais durante a lectura vin que o mozo esgazaba uns puños de punto que levaba e que os botaba ao lume, un tras doutro, o máis amodiño que podía a fin de que non se decataran diso. Sorprendido por este capricho, miro o seu rostro e creo ver nel emoción, mais os signos exteriores das paixóns, aínda sendo bastante semellantes en todos os homes, teñen diferenzas nacionais nas que é doado enganarse. Os pobos teñen diversas linguaxes no rostro tanto

como na boca. Agardo a que a lectura remate e despois, amosándolle ao aio os pulsos nus do seu alumno, que, malia todo, el trataba de esconder o mellor posible, dígolle: “Pódese saber o que significa isto?”.

O aio, vendo o que pasara, botouse a rir, abrazou ao seu alumno con aire de satisfacción e despois de ter acadado o seu consentimento, deume a explicación que eu desexaba.

“Os puños que o señor John acaba de esgazar –díxome– son un presente que unha dama desta cidade lle fixo non hai moito tempo. Ora ben, vos debedes saber que o señor John está prometido no seu país a unha damiña pola que ten un grande amor e que aínda merece máis. Esta carta é da nai da súa amada e eu vouvos traducir o anaco que lle causou o estrago do que tedes sido testemuña”.

“Lucy non se aparta dos puños de lord John. Miss Betty Roldham veu pasar a tarde onte con ela e insistiu en querer traballar no seu labor. Sabendo que Lucy se erguera hoxe máis cedo que de costume, quixen ver o que facía e atopeina ocupada en desfacer todo o que onte fixera miss Betty. Non quere que haxa no seu presente nin un só punto doutra man que non sexa a súa”.

O señor John saíu un momento despois para coller outros puños e eu díxenlle ao seu aio: “Tedes un alumno de excelente natureza, mais dicídeme a verdade: seica a carta da nai de miss Lucy non estaba amañada? Non se trata dunha solución vosa contra a dama dos puños?”. “Non –díxome el– a cousa é real, non puxen eu tanta arte nos meus coidados, puxen neles sinxeleza e celo e Deus bendiciu o meu traballo”.

A anécdota deste mozo non marchou da miña memoria; non era axeitado que non producira nada na cabeza dun matinador coma min.

É tempo de rematar. Devolvámoslle a lord John a miss Lucy, é dicir Emilio a Sofía. Lévalle un corazón non menos tenro que antes da súa marcha, unha mente máis esclarecida, e leva ao

seu país a vantaxe de ter coñecido os gobernos a través de todos os seus vicios e os pobos a través de todas as súas virtudes. Eu tomei o coidado de que se unise en cada nación con algún home de mérito a través dun tratado de hospitalidade ao xeito dos antigos e non me molestaría que cultivase estas amizades a través dun troco de cartas. Ademais de que pode ser útil e que sempre é agradable ter correspondencia cos países afastados, é unha excelente precaución contra o dominio dos prexuízos nacionais que, ao nos atacaren durante toda a vida teñen tarde ou cedo algunha influencia sobre nós. Non hai nada máis axeitado para lles tirar esa influencia que o trato desinteresado con xente sensata que un estima, a que, ao non ter eses prexuízos e combatelos a través dos seus, nos fornece os medios de opoñer-mos constantemente uns aos outros e de nos protexermos así de todos. Non é a mesma cousa tratar cos estranxeiros no noso país que no deles. No primeiro caso sempre teñen polo país no que viven unha consideración que lles fai disfrazar o que pensan del ou que lles fai pensar favorablemente mentres permanecen alí; de volta no seu redúcena e son simplemente xustos. Sería para min unha gran satisfacción que o estranxeiro que eu consulte tivese visto o meu país, mais só lle hei preguntar a súa opinión sobre este no seu.

Despois de ter empregado case dous anos en percorrer algúns dos grandes Estados de Europa e moitos máis dos pequenos, despois de ter aprendido as súas dúas ou tres principais linguas, despois de ter visto o que verdadeiramente curioso existe neles, quer tocante á historia natural, quer canto ao goberno, quer canto ás artes, quer canto aos homes, Emilio, devorado pola impaciencia, advírteme que o noso termo estase achegando. Daquela, dígolle: “Pois ben, meu amigo, vós lembrádesvos do principal obxecto das nosas viaxes, tedes mirado

e observado. Cal é finalmente o resultado das vosas observacións? Que é o que escolledes?”. Ou ben eu enganeime no meu método, ou debe responderme máis ou menos así:

“–O que escollo! Quedar tal como me fixestes ser, e non engadir voluntariamente ningunha outra cadea a aquela coa que me cargan a natureza e as leis. Canto máis examino a obra dos homes nas súas institucións máis vexo que a poder de quererem ser independentes fanse escravos, e que gastan a súa mesma liberdade en inútiles esforzos para reafirmala. Para non cederen ao torrente das cousas fábrícanse mil vencellos e despois, tan axiña como queren dar un paso, non poden e asómbranse de dependeren de todo. Paréceme que para un volverse libre non ten nada que facer; abonda con non querer deixar de selo. Sodes vós, meu mestre, quen me fixestes libre ao me aprenderdes a ceder ante a necesidade. Que veña cando lle pete, eu déixome levar sen coacción e, como non quero combatela, non me aferro a nada para impedilo. Procurei nas nosas viaxes se atopaba algún recuncho de terra onde eu puidese ser absolutamente meu, mais: en que lugar entre os homes non depende un xa das súas paixóns? Ben examinado todo, atopei que o meu propio desexo era contraditorio porque, aínda que non debese aferrarme a outra cousa, habíame eu aferrar cando menos, á terra na que me establecese: a miña vida estaría vencellada a esa terra como a das dríadas estaba ás súas arbores. Atopei que, ao seren poder e liberdade dúas palabras incompatibles, eu non podía ser dono dunha cabana mais que deixando de selo de min.

*Hoc erat in votis modus agri non ita magnus*²¹¹.

“Lembro que a causa das nosas procuras foron os meus bens. Vós demostrabades moi solidamente que eu non podía

²¹¹ “Era isto o que estaba nos meus desexos: un anaco de terreo non moi grande” (Horacio, *Sátiras*, II, 6) (N. do T.).

conservar a un tempo a miña riqueza e a miña liberdade, mais cando queriades que eu fose a un tempo libre e sen necesidades queriades dúas cousas incompatibles, porque non podería librarme da dependencia dos homes senón entrando baixo a da natureza. Que había eu facer, logo, coa fortuna que meus pais me deixaran? Comezarei por non depender dela; soltarei todas as ataduras que me ligan a iso; se ma deixan, ha seguir sendo miña; se ma quitan, non me han arrastrar con ela. Non me hei atormentar por conservala senón que hei permanecer firme no meu lugar. Rico ou pobre, hei ser libre. Non o hei ser só en tal país ou en tal bisbarra, heino ser en toda a Terra. Para min todas as cadeas da opinión están rotas, non coñezo máis que as da necesidade. Aprendín a levalas dende o nacemento e heinas levar ata a morte, porque son home. E por que non había saber levalas sendo libre, pois que sendo escravo cumpriría tamén levalas, e ademais as da escravitude?

“Que me importa a miña condición na Terra? Que me importa onde eu estea? En todas partes nas que hai homes estou entre os meus irmáns e en todas partes onde non os hai estou na miña casa. En tanto poida permanecer independente e rico teño bens para vivir e hei vivir. Cando os meus bens me aferrollen heinos abandonar sen mágoa; teño brazos para traballar e hei vivir. Cando me falten os brazos hei vivir se me alimentan e hei morrer se me abandonan. Hei morrer igualmente aínda que non me abandonen, porque a morte non é unha mágoa do pobre senón unha lei da natureza. En calquera momento no que a morte chegue desafíoa: non me ha sorprenden nunca facendo preparativos para vivir e nunca me ha impedir ter vivido.

“Velaí, meu pai, o que escollo. Se eu non tivese paixóns había ser no meu estado de home independente como o mesmo Deus, pois que ao non querer máis que o que existe nunca había loitar contra o espírito. Cando menos só teño unha cadea: é a única que hei levar sempre e pódome gloriar diso. Vide, logo, dádeme a Sofía e son libre”.

“–Querido Emilio, estou ben contento de sentir saír da túa boca palabras de home e de ver sentimentos del no teu corazón. Ese desinterese desmedido non me desgusta na túa idade. Ha diminuír cando teñas fillos, e has ser daquela precisamente o que debe ser un bo pai de familia e un home asisado. Antes das túas viaxes eu xa sabía cal sería o seu efecto; sabía que ao mirares de perto as nosas institucións ti habías estar ben lonxe de tomar por elas a confianza que non merecen. En van aspiramos á liberdade baixo a salvagarda das leis. As leis! Onde as hai? E onde son respectadas? En todas partes viches reinar unicamente baixo ese nome o interese particular e as paixóns dos homes. Mais as leis eternas da natureza e da orde existen. Fanlle ao sabio función de lei positiva, están escritas no fondo do seu corazón pola conciencia e a razón, é a elas ás que se debe suxeitar para ser libre e non existe máis escravo que o que fai o mal, porque sempre o fai malia súa. A liberdade non está en ningunha forma de goberno, está no corazón do home libre, lévaa con el por todas partes. O home ruín leva por todas partes a servidume. Un había ser escravo en Xenebra e o outro libre en París.

“Se che falase dos deberes do cidadán, ti habíasme preguntar se cadra onde está a patria, e crerías terme confundido. Con todo, querido Emilio, habíaste enganar porque aquel que non ten unha patria cando menos ten un país. Sempre hai un goberno e simulacros de leis baixo as que el viviu tranquilo. Que importa que o contrato social non teña sido observado se o interese particular o protexen como tería feito a vontade xeral, se a violencia pública o defenden das violencias particulares, se o mal que mirou facer lle fixo amar o que estaba ben e se as nosas propias institucións lle fixeron coñecer e odiar as súa propias iniquidades. Oh, Emilio! Onde está o home de ben que non lle debe nada ao seu país? Calquera que sexa, débelle o máis precioso que existe para o home: a moralidade das súas accións e o amor da virtude. Nacido no fondo dunha fraga tería

vivido máis feliz e máis libre, mais ao non ter nada que combater para seguir as súas inclinacións tería sido bo sen mérito, non tería sido virtuoso, e agora sabe selo malia as súas paixóns. A soa aparencia da orde lévao a coñecela e a amala. O ben público, que só serve de pretexto para os outros, é para el só o motivo real. Aprende a se combater, a se vencer, a sacrificar o seu interese ante o interese común. Non é certo que non tire proveito ningún das leis: elas fornécenlle a valentía para ser xusto mesmo entre os malvados. Non é certo que aquelas non o volveron libre: aprendéronlle a reinar sobre si mesmo.

“Non digas, logo: “Que me importa onde estea eu?”. Impór-tache estar onde poidas cumprir todos os teus deberes, e un deses deberes é o vencellamento co lugar do teu nacemento. Os teus compatriotas protexéronte sendo neno, debes amalos ao seres home. Debes vivir no medio deles ou cando menos nun lugar dende o que poidas serlles tan útil como poidas selo, e no que saiban buscarte se algunha vez precisan de ti. Existen circunstancias nas que un home pode ser máis útil para os seus concidadáns fóra da súa patria que se vivise no seo dela. Daquela, só debe escoitar o seu celo e soportar o seu exilio sen protesta; este mesmo exilio é un dos deberes. Mais ti, meu bondadoso Emilio, a quen nada impón estes dolorosos sacrificios, ti que non tes adoptado a triste función de lles dicir a verdade aos homes, vai vivir no medio deles, cultiva a súa amizade nun doce troco, sé o seu benfeitor e o seu modelo, o teu exemplo halles servir máis que os nosos libros todos, e o ben que che verán facer haos conmoover máis que todos os nosos fútiles discursos.

“Non te exhorto, por iso, a ir vivir ás grandes cidades. Polo contrario, un dos exemplos que os bos lles deben dar aos demais é o da vida patriarcal e campestre, a primeira vida do home, a máis sosegada, a máis natural e a máis doce para quen non ten o corazón corrompido. Feliz, meu amigo mozo, o país no que non cómpre ir buscar a paz a un deserto! Mais onde está ese país? Un home que fai o ben satisfai mal a súa inclinación no

medio das cidades nas que case non pode exercitar o seu celo senón con intrigantes ou con loubáns. A acollida que nelas lles fan aos lacazáns que veñen en procura de fortuna non fai máis que acabar de devastar o país que, polo contrario, precisaría de repoboación a conta das cidades. Todos os homes que se retiran da grande sociedade son útiles precisamente porque se retiran dela, xa que todos os seus vicios proceden de aquela ser demasiado numerosa. Aínda son útiles cando poden levar aos lugares desertos a vida, a cultura e o amor da súa primeira condición. Eu emociónome ao pensar canto beneficio poden espallar arredor deles Emilio e Sofía dende o seu sinxelo retiro, canto poden vivificar o agro e reanimar o celo apagado do infortunado campesiño. Coido ver o pobo multiplicarse, os campos fertilizarse, a terra tomar un novo adobío, a multitude e a abundancia transformar os traballos en festas, os berros de ledicia e as bendicións elevarse dende o medio dos xogos arredor da parella amable que os volveu animar. Trátase de quimera a idade de ouro e sempre ha sela para calquera que teña estragado o corazón e o gusto. Nin mesmo é certo que se teña morriña dela, pois que esa morriña sempre é inútil. Que sería necesario, daquela para facer que renacera? Unha única cousa, mais imposible: amala.

“Semella xa renacer ela arredor da morada de Sofía; non faredes máis que rematar xuntos o que os seus dignos pais comezaron. Pero, querido Emilio, que unha vida tan doce non che faga anoxar penosos deberes se algún día chos impoñen: lembra que os Romanos pasaban do arado ao Consulado. Se o Príncipe ou o Estado te chaman ao servizo da patria, abandona todo para ires cumprir no posto que che asignen a honrosa función de cidadán. Se esta función che resulta onerosa, existe un medio honrado e seguro de liberarte dela: cumpri-la con suficiente integridade como para que non cha confíen moito tempo. Polo demais, teme pouco a complicación de tal carga: entrementes que haxa homes deste século, non é a ti a quen virán buscar para servir ao Estado”.

Mágoa que non poida eu pintar o regreso de Emilio cabo de Sofía e o final dos seus amores! Ou, mellor dito: o comezo do amor conxugal que os une! Un amor baseado na estima que dura tanto como a vida, nas virtudes que non se borran coa beleza, nas afinidades de caracteres que volven amable o trato e prolongan na vellez o encanto da primeira unión. Mais todos eses detalles poderían agradar sen seren útiles e ata agora non me teño permitido outros detalles agradables que os que me pareceron de utilidade. Abandonaría eu esta regra ao final da miña tarefa? Non, tamén sinto perfectamente que a miña pluma está cansa. Demasiado feble para uns traballos de tanta envergadura, abandonaríase se estivese menos avanzado; para non deixalo imperfecto é o momento de rematar.

Por fin vexo nacer o máis encantador dos días de Emilio e o máis feliz dos meus. Vexo coroar os meus coidados e comezo a catar o seu froito. A digna parella únese cunha cadea indisoluble, as súas bocas pronuncian e os seus corazóns confirman uns sentimentos que non han ser vans: son esposos. Ao volveren do templo déixanse levar. Non saben onde están nin a onde van nin o que a xente fai arredor deles. Non oen en absoluto, non responden senón con palabras confusas e os seus ollos embazados non ven xa máis nada. Oh, delirio! Oh, febleza humana! O sentimento da felicidade esmaga ao home: non é forte dabondo para soportalo.

Existe moi pouca xente que saiba un día de casamento adoptar o ton axeitado cos recién casados. O amortuxado decoro duns e as frases lixeiras doutros parécenme igualmente fóra de lugar. Preferiría que deixaran a estes corazóns mozos repregárense sobre si mesmos e entregárense a unha axitación que non carece de encanto, antes que distraelos tan cruelmente destes para entristecelos cunha falsa urbanidade ou para molestalos con ruíns rexoubas que aínda que lles gustasen noutro momento importúnanos con toda seguridade nese día.

Vexo que os meus dous mozos, na doce languidez que os perturba, non escoitan ningún dos comentarios que lles dirixen.

Seica eu –que quero que se goce de todos os días da vida– había deixarlles perder un tan precioso? Non, quero que o caten, que o saboreen, que teña para eles os seus praceres. Arráncoos da multitude indiscreta que os abouta e, levándoos a pasear a un sitio arredado, fago que volvan sobre si mesmos falándolles deles. Non é só aos seus oídos que quero falar, é aos seus corazóns e non ignoro cal é o único tema do que eles poden ocuparse ese día.

“Meus fillos –dígolles colléndoos aos dous pola man– hai tres anos que vin nacer esta chama viva e pura que hoxe constitúe a vosa felicidade. Non fixo senón aumentar constantemente e vexo nos vosos ollos que está no seu derradeiro grao de vehemencia; xa unicamente pode ir enfeblecendo”. Lector: seica non vedes o enlevo, o arrebato e os xuramentos de Emilio, o aire desdeñoso con que Sofía ceiba a súa man da miña e as tenras promesas que os seus ollos se fan mutuamente de se adoraren ata o derradeiro alento? Déixolles que as fagan e despois continúa.

“Teño pensado a miúdo que se puidésemos prolongar a felicidade do amor no matrimonio teríamos o paraíso na Terra. Nunca tal se viu ata o momento. Mais, se a cousa non é totalmente imposible vós sodes ben dignos un e máis outro de dardes un exemplo que non recibistes de ninguén e que poucos esposos han saber imitar. Queredes, meus fillos, que vos diga o medio que imaxino para iso e que considero o único posible?”.

Eles míranse sorrindo e burlándose da miña simplicidade. Emilio dáme as grazas máis efusivas pola miña receita dicíndome que cre que Sofía ten unha mellor e que, canto a el, abóndalle con esa. Sofía dá a súa aprobación e parece tan confiada coma el. Con todo, a través do seu aire burleiro creo distinguir unha pouca curiosidade. Examino a Emilio: os seus ollos ardentes devoran os encantos da súa esposa, é a única cousa pola que ten curiosidade e ningún dos meus comentarios o atraen. Eu sorrío á miña vez dicindo para min: “Axiña hei saber facer que atendas”.

A diferenza case imperceptible destes movementos secretos marca unha moi característica entre os dous sexos e moi contraria aos prexuízos recibidos: é que en xeral os homes son menos constantes que as mulleres e se fartan antes ca elas do amor feliz. A muller presinte de lonxe a inconstancia do home e inquédase, é o que a volve tamén máis ciumenta. Cando el comeza a amornecer, para conservalo –forzada a lle devolver todos os coidados que el tomara noutro tempo para lle agradar a ela– chora e humíllase á súa vez, e raramente co mesmo éxito. O vencellamento e os coidados gañan os corazóns, mais poucas veces os recuperan. Volvo a miña receita contra o arrefriamento do amor no matrimonio.

“É sinxela e doada –continúo– é seguir sendo amantes estando casados”. “Efectivamente –di Emilio rindo do segredo– non nos vai ser penosa”.

“Se cadra máis penosa do que pensades para vós que estades a falar. Deixádemme, por favor, tempo para explicalo.

“Os lazos que un quere apertar de máis rompen. Velaí o que lle acontece ao do matrimonio cando un quere darlle máis forza da que debe ter. A fidelidade que lle impón aos dous esposos é o máis santo de todos os dereitos, mais o poder que lle dá a cada un dos dous sobre o outro é de máis. A coacción e o amor casan mal e o pracer non se pode mandar. Non vos poñades encarnada, Sofía, e non pensedes en fuxir. Deus non queira que eu pretenda ofender a vosa modestia, mais trátase do destino dos vosos días. Por un obxectivo tan grande, tolerade entre un esposo e un pai falas que non habiades soportar noutra parte.

“Non é tanto a posesión como o verse suxeito o que farta, e cara a unha moza mantida consérvase un afecto máis longo que cara a unha muller. Como é que se puido converter nun deber as máis tenras caricias, e nun dereito os máis doces testemuños do amor? É o desexo mutuo o que establece o dereito, a natureza non coñece outro. A lei pode restrinxir este dereito, mais non sería quen de ampliálo. É tan doce por si mesma a voluptuosi-

dade! Seica debe recibir da triste coerción a forza que non dará podido tirar dos seus propios atractivos? Non, meus fillos, no matrimonio os corazóns están unidos, mais os corpos non están aferrollados. Vós debédesvos fidelidade, non condescendencia. Cada un dos dous só pode ser do outro, pero ningún dos dous debe ser do outro máis que cando lle praxe.

“Se é certo, daquela, querido Emilio, que queriades ser o amante da vosa muller, que ela sexa sempre a vosa dona e a súa; sede amante feliz mais respectuoso; obtede todo do amor sen esixirdes nada do deber, e que os máis pequenos favores non sexan endexamais deberes para vós senón grazas. Ben sei que o pudor evita as confesións formais e pide ser vencido, mais seica con delicadeza e verdadeiro amor o amante se engana sobre a vontade secreta? Seica el ignora cando o corazón e os ollos conceden o que a boca finxe refugar? Que cada un dos dous, sempre dono da súa persoa e das súas caricias, teña o dereito de non llas dispensar ao outro máis que por propia vontade. Lembra de sempre que mesmo no matrimonio o pracer só é lexítimo cando o desexo é compartido. Non temades, meus fillos, que esta lei vos teña afastados; polo contrario, havos volver aos dous máis atentos a vos agradardes e ha previr a saciedade. Limitados unicamente un ao outro, a natureza e o amor hanvos achegar suficientemente”.

Con estas falas e outras semellantes, Emilio enfádase e clama. Sofía, avergoñada, mantén o seu abanico diante dos ollos e non di nada. Se cadra o máis descontento dos dous non é o que máis se queixa. Eu insisto implacablemente. Fago que Emilio se poña encarnado pola súa pouca delicadeza. Tocante a Sofía, garanto que pola súa parte acepta o tratado. Provócoa a falar; ben se entende que non se atreve a desmentirme. Emilio, inqueda, consulta os ollos da súa esposa moza: veos, a través do seu apuro, cheos dunha voluptuosa turbación que o tranquiliza contra o risco da confianza. Bótase aos seus pés, bica con enlevo a man que lle tende, e xura que, fóra da fidelidade prometida,

renuncia a calquera outro dereito sobre ela. “Sé, miña querida esposa –dille el– o árbitro dos meus praceres igual que o es dos meus días e do meu destino. Aínda que a túa crueldade debese custarme a vida, entrégoche os meus dereitos máis queridos. Non quero deberlle nada á túa condescendencia: quero obter todo do teu corazón.”

Ben, Emilio, acouga: Sofía é en por ela xenerosa de máis como para deixarte morrer vítima da túa xenerosidade.

Polo serán, a piques de abandonalos, dígolles co ton máis grave que me é posible: “Lembrede os dous que sodes libres e que agora non é cuestión dos deberes dos esposos. Crédeme: nada de falsas deferencias. Emilio: queres vir comigo? Sofía permíteo”. Emilio, furioso, ha querer pegarme. “E vós, Sofía: que dicides diso? Debo levalo?”. A mentireira, poñéndose encarnada, ha dicir que si. Encantadora e doce mentira que vale máis que a verdade!

No outro día... a imaxe da felicidade non agarima xa aos homes; a corrupción do vicio non empezoñou menos o seu gusto que os seus corazóns. Xa non saben sentir o que é conmovedor nin ver o que é merecente de amar. Vós, que para pintar a voluptuosidade só imaxinades sempre felices namorados que nadan no seo das ledicias: que imperfectos son aínda os vosos cadros! Só tedes a súa metade máis groseira: os máis doces atractivos da voluptuosidade non están neles. Quen de vós non ten visto nunca a dous esposos mozos unidos baixo felices auspicios saíren do leito nupcial e levaren a un tempo nas súas olladas lánguidas e castas a ebriedade dos doces praceres que acaban de catar, a amorosa seguridade da inocencia e a certeza entón tan engaioladora de percorreren xuntos o resto dos seus días? Velaí o obxecto máis encantador que poida ser ofrecido ao corazón do home, velaí o verdadeiro cadro da voluptuosidade! Vós tédelo visto cen veces sen o recoñecer; os vosos corazóns endurecidos xa non están feitos para amalo. Sofía, feliz e sosegada, pasa o día nos brazos da súa tenra nai; é un acougo que

se atopa ben doce despois de ter pasado a noite nos dun esposo.

Aos dous días xa percibo un pequeno cambio de escenario. Emilio quere parecer algo descontento, mais a través dese arremedo observo unha solicitude tan tenra e mesmo tanta submisión que non auguro nada moi prexudicial. Canto a Sofía, está máis leda que a véspera, vexo brillar nos seus ollos un aire de satisfacción. Está encantadora con Emilio; case lle fai festiñas e o único que provoca nel é maior alporizamento.

Estes cambios son pouco sensibles, mais non me escapan. Inquiétome por eles e pregúntolle a Emilio en privado. Infórmome de que, con gran mágoa del e malia toda a súa insistencia, a noite anterior tivo que durmir en cama separada. A dominadora correu a usar o seu dereito. Prodúcese unha aclaración: Emilio quéixase amargamente e Sofía está de chós, mais finalmente, ao velo disposto a se enfadar de certo, lánzalle unha ollada chea de dozura e amor, e apertándome a man pronuncia só esta palabra, mais cun ton que vai buscando a alma: *Ingrato!* Emilio é tan parvo que non entende nada diso. Eu enténdoo; afasto a Emilio e collo á súa vez en privado a Sofía.

“Vexo –dígolle– a razón deste capricho. Non se podería ter máis delicadeza nin empregala de máis mal xeito. Querida Sofía, tranquilizádevos; é un home o que vos dei, non temades tomalo por tal: vós tivestes as primicias da súa mocidade, non a prodigou a ninguén e conservaríaa moito tempo para vós.

“Cómpre querida rapaza, que vos explique as miñas miras na conversación que tivemos os tres antonte. Se cadra vós non vistes nela senón unha arte para administrar os vosos praceres a fin de facelos duradeiros. Oh, Sofía! Tivo outro obxectivo máis digno dos meus coidados. Ao se converter no voso esposo, Emilio converteuse no voso señor; sodes vós quen ten que obedecer, así o quixo a natureza. Con todo, cando a muller asemella a Sofía, é ben que o home sexa conducido por ela, é tamén unha lei da natureza, e é para vos dar tanta autoridade sobre o seu corazón como o seu sexo lle dá a el sobre a vosa persoa

polo que eu vos fixen o árbitro dos seus praceres. Havos custar penosas privacións, mais habedes reinar sobre el se sabedes reinar sobre vós, e o que xa aconteceu amósame que esta arte difícil non está por riba da vosa valentía. Habedes reinar moito tempo a través do amor se volvedes os vosos favores escasos e preciosos, se sabedes facelos valer. Queredes ver ao voso marido constantemente aos vosos pés? Mantédeo sempre a algunha distancia da vosa persoa. Mais na vosa severidade poñede modestia e non capricho; que vos vexa reservada e non fantasiosa; evitade que administrando o seu amor non o fagades dubidar do voso. Facédevos estimar polos vosos favores e respectar polas vosas negativas; que el honre a castidade da súa muller sen ter que se queixar da súa frialdade.

“É así, miña rapaza, como vos ha dar a súa confianza, como ha escoitar as vosas opinións, como vos ha consultar nos vosos asuntos e non ha decidir nada sen deliberalo convosco. É así como vós poderdes volvelo ao siso cando se aparte del, conducilo a través dunha doce persuasión, facervos merecente de amor para vos facer útil; empregar a coquetería en interese da virtude e do amor en proveito da razón.

“Non pensedes con todo isto que esa mesma arte poida serviros sempre. Por moita precaución que un poida adoptar, o gozo gasta os praceres, e o amor antes que os outros todos. Mais cando o amor ten durado moito tempo, un doce hábito enche o seu baleiro e a atracción da confianza sucede aos enlevos da paixón. Os fillos forman entre aqueles que lles deron o ser un lazo non menos doce e moitas veces máis forte que o propio amor. Cando vós deixedes de ser a amada de Emilio habedes ser a súa muller e a súa amiga; habedes ser a nai dos seus fillos. Nese momento, en lugar da vosa primitiva reserva establecedes entre vós a maior intimidade: acabáronse as camas separadas, acabáronse as negativas, acabáronse os caprichos. Convertédevos na súa metade ata o punto que non poida prescindir de vós e que tan axiña como se afaste se senta lonxe del

mesmo. Vós que tan ben fixestes reinar os encantos da vida doméstica na casa paterna, facédeos reinar así na vosa. Todo home que se atopa ben na súa casa ama á súa muller. Lembra de que se o voso esposo vive feliz na súa casa, habedes ser unha muller feliz.

“En canto ao presente, non sexades tan severa co voso amante: mereceu máis condescendencia e habíase ofender das vosas precaucións. Non gobernades tanto a súa saúde a conta da súa felicidade, e gozade da vosa. Non hai que agardar o anoxo nin repeler o desexo; non hai que refugar por refugar senón para facer valer o que se concede”.

Despois, xuntándoos, dígolle diante dela ao seu esposo mozo: “Cómpre soportar ben o xugo que un se impuxo. Facédevos merecedor de que volo volvan lixeiro. Sobre todo, sacrificádevos ante os favores e non imaxinedes volvervos máis digno de amor poñéndovos amuado”. Non é difícil facer a paz e cada un deles decátase doadamente das condicións. O tratado asíñase cun bico, despois do que lle digo ao meu alumno: “Querido Emilio, un home precisa toda a súa vida consello e guía. Fixen o mellor que puíden para desempeñar ata agora este deber cara a vós; aquí remata a miña longa tarefa e comeza a doutra persoa. Abdico hoxe a autoridade que vós me confiastes e velaí de agora en diante o voso aio”.

Pouco a pouco cálmase a primeira ardencia e déixalles catar en paz os encantos do seu novo estado. Felices amantes, dignos esposos! Para honrar as súas virtudes e para pintar a súa felicidade cumpría narrar a historia da súa vida. Cantas veces contemplando neles a miña obra me sento apreixado por un encanto que fai palpar o meu corazón! Cantas veces reúno as súas mans dentro das miñas bendicindo a providencia e ceibando ardentes suspiros! Que de bicos dou nesas mans que se apertan! Con cantas bágoas de ledicia senten eles que eu as rego! Eles conmóvense, á súa vez, ao compartiren os meus enlevos. Os seus respectables pais gozan unha vez máis da súa mocidade

na dos seus fillos; recomenzan, por dicilo así, a vivir neles, ou máis ben coñecen por primeira vez o premio da vida: maldín as súas antigas riquezas que lles impediron cando tiñan a mesma idade gozaren un destino tan encantador. Se existe felicidade na Terra, é no abeiro no que vivimos onde cómpre buscalo.

Ao cabo duns meses, Emilio entra unha mañá no meu cuarto e dime abrazándome: “Meu mestre, felicidade ao voso rapaz, que espera ter axiña o honor de ser pai. Cantos coidados se lle van impoñer ao noso celo e canta necesidade imos ter de vós! Non queira Deus que vos deixe aínda educar ao fillo, despois de terdes educado ao pai. Non queira Deus que un deber tan santo e tan doce sexa endexamais cumprido por alguén distinto a min, aínda que debese escoller para el tan ben como escolleron para min. Mais seguidе sendo o mestre dos mestres novos. Aconselládenos e gobernádenos, habemos ser dóciles: en tanto que eu viva hei ter necesidade de vós. Teño máis necesidade que nunca agora que comezo as miñas funcións de home. Vós cumpristes as vosas, guiádeme para vos imitar, e descansade: é o momento”.

la opia ei
cia. v De
ionitas inf

A marca tipográfica desta colección procede da viñeta utilizada por Gonzalo Rodríguez de la Pasera no deseño do *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos en Galicia, realizado en Monterrei en 1493.

CLÁSICOS DO
PENSAMENTO UNIVERSAL

TÍTULOS PUBLICADOS

Nicolás Maquiavelo. *O príncipe*

Tradución de Isabel González Fernández

Prólogo de Manuel M. de Artaza Montero

Claude Bernard. *Introducción ó estudio da medicina experimental*

Tradución de Xesús Otero Costas

Prólogo de Carlos Acuña Castroviejo

Aristóteles. *Política*

Tradución de Juan José Moralejo Álvarez

Prólogo de Pedro López-Barja de Quiroga

Charles Darwin. *A orixe das especies*

Tradución de Emilio Valadé del Río

Prólogo de Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Isaac Newton. *O sistema do mundo*

Tradución de José Manuel Díaz de Bustamante

Prólogo de Carlos Pajares Vales

Erasmus de Rotterdam. *Eloxio da loucura*

Tradución de Manuel Enrique Vázquez Buján

Prólogo de Ofelia Rey Castelao

John von Neumann. *O computador e o cerebro*

Tradución de Elisardo Antelo Suárez

Prólogo de Senén Barro Ameneiro

DE PRÓXIMA APARICIÓN

Max Weber. *A ética protestante e o «espírito» do capitalismo*

Tradución de Xosé Manuel García Álvarez

Prólogo de Ramón Máiz Suárez

Platón. *Teeteto*

Tradución de Teresa Amado Rodríguez

Prólogo de Carlos A. Baliñas

